Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

I COLOQUIO GALEGO DE FRASEOLOXÍA (1997)

Actas

I.S.B.N.: 84-45321-67-6

Coordinación

Xesús Ferro Ruibal

Traducción e edición

Mª Jesús Anido Silvosa
Xesús Ferro Ruibal
Mª do Carme Lamela Villaravid
Mª Clara Viqueira Liñares

XUNTA DE GALICIA
1998

Índice

Tódolos datos de paxinación corresponden ós números de páxina na edición de 1998 e que se indican no encabezamento da cada conferencia ou debate, non ós que poidan resultar nesta versión para a Rede.

Páx.

Prólogo: Celso Currás Fernández.....7

Acto de inauguración: X. Ferro, C. García e C. Currás.....9

Caracterización e clasificación das unidades fraseolóxicas

ALBERTO ZULUAGA OSPINA: *Sobre fraseoloxismos e fenómenos colindantes*.....15

GLORIA CORPAS PASTOR: *Expresións fraseolóxicas e colocacións: clasificación*.....31

Tratamento lexicográfico

FRANZ JOSEF HAUSMANN: *O diccionario de colocacións. Criterios de organización*.....63

PATRICK HANKS: *Problemas e solucións na preparación de diccionarios de idioms ingleses*.....83

Primeiro debate: G. Corpas, P. Hanks, F. J. Hausmann e A. Zuluaga.....101

ANTONIA Mª TRISTÁ PÉREZ: *Organización do material fraseolóxico nun diccionario xeral: problemas e alternativas*.....115

JUAN MARTÍNEZ MARÍN: *Cómo introduci-los valores pragmáticos das expresións fraseolóxicas no diccionario*.....127

MARIA CONCA I MARTÍNEZ: *Os estudios de fraseoloxía catalana: realidades e proxectos*.....139

Segundo debate: Mª Conca, J. Martínez e A. Mª Tristá.....169

JAVIER CALZACORTA: *Problemas e solucións adoptadas nos diccionarios éuscaros de fraseoloxía*.....183

Terceiro debate: J. Calzacorta e F. J. Hausmann.....193

FERNANDO VARELA: *Problemas e solucións adoptadas no* Diccionario Fraseológico del Español Moderno.....*201*

Traducción e fraseoloxía

DELFÍN CARBONELL BASSET: *Elaboración dun diccionario fraseolóxico bilingüe castelán-inglés*.....*219*

Cuarto debate: D. Carbonell e F. Varela.....*227*

ANTÓNIO NOGUEIRA SANTOS: *Problemas da elaboración dun diccionario bilingüe portugués-inglés*.....*241*

Fraseoloxía e fraseografía en Rusia

MARINA KÓTOVA: *As achegas rusas ós estudios fraseolóxicos*.....*247*

Diccionarios fraseolóxicos informatizados

LEONEL RUIZ MIYARES: *Informatización de diccionarios fraseolóxicos: o Diccionario Automatizado de Fraseología Cubana*.....*257*

A fraseoloxía galega e a fraseoloxía en Galicia

CARMEN MELLADO BLANCO*: A fraseoloxía galega e a fraseoloxía en Galicia: realizacións e proxectos en curso na Universidade de Santiago de Compostela*.....*265*

LUÍS GONZÁLEZ GARCÍA: *A investigación fraseolóxica na Universidade da Coruña*.....*271*

XOSÉ MARÍA GÓMEZ CLEMENTE*: Os estudios fraseolóxicos na Universidade de Vigo: realidades e proxectos*.....*277*

Mª ROSARIO SOTO ARIAS: *A fraseoloxía no ámbito non universitario*.....*283*

XESÚS FERRO RUIBAL*: Diccionario de Fraseoloxía Galega. Estado actual dos fondos e dos traballos*.....*289*

Quinto debate: M. Kótova, A. Nogueira e L. Ruiz.....*313*

Acto de clausura: X. Ferro, C. García e M. Regueiro.....*321*

Prólogo

Despois de case catro anos de existencia, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades acadou un dos obxectivos que perseguía desde a súa creación: a organización dun foro internacional no que se debatesen determinados aspectos da fraseoloxía.

Entregamos hoxe á comunidade científica as *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía* que tivo lugar en Santiago de Compostela entre os días 15 e 20 de setembro de 1997. As conferencias, relatorios e debates tiveron lugar no Instituto Rosalía de Castro e as sesións de traballo no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Foron seis días de intenso traballo nos que se afrontaron de forma práctica e didáctica algúns dos aspectos básicos da fraseoloxía das linguas alemana, catalana, española, éuscara, francesa, galega, inglesa, portuguesa e rusa, coa idea de axudar a senta-las bases dos estudios fraseolóxicos galegos.

O resumo inicial de cada intervención está en inglés e na lingua en que se impartiu a conferencia; porque, ademais das persoas que se expresaron en galego, debemos salientar que nas conferencias e debates expresouse en inglés P. Hanks, en francés F.J. Hausmann, en ruso M. Kótova, en catalán M. Conca, en portugués A. Nogueira, en español A. Zuluaga, G. Corpas, A. Mª Tristá, J. Calzacorta, F. Varela, D. Carbonell e C. Mellado. A todos eles agradecémoslles que nos autorizasen a traduci-las súas intervencións ó galego, decisión que apoia o proceso de normalización da lingua propia de Galicia no ámbito científico.

Como conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, quero manifesta-lo meu agradecemento a tódolos asistentes a este Coloquio, e tamén dunha forma moi especial, ó equipo organizador do evento. Traballos coma este veñen demostrar, cada día máis, que o Centro Ramón Piñeiro é xa un centro de investigación consolidado, punto de referencia para os estudiosos e investigadores de todo o mundo.

Celso Curras Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Acto de inauguración

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 9-14.
ISBN: 84-45321-67-6)

Presidente:	CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ	*Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria*
Participantes:	CONSTANTINO GARCÍA GONZÁLEZ	*Coordinador Científico do Centro Ramón Piñeiro*
	XESÚS FERRO RUIBAL	*Coordinador do Coloquio*

X. FERRO

Benvidos Profesores Nogueira Santos, Mellado Blanco, González García, Gómez Clemente, Soto Arias e F. Varela.

Bienvenidas Profesoras Corpas Pastor, Tristá Pérez. Bienvenidos Profesores Martínez Marín y Zuluaga Ospina.

Kaltzakorta irakaslea, ongi etorri.

Benvinguda Professora Conca i Martinez.

Herlzlich Willkommen, Herr Professor Hausmann.

Welcome Professor Hanks.

DoBro pozalovat' gospoza Kótova.

Benvidos tódolos participantes que aceptaron a nosa proposta de acudiren a Compostela para un intenso curso de fraseoloxía, que van impartir algúns dos mellores especialistas de Europa e de América.

En toda lingua conviven dúas tendencias opostas: a tendencia á economía e a tendencia ó luxo. Se a economía lingüística permite producir infinitas frases cun

número limitado de palabras, gracias á combinación libre de todas con todas, o luxo lingüístico fai que certas palabras prefiran combinarse só con algunhas outras (a palabra *chou* só combina coa contracción *ó;* en castelán *bruces,* só combina con *de).* Sen chegar a esa monogamia, hai palabras que nos veñen enganchadas noutras, coma as cereixas, de xeito que, se eu digo que alguén é *forte,* a lingua suxíreme elativizar esa fortaleza dicindo *forte coma un carballo* ou *forte coma un buxo.* Se un mariñeiro quere dicir que alguén é rico, a lingua suxírelle que diga que *vai na crista da onda,* mentres que a un labrego suxírelle que *vai na grade* ou que *ten millo no cabazo.* No refrán *Home pequeno fol de veneno* a lingua non me permite modificar *pequeno* por *baixo* nin introducir ningunha outra modificación. Fronte á sintaxe libre, que antes parecía se-la única sintaxe, descubrimos que existe a sintaxe fixa. Estamos aquí para falar da sintaxe fixa, da fala prefabricada, que se constrúe por módulos, dese repertorio de expresións acuñadas que converten a nosa expresión máis nun mosaico ca nun cadro. Curiosamente a fraseoloxía, tamén chamada sintaxe fixa, considérase parte da lexicoloxía, porque estes módulos prefabricados da fala funcionan como unidades léxicas.

¿Por que este Coloquio? Galicia viviu nestes últimos doce anos unha intensa actividade lexicográfica. Os diccionarios de *Xerais, Galaxia, Ir Indo, Santillana* e o de *Alonso Estravís* non só acumulan o traballo lexicográfico anterior (Sarmiento, Sobreira, Cuveiro, Valladares, Irmandades da Fala e, sobre todo, o inacabado da Academia e o de Rodríguez González), senón que tamén incorporan os tecnicismos que nos demanda a progresiva incorporación da lingua galega a tódalas actividades da vida moderna. Case todos eles intentan incorporar ademais os avances dunha incipiente crítica lexicográfica elaborada fundamentalmente en Compostela polo Instituto da Lingua Galega e en Salamanca polo profesor Pensado Tomé. O propio Instituto da Lingua Galega e mailo Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega teñen en marcha traballos lexicográficos propios, que van máis lentos e, en parte, aínda non viron a luz pública, porque ou son máis audaces na súa concepción, ou porque manexan un corpus máis extenso que leva anos constituílo ou porque queren introducir maior rigor na técnica lexicográfica.

Avanzouse moito nestes doce anos. E, de feito, a lingua galega está funcionando aceptablemente en áreas como o ensino e a investigación universitaria, a actividade comercial e empresarial, a xestión da saúde e dos hospitais, as emisións de radio e televisión, a liturxia, a administración civil e xudicial. Quere isto dicir que o traballo feito, mal que ben, vainos servindo para que a lingua se desenvolva en compromisos novos.

Sen embargo, hai unha área da lexicoloxía da que, en xeral, non estamos satisfeitos; e é, por certo, o tratamento das expresións fixas: **colocacións** como *auga morna, Rexistro Civil* ou *diametralmente oposto,* **locucións** como *ó chou* ou *roupa vella* e **enunciados fraseolóxicos** como *¡O meu can pillou unha mosca!* ou *¡Vai feita unha Berenguela!* déixannos insatisfeitos sobre a forma e o lugar en que aparecen no diccionario e mesmo, nalgún caso, sobre se deben figurar nun diccionario xeral. María Álvarez de la Granja analizou nunha tesiña recente esta faceta do *Diccionario Xerais da Lingua*.

Non é que noutras linguas multimillonarias en falantes estes problemas estean resoltos. En realidade, a fraseografía ten aínda resultados mediocres en moitas delas, porque a fraseoloxía é unha reflexión relativamente recente. En España pódese dicir que empeza con Julio Casares. A reflexión fraseolóxica deste lexicógrafo tivo eco inmediato no mundo eslavo e no xermánico, pero tardou en ter continuadores no mundo hispánico. Pero acabou téndoo en fraseólogos do calibre de Alberto Zuluaga, Antonia Mª Tristá e Gloria Corpas Pastor, quizais reunidos por primeira vez neste Coloquio.

No Centro Ramón Piñeiro asumímo-la tarefa de elaborar un *Diccionario de Fraseoloxía Galega*. A primeira parte do traballo, a constitución dun corpus fraseolóxico suficiente, como han saber no seu momento, vai adiantada. Pero para a organización dese material precísanse criterios para os que non atopamos unanimidade nin no mercado editorial nin na reflexión científica. Nese momento o Centro Ramón Piñeiro pensou que era ben que visitasen o Centro, para impartir unha lección teórico-práctica, algunhas das persoas que teñen recoñecida autoridade na materia, ben pola lucidez das súas reflexións, ben pola súa experiencia lexicográfica.

Posteriormente pensouse que, sendo un Centro de Investigación público, era mellor modifica-lo plan, de xeito que, concentrando tódalas visitas en catro días, puidese asistir calquera persoa interesada nesta disciplina, nova entre nós. Aínda que, deste xeito, os investigadores do Centro perdémo-la oportunidade dun contacto máis familiar, a extensión do proveito a máis galegos é unha boa compensación.

Agora xa saben por qué estamos aquí. Xa sei que os máis espertos están pensando, en vista do programa, que máis ca *Coloquio de Fraseoloxía*, debiamos chamarlle *Coloquio de Fraseografía*. Teñen razón. Imos reflexionar máis sobre diccionarios fraseolóxicos ca sobre a propia fraseoloxía. Para ser un *I Coloquio*, pode resultar un hísteron próteron, un poñe-lo carro diante dos bois, un poñer por diante da reflexión a acción. E seguen tendo razón. Pero as cousas nacen como nacen. En calquera caso non vai falta-la reflexión fraseolóxica de altura, xa que témo-la sorte de ter connosco algunhas das meirandes autoridades nesta área da lingüística, unha área tradicionalmente descoidada na Romania pero que nace con forza e que mesmo chega a interesar en medios como a radio e a televisión.

O equipo do Diccionario de Fraseoloxía Galega (María Xesús Anido, Carme Lamela, Clara Viqueira e mais eu) traballamos para que o Goberno galego nos permitise traer a Compostela algunhas das maiores autoridades na materia. O número de inscritos en tan breve tempo fainos pensar que en Galicia o interese pola fraseoloxía existe e que vai máis aló dos índices de audiencia de programas que sobre ela se fan na Radio Galega e na Televisión de Galicia. É unha materia nova, interesante dende moitos puntos de vista, entre outros, porque mide con precisión o grao de orixinalidade dunha lingua fronte ás lingua veciñas e o grao de liberdade ou dependencia dos falantes fronte ós que os precederon na creación e uso desa lingua. Poucos aspectos lingüísticos poden evidenciar tan directamente unha identidade nacional.

Dúas cousas de burocracia necesaria. Lembren que a cada conferencia seguirá unha pausa de dez minutos e que o diálogo terá lugar nunha sesión especial con varios conferenciantes xuntos. Sei ben que para os máis dos presentes o interese do Coloquio é beneficio suficiente. Pero aquelas persoas que desexen dispoñer ademais dun diploma de asistencia cómpre que non esquezan entregar en cada conferencia un talón que encontrarán na súa carpeta, ademais de asistiren ós debates: o control de asistencia, que xa anuncio, permitirá establecer cantas horas de traballo figurarán no Diploma final.

A todos, conferenciantes e participantes, moitas gracias pola súa presencia e pola súa colaboración.

C. GARCÍA

Excelentísimo Señor Conselleiro de Educación, Autoridades, Profesores e amigos todos.

En primeiro lugar quero agradece-la presencia dos Profesores e Profesoras convidados a traeren a Santiago a súa experiencia fraseolóxica e fraseográfica. Proceden de nove Estados e de dous continentes. Por iso teño que agradecer tamén o indispensable patrocinio do Goberno galego e o traballo do Xesús Ferro Ruibal, coordinador deste Coloquio, e de todo o seu equipo de colaboradores, porque quen leva anos metido na organización de Congresos sabe o enorme traballo colectivo que hai detrás do feito de que esta mañá esteamos todos aquí.

Os profesores convidados veñen xa de coñecer por dentro o Centro Ramón Piñeiro e de teren noticia das liñas de traballo que nel temos en marcha.

Lembro unha conferencia de Julio Casares, vai para 47 anos, nun curso de verán da Universidade Menéndez Pelayo, en Santander, falando dos problemas da lexicografía. Falaba el da dificultade que entraña definir palabras, de como é case imposible facer definicións que sexan admitidas por tódalas persoas. E alí mesmo tivémo-la proba. El estaba en contra das definicións feitas para técnicos universitarios, que só eles entenden, e era partidario de, por exemplo, defini-la palabra *perro* como "Mamífero carnicero doméstico del cual hay muchas razas que difieren notablemente en tamaño, forma, pelaje, etc. pero siempre con la cola de menor longitud que las patas posteriores, una de las cuales levanta para orinar". Aquilo foi algo tremendo. Os sabios que estaban alí escacharon coa risa (alí estaba Rafael Lapesa, Rafael de Balbín) e entón Julio Casares dixo: "Bien, rianse pero ¿encuentra alguno de ustedes una definición mejor?". Porque o caso é que o detalle de ergue-la pata permite que todo o mundo identifique inmediatamente de quen se está a falar.

A propia definición da Real Academia Española foi cambiando; e cambiou nun senso que a Casares non lle agradaría. Púxose algo así como "Mamífero doméstico de la familia de los cánidos, de tamaño, forma y pelaje muy diverso según las razas, pero siempre con la cola de menor longitud que las patas posteriores; tiene olfato muy fino y es inteligente". E a que temos actualmente: "Mamífero doméstico de la familia de los cánidos, de tamaño, forma y pelaje muy diverso según las razas, tiene olfato muy

fino y es inteligente y muy leal al hombre". Ben, esta é a definición oficial actual, tampouco está mal, pero ¿canto tempo vai durar?

E, se difíciles son as definicións ¿que imos dicir da cuestión dos sinónimos e antónimos? Eu son dos que din que non hai sinónimos totais e vese moi ben cando falamos unha lingua estranxeira, que utilizamos unha palabra que coidamos que é sinónima doutra e resulta que no contexto en que o utilizamos non é tal sinónimo.

Levo toda a miña vida dedicado a lexicografía con Lapesa, con Harri Meier e cos meus colaboradores no Instituto da Lingua Galega, na Real Academia Galega e agora tamén no Centro Ramón Piñeiro. No primeiro diccionario infantil galego, o *Diccionario básico da lingua galega*, que fixemos no ILG en 1980, quixemos, pensando nos nenos, poñer en práctica aquela idea de Casares de definir de maneira intelixible para o falante común e definimos de forma algo inxenua, *muller* como "femia do home" e *home* como "Animal que pensa e fala". Nos sucesivos diccionarios quixemos compatibiliza-lo rigor lexicográfico, na medida do posible, con definicións que se puidesen entender sen excesivos coñecementos técnicos.

Ben, pois, se tales son os problemas de traballar con palabras ¿cales serán os problemas de tratar con unidades fraseolóxicas? Aí a riqueza é enorme pero tamén enormes son os problemas. ¿Que cantidade de contextos se precisan para facer unha boa definición dun fraseoloxismo? ¿Que grao de sinonimia hai entre fraseoloxismos que a primeira vista significan o mesmo? En qué medida expresións que significan "amencer" como *Abri-lo día / Apunta-lo día / Clarea-lo día / Columbra-lo día / Despunta-lo día / Escreba-lo día / Levanta-lo día / Lumbriga-lo día / Nace-lo día / Principia-lo día / Racha-lo día / Raia-lo día / Risca-lo día / Rompe-lo día / Saí-lo día / Ser día / Vi-lo día* son sinónimas entre elas en calquera situación e contexto ou son sinónimas destoutras *Apunta-lo sol / Despunta-lo sol / Risca-lo sol / Nace-lo sol / Raia-lo sol / Saí-lo sol / Saír Lourenzo* ou de *Amañecer Deus / Columbra-la mañá* e *Ri-la alba.*

Non é doado o traballo con unidades fraseolóxicas e a esa dificultade aínda lle temos que engadi-los fenómenos da neoloxía, que tantas veces nos deixa desconcertados, e os da obsolescencia, froito da realidade diacrónica da lingua.

En fin, que temos materia para un Coloquio que se presenta moi interesante, porque o tema dá de si, porque a fraseoloxía é unha materia que, como tal disciplina, en Galicia aínda empeza e porque témo-la sorte de ter connosco algúns dos mellores especialistas do mundo, ós que lles reitero a miña gratitude.

Traballade con cariño neste ámbito tan interesante. Moitas gracias.

C. CURRÁS

Señor Director Xeral de Política Lingüística, Señor Coordinador Científico do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, profesor Ferro Ruibal, profesoras e profesores, señoras e señores.

O Goberno de Galicia ten como unha das súas obrigas legais a promoción e fomento da lingua galega, factor diferencial que, en gran parte, xustifica a existencia da autonomía política que Galicia acadou. Por iso, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que teño nestes momentos a honra de dirixir, creou o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro e encomendoulle complementar con traballos novos o estudio da lingua e da literatura galega que outros Centros e Universidades xa viñan facendo con brío e rigor, así como o desenvolvemento e a difusión de proxectos e programas galegos de estudios históricos e antropolóxicos.

E, por esa mesma razón, o Centro Ramón Piñeiro admitiu como un dos seus proxectos de investigación a recollida e organización sistemática do inmenso caudal fraseolóxico galego. Estamos convencidos de que axudamos a estudiar non só un dos aspectos da lingua galega máis desasistidos ata tempos recentes, senón tamén un dos aspectos centrais da nosa identidade lingüística.

Unha das peculiaridades deste Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias é que, coordinado polo profesor don Constantino García e por outros profesores das nosas universidades galegas, conta no seu Consello Científico con profesores de ensino primario e secundario, ós que lles permite levar a cabo investigacións propias e mesmo dirixir equipos de investigación, se xa teñen demostrado dedicación e rigor na súa investigación. Este é o caso do proxecto do *Diccionario de Fraseoloxía Galega*, que conta, polo seu interese, cunha axuda da Dirección Xeral XXII da Comisión Europea.

A organización de todo ese material fraseolóxico require medios e coñecementos importantes que son achegados con ilusión polo Centro Ramón Piñeiro no cal se pretende abrir unha xeira nova de estudios en Galicia con este *I Coloquio Galego de Fraseoloxía.* Aspiramos, polo tanto, a servir, dende a Consellería, de estímulo para o incremento destes estudios en Galicia.

En nome do Señor Presidente da Xunta de Galicia e no meu propio, quérolles agradecer a todos o esforzo de se achegaren a Santiago de Compostela, nalgúns casos dende ben lonxe, e pídolles que deixen aquí o esencial dos seus saberes para que os estudios fraseolóxicos galegos camiñen con paso firme.

Queda inaugurado o *I Coloquio Galego de Fraseoloxía*.

Sobre fraseoloxismos e fenómenos colindantes

ALBERTO ZULUAGA OSPINA
Universität Tübingen

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 15-30.
ISBN: 84-45321-67-6)

This paper gives an account of the following points: a) Some introductory remarks on the relation between a phraseological inventory and the historical and cultural identity of the linguistic community. b) An explanation of certain confusion between phraseological units and other facts (such as the so-called 'name designations', 'phraseological units of an author', stereotypes, etc.). c) An analysis of phraseological units and collocations, specially of complex verbal predicates. d) Relevant conclusions for the elaboration of dictionaries of standard language and phraseology.

En esta conferencia se abordan los siguientes puntos: a) Unas observaciones introductorias sobre las relaciones entre repertorio fraseológico e identidad histórico-cultural de la comunidad lingüística. b) Una puntualización de ciertas confusiones entre fraseologismos y otros hechos (como las llamadas "designaciones onímicas", "fraseologismos de autor", estereotipos, etc.). c) Un análisis de fraseologismos y colocaciones, especialmente de los predicados verbales complejos. d) Algunas conclusiones pertinentes para la elaboración de diccionarios de la norma lingüística y de fraseología.

0. Quixera comeza-la miña contribución rememorando, a modo de advertencia preliminar, dous dos principios que veñen inspirando o meu traballo en lingüística dende fins dos anos sesenta.

O primeiro refírese a unha concepción da función social da lingüística. Permítanme reler unha frase do prólogo do meu libro de 1980: "Como mi interés básico ha sido el de comprender y presentar comprensiblemente un aspecto del idioma y un método de trabajo, no el de hacer la ciencia por la ciencia, he eludido en la medida de lo posible las innovaciones terminológicas y las formalizaciones. Por otra parte, no creo que el rigor científico de un análisis dependa de la abstracción y simulación matemáticas logradas en su

presentación". Este principio referente ás relacións entre o lingüista e a sociedade, menciónase aquí non só para despexar posibles expectativas respecto á miña colaboración, senón tamén porque, sen lugar a dúbidas, é pertinente para un labor como o que vén desempeñando a Xunta de Galicia. Segundo nos dicía o ano pasado en Madrid Xesús Ferro Ruibal, Vdes. están nun "proceso de recuperación do propio". Ese rescate de algo propio da comunidade require que a presentación dos resultados da investigación sexa comprensible para todos aqueles a quen conciconcirnerne, é dicir, non só para os colegas da mesma disciplina senón tamén para tódolos membros da comunidade lingüística respectiva. Esa é a nosa responsabilidade. "La ciencia auténtica no se propone deslumbrar a lo lejos", dicía hai pouco nunha declaración dos seus principios, E. Coseriu (1993), e "la lingüística seria se puede hacer también en forma no incomprensible para los no iniciados".

O outro principio refírese á teoría e ó traballo empírico, formulouno L. Hjelmslev en 1958 nunha intervención súa no VIII Congreso de Lingüística en Oslo: trátase do principio das distincións conceptuais claras e rigorosas e da separación (posible ou imposible) dos feitos na realidade obxectiva, pois non tódolos fenómenos que poden distinguirse dende o punto de vista conceptual, poden separarse na realidade. Este principio é particularmente importante na nosa disciplina, tanto polos feitos que se presentan sempre inseparables, solidarios, como polos límites, ás veces imprecisos, esfumados, entre diferentes clases de fenómenos —como funcionamento e cambio lingüístico, variacións e variantes, colocacións e fraseoloxismos. Nun artigo sobre funcións léxicas, Igor A. Mel'c$\hat{\mathfrak{s}}$uk (1982, 430) declara "there is no sharp bordering between standard and non-standard LF's that is, there are no formal criteria to tell them apart, this fact reflects the graduality so typical of natural languages. The concept of standard LF is fuzzi, as are most linguistic concepts". A isto debe replicarse que os conceptos en lingüística non necesitan ser imprecisos, esfumados, senón, todo o contrario, claros e precisos; os que si poden ser imprecisos e difíciles de establecer son os límites entre certos grupos de feitos reais. Nós podemos ter conceptos ben delimitados dos fenómenos día, noite, crepúsculo, alborada, aínda que na realidade non poidamos separa-los tallantemente, pois o paso dun ó outro é gradual.

Sobre a natureza gradual da fixación e da idiomaticidade xa se falou (v. Zuluaga 1980 e 1992), polo tanto limítome aquí a observar que tamén a plasticidade (Bildhaftigkeit, Coulmas 1981, 56) característica de numerosos fraseoloxismos, da que dependen certas funcións semántico-estilísticas e cognitivas (v. Zuluaga 1997 e 1997a), presenta carácter gradual. A imaxe de, por exemplo, *un lobo vestido de oveja* é máis inmediata, clara e precisa cás de *mamar gallo, dar en el busilis* e *permanecer en sus trece*.

1. Agora ben, pola pretensión de coherencia e rigor conceptual na análise e dada a proliferación recente de diferenciacións, terminoloxías e aínda confusións, paso agora a puntualizar certos aspectos da análise fraseolóxica, correndo o risco de repetir algúns aspectos xa tratados en traballos anteriores.

1.1. Viñéronse separando a paremioloxía (estudios de proverbios ou refráns) e a fraseoloxía (estudio de locucións ou fraseoloxismos, funcionalmente inferiores á oración). Iso está ben, pero é conveniente observar que, dende o punto de vista lingüístico, teñen trazos constitutivos e funcionais comúns que xustifican o traspaso de fronteiras e aínda o tratamento conxunto. Por isto, chamei enunciados fraseolóxicos tanto ós refráns coma ás sentencias,

frases célebres, ditos, fórmulas, wellerismos e dialoxismos que presentan, certamente, forma de minitextos. A fraseoloxía, como disciplina lingüística, ocúpase tanto das locucións, ou fraseoloxismos propiamente ditos, coma dos enunciados fraseolóxicos. Unha unidade fraseolóxica (=UF) pode ser ou un enunciado (por ex., *cada oveja con su pareja, el que ríe último ríe mejor)* ou unha locución (*pescar en río revuelto, cabeza de turco)*. Os trazos esenciais, definitorios, das UFs son a fixación e a institucionalización.

1.2. A institucionalización (Fernando, Ch. / Flabell, R. 1981) é a adopción da construcción pola comunidade lingüística. Institucionalización significa, pois, difusión xeneralizada, uso común e corrente. Ó respecto di Ferro Ruibal (1997, 208) "Un refrán non é un refrán por figurar nun libro de refráns, senón especialmente por circular de forma oral entre os falantes, por ser consabido, é dicir, por ser sabido por todos". O repertorio fraseolóxico forma parte, pois, da norma lingüística social, do uso xeneralizado.

Da anterior constatación inferimos: primeiro, que non existen propiamente "fraseoloxismos ocasionais" (como pretende, entre outros, W. Fleischer 1982, 70). Segundo os exemplos dados por este autor, trátase, máis ben, de alteracións ocasionais de UFs ó empregalas no discurso. As alteracións poden converterse en verdadeiras UFs soamente se se fixan e xeneralizan, é dicir, se se institucionalizan, e, neste caso, se se converten en variantes da UF orixinal ou constitúen un cambio desta. E, segundo, tampouco deben considerarse verdadeiras UFs os chamados 'refráns' construídos por un autor, mentres non se institucionalicen na comunidade (v. ó respecto A. Zuluaga 1997a, 632).

1.3. Sobre a fixación fraseolóxica só vou recordar aquí o indispensable para controverter algunhas opinións que tratan de poñela en cuestión, e para establece-la distinción entre UFs e outras unidades que imos considerar máis adiante.

Con certa frecuencia estívose cuestionando a fixación das UFs, aínda por estudiosos lúcidos, merecentes de que os teñamos en conta. Mencionemos tres casos relativamente recentes: Rafael Lapesa (1981, 227) di que "las locuciones viven en variantes. No son <frases hechas> pues viven rehaciéndose en continua transformación". Wolfgang Mieder (1994), "las últimas investigaciones muestran de un modo cada vez más evidente que los proverbios varían con relativa frecuencia, por numerosas razones. No siempre citamos el proverbio en forma completa ya que, muchas veces, una simple alusión a él, es suficiente para comunicar su mensaje con eficacia... el hecho fundamental aquí es que lo dicho acerca de la forma fija de los proverbios no es ya una afirmación tan sacrosanta como pudo haberlo sido alguna vez..., los proverbios no se encuentran absolutamente fijados o cristalizados, sino que, en realidad, cambian y se transforman de acuerdo con las diferentes situaciones y propósitos con que se los enuncia". E Jean-Claude Anscombre (1997, 52): "(las paremias) no son expresiones fijas sino expresiones encodadas (sic): hay reglas de formación de las paremias... no hay fijación, sino uso de un código de tal manera que quede identificable la función. De lo cual se puede deducir que siempre serán posibles las transformaciones que no alteren en la estructura paremiológica la parte encodada".

As afirmacións anteriores, e moitas outras da mesma índole, parecen razoables e evidentes, e apóianse en feitos innegables, acordes, polo demais, con trazos universais da linguaxe humana: a historicidade, o cambio e a creatividade. Ó meu modo de ver, sen embargo, hai que situalas nunha perspectiva adecuada, precisalas e aínda contradicilas para evitar

confusións. Como xa tratei o tema en repetidas ocasións (Zuluaga 1975, 1980 e 1992), limítome aquí ás seguintes observacións, presentadas en forma de tese:

A fixación é un dos trazos esenciais, definitorios, constitutivos, das UFs. É dicir, aínda que poden variarse, alterarse, recortarse e cambiar, non existen, como tales, sen fixación.

Esta refírese, ante todo, ó seu status de construccións plurimembres (case sempre plurilexemáticas), xa feitas e fixadas, previas ó discurso que as emprega e que, certamente, pode alteralas. É dicir, para o falante nativo, as UFs apréndense e úsanse, cada unha, como un todo, sen desintegralas. El reprodúceas na súa forma dada, sen analizalas, pois para el funcionan, cada unha, en bloque; precisamente, como unidades. Niso consiste a fixación fraseolóxica.

As alteracións, recortes, etc. das UFs non constitúen unha proba real contra a fixación, senón que, todo o contrario, confírmana, e amosan a súa existencia, gracias ós efectos especiais que producen. A algúns destes efectos especiais chameinos "desautomatización" e a outros "cita interrumpida" (v. A. Zuluaga 1975 e 1980). Baste mencionar aquí un deles: a UF alterada "bloquea" a súa alteración, adhíreselle, asóciase a ela. Ante o texto "si se hubiera casado con ella hubiera sido un hombre sin guerra y sin gloria, un artesano sin nombre, un animal feliz" (García Márquez 1967: *Cien años de soledad*, Bs. As., Losada, 198), o hispanofalante nativo pensa, automaticamente, tamén na expresión *sin pena y sin gloria*. Iso débese á fixación desta última, e compróbaa. No xornal *Semana* do 11 de agosto de 1997, p. 32, encontramos como título dun artigo a seguinte expresión "*Hijo de tigre...*" Ben, pois o lector nativo agrega mentalmente, *ipso facto*, "*sale pintado*", que non se encontra en ningunha parte nas 162 páxinas dese número da revista. Este efecto débese á fixación e non se presenta en combinacións libres. *Hijo de tigre sale pintado* é a forma fixa, como debe rexistrarse nos diccionarios.

As UFs funcionan, logo, no falar (e escribir) como construccións fixas, incluso no nivel inconsciente dos mecanismos psicolingüísticos. As relacións entre reproducción, automatismos lingüísticos e fraseoloxismos foron indicadas por A. Buhofer (en Burger et al. 1982). Esta investigadora suxire que as UFs son automatismos lingüísticos. Aquí interésanos sinalar que nos seus informes sobre tratamentos de afasias encontramos probas, distintas das que xa coñeciamos, da fixación fraseolóxica: en certos pacientes afásicos, as UFs consérvanse moi ben. Un falante que, por algunha lesión no cerebro, perdera a capacidade de construír e entender combinacións libres, como

(1). *Eso no nos concierne a nosotros.*
(2). *El sol brotó en el trigal.*

poderá, mesmo así, entender e empregar unha expresión como

(3). *Es harina de otro costal* ('é diferente', 'é alleo ó asunto de que estamos tratando').

É dicir, un afásico que perdera só a capacidade de combinación ou análise sintagmática e/ou a capacidade de comprensión da linguaxe figurada, (1) e/ou (2), pode entender e empregar UFs, como (3). Ó meu entender, iso explícase gracias á fixación destas como unidades do seu acervo lingüístico anterior ó trauma, e non requiren, para empregarse, ser construídas de novo.

No tratamento doutro tipo de afasias tamén se empregaron con éxito tests fraseolóxicos: para restablecer, normalizar, relacións perturbadas con determinados vocábulos, preséntanselle ó paciente UFs que conteñan tales vocábulos, omitíndoos. Por exemplo, a un paciente a quen lle esqueceron palabras como *ventana, piedra, pájaro* axúdaselle efectivamente a reencontralas presentándolle fraseoloxismos recortados, como

(4) *Tirar la casa por la.....*
(5) *Un convidado de .....*
(6) *Poner la primera .....*
(7) *Tener la cabeza llena de.....*
(8) *Matar dos ..... de un solo tiro*
(9) *Más vale ..... en mano que ciento volando*.

O paciente complétaas automaticamente. Iso débese, indubidablemente, á fixación dos compoñentes das UFs, por unha parte, e á automatización delas, pola outra. Segundo A. Buhofer, ditos tests fraseolóxicos deron mellores resultados ca outros baseados en asociacións fonéticas e semánticas.

Nos exemplos anteriores podemos observar que, certamente, a fixación manifféstase como un alto grao de predición ou probabilidade de ocorrencia: un elemento dado, ou unha parte dada, dunha UF predí a presencia dos demais elementos fixados da mesma unidade. Pero a probabilidade de ocorrencia, aínda que sexa de 100%, non é un criterio seguro para defini-la fixación fraseolóxica nin o grao de fixación dunha construcción. O lexema *ladrar, ladrido* (v. *y se oían los ladridos de los.....a la luna)* predí, con absoluta probabilidade, o lexema *perro.*

2. Pero neste último caso trátase dunha combinación regular, motivada (non fraseolóxica), na que a predicciónpredicibilidade ten unha explicación semántica: a definición de *ladrar* require o lexema *perro, ladrar* dise de *perro*, así como *rebuznar* dise de *burro, guiñar* dise de *ojos*. Ás combinacións regulares libres con elementos únicos chamounas Coseriu (1967) implicacións léxicas, constitúen unha clase das solidariedades léxicas, que Porzig (1934) chamou relacións semánticas esenciais ("wesenhafte Bedeutungsbeziehungen"). Como combinacións libres as implicacións léxicas deben ser descartadas da fraseoloxía, aínda que algúns autores non o fan.

A fixación fraseolóxica é arbitraria no senso de que non ten, no fondo, máis explicación cá reproducción ou uso repetido na forma dada. Nin o significado nin a designación poden explicala. Se se presenta unha motivación ou explicación funcional dunha construcción composta, estamos, coma no caso das implicacións léxicas, diante doutra clase de expresións, diferentes das UFs.

3. Así, por exemplo, as chamadas unidades onímicas (v. Irsula Peña 1992, 23), como nomes compostos xeográficos —*Sierra Maestra, Medio Oriente*—, históricos —*Crisis de Octubre, La revolución de octubre*—, de institucións —*Cruz Roja Internacional, Fondo Monetario*—, apelativos de personaxes —*La Dama de Hierro, El Guerrillero Heroico*—, etc. non deberan considerarse fraseoloxismos. B. Wotjak (1992) considera entre os seus fraseoloxismos títulos de libros (e comezos de cancións), inspírase, seguramente, en Avaliani —citado por Haüsermann (1977, 105) e por Fleischer (1982, 71-72)—, quen fala de fraseoloxismos dun

autor, ilustrando este concepto con títulos de obras literarias, os cales só se entenden dentro destas mesmas. Iso é erróneo, desde o punto de vista teórico; ademais, fai practicamente imposible o traballo empírico, coherente e exhaustivo. As expresións *Crónica de una muerte anunciada* e *La Casa Blanca* son, certamente, fixas, pero a súa fixación non é fraseolóxica pois ten unha explicación funcional, a de seren nomes propios, que designan e identifican, obxectos historicamente individualizados.

4. Pola mesma razón (a arbitrariedade ou a falta de explicación mediante regras semántico-sintácticas da fixación fraseolóxica), non deben incluírse entre as UFs as designacións compostas regulares (Casares 1950 chamounas locucións denominativas complexas), do tipo *perro de presa, caballo de tiro, caballo de silla, salón de belleza, exención por reinversión, tipo de interés, impuesto sobre la renta*. Trátase de construccións regulares libres, dende o punto de vista semántico e sintáctico. A súa fixación de uso na norma lingüística explícase pola súa función de unidades léxicas designativas dunha clase de obxectos da realidade extralingüística; trátase, logo, dunha fixación designativa ou referente. Son frecuentes nas nomenclaturas e terminoloxías técnicas. Poderiamos chamalas termos compostos denotativos. Dobrovol'skij (1995, 243) fala de "referential lexemes (i.e. words denoting entities of the "visible world")".

Dende logo, poden presentarse UFs da mesma forma material, como *agua de borrajas, cabeza de turco, paño de lágrimas, castillo de naipes, hoja de servicios, golpe de Estado*, pero unha observación coidadosa permite apreciar nelas algún tipo de fixación fraseolóxica, sobre todo, a súa peculiaridade idiomática, o carácter anómalo da súa estructura semántica: a cambios regulares na súa forma material non corresponden cambios regulares na súa composición semántica (v. *cabeza de turco - cabeza de griego, paño de lágrimas - tela de lágrimas*).

5. Constitúen un problema especial as combinacións verbonominais do tipo *poner atención, dar comienzo, dar forma, dar lectura, dar de bofetadas, dar coces, poner por escrito, poner en evidencia, poner claro*. Déuselles, entre outros, os nomes de 'formas descompostas', 'xiros verbonominais' ("tournures verbonominales", J. Dubsky 1966), porque constitúen unha análise ou descomposición dun lexema, por exemplo, *poner atención - atender, dar de bofetadas - abofetear, dar comienzo - comenzar, poner por escrito - escribir*. Tamén 'construccións verbais funcionais' ("Funktionsverbgefüge", W. Herrlitz 1973), porque, dende o punto de vista funcional, son verbos, ou, mellor, predicados complexos (v. U. Detges 1996); e ata 'colocacións verbo-substantivo' ("Kollokationen Sustantiv-Verb", J. Irsula Peña 1992). Poderiamos chamalas aquí perífrases verbais léxicas (=PVL), por oposición ás perífrases verbais gramaticais —como *estar a punto de salir, andar diciendo, tener hecho*. Estas son productos de procedementos para expresar categorías gramaticais —aspecto, fase, etc.—, en tanto que aquelas (as PVL) son productos de procedementos para crear lexemas verbais compostos (predicados complexos). O procedemento de formación consiste, precisamente, en converte-lo compoñente verbal en portador gramatical das determinacións verbais —de tempo, persoa, número, modo—, con perda considerable, quizais non total, do seu valor léxico, como se se situara a medio camiño entre verbos auxiliares e verbos plenos ou autosemánticos (Cp. Detges 1996, 66), e deixa de ser substituíblesustituíble por verbos plenos (obsérvese *Poner atención en la clase - *colocar atención en la clase, poner mesas en la clase -colocar mesas en la clase*). O compoñente nominal, pola súa parte, convértese no

núcleo principal do contido léxico, e o seu valor semántico presenta certa afinidade coa categoría semántica verbo, pois trátase xeralmente de substantivos que expresan un acontecer —un estado, unha acción, un proceso— (v. Irsula Peña 1992, 68: "Man kann zusammenfassend sagen, daß die Position des nominalen Teiles eines FVG in der Regel von Abstrakta besetzt ist. Unter den Abstrakta bilden die VS und nominalisierte Infinitive die größte Gruppe"). Detges (1996, 34 e 138 e segs.) subsume a clase dos nomes de acción nunha máis ampla, que el chama 'nomes de asuntos, de feitos, de estados de cousas' ("Sachverhaltsnomina"). As PVL defínense, pois, como predicados complexos, dos cales o compoñente verbal non é un verbo pleno senón un compoñente coa función de 'mera' verbalidade ("verbos funcionales, verbos soporte", chámalles Kazumi Koike 1996) e o seu compoñente nominal non é complemento do verbo senón núcleo léxico de toda a unidade[1].

As PVL teñen en común coas locucións (fraseoloxismos que funcionan no interior da frase), a súa equivalencia funcional con unidades léxicas simples e/ou compostas; presentan afinidade con verbos simples e funcionan en oposición con eles; isto último quere dicir que son, e funcionan como, unidades de contido. Moitas delas, por estar xa formadas e ser anteriores ó acto de discurso que as pode empregar, presentan o status de unidades de lingua, entendida esta como institución ou norma lingüística social. Pero diferéncianse delas (das locucións) en que son productos regulares de procedementos (feitos do sistema da lingua). A existencia do procedemento compróbase mediante a aparición de perífrases novas, construídas segundo o modelo, por exemplo, *hacer conciencia* no seguinte texto: "No se trata de acabar con el estrés sino de hacer conciencia de él" (*Semana*, 11 de agosto de 1997, 33). No mesmo Núm. desa revista (p. 98) encontrámo-lo lexema *concientizar* = "hacer conciencia, hacer conciente": "le gustaría trabajar en programas de educación para que los colombianos se concientizaran de la importancia de votar y de saber escoger a sus dirigentes". A diferencia, pois, das UFs, as PVL son combinacións regulares, analizables. Este trazo téñeno en común cos compostos, pero diferéncianse destes pola súa falta de compacidade formal, pois pódenselles intercalar elementos e/ou altera-la orde *(poner atención - poner mucha atención, la atención que puso)*. Por iso pódese dicir que as PVL atópanse a medio camiño entre a formación de lexemas compostos e a sintagmática.
Tampouco son estrictamente equivalentes ó lexema verbal simple 'correspondente'. Obsérvese a oposición semántica *formar/dar forma* nos seguintes textos: "Con ayuda de distintos cortapastas dar forma a las pastas". "Para saber si la masa está en su punto, se presiona con el dedo. Si la huella no se borra, se pueden formar y hornear las pastas" (El País, Coleccionable, Agosto 3 de 1997, 199).

É claro que a estructura perifrástica ten un valor de lingua propio, un tanto difícil de formular. Irsula Peña (1992, 71) ve a diferencia coa unidade simple correspondente no maior rendemento comunicativo das perífrases. A. Rothkegel (1988, 374) ve a oposición na diferente estructuración da información. H. Thun (1981, 335), formula, na miña opinión acertadamente, o valor de lingua das PVL como 'acción considerada no seu efecto'. Este

---

[1] Cp. Detges 1996, 19: "Funktionsvergefüge sind komplexe Prädikate, deren verbale Formative keine lexikalischen Vollverben, sondern Funktionsverben sind. Diese treten nur zusammen mit nominalen Formativen N(FVG) auf, denen sie keinen Aktantenstatus, sondern die Funktion von Prädikatskernen zuweisen. Auf syntaktischer Ebene sind N(FVG) keine E der FV und aus diesem Grund weder erfragbar noch anaphorisierbar".

valor opositivo é, en moitos casos, evidente. Obsérvese, por exemplo, o trazo semántico causativo de *poner a disposición* e o resultativo de *tener a disposición*, consideradas cada unha en oposición a *disponer*.

As anteriores observacións teñen o senso de permitir sinalar, dende o punto de vista teórico, a diferencia básica entre as perífrases en cuestión e as locucións verbais: aquelas son 'descompoñibles', analizables de acordo con regras sintácticas e semánticas válidas para todas, posto que son productos dun procedemento que se repite en cada unha delas e que pertence, polo tanto, ó sistema da lingua; cambios morfolóxicos regulares producen, nelas, cambios de contido regulares. Na realidade dos feitos, sen embargo, non sempre é fácil diferenciar e separar unhas doutras. Por un lado, temos perífrases con certas formas de fixación debidas ó seu uso repetido, similares á fixación fraseolóxica das locucións (obsérvese *dar lectura al mensaje / *dar escritura al mensaje, hacer caricias a alguien / *hacer besos a alguien, dar besos a alguien / *dar caricias a alguien*). Por outro lado temos numerosas locucións verbais cunha forma material similar á das perífrases: *poner en solfa, poner por las nubes, poner peros, dar la cara, dar calabazas, dar en el clavo, dar la palabra, hacer el juego, hacer pinitos, hacer de las suyas, conocer mujer, poner coto*[2].

6. Acabamos de insinuar que as PVL poden estar sometidas a restriccións determinadas polo uso. Iso quere dicir, que poden pertencer, tamén, á clase de combinacións chamadas colocacións. De feito algúns estudiosos (v. Irsula Peña 1992 e Koike 1996) non distinguen entre as dúas clases de fenómenos. Co termo colocacións desígnanse combinacións regulares, de diferentes clases de estructuras, estabilizadas polo uso. Por ex., *comercio internacional, guerra mundial, literatura universal, opinión pública, peligro de muerte, decir la verdad, reducir los gastos, lanzarse al ataque, entrar en escena, prepararse para lo peor, declarar la guerra a muerte, dejar mucho que desear*. Estas combinacións seguen en todo a gramática da lingua, a súa estructura interna non presenta peculiaridades (ou anomalías) nin de forma material nin de contido semántico, nin restriccións nas súas transformacións gramaticais. En todo iso diferéncianse das UFs.

As colocacións foron caracterizadas en forma clara, sinxela e certeira por Matthias Perl (1975), como 'combinacións usuais típicas', a estabilidade das cales foi determinada, historicamente, polo uso. As limitacións que se impoñen nas colocacións débense, logo, ó uso frecuente, non a incompatibilidades entre os semas (trazos semánticos) dos seus compoñentes. **The song buys history* non é correcta porque *to buy* esixe un suxeito co trazo semántico +humano, trazo do que carece o nome *song*. Este tipo de restriccións non son, segundo Perl, específicas dunha lingua. En cambio as restriccións debidas ó uso si o son. Así, pois, a traducción ó inglés de *einen Volksentscheid durchführen* debe ser *to hold a plebiscite*. *To make a plebiscite* é tamén correcta dende o punto de vista gramatical e semántico, pero a primeira é a que se adoita dicir e é, polo tanto, a indicada; está determinada polo uso. *Einen akademischen Grad haben* tamén podería traducirse correctamente por *to have an academic degree*, pero *to hold an academic degree*, imponse, está condicionada polo uso. Para evitar infraccións das restriccións impostas polo uso, o traductor debe aprende-las combinacións

---

[2] Véxase Martínez Marín, Juan (1989), con abundantes materiais tomados do *Diccionario de Uso del Español*, de Marina Moliner, con algunhas correccións a definicións dese diccionario.

normais, típicas, (as colocacións): “das Übersetzungsproblem ‘Verletzung der sprachlich usuell bedingten Restriktionen’ kann vom Sprachmittler nur gelöst werden, wenn er sich usuell typische Kombinationen (Kollokationen) einprägt” (Perl 1975, 50).

Coma quen fai eco a esta última observación de Perl, Franz Josef Hausmann titula unha das súas contribucións (1984) ‘Aprender vocabulario é aprender colocacións’. Este autor, un dos citados en relación co tema das colocacións, require unha mención especial (v. Franz Josef Hausmann 1979, 1984 e 1985). El parte, indubidablemente, do concepto de “séries phraséologiques ou groupements usuels”, de Charles Bally (1909): “Il y a série ou groupement usuel lorsque les éléments du groupe conservent leur autonomie, tout en laissant voir une affinité évidente qui les rapproche, de sorte que l’ensemble présente des contours arrêtés et donne l’impression du *déjà vu*”. Os exemplos de Bally que ilustran perfectamente o problema son *grièvement blessé* e *gravement malade*[3], nos que non se poden intercambia-los adverbios, a pesar da equivalencia dos significados (Hausmann 1979, 189). Hausmann tamén mostra que as restriccións se revelan claramente mediante comparación entre dúas linguas, por exemplo, *faire une conférence-einen Vortrag halten (tenir).* Con toda razón indica Hausmann (1984, 406) que a unidade de traducción no diccionario bilingüe é, en moitos casos, a colocación.

Recalca este autor que nas colocacións trátase de combinacións de só dous lexemas: un, a base (ou núcleo) é determinado e o outro, o colocador é o determinante, así na colocación *célibataire endurci*, o substantivo é a base e o adxectivo é o colocador; en *désirer ardemment* o verbo é a base e o adverbio é o colocador. Esta concepción común e corrente de colocacións non nos di cómo analizar combinacións tamén típicas e usuais de máis de dous membros, como *declarar la guerra a muerte, decretar el estado de excepción, manejar con mano firme, estar al borde de la muerte*.

Un aspecto bastante problemático da concepción de Hausmann é a de que o ‘colocador’ só pode definirse en relación coa base. Sostén este autor que o adxectivo *eingefleischt* da colocación *eingefleischter Junggeselle* non pode definirse senón na relación con *Junggeselle*; e *schütter*, en *Schütteres Haar*, non pode definirse senón en relación con *Haar* (Hausmann 1985, 121): “Das in *eingefleischter Junggeselle* realisierte Adjektiv *eingefleischt* kann ich gar nicht ohne Bezug auf den Junggesellen definieren”. Se así fora, ditas combinacións deberían a súa existencia a unha relación de implicación semántica entre os seus elementos compoñentes e non propiamente ó uso repetido, co que teriamos que deixar de consideralas como colocacións.

Dieter Viehweger (1987) sinala que unha definición acertada das colocacións non debe partir, simplemente, da observación duns cantos exemplos senón, máis ben, dunha teoría xeral do léxico relacionada en forma sistemática coa gramática. Iso porque a combinabilidade dos signos léxicos está determinada en forma decisiva pola estructura das relacións sintácticas na frase e polos trazos clasemáticos dos lexemas. O saber de colocacións (“Kollokationswissen”) non é un saber dun sector específico do léxico senón un saber sobre a combinación de diferentes informacións léxicas. É un saber específico sobre a formación de combinacións na estructura da frase. Así, pois, D. Viehweger asimila as relacións de

---

[3] Unha avaliación da contribución de Bally á fraseoloxía pode verse en Zuluaga 1980, páxs. 38-45.

colocación a relacións sintagmáticas. Mencionamos este aporte para mostrar que non existe unha concepción única de colocacións. Tamén para o contextualismo británico o termo colocación denota toda combinación de palabras (v. Hausmann 1985, 124).

Elisabeth Gülich (1982) analiza un grupo de expresións de diferentes clases, sintagmas fixos, colocacións, nomes compostos denotativos (*rendre visite, mettre des vêtements, sciences humaines, le tiers monde, gueule de bois, es besser finden, es lieber mögen*) que, segundo a autora, teñen en común ser construccións prefabricadas ("vorgeformte Ausdrücke"), é dicir, caracterízanse pola estabilidade e a reproductibilidade. Considéraas, pois, de feito expresións fixas e insiste en que a conciencia da súa fixación é indispensable para aprendelas e empregalas correctamente.

Menciono, finalmente, o interesante estudio de Annely Rothkegel (1994) sobre a relación entre tipo de texto e colocacións, ás que distingue claramente dos fraseoloxismos, enténdeas como sector intermedio entre estes e as combinacións libres de lexemas, e mostra cómo a estandarización dunha clase de textos favorece a formación de colocacións. A autora analiza textos de presentación de libros ó mercado (*kaum ein x ist besser geeignet als AUTOR, BUCH ist eine wesentliche Orientierungshilfe, BUCH kann als Standarwerk betrachtet werden, THEMA ist zu einem wichtigen Gegenstand geworden, etc.*). As recorrencias en textos (e nunha clase de textos) crean estándares de expresión. Noutras palabras, as colocacións poden describirse como exemplos de formación de estándares nas combinacións de lexemas en situacións comunicativas típicas. Cun exemplo noso podemos corrobora-lo acerto de A. Rothkegel: os rumores de golpe de Estado e os golpes de Estado son eventos frecuentes (case típicos e estándares) na historia da Nosa América. Os textos que 'informan' ó respecto crearon combinacións léxicas tales como *la cúpula militar, decretar el estado de excepción , disolver el parlamento, formar una junta de salvación nacional*, que a forza de repetirse convertéronse en auténticas colocacións.

Despois do breve reconto anterior de contribucións ó estudio das colocacións, só nos queda deixar claro que entendemos estas como combinacións regulares de lexemas compatibles entre si, estabilizadas mediante o uso repetido, convertidas en unidades sintagmáticas da norma lingüística social. Distinguímolas dos demais fenómenos que viñemos analizando e opinamos que deberían separarse adecuadamente na práctica lexicográfica.

7. En canto a esta, quixera ante todo, indica-lo tipo de diccionario a que corresponde propiamente cada unha das clases de unidades que acabo de distinguir: os nomes propios compostos (*Crónica de una muerte anunciada, Crisis de Octubre*), as chamadas unidades onímicas (*El guerrillero heroico, La dama de hierro*) e os termos compostos denotativos (*buey de carga, caballo de tiro, casa de empeños, contador público*) pertencen ás enciclopedias e ós diccionarios enciclopédicos[4]. As perífrases verbais léxicas (*poner atención, dar lectura*) e as colocacións (*abrir una brecha, reducir los gastos, peligro de muerte*), como procedementos de combinación sintagmática, pertencen á gramática da lingua

[4] "L'encyclopédie est un dictionnaire général dont la macrostructure relève du système des choses", J. Rey-Debove 1971: *Étude linguistique et sémiotique des dictionnaires français contemporains* (apud Alvar-Ezguerra 1980, 107). O diccionario enciclopédico é "algo a caballo entre el diccionario y la enciclopedia. Es una solución híbrida entre ambas obras" (Alvar-Ezguerra 1980, 116). Descrición de palabras e descripción de cousas, persoas, feitos, lugares, etc.

e, como productos estables de tales procedementos, pertencen ós diccionarios descritivos do uso[5]. Un diccionario de colocacións é un diccionario de uso.

Paréceme conveniente traer a colación as observacións do experto lexicógrafo Gunther Haensch (1982) quen asigna ós diccionarios de uso unha selección de vocábulos con problemas de uso contextual: "los diccionarios sintagmáticos —dice Haensch— tratan las unidades léxicas no en relación con otras existentes en el sistema léxico de una lengua sino en su aplicación contextual; construcción y régimen, colocaciones usuales, sintagmas lexicalizados, fraseología, modismos, citas célebres, refranes, frases hechas, etc. Se pueden elaborar, por una parte, diccionarios específicos con esta finalidad (los diccionarios de uso), por otra parte, hoy en día un diccionario general semasiológico de cierta extensión debería ofrecer también en las entradas, donde sea preciso, una ampliación sintagmática" (Haensch 1982, 249-250).

7.1. Para as UFs, no senso definido aquí, temos, polo menos, tres tipos de diccionarios: 1. O que abarcaría todo tipo de enunciados fraseolóxicos (refráns, wellerismos, dialoxismos, sentencias, ditos —ou lugares comúns (v. E. Gülich 1981)— citas célebres, fórmulas de fixación pragmática ou fórmulas de rutina). 2. O diccionario de locucións, que abarcaría todo tipo de UFs de estructura inferior á oración. Comezóuselles a chamar diccionarios fraseolóxicos (v., por exemplo, F. Varela e H. Kubarth 1994). e 3. O que abarcaría os dous anteriores ou, polo menos, unha selección de cada un deles.

Non quero deixar de anotar que a anterior clasificación, tan fácil e clara, presenta dificultades na aplicación práctica, é dicir, na separación dos feitos. Certos enunciados fraseolóxicos requiren a contextualización para adquirir autonomía semántica, por ex., *aquí fue Troya, todo queda en casa*, a súa inclusión no diccionario 1 paréceme problemática. Existen, por outra parte locucións, as locucións proverbiais, que constitúen por si soas un predicado completo, por ex., *matar dos pájaros de un solo tiro, ir por lana y volver trasquilado*, que teñen para o falante e o escritor o mesmo rendemento comunicativo, textual e semántico-estilístico ca un refrán (v. A. Zuluaga 1997a e 1997b). Varela e Kubart (1994) inclúen *matar dos pájaros de un solo tiro*, pero exclúen *más vale pájaro en mano que ciento volando*. Niso son consecuentes, pero ¿non se estará violentando así a intuición lingüística do falante nativo?

Mención á parte requiren dificultades coma as de A. Buitrago Jiménez (1996) quen pretende "descartar todo lo que huela a refrán o proverbio", pero inclúe enunciados fraseolóxicos como *a cada cerdo le llega su San Martín, la suerte está echada, ¡échale hilo a la cometa!* E descoidos coma o do DRAE, que suprime os refráns, pero inclúe, como frase, *la suerte de la fea la bonita la desea* e entende logo como refrán *la dicha de la fea la bonita la desea*, que aparece na recompilación de J.G. Campos e A. Barella (1975) (v. Ignacio Ahumada 1992, 27).

O último diccionario español que vin, o chamado *CLAVE. Diccionario de uso del español actual*, con prólogo de Gabriel García Márquez, é, tal vez, o que máis me induciu a trata-los temas de que falei aquí. Presenta nun apéndice unha Ordenación alfabética das locucións recollidas e definidas no diccionario CLAVE. Trátase dunhas sete mil "locucións", mellor dito, o que ese diccionario entende por tales, por ex., *nariz aguileña, deshacerse de algo, hacerse el tonto, hacerse el interesante, hacerse notar, poema en prosa, plural mayestático, plural de modestia, pronombre personal, pronombre posesivo, pronombre relativo, plaza de*

toros, nervio óptico, diente de león, hacerse hora de algo, kilómetro cuadrado, hacer falta, dicho y hecho, sofá cama, hombre rana, hacer hincapié en algo, guardar la espalda a alguien, etc. Como pode observarse, trátase dunha lista de feitos heteroxéneos, termos compostos denotativos, colocacións, locucións, enunciados fraseolóxicos, perífrases gramaticais, perífrases léxicas, lexemas compostos regulares, implicacións léxicas ou combinacións libres que nin sequera alcanzan a abeirarse coa definición de locución dada polo mesmo diccionario: "combinación fija de palabras que funciona en la oración como una unidad y cuyo significado global no es siempre la suma de cada uno de sus miembros". Por outra parte, faltan alí locucións moi usuais, como *hacer agosto, común y corriente* e *más papista que el papa*.

7.2. Quixera terminar, por hoxe, puntualizando algúns aspectos do que considero un bo diccionario de UFs:

7.2.1. Débese ter moi claro quen son os destinatarios e adaptarse consecuentemente a eles. Non pode te-lo mesmo carácter unha obra documental destinada a especialistas, investigadores ou a profesores ca unha obra destinada ó público xeral, ós falantes de a pé. Neste último caso, a presentación debe ser sinxela e amena e o volume, asequible e de fácil manexo. Importan ata o tipo e o tamaño da letra, e a claridade dos signos e dos termos empregados.

7.2.2. Na compilación e selección dos materiais debe haber un bo equilibrio entre lingua oral e lingua escrita. Certamente no caso da fraseoloxía , paréceme conveniente privilexia-la lingua oral, pois é nesta na que se presentan en maior abundancia as UFs: no estilo familiar dos grupos sociais cultos e medios, nos estratos populares e campesiños. Máis do que calquera outro, un diccionario fraseolóxico constitúe un testemuño directo da cultura correspondente; e, dende logo, a cultura popular e a campesiña constitúen o máis auténtico da identidade nacional. Isto vale en xeral, non só nos casos extremos como en Letonia e Lituania (v. J. Kabatek e A. Murguía 1997), onde é o pobo o que rescata a lingua nacional. As elites alienáranse, falaban só ruso ou alemán. En qué medida poden contribuí-las enquisas da lingua oral ós diccionarios, foi demostrado con luxo de detalles por Manuel Alvar (1982) no seu traballo "Atlas lingüísticos y diccionarios".

7.2.3. Que delimite expresamente as súas funcións e sexa consecuente coa delimitación. En contra do avó de García Márquez (v. Prólogo de CLAVE), hai que afirmar abertamente que un diccionario non pode, e non debe intentar, sabelo todo: orixe, etimoloxía, historia, definicións do significado, acepcións, condicións de uso, exemplificacións, variantes, etc. Abrumaría con iso ó usuario común e corrente. Contra o plurifuncionalismo dos diccionarios manifestouse tamén G. Haensch (1982), con moi boas razóns.

7.2.4. En caso dado, non debe descoidar, na descrición semántica, a polisemia ou as acepcións especiais, segundo a concepción que se teña. Algúns autores, como W. Fleischer (1983) e Carmen Mellado Blanco (1997) sosteñen que en fraseoloxía, especialmente en relación cos fraseoloxismos verbais, é máis acertado falar de vaguidade semántica ca de polisemia. En todo caso, locucións como *hacer el favor* e *pasar por las armas* requiren atención especial: a primeira pode significar ou "face-lo favor" ou "face-lo amor", segundo os contextos, e a segunda, ou "fusilar" ou "face-lo amor".

7.2.5. Que indique, sempre que as haxa, as restricciónns de combinabilidade. *Corriente y moliente* dise só de cousas, mentres que *común y corriente* non presenta restricciónns combinatorias. *Contante y sonante* combínase propiamente só con unidades do campo léxico 'diñeiro' (v. A. Zuluaga 1980).

7.2.6. Debera ofrecer exemplos de uso interesantes, non meras frases triviais, construídas *ad hoc*, polo lexicógrafo mesmo.

7.2.7. Debera considerar e distinguir sempre, nos casos pertinentes, catro dimensións da variedade lingüística (como propón Peter Koch 1988). É dicir, non só as dimensións diatópica, diastrática (de Flydall) e diafásica (de Coseriu), senón tamén a oral ou escrita. Por ex., en Colombia, na miña opinión, a locución *tirios y troyanos* pertence á lingua escrita; é unha variante escrita de *amigos y enemigos*, locución non marcada. Así como *sacar el jugo* é propia da linguaxe feminina, mentres que *sacar la leche* é propia da linguaxe masculina; *importar un carajo* é unha variante popular de *importar un bledo*, que utilizan os estratos sociais elevados; *mamar gallo* é variante rexional (colombiana e caribeña) da locución non marcada *tomar el pelo*. Numerosas locucións tomadas do latín, *nihil obstat, ex libris, ex aequo*, etc., son propias da lingua falada.

7.2.8. Ademais da mera presentación alfabética, é desexable unha ordenación por temas, coma quen di, por campos léxicos. Por exemplo, relixiosidade, o amor e a amizade, as emocións, etc. Precisamente o estudio de fraseoloxismos do campo das emocións, de Mellado Blanco 1997, constitúe unha boa mostra para a ordenación adicional que suxiro aquí.

Bibliografía

Ahumada, Ignacio 1992: J. "Fernández-Sevilla y la lexicografía teórica española", en *Diccionarios españoles: contenido y aplicaciones*, I. Ahumada (ed.), Jaén, 13-33.

Alvar, Manuel 1982: "Atlas lingüísticos y diccionarios", en *LEA* IV/2, 253-323.

Alvar Ezquerra, Manuel 1992: "Diccionario de lengua", en *Diccionarios españoles: contenido y aplicaciones*, I. Ahumada (ed.), Jaén, 37-49.

Alvar Ezquerra, Manuel 1982: "Diccionario y Gramática", en *LEA* IV/2, 150-212.

Alvar Ezquerra, Manuel 1980: "¿Qué es un diccionario?", en *LEA* II/1, 103-118.

Anscombre, Jean-Claude 1997: "Reflexiones críticas sobre la naturaleza y el funcionamiento de las paremias", en *Paremia* 6, 43-54.

Bally, Charles 1909: *Traité de stylistique française*. Paris.

Buitrago Jiménez, Alberto 1996: *Diccionario de dichos y frases hechas*. Madrid, Espasa.

Burger, Harald et al. 1982: *Handbuch der Phraseologie*, Berlin, Walter de Gruyter.

Casares, Julio 1950: *Introducción a la lexicografía moderna*. Madrid.

Coseriu, Eugenio 1993: *Discurso pronunciado con motivo de su investidura como Doctor honoris causa*. Universidad de Granada.

Coseriu, Eugenio 1967: “Lexikalische Solidaritäten”, en *Poética* 1, 293-303.

CLAVE. Diccionario de uso del español actual, con prólogo de Gabriel García Márquez, 1996.

Coulmas, Florian 1981: *Routine im Gespräch.* Wiesbaden, Akademische Verlagsgesellschaft.

Detges, Ulrich 1996: *Nominalprädikate*. Tübingen, Niemeyer.

Dobrovol'skij, Dmitrij 1995: *Kognitive Aspekte der Idiom-Semantik*. Tübingen, Gunter Narr Verlag.

Dubsky, Jean 1966: “Composition, dérivation et décomposition”, en *Lingua* 16, 190-198.

Fernando, Ch / Flavell, R. 1981: *On Idiom*. Exeter.

Ferro Ruibal, Xésus 1997: “Deus e mailo demo no refraneiro galego”, en *Paremia* 6, 207-222.

Fleischer, Wolfgang 1982: *Praseologie der deutschen Gegenwartsprache*. Leipzig.

Gülich, Elisabeth 1992: “Ich mag es besser”, en *Fremdsprachen Lehren und Lernen*, G. Henrici und E. Zöfgen (Hg.), Tübingen, Gunter Narr Verlag 65-87.

Gülich Elisabeth 1981: “Was sein muß, muß sein”, en *Logos Semantikos*, H. Geckeler et al. (eds.), Berlin Walter de Gruyter 343-363.

Haensch, Günther 1982: “La lengua española y la lexicografía actual”, en *LEA* IV/2, 239-252.

Hausmann, Franz Josef 1985: “Kollokationen im deutschen Wörterbuch”, en *Lexikographie und Grammatik*, H. Bergenholtz und J. Mugdan. Tübingen, Niemeyer, 118-129.

Hausmann, Franz Josef 1984: “Wortschatzlernen ist Kollokationslernen”, en *Praxis des Neusprachlichen Unterrichts* 31, 395-406.

Hausmann, Franz Josef 1979: “Un dictionnaire des collocations est-il possible?”, en *Travaux de Linguistique et de Littérature*, XVII, 1, 179- 195.

Häusermann, Jürg 1977: *Phraseologie*. Tübingen, Niemeyer.

Herrlitz, Wolfgang 1973: *Funktionsverbgefüge vom Typ >in Erfahrung bringen<*. Tübingen, Niemeyer.

Hjelmslev, Louis 1958: *Intervención en el VIII Congreso Internacional de Lingüística*, Oslo, *Proceedings.*

Irsula Peña, Jesús 1992: *Substantiv-Verb-Kollokationen. Kontrastive Untersuchungen Deutsch-spanisch*. Frankfurt am Main, Peter Lang.

Kabatek, J. / Murguía, A. 1997: *Die Sachen sagen wie sie sind*...Tübingen, Gunter Narr Verlag.

Koch, Peter 1988: “Norm und Sprache”, en *Energeia und Ergon*, Weydt et al. (eds.), Bd. II, 327-354.

Koike, Kazumi 1996: “Colocaciones sustantivo-verbales: Caracterización de los verbos y algunos comportamientos léxicos”, *XI Congreso Internacional de la ALFAL*, Las Palmas, Gran Canaria.

Lapesa, Rafael 1981: “Alma’ y ‘anima’ en el Diccionario Histórico de la Lengua Española: su fraseología”, en *Logos Semantikos*, H. Geckeler et al. (eds.), Berlin Walter de Gruyter, 223-228.

Martínez Marín, Juan 1989: “Las expresiones fijas de verbo pronominal en español: el tipo verbo más complemento prepositivo”, en *Philologica* II, 179-193.

Mel’cʎuk, Igor 1982: “Lexical Functions in Lexicographic Description”, en *Proceedings of the Eighth Annual Meeting of the Berkeley Linguistics Society*, Monica Macaulay et al. (ed.), 427-444.

Mellado Blanco, Carmen 1997: “Fraseologismos alemanes y españoles del campo de las emociones”, en *Paremia* 6, 383-388.

Mieder, Wolfgang 1994: “Consideraciones generales acerca del proverbio”, en *Paremia* 3, 17-26.

Perl, Matthias 1975: “Semantische Selektionsbeschränkungen (semantische Valenz) und sprachlich usuell bedingte Restriktionen”, en *Linguistische Arbeitsberichte* 11, 48-51.

Porzig, Walter 1934: “Wesenhafte Bedeutungsbeziehungen”, en *Beiträge zur Geschichte der deutschen Sprache und Literatur* 58, 70-97.

Rothkegel, Annely 1994: “Kollokationsbildung und Textbildung”, en *Europhras* 92, B. Sandig (Hg.), Bochum Univverlag, 499-523.

Rothkegel, Annely 1988: “Phraseologien in Texten der Internationalen Fachkommunikation”, en *Europhras* 88, G. Gréciano (ed.) Strasbourg, 371-378.

Thun, Harald 1981: “Faire école”, en *Logos Semantikos*, H. Geckeler et al. (eds.), Berlin Walter de Gruyter 326-246.

Varela, F. / Kubart, H. 1994: *Diccionario fraseológico del español moderno*, Madrid Gredos.

Viehweger, Dieter 1987: “Kollokationen”, en *Bedeutungen und Ideen in Sprachen und Texten*, W. Neumann und B. Techtmeier (Hg.), Berlin, Akademieverlag, 227-237.

Wotjak, Barbara 1992: “Fuchs, die hast du ganz gestohlen”, en *Europhras* 92, B. Sandig (Hg.) 1994, 619-650.

Zuluaga, Alberto 1997: “Verwendungsverfahren phraseologischer Äußerungen in El Quijote”, en *Phraseme im Text*, A. Sabban (Hg), 237-258.

Zuluaga, Alberto 1997a: “Sobre las funciones de los fraseologismos en textos literarios”, en *Paremia* 6, 631-640.

Zuluaga, Alberto 1992: “Fraseología”, en *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, G. Holtus et al. (Hg.), Tübingen, Niemeyer, 125-132.

Zuluaga, Alberto 1980: *Introducción al estudio de las expresiones fijas*, Frankfurt an M., Peter Lang.

Zuluaga, Alberto 1976: “Pragmatisch fixierte Ausdrücke”, en *Semantik und Pragmatik*, K. Sprengel et al, (Hg.), Tübingen, Niemeyer, 319-329.

Zuluaga, Alberto 1975: “La fijación fraseológica”, en *Thesaurus*, Instituto Caro y Cuervo, Bogotá, XXX, 2, 225-248.

Expresións fraseolóxicas e colocacións: Clasificación[5]

GLORIA CORPAS PASTOR
Universidad de Málaga

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 31-61.
ISBN: 84-45321-67-6)

Phraseology as a scientific discipline is going through one of its most magnificent spells. There is no doubt that an unparelled interest in this issue has arisen both in and outside Spain. Spanish Philology has not been kept out of this new tendency of the linguistic research, as several dictionaries, monographies and collections of very recent publication point out. This paper focuses on a key issue in the studies of phraselogy: the establishment of objective criteria that serve as a base for classifying phraseological units in both Spanish and other languages. The obtained results will be much useful for the development of such disciplines as lexicography or translation.

La fraseología como disciplina científica parece estar viviendo uno de sus momentos más esplendorosos. No cabe duda de que surgió un interés sin precedentes sobre el tema, tanto fuera como dentro de nuestras fronteras. La filología española no ha permanecido ajena a esta nueva tendencia de la investigación lingüística, como atestiguan los diversos diccionarios, monografías y colecciones que han visto la luz recientemente. El presente trabajo aborda un tema clave en los estudios de fraseología: el establecimiento de criterios objetivos que sirvan de base para la clasificación de unidades fraseológicas tanto en español como en otras lenguas. Los resultados obtenidos serán de gran utilidad para el desarrollo de disciplinas como la lexicografía o la traducción.

1. Introducción

A fraseoloxía como disciplina científica parece estar vivindo un dos seus momentos máis esplendorosos. Nos últimos anos xurdiu un interese sen precedentes sobre o tema, tanto fóra coma dentro das nosas fronteiras. Proba diso son os distintos congresos

[5] Os resultados deste traballo forman parte dunha investigación a grande escala que estamos realizando sobre o sistema fraseolóxico da lingua española, subvencionado pola Fundación Caja de Madrid.

internacionais que os fraseólogos europeos veñen celebrando dende 1981 (cf. Matešic✐, 1983; Burger e Zett, 1987; Korhonen, 1987; Gréciano, 1989; Palm, 1991; e Sandig, 1994); así como os distintos seminarios e reunións dedicados a este tema, entre os cales destacan o *I International Symposium on Phraseology* (Leeds, Gran Bretaña, 1994) ou os distintos coloquios celebrados en Saint-Cloud, auspiciados polo Institut National de la Langue Française dende 1994, que deron lugar á publicación de dous volumes de actas (Martins-Baltar, 1995; Fiala, Lafon e Piguet, 1997) e ó que seguirá outro que se atopa actualmente en preparación, editado por Michel Martins-Baltar[6].

A filoloxía española non permaneceu allea a esta nova tendencia da investigación lingüística, como testemuñan os diversos diccionarios, monografías e colecciónes que viron a luz recentemente. Dende a vertente aplicada cabe menciona-la proliferación de colecciónes e repertorios lexicográficos, como os de Fontanillo Merino (1993), Candón e Bonnet (1994[1993]), Varela e Kubarth (1994), Doval (1995) e Pénet e Gómez (1995), que veñen a paliar, en certa medida, a escaseza de obras deste tipo.

A vertente teórico-descritiva, máis desatendida durante anos, comeza a despuntar con forza. Baste sinala-la colección de artigos de Martínez Marín (1996), a análise global do sistema fraseolóxico español realizada por Corpas Pastor (1996), ou o estudio de Ruiz Gurillo (en prensa) sobre a fraseoloxía da lingua falada, con especial referencia ós valores discursivos e textuais destas unidades.

Ó longo do presente traballo daremos conta dos principais factores que propiciaron este avance espectacular da fraseoloxía, expoñerémo-los criterios seguidos para delimitar e clasifica-lo universo fraseolóxico, e, finalmente, aplicarémo-los resultados obtidos ós sistemas fraseolóxicos das linguas española e inglesa.

2. Productividade e fixación léxica no proceso de creación lingüística

Tras un período no que estivo relegado a un segundo plano, o estudio do compoñente léxico das linguas experimentou un grande auxe nos últimos vinte anos. Durante a etapa na que predominou a influencia do método estructural, o vocabulario ensinábase como medio para poder practicar estructuras determinadas, mentres que a gramática xenerativa transformacional o considerou simplemente como unha mera lista de irregularidades.

Non obstante, a partir da década dos setenta, lingüistas e profesores de idiomas puxeron de relevo a importancia das investigacións sobre o compoñente léxico das linguas (Carter e McCarthy, 1988; Meara, 1980). Precisamente un dos fenómenos que máis chamou a atención tanto en lingüística teórica como en lingüística aplicada foi a presencia importante de grupos de palabras de alta frecuencia de aparición. Se ben a palabra fora considerada durante moito tempo como a unidade básica de análise lingüística por influencia do estructuralismo e do xenerativismo, a chegada do contextualismo británico, os desenvolvementos da análise do discurso e a lingüística do texto, cunha unidade de análise máis ampla, mostraron a existencia de unidades léxicas superiores á palabra illada.

---

[6] A este respecto, resulta significativo a existencia dende 1994 dunha sección sobre fraseoloxía nos congresos bianuales de EURALEX (*European Association of Lexicography*).

Ó mesmo tempo, a aplicación dos avances computacionais á investigación do vocabulario das linguas fixo posible descubrimentos a grande escala que cambiaron por completo a visión que ata daquela se tivera da estructura das linguas. Así, comprobouse que o compoñente léxico responde a uns principios de estructuración sutís e sistemáticos que se deixan sentir na estructura global das linguas. Pódese dicir que as primeiras intuicións de Halliday (1966) e Sinclair (1966) empezaron a tomar corpo nas investigacións posteriores: os estudios computerizados de córpora extensos revelaron a comezos desta década o papel central que ocupan as combinacións de palabras na producción lingüística (Cowie, 1990).

Tales resultados víronse corroborados polos experimentos levados a cabo con falantes nativos (cf. Greenbaum, 1970; Mackin, 1978). En psicolingüística, diversas investigacións sobre a adquisición da lingua materna (L1) e unha segunda lingua (L2) (cf. Hakuta, 1974; Krashen e Scarcella, 1978; Wong Fillmore, 1979; Peters, 1983; e Vesterbacka, 1991, entre outros) e sobre o procesamento da linguaxe polos adultos (por exemplo, Pawley e Syder, 1984; Steinberg, 1984) sinalaron a presencia significativa de ditas combinacións, en calidade de fórmulas que os nenos que adquiren L1 ou os estudiantes de L2 extraen e almacenan redundantemente; fórmulas das que os adultos se serven para centrarse en aspectos sociais ou na planificación do discurso, usándoas tamén por motivos de economía e rapidez no procesamento da linguaxe.

A extensa aparición de combinacións frecuentes de palabras puxo en cuestión a liberdade da que, teoricamente, gozan os falantes na construcción do discurso. Previamente algúns autores dubidaran acerca da adecuación de teorías lingüísticas que poñen a énfase no aspecto creativo, sen ter en conta o outro aspecto igualmente importante da lingua, a saber, a súa estabilidade e fixación (cf. Chafe, 1968; Makkai, 1972; Coulmas, 1979, 1981; Fernando e Flavell, 1981).

Algúns autores, como Becker (1975) ou Nagy (1978), chegaron a adoptar unha postura extrema, segundo a cal a construcción do discurso se concibía como un proceso composicional, de maneira que o falante bota man de estructuras e frases prefabricadas, facendo uso de elementos illados só cando esta primeira opción non satisfai as súas necesidades comunicativas.

En realidade, a construcción do discurso non é nin completamente automática nin completamente libre. A formación, o funcionamento e o desenvolvemento da linguaxe están determinados pola oposición dialéctica de dous factores contradictorios: a creatividade fronte á repetición, a productividade fronte á fixación. Así pois, aínda que o falante vaia formando as súas frases libremente, hai moito de automático e inconsciente en dito proceso. Non tódalas combinacións de palabras posibles no sistema da lingua son enteiramente libres. En palabras de Hasan (1971: 134):

> ... a much more fascinating fact is that the majority of the so-called novel sentences are novel neither in their grammar nor in their lexis or phonology. Their novelty lies most often in a novel concatenation of non-novel meaning components.

A pesar de que en lingüística se veu concedendo moita máis importancia ó aspecto creativo que ó aspecto estable da creación do discurso, o certo é que a linguaxe ten unha parte creativa e outra parte máis fixa e automática (cf. Newman, 1988, e Koller, 1985). De aí que Coseriu (1966) diferenciara entre a *técnica do discurso* e o *discurso repetido*, e Lázaro Carreter (1980) fixera o propio entre *linguaxe literal* e *linguaxe non literal*.

Esta configuración bipartita deixouse sentir en investigacións léxicas posteriores. Dende unha perspectiva máis ampla, Sinclair (1987) propón dous principios para explica-la maneira na que xorde o significado dun texto: *the open choice principle* e *the idiom principle*. O primeiro refírese á elección libre dos falantes dentro das posibilidades léxicas e gramaticais das linguas. O segundo principio dá conta daquelas restriccións de combinación entre elementos que non se poden explicar a partir de *the open choice principle*. O falante ten á súa disposición un gran número de frases semi-construídas que son as responsables da idiomaticidade idiosincrásica das linguas. Aínda que a primeira vista parezan ser analizables, tales sintagmas e frases son producto dunha elección única.

The idiom principle ten que ver coa distinción clásica entre a sintaxe libre e a sintaxe fixa (cf. por exemplo, De Boer, en Zuluaga, 1980). Espella, por tanto, a tendencia estabilizadora da linguaxe. Sen embargo, trátase dun concepto máis amplo cá linguaxe literal ou o discurso repetido coseriano, por canto inclúe non só as frases feitas, senón que tamén recolle outras características léxico-gramaticais da lingua, responsables da idiomaticidade e naturalidade das producción dos falantes nativos, no senso etimolóxico do termo como aquilo que é "propio y peculiar de una lengua determinada" (DRAE).

En efecto, os falantes nativos teñen a habilidade de transmitir expresións e significados que non só son gramaticalmente correctos, senón tamén naturais ou idiomáticos. Esta selección, que fai un uso limitado das posibilidades do sistema lingüístico, é precisamente a que nos permite distingui-las producción nativas das que non o son.

Neste aspecto máis estable das linguas desempeñan un papel representativo tanto as secuencias memorizadas e as estructuras de frase lexicalizadas, coma os patróns léxicos combinatorios e demais unidades que pertencen ó ámbito da fraseoloxía.

3. Criterios de inclusión

A tendencia estabilizadora das linguas espéllase constantemente nas combinacións de palabras ás que viñemos aludindo. As diversas relacións de atracción e repulsión fraseolóxica que presentan ditas combinacións indican a existencia de tipos distintos. A pesar diso, as investigacións sobre este aspecto do léxico centráronse tradicionalmente nun dos tipos máis evidentes. Trátase das unidades denominadas *idioms* ou expresións idiomáticas, que representan a punta do iceberg fraseolóxico, o seu extremo máis fixo. Outros tipos de combinacións, situadas no extremo oposto, que teñen unha cohesión e institucionalización menor, resultaron menos evidentes para os lingüistas.

Esta situación levou a considera-las unidades idiomáticas como o prototipo e obxecto central da fraseoloxía. Se ben o criterio de inclusión por excelencia foi o semántico, outros criterios, como a estabilidade e a fixación destas unidades, tiveron tamén a súa importancia, dependendo das distintas correntes da investigación fraseolóxica.

Tradicionalmente distinguíronse tres grandes bloques no estudio das combinacións de palabras: a lingüística da antiga Unión Soviética e os seus apoios noutros estados do bloque oriental, por un lado; o estructuralismo europeo occidental antigo —especialmente a escola de Genfer— e o novo, por outro lado; e, finalmente, a lingüística norteamericana, a saber, a gramática xenerativa transformacional, xunto con outras teorías competidoras (Thun, 1978).

Os lingüistas da antiga Unión Soviética, así como os do Leste europeo mostraron sempre un grande interese polas *slovosocetanije* ou combinacións de palabras (Weinreich, 1970; Alexandrova e Ter-Minasova, 1987). Non resulta estraño, pois, que fora precisamente un deles, Vinográdov (1947), quen conferira á fraseoloxía status de disciplina científica. A súa clasificación exerceu unha enorme influencia tanto nos autores pertencentes a esta corrente, como nos fraseólogos xermanos, eslavos e cubanos.

Os criterios de inclusión utilizados neste bloque foron, xeralmente, máis amplos ca nos outros dous. Non só teñen cabida como obxecto da fraseoloxía aquelas unidades fixas inmotivadas ou con certo grao de motivación e funcionalmente equivalentes a unha categoría gramatical dada (por exemplo, *tabla de salvación*), senón tamén outras unidades superiores do tipo *Las paredes oyen* e as combinacións de palabras que, aínda sendo completamente motivadas, presentan restriccións de combinación nalgún dos seus compoñentes, como *entablar conversación* e *dar comienzo*.

Seguindo a Vinográdov, o concepto de motivación serviu de eixo central no que se sustentan a maioría dos estudios de fraseoloxía deste bloque. Outros conceptos clave foron o de contexto fixo con determinación semántica (Amosova, 1963); e a frecuencia de uso, a fixación e a idiomaticidade, entendida como irregularidade sintáctica e semántica (Reichstein, 1973; Mel'cuk, 1960).

Dende un principio interesáronse polas colocacións e os problemas que estas presentan na traducción do ruso, abarcando ó mesmo tempo os fenómenos gramaticais de rección ou coligación. Mención especial merece a teoría Senso-Texto, desenvolvida por I. Mel'cuk e colaboradores (Mel'cuk e Zholkovskij, 1970, 1984; Mel'cuk, 1981; Mel'cuk e Pertsov, 1987; Mel'cuk e Polguère, 1987; Mel'cuk e Warner, 1994, etc.), que foi concibida, precisamente, para dar conta das restriccións de combinabilidade das linguas.

Para Alexandrova e Ter-Minasova (1987), tódalas combinacións de palabras entran dentro da fraseoloxía. Pero só constitúen unidades fraseolóxicas aquelas combinacións que denominan globalmente un único concepto —coa consecuente inseparabilidade formal dos seus elementos e a frecuente idiomaticidade semántica— e que funcionan no discurso da mesma forma cás palabras.

Non é este o lugar máis adecuado para facer unha análise da contribución da lingüística rusa neste terreo (véxase a este respecto o traballo de Kótova, neste mesmo volume). Non obstante, merece a pena sinala-la influencia que estes estudios tiveron —e seguen tendo— nas investigacións dos autores do segundo bloque.

Unha gran parte dos traballos sobre fraseoloxía do estructuralismo europeo inclúen numerosas referencias bibliográficas a autores do primeiro bloque (cf. Zuluaga, 1980; Gläser, 1986; Casares, 1992[1950]; Haensch *et al*., 1982; Thun, 1978, etc.). Moitos lingüistas alemáns beberon das fontes soviéticas. Téñase en conta, por exemplo, o traballo emblemático de Häusermann (1977) sobre o alemán a partir das concepcións clásicas da fraseoloxía rusa. A conexión entre ambos bloques maniféstase, así mesmo, en autores que, como Wolski (1982), se ocuparon de divulga-las investigacións fraseolóxicas da extinta Unión Soviética mediante traduccións ó alemán e compilacións bibliográficas.

O modelo de centro e periferia da Escola de Praga foi determinante á hora de establece-los criterios de inclusión de unidades fraseolóxicas. Dende a primeira edición da monografía de Fleischer (1997[1982]), este concepto foi utilizado para separa-los fraseoloxismos fixos e idiomáticos (o centro), daqueles que só presentan fixación (a periferia).

A inclusión de só o centro ou do centro e a periferia non estivo exenta de polémica. Para Schmid (1989), por exemplo, un fraseoloxismo é unha combinación fixa[7] de polo menos dúas palabras, que funciona como parte integrante dunha oración (cf. Mates✂ic✐, 1983), dentro da cal cumpre as mesmas funcións ca un substantivo, un verbo, un adverbio, unha preposición, etc. Rossenbeck (1989), ademais, considera que soamente é lícito falar de fraseoloxismos en senso estricto para referirse ás unidades idiomáticas, distinguíndoas doutros tipos. Dende esta visión restrinxida, fenómenos léxicos no nivel oracional quedan fóra do concepto de fraseoloxismo, aínda que compartan outras moitas características das combinacións de palabras.

Polo contrario, Kühn (1984), dende unha concepción máis ampla, considera unidades fraseolóxicas todas aquelas combinacións de palabras que presenten certa estabilidade. Reserva o termo *Phraseologismus* para aquelas combinacións compactas que se usan xeralmente como parte de oracións, pero que non se poden subscribir convencionalmente a unha situación determinada, o cal as diferencia das fórmulas rutineira, que constitúen o segundo subgrupo.

A investigación das colocacións, por outra parte, centrouse nas perífrases verbais con verbo soporte, do tipo *poner en funcionamiento* ou *hacer alusión* (cf. Häusermann, 1977). Paulatinamente fóronse estudiando outros tipos, gracias, sobre todo, ás achegas de Hausmann (1977, 1979, 1984, 1985, 1989) neste campo.

Como consecuencia destes traballos, algúns estudiosos (por exemplo Gläser, 1986, no seu traballo sobre a fraseoloxía do inglés baseada nas teorías alemanas) estenderon o concepto restrinxido de fraseoloxismo para que inclúa non só as combinacións equivalentes a palabras, senón tamén todas aquelas que presentan estabilidade formal, unida ou non a certa estabilidade semántica, e que funcionan no nivel sintagmático ou oracional. Outros autores adoptaron tamén esta posición máis ampla que abarca as colocacións, como, por exemplo, Burgschmidt e Perkins (1985). A súa postura queda

---

[7] A fixación destas unidades constitúe tamén o trazo distintivo para os fraseólogos franceses. Véxanse, a este respecto, os artigos contidos en Martins-Baltar (1995, en prensa) e Fiala *et al.* (1997).

claramente exposta no título da súa monografía: *Phraseologie. Kollokationen - Phraseme - Idiome*.

Pero, en realidade, os estudios máis recentes de fraseoloxía deste segundo bloque estanse ocupando máis ben do funcionamento das unidades idiomáticas no discurso, deixando a un lado outros tipos de disquisicións teóricas (cf. B. Wotjak, 1992; Fleischer, 1997[1982]).

Os estudios anglo-norteamericanos[8] sobre fraseoloxía tomaron o criterio de idiomaticidade como criterio básico de inclusión, seleccionando como prototipo a unidade denominada *idiom*. Os autores inmersos nesta corrente centráronse na compilación de diccionarios idiomáticos onde teñen cabida unidades e combinacións léxicas moi heteroxéneas, que van dende palabras illadas con peculiaridades semánticas ou etimolóxicas a *nursery-rhymes*, pasando por toda unha gamma de expresións idiomáticas ou formulaicas (Arnold, 1973: 153).

Os fenómenos de restricción combinatoria tratáronse como un problema de lingüística aplicada. Dende esta perspectiva práctica e pedagóxica deixaron a un lado os problemas de índole teórica que o estudio de ditas unidades puideren presentar. De aí que os lingüistas deste bloque amosen asistematicidade conceptual, así como unha maior diversidade terminolóxica.

Hai que ter en conta que, practicamente ata principios da década dos oitenta, o termo abarcador nas investigacións anglo-norteamericanas foi *idiom*, como prototipo das unidades chamadas *fixed expressions*. Por esta razón, os primeiros traballos concéntranse na caracterización e clasificación do prototipo (cf. Fraser, 1970; Makkai, 1972; Fernando e Flavell, 1981, etc.).

O criterio de inclusión por excelencia foi, como cabía esperar, o de opacidade semántica ou idiomaticidade, independentemente da función sintáctica da unidade en cuestión. Tratáronse fundamentalmente as unidades equivalentes a categorías gramaticais, e, en menor medida, as equivalentes a enunciados ou oracións. En canto ás colocacións, a maioría dos estudios non recoñecen explicitamente a relación existente entre estas e outros tipos de unidades fraseolóxicas, polo que, ou non se inclúen, ou se se inclúen, preséntanse como fenómenos léxicos distintos, aínda que relacionados.

Por exemplo, Nattinger (1980, 1988, Nattinger e DeCarrico, 1992) fai un estudio de unidades fraseolóxicas, ás que denomina *lexical phrases*, onde non aparecen as colocacións, aínda cando dito autor recoñece a relación mutua existente. Sen embargo, nesta clasificación inclúe, entre outras, refráns e fórmulas como *A watched pot never boils* e *I'm very glad to meet you*.

Da mesma forma, Alexander (1984), a pesar da importancia que dá ás colocacións no ensino de idiomas, e de recoñece-la relación mutua existente (Alexander, 1989), non as

---

[8] Thun (1978) restrinxe este terceiro bloque ós lingüistas norteamericanos, xa sigan a gramática xenerativa transformacional, a semántica xenerativa, a teoría estratificacional ou calquera outra teoría lingüística non incluída nos outros dous bloques. Non obstante, tamén deben ter cabida aquí os traballos de autores anglosaxóns, afincados no Reino Unido ou na Europa continental.

inclúe no seu catálogo de expresións fixas —*fixed expressions*—, no que teñen cabida todo tipo de unidades, como *to put the cat among the pigeons, You scratch my back and I'll scratch yours, Long time no see!*, etc.

Sen embargo, o cambio de orientación que empezou a xestarse na década dos oitenta supuxo un xiro cara ó aspecto máis estable das linguas, e non tanto cara ás particularidades semánticas das unidades sometidas a estudio. Os autores anglo-norteamericanos empezan a tomar en consideración criterios que, como a frecuencia ou a institucionalización, xa foran empregados tradicionalmente polos lingüistas dos outros dous bloques.

Non obstante, este cambio de actitude non se debeu tanto á influencia directa de rusos e xermanos coma ós resultados obtidos en lingüística aplicada, a saber, as achegas da lingüística do corpus, os traballos sobre intelixencia artificial, a didáctica do léxico en L2, o deseño de diccionarios pedagóxicos, etc.

A influencia das investigacións soviéticas e do continente europeo chegou máis tarde, propiciada quizais por un ambiente lingüístico favorable a teorías xerais deste tipo. Dita influencia veu directa e indirectamente: Gläser (1986), por exemplo, imbuída na tradición soviética e na continental, mostrouna no seu traballo sobre a fraseoloxía da lingua inglesa; Zgusta (1988), seguindo os pasos de Weinreich (1970), deu a coñece-las investigacións soviéticas a occidente; Alexandrova e Ter-Minasova (1987) e Dobrovol'skij (1988) aplicaron os métodos de investigación soviéticos ó estudio da fraseoloxía en lingua inglesa[9]; e, finalmente, Gramley e Pätzold (1992) retomaron os principios da fraseoloxía alemana para o seu estudio do inglés.

Non é de estrañar, pois, que, unha vez que se adoptan como criterios de inclusión a estabilidade e a restricción combinatoria, ademais da idiomaticidade (potencial) destas unidades, as colocacións empecen a considerarse como obxecto de estudio da fraseoloxía.

As tendencias máis recentes na investigación fraseolóxica sitúan as colocacións dentro da esfera da fraseoloxía. Así o puxeron de manifesto autores como H. Béjoint, U. Heid, W. Martin ou U. Reid no coloquio internacional *Phraseologie et terminologie en traduction et en interprétation*, celebrado en Xenebra, do 2 ó 4 de outubro de 1991, organizado pola Escola de Traducción e Interpretación desa mesma cidade (cf. Gambier, 1993). Esta mesma liña seguiuse no *I International Symposium on Lexicography* (Leeds, 18-20 abril, 1994). Nove das catorce ponencias programadas (B. Altenberg, I. Mel'cʎuk, S. Granger, T. Fontenelle, F. Knowles, P. Howarth, L. Minaeva, A.P. Cowie e V. Telija *et al.*) versaron sobre distintos aspectos das colocacións, así como da súa relación co resto das unidades pertencentes ó ámbito da fraseoloxía.

As colocacións amosan a súa clara conexión co resto das unidades fraseolóxicas[10] a través das características comúns compartidas. Aspectos como a especialización

---

[9] Dobrovol'skij (1988) non se restrinxe ó estudio desta lingua, senón que tamén se ocupa do alemán e do holandés.

[10] Entendemos por unidade fraseolóxica *(UF)* unha combinación estable de unidades léxicas formada, polo menos, por dúas palabras gráficas, situándose o seu límite superior no nivel da oración composta. Presenta os

semántica, a estabilidade, a institucionalización, a variación ou a frecuencia en graos diversos son reflexo diso.

Así, ó igual có resto das unidades fraseolóxicas, as colocacións caracterízanse pola alta frecuencia de coaparición dos seus elementos integrantes. A mediados dos sesenta, M.A.K. Halliday (1966: 158) definiu o concepto de colocación como unha asociación sintagmática de unidades léxicas, textualmente cuantificable como a probabilidade de que ocorran ou aparezan, en *n* intervalos, é dicir, unha distancia de *n* unidades léxicas, dende unha unidade *x*, as unidades *a, b ,c*, etc.

Tamén na década dos sesenta J.M. Sinclair (1966) propuxo estudia-la coaparición lineal de palabras, é dicir, os patróns colocacionais da lingua inglesa mediante recontos estatísticos de córpora extensos. No seu traballo de 1974 en colaboración con S. Jones (Jones e Sinclair, 1974: 19), redefine a noción de colocación nos seguintes termos:

> "Collocation" is the co-occurrence of two items in a text within a specified environment. "Significant collocation" is regular collocation between items, such as that they co-occur more often than their respective frequencies and the length of text in which they appear would predict.

En posteriores traballos, Sinclair (1987, 1991) seguiu abundando na noción de frecuencia como característica básica das colocacións, dando lugar á corrente estatística na teoría colocacional.

Por outra parte, as colocacións tamén presentan certas peculiaridades formais e semánticas. En primeiro lugar, dáse unha escala de restricción combinatoria entre os colocados, como ilustran os seguintes exemplos:

— *armar jaleo/bronca/escándalo/ruido*
— *entablar conversación/amistad*
— *fruncir el ceño*

En segundo lugar, as colocacións mostran distintos tipos de especialización semántica: (a) selección dunha acepción especial que restrinxe as posibilidades de combinación (*levantar sospechas*), (b) metaforización (*acariciar una idea*) e (c) deslexicalización do colocativo (*prestar ayuda/apoyo/atención/asistencia/auxilio/colaboración/servicio*). Neste senso, hai que ter en conta que a idiomaticidade, presente nunha boa parte das unidades fraseolóxicas, é unha cuestión de grao:

> La linea di demarcazione tra idioms e non idioms non é sempre netta. E' più essato quindi parlare di unha scala di idiomaticità, ai cui due estremi stanno le espressioni idiomatiche nette da un lato, e quelle non idiomatiche dall'altro - nel mezzo vi sono semi-idioms. (Leonardi, 1977: 132)

A variación que se observa no uso de colocacións responde á fixación e especialización semántica das mesmas, é dicir, á súa institucionalización. Na linguaxe periodística, por exemplo, conséguense multitude de efectos mediante a manipulación léxica das

---

seguintes trazos distintivos: polilexicalidade, alta frecuencia de aparición e de coaparición, institucionalización, estabilidade (fixación e especialización semántica), idiomaticidade e variación potenciais.

colocacións, manipulación que depende da fixación (formal ou semántica) de tales unidades.

No seguinte exemplo utilízase unha colocación frecuente (*conciliar el sueño*), que se repite inmediatamente modificada. A violación das restriccións combinatorias da lingua alcanza o seu efecto expresivo precisamente porque os falantes son conscientes da alusión á colocación a partir da cal se orixinou:

> *Una copa ayuda a conciliar el sueño, de la misma manera que ayuda a conciliar la vigilia.* (*Sur*, 17/8/91, 48).

Deste xeito, fronte a concepcións máis restrinxidas que limitan o ámbito da fraseoloxía ás unidades fraseolóxicas fortemente estables e cohesivas con unidade denominativa globalizadora e a aquelas caracterizadas como expresións formulísticas para determinados actos de fala, téndese cada vez máis a incluí-las colocacións como parte integrante propia da fraseoloxía.

Neste senso, os últimos avances da teoría Senso-Texto concordan coa posición teórica anterior: Mel'c$\overset{\text{ʒ}}{\text{ʌ}}$uk (1993: 84; 1994), por exemplo, inclúe as colocacións como un dos tres tipos de frasema (*phrasème, phraseme*) semántico, que, xunto cos de tipo pragmático, constitúen o obxecto de estudio da fraseoloxía:

1. Frasemas pragmáticos ou pragmatemas (*pragmatèmes*), de significado transparente pero fixados con relación a unha situación determinada: *C'est pour toi*, *Good morning*, *A tu salud*.

2. Frasemas semánticos completos ou expresións idiomáticas, é dicir, completamente fixos e o seu significado unitario non contén o significado individual dalgún dos compoñentes: *faire le joli coeur [avec* N], *to pull someone's leg*, *coger el toro por los cuernos*.

3. Semi-frasemas *(demi-phrasèmes*) semánticos ou colocacións, formados por dous constituíntes parcialmente fixos onde só se conserva o significado primario dun deles: *donner une conférence*, *to crack a joke*, *prestar ayuda*.

4. Cuasi-frasemas (*quasi-phrasèmes*) ou expresións cuasi-idiomáticas, case fixas e o seu significado unitario contén o significado individual dos seus membros integrantes ademais dun senso adicional imprevisible: *donner le sein [à N]*, *to start a family*, *poner las cosas claras [a alguien]*.

4. Criterios de clasificación

A pesar de que tradicionalmente foi considerada a parte máis idiosincrásica e propia de cada lingua, a fraseoloxía, como sistema presenta máis similitudes ca diferencias.

En liñas xerais, seguíronse criterios similares para establece-los límites da disciplina e as unidades obxecto de estudio, independentemente da lingua da que se trate. Así, as distintas correntes recoñecen que a fraseoloxía é a disciplina (ou subdisciplina da lexicoloxía) que estudia as combinacións de palabras ou UFS das linguas. Por UF enténdese unha combinación estable de polo menos dúas palabras, que, segundo as

distintas correntes, terá como límite superior o sintagma ou a oración composta e presentará como trazos inherentes a fixación ou a idiomaticidade por si soas, ou ben unha combinación de ambos criterios.

O estudio dos sistemas fraseolóxicos das linguas amosa, paradoxicamente, unha certa "universalidade". De feito, C➲ernyseva (1989: 43) sinalou que os estudios soviéticos sobre fraseoloxía demostraron xa na década dos setenta que as unidades fraseolóxicas (*Phraseme*) das distintas linguas mostran máis semellanzas ca diferencias, prevalecendo as propiedades comúns da fraseoloxía sobre o especificamente nacional.

Idénticas conclusións extraeu Roos (1985) a partir da comparación dos sistemas fraseolóxicos do inglés, o francés e o alemán, chegando a afirma-lo seguinte: "Idiome gehören zu den sprachlichen Universalien" (p. 74). Nesta mesma liña, Dobrovol'skij (1988) demostrou a existencia de universais fraseolóxicos a partir da análise das locucións idiomáticas (*Phraseologismen*) do inglés, o alemán e o holandés.

Incluso estudios sectoriais sobre o tema chegaron a conclusións parecidas: Földes (1989) mostrou as sorprendentes similitudes que presentan os fraseoloxismos que incorporan nomes propios en linguas moi distantes xeneticamente, entre as que figuran o alemán, o ruso, o francés, o inglés, o italiano, o español, o búlgaro ou o croata.

Así as cousas, non resulta desatinado intentar establecer uns criterios obxectivos que puideran servir de base para a clasificación de unidades fraseolóxicas nas distintas linguas. Como resulta imposible dar conta en tan breve espacio das principais clasificacións de UFS existentes, imos optar por describi-los criterios que vimos seguindo para establecer unha taxonomía de unidades fraseolóxicas en español. Dado que partimos dunha serie de criterios xerais, intentaremos comproba-la súa validez aplicándoos tamén ó inglés, unha lingua xermánica, xeneticamente distante do español[11].

Partimos dunha concepción ampla da fraseoloxía, que engloba todas aquelas combinacións formadas por dúas palabras, polo menos, e que sitúa o seu límite superior na oración composta, caracterizadas por unha alta frecuencia de aparición na lingua e de coaparición dos seus elementos integrantes, así como a institucionalización, a estabilidade, a idiomaticidade e a variación que ditas unidades presentan en diverso grao.

Para a clasificación das unidades que constitúen o universo fraseolóxico, adoptamos como premisa a combinación dos criterios de enunciado e fixación. Por enunciado entendemos unha "unidad de comunicación mínima, producto de un acto de habla, que corresponde generalmente a una oración simple o compuesta, pero que también puede constar de un sintagma o una palabra" (Corpas Pastor, 1996: 51). A fixación[12] enténdese como reproducción destas unidades en calidade de combinacións previamente feitas.

---

[11] Para unha comparación dos sistemas fraseolóxicos de ambas linguas, dende unha perspectiva formal, semántica e pragmática, véxase Corpas Pastor (1995).

[12] A fixación pode ser interna (material e de contido), externa, analítica e pasemática (Thun, 1978; Zuluaga, 1992; Corpas Pastor, 1996).

A unión de ambos criterios permítenos establecer un primeiro nivel de estructuración en tres esferas. A esfera I comprende *colocacións*, é dicir, unidades fraseolóxicas fixadas só na norma, é dicir, sintagmas completamente libres ós que o uso lles conferiu certo grao de restricción combinatoria. As unidades da segunda esfera, as *locucións*, están fixadas no sistema.

As unidades destas dúas primeiras esferas non poden formar, por si soas, enunciados completos, nin constitúen actos de fala, pois necesitan combinarse con outros elementos no discurso. Nisto diferéncianse das unidades da terceira esfera, *os enunciados fraseolóxicos*, que, como o seu propio nome indica, constitúen enunciados e actos de fala por si mesmos, ademais de estaren fixados na fala e formaren parte do acervo sociocultural da comunidade falante.

Cada unha das esferas permite un segundo nivel de estructuración en virtude dunha serie de criterios adicionais. No caso das colocacións tivemos en conta a categoría gramatical e a relación sintáctica existente entre os colocados, seguindo parcialmente as propostas de Benson *et al.* (1986a, 1986b) e de Hausmann (1989).

(1) Verbo + substantivo (suxeito)

esp. *estallar una guerra*, *ladrar un perro*, *declararse una epidemia*[13]
ing. *to crow <a cock>*, *to go off <milk>*, *to break out <war>*

(2) Verbo + [preposición +] substantivo (obxecto)[14]

esp. *entablar amistad*, *tener repercusión*, *poner a prueba*
ing. *to draw attention*, *to make an attempt*, *to jump to a conclusion*

(3) Substantivo + adxectivo/substantivo

esp. *odio mortal*, *ignorancia supina*, *viaje relámpago*
ing. *traumatic experience*, *reliable source*, *copycat criminal*

(4) Substantivo + preposición + substantivo

esp. *un diente de ajo*, *un ciclo de conferencias*
ing. *a pinch of salt*, *a pack of dogs*

(5) Verbo + adverbio

esp. *desear fervientemente*, *felicitar efusivamente*
ing. *to advise strongly*, *to believe firmly*

(6) Adxectivo[15] + adverbio

esp. *rematadamente loco*, *relacionado estrechamente*
ing. *highly intelligent*, *seriously injured*, *piping hot*[16]

---

[13] Este apartado tamén inclúe construccións persoais pronominais en español.

[14] Nalgúns casos, o substantivo funciona como núcleo dun sintagma preposicional.

[15] Tamén teñen cabida os participios en función adxectiva.

Outros criterios de clasificación poderían ser de base semántica, tomando como referencia as funcións léxicas da teoría Senso-Texto de Mel'c[illegible]uk, que ten moito que ver coa distinción entre a *base* (a palabra *chave*), que é elemento semanticamente autónomo, e o *colocativo* (o *valor*), que é o elemento semanticamente dependente, o cal presenta unha acepción especial en virtude da base ou chave coa que se coloque. Así, en ambas linguas sería posible agrupa-las colocacións que compartan unha mesma función. Por exemplo *Magn* ('moi', 'intenso'):

esp. Magn (*error*)=*garrafal*; Magn (*rogar*) = *encarecidamente*;
Magn (*opuesto*) = *radicalmente, diametralmente*.

ing. Magn (*ignorance*) = *abysmal, blatant, crass, profound, total; colossal, complete, sheer*; Magn (*to forbid*) = *categorically, expressly, outright*; Magn (*awake*) = *wide*.

Este sistema de clasificación sería moi útil, por exemplo, para a confección de diccionarios bilingües e en traducción. Pénsese, por exemplo, nos distintos valores ou colocativos que selecciona a función $Oper_i$ ('verbo semanticamente baleiro que toma i como suxeito gramatical e C como primeiro complemento) para a base *juramento* e o seu equivalente de traducción *oath*:

esp. $Oper_i$ (*juramento*) = *prestar*
ing. $Oper_i$ (*oath*) = *to swear, to take* (non **to lend*)

A clasificación semántica das colocacións constitúe unha práctica frecuente na fraseoloxía rusa. Telia *et al.* (1994) combinan as funcións léxicas e a gramática de casos de Fillmore cun enfoque semántico-cognitivo para desenvolver un novo sistema de clasificación para o *Diccionario de colocaciones léxicas del ruso*, que se está compilando actualmente.

Na nosa clasificación tomamos en conta certos aspectos relevantes das funcións léxicas só no referente á caracterización dos distintos subtipos de colocacións. En canto ó enfoque semántico-cognitivo, fixemos algún comentario ó respecto na parte dedicada ós aspectos metafóricos das colocacións. En todo caso, este preséntase como unha porta aberta para a investigación tanto monolingüe como multilingüe.

Por exemplo, a metáfora "Enfadarse es acalorarse" (cf. Lakoff e Johnson, 1980) espéllase en ambas linguas:

esp. *debate acalorado, calentarse los ánimos*
ing. *heated argument, hopping mad*

As locucións da esfera II admiten un segundo nivel de estructuración. Estas unidades dividíronse seguindo criterios semánticos, pragmáticos e sintácticos. A clasificación semántica ocupouse exclusivamente das locucións idiomáticas ou translaticias, tendo en conta (a) a imaxe evocada ou (b) o concepto expresado. Por exemplo, locucións do tipo *meter la pata*, *llorar con un ojo* en español, e *to pull someone's leg*, *out of one's head*, en inglés, denominadas somatismos, clasificaríanse baixo o rótulo de "corpo humano", tendo

---

[16] *Piping* é catalogado como adverbio en inglés (véxase a entrada para *piping*[2] no LDOCE).

en conta a metáfora que lles serve de base (Wotjak, 1985; Elwolde, 1987; Clay e Martinell, 1988). Aínda que polo momento non se dispón dunha taxonomía completa, esta liña de investigación preséntase como unha alternativa interesante dende a semántica cognitiva (cf. Lakoff e Johnson, 1989; Lakoff, 1987).

Outras clasificacións de carácter semántico son as que parten do concepto expresado pola locución. Así, baixo MORIR aparecerían locucións españolas como *diñarla*, *espicharla*, *estirar la pata*, *estar criando malvas*, *pasar a mejor vida*, *dormir el sueño de los justos*, etc., así como as inglesas *to kick the bucket*, *to snuff it*, *to pop off*, *to peg out*, *to snuff the candle* e *to pass away*.

O enfoque onomasiolóxico foi reivindicado en fraseoloxía dende antigo, especialmente no referente á compilación de diccionarios e tesouros lexicográficos. Baste mencionar, entre outros, os traballos de Ball (1958), Friederich (1966), Görner (1979), Müller (1980), Kühnert (1986), Schemann (1989), Baranov e Dobrovol'skij (1992), Dobrovol'skij e Karaulov (1993), e Dobrovol'skij (1992, 1994a, 1994b, 1995). Non obstante, trátase dunha clasificación pouco sistemática, pois depende, en gran medida, da noción de campo semántico que se siga e dos descritores que se establezan.

A clasificación pragmática está menos desenvolvida, pero non por iso resulta menos interesante. Quizais os traballos máis representativos sexan os de Hieke e Lattely (1983) e Lattey (1986), que parten para a súa taxonomía do concepto de foco pragmático. Dividen así as locucións segundo a énfase ou foco recaia sobre o individuo: *to throw in the towel*, *ser un culo/culillo de mal asiento*; o mundo: *to be touch and go*, *irse al garete*; a interacción entre individuos: *to lend someone a [helping] hand*, *llevarse a alguien al huerto*; ou entre estes e o mundo: *to burn one's bridges [behind one]*, *ponerse el mundo por montera*.

Á súa vez, cada un destes grupos divídese en positivo, negativo ou neutro, segundo o resultado global da acción, xa sexa sobre o emisor, o receptor ou unha terceira persoa ou cousa. Por exemplo, as locucións inglesas *to lure (someone) into a trap* ('enganar a alguén') e *to walk into someone's trap* ('caer alguén na trampa que outra persoa lle tendeu') entrarían dentro da categoría INTERACCIÓN NEGATIVA ENTRE INDIVIDUOS; mentres que as españolas *romper una lanza por alguien* e *sacar (a alguien) las castañas del fuego* entrarían dentro da categoría INTERACCIÓN POSITIVA ENTRE INDIVIDUOS.

Como diciamos máis arriba, as locucións dividíronse tamén segundo criterios sintácticos e gramaticais. Para ilustrar este punto, mencionarémo-lo traballo clásico de Fraser (1970). A súa escala de fixación exerceu unha grande influencia en traballos posteriores. Este autor clasifica as locucións da lingua inglesa en cinco subtipos, de menor a maior grao de rixidez sintáctica, segundo as operacións de transformación que permitan.

Ó nivel 5 pertencen exemplos como *to let the cat out of the bag* que admite a nominalización (cf. *his letting the cat out of the bag ruined the whole thing*); no nivel 4 encontramos locucións que admiten operacións de extracción, como, por exemplo, transformacións pasivas ou movemento de partículas, como *to pass the buck* e *to look up*; o nivel 3 contén unidades que permiten operacións de permutación (por exemplo, movemento de obxecto), como *to lay down the law* (cf. *to lay the law down*); ó nivel 2

corresponden unidades que admiten a inserción de compoñentes alleos á locución en cuestión, como *to read the riot act* (cf. *My father dared to read the riot act to my friends*). As locucións do nivel 1 permiten operacións de adxunción, como a transformación de nominalización xerundiva: *to burn the candle at both ends* (cf. *John's burning the candle at both ends*); e, por último, as locucións do nivel 0 non permiten ningún tipo de transformación: entre elas figuran *to trip the light fantastic*, *to build castles in the air* ou *to sit on pins and needles*.

Os criterios gramaticais serviron para agrupa-las locucións segundo a categoría gramatical dos seus compoñentes (cf. Makkai, 1972): por exemplo, verbos con partícula, como *to put off* e binomios irreversibles, do tipo *mondo e lirondo* e *kith and kin*. Non obstante, a clasificación gramatical máis estendida toma como punto de partida a parte do discurso coa que conmute a locución (cf. Casares, 1992[1950]; Zuluaga, 1980; Gläser, 1986, etc.), é dicir, ten en conta o criterio tradicional da funcionalidade, aínda que se contemple a categoría gramatical dos compoñentes de cada unidade á hora de caracterizar cada tipo.

Para a elaboración da nosa subclasificación de locucións seguimos este último criterio, a saber, a función que desempeñen e a equivalencia que establezan cos distintos sintagmas oracionais, sen esquece-lo criterio de clase baseado no núcleo do sintagma de que se trate. Distinguimos sete tipos, que resumimos a continuación:

(1) Locucións nominais, que desempeñan as mesmas funcións ca un substantivo ou un sintagma nominal.

esp. *peso pesado*, *alma de cántaro*, *coser y cantar*, *el qué dirán*
ing. *a lame duck*, *the man in the street*, *lock, stock and barrel*

(2) Locucións adxectivas, que, ó igual cós adxectivos, desempeñan as funcións oracionais básicas de atribución e predicación.

esp. *corto de medios*, *mondo y lirondo*, *más feo que Picio*, *de pelo en pecho*, *que no se lo salta un gitano*
ing. *long in the tooth*, *high and mighty*, *stone sober*, *[as] happy as the day is long*

(3) Locucións adverbiais, que presentan unha gran complexidade sintáctica e adoitan desempeña-las funcións de complemento circunstancial ou de modificador oracional.

esp. *a la chita callando*, *de higos a brevas*, *más y más*, *según mi leal saber y entender*, *boca arriba*, *largo y tendido*
ing. *in the nick of time*, *now and again*, *like a ball out of hell*, *to cap it all*, *frankly speaking*[17]

---

[17] Gläser (1986) considera que as tres últimas locucións son fórmulas rutinarias. Non obstante, optamos por consideralas locucións adverbiais (con claras funcións discursivas), dado que non cumpren os criterios definitorios dos enunciados fraseolóxicos. Neste senso, resulta significativo que Quirk *et al.* (1989: 615, 635) adscriban este tipo de unidades ós *conjuncts* (expresan cómo entende o emisor a conexión semántica entre dous enunciados ou parte destes) ou ós *adjuncts* (expresan a actitude persoal do emisor acerca do estilo e a forma do que está dicindo).

Convén mencionar que moitas delas son plurifuncionais, de aí que en español se propuxera un novo tipo de locucións, as adxectivo-adverbiais, como *al contado, a las claras, a punto de caramelo, como Dios manda*[18] (Castillo Carballo, 1997).

> No se trata de dormir la mona —un bebedor tiene muy poco que ver con un borracho como Dios manda—, sino de necesitar un cicerone para recorrer los vastos caminos de la noche. (*Sur*, 17-08-91, p. 47)

> Claro que hay mucho mangante y mucho desaprensivo, ésa es la verdad. ¡Si se pudiera distinguir! Lo que tendría que hacer todo el mundo es trabajar como Dios manda, ¿verdad, Luis? (C.J. Cela. 1980[1951]. *La colmena*. Cátedra, p. 77)

En inglés tamén abundan as locucións plurifuncionais: por exemplo, *beyond the pale* é clasificada dobremente como adxectiva e como adverbial no LDOEI; mentres que *more or less* pode modificar (atributivamente ou en calidade de *qualifier*) a substantivos, pronomes, adxectivos e adverbios:

> It is a familiar experience accepted with more or less resignation. (ODOCIE2)

> I just thought of us as friends. Nothing more or less. I had no idea. (A. Ayckbourn, 1975. Round and *Round the Garden*. Penguin, p. 201)

> I got through more or less unscathed, but Hugo received a blow in the eye. (ODOCIE2)

> In that way the benefits would be distributed more or less evenly. (ODOCIE2)

(4) Locucións verbais, que expresan procesos e equivalen a un sintagma verbal.

esp. *dar y tomar, diñarla, tomarla con (alguien/algo), ser el último mono, costar un ojo de la cara, saber de qué pie cojea (alguien), no tener oficio ni beneficio, llevar la voz cantante [en algo], saltarse (algo) a la torera, dormir como un tronco*

ing. *to toss and turn, to pop up*[19]*, to take after (somebody), to be left to one's own devices, to get hold of the wrong end of the stick, not to know where/which way to turn, to twist (somebody) round one's little finger, to work like a Troyan*

(5) Locucións prepositivas, que constitúen o núcleo dun sintagma prepositivo. Fóra de non formaren sintagmas por si mesmas, satisfán os demais criterios identificativos.

esp. *gracias a, delante de, con vistas a, en pos de*
ing. *by force of, as from, due to, instead of*

---

[18] Nun traballo anterior (Corpas Pastor, 1996), consideramos como locucións clausais unidades do tipo *como quien dice, como Dios manda, como Dios le* da *(a alguien) a entender*, de acordo coa súa estructura sintagmática. Non obstante, seguiremos a Castillo Carballo (1997) quen argumentou, dende unha postura puramente funcional, que este tipo de unidades en español constitúen, máis ben, locucións adverbiais ou adxectivo-adverbiais.

[19] Aquí inclúense os verbos con partícula da lingua inglesa. Estes foron excluídos frecuentemente do ámbito da fraseoloxía por razóns prácticas (Cf. Roos, 1985: 76; Strässler, 1982: 79). Non obstante, tales unidades entran dentro do concepto de locución. A xuízo de Palmer (1986: 80), constitúen "a very common type of idiom in English".

(6) Locucións conxuntivas, que non forman sintagmas por si mesmas nin poden se-lo núcleo destas, pero que comparten os trazos definitorios das unidades desta segunda esfera. Poden ser coordinantes ou subordinantes, ou ben relacionan parágrafos, oracións ou parte delas.

esp. *ya...ya, más que, con tal de, según y como, al fin y al cabo, con todo*
ing. *either...or, so that, as though, sooner than, on top of that, in addition*

(7) Locucións clausais, que se caracterizan por estaren estructuradas en varios sintagmas, dos cales un, polo menos, é verbal. Están provistas de suxeito e predicado, pero non forman oracións completas porque necesitan actualizar algún actante no discurso. Son máis abundantes en español, aínda que en inglés se rexistran algúns exemplos.

esp. *salirle (a alguien) el tiro por la culata, revolvérsele (a alguien) las tripas, ponérsele (a alguien) los dientes largos, no llegarle (a alguien) la camisa al cuerpo*
ing. *somebody's heart sinks, the pace gets too hot for someone*

Os enunciados fraseolóxicos da terceira esfera divídense, á súa vez, en dous grandes grupos: *paremias* e *fórmulas rutinarias*. O criterio diferenciador é o de autonomía textual, presente nas paremias, fronte á dependencia situacional das fórmulas. Outra diferencia fundamental é de carácter semántico: mentres que o significado das paremias é referencial, o das fórmulas é predominantemente social, expresivo ou discursivo.

As paremias engloban, á súa vez, distintos subtipos que non resultan fáciles de delimitar. As taxonomías tradicionais[20] apoiáronse en consideracións de moi diversa índole, frecuentemente de carácter diacrónico, etimolóxico e semántico. Déronse, así mesmo, algúns intentos de ofrecer unha tipoloxía de paremias a partir dunha matriz de trazos. Rodegem (1972, 1984) estableceu 10 tipos de paremias en francés mediante a combinación dos seguintes trazos:

— estructura rítmica (R)

— analoxía da situación (A)

— carácter denotativo (D)

— norma xeral (g)

— norma específica (s)

— norma restrinxida (r)

— norma directiva (Dir.)

— norma indicativa (Ind.)

[1] *Proverbe*: {R, A, g, Dir., Ind.}

[2] *Maxime*: {R, D, g, Dir.}

---

[20] Véxanse, por exemplo, as aclaracións de Julio Fernández-Sevilla (1985) a este respecto ou as definicións de *refrán, proverbio, dicho, máxima, adagio, aforismo, apotegma* e *sentencia* no DRAE.

[3] *Aphorisme*: {R, D, g, Ind.}

[4] *Dicton*: {R, A, s, Dir., Ind.}

[5] *Slogan*: {R, D, s, Dir., Ind.}

[6] *Adage juridique*: {R, D, s, Dir., Ind.}

[7] *Loc. proverbiale*: {A, r, Dir., Ind.}

[8] *Apopthegme*: {R, r, Dir., Ind.}

[9] *Devise*: {R, D, r, Dir., Ind.}

[10] *Wellerisme*: {Ø}

Se comparamos os tipos 1 e 3, por exemplo, obsérvase que ambos presentan unha estructura rítmica e expresan de forma implícita unha norma sancionada socialmente, de carácter xeral e indicativo, que pode ser tamén directiva no caso do "proverbe". Agora ben, ambos diferéncianse en que o uso do "proverbe" supón unha analoxía co contexto da situación comunicativa, cousa que non ocorre no caso do "aphorisme", o significado do cal é puramente denotativo. A ausencia de trazos no "wellerisme" débese a que este, en opinión do autor, constitúe só un subtipo marxinal, de carácter cómico e anecdótico, onde se parodia a norma.

Outro intento interesante de formalización é o de Norrick (1985), quen intenta deslinda-las paremias doutros xéneros afíns da lingua inglesa en virtude dos seguintes trazos:

— quenda da conversación (T)

— carácter conversacional (C)

— tradicional (Trad.)

— oral (O)

— fixación formal (F)

— didáctico (D)

— xeral (G)

— figurativo (Fig.)

— trazos prosódicos (P)

— ameno ("entertaining") (A)

— humorístico (H)

[1] *Proverb*: {T, C, Trad., O, F, D, G, Fig.*, P*}[21]

[2] *Cliché*: {T, C, Trad., O, F, G*, Fig.*, P*, H*}

---

[21] O asterisco indica que se trata dun trazo optativo.

[3] *Wellerism*: {T, C, Trad., O, F, Fig.*, P*, A, H}

[4] *Curse*: {C, Trad., O, F, Fig.*, P*, H*}

[5] *Proverbial phrase*: {C, Trad., O, F, Fig., P*, H*}

[6] *Riddle*: {Trad., O, F*, D*, F*, P*, A, H*}

[7] *Joke*: {Trad., O, Fig.*, A, H}

[8] *Tale*: {C, O, D*, Fig.*, A, H*}

[9] *Song*: {Trad., F, D*, Fig.*, P, A, H*}

[10] *Slogan*: {T, O*, F, D*, Fig.*, P*, H*}

[11] *Aphorism*: {T*, F, D*, G, Fig.*, P*, A, H*}

Comparando de novo os tipos 1 e 11, obsérvase que ambos comparten a fixación formal e o carácter de xeneralidade, así como a posibilidade de presentar trazos prosódicos e contido figurativo. O "proverb" ten carácter didáctico e pode constituír unha quenda conversacional, trazos estes que só se presentan opcionalmente no "aphorism", o cal se distingue, ademais, por ser ameno e incluso humorístico nalgúns casos.

Para a nosa clasificación seguimos, non obstante, as propostas de Pierre Arnaud (1991), que estableceu cinco criterios que, actuando como filtros sucesivos, permiten chegar por eliminación ó que denomina *proverbes* ("refráns"): (1) lexicalización, (2) autonomía sintáctica, (3) autonomía textual, (4) valor de verdade xeral e (5) carácter anónimo.

Por definición, toda paremia cumpre os tres primeiros requisitos; mentres que os dous restantes permiten establecer distintos subtipos.

(1) Enunciados de valor específico, que non posúen valor de verdade, independentemente da situación á cal se aplican.

esp. *Las paredes oyen, haber moros en la costa, Haz el amor y no la guerra, España es diferente*
ing. *The sky is the limit, The game is not worth the candle, Your country needs you*

(2) Citas, que se caracterizan por ter unha orixe coñecida, xa que proceden de textos escritos ou de fragmentos falados postos en boca dun personaxe, real ou ficticio.

esp. *La vida es sueño* (Pedro Calderón de la Barca) e *La religión es el opio del pueblo* (Karl Marx).
ing. *To err is human, to forgive, divine* (Pope), *Cast thy bread upon the waters* (*Libro de los Proverbios*, 2:1)

(3) Refráns, que se diferencian das citas en que a súa orixe é descoñecida, aínda que a separación entre ambos tipos de paremias é unha cuestión de grao. O refrán é a paremia

por excelencia, pois nel danse as cinco características mencionadas anteriormente, ás que habería que engadi-las que definen ó refrán prototípico[22].

esp. *De tal palo, tal astilla, Por la boca muere el pez, Sólo se vive una vez*
ing. *Out of sight, out of mind, The early bird catches the worm, You live and learn*

As fórmulas rutineiras clasificáronse dende unha dobre vertente. Por un lado, seguindo un criterio funcional, Coulmas (1985) e Roos (1985) distinguiron entre fórmulas discursivas, fórmulas sociais e fórmulas expresivas. Steel (1985) e Gläser (1986), pola súa parte, seguiron máis ben un criterio semántico. A taxonomía que propoñemos pretende unir ambos criterios, tomando en consideración algúns aspectos pragmáticos relevantes. En primeiro lugar, facemos unha división bipartita entre fórmulas discursivas e fórmulas psico-sociais.

(1) Fórmulas discursivas, que cumpren funcións organizadoras do discurso, mantendo a fluidez dos intercambios e mostrando a actitude do emisor. Subdivídense, á súa vez, en dous tipos:

(1.1.) Fórmulas de apertura e peche, que operan nos límites da interacción.

esp. *¿Qué hay?, A ver, Hasta luego*
ing. *How are you keeping?, What brings you here?, See you*

(1.2.) Fórmulas de transición, que estructuran e regulan os intercambios conversacionais.

esp. *A eso voy, Y es más, ¿Qué te digo yo?*
ing. *You see what I mean, Wait a minute, You know*

(2) Fórmulas psico-sociais, que serven para facilita-lo desenvolvemento normal da interacción social ou para expresa-lo estado mental e os sentimentos do emisor. Seguindo criterios semánticos e pragmáticos (carga ilocucionaria e tipo de acto de fala), establecemos seis tipos, con ulteriores subdivisións.

(2.1.) Fórmulas expresivas, que constitúen actos de fala expresivos ou actitudinais. De acordo coa forza ilocucionaria, a proxección e a responsabilidade do acto, distinguimos os seguintes subgrupos:

— Fórmulas de desculpa

esp. *Con perdón, Perdone que le moleste, Lo siento [mucho]*
ing. *Please accept my apologies, Excuse me, No hard feelings*

— Fórmulas de consentimento

esp. *Ya lo creo, Y tanto, Con/de mil amores*
ing. *Hear, hear, You can say that again, Fair enough*

— Fórmulas de recusación

---

[22] A saber, significado metafórico, particularidades fónicas, anomalías sintácticas ou estructuras sintácticas particulares na que os seus membros manteñen relacións precisas, carácter tradicional e propósito didáctico ou dogmático (Arnaud, 1991: 22).

esp. *Ni hablar, A otro perro con ese hueso, Y un jamón*
ing. *My foot!, You must be joking, Tell it to the marines*

— Fórmulas de agradecemento

esp. *[Que] Dios te (le, etc.) bendiga, Muchas gracias, [Que] Dios se lo pague*
ing. *That's very kind/nice/sweet of you, Thank you, Much obliged*

— Fórmulas de réplica

esp. *De nada, No las merece, No hay de qué*
ing. *You're welcome, Don't mention it, My pleasure*

— Fórmulas de desexar sorte

esp. *Feliz Navidad, Suerte y al toro, Que aproveche*
ing. *Happy birthday, Fingers crossed, Good luck*

— Fórmulas de solidariedade

esp. *¡Qué mala suerte!, ¡Qué se le va a hacer!, Le acompaño en el sentimiento*
ing. *Hard luck, Dear me!, I know the feeling, May I express my sympathy*

— Fórmulas de insolidariedade

esp. *¡A mí, plin!, ¡Allá tú!, ¿Y qué?*
ing. *It serves you right*

(2.2.) Fórmulas comisivas, de promesa e ameaza, que se caracterizan por implica-lo emisor nun feito futuro:

esp. *Cruz y raya, Ya ajustaremos cuentas*
ing. *Cross my heart (and hope to die), Just you wait*

(2.3.) Fórmulas directivas, que implican o receptor nun feito futuro, e que se dividen en:

— Fórmulas de exhortación

esp. *¿Te ha comido la lengua el gato?, Al grano*
ing. *Come off it, Get lost*

— Fórmulas de información

esp. *¿Qué pasa?, ¿Qué mosca te (le, os, etc.) ha picado?*
ing. *What's the big deal?, Say when*

— Fórmulas de ánimo

esp. *No te (se) ponga así, No es para tanto*
ing. *Take it easy, Cheer up*

(2.4.) Fórmulas asertivas, mediante as que os falantes transmiten información que declaran verdadeira, xa sexa factual ou relativa ós seus sentimentos, sen que se produza implicación do emisor ou o receptor nun acto pasado ou futuro:

— Fórmulas de aseveración

esp. *Lo que yo te diga, Por mis muertos*
ing. *You [can] bet your [sweet] life [that], God knows*

— Fórmulas emocionais

esp. *¡No te fastidia!, Válgame Dios*
ing. *Holy smoke, You don't say [so]*

(2.5.) Fórmulas rituais, que se relacionan coas secuencias de apertura e peche do acto comunicativo:

— Fórmulas de saúdo

esp. *Buenos días, Dichosos los ojos [que te/le ven]*
ing. *How do you do?, Good evening*

— Fórmulas de despedida

esp. *A seguir bien, [Ve/Vaya usted] con Dios*
ing. *Good night, Yours sincerely*

(2.6.) Miscelánea, é dicir, fórmulas para as que non existe verbo performativo que traduza a súa forza ilocucionaria:

esp. *Al agua, patos, Pelillos a la mar*
ing. *Come to think of it, You name it*

5. Conclusión

Durante longos anos a fraseoloxía foi considerada como unha pura anécdota, unha mera irregularidade, que non casaba ben co estudio científico das linguas. Hoxe en día, destronada a palabra en favor do texto como unidade lingüística, os resultados obtidos en varios campos de investigación puxeron de relevo a importancia que teñen estas combinacións léxicas para a comunicación humana.

As distintas correntes, tendencias e enfoques da investigación fraseolóxica converxen, cada día máis, no relativo ós límites do universo fraseolóxico, así como en canto ós criterios taxonómicos que se veñen aplicando. Neste senso, o presente traballo veu a demostra-la posibilidade de establecer unha mesma clasificación xeral que sexa válida para dúas linguas distantes xeneticamente, a saber, o español e o inglés. Tería sido interesante comprobar se iso se repite con respecto a outras linguas das familias romance e xermánica.

Por outro lado, no que a esta clasificación xeral se refire, cabe sinalar que non estamos ante tipos discretos, perfectamente separables. As unidades fraseolóxicas presentan unha gran flexibilidade a este respecto. Así, danse unidades dunha esfera que evolucionan ata converterse en unidades doutra esfera: pénsese no paso de moitas paremias a locucións, por exemplo; nas similitudes de refráns como *Así es la vida* e *You live and learn* con respecto ás fórmulas rutineiras; ou ben na proximidade existente entre as fórmulas

catalogadas como *miscelánea* e os enunciados de valor específico. Tamén pode ocorrer que unidades dunha mesma esfera sexan susceptibles de pertencer a varios subtipos á vez dentro destas, como no caso das locucións plurifuncionais (*Como Dios manda*, *more and more*) ou as fórmulas do tipo *Faltaría más* (de recusación e de consentimento) e *I beg your pardon* (de sorpresa, información ou recusación).

Se ben un primeiro paso da investigación fraseolóxica actual pode se-lo establecemento de clasificacións máis ou menos xerais, válidas para un gran número de linguas, o segundo paso debe se-la comparación efectiva dos distintos sistemas fraseolóxicos dende as súas vertentes formal, semántica, discursiva e pragmática. Só entón poderemos conseguir resultados relevantes que poidan ser aplicados con éxito a outras disciplinas afíns, como son a lexicografía e a traducción. Teremos, logo, que comprobar se, como postula Stedje (1989), as verdadeiras diferencias entre os sistemas fraseolóxicos se acusan ó confrontar unha unidade concreta co seu correspondente equivalente de traducción.

Bibliografía

ACADEMIA ESPAÑOLA (RAE). 1992. *Diccionario de la lengua española.* 21ª ed. Madrid: Espasa-Calpe. [**DRAE**]

ALEXANDER, R. 1984. "Fixed expressions in English: reference books and the teacher". *ELT Journal.* 38 (2). 127-134.

--- 1989. "Fixed expressions, idioms and collocations revisited", en P. Meara (ed.) 1989. *Beyond Words. Papers on the annual meeting of BAAL Seminar. Exeter 1988*. Londres: BAAL/CILT.15-24.

ALEXANDROVA, O.-TER-MINASOVA, S. 1987. *English Syntax (Collocation, Colligation and Discourse*). Moscú: Universidad de Moscú.

AMOSOVA, N.N. 1963. *Osnovy anglijskoj frazeologii*. Leningrado.

ARNAUD, P.J.L. 1991. "Réflexions sur le proverbe". *Cahiers de lexicologie.* 59. 5-27.

ARNOLD, I.V. 1973. *The English Word. Leksikologija sovremennogo anglijskogo jazyka.* 2ª ed. Moscú: Naukowe.

BALL, W.J. 1958. *A Practical Guide to Colloquial Idioms.* Londres: Longmans, Green & Co. Ltd.

BARANOV, A.-DOBROVOL'SKIJ, D. 1992. "K probleme postroenija tezaurusa russkich idiom". *Izvestija RAN* (Serija literatury i jazyka 5). 60-67.

BECKER, J.D. 1975. "The phrasal lexicon", en B. Nash-Webber y R. Schank (eds.) 1975. *Theoretical issues in natural language processing.* Cambridge (Mass.): Bolt, Beranek and Newman. 70-73.

BENSON, M.; BENSON, E.; ILSON, R., 1986a. *Lexicographic Description of English*. Amsterdam: John Benjamins.

--- 1986b. *The BBI Combinatory Dictionary of English: A Guide to Word Combinations*. Amsterdam: John Benjamins.

BURGER, H.-ZETT, R. (eds.) 1987. *Aktuelle Probleme der Phraseologie. Symposium 27.-29.9.1984 in Zürich.* Berna.

CANDÓN, M.-BONNET, M. 1994[1993]. *A buen entendedor... Diccionario de frases hechas de la lengua castellana.* 5ª ed. Madrid: Anaya/Mario Muchnik.

CARNEADO MORÉ, Z.V. 1985. *La fraseología en los diccionarios cubanos.* La Habana: Editorial Ciencias Sociais.

CARNEADO MORÉ, Z.V.-TRISTÁ PÉREZ, A.M. 1985. *Estudios de fraseología.* La Habana: Academia de Ciencias de Cuba.

CARTER, R.-MCCARTHY, M. (eds.) 1988. *Vocabulary and Language Teaching.* "Applied Linguistics and Language Study". Londres y Nueva York: Longman.

CASARES, J. 1992[1950]. *Introducción a la lexicografía moderna.* Madrid: C.S.I.C.

CASTILLO CARBALLO, M.A. 1997. *Unidades pluriverbales en un corpus del español contemporáneo.* Tesis doctoral. Universidad de Alicante.

C➲ERNYSEVA, I. 1989. "Strukturtypologische Phraseologie-forschung in der sowjetischen Germanistik (Überblich und Ausblick)", en G. Gréciano. (ed.) 1989. *EUROPHRAS 88. Phraséologie Contrastive. Actes du Colloque International Klingenthal-Strasbourg, 12-16 mai 1988.* (Colection Recherches Germaniques 2, Université des Sciences Humaines, Dept. d'Études Allemandes). Estrasburgo. 43-49.

CHAFE, W.L. 1968. "Idiomaticity as an anomaly in the Chomskyan paradigm". *Foundations of Language.* 4. 109-127.

CLAY, C.-MARTINELL, E. 1988. *Fraseología español/inglés, denominaciones relativas al cuerpo humano.* Barcelona: PPU.

CORPAS PASTOR, G. 1995. *Un estudio paralelo de los sistemas fraseológicos del inglés y del español*. Edición en microfichas. Málaga: Universidad de Málaga. Servicio de publicaciones e intercambio científico.

--- 1996. *Manual de fraseología española.* (Biblioteca Románica Hispánica). Madrid: Gredos.

COSERIU, E. 1966. "Structure lexicale et enseignement du vocabulaire", en *Actes du premier colloque international de linguistique appliquée.* Nancy. 175-217.

COULMAS, F. 1979. "On the Sociolinguistic Relevance of Routine Formulae". *Journal of Pragmatics.* 3. 239-266.

--- 1981a. (ed.) *Conversational Routine. Explorations in Standardized Communication Situations and Prepatterned Speech. Vol. II.* "Rasmus Rask Studies in Pragmatic Linguistics 3". La Haya: Mouton.

--- 1985. “Diskursive Routine im Fremdsprachenerwerb”. *Sprache und Literatur in Wissenschaft und Unterricht.* 56 (2). 47-66.

COWIE, A.P. 1988. “Stable and creative aspects of vocabulary use”, en R. Carter y M. McCarthy (eds.) 1988. *Vocabulary and Language Teaching.* “Applied Linguistics and Language Study”. Londres y Nueva York: Longman. 126-139.

--- 1990. “Pedagogical descriptions of language: lexis”. *Annual Review of Applied Linguistics.* 10. 196-209.

COWIE, A.P.; MACKIN, R.; MCCAIG, I. 1985b. *Oxford Dictionary of Current Idiomatic English.* Vol. 2.: *Phrase, Clause and Sentence Idioms.* (1983). 4ª reimpresión. Oxford: Oxford University Press. [**ODOCIE2**]

DOBROVOL’SKIJ, D.O. 1988. *Phraseologie als Objekt der Universalienlinguistik.* “Linguistische Studien”. Leipzig.

--- 1992. “Phraseologie und sprachlisches Weltbild. Vorarbeiten zum Thesaurus der deutschen Idiomatik”, en C. Földes (ed.) 1992. *Deutsche Phraseologie in Sprachsystem und Sprachverwendung.* Viena: Praesens. 171-195.

--- 1994a. “Idioms in a Semantic Network: Towards a New Dictionary-Type”, en W. Martin, W. Meijs, M. Moerland, E. ten Pas, P. van Sterkenburg & P. Vossen (eds.). 1994. *Euralex 1994 Proceedings. Papers submitted to the 6th EURALEX International Congress on Lexicography in Amsterdam, The Netherlands.* Amsterdam. 263-270.

--- 1994b. “Thesaurus deutscher Idiome”, en B. Sandig (ed.) 1994. *EUROPHRAS 92. Tendenzen der Phraseologieforschung*. Bochum: Universität Dr. N. Brockmeyer. 35-64.

--- (1995). *Kognitive Aspekte der Idiom-Semantik. Studien zum Thesaurus deutscher Idiome.* Tubinga: Narr.

DOBROVOL’SKIJ, D.O.-KARAULOV, J. 1993. “Idiomatika v tezauruse jazykovoj lic☭nosti”. *Voprosy jazykoznanija.* 2. 5-15.

DOVAL, G. 1995. *Del hecho al dicho.* Madrid: Edicións del Prado.

ELWOLDE, J.F.N.M. 1987. *Aspects of the Collocational Analysis of Meaning with Special Reference to Some Biblical Hebrew Anatomical Idioms.* Tesis doctoral. University of Hull. Ann Arbor. UMI. BRDX85382.

FERNÁNDEZ-SEVILLA, J. 1985. “Paremiología y lexicografía. Algunas precisiones terminológicas y conceptuales”, en *Philologica Hispaniensia*. 191-203.

FERNANDO, C.-FLAVELL, R. 1981. *On Idiom. Critical Views and Perspectives.* “Exeter Linguistic Studies, 5”. Exeter: University of Exeter.

FIALA, P.-LAFON, P.-PIGUET, M.F. (eds.) 1997. *La locution: entre lexique, syntaxe et pragmatique.* (Colection Saint-Cloud). París: Klincksieck.

FLEISCHER, W. 1997[1982]. *Phraseologie der deutschen Gegenwartssprache.* (2ª ed.). Tubinga: Max Niemeyer Verlag.

FÖLDES, C. 1989. "Önymische Phraseologismen als Objekt des Sprachvergleichs", en G. Gréciano (ed.) 1989. *EUROPHRAS 88. Phraséologie Contrastive. Actes du Colloque International Klingenthal-Strasbourg, 12-16 mai 1988*. (Colection Recherches Germaniques 2, Université des Sciences Humaines, Dept. d'Études Allemandes). Estrasburgo. 127-140.

FONTANILLO MERINO, E. (ed.) 1993. *Larousse Diccionario Práctico de Locuciones.* Barcelona: Larousse Planeta.

FRASER, B. 1970. "Idioms within a transformational grammar". *Foundations of Language.* 6. 22-42.

FRIEDERICH, W. 1966. *Moderne deutsche Idiomatil. Systematisches Wörterbuch mit Definitionen und Beispielen.* Munich.

GAMBIER, Y. 1993. "Phraseologie et terminologie en traduction et interprétation". *META.* XXXVIII (2). 389-391.

GLÄSER, R. 1986. *Phraseologie der englische Sprache.* Tubinga: Max Niemeyer Verlag.

GÖRNER, H. 1979. *Redensarten. Kleine Idiomatik der deutschen Sprache.* Leipzig: Bibliographisches Institut.

GRAMLEY, S.-PÄTZOLD, K-M. 1992. *A Survey of Modern English.* Londres, Nueva York: Routledge.

GRÉCIANO, G. (ed.) 1989. *EUROPHRAS 88. Phraséologie Contrastive. Actes du Colloque International Klingenthal-Strasbourg, 12-16 mai 1988*. (Colection Recherches Germaniques 2, Université des Sciences Humaines, Dept. d'Études Allemandes). Estrasburgo.

GREENBAUM, S. 1970. *Verb-Intensifier Collocations in English: an Experimental Approach.* La Haya, París: Mouton.

HAENSCH, G.; WOLF, L.; ETTINGER, S.; WERNER, R. 1982. *La lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica*. Madrid: Gredos.

HAKUTA, K. 1974. "Prefabricated patterns and the emergence of structure in second language acquisition". *Language Learning.* 24 (2). 287-297.

HALLIDAY, M.A.K. 1966. "Lexis as a Linguistic Level", en C.E. Bazell, J.C. Catford, M.A.K. Halliday y R.H.Robins (eds.) 1966. *In Memory of John Firth*. Londres: Longmans. 148-162.

HASAN, R. 1971. "Syntax and semantics", en J. Morton (ed.) 1971. *Biological and Social Factors in Psycholinguistics.* Cambridge: Logos Press. 131-157.

HÄUSERMANN, J. 1977. *Phraseologie. Hautprobleme der deutschen Phraseologie auf der Basis sowjetischer Forschungsergebnisse.* Tubinga: Niemeyer.

HAUSMANN, F.J. 1977. "Splendeurs et misères du Tresor de la langue française". *Zeitschrift für französische Sprache und Literatur.* 87. 212-231.

--- 1979. "Un dictionnaire des collocations est-il possible?". *Travaux de Linguistique et de Litterature.* 17 (1). 187-195.

--- 1984. "Wortschatzlernen ist kollokationslernen". *Praxis des Neusprachlichen Unterrichts.* 31 (4). 395-406.

--- 1985. "Kollokationen in deutschen Wörterbuch: Ein Beitrag zur Theorie des lexikographischen Beispiels", en H. Bergenholtz y J. Mugdan (eds.) 1985. *Lexikographie und Grammatik: Akten des Essener Kolloquiums zur Grammatik im Wörterbuch 28.-30.6.1984.* "Lexicographica Series Maior 3". Tubinga: Max Niemeyer. 118-129.

--- 1989. "Le dictionnaire de collocations", en F.J. Hausmann, O. Reichman, H.E. Wiegand y L. Zgusta (eds.) 1989. *Wörterbücher. Dictionaries. Dictionnaires. Ein internationales Handbuch zur Lexikographie. An International Encyclopedia of Lexicography. Encyclopédie internationale de lexicographie.* Vol. 1. Berlín, Nueva York: Walter de Gruyter. et al. (eds.) 1989. 1010-1019.

HIEKE, A.E.-LATEY, E. 1983. *Using Idioms: Situationsbezogene Redensarten.* Tubinga: Niemeyer.

JONES, S.-SINCLAIR, J.M. 1974. "English Lexical Collocations. A Study in Computational Linguistics". *Cahiers de Lexicologie.* 24. 15-61.

KORHONEN, J. (ed.)1987. *Beiträge zur allgemeinen und germanistischen Phraseologieforschung. Internationales Symposium in Oulu 13.-15.Juni 1986.* (Veröffentlichungen des germanistischen Instituts der Universität Oulu 7). Oulu.

KRASHEN, S.D.-SCARCELLA, R. 1978. "On routines and patterns in language acquisition and performance". *Language Learning.* 28 (2). 283-300.

KÜHN, P. 1984. "Pragmatische und lexikographische Beschreibung phraseologischer Einheiten: Phraseologismen und Routinenformeln", en H.E. Wiegand (ed.) 1984. *Studien zur neuhochdeutschen Lexikographie IV.* "Germanistische Linguistik 1-3/83". Hildesheim: Georg Olms. 175-235.

KÜHNERT, H. 1986. *Deutsche Phraseologie für ausländische Deutschlehrer, ein Hand- und Übungsbuch für Deutschlehrer und Studenten*. Postdam.

LAKOFF, G. 1987. *Women, Fire and Dangerous Things: What Categories Reveal about the Mind.* Chicago: University of Chicago Press.

LAKOFF, G.-JOHNSON, M. 1980. *Metaphors We Live By.* Chicago: University of Chicago Press.

LATTEY, E. 1986. “Pragmatic classification of idioms as an aid for the language learner”. *International Review of Applied Linguistics.* XXIV (3). 217-233.

LÁZARO CARRETER, F. 1980. *Estudios de lingüística.* Barcelona: Crítica.

LEONARDI, M. 1977. “Termi firthiani di linguistica aplicata: ‘restricted languages’ e ‘collocation’”. *Rassegna italiana de linguistica aplicata.* 9 (3). 121-136.

MACKIN, R. 1978. “On collocations: words shall be known by the company they keep”, en P. Strevens (ed.) 1978. *In Honour of A.S. Hornby.* Oxford: Oxford University Press. 149-165.

MAKKAI, A. 1972. *Idiom Structure in English.* La Haya: Mouton.

MARTÍNEZ MARÍN, J. 1996. *Estudios de fraseología española.* (Cuadernos de lingüística 14). Málaga: Ágora.

MARTINS-BALTAR, M. (ed.) 1995. *La locution en discours.* (Número especial de *Cahiers du français contemporain*, 2). Didier Érudition: París.

--- (ed.) *La locution: entre langue et usages.* (Collection Signes, ENS Editions Fontenay/Saint-Cloud). Ophrys: París. (En prensa)

MATES➲IC✓ J. (ed.) 1983. *Phraseologie und ihre Aufgaben. Beiträge zum 1. Internationalen Phraseologie-Symposium*. (Mannheimer Beiträge zur slawischen Phraseologie 3). Heidelberg: Julius Groos Verlag.

MEARA, P. 1980. “Vocabulary acquisition: A neglected aspect of language learning”. *Language Teaching and Linguistics: Abstracts.* 13 (4). 221-246.

MEL’C➲UK, I.A. 1960. “O terminach “ustojc✂ivost””. *Voprosy jazykoznanija.* 4. 73-80.

--- 1993. “La phraséologie et son rôle dans l’enseignement/ apprentisage d’une langue étrangère”. *Études de linguistique appliquée.* 92. 82-113.

--- 1994. *Collocations and lexical functions.* Ponencia presentada al *I International Symposium on Phraseology*, celebrado en la Universidad de Leeds, del 18 al 20 de abril de 1994.

MEL’C➲UK, I.A.- PERTSOV, N.V. 1987. *Surface Syntax of English: a formal model within the meaning-text framework.* Amsterdam: John Benjamins.

MEL’C➲UK, I.A.- POLGUÈRE, A. 1987. “A Formal Lexicon in the Meaning-Text Theory (or How to Do Lexica with Words)”. *Computational Linguistics.* 13 (3-4). 261-275.

MEL’C➲UK, I.A.-WARNER, L. 1994. “Towards an Efficient Representation of Restricted Lexical Occurrence”, en W. Martin, W. Meijs, M. Moerland, E. Pas, P. Sterkenburg y P. van Vossen (eds.) *Euralex 1994. Proceedings. Papers submited to the 6th EURALEX International Congress on Lexicography in Amsterdam, The Netherlands.* Amsterdam. 324-338.

MEL'CUK, I.A.-ZOLKOVSKIJ, A.K. 1970. "Towards a Functioning Meaning-Text Model of Language". *Linguistics*. 57. 10-47.

MÜLLER, W. 1960. *Englische Idiomatik nach Sinngruppen.* Berlín: Walter de Gruyter & Co.

NAGY, W. 1978. "Some non-idiom larger-than-word units in the lexicon", en D. Farkaes, W.H. Jacobsen y K.W. Todrys (eds.) 1978. *Papers from the Parasession on the Lexicon. Chicago Linguistic Society. April 14-15, 1978*. Chicago, Illinois. 289-300.

NATTINGER, J.R. 1980. "A Lexical Phrase Grammar for ESL". *TESOL Quaterly*. XIV (3). 335-344.

--- 1988. "Some current trends in vocabulary teaching", en R. Carter y M. McCarthy (eds.) 1988. *Vocabulary and Language Teaching.* "Applied Linguistics and Language Study". Londres y Nueva York: Longman. 62-82.

NATTINGER, J.R.-DECARRICO, J.S. 1992. *Lexical phrases and language teaching.* Oxford, Nueva York, Toronto: Oxford University Press.

NORRICK, N.L. 1985. *How Proverbs Mean. Semantic Studies in English Proverbs.* Berlín, Nueva York, Amsterdam: Mouton.

PALM, C. (ed.) 1991. *EUROPHRAS 90. Akten der internationalen Tagung zur germanistischen Phraseologieforschung Aske/Schweden 12.-15. Juni 1990*. (Acta Universitatis Upsaliensis, Studia Germanistica Upsaliensia 32). Uppsala.

PALMER, F.R. 1986[1976]. *Semantics*. 2ª ed. Cambridge: Cambridge University Press.

PAWLEY, A.-SYDER, F.H., 1984. "Two puzzles for linguistic theory: nativelike selection and nativelike fluency", en J.C. Richards y R.W. Schmidt (eds.) 1984. *Language and Communication*. Londres: Longman. 89-226.

PÉNET, C.-GÓMEZ, C. 1995. *¡No me digas! Les six mille et une expressions de l'espagnol parlé*. Chennevières-sur-Marne Cedex: Assimil.

PETERS, A. 1983. *The units of language acquisition.* "Cambridge Monographs and Texts in Applied Psycholinguistics". Cambridge: Cambridge University Press.

QUIRK, R.; GREENBAUM, S.; LEECH, G., SVARTVIK, J., 1989. *A Comprehensive Grammar of the English Language.* (1985) Londres: Longman.

ROSSENBECK, K. 1989. "Lexikologische und lexikographische Probleme fachsprachlicher Phraseologie aus kontrastiver Sicht", en M. Snell-Hornby y E. Pölh (eds.) 1989. *Translation and Lexicography. Papers read at the EURALEX Colloquium held at Innsbruck 2-5 July 1987.* John Benjamins, Paintbrush, Euralex. 197-210.

REICHSTEIN, A.D. 1973. "Zur Analyse der festgeprägten Sätze im Deutschen". *Deutsch als Fremdsprache*. 4. 135-137.

RODEGEM, F. 1972. “Un problème de terminologie: les locutions sentencieuses”. *Cahiers de l’Institut de linguistique de Louvain.* I (5). 677-703.

--- 1984. “La parole proverbiale”. *La Richesse du proverbe: travaux et recherches de l’Université de Lille III.* II. 121-135.

ROOS, E. 1985. “Kontrastive Überlegungen zur deutschen, englischen und französischen Idiomatik”. *Sprache und Literatur in Wissenschaft und Unterricht.* 56 (2). 74-80.

RUIZ GURILLO, L. *La fraseología del español coloquial.* Barcelona: Ariel. (En prensa)

SANDIG, B. (ed.) 1994. *EUROPHRAS 92. Tendenzen der Phraseologieforschung.* Bochum: Universität Dr. N. Brockmeyer.

SCHEMANN, H. 1989. *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten.* (Con la colaboración de R. Birkenhauer). Straelen: Straelen Manuskripte Verlag.

SCHMID, A. 1989. “Wörterbücher als Hilfe zur Übersetzung von Phraseologismen”, en M. Snell-Hornby y E. Pölh (eds.) 1989. *Translation and Lexicography. Papers read at the EURALEX Colloquium held at Innsbruck 2-5 July 1987.* John Benjamins, Paintbrush, Euralex. 121-127.

SINCLAIR, J.M. 1966. “Beginning the study of lexis”, en C.E. Bazell, J.C. Catford, M.A.K. Halliday y R.H.Robins (eds.) 1966. *In Memory of John Firth.* Londres: Longmans. 410-30.

--- 1987. “The Nature of the Evidence”, en J.M. Sinclair (ed.) *Looking Up. An Account of the COBUILD Project in Lexical Computing*. Londres, Glasgow: Collins. 150159.

--- 1991. *Corpus, Concordance, Collocation.* Oxford, Nueva York: Oxford University Press.

STEDJE, A. “Beherztes Eingreifen oder ungebeteness Sich-Einmischen. Kontrastive Studien zu einer ethnolinguistischen Phraseologieforschung”, en G. Gréciano (ed.) 1989. *EUROPHRAS 88. Phraséologie Contrastive. Actes du Colloque International Klingenthal-Strasbourg, 12-16 mai 1988.* (Colection Recherches Germaniques 2, Université des Sciences Humaines, Dept. d’Études Allemandes). Estrasburgo. 441-452.

STEINBERG, D. 1984. *Psycholinguistics: Language, Mind and World.* Londres, Nueva York: Longman.

SUMMERS, D. 1987. (ed.) *Longman Dictionary of Contemporary English.* Harlow, Essex: Longman. [**LDOCE**]

TELIA, V.; BRAGINA, N.; OPARINA, E.; SANDOMIRSKAYA, I. 1994. “Lexical Collocations: Denominative and Cognitive Aspects”, en W. Martin, W. Meijs, M. Moerland, E. Pas, P. Sterkenburg y P. van Vossen (eds.) *Euralex 1994. Proceedings. Papers submited to the 6th EURALEX International Congress on Lexicography in Amsterdam, The Netherlands.* Amsterdam. 369-377.

TRISTÁ PÉREZ, A.M. 1988. *Fraseología y contexto.* La Habana: Editorial Ciencias Sociales.

THUN, H. 1978. *Probleme der Phraseologie. Untersuchungen zur wiederholten Rede mit Beispielen aus den Französischen, Italienischen, Spanischen und Romänischen.* "Beihefte zur Zeitschrift für Romanische Philologie 168". Tubinga: Max Niemeyer.

VARELA, F.-KUBARTH, H. 1994. *Diccionario fraseológico del español moderno.* Madrid: Gredos.

VESTERBACKA, S. 1991. "Ritualised Routines and L2 Acquisition: Acquisition Strategies in an Immersion Program". *Journal of Multilingual and Multicultural Development.* 12 (1/2). 35-43.

VINOGRADOV, V.V. 1947. *Ob osnovnij tipaj fraseologicheskij iedinits v ruskom yazike.* Moscú.

WEINREICH, U. 1970. "Lexicology", en T.A. Sebeok (ed.) 1970. *Current Trends in Linguistics: Soviet and East European Linguistics.* Vol. 1. La Haya: Mouton. 60-93.

WOLSKI, W. (ed.) 1982. *Aspekte der sowjetrussischen Lexikographie: Übersetzungen, Abstracts, bibliographische Angaben.* "Reihe Germanistische Linguistik 43". Tübingen: Max Niemeyer.

WONG-FILLMORE, L. 1979. "Individual Differences in Second Language Acquisition", en C.J. Fillmore, D. Kempler y W.S.Y. Wang (eds.) 1979. *Individual Differences in Language Behaviour.* Londres, Nueva York, San Francisco: Academic Press. 203-228.

WOTJAK, B. 1985. "Zu Inhalts- und Ausdrucksstruktur ausgewälter somatischer Phraseolexeme". *Deutsch als Fremdsprache.* 4-5. 216-223, 270-277.

-1992. *Verbale Phraseolexeme in System und Text.* Tubinga: Max Niemeyer.

ZGUSTA, L. 1988. *Lexicography Today. An annotated bibliography of the theory of lexicography.* (Con la colaboración de D.M.T.C. Farina) Tubinga: Max Niemeyer Verlag.

ZULUAGA, A. 1980. *Introducción al estudio de las expresiones fijas.* ("Studia Romanica et Linguistica 10). Francfort: Peter D. Lang.

--- "Spanisch: Phraseologie", en G. Holtus, M. Metzeltin y C. Schmitt (eds.) 1992. *Lexikon der Romansistischen Linguistik.* Vol. IV, 1. Tubinga: Max Niemeyer Verlag. 125-131.

O diccionario de colocacións. Criterios de organización

FRANZ JOSEF HAUSMANN
Universität Erlangen-Nürnberg

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 63-81.
ISBN: 84-45321-67-6)

It is difficult to find information on collocations in general monolingual dictionaries, because of the way in which collocations are arranged. For this reason, it is important to elaborate dictionaries specialized in collocations, that serve as a complement for general dictionaries. After having analysed the place occupied by collocation in the lexical system of languages (comparing it, on the one hand, with the free use of words and, on the other hand, with the phraseological units), the paper describes the types of collocations and their organization —in both macrostructure and microstructure. An important part of the paper is devoted to the question of how to compile collocations in a relatively little described language.

Les dictionnaires généraux monolingues informent sur les collocations là où on ne peut les trouver. Il est donc important de compiler des dictionnaires spécialisés de collocations qui soient complémentaires des dictionnaires généraux. Après avoir montré la place de la collocation dans le système lexical des langues (comparaison avec l'emploi libre des mots d'une part et avec les locutions d'autre part), la conférence décrit les types de collocations, ainsi que l'organisation —en macrostructure comme en microstructure— d'un dictionnaire de collocations. Une part importante de la conférence est réservée à la question de savoir comment constituer un inventaire de collocations dans une langue relativement peu décrite.

1. Un exemplo: *Domar unos zapatos*

Vostede mercou un par de zapatos novos. Aínda están algo ríxidos. Cómpre usalos uns días para que domeen e se axeiten ó pé. Esta acción de rodaxe ten un nome en moitas linguas.

En alemán dise "(Schuhe) **einlaufen"**. En inglés dise "**break in"**; en francés, "**briser** (ses chaussures)", en español, "**domar** (unos zapatos nuevos)". A palabra **domar** é inatopable nos diccionarios monolingües españois. Naturalmente, o que xa sabe que *briser ses chaussures* se di en español *domar unos zapatos* pode abri-lo diccionario polo artigo **domar** e ler unha definición e mais un exemplo. Pero esa persoa precisamente —a falta dunha comprobación ("¿é exactamente *domar* o que se di en español ?")— é a que non precisa ir consultar un diccionario. Pola contra, quen busque a palabra *domar,* porque aínda non a coñece ("¿como demo se di en español *briser ses chaussures* ?"), non ten moitas posibilidades de encontrala, porque o único acceso a esa información pasaría pola voz **zapato**. (O que nin sequera sabe que *chaussure* = *zapato* xa nin abre un diccionario monolingüe). Ora, os diccionarios españois non fornecen a información *domar unos zapatos* na voz **zapato.**

En cambio, o diccionario francés *Le Petit Robert* no corpo do artigo **chaussure** menta *briser des chaussures neuves* e, para a definición, remite o lector ó artigo **briser**. ¿De onde vén esta diferencia entre os diccionarios de definicións españois e *Le Petit Robert*? A resposta é sinxela: *Le Petit Robert* ten unha dimensión a máis que lles falta ós diccionarios españois. Estes son diccionarios alfabéticos de definicións. *Le Petit Robert* pretende ser un "diccionario alfabético *e analóxico*". A gran descuberta, a xenialidade, o ¡héureka! de Paul Robert foi cambia-la perspectiva dos diccionarios, poñéndoos ó servicio do lector que quere atopa-la palabra que de momento non lle vén á mente. A súa grande idea, (suxerida polos diccionarios analóxicos), foi darlle a volta á relación *palabra definición* reemprazándoa pola relación *definición palabra* e alfabetiza-la definición.

Deste xeito Robert parte da ecuación:

> **troglodyte**: *habitant des cavernes*
>
> para chegar a
>
> **habitan**t: habitant des cavernes = troglodyte
>
> **caverne**: habitant des cavernes = troglodyte

Gracias a isto, a palabra difícil volveuse atopable nun diccionario alfabético. Chegaba con reproduci-la definición nos artigos dos definintes (s. v. *habitant*, *caverne*, etc.).

Con *briser ses chaussures* pasa algo moi semellante. No artigo **briser**, o diccionario define evidentemente *briser des chaussures neuves* como "les assouplir en les portant". Seguindo o principio de reproduci-la definición nos artigos definintes, sería necesario poder atopar *briser des chaussures neuves* no artigo **assouplir**: *assouplir des chaussures neuves en les portant* = *les briser*. Pero iso non se fai neste caso. Non hai nada perfecto, nin sequera *Le Petit Robert* (nin, por outra banda, *Le Grand Robert*).

En cambio, os autores de *Le Petit Robert* decatáronse de que para chegar á palabra difícil, había a posibilidade doutra operación de cambio de estructura, máis directa cá da definición: a do sintagma definido. En **briser ses chaussures** hai unha palabra central e coñecida por todos: **chaussure**, e outra bastante máis periférica no seu emprego, a palabra "precisa", susceptible de ser buscada, non inmediatamente dispoñible para todo o mundo:

briser. Por iso era interesante nun diccionario analóxico anotar *briser ses chaussures* no artigo **chaussure**.

O principio analóxico preséntase aquí como o que nunha perspectiva de producción de texto permite atopa-lo vocabulario periférico a partir do vocabulario central, e isto tanto no nivel paradigmático (relacións entre *troglodyte* e *habitant/caverne*) como sintagmático (relación entre *chaussure* e *briser*). O compoñente sintagmático desta analoxía pode ser obxecto dun diccionario especializado separado: o diccionario de colocacións. Pero ¿que é unha colocación?

2. A estructura semiotáxica do vocabulario

O vocabulario das nosas linguas pódese dividir en dous bloques: dunha banda, as palabras que son autosuficientes, que son semanticamente autónomas, que as podemos definir sen precisa-lo contexto sintagmático e que, en consecuencia, pode aprendelas un estranxeiro sen contexto (sintagmático), chamémoslles **autosemánticas**. Doutra banda, as palabras que un estranxeiro non pode aprender sen contexto sintagmático, que non entran nunha ecuación bilingüe, que non podemos definir sen referencia a un contexto preciso porque son semanticamente dependentes, chamémoslles **sinsemánticas**. (Hausmann 1997, en prensa).

As **autosemánticas** forman o núcleo do vocabulario. Significan as cousas concretas deste mundo (*cabelo, freo, billa*) así como os conceptos abstractos que nos permiten describi-la vida *(admiración, consello, silencio, sono*, *mirada*). Son basicamente substantivos, pero tamén certos verbos e adxectivos (*durmir, querer, preferir, mirar, desenvolto, útil, agradable*). As **sinsemánticas** están ó servicio das autosemánticas. Fanas funcionar ou describen as súas propiedades características. Non as podemos citar sen as autosemánticas. Son imprevisibles, impredicibles, habitualmente diferentes dunha lingua a outra, frecuentemente figuradas, preferenciais en relación a outras loxicamente posibles pero non realizadas na lingua (Coseriu fala de *analyses préférées*, ver Thun 1978): *dar un paso* (non: **hacer*), *domar unos zapatos* (non: **quebrar*), *un solterón empedernido* (non: **arraigado*), *plantear un problema, zanjar dudas*. Certas palabras sinalan a súa inferioridade polo feito de teren outra como un dos trazos semánticos que constitúen o seu senso: *ladrar* contén *perro*, *hojear* contén *libro* ou *cuaderno* (en calquera caso algo que teña *páginas*).

No que respecta á combinación das palabras, a distinción semiotáxica entre autosemánticas e sinsemánticas permite face-la seguinte clasificación das combinacións posibles e imposibles:

autosemántico + autosemántico

ex.: *il aime l'argent*
je préfère la viande au poisson
regarde la mer !

Iso é o que chamamos emprego das palabras. Gracias a estas combinacións, mesmo un principiante no uso dunha lingua estranxeira pode formar espontaneamente frases correctas. Pero estas combinacións non constitúen unidades léxicas.

autosemántico + sinsemántico

ex.: *retirer de l'argent*
appeler l'ascenseur
se murer en le silence
un silence épais

Este emprego non é libre, porque a escolla da palabra sinsemántica está restrinxida. Un estranxeiro estará tentado a escoller moitas outras palabras antes ca esta ou cás que a lingua prefire. Cómpre coñece-la palabra "precisa" (ou as palabras precisas). A combinación dunha palabra autosemántica cunha sinsemántica axeitada é unha **colocación.** A colocación pertence á lingua (á lingua como norma = normalidade). É unha unidade multiléxica da lingua en tanto que norma. É transparente para o receptor que coñece as palabras empregadas, pero para a codificación dun texto está dispoñible en bloque. O estranxeiro debe aprendela como unidade, se quere utilizala. Forma parte e é signo do discurso ligado.

Quedan as unidades do tipo:

— *casser les pieds à qqn, prendre la mouche*
— *tirar de la manta*
— *jemanden durch den Kakao ziehen*
— *to spill the beans*

Estas unidades fraseolóxicas que chamamos **locucións** non empregan as palabras nin como autosemánticas, nin como sinsemánticas, senón como **extrasemánticas**. Aínda que o pareza, aquí non se fala nin dos pés, nin da manta, nin do cacao nin das xudías propiamente ditas. A dici-la verdade, utilízanse, a pesar de todo, as palabras *pieds,* etc. para crear unha imaxe que non está sen relación co senso da unidade. O semantismo da unidade non está completamente fóra do semantismo das palabras utilizadas. O termo *extrasemántico*, en consecuencia, hai que o entender neste senso atenuado.

A diferencia principal entre a locución e a colocación, en calquera caso, é esta: a locución, ó revés da colocación, non contén palabras empregadas como autosemánticas. Ó contrario do que acontece na colocación *domar unos zapatos*, na locución *saber dónde le aprieta el zapato a alguno* non se fala de calzado ningún (senón do punto fraco de alguén).

3. As colocacións no diccionario

A colocación é un grupo léxico binario que non foi creado polo falante, senón que está lexicalizado, é dicir, imposto pola lingua en tanto que norma.

O carácter binario da colocación fai que esta poida e deba atoparse en dous artigos do diccionario: no artigo *célibataire* e no artigo *endurci*. Pero a información non é a mesma

nos dous artigos. Nun determinado lugar do artigo *endurci*, a mención da colocación *célibataire endurci* está directamente ligada á definición "confirmé par l'âge, par l'habitude". Nun certo senso, a colocación é mesmo anterior á definición, xa que esta foi formulada a partir dunha mostra de colocacións das que *célibataire endurci* facía parte. Iso é tanto coma dicir que no artigo *endurci* o *célibataire* é indispensable nunha perspectiva semasiolóxica. Para describir cunha certa exhaustividade a estructura semántico-funcional da palabra *endurci*, precísase a colocación.

Pero ese non é o caso no artigo *célibataire*, no que a situación é completamente distinta. A definición de *célibataire* é autónoma. O lexicógrafo non precisa engadir un compañeiro sintagmático para a monosemización, para que o lector poida identifica-lo senso. O *célibataire* que servía de base á identificación dun determinado senso de *endurci*, non precisa base. En cambio, pode ser caracterizado por un caracterizante coma *endurci*. Pero entón a colocación non só aporta unha información semasiolóxica senón tamén unha información onomasiolóxica, que responde á cuestión de saber como caracterizar en francés un solteiro confirmado pola idade.

Podemos, xa que logo, dicir que a colocación é unha relación orientada e que os seus dous constituíntes teñen un estatuto semiotáxico distinto. Un, o constituínte caracterizado, xoga o papel de núcleo, semiotaxicamente autónomo, independente (eu chámolle *base* da colocación). O outro, o constituínte caracterizante, xoga o papel de satélite, semiotaxicamente dependente (eu chámolle *colocativo).*

Sendo a colocación unha base e mailo seu colocativo, pode estar nun diccionario xeral no artigo do colocativo e/ou no artigo da base. Os diccionarios xerais monolingües españois, coma o *Diccionario de la Real Academia Española*, son diccionarios esencialmente semasiolóxicos. Nestes diccionarios un atopa informacións colocacionais nos artigos dos colocativos. Pero non atopa, ou atópaas poucas veces, nos artigos-bases. No caso do español, polo tanto, e, para completa-la información dos diccionarios xerais, sería lóxico compilar un diccionario especializado de colocacións que, nunha perspectiva onomasiolóxica, non implicaría máis ca artigos-bases nos que se fornecerían os colocativos.

4. Tipoloxía gramatical das colocacións

Hai sete tipos gramaticais. Na maior parte destes tipos a base é un substantivo (a maiúscula marca a base):

(1)	**N**	**+**	adx
(2)	**N** sux	+	vb
(3)	vb	**+**	**N** obx
(4)	**N**	**+**	prep **+ N**
(5)	**Vb**	**+**	prep **+ N**
(6)	**Vb**	**+**	adv

(7) **Adx** **+** adv

É característico dos tipos (1)(2)(3)(6)(7) non permitir, case, a dúbida verbo da cuestión de saber cál dos dous constituíntes é o colocativo e cál é a base. Para os tipos (1), (6) e (7), esta xerarquía corresponde ás relacións de dependencia comunmente admitida en gramática. Para os tipos (2) e (3) a nosa xerarquía vai, é certo, contra a gramática dependencial de Tesnière, mais Tesnière sitúase nun terreo estrictamente sintáctico que cómpre non confundir cun modelo de producción lingüística das ideas que queremos expresar. Nesta última perspectiva —onomasiolóxica— non hai dúbida de que os falantes producen os seus textos en torno a cousas e nocións deste mundo expresadas esencialmente polos nomes (ou polos verbos intransitivos). Igor Mel'c☭uk, sobre a base dunha teoría paramétrica moi xeral, chega a unha práctica totalmente comparable á nosa (cf. Mel'c☭uk 1984-1992).

Hai, sen embargo, dous tipos de colocacións nas que se pode ter dúbidas sobre a atribución da base, e son os tipos (4) e (5).

Se no tipo (4) algúns exemplos non presentan problema ningún de análise, coma tal, unha *bouffée de chaleur*, no que *bouffée* caracteriza a *chaleur* e non á inversa, outros casos, en cambio, deixan a un perplexo. Tal é o caso de *le bas-côté de la route,* no que route*,* aínda sendo nocionalmente superior, non é en absoluto necesaria ó texto que temos diante. E, nunha mesma orde de ideas, a colocación do tipo (5), *rougir de honte,* pode ser interpretada de dúas maneiras:

(5.1) Base: *rougir* O colocativo engade o motivo (*de honte*)

(5.2) Base: *honte* O colocativo engade a manifestación (*rougir*)

Dito doutro xeito, é difícil establecer cal das dúas ideas —o sentimento ou o fenómeno visual— se encontra privilexiado polo falante.

5. ¿Como organiza-lo diccionario de colocacións?

5.1. A macroestructura

A macroestructura do diccionario-papel debe, de entrada, compoñerse de bases de colocacións. Primeiro, porque o diccionario debe leva-lo usuario do fácil ó difícil, é dicir, da base ó colocativo; segundo, porque os diccionarios xerais descoidan este compoñente. A presencia dos colocativos na macroestructura non é útil máis ca para a verificación de colocacións hipotéticas. Visto o espacio que ocupa, esta función parece prescindible nun diccionario-papel, dado que os diccionarios xerais a cobren parcialmente. Naturalmente, no caso de que a constricción de espacio non sexa decisiva —por exemplo en CD-ROM— é evidente que o acceso polo colocativo é desexable.

O noso principio macroestructural está confirmado por certos diccionarios recentes, por ex. polo BBI 1986, que presenta as colocacións unicamente a partir das bases. A dici-la verdade, esta claridade queda un pouco diluída polo feito de que este diccionario combina un diccionario de colocacións cun diccionario de construccións, de xeito que moitas entradas verbais e adxectivais teñen como razón de ser a información verbo das

construccións destas palabras. O principio está igualmente confirmado por Langenscheidt 1989. A fala-la verdade, este diccionario non coñece máis ca entradas substantivais e prescinde das outras bases. O principio está aínda confirmado por Mel'c∂uk 1984-1992

A teoría senso-texto, tamén chamada paramétrica, ten como principio a descrición do vocabulario na perspectiva da codificación. Mel'c∂uk postula un número limitado de funcións, que, aplicadas ás palabras-bases, producen os colocativos (ver máis embaixo).

En contrapartida, o único diccionario de colocacións do español que coñecemos, Beinhauer 1978, e que, por outra parte, ten unha enorme riqueza, non obedece ó principio das entradas-bases e inclúe moitos artigos-colocativos, entre outras cousas porque na tradición dos diccionarios de Reum 1911, o seu enfoque onomasiolóxico esténdese ata as informacións paradigmáticas.

5.1.1. ¿Como constituí-lo inventario das bases?

5.1.1.1. Explotación dun corpus

A experiencia demostra que cómpre dispoñer de enormes corpus para garantir unha certa exhaustividade en colocacións (é dicir, en "grupos binarios lexicais"). É que moitas colocacións dependen máis da dispoñibilidade ca da frecuencia. A explotación electrónica dun corpus —mesmo se contén decenas de millóns de ocorrencias— só pode contribuír á constitución dun inventario. Non pode se-la única fonte de informacións. Ante a carencia de grandes corpus, vólvense indispensables outros métodos.

5.1.1.2. Escolma fortuíta a partir de lecturas persoais

Un gran número de colaboradores espontáneos, ó que, con apoio de exemplos, se lle explicase a noción de colocación, daría recollido probablemente unha cantidade apreciable de datos. O autor destas liñas lembra que deu recollido no curso das súas lecturas persoais un número asombroso de ocorrencias da colocación *silence épais* pouco representada na lexicografía francesa.

5.1.1.3. Redistribuí-las informacións colocacionais contidas nos diccionarios xerais monolingües.

Un diccionario xeral coma o DRAE 1992 contén importantes informacións colocacionais e chegaría con redistribuílas nos artigos-bases. Son, aínda que en pequeno número, colocacións como *domar unos zapatos, unos pantalones* s. v. **domar**. A maior parte do tempo as informacións colocacionais aparecen comprendidas nas definicións como por exemplo s. v. **plantear** 2. e 3.

> 2. Tratándose de <u>sistemas</u>, <u>instituciones</u>, <u>reformas</u>, etc., establecerlos o ponerlos en ejecución.
>
> 3. Tratándose de <u>problemas</u> matemáticos, <u>temas</u>, <u>dificultades</u> o <u>dudas</u>, proponerlos, suscitarlos o exponerlos [subliñado noso].

É certo que o estatuto léxico das palabras subliñadas é ambiguo. Pódense entender como bases de colocacións ou como categorizadores de bases de colocacións, é dicir, como arquilexemas de clases de bases. Pero nos dous casos, o lexicógrafo pode tomalas como informacións que estimulan a súa propia intuición colocacional. Porque nós partimos do principio de que tódalas colocacións son coñecidas polo lexicógrafo e en calquera caso controlables polo lexicógrafo e que se trata unicamente de activa-la súa competencia léxica oculta. Estimulado polo artigo **plantear** do DRAE 1992, o lexicógrafo español pode

a) decidi-lo estatuto colocacional das unidades seguintes:

— *plantear un sistema*
— *plantear una institución*
— *plantear una reforma etc.*

b) decidi-lo estatuto colocacional de unidades formadas por *plantear* e de sinónimos de bases mencionadas, por exemplo

— *plantear una organización* (?)

c) decidi-lo estatuto colocacional de unidades formadas polas bases mencionadas e os definintes sinonímicos do colocativo mencionado:

— *establecer un sistema (?)*
— *poner en ejecución una reforma (?)*
— *suscitar dudas (?)*

En suma, trataríase de ler tódolos artigos-colocativos dende a perspectiva dunha localización controlada de colocacións e de activar todo o posible a intuición colocacional do lexicógrafo. En consecuencia, o localizador non se limitaría ás fórmulas "tratándose de" —verdadeiros marcadores de base— senón que aproveitaría da mesma maneira unha definición coma esta do artigo **zanjar***:*

—Remover todas las <u>dificultades</u> e <u>inconvenientes</u> que puedan impedir el arreglo y terminación de un asunto o negocio [subliñado noso].

Ora, ó lexicógrafo interesaríalle controlar non só as bases mencionadas, senón tamén as bases suxeridas por outros artigos, coma o artigo **plantear***:*

—zanjar dudas (?)
—zanjar problemas (?)

Non é inútil dar unha idea da riqueza da cara oculta. Podémolo facer coa axuda dalgunhas sondaxes e mediante a comparación con outro diccionario francés, ó que eu lle coñezo ben a cara oculta, porque convertín en fichas e organicei por palabras-bases tódalas colocacións contidas nos artigos-colocativos. Falo do *Dictionnaire du français contemporain* de 1966, o sonado DFC. No artigo *colère* do DFC un atopa tres colocacións soamente. Pero esa é a cara visible. A pescuda sistemática nos artigos-colocativos descubriu a cara oculta do DFC, ó apareceren outras 28 coa palabra *colère* (cf. Hausmann 1984, p. 403).

¿Que dimensión ten este fenómeno no TLF? Para facérmonos unha idea, escolleremos un artigo-colocativo e comprobarémo-la presencia das súas colocacións nos artigos-bases. Ímolo facer en forma de adiviña. Eu dou en orde alfabética nove palabras-bases e haberá que adiviña-lo verbo colocativo que falta en todos estes artigos mentres todas estas bases figuran no artigo do colocativo. Velaí as palabras-bases:

(1) dessin
(2) fil (d'un discours)
(3) jeu (d'un méchanisme)
(4) lunettes
(5) maille
(6) mayonnaise
(7) prisonnier
(8) sauce
(9) trait (d'un dessin)

Un único e mesmo verbo funciona como colocativo destas nove palabras. ¿Cal é o verbo? É *rattraper*. O artigo-colocativo *rattraper* contén nove colocacións que, todas sen excepción, faltan nos artigos-bases. Velaí a riqueza da cara oculta.

5.1.1.4. Redistribuí-las informacións colocacionais contidas nos diccionarios bilingües.

Collendo un diccionario xeral bilingüe como García-Pelayo y Gross 1987, interesa controla-la información colocacional tanto na parte francés-español coma na parte español-francés e isto en tódolos artigos, bases e colocativos mesturados, xa que os colocativos de *problema* pódense atopar nos artigos *problema, problème, zanjar, régler* e en moitos outros.

5.1.1.5. Explota-los diccionarios especializados

Na medida en que existan para a lingua que se quere describir, poden resultar útiles outros diccionarios especializados, maiormente os diccionarios de sinónimos ou os diccionarios analóxicos (por exemplo, Casares 1979)

5.2. A microestructura

A microestructura do diccionario de colocacións componse dun conxunto ordenado de colocativos. A transparencia das colocacións dispensa de dar definicións. Normalmente non se precisan frases-exemplos ou citas. En cambio, pode ser útil ir máis aló do grupo binario, por exemplo para unha colocación complexa do tipo:

une robe qui serre la taille

que é útil citar como segue:

s. v. **robe:** ~ qui serre la taille

s. v. **taille**: (robe) qui serre la ~

Para os artigos-substantivos interesa reparti-los tipos sintácticos en subconxuntos distintos. No interior dos subconxuntos non se pode comete-lo erro de reparti-los colocativos por orde alfabética (Langenscheidt 1989), xa que esta orde é, por definición, anti-onomasiolóxica. A orde debe ser lóxica segundo os datos individuais da palabra-base. Para unha palabra como **doute**, por ex., parecen útiles subcategorías como FAIRE NAÎTRE, EXPRIMER, FAIRE DISPARAÎTRE e outras. Tipograficamente destacados (por ex. mediante as letras capitais utilizadas arriba), os artigos revelaríanlle inmediatamente a súa estructura lóxica ó usuario. No caso de artigos moi abundantes, pódese pensar nun resumo encadrado ó principio do artigo. Nesta perspectiva os artigos de BBI 1986 están insuficientemente destacados e carecen de suficiente transparencia.

Igor Mel'c☭uk ten o mérito do enorme esforzo de sistematización e de formalización das funcións "universais" aplicables ás bases. Unha destas funcións léxicas é, por exemplo, a que expresa o alto grao da base. Deste xeito pódese preguntar cómo expresar en francés o alto grao da base *menteur*. A resposta é *fieffé* (ou *sacré*). Ou cómo expresar en francés a función léxica "realización" da base *inspección* (= control). Resposta: *passer*. O sistema ("paramétrico") das funcións ó xeito de Mel'c☭uk pode ser útil para completa-la microestructura dun artigo. Tendo en conta o sistema, pódense verifica-las funcións pertinentes e descubri-las lagoas da documentación. Por desgracia o método mel'c☭ukiano deixa unha gran marxe (demasiada) á intuición (¿que garante a exhaustividade das realizacións léxicas dunha función?) para ser aplicable como algo máis ca unha aproximación suplementaria. De por parte, a formalización debe eliminarse absolutamente dun diccionario comercial. En definitiva, os artigos de Mel'c☭uk están lonxe de presentar unha estructura inmediatamente transparente.

E aínda se engade outro punto fraco. Mel'c☭uk pretende describi-la totalidade das colocacións coa axuda dun inventario limitado de funcións (unhas cincuenta). Mais ten que admitir que para moitas descricións precísase combinar varias funcións, cousa que aumenta considerablemente o número de fórmulas empregadas. E pódese, por exemplo, preguntar como formaliza-la función que produce como colocativo de *chaussure* o verbo *briser* ou como colocativo de *zapatos* e de *pantalones* o verbo *domar*. Claro, pódese afronta-lo esforzo desta formalización, mais ¿é útil na medida en que o usuario do diccionario non é un ordenador senón un ser humano que coñece os problemas que unha persoa pode ter cos zapatos novos? Este usuario ten xa o concepto e a maior parte das veces tamén unha palabra na súa lingua materna. O que el necesita non é unha descrición paramétrica formalizada, senón simplemente a palabra precisa. Chégalle, polo tanto, como fai BBI 1986, con anotar no artigo **shoes** a información seguinte:

To break in (new) ~

ou en español no artigo **zapato***:*

Domar (unos nuevos) ~s

Da mesma maneira que desaconsellámo-la notación da función, tamén desaconsellamos, por regra xeral, anota-la definición, porque esta información prexudicaría a claridade da presentación. Mesmo así, pode parecer necesaria. Para o detalle ver máis embaixo.

5.3. Os problemas

5.3.1. O problema da cantidade

Certos colocativos están ligados a unha gran cantidade de bases, sen, por iso, caer no dominio da combinación libre. É o caso dos sinónimos ingleses *broad* e *wide* que son intercambiables para moitas bases, pero que se exclúen mutuamente para moitas outras. Tamén é o caso dos verbos alemáns *machen* e *tun* ou dos verbos españois *dar* e *hacer*. Non hai outra solución máis que citar estes colocativos en tódalas bases coas que forman unha colocación. Como é unha información que un estranxeiro precisa ter ó seu dispor e que debe aprender se quere domina-la lingua, ningunha escusa sería válida. Renunciar a ser exhaustivo vén ser renunciar á noción de dominio dunha lingua estranxeira. ¿Cantas colocacións hai nas nosas linguas? ¿21.000 como hai en Langenscheidt 1989 ? ¿70.000 como hai en BBI 1986? ¿1 millón? ¿50 millóns? Non dispoñemos de cifras válidas. Non coñecémo-lo número de colocacións incluídas nos dous super-diccionarios do mundo moderno, é dicir, o *Trésor de la langue française* (1971-1994) e *Le Grand Robert* (1985). O máis que podemos dicir é que hai que esperar un inventario superior ás 100.000 unidades.

5.3.2. O problema da calidade

Falamos máis arriba da combinación libre composta de dous autosemánticos. En teoría, é doado dicir que o diccionario de colocacións excluirá as combinacións libres. A palabra *rouge* non pinta nada no artigo *valise*, ó contrario do verbo *éventrer,* que se combina de forma significativa con contedores. Da mesma forma, combinacións como unha *valise déchiquetée, déchirée* non serían analizadas como colocacións, ó contrario de *être déchiré de doutes*. Ora, xorde un problema do feito de que a microestructura do artigo obedece a unha lóxica onomasiolóxica, é dicir, do senso á palabra, e que o senso pode moitas veces ser expresado por unha combinación libre. Se se coida, por exemplo, que *reproche fondé,* e *mal fondé* son dúas colocacións que hai que inserir, rexeitarase de mala gana *juste e injuste* (cando menos porque a ausencia desta sería interpretada como un indicio de non-aceptabilidade) dado que estes dous adxectivos son autosemánticos (cousa que é certa). Vexámo-lo exemplo *hôtel*. O autor do artigo debe preguntarse cáles son os verbos empregados tipicamente coa base *hôtel*. Podemos dicir que *on y descend*, *y couche*, *y passe la nuit*, *y loge*, *le quitte. Quitter* parece máis ben autosemántico (o seu radio combinatorio é inmenso), mais na perspectiva onomasiolóxica non parece inútil no seu lugar sistemático. O estranxeiro pode non ter esta palabra ó seu dispor ou preguntarse: ¿poderase dicir *quitter un hôtel*? No caso dunha lingua que tivese unha palabra máis específica ca *quitter* para dicir "abandonar un hotel", citar esta palabra sería indispensable. E como o falante desa lingua podía preguntarse se hai en francés unha palabra igualmente específica, sería importante, para este falante, ver lexicografiada a combinación *quitter un hôtel* que, para el, tería valor de colocación.

Isto fainos ver que o estatuto de colocación depende, non só do sinsemantismo do colocativo, senón tamén do sistema onomasiolóxico e da perspectiva contrastiva. Ora, cantas máis sexan as linguas a contrastar, máis aumenta o número de combinacións nas que a liberdade ou a banalidade se volven completamente relativas.

Beinhauer menciona no artigo **hotel 1**. os verbos seguintes que teñen a palabra *hotel* por obxecto:

tener, abrir
clausurar un ; buscar
encontrar un ~
dar o tropezar con un ~
alojarse, hospedarse o parar en un ~
pernoctar o dormir, vivir en un ~

Polo que eu vexo noutros diccionarios, falta *albergarse*, e gustaríame coñecer tamén o verbo ou os verbos que me permiten dicir en español "quitter l'hôtel"

Para poñermos un exemplo inglés, no contexto dun hotel (ou dun motel, etc.), o verbo *put up* (*at*) é completamente significativo e falta indebidamente en BBI 1986 s. v. *hotel.*

5.3.3. O problema dos sinónimos

Cando digo *Elle me fait encore une bronchite,* realizo unha colocación, na que o colocativo (*faire*) combina con moitas doenzas e con outros trastornos físicos e psíquicos (*faire de la température, faire une dépression, de la neurasthénie, faire de la tension*). ¿Cómpre agranda-la macroestructura do conxunto das doenzas coñecidas? Non, por regra xeral aconsellarase engadir *faire* a tódolos artigos-doenzas que serían indispensables para outros colocativos (por ex., *prendre la tension*), pero hai que considera-lo artigo **maladie** como suficiente para tódolos outros. Se queremos coida-la transparencia, pódese ofrecer no encabezamento do diccionario o plano onomasiolóxico das unidades da macroestructura (no que **maladie** encontrarase con tódolos artigos-doenzas específicas). Da mesma maneira, coidarase reenviar de sinónimo en sinónimo (como, por exemplo, para *avis e opinion*), ben por pura transparencia, ben por economía de descrición. Deste xeito non é impensable que *avis e opinion* sexan tratados nun mesmo artigo contrastivo que sinale as converxencias e diverxencias no nivel colocacional.

5.3.4. O problema da transparencia

A transparencia das colocacións é relativa. Nun diccionario grande como o *Trésor de la langue française,* á par de innumerables colocacións non definidas (Hausmann 1996, 41), atópanse numerosas colocacións definidas.

No artigo *serrer* atópanse as unidades seguintes, seguidas polas definicións, que se parecen moito ás colocacións:

(1) MAR. *Serrer (une voile).* /Definición/

(2) *Serrer un nœud.* /Definición/

(3)• JEU (tric-trac). *Serrer son jeu.* /Definición/

(4) •*Serrer sa droite / sa gauche.* /Definición/

(5) MAR. *Serrer la côte, la terre.* /Definición/

(6) ART MILIT. *Serrer une place, une ville.* /Definición/

(7)• ESCR. *Serrer la botte.* /Definición/

(8) En partic. *Serrer une femme de près.* /Definición/

Estas unidades multilexicais comparten coas locucións e coas expresións figuradas o feito de estaren definidas. En cambio, non están indicadas como locucións ou expresións. ¿Son colocacións ou son locucións? En lingüística, o que distingue as colocacións das locucións é a ausencia ou presencia dunha base. As locucións non teñen base. A definición faise sen menta-lo substantivo contido na locución. Por ex., *Serrer les cordons de la bourse* defínese así: "Manquer de générosité". As palabras *cordons* ou *bourse* están ausentes da definición.

Ora, tódalas definicións das unidades (1) - (8) fanse arredor do substantivo presente na unidade, por ex.:

(2) *Serrer un nœud.* Tirer sur l'extrémité d'un nœud, pour le rendre...

Verbo da única excepción:

(7) *Serrer la botte.* Presser vivement son adversaire.

Diremos que podía definirse arredor de *botte*, xa que *botte* é un termo de esgrima empregado para o que significa e dende logo non en senso figurado. Concluamos dicindo que as unidades internas de tratamento reunidas arriba non son locucións senón colocacións definidas, ben entendido que a definición apóiase no colocativo.

O estatuto que teñen de colocacións está confirmado, por outra banda, nos diferentes artigos-bases. Collámo-lo exemplo (6) *Serrer une place.* É certo que a colocación falta no artigo *place*, mais podíase inserir harmoniosamente na lista das colocacións presentes, é dicir *assiéger, attaquer, cerner, investir, libérer une place.* Parella demostración podíase facer para as once unidades, dado que, das once, nove están ausentes dos artigos-bases. *Serrer un nœud* debía atoparse á par de *desserrer un nœud* (s. v. nœud); *Serrer sa droite* debía figurar con *prendre, garder, tenir sa droite* (s. v. droit), *Serrer la terre* con r*aser, côtoyer, ranger, élonger la terre* (s. v. terre). *Serrer une femme de près* comparte a súa ausencia, s. v. *femme*, con *lutiner, peloter* e con outros colocativos que estarían aí moi no seu lugar. As únicas que están nos seus artigos-bases (*vent* e *côte*) son *Serrer le vent* e *Serrer la côte.*

Cando un se pregunta se cómpre definir tal ou cal colocación nun diccionario de colocacións, é útil reparar na diferencia entre o artigo *serrer* do TLF, que é un artigo-colocativo, e os artigos-bases do diccionario de colocacións. *Serrer une femme de près* atoparase á par de *lutiner, peloter une femme*, polo tanto, á par de quasi-sinónimos. Ora, como nunha sinonimia acumulativa, os sinónimos defínense mutuamente e, normalmente,

non precisan definición explícita. A definición, a fin de contas, non sería necesaria máis ca no caso de que o colocativo estivese illado e a imaxe fose moi idiosincrática. ¿Comprendería inmediatamente un alemán o colocativo illado *briser* (ou español *domar*) no artigo **chaussure**? Podémolo dubidar e, en consecuencia, podemos considera-la definición, se non indispensable, polo menos útil.

5.3.5 O problema da terminoloxía

A terminoloxía internacional en materia de fraseoloxía é moi diverxente. Así é como o termo colocación da escola inglesa (maiormente de John Sinclair) ten, máis ou menos, o valor de "co-ocorrencia binaria" e comprende todo o que, no corpus, está nunha relación de proximidade sintagmática. Esa é a razón pola que o diccionario de Kjellmer 1994, a pesar do seu título, está a mil leguas do diccionario de colocacións que nós preconizamos. E esa é tamén a razón pola que o diccionario de J. Sinclair (COBUILD 1987) non é especialmente rico en colocacións tal como nós as entendemos, maiormente nos seus artigos-bases.

A noción de colocación do BBI 1986 distínguese da nosa en que engloba as construccións (ou valencias), chamadas "colocacións gramaticais". As informacións construccionais (ou valenciais) son evidentemente moi importantes na perspectiva da codificación (*encodage*). Parécenos, a pesar de todo, pouco útil mesturalas coas "colocacións léxicas" nun diccionario de colocacións, porque, ó revés das colocacións léxicas que están centradas nos substantivos, as "colocacións gramaticais" privilexian o verbo. Mesturalas contribúe a mante-la confusión do público ó que xa lle custa traballo ver claro simplemente nas colocacións léxicas. Parécenos tamén que un diccionario moderno de definicións non pode prescindir de informacións verbo das construccións e que, en consecuencia, a complementariedade dun diccionario de construccións é ben menor cá dun diccionario de colocacións (léxicas).

Outra razón que esixe separa-lo diccionario de colocacións do diccionario de construccións é esta: as construccións tradicionalmente non son parte da fraseoloxía, dado que esta reúne as unidades multiléxicas. Ora, a construcción dunha palabra define o marco sintáctico do seu emprego, mais non dá unidade léxica ningunha que encha este marco. En cambio, ten interese considerar como "frasemas" tanto as colocacións coma as locucións, aínda que en graos distintos.

5.3.6. As colocacións das locucións

Sendo as locucións conmutables por palabras, poden entrar á súa vez nas colocacións, e isto como bases ou como colocativos. E así é como *à bouche que veux-tu* funciona como colocativo adverbial na colocación *s'embrasser à bouche que veux-tu*. Velaquí outros exemplos de colocativos locucionais (a base aparece en negra):

—**conversation** à bâtons rompus

—**attaquer** bille en tête

—**porter** à bout de bras

—avoir les **ongles** en berne

As colocacións nas que o colocativo é unha locución, teñen loxicamente o seu lugar no diccionario de colocacións. En cambio, certas variacións de locucións como:

— *jeter/lancer/pousser le bouchon un peu loin*

—*refiler le bébé à qqn/ hériter du bébé/ renvoyer le bébé/ encombrant bébé*

non son analizables en termos de colocación porque non hai base e, en consecuencia, non entran no diccionario de colocacións. Esta variación, de igual modo cá información verbo das bases das locucións-colocativos citadas arriba, é o traballo do diccionario de locucións.

6. Conclusión: Desguetiza-lo feito idiomático

Do século II a. C. vén xa o debate sobre a importancia que convén recoñecer á irregularidade na lingua. Os *analoxistas* sostiñan que a lingua é fundamentalmente regular e excepcionalmente irregular. Os *anomalistas*, en cambio, sostiñan que na lingua a importancia das excepcións era máis forte cá das regularidades. Este debate aínda dura hoxe en día. A min paréceme que neste momento nós saímos dunha época, a do estructuralismo e do xenerativismo, que tiña a ilusión da regra e da orde, mesmo no léxico. ¿"Tous le mots qui expriment des idées voisines se limitent réciproquement" (Saussure, *Cours de Linguistique générale*, 160)? É o espellismo dun léxico de contornos netos, de fronteiras precisas, mentres que, na realidade, todo é borroso e movedizo. O léxico non é composicional, é idiomático, é dicir, labiríntico a máis non poder. O falante nativo, despois de pasar quince anos nese labirinto, acaba por fia-lo fío de Ariadna que o axude a orientarse e a moverse nel sen dificultades, a sentirse nel a gusto, ata o punto de non ter conciencia de estar nun labirinto. Pero chega con ser estranxeiro nese labirinto, con medrar noutro labirinto, igualmente complicado e igualmente inmenso, e co propio fío de Ariadna entrar no labirinto estranxeiro, para se decatar de que todo é diferente e de que hai que recomeza-la aprendizaxe dende cero.

¿Como podía ser doutro modo? O léxico é a parte máis humana da lingua, a que está máis preto da vida. Daquela non se hai que estrañar se as unidades léxicas son individualistas e caótico o conxunto.

Evidentemente, para os analoxistas, os gramáticos rigoristas, os lingüistas constructores de sistemas, o caos do léxico é verdadeiramente un escándalo. Entón inventaron un dispositivo para resolvelo: tal dispositivo é o gueto. Cumpría acurrala-lo feito idiomático no gueto das locucións idiomáticas. Idiomático era todo o que padecía o pecado da non-estructura. Declarábanse indignos estes feitos leprosos, dicíase que eran periféricos. Deste xeito librábanse deles para ocuparse mellor da verdadeira lingua. Mais o léxico, botado pola ventá, volveu entrar pola fiestra. ¿Por que a descrición lingüística está a mil leguas da aprendizaxe dunha lingua estranxeira ou do que pasa realmente na traducción (Hausmann 1997)? Porque a descrición lingüística botou fóra de si a realidade da lingua, é dicir, a súa patrimonial idiomaticidade.

Velaí por que cómpre desguetiza-lo feito idiomático. O feito idiomático é o centro da lingua, non a súa periferia.

Cómpre mirar para esa realidade ó dereito. Eu non sei se é constructiva. Pero é a verdade. Esta verdade non facilita a tarefa dos lingüistas nin a dos lexicógrafos. Vénse de pecha-la gran tarefa do TLF.: 25.000 páxinas para describi-lo vocabulario francés. ¿Xa está feito, logo, todo? ¡Permítanme que sorría! O que se autoproclama *Trésor* despacha numerosas locucións remitindo ós diccionarios do século XX, en vez de lles dar un tratamento digno da súa identidade. Non hai diccionario no mundo que iguale o TLF e, mesmo así, para o tratamento axeitado das locucións, habería que refacelo todo. Non son 25.000 páxinas as que precisaría, senón 100.000 ou 200.000. E para as colocacións, unha gran parte do traballo está por facer. Isto é o vocabulario, isto é a lingua. Isto seméllase ó ceo estrelado. Vostedes descobren galaxias, mais tralas galaxias hai outras galaxias. A lingüística ten por oficio domestica-lo vocabulario. Pero tamén o de mostrar canto nos supera o vocabulario, como é indomesticable, como é un adversario contra quen loitamos pero ó que nunca damos vencido. É a esa loita á que vostedes consagran o seu traballo. É cousa de valentes. Pois ¡adiante co varal!

7. Referencias bibliográficas

7.1. Diccionarios

Beinhauer, Werner: *Stilistisch-phraseologisches Wörterbuch spanisch-deutsch.* München 1978 (1043 p.).

Benson, Morton/Benson, Evelyn/Ilson, Robert: *The BBI Combinatory Dictionary. A Guide to Word Combinations.* Amsterdam 1996 (XXXVI, 286 p.).

Casares, Julio: *Diccionario ideológico de la lengua española.* Madrid 1979.

COBUILD English Language Dictionary. Glasgow 1987.

Cowie, A. P./Mackin, R./McCaig, I. R.: *Oxford Dictionary of Current Idiomatic English.* 2 vol. Oxford 1975, 1983 (LXXXI, 396, LXIII, 685 p.).

DFC: *Dictionnaire du français contemporain.* Paris 1966.

Drosdowski, Günther: *Duden Stilwörterbuch der deutschen Sprache. Die Verwendung der Wörter im Satz.* 6. völlig neu bearbeitete und erweiterte Auflage. Mannheim 1970 (846 p.).

Galisson, Robert: *Inventaire thémathique et syntagmatique du français fondamental.* Paris 1971 (82 p.).

García-Pelayo y Gross, Ramón: *Dictionnaire espagnol-français, français-espagnol.* Paris 1987.

GR: *Grand Robert de la langue française* par P. Robert, 2e éd. par A. Rey, 9 vol., Paris: Robert 1985.

Kjellmer, Göran: *A Dictionary of English Collocations. Based on the Brown Corpus.* In Three Volumes. Oxford 1994.

Lacroix, Ulysse: *Les mots et les idées. Dictionnaire des termes cadrant avec les idées.* Paris 1931 (317 p. ; 2e éd. 1956).

Langenscheidts Kontextwörterbuch Französisch-Deutsch, Berlin 1989.

PR: *Le Nouveau Petit Robert,* Paris: Robert 1993.

Mel'c☭uk, Igor: *Dictionnaire explicatif et combinatoire du français contemporain. Recherches lexico-sémantiques,* Montréal, Presses de l'Université, 3 vol., 1984, 1988, 1992.

RAE: *Diccionario de la lengua española.* Madrid 1992.

Reum, Albrecht/Chambille, Louis: *Guide-lexique de composition française. Petit dictionnaire de style à l'usage des Allemands.* Leipzig 1911 (691 p.).

Rodale, Jerome Irving: *The Word Finder.* Allentown: Rodale Press 1947 (XXV, 1317 p.).

TLF: *Trésor de la langue française: Dictionnaire de la langue du XIXe et du XXe siècle (1789-1960).* 16 vol., Paris: Gallimard 1971-1994.

7.2.Traballos

Bahns, Jens: *Kollokationen und Wortschatzarbeit im Englischunterricht*. Tübingen 1997.

Bahns, Jens: *Kollokationen als lexikographisches Problem.* Tübingen 1997,

Benson, Morton: The Structure of the Collocational Dictionary. *International Journal of Lexicography* 2. 1989, 1-14.

Cowie, Anthony P.: Collocational Dictionaries - A Comparative View. M. G. Murphy (ed): *Proceedings of the Fourth Joint Anglo-Soviet Seminar on English Studies.* London 1986, 61-69.

Cowie, A. P.: The 'Dizionario Scolastico': a Learner's Dictionary for Native Speakers. *International Journal of Lexicography* 9. 1996, 118-131.

Gorcy, Gérard u.a.: Le traitement des groupes binaires. *Cahiers de lexicologie* 17. 1970, 15-46.

Hausmann, Franz Josef: *Einführung in die Benutzung der neufranzösischen Wörterbücher.* Tübingen 1977.

Hausmann, Franz Josef: Splendeurs et misères du Trésor de la langue française. *Zeitschrift für französische Sprache und Literatur* 87. 1977, 212-231.

Hausmann, Franz Josef: Un dictionnaire des collocations est-il possible ? *Travaux de linguistique et de littérature* 17. 1979, 187-195

Hausmann, Franz Josef: Wortschatzlernen ist Kollokationslernen. Zum Lehren und Lernen französischer Wortverbindungen, *Praxis des neusprachlichen Unterrichts*, 31. 1984. p. 385-406.

Hausmann, Franz Josef: Kollokationen im deutschen Wörterbuch. Ein Beitrag zur Theorie des lexikographischen Beispiels. *Lexikographie und Grammatik.* Hrsg. v. H. Bergenholtz u. J. Mugdan. Tübingen 1985, 118-129.

Hausmann, Franz Josef: Le TLF, prix d'excellence ? La place du Trésor de la langue française dans la lexicographie internationale, *Zeitschrift für französische Sprache und Literatur*, 98, 1988, p. 113-124.

Hausmann, Franz Josef: Le dictionnaire de collocations. *Wörterbucher. Dictionaries. Dictionnaires. Encyclopédie Internationale de Lexicographie.* Ed. F. J. Hausmann et al.Tome premier, Berlin, New-York: De Gruyter 1989, 981-988.

Hausmann, Franz Josef: Le lexicographe et la linguistique, *Actes du XVIe Colloque international de linguistique fonctionnelle, Sorbonne, Paris, 29 juin au 4 juillet 1989,* éd. par la Société internationale de linguistique fonctionnelle S.I.L.F., Istanbul: Librairie ABC, p. 37-42.

Hausmann, Franz Josef: Praktische Einführung in den Gebrauch des *Student's Dictionary of Collocations,* M. Benson/E. Benson/R. Ilson: *Student's Dictionary of Collocations.* Berlin: Cornelsen 1989, IV-XVIII.

Hausmann, Franz Josef: Was ist und was soll ein Kontextwörterbuch?, P. Ilgenfritz/N. Stephan Gabinel/G. Schneider: *Langenscheidts Kontextwörterbuch Französisch-Deutsch. Ein neues Wörterbuch zum Schreiben, Lernen, Formulieren.* Berlin 1989, 5-9.

Hausmann, Franz Josef: Collocations in monolingual and bilingual English dictionaries, Vladimir Ivir/Damir Kalogjera, *Languages in Contact and Contrast. Essays in Contact Linguistics* (Trends in Linguistics. Studies and Monographs 54), Berlin. New-York 1991, 225-236.

Hausmann, Franz Josef: Le souhaitable et le possible. La microstructure du *TLF, Le français moderne*, 62, 1994b, p. 141-153.

Hausmann, Franz Josef: Tout est idiomatique dans les langues. Le point de vue de l'étranger, *La locution entre langue et usages*. Textes réunis par M. Martins-Baltar, Fontenay/Saint-Cloud, ENS Editions, coll. “signes”, 24-26 novembre 1994 (à paraître).

Hausmann, Franz Josef: La syntagmatique dans le *TLF* informatisé. *Lexicographie et informatique. Autour de l'informatisation du Trésor de la Langue Française: Actes du Colloque International de Nancy (29, 30, 31 mai 1995)* publiés par David Piotrowski. Paris: Didier Erudition 1996, 37-50.

Hausmann, Franz Josef: Le traducteur et la linguistique. *La Palabra vertida. Investigaciones en torno a la traducción.* Actas de los VI encuentros

complutenses en torno a la traducción, eds. M.A. Vega/R. Martin-Gaitero. Madrid 1997, 25-35.

Hausmann, Franz Josef: Semiotaxis und Lexikographie. *Linguistische Theorie und lexikographische Praxis. Akten des Symposiums anläßlich des 60. Geburtstags von Herbert Ernst Wiegand* (Lexicographica Series Maior). (à paraître en 1997).

Herbst, Thomas: What are collocations: Sandy beaches or false teeth ? *English Studies* 77. 1996, 379-393.

Kleineidam, Hartmut: La notion de "fonction lexicale" et son application lexicographique dans le *Dictionnaire explicatif et combinatoire du français contemporain* d'I. A. Mel' uk. *Actes du XVIIIe Congrès international de linguistique et de philologie romanes. Trèves 1986.* Tome IV. Tübingen 1989, 165-177.

Schafroth, Elmar: Einsprachige Wörterbücher des Portugiesischen aus lernerlexikographischer Sicht. *Lexicographica* 12. 1996, 166-189.

Schafroth, Elmar: Neue Horizonte in der pädagogischen Lexikographie des Spanischen. *Iberoromania* 45. 1997, 1-25.

Thun, Harald: *Probleme der Phraseologie*. Tübingen 1978.

Problemas e solucións na preparación de diccionarios de *idioms* ingleses

PATRICK HANKS
Oxford English Dictionaries

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 83-100.
ISBN: 84-45321-67-6)

The paper considers the two leading dictionaries of idioms published in Britain today, and contrastively examines their principles of selection of entries and their different approaches to explanation, alluding at the same time to other kinds of dictionary and to the needs of learners and other users. Differences between idioms and phraseology are discussed. The paper also looks at the problems of collecting citations for idioms and considers whether modern computational techniques of corpus analysis can help. Finally, some of the problems of selecting and arranging idioms and explaining them in a dictionary are discussed.

Diccionarios de *idioms* ingleses

Os máis importantes editores de diccionarios en Gran Bretaña teñen na súa lista un diccionario de *idioms* ingleses. Os dous que teñen máis éxito (polo seu volume de venta e pola súa reputación) son:

> *Oxford Dictionary of English Idioms*, ed. A. P. Cowie, R. Mackin, and I. R. McCaig (1983, 1993)
>
> —"over 14,000 references"
>
> *Collins Cobuild Dictionary of Idioms*, ed. Rosamund Moon (1995)
>
> —"4,400 idioms from British and American English"

Neste relatorio, tomarei a maior parte dos exemplos, aínda que non todos, destes dous libros. Aínda que ámbolos dous están concibidos principalmente para estudiantes estranxeiros de inglés, teñen características moi diferentes. Para comezar, o número de entradas varía notablemente: o diccionario de Oxford contén máis de tres veces o número de entradas do diccionario de Cobuild. ¿Quere dicir isto que o diccionario de Oxford é

tres veces máis útil? Isto sería certo se os usuarios consultaran regularmente o diccionario de Oxford para buscar información sobre eses *idioms* que non aparecen no diccionario de Cobuild. Sería interesante saber se o fan, pero, polo que eu sei, non se realizou ningunha investigación verbo deste tema.

¿"Máis" significa "mellor"? No mercado competitivo da publicación xeral de diccionarios, hai unha gran presión para asegurar que cada nova edición dun diccionario conteña "máis" entradas ca calquera dos seus competidores. Isto pode levar á inclusión de palabras de rara aparición, palabras dialectais e mesmo "palabras fantasma" (palabras que poderían posiblemente existir pero que nunca as usou ninguén realmente) para incrementa-lo número de entradas, sen considerar en realidade se os usuarios necesitan tales palabras. Sería demasiado fácil para o compilador dun diccionario moderno de *idioms* caer na mesma trampa, incluíndo proverbios e refráns pouco comúns e escuros, que se usan raramente, se se usan algunha vez, pero que se atopan en diccionarios vellos. Por exemplo:

> Better to marry over the midden than over the moor.

No seu favor podemos dicir que nin o diccionario de *idioms* de Oxford nin o de Cobuild caeron nesta trampa. Ámbalas dúas obras teñen a declarada intención de describir só aqueles *idioms* que de feito se usan no inglés actual e ámbalas dúas obras se basean solidamente en extensas colecciónns de mostras de uso real. ¿Por que, entón, o diccionario de Oxford ten moitas máis entradas có de Cobuild? Parte desta razón radica no feito de que, como veremos, o seu método de investigación foi diferente, pero a razón principal é que adopta unha definición de *idiom* moito máis ampla.

¿Que é, pois, un *idiom*?

Cobuild, na súa introducción, dá a seguinte definición de *idiom*:

> An idiom is a special kind of phrase. It is a group of words which have a different meaning when used together from the one it would have if the meaning of each word were taken individually [...] Idioms are typically metaphorical: they are effectively metaphors which have become 'fixed' or 'fossilized'.

Esta é unha definición bastante restrinxida e tradicional do termo *idiom* e axuda a explica-lo número menor de entradas que, en comparación, ten o diccionario de Cobuild. Polo contrario, o *Oxford Dictionary of English Idioms* non dá unha simple e explícita definición do que considera como un *idiom*. No seu lugar, a Introducción Xeral contén un ensaio discursivo e informativo sobre o tema da idiomaticidade. O autor da introducción, Tony Cowie, comeza referíndose ás "English expressions which are in the broadest sense idiomatic" e despois pregunta:

> How in practice do we decide whether a particular expression is idiomatic or not?

A súa resposta é:

> A view of idiomaticity that does full justice to the rich diversity of word combinations in English must recognize that the meaning of a combination may be

related to those of its components in a variety of ways.

A continuación Cowie identifica catro tipos principais de expresións idiomáticas:

1. **Pure idioms**: the end point of a process by which word combinations first establish themselves through constant re-use, then undergo figurative extension and finally petrify or congeal[23].

Examples: *blow the gaff* and *kick the bucket*.

2. **Figurative idioms***:*[...] an important group of expressions which have figurative meanings [...] but which also keep a current literal interpretation. Variation is seldom found, and pronoun substitution is unlikely.

Examples: *catch fire*; *close ranks*; *beat one's breast* and *burn one's boats*; also (with limited variation) *a close* or *narrow shave*.

3. **Restricted collocations** (sometimes referred to as `semi-idioms'): one word has a figurative sense not found outside that limited context; the other element appears in a familiar, literal sense.

Examples: *jog one's memory*; *a chequered career*; *entertain an idea*.

4. **Open collocations**: both elements are freely recombinable.

Examples: *fill the sink*; *a broken window*.

Cowie menciona *a blind alley* como un exemplo máis da clase 3. Sen embargo, esta expresión tamén ten un senso figurado, que recolle o propio diccionario, así que tamén pertence á clase 2. No *Oxford Dictionary of the English Language*, de próxima publicación, a relación está expresada como segue:

blind alley >>**noun** a cul-de-sac (i.e. a street or passage closed at one end).
- figurative a course of action leading nowhere: *many technologies that show early promise lead up blind alleys.*

Idioms e fraseoloxía

Das catro clases de *idiom* identificadas por Cowie, as tres primeiras están representadas copiosamente no diccionario de Oxford. A cuarta clase, como era de esperar, case non está presente. Pertence máis ó mundo da fraseoloxía ca ó dos *idioms*. Unha breve análise das características da fraseoloxía axudará a establece-lo concepto de *idiom* no seu contexto lingüístico e clarexará a metodoloxía da investigación moderna.

É un tópico dicir que as palabras non están distribuídas nos textos ó azar. Agrúpanse de curiosas maneiras. En calquera lingua natural algunhas palabras entran en combinación relativamente máis a miúdo ca outras, aínda que sexan libremente recombinables, non

---

[23] Nótese o paralelismo entre as palabras *petrify or congeal* no diccionario de Oxford e *become fixed or fossilized* no Cobuild.

fixas na súa relación entre elas. Isto é, en parte, un feito da convención lingüística e, en parte, unha consecuencia dos feitos sobre o mundo.

Así, por exemplo, o coñecemento do mundo real dinos que *doctors* e *nurses* probablemente coaparezan máis a miúdo do que sería casual e isto confírmano amplamente as mostras textuais. Por outra parte, saber que *out*, *against*, *his* e *by* son os colocados máis significativos á dereita de *checked* é máis un feito de coñecemento lingüístico ca de información sobre o mundo. Este tipo de información sobre palabras funcionais e estructuras de complementación ten moita importancia entre outros para os estudiantes dunha lingua estranxeira.

O desenvolvemento de corpora extensos de textos en formato electrónico está empezando agora a facer que os investigadores poidan emprender estudios empíricos ben fundados sobre a colocación e a fraseoloxía. Ata agora as estructuras de complementación presentábanse dun xeito moi pouco uniforme e non sempre con exactitude nos diccionarios bilingües e nos diccionarios para estudiantes dunha lingua estranxeira, e eran case totalmente ignoradas nos diccionarios monolingües para falantes nativos. Pero un estudiante dunha lingua estranxeira ou un profesor (ou incluso calquera estudiante ou escritor falante nativo) ben podería querer saber cáles son as estructuras de uso máis importantes asociadas cunha palabra concreta. Unha táboa coma a que segue, usada con tino, pode ser útil para os profesores, autores de libros de texto, lexicógrafos, estudiantes e outros profesionais da lingua. Recolle os 30 colocados máis significativos estatisticamente que aparecen no *British National Corpus* nunha distancia de catro palabras despois da palabra clave, *checked*.

Colocados de *checked* no *British National Corpus*

Word: checked"	Frequency: 2398	Statistic: T-score	Window: 0:4	
Combination	Frequency of collocate	Predicted frequency per chance	Actual frequency in BNC	T-Score
checked out	174727	25.850	126	8.92
checked <> against	53852	7.967	93	8.82
checked <> his	418283	61.883	177	8.65
checked <> by	503376	74.473	195	8.63
checked ... watch	7663	1.134	71	8.29
checked <> her	310821	45.985	112	6.24
checked <> before	80086	11.848	52	5.57

checked <> with	629214	93.090	162	5.41
checked <> again	51017	7.548	43	5.41
checked himself	30112	4.455	32	4.87
checked <> see	92589	13.698	45	4.67
checked <> hotel	11049	1.635	25	4.67
checked <> carefully	6830	1.010	22	4.47
checked <> for	830399	122.854	179	4.20
checked <> my	128261	18.976	47	4.09
checked <> and	2421733	358.286	444	4.07
checked ... ensure	9913	1.467	19	4.02
checked <> every	35407	5.238	25	3.95
checked <> on	666569	98.616	146	3.92
checked <> shirt	2575	0.381	15	3.77
checked ... sure	19656	2.908	19	3.69
checked <> if	212305	31.410	59	3.59
checked <> then	124231	18.380	41	3.53
checked regularly	3689	0.546	13	3.45
checked <> over	122458	18.117	39	3.34
checked <> once	35504	5.253	20	3.30
checked <> list	11487	1.699	14	3.29
checked	16756	2.479	14	3.08

herself				
checked <> records	7334	1.085	11	2.99
checked <> mirror	3698	0.547	10	2.99

Unha táboa coma esta resalta colocados significativos e pode usarse con diversos fins. Por exemplo, presta atención ós verbos frasais (*check *out* of a *hotel*; check *with* someone; check *on* something; check something *over**) e outras estructuras de complementación (*have something checked *by* someone; check *before* doing something; check *if* something is the case*). E as palabras plenas nesta lista suxiren típicos contextos para usos e significados diferentes de *check* (*he checked *his* *watch*; checked the *records* *regularly*; checked *himself* in the *mirror*;* e, noutro senso de *checked*, *was wearing a checked *shirt**). Unha queixa que se lles oe con frecuencia ós estudiantes dunha lingua estranxeira é que os libros de texto ensinan algunhas veces a lingua que é rara e irrelevante. As táboas baseadas en corpus, tales como esta, poden axudar a facer que o profesor ou o escritor se dea conta do que é relevante e típico, aínda que dende logo só é unha axuda, non un substituto da capacidade de xuízo do experimentado profesor.

Esta táboa en particular aplica o *t-test* a 100 millóns de palabras do *British National Corpus*. O tamaño do campo pode variar a vontade; neste caso, preguntamos por colocados significativos nunha distancia de catro palabras á dereita da palabra clave. No cadro que aparecerá máis adiante, estudiaremos un tamaño de campo de só unha palabra á esquerda. É dicir, preguntaremos cál é a palabra que aparece con máis significación estatística inmediatamente á esquerda da palabra clave —normalmente un adxectivo modificando a un nome. É importante decatarse de que estas táboas miden a significación estatística, non só a frecuencia. Preguntan: "¿Que palabras aparecen **significativamente máis a miúdo** no contexto da palabra clave ca noutro lugar calquera?", non simplemente: "¿Que palabras son frecuentes neste contexto?".

Táboas coma estas tamén serven para resalta-la distinción entre fraseoloxía idiomática e *idioms* puros. Son innumerables os exemplos de fraseoloxía idiomática que se ilustran con tests estatísticos deste tipo —demasiados para incluílos nun só volume dun diccionario de *idioms*. Non nos sorprende, polo tanto, que o *Oxford Dictionary of English Idioms* non inclúa case ningún exemplo do tipo 4, *open collocates*, que son, en realidade, estatisticamente colocados significativos, moito máis variables cás outras clases de *idioms* identificados por Cowie. Os *idioms* dos tipos 1, 2 e 3 na clasificación de Cowie son moito menos importantes nas táboas estatísticas e son tamén máis difíciles de atopar, aínda que, como xa veremos, un corpus pode dar valiosa información sobre a forma e uso dos *idioms*.

Mostras dos *idioms* en uso

Outra diferencia importante entre os diccionarios de *idioms* de Oxford e de Cobuild radica na súa metodoloxía. Cando Ronald Mackin comezou a recoller datos para o *Oxford Dictionary of English Idioms* en 1958, o único método dispoñible de recollida de datos era o método tradicional, laborioso e incriblemente consumidor de tempo de le-los textos, seleccionar e marca-los exemplos e, despois, copialos en fichas. Pasou 20 anos facendo só isto. No seu prefacio comenta:

> The collecting of idiomatic expressions quickly became obsessive. My reading

> became more intensive and more varied; the collection grew more and more formidable as I tried, in vain, to establish some meaningful order of frequency. Somehow I did not seem to be able to find, in the current literature that I was so diligently combing, even a couple of examples of expressions (other than phrases like in fact, of course etc) that I knew to be both current and used, or at least understood, by most native speakers [...] Later, in Birmingham, an interesting piece of research was carried out by Professor John Sinclair and his colleagues: the object was to listen out for and record any uses of the phrase red herring that might crop up in their presence [...] They had been struck by the fact that this idiomatic expression had not occurred a single time in the admittedly limited corpus of written material that they had analysed. The small group of observers collected no less than 50 instances in a period of several months. Yet in all my years of collecting from written sources I had not come across more than three or four occurrences of this expression.

Nestes comentarios encérrase o pensamento de que os *idioms* poden ser moito máis frecuentes no inglés falado ca no escrito. Normalmente dise isto —dende logo, hai boas razóns para crer que é certo— pero neste momento os corpora de inglés falado non son o suficientemente amplos como para determinaren fiablemente a relativa frecuencia de *idioms* no inglés falado e escrito.

Arredor de finais dos anos 80, a tecnoloxía informática tiña avanzado ata o punto de que cantidades de texto moi extensas podían atoparse en formato electrónico e ser procesadas cunha rapidez incrible. Hai dez anos, un corpus de 20 millóns de palabras era considerado amplo; agora os lexicógrafos e os lingüistas computacionais son capaces de traballar con corpora de 100 millóns de palabras de texto corrido, e incluso 300 ou 400 millóns de palabras. Un corpus de 400 millóns de palabras equivale aproximadamente a toda unha vida de lectura dunha soa persoa. Os datos do corpus, polo menos do inglés **escrito**, son o suficientemente extensos e variados para asegurarnos que, se os *idioms* se usan en textos escritos, teñen que estar rexistrados aí nalgunha parte. O que necesitamos agora son ferramentas computacionais para atopalos. Actualmente non hai maneira de facer que un ordenador diga "aquí hai un *idiom*". Pero o que as ferramentas estatísticas **poden** facer é proporcionarlle ó investigador listas de palabras que adoitan ir xuntas; é entón o investigador humano quen ten que decidir cáles delas funcionan como *idioms*.

Outro problema que ten que afronta-lo compilador de *idioms* que usa o método tradicional de "ler, marcar e copiar" é que os resultados dese proceso non se poden usar para ningún tipo de análise estatística. A intervención humana na selección de citas destrúe calquera posibilidade de sacar estatisticamente conclusións válidas sobre frecuencias relativas. Un extenso corpus de textos, sen embargo, proporciona unha base mellor de comparación. Desta maneira, nós sabemos que a expresión *red herring* aparece cunha frecuencia de 74 en 100 millóns no *British National Corpus*, e, como veremos, esta orde xeral de frecuencia confírmase independentemente no corpus de Cobuild, chamado *The Bank of English*.

Por outra parte, a expresión *kick(ed) the bucket* aparece só 11 veces no *British National Corpus*. Peor aínda, un exame máis puntual revela que só dúas desas aparicións son usos

auténticos do *idiom*. O resto son ben usos independentes das palabras co seu significado físico, literal ou ben mencións dos *idioms* en discurso erudito. Unha frecuencia de 2 en 100 millóns é extremadamente baixa, implicando que unha persoa normal e corrente só usará ou verá ou oirá a expresión unha vez cada cinco ou dez anos. Sen embargo, poucos falantes nativos de inglés descoñecen a expresión no seu significado idiomático. Estes feitos son bastante curiosos e resaltan o problema que teñen que afronta-lo compilador e os analistas de *idioms*.

O *British National Corpus*

Neste punto é conveniente facer unha digresión para dicir qué é exactamente o *British National Corpus* e para ilustrar frecuencias comparativas. O *British National Corpus* consiste nunha selección coidadosamente equilibrada de textos de moi diferentes tipos, co obxectivo de dar á comunidade investigadora unha sección representativa en formato electrónico do inglés actual para o seu estudio e análise. Un 10% do corpus (10 millóns de palabras) provén do inglés falado e só un subconxunto bastante pequeno delas vén da conversación natural e improvisada (que é moi difícil de recoller). A pequena porcentaxe de conversación improvisada pode axudarnos dalgunha maneira a explica-la escaseza de datos sobre *idioms* no BNC, pero segue parecendo probable que, incluso na conversa, os *idioms* se usen comparativamente poucas veces.

Dá que pensa-lo feito de que aproximadamente a cuarta parte de todo texto inglés se constrúa con só dez pequenas palabras: *the*, *of*, *to*, *and*, *a*, *in*, *that*, *is*, *it*, e *for*. Seguindo co mesmo tema atopamos que o 2% de tódolos tipos (formas de palabra) representa o 90% dos exemplos (ocorrencias de texto) no corpus. Isto deixa moi pouco sitio para as palabras menos frecuentes, e non digamos para os *idioms*.

A frecuencia de *red herring*, 74 en 100 millóns, parece —e é— unha fracción moi pequena, pero comparada con *orotundity* e *oompahing* é o bastante frecuente para asegurar que *red herring* é unha expresión convencional e ben asentada en inglés.

Os corpora extensos deste tamaño en inglés son un fenómeno dos 90. Nos anos 60 e 70, cando Mackin e Cowie estaban recollendo datos para o seu *Oxford Dictionary of English Idioms*, os corpora en formato electrónico contiñan só un millón de palabras ou pode que menos. Tendo en conta que as frecuencias veñen sendo comparativamente constantes, isto significa que se Mackin e Cowie tentaran usa-lo corpus como unha base para recoller e identifica-los *idioms*, a probabilidade sería que terían atopado a expresión *red herring* ben só unha vez ou ben nunca. Sen embargo, agora sabemos que este é un dos *idioms* máis frecuentes do inglés. Nun corpus de só un millón de palabras, a maior parte dos *idioms* ingleses non aparecerán nunca. Pero nun corpus de 100 millóns de palabras, a maioría parece que está alí —certamente tódolos que un estudiante quererría coñecer— e, aínda que sexan bastante infrecuentes, hai suficientes mostras para estudia-la conducta sintáctica da maioría deles. O feito de que as frecuencias de *idioms* sexan tan baixas implica que tivemos que esperar á chegada de corpora unha ou dúas veces máis amplos cós que se manexaban nos tempos de Mackin, antes de que se puidera facer cos *idioms* calquera investigación significativa baseada en corpus, e aínda estamos esperando por corpora de inglés falado de tamaño equivalente.

A pesar da súa comparativamente baixa frecuencia, a colocación *red + herring* vén ser moi significativa estatisticamente. Cando aplicamos o *t-test* e preguntamos por unha lista de palabras que aparecen inmediatamente á esquerda de *herring*, para a significación estatística, descubrimos que *red herring* é, con moito, a combinación máis significativa, cun *t-score* de 8.99. O seu rival máis próximo, *pickled herring*, por exemplo, marca só 2.24.

Word: "herring | herrings"	Frequency: 415	Statistic: T-score	Window: 1:0	
Combination	Frequency of collocate	Predicted frecuency per chance	Actual frecuency in BNC	T-Score
red	13615	0.070	81	8.99
pickled	110	0.001	5	2.24
norwegian	674	0.003	4	2.00
salted	183	0.001	4	2.00
soused	13	0.000	4	2.00

¿Como sabemos que *red herring* é un *idiom*, mentres que *pickled herring* non o é? A resposta a esta cuestión decidiraa o investigador. Aínda que a análise estatística pode illar combinacións interesantes para a consideración do lexicógrafo, non hai (ata agora) ningún procedemento computacional para clasificalas, i.e., para decidir qué combinacións son *idioms* e cáles son tan só colocados curiosos.

A ferramenta máis básica na análise de corpus é unha simple concordancia. O exame das liñas do corpus confirma rapidamente que o que queira que sexa un *red herring*, non é normalmente un peixe comestible: as persoas son *red herrings*, algo que vai en contra das regulacións de CE pode ser un *red herring*, comprar un billete pode ser un *red herring*. Exemplos como estes axudan ó lexicógrafo a comprobar que a definición é conforme ó uso moderno.

Validez estatística: corpus e lingua

Neste punto os lexicógrafos tenden a poñerse tan eufóricos pola marabillosa cantidade de datos que teñen á súa disposición con só premer un botón que se senten tentados a abandonar toda prudencia. Non quero desilusionalos, pero unha nota de precaución pode ser boa antes de seguir adiante. En lei dereita, é necesario distinguir dúas clases de significación estatística: a que é significativa estatisticamente nun corpus particular e a que é significativa estatisticamente na lingua no seu conxunto. Cun corpus de textos extenso en formato electrónico, hoxe en día é posible deseñar programas informáticos que identifiquen combinacións de palabras que coaparecen no corpus significativamente máis a miúdo do que a casualidade faría que aparecesen. Nos anos 80 nos Laboratorios Bell en New Jersey un multidisciplinario equipo, do que eu afortunadamente formaba

parte, fixo grandes avances no campo da análise computacional deste tipo. Este traballo está resumido en Church et al. (1990a, 1990b, 1994). Resulta moi fácil caer inconscientemente no hábito de considera-los feitos descubertos mediante a análise de corpus como feitos sobre "a lingua". Sen embargo, necesitamos recordar de vez en cando que, en rigor, son só feitos do corpus particular que se está a examinar e que xeneralizar de aí á lingua no seu conxunto pode requirir xustificación.

Unha anécdota pode servir para resalta-la diferencia. Cando eu estaba traballando na análise de corpus nos Laboratorios Bell nos 80, decateime de que o verbo *remove* se combina significativamente non só coa preposición *from*, senón tamén coa palabra *president* e con varias palabras que denotan partes do corpo. Descubrimos que a razón disto era que o corpus que estabamos usando era un corpus de xornalismo americano, e o presidente de USA, que naquel momento era Ronald Reagan, era sometido con frecuencia a pequenas operacións para extirparlle tumores de distintas partes do corpo (e outras pequenas intervencións cirúrxicas), sendo todo isto difundido polos medios de comunicación. Creo que estarán de acordo comigo en que estes deben clasificarse como feitos sobre o xornalismo americano de 1988 e o mundo que este transmitía, máis ca feitos sobre a lingua inglesa.

Falando con rigor, é imposible usar datos dun corpus para descubrir estatisticamente verdades válidas sobre "a lingua", xa que calquera procedemento de mostraxe válida estatisticamente depende dunha definición precisa da composición da poboación que se sonda, unha composición que entón debe ser sondada. A poboación de Inglaterra, ou España, ou Galicia, ou calquera outra unidade administrativa pode en calquera momento ser definida, subdividida e sondada precisamente desta maneira. Pero os puristas dirán que a lingua falada pola xente é indeterminada de máis para unha mostraxe rigorosa deste tipo. O número de oracións nunha lingua é, en principio, indefinido; os criterios para dividir textos en tipos son moi vagos e inestables, os tipos van e veñen a gran velocidade, e o número de falantes que usan calquera dos tipos é igualmente inestable. Un corpus, polo tanto, é un pesadelo do estatístico.

Unha vez dito isto, é tamén necesario comentar que polos motivos máis prácticos a análise dun extenso corpus proporciona revelacións contundentes que son intuitivamente moi posibles e que a miúdo antes foron inaccesibles. Ademais, os resultados anómalos da variedade "parte do corpo de Reagan" son fáciles de ver. E a nosa confianza aumenta cando descubrimos que a información que se saca dun extenso corpus é confirmada independentemente por outro. Todo isto é unha advertencia contra a confianza excesivamente literal nos datos dun corpus, non contra os datos do corpus en si.

Frecuencias dos *Idioms*

O *Cobuild Dictionary of Idioms* chega ata o punto de editar información sobre as frecuencias aproximadas no seu corpus. Os tres triángulos negros ó lado da entrada *red herring* indican que, no corpus de Cobuild, chamado *The Bank of English*, o *idiom* aparece polo menos unha vez en cada 2 millóns de palabras.

A redactora, Rosamund Moon, comenta:

> The dictionary shows the relative frequencies of individual idioms and individual meanings of idioms, as they are found in the Bank of English. There are three frequency bands, which are indicated by black triangles at the beginning of each entry. The commonest idioms are marked out with three black triangles, the next commonest with two, and the next with one. 30% of idioms do not receive any frequency marker at all: these are expressions which are current in English, but occur less often than one in each 10 million words of corpus text.
>
> <<< Approximately 750 idioms and their variations [...] have three black triangles: each occurs at least once in every two million words of the corpus [...] Examples include *the acid test, hot air* and *up in arms*.
>
> << Approximately 750 idioms and their variations have two black triangles [...] Examples include *a blind alley, not take no for an answer,* and *up the ante*.
>
> < Over 1500 idioms and their variations have one black triangle. These idioms occur between 1 and 3 times in every 10 million words of the corpus[24].

Cando comparamos as bandas de frecuencia de Cobuild coas frecuencias no *British National Corpus*, atopamos que a orde xeral de frecuencia aparece máis veces confirmada ca non confirmada, aínda que estas sexan dúas colecciónes completamente diferentes de texto contemporáneo.

Por exemplo, *hoist by one's own petard* ten unha frecuencia de só 16 en 100 millóns de palabras do *British National Corpus*. Isto estaría dentro da banda de frecuencia indicada por un só triángulo negro no Cobuild.

A palabra *petard* aparece 20 veces no BNC; 16 deses usos son do *idiom*; os outros son históricos ou literarios. Cobuild non nos di qué é *petard* nin como chegou a ser tal expresión un *idiom* en inglés. Para isto, temos que ir a un diccionario máis tradicional.

> **petard** /pi'ta:d/> **noun** historical **1** a small bomb made of a metal or wooden box filled with powder, used to blast down a door or to make a hole in a wall. **2** a kind of firework that explodes with a sharp report.
> —PHRASES **hoist with** (or **by**) **one's own petard** have one's plans to cause trouble for others backfire on one: *Doug, hoist by his own petard, was the one who was now getting irritated*. [ORIGIN: from Shakespeare's *Hamlet* III. iv. 207.]
> —ORIGIN mid 16th cent.: from French *pétard*, from *péter* 'break wind'.

Esta é a explicación que dá o *Oxford Dictionary of the English Language*, un novo diccionario baseado nun corpus, que aínda non está publicado. Unha vantaxe que un diccionario xeral ten con respecto a un diccionario de *idioms* é que regularmente o primeiro debe relaciona-lo significado dos *idioms* co das palabras claves que os forman.

---

[24] *Collins Cobuild Dictionary of Idioms*, Guide to the Dictionary Entries, p. xvii

Con niveis tan baixos de frecuencia, resultaría casual que incluso o máis asiduo lector de citas repare nunha expresión. Deste xeito, Cowie, Mackin e McCaig non inclúen *hoist on one's own petard*. 10 millóns de palabras é a penas equivalente a tres ou catro anos de lectura dun ser humano facendo non moito máis que ler. Entón non é sorprendente que esa expresión se lles escapara. Sen embargo, moitos, cando non a maioría dos falantes nativos ingleses, saben, unha vez que se lles menciona, que esta é unha expresión familiar e accesible (*disponible*, en francés) da lingua. Non é o tipo de expresión que agora xa non se emprega no inglés estándar, tal como *better to marry over the midden than over the moor*.

Explicar e definir *idioms*: información lingüística fronte a información cultural e histórica

Agora é o momento de preguntarse ¿que se debería dicir dun *idiom* na súa explicación? Aquí de novo hai un contraste impresionante entre os principios adoptados no *Oxford Dictionary of English Idioms* e no *Cobuild Dictionary of Idioms*.

O diccionario de Cobuild está pensado moi especificamente para os estudiantes estranxeiros, e en particular para mellora-las súas capacidades lingüísticas productivas (i.e., habilidades de escritura e fala en oposición ás habilidades de lectura, comprensión oral e entendemento). O estilo definitorio de Cobuild ten por obxectivo axuda-los estranxeiros a aprender cómo se usan os *idioms* que están definidos. Por esta razón o *idiom* aparece contextualizado antes de ser explicado.

> If you describe a piece of information, a suggestion, or an action as a red herring, you mean that ...

e despois a explicación segue dicíndonos o significado da expresión en inglés moderno.

Pola contra, Cowie, Mackin, e McCaig dan moi pouca información sobre o contexto sintáctico no que se usa a expresión, pero unha boa e clara definición vai seguida dunha explicación detallada de cómo foi orixinada a expresión.

> from, formerly, a bundle of pickled herrings used in a drag hunt or drawn across a fox's trail to destroy the scent and confuse the hounds.

Se para ter competencia como falante de inglés unha persoa necesita esta información histórica é un tema discutible. Confesarei que eu non era consciente da orixe da expresión ata que escribín este relatorio, aínda que eu si uso algunhas veces a expresión *a red herring*. Agora que coñezo a súa orixe, dende logo, síntome moi enriquecido e moito máis confiado no meu uso correcto da expresión. Pero ¿pode este sentimento de confianza ser erróneo? Os que son máis tolerantes coa lingua dirían que un enfoque demasiado serio nas orixes leva á pedantería e destrúe a fluidez. A lingua, din eles, está viva e en constante desenvolvemento, e a aceptación común, o uso normal dunha expresión depende da convención do momento actual, non da orixe histórica. Se a orixe entra en pugna co uso, o uso gañará.

O estilo tamén é importante. A expresión *kick the bucket* significa “morrer”, pero como sinala o Cobuild, úsase “to refer to someone's death in a light-hearted or humorous way”.

O *Oxford Dictionary of English Idioms* di que é "informal". Información desta clase ten moitísima importancia naqueles diccionarios que pretenden ser instrumentos de axuda para o uso productivo da lingua. Imaxinémo-lo desconcerto que causaría un estudiante dunha lingua que, ó saber que a nai do seu profesor morreu, dixera cánto sente que ela *had kicked the bucket*.

Peculiaridades rexionais

Moitos dialectos rexionais do inglés teñen unha gran riqueza en *idioms* que non pasou á corrente central do idioma. Dende logo é característico do estilo científico, técnico e burocrático usa-la lingua con moi poucos *idioms*, mentres que a fala do pobo e os dialectos rurais son moito máis ricos en lingua florida, incluíndo *idioms*.

O recentemente publicado *Dictionary of Caribbean English Usage*, de Richard Allsopp é un caso a ter en conta: contén unha gran riqueza de expresións gráficas e enxeñosas, das que eu seleccionei só dous exemplos:

eyes make fire

goat bite your foot/goat-mouth bite you

Estas expresións son actualmente bastante descoñecidas no inglés estándar, aínda que coa diseminación de inmigrantes do Caribe polas grandes cidades dos países de fala inglesa, sempre é posible que se popularicen. Non podería haber un exemplo máis convincente de que a lingua inglesa ten, en palabras de James Murray, "a well-defined centre but no discernible circumference".

É o traballo dun diccionario histórico erudito coma o *Dictionary of Caribbean English Usage* dar información cultural e histórica sobre as orixes, así como definicións e exemplos. Neste aspecto, Allsopp sobresae.

Na entrada **mongoose-gang**, por exemplo, Allsopp explica non só qué é un *mongoose-gang*, senón tamén cándo, ónde e cómo se orixinou a expresión. Isto é moi diferente dun diccionario que pretenda mostrar á xente cómo usa-las palabras e os *idioms* dun xeito natural e correcto, que é o obxectivo principal das series de Cobuild. Os dous tipos de diccionarios son valiosos, pero é moi importante que o compilador teña claro dende o comezo qué clase de obra desexa facer.

Variabilidade e fixación

Con frecuencia dise que os *idioms* son "expresións fixas", pero se isto é certo a palabra "fixas" adquire un significado moi estraño. Máis ben, o caso é que algunhas pero non tódalas palabras dun *idiom* poden variar, e a miúdo dentro de límites bastante restrinxidos. Dende logo, estas variacións fan que a busca computacional de *idioms* sexa un pouco máis difícil. Estas variacións preséntanse de dúas formas: variabilidade de inflexións e variabilidade de palabras plenas.

Analicemos en primeiro lugar as inflexións. Resulta perfectamente normal face-lo plural de *red herring*: podemos ter varios *red herrings*. Pero é un erro falar de **kicking the buckets*: aínda que o suxeito sexa plural, *bucket* vai en singular.

> three of them kicked the bucket
>
> non:
>
> *three of them kicked buckets

A inflexión dos *idioms* ten sido moi discutida e aínda é debatida. En moitos casos, aínda cun corpus de 300 millóns de palabras, as mostras son febles de máis para tachar con confianza de agramaticais certas formas flexionadas. As intuicións son con frecuencia fortes, pero non fiables; con demasiada frecuencia as mostras da introspección son enganosas. As afirmacións fiables de que este ou aquel *idiom* "ten unha forma invariable" poden ser desmentidas polas mostras de uso real do corpus.

Unha complicación máis para o compilador dun diccionario de *idioms* é que a forma dun *idiom* non é de ningún xeito fixa. Por exemplo, *hoist by one's own petard* tamén aparece como *hoist with one's own petard* e *hoist on one's own petard*. Cobuild identifica a última forma como americana, aínda que en realidade a min paréceme a máis familiar. Pode que eu tomara nota dela por primeira vez lendo un texto americano.

Formas canónicas e formas cognitivas subxacentes

As palabras plenas nos *idioms* poden ser igualmente variables, e incluso máis variables, pero algunhas veces os falantes nativos dunha lingua non queren acepta-la existencia de tal variación. É unha paradoxa que os usuarios individuais dos *idioms* crean con frecuencia que un *idiom* "debe ter" unha forma fixa particular, e que a forma fixa é a que un coñece, non a que coñece outra persoa. Algunhas veces incluso rexeitarán datos do corpus considerándoos dalgunha forma erróneos ou procedentes dunha fonte non fiable.

Rosamund Moon, da Universidade de Birmingham, levou a cabo un estudio detallado das frases fixas e dos *idioms*. O seu traballo demostra como non só as palabras funcionais e as inflexións varían, senón que tamén o fan as palabras plenas. Por outra parte, hai *idioms* que admiten moi pouca variación: por exemplo, non hai probas de que **kick the pail* sexa unha variante de *kick the bucket*, aínda que noutros contextos *pail* e *bucket* sexan sinónimos. Por outra banda, hai *idioms* nos que case cada palabra ten alternativas, a pesar de que a forma de fondo segue sendo recoñecible. Por exemplo:

> shake in one's shoes
> quake in one's boots
> shiver in one's shoes
> quiver in one's boots

e permutacións diso. Este *idiom* tamén se explota de varias maneiras, por exemplo:

> quaking in one's Doc Marten's
> (policemen) quaking in their size 11s
> shivering in his sandals

Parece que hai un prototipo léxico-cognitivo subxacente dunha persoa que mostra medo estando de pé, levando algún tipo especial de calzado e tremendo ou estremecendo. Esta clase de variabilidade afecta a moitos, moitos *idioms*, e fai que a organización lexicográfica sexa particularmente difícil. O problema chega a ser peor polo feito de que os diferentes usuarios da lingua teñen interiorizadas distintas formas canónicas, pero moi a miúdo cada un deles está convencido de que a súa forma propia do *idiom* é a única "correcta".

No caso dalgúns *idioms* hai unha variación extrema. Moon cita o caso dun *idiom*, máis familiar para min na forma *one sandwich short of a picnic*, co significado de 'not quite right in the head, i.e. mentally inadequate', do cal ela cita non menos de 40 variacións. Comenta que "variation is almost mandatory"; os usuarios parecen competir uns cos outros na creación de novas e cada vez máis estrañas variacións, o que Moon expresa como:

QUANTIFIER + NOMINAL GROUP + short/shy + of + NOMINAL GROUP

O *Cobuild Dictionary of Idioms*, cos seus recursos dun corpus extenso, fai un traballo especialmente bo en canto á recollida de variacións das formas canónicas dos *idioms*, pero incluso o Cobuild se ve condicionado por aspectos prácticos: recolle dúas formas canónicas (*one sandwich short of a picnic* e *several cards short of a full deck*) e comenta que "This expression is used very creatively, and people often use it for the humorous effect of a new and amusing variation".

O *Oxford Dictionary of English Idioms*, cunha selección de entradas moito máis extensa é igualmente consciente deste fenómeno, que se estende a moitos *idioms* ingleses. Despois de presenta-la forma canónica dun *idiom*, frecuentemente ilustra tanto as variacións coma as explotacións; por exemplo, mostra como a vella expresión humorística *collapse of stout party* é usada na cita de nova creación *collapse of slim solicitor*.

Selección de entradas para un diccionario de *idioms*

Dado que os *idioms* son comparativamente de rara aparición, o redactor dun diccionario de *idioms* ten que afronta-lo dilema de qué entra e qué queda fóra. Moitas destas cuestións virán determinadas polos principios que xa debatemos: unha vez que temos definido qué consideramos como *idiom*, a selección debería seguir automaticamente.

Os amantes das curiosidades anticuarias gozarán de expresións curiosas, exóticas ou inusuais que xa non están en uso na actualidade, ou que quedaron confinadas dentro das variedades rexionais particulares, pero os puristas dirán que estas expresións non teñen cabida nunha descrición práctica do inglés contemporáneo.

Os verbos frasais presentan un tipo diferente de problema. Aínda que verbos frasais como *take off* e *put up with* cumpren o criterio de que o seu significado é diferente do das palabras individuais usadas independentemente, non se inclúen habitualmente nos diccionarios de *idioms*. Isto parece ser unha convención bastante arbitraria por parte dos editores e dos lexicógrafos. Parece haber un sentimento de que incluí-los verbos frasais,

que son bastante numerosos en inglés, sobrecargaría o contido dun só volume, e que os verbos frasais son unha clase diferente de fenómeno. Esta é unha distinción bastante arbitraria e sería perfectamente defendible a inclusión dos verbos frasais nun diccionario de *idioms*. O subtítulo do *Oxford Dictionary of English Idioms* ("volume 2 of the *Oxford Dictionary of Current Idiomatic English*") indica que Cowie, Mackin e McCaig polo menos sentiron que os verbos frasais son parte do mesmo fenómeno, xa que o volume 1 recolle os verbos frasais.

Para dar unha mostra do diferente que é a selección de entradas nos dous diccionarios, comparei a súa selección de *idioms* que conteñen a palabra *death*. Isto clarifica o criterio máis relaxado que se seguiu no libro de Oxford.

Comparación da cobertura de *idioms* que conteñen a palabra *death* nos diccionarios de Oxford e Cobuild (palabra da entrada con asterisco)

Oxford	**Cobuild**
the *angel of death	
*as pale as death	
*as sure as death	
*as still as death	
	at *death's door
*be the death of sb.	
one's *death agony/throes	
(on) one's *death bed	
a *death blow	a *death blow
*death (old age) comes to us all	
*death or glory	
a *death rattle	
(sign sb's) *death warant	sign someone's *death warrant
	sign your own death warrant
*catch one's death (of cold)	
*court death etc.	
	dice with *death
*die the death	
*die a natural etc. death	
	fight to the *death
	the *kiss of death
	the death *knell sounds, sound the *death knell

(a matter of) *life and death	
	like *death warmed over
	like grim *death
	a living *death
	to *death

Esta táboa tamén mostra que os diccionarios difiren notablemente na situación alfabética das entradas. Isto lévame ó último punto que me gustaría mencionar.

Organización dos datos nun diccionario: orde alfabética

Con demasiada frecuencia os *idioms* ingleses comezan cunha palabra que é de pouca ou ningunha significación, por exemplo o artigo determinado e indeterminado (*the* ou *a*), e que de feito poden ser bastante variables, como xa vimos. O lexicógrafo, polo tanto, necesita selecciona-la palabra clave como punto da entrada. O *Oxford Dictionary of English Idioms* segue tan de preto como é posible a orde dun diccionario normal, seleccionando a primeira palabra plena como punto de entrada, ou, se os redactores consideran que unha palabra funcional é un elemento fixo, iso pode determina-la orde alfabética. Cobuild, por outra banda, organiza cada *idiom* baixo o primeiro nome. Así, Oxford pon *kick the bucket* baixo *kick*, mentres que Cobuild sitúao baixo *bucket*.

Ámbolos dous diccionarios teñen un índice extensivo de tódalas outras palabras que un usuario podería buscar, indicando o lugar onde realmente está a entrada.

Conclusión

Consideramos varios criterios para decidir qué é un *idiom*, e metodoloxías diversas para compilar datos. Xa que a maior parte dos *idioms* son comparativamente de rara aparición, pode ser difícil atopalos, e pode ser moi difícil decidir cál é a forma canónica. Algunha combinación de lectura de citas estando alerta cun exame das combinacións estatisticamente significativas nun corpus sería boa para descubri-los *idioms* nunha lingua. Unha vez que unha combinación de palabras é identificada como idiomática, a análise do corpus é a mellor maneira de indagar cómo se usa realmente a expresión.

Defini-lo significado dun *idiom* depende dunha combinación de introspección por parte dos habilidosos lexicógrafos que coñecen e usan o termo, comprobando as súas hipóteses —os seus proxectos de definicións— coas mostras de uso dentro do corpus.

Finalmente, analizamos algúns dos problemas que presenta a organización da información nun diccionario, e decidimos que ou ben referencias cruzadas extensivas ou ben un índice separado é bo para axuda-los usuarios a atopa-los termos que buscan.

Bibliografía

Allsopp, R. (1996): *Dictionary of Caribbean English Usage*. Oxford University Press.

Church, K., and P. Hanks (1990a) 'Word Association Norms, Mutual Information, and Lexicography', *Computational Linguistics*, 16:1.

Church, K., W. Gale, P. Hanks, and D. Hindle (1990b): 'Using Statistics in Lexical Analysis' in U. Zernik (ed.), *Lexical Acquisition: Using on-line Resources to Build a Lexicon*. Lawrence Erlbaum Associates.

Church, K., W. Gale, P. Hanks, D. Hindle, and R. Moon (1994): 'Lexical Substitutability' in B. T. S. Atkins and A. Zampolli (eds.), *Computational Approaches to the Lexicon*. Oxford University Press.

Cowie, A. P., R. Mackin, and I. R. McCaig (1983, 1993): *Oxford Dictionary of English Idioms*: volume 2 of the *Oxford Dictionary of Current Idiomatic English*. (Volume 1 consists of phrasal verbs). Oxford University Press.

Moon, R. (1994): *Fixed Expressions and Text*. PhD thesis, University of Birmingham.

Moon, R. et al. (1995): *Collins Cobuild Dictionary of Idioms*. HarperCollins.

Moon, R. (forthcoming): 'Fixed Expressions and Idioms in English: A Corpus-based Approach'. Oxford University Press.

Murray, J. A. H. (ed.) (1884\-1928): *A New English Dictionary on Historical Principles* (subsequently called *The Oxford English Dictionary*), first edition.

Primeiro debate

G. CORPAS, P. HANKS, F. J. HAUSMANN E A. ZULUAGA
Modera X. Ferro

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 101-114.
ISBN: 84-45321-67-6)

Lamentablemente un erro na manipulación da gravadora provocou que non se rexistrasen os primeiros trinta e cinco minutos deste debate, polo que o que transcribimos é a segunda parte e colle pola metade unha intervención de A. Zuluaga referíndose á conferencia de F. J. Hausmann. Pedimos desculpas.

[...]

A. ZULUAGA

[...]

... *robe qui serre la taille*. Entón aí teriamos unha análise xa dobre. A construcción é unha, coma un todo. Esa sería outra dificultade. Eu alegreime moito de que non nos repetise algo que está con frecuencia nos seus traballos anteriores, cando nos di que non pode definir un termo colocador sen referencia á base. Perdoe que dea os seus mesmos exemplos do alemán: *schütteres Haar*. Iso sería en español como 'cabello ralo', literalmente traducido. Outra vez o "solterón empedernido": *eingefleischter Junggeselle* é o mesmo *Celibataire endurci*.

Dinos alí varias veces que non podería defini-lo colocador, *eingefleischt*, sen referencia á base, sen relacionalo coa base, *Junggeselle*. Non pode definir *empedernido* sen relación con *solterón*. Pero entón temos outras construccións, non só posibles, senón efectivas: temos *eingefleischter* con outra base, por ex., un "visitador de ópera empedernido", *eingefleischter Opernbesucher* é común e corrente en alemán. E entón tería que volvernos a dicir que non pode definir *eingefleischt* sen referilo a *Operbesucher*, etc.

Esta mañá eu dicía que quería provocalo, expoñéndolle isto como problemático na súa concepción. Pero non quero estenderme moito. Gustaríame que nos explicara isto

ó respecto.

En relación con *schütteres Haar* eu mesmo teño o problema de se efectivamente a lingua alemana non ten senón esa combinación. Se *schütter* ten a mesma relación con *Haar* cá que ten *encrespado, ensortijado* con *cabello*, entón temos unha relación semántica, regular, unha implicación ¿non? Coma quen di *nariz aguileña, nez aquilin*. A definición semántica de *aquilin* é 'en parlant du nez...'. Unha implicación. E isto xa non ten nada que ver coas colocacións, que son construccións que se foron estabilizando a base de uso xeneralizado. O meu principio é: cada vez que haxa unha explicación regular semántico-sintáctica para a construcción non estamos ante ningún caso de fixación fraseolóxica nin de fixación só a base de uso. Cando temos unha explicación semántica entón estamos no campo das combinacións libres. O que non quere dicir que un bo diccionario de uso non teña que facernos unha boa selección de sintagmas comúns e correntes, usuais, entre os que entrarían tamén as colocacións, e outros tipos de construccións. O que interesa é que se definan os criterios e que se teña claridade conceptual e que se sexa coherente entre a teoría e a práctica.

As colocacións son un aspecto supremamente problemático. Coido que os que mellor as definiron son os que din que "están a medio camiño entre construccións libres e construccións fixadas fraseoloxicamente". Fano varios estudiosos, maiormente da lingua alemana. Pero, sobre todo, que quede claro, na miña opinión, que cada termo conserva o seu valor e a súa definición propia.

E unha pregunta, de camiño, á colega Corpas. Paréceme que lle oín esta mañá que algúns pacientes de afasia cambian unha colocación por outra. É un problema particularmente interesante, porque amosa que as colocacións se comportan como unidades de contido no léxico mental do falante.

Pero cédolle a palabra ó profesor Hausmann, para que nos explique un pouco máis a súa teoría.

F. J. HAUSMANN

Ben, trátase de saber se se pode definir *domar,* na colocación *Domar unos zapatos nuevos,* sen referencia a *zapatos*. E eu digo que lexicograficamente é imposible. Vostedes non poden definir *domar,* cando queren describi-lo que pasa na expresión *domar unos zapatos* sen que na definición, dunha maneira ou doutra, apareza a palabra *zapatos*. Mentres que, para definir *zapatos,* non precisan para nada a palabra *domar*. É evidente. O que desconcerta probablemente o meu colega, no nivel teórico, é que el ten a impresión de que isto quere dicir que *domar* carece de senso léxico autónomo. Pero eu non falo disto. Eu falo da realización lexicográfica. E, por outra banda, é disto do que se fala aquí. Se eu comprendín ben, trátase de facer un diccionario. A teoría léxica ou lexicolóxica non me interesa máis ca na medida en que ela serve para a realización lexicográfica. É disto do que se fala aquí.

Polo tanto, a definición de *domar* en *Domar unos zapatos,* que nun senso teórico podería ser posible e realizada de forma autónoma —porque efectivamente nós estamos no dominio das colocacións— en realidade, non é posible, porque isto daría

algo abstracto ata o punto de que o usuario dese diccionario non tiraría proveito ningún de tal definición. Iso quere dicir que, na práctica, non podemos prescindir da palabra *zapato* ó definir *domar*, cando un ten na cabeza a colocación *Domar unos zapatos*. E isto é a realidade.

Por outra banda, non teñen máis que abri-lo diccionario, como eu dicía, mesmo o *Diccionario de la Real Academia Española*, cando define *domar*, como eu o entendo, utiliza a palabra *zapato*. Utilízaa. Non pode prescindir de facelo. Non hai outra maneira de facelo. Polo tanto a semiotaxe é a posibilidade de definir en lexicografía unha palabra con ou sen a referencia a outra palabra, con ou sen contexto. É todo.

O status teórico de *domar* en lexicoloxía pode ser interesante. Pero o que me interesa aquí é o impacto sobre a realidade e sobre a práctica lexicográfica. E nese punto eu quero ir máis lonxe. Non chega, sequera, con dicir que certas palabras, as **sinsemánticas**, non as podemos definir en lexicografía sen o contexto: pódese mesmo ir máis lonxe, provocando un pouco —a min tamén me gusta a polémica—, pódese dicir que as palabras, en resumidas contas, non se poden definir. Pódese simplemente cita-la colocación. ¿Como defini-la palabra *duro*? Teñen a posibilidade de dar unha soa definición, moi abstracta, que sexa válida para tódolos usos de *duro*. Ou, se non, entran nos detalles. ¿E que hai aí? Hai colocacións. Entón, falando en francés, con *dur*, comezan por un *oeuf dur*. ¿Como defini-la dureza do *oeuf dur*? Vostedes acabarán distinguindo un *oeuf cuit dur* do *oeuf*, eu que sei, *dur* por outra razón. Collan unha *pomme de terre dure*, *cuite dure/ non cuite dure*. En fin, xa ó empezar, perciben que para defini-lo adxectivo *dur*, teñen a posibilidade —se hai a posibilidade— de pasar revista á totalidade das bases que se empregan con *dur*, e cada vez a dureza haberá que definila dunha maneira distinta, segundo o contexto no que se encontre. E isto proba, entre outras cousas, que hai palabras que, para definilas, hai inevitablemente necesidade dun contexto, se non, non hai utilidade ningunha para o usuario do diccionario.

M. GONZÁLEZ

Volvendo ó profesor Zuluaga, ¿realmente está convencido de que pode haber colocacións de tres ou catro elementos? E, ó dicir de tres/catro elementos, refírome a elementos co mesmo nivel sintáctico ou co mesmo nivel semántico, sen estaren uns subordinados a outros. Volvendo ó exemplo desta mañá —*Declaración de guerra a muerte*—, ¿non hai aí, en realidade, dúas subagrupacións: *Declaración de guerra*, por un lado, e *A muerte*, por outro? Ou *Declaración de guerra a muerte* como dúas unidades, por un principio de recursividade, tendo en conta que toda unidade dun nivel superior sempre pode ser utilizada nun nivel inferior; o mesmo que acontece sintacticamente cunha cláusula ou cunha proposición subordinada, unha estructura predicativa pode, á súa vez, estar encaixada dentro doutra estructura predicativa. ¿Non poderá haber aquí colocacións constituídas por dous elementos que, á súa vez, sexan complexos ou compostos, á súa vez, doutros dous elementos e, á súa vez, doutros dous elementos?

A. ZULUAGA

Ben, tiñamos que axeita-los feitos á teoría. E entón dicir que temos que partir estas construccións sempre en unidades cada vez bimembres. Vostede mesmo o acaba de dicir. *Declarar la guerra a muerte* ou ben *Declarar la guerra*, por unha banda, e *A muerte*, por outra. Pero esa é a teoría na que se sostén que as colocacións constan só de dous membros. Eu, pola miña parte, limiteime a sinalar que son construccións que están na realidade lingüística, na norma lingüística, como construccións estabilizadas e non me aferraría á definición de que son exclusivamente de dous elementos. Hai sempre niveis de estructuración semántica e gramatical: a palabra, o grupo de palabras, o sintagma, a oración, o texto, etc. E podiamos con toda seguridade atopar exemplos en cada un destes niveis de construccións que, sen seren fraseolóxicos —é dicir, a definición fraseolóxica como unidade soldada en que está bloqueada a libre combinación dos elementos do discurso—, responden a este mero feito de seren estabilizados, usuais, normais.

Gústame moito a explicación de Perl, por iso o citei, de "simplemente viñéronse constituíndo historicamente a través do uso". E entón, para el, é no fondo indiferente que sexan de dous compoñentes ou de máis. É unha das maneiras de encara-lo problema. O importante é definilas dende o punto de vista teórico e a teoría sempre debe ilumina-la praxe, a práctica. É dicir, non creo que sexa bo soster que a lexicografía debe desinteresarse da lexicoloxía e situa-las unidades. Defínense dende o punto de vista teórico, aínda que na práctica haxa casos problemáticos.

To hold an academic degree é unha colocación no senso de que é unha expresión correcta semántica e sintacticamente, non é unha expresión idiomática pero está consagrada polo uso: é de máis de dous membros *To hold /academic/ degree.* E podíase encontrar tamén toda unha serie de enunciados, que non son idiomáticos, non son proverbiais tampouco, os chamados **lugares comúns**, que son estructuras usuais con funcións comunicativas moi importantes na comunicación cotiá e eu situaríaas, nese nivel de estructuración dos elementos do falar, de enunciados, respondendo tamén ó carácter de usuais, como se vén falando aquí das colocacións.

Eu teño unha preguntiña para o colega británico: ¿Como trata os esquemas oracionais nun diccionario? Por exemplo: *For...sake, For mother's sake*.

P. HANKS

É un gran problema. No diccionario no que eu estou traballando neste momento hai un espacio en branco subliñado ou ...*'s sake, for his sake, for her sake, for...sake*.

A. ZULUAGA

To pull one's leg?

P. HANKS

Si, *to pull someone's leg.*

É difícil para un lexicógrafo identifica-la forma canónica dun *idiom* e hai unha tendencia entre os lexicógrafos a postular formas canónicas que de feito non existen. No caso de *To pull someone's leg* a pregunta é ¿deberiamos dicir que a mellor abstracción é *To pull someone's leg* ou *To pull one's leg*? ¿Cal é a implicación de *one's leg*? Estou tratando de pensar nun exemplo deste tipo, un exemplo que só se use na segunda persoa, e vese que hai algún corpus que postula un infinitivo e soa ridículo. Así que no diccionario no que estou traballando agora intentamos evitar definir expresións que non existen.

¿Podo engadir dous puntos ós seus comentarios de antes? O que dicía é de grande interese no aspecto de darlle preferencia á semántica, de moda dende os anos 70 e está gañando credibilidade. Pero o significado dun termo está determinado pola densidade semántica dos colocados. Así que en *All the patients in this hospital are treated with parathetamol* a presencia de *patients*, *hospital* e *parathetamol* determina un significado particular de *treated*. A densidade semántica rómpese cando atopamos oracións como *All the patients in this hospital are treated fairly, are treated decently*; parece que *treated* adquire un novo significado. ¿Imos dicir coma o profesor Hausmann que *treated* é a mesma palabra *treated* ou é unha palabra diferente *treated*? Dalgunha maneira as implicacións son diferentes e a densidade semántica é errónea co significado de 'comportamento con outra persoa'. Entón, a preferencia pola semántica claramente non funciona. Dalgunha maneira o adverbio *fairly* determina unha interpretación diferente de *treated*, a pesar de que *patients in the hospital were treated* normalmente significa 'administrar algunha medicina ou administrar algún tratamento médico'.

Volvendo á noción de "recombinación libre", é certo que as palabras son libres para recombinarse nalgún senso da palabra *libre*, pero no mesmo senso en que eu son libre de vivir en Santiago de Compostela: se eu quero, supoño que son libre de facelo. Pero as contrariedades prácticas do trastorno, cambiar de traballo, atopar unha casa, cambiar todo o meu estilo de vida, son xigantescas. Entón é correcto dicir que *To hold an academic degree* é unha expresión idiomática normal en inglés. Podemos pensar que *A clean on to an academic degree* é un sinónimo ou un hipónimo de *hold*, pero *Clean on to an academic degree* ten un significado moi diferente, se é que de feito ten algún significado. As palabras son libres para recombinarse, pero hai enormes obstáculos na maneira de conserva-lo significado. Así que a sinonimia non parece se-lo que nos esperabamos que fose.

J. F. HAUSMANN

Eu quixera, na miña quenda, responde-la cuestión que o señor González suscitou verbo das unidades binarias, dos grupos binarios. Convén dicir que a colocación é sempre un grupo binario, composto por unha base e mais un colocativo. Pero, atención, a base ou o colocativo poden ser, á súa vez, grupos binarios. E así en *To hold an academic degree*, claramente, a base, á súa vez, é binaria. Nesta outra *Une robe qui serre la taille*, *robe* é a base, e o colocativo, para ser completo, está composto de *Serrer la taille*. Pero un pode precisar esta colocación, que é binaria, pero na que o colocativo é, á súa vez, binario e é por iso polo que convén non dicir

que hai colocacións ternarias senón, máis ben, binarias subdivididas. Por iso, convén inserir nun diccionario, no artigo *robe*, un exemplo que sexa *Robe qui serre la taille*, unha *robe* que é ampla —adxectivo— ou, entón, pode servir *Serrer la taille.* E ademais, evidentemente, poden aparecer aí locucións que son bases ou colocativos. Para lles dar un exemplo, teñen en francés a locución *Bille en tête. Bille en tête* é unha locución que serve de colocativo adverbial ó verbo *attaquer; Attaquer bille en tête* significa 'atacar con moita enerxía, ferocidade, etc.'. Velaí teñen unha locución que funciona como colocativo dun verbo que é a base. Hai moitos outros exemplos. À *batton rompu* é a mesma cousa: *À batton rompu* é o colocativo para substantivos coma conversación*: Une conversation à batton rompu.* Ou ben *Il parle à batton rompu;* ben, isto é para o verbo.

Digo isto porque noutro grao aí hai tamén, se queren, grupos binarios subdivididos. Pero en teoría isto non contradí a binaridade innata das colocacións.

M. GONZÁLEZ

Estou completamente de acordo coa exposición do profesor Hausmann.

I. MAS

Vou facer unha pregunta de carácter máis práctico, non tan teórico. Pensando nun diccionario monolingüe para estranxeiros, un *Learners*, un diccionario para persoas que estudian unha segunda lingua, ¿cal pensan que é a maneira máis económica e sinxela de presenta-las colocacións?

F. J. HAUSMANN

É unha cuestión moi xeral. Téñolle, antes, que preguntar se vostede pensa nun Diccionario Xeral ou nun Diccionario especializado, de Colocacións.

I. MAS

Non, non. Un Diccionario Xeral.

F. J. HAUSMANN

Xeral. Ben, logo un diccionario do tipo *British Learner's Dictionaries*, ou, que sei eu, o *DFC —Ditcionnaire du français contemporain—*, o *Petit Robert*, ou un diccionario español escolar —saíron dous ou tres que non están nada mal. E pregunta cal é o modo de introducir nel as colocacións da forma máis simple. ¿Fala da presentación ou da compilación de materiais?

I. MAS

Cómo presenta-la información na microestructura.

F. J. HAUSMANN

Cómo presentala. Ben. Daquela eu repítome, pero a min gústame repeti-las cousas. Nese Diccionario xa ten abondas colocacións nos artigos dos colocativos, porque non se poden definir, en lexicografía, eses colocativos sen facer referencia ás colocacións. Polo tanto, no artigo *domar* non hai que preocuparse, iso xa está aí; e, se non está, non é por razóns de metodoloxía, senón simplemente porque se esqueceu poñelo aí. Todo o interese reside, nun diccionario do tipo do que vostede fala, en poñe-lo máis posible de colocacións nos artigos-base. Chega con listalos. Cómpre que estean aí. E iso chega. Pódese falar da orde, como fixen antes, pero o esencial é que estean aí. Ora ben, o problema é que non están. En español, evidentemente, non están; pero en inglés tampouco. Colla o diccionario de Sinclair, o *Cobuild English Language Dictionary*, hai moi poucas colocacións nos artigos das bases. É dicir, no artigo *shoe* hai moi poucas colocacións con *shoe* neste tipo de diccionarios. No español pasa igual. Ora o interese das colocacións nace na perspectiva da codificación —*encodage*—, de ser un diccionario de producción para un estudiante estranxeiro que debe redactar un texto en español. Se é necesario ¿onde quere vostede que encontre o que el non coñece, se o diccionario non adopta o sistema do Robert, o sistema que eu presento, de mete-la información nos artigos-base? ¿Respondo á súa pregunta?

I. MAS

Si, si. O que eu quería preguntarlle é se o que recomenda é precisamente facer unha lista das colocacións ou outras estratexias para presenta-las colocacións, coma tal nos exemplos, nas definicións. Referíame á maneira de presentalas. Entendo que vostede pensa que o mellor é facer unha lista, unha relación.

F. J. HAUSMANN

Os exemplos son inútiles. Os exemplos valen para amosar ata que punto o uso é idiomático. Evidentemente os exemplos non estarían aí máis que para amosar ata que punto hai toda a coloración local, etc. Os exemplos son indispensables para moitas cousas. Pero se pretende informar da colocación, vostede non precisa exemplos. Ó contrario, inseri-la colocación en frases-exemplos é un luxo que un non se pode permitir nun Diccionario Xeral, porque, unha de dúas, ou vostede introduce moitas colocacións e entón non lle queda espacio para frases-exemplo, ou non introduce máis ca unha colocación, inserida en diversas frases-exemplo. Pero iso non é económico.

[...]

P. HANKS

Creo que este é un asunto moi complicado. A primeira pregunta que debemos facernos é a qué usuarios nos estamos dirixindo. Se nos diriximos a principiantes, ou estudiantes de nivel intermedio, penso que un exemplo ben escollido representando algo que é típico do que está no corpus é a maneira máis axeitada de facer entende-la fraseoloxía apropiada. Se temos un usuario dun nivel avanzado, entón, penso que a maneira de proceder é dar unha lista de palabras de rango superior ou mesmo

emprega-lo método *slot-and-filler*.

Volvendo ó exemplo anterior de *Break in your new shoes* ¿que outras palabras se colocan con *Breaking in something* e significan 'facelo máis confortable para usar'? É unha serie moi rara, as series léxicas son moi raras. Desexaría ter aquí o meu corpus porque probablemente atopariamos outros exemplos, pero podo pensar en cáles son os contextos principais nos que aparece *break in* en inglés: Non se pode utilizar *To break in a new car*, senón *To run in a new car*. Pódese dicir *To run in one's shoes, to run in new athletic shoes, tennis shoes* pero non se fai, dise *To break in one's shoes*. Pero tamén podemos combinar *break in* con *horse*. Sen embargo, en calquera clasificación normal en inglés *shoes* e *horses* non formarían parte da mesma serie semántica. Creo que incluso no inglés de antes adoitaban dicir *To break in servants*. A noción de series é importante e determinante para o significado e as series non son predicibles a priori. Creo que hai un gran perigo na liberdade que os diccionarios electrónicos nos dan. Hai o perigo da verbosidade, de dicir de máis. O gran valor de traballar coa restricción dun diccionario en papel dun só volume é que temos que selecciona-la información que nós cremos, que o lexicógrafo cre, que vai ser máis útil para o estudiante ou o usuario. Teño medo do que poida pasar cando xa non exista esa restricción e os investigadores da lingua sexan libres para estende-los seus descubrimentos a través da base de datos electrónica sen restriccións, que sexan libres para dicirlle a todo o mundo todo o que eles nunca quixeron coñecer. En resumo, primeiramente, para a xente corrente os exemplos ben escollidos son exactamente a forma correcta de presentar información e é, entón, unha decisión do profesor dicir que o diccionario contén exemplos escollidos por ser típicos e pode que sexamos capaces de xeneralizar e substituír outras palabras con algo de coidado. Creo que para usuarios dun nivel avanzado un método *slot-and-filler* é moito máis adecuado.

F. J. HAUSMANN

Coñezo a Patrick Hanks dende hai moitos anos e sei o que pensa dos diccionarios e da maneira de facelos. E sei con certeza que nunca temos opinións contrarias verbo dun mesmo tema e desta vez tampouco; así que aquí hai algún malentendido. E o malentendido, paréceme claro, é que el entendeu que eu quería argumentar contra o uso de exemplos nos diccionarios. Evidentemente non é ese o caso. Eu, pola contra, estou convencido de que as frases-exemplo conteñen —ben escollidas, claro— as máis importantes informacións que un poida imaxinar nun diccionario para un usuario estranxeiro. Só que do que se trata é de saber se, por razón da presentación da colocación e da posibilidade de colocación, se precisan frases-exemplo. Precísanse para todo tipo de cousas e son indispensables. Mais no artigo *shoe*, non no artigo *break in*. No artigo *shoe*, ou no artigo *hotel*, chega con da-las palabras necesarias para "ir alí", para "entrar nese hotel", para "marchar del", para "pernoctar nel", etc. E para o calzado é case a mesma cousa. Todos sabemos qué se precisa saber expresar verbo do calzado. Non hai necesidade de frases-exemplos. Chega con dicir efectivamente, no artigo *shoe*, *break in new shoes*. Iso xa chega e non é unha frase-exemplo. É unha colocación. E é desta maneira que cómpre presentalas. As frases-

exemplo precisámolas para outras cousas absolutamente indispensables, pero non para vehicula-la información colocacional. ¿Estamos de acordo?

P. HANKS

Estamos.

F. J. HAUSMANN

Eu sabíao certo.

G. CORPAS

Eu quería retoma-lo tema das colocacións recursivas que se tratou antes, pero non tiven oportunidade de intervir. Obxectábase que non podía ser unha colocación, porque unha combinación de palabras que foran máis de dúas unidades léxicas non podía ser unha colocación, porque non entraba dentro da teoría colocacional. E non é ese exactamente o caso.

En primeiro lugar, quería defende-la inclusión das colocacións dentro da fraseoloxía, a fraseoloxía no senso amplo da palabra, porque sabemos que hai varias concepcións da fraseoloxía, unhas máis estrictas, outras máis amplas. Porque é doado dicir: isto non é fraseoloxía, non o estudio, non me interesa, é difícil. Non, o importante é dicir isto é difícil, está a medio camiño entre as locucións e as combinacións fixas de palabras e por iso o vou estudiar. En realidade, as colocacións forman parte da fraseoloxía. Eu podíalles dar exemplos recursivos, coma por exemplo en español *hablar largo y tendido.* ¿Que problema hai aquí? Non hai problema ningún. É moi doado: *Largo y tendido* é unha locución, que, pola súa volta, ten a súa colocación propia que é *hablar* ou *charlar*. Aí non hai problema ningún. *Abrir una ventana de par en par*: aquí temos unha colocación *Abrir una ventana* e unha locución *De par en par*; pero, ben mirado, aí o que hai é unha relación entre esa locución concreta *De par en par* e *Abrir una ventana.* Son problemas de recursividade. Verbo de *Declarar la guerra a muerte* confeso que é a primeira vez que o escoito; tería que ve-lo contexto en que xurdiu esa frase; tería que ver cómo se usa, pero a miña intuición, como falante nativa, é que temos *Declarar la guerra* e, despois, modificando a *guerra*, témo-la locución *A muerte.* Non vexo problema ningún nisto. Esta é unha das cousas que quería comentar.

Outro dos temas que tamén quería comentar é a concepción que o profesor Hanks ten das colocacións e agora vanme permitir que pase ó inglés porque me vou dirixir a el directamente, se non lles importa. Creo que vostede está utilizando a noción de co-aparición —*co-ocurrence*— no canto de colocación e está mesturando as dúas cousas. É un feito moi común na lingüística británica confundi-los dous termos.

P. HANKS

Perdón ¿que dous termos?

G. CORPAS

Co-aparición e colocación. Son cousas diferentes. Hai tendencias estatísticas no estudio das colocacións, pero esto é algo diferente, porque polo que eu vin nas súas transparencias, vostede está incluíndo como colocacións cousas que non son colocacións, por exemplo, verbos frasais, por exemplo, coligacións gramaticais, o que é totalmente diferente. Non ten nada que ver coa fraseoloxía nun senso amplo. Este é un dos meus comentarios e o outro é unha pregunta, ¿que fai con unidades como *Every cloud has a silver lining*? Se busca esta unidade no corpus de Cobuild, como eu fixen, atopa principalmente *A silver lining* funcionando como un *idiom*. A tendencia é atopa-la unidade como *A silver lining*. Así que ¿que fai? ¿É un refrán, é este un *idiom*, un *idiom* nominal? ¿Que fai nun diccionario para estudiantes dunha lingua estranxeira? ¿Inclúe isto como un *idiom*, como un refrán, ou inclúeo como un *idiom* nominal? ¿Que clase de exemplo lle dá ó estudiante? ¿Vaille da-la forma canónica? E a miña segunda pregunta é ¿como identifica o canon dun *idiom*? Este é o tema crucial, como se identifica un canon.

P. HANKS

Esta é unha pregunta difícil e interesante. Creo que para usar un *idiom* o único que pode facer un lexicógrafo é identifica-la forma canónica, e despois é un asunto do profesor de linguas, dende o primeiro momento que lle sexa posible, facer que os estudiantes sexan conscientes de cómo as formas canónicas poden ser flexibles e explotables. Hai unha dificultade real, que vimos con *Shake in one's shoes*, *Quake in one's boots*. É unha dificultade real dicir cal é a forma canónica e moi a miúdo atopámonos con palabras nas que hai unha tensión entre o uso máis común dunha palabra e o seu significado literal. Para poñer un exemplo, un dos máis citados de Cobuild, a palabra *torrent:* "There is a torrent of rain, the rain came down in torrents, people poured torrents of their views upon each other, I speak in torrents of verbiage about collocations". Nalgunha parte detrás desa forma, para algúns falantes nativos de inglés existe unha primeira acepción de *torrent* como 'correntes de auga que flúen sobrepoñéndose', do que normalmente non falamos, pero moitos confían na noción de 'correntes de auga que flúen sobrepoñéndose e que caen en forma de fervenza'. E considerámo-los usos máis comúns como explotacións, mentres que outros din que non necesitamos saber nada sobre 'correntes de auga que flúen sobrepoñéndose' para usar *torrent* con naturalidade e de forma correcta en inglés. Creo que o mesmo se pode dicir dos *idioms* e que o mesmo se pode dicir da fraseoloxía. Todo é moi fluído e flexible e os diccionarios inevitablemente presentan unha falsa idealización. Presentan a lingua coma se estivera conxelada dalgunha maneira, pero non está conxelada, móvese. Os diccionarios poden dicir isto no prólogo, pero ninguén le os prólogos dos diccionarios. É o profesor o que ten que colle-la idea de flexibilidade dentro das restriccións. Non sei como se podería facer un diccionario dicindo onde están as restriccións e canta variabilidade hai. Creo que sería imposible, aínda que non houbera problemas de espacio, tempo e cartos.

G. CORPAS

Podo darlle eu outros exemplos, por exemplo, *A new broom sweeps clean*, que é un refrán moi común, incluído en tódalas colecciónsde refráns. Pero non o atopa, só atopamos *A new broom*, entón ¿que facemos nun diccionario?

P. HANKS

Vostede paga, vostede elixe. Se se traballa dende unha perspectiva histórica como Cowie e Mackin, dirá *A new broom sweeps clean*. Se se traballa dende unha perspectiva de uso, como Moon e o equipo de Cobuild, definirá *A new broom*. O que creo que non fará é definilo nun senso literal. Non se dan tódalas variacións na palabra clave; ten que escoller unha forma canónica, ten que distingui-la norma, que pode ser de raro uso, pero dalgunha maneira ten un privilexio cognitivo e ten que facer un xuízo de valor. Ten que recoller iso e despois mostrar como é explotado. Creo que estes dous libros fixeron isto moi ben, pero creo que é moi importante comezar con algún tipo de norma e despois demostrar cómo esta é explotada.

F. J. HAUSMANN

Quería intervir, se me permiten, outra vez, porque é moi interesante e moi importante, para os que queren facer un Diccionario de Fraseoloxía, a propósito das locucións. Agora quero falar das locucións, non das colocacións. Eu comprobei no francés exactamente a mesma cousa. Doulles un exemplo: *Regarder le bout de ses chaussures*. É un xesto, claro está. *Regarder le bout de ses chaussures* quere dicir 'non estar orgulloso, ter vergoña, etc.'. 'Ter vergoña' é o que quere dicir. Asegúrolles que actualmente en francés hai, polo menos, unhas vinte variantes nas que se reempraza *regarder* por un verbo sinónimo, *chaussures* por todo tipo de sinónimos do calzado, que existen maiormente en argot, ou mesmo do pé ou da perna; e *Le bout de chaussures* tamén presenta todo tipo de variantes para *bout*. Así que desta imaxe hai unha vintena de variantes, de xeito que lles podo asegurar que a lingua, como tal, e os falantes son enormemente creativos. E non só os escritores senón tamén a xente na rúa. A xente da rúa é creativa. A linguaxe falada é creativa. Estou seguro que no galego falado nas aldeas hai a mesma creatividade. Polo tanto, estamos ante un fenómeno que está no corazón da lingua. É no corazón da lingua onde isto pasa. É aí onde un se decata de que a xente, moitas veces considerada inculta, é extremadamente creativa. Os mozos tamén, por outra banda. Corre por aí o tópico de que a mocidade xa non ten vocabulario ningún, que xa non sabe falar. E non. Os mozos son moi creativos para certas cousas. Teriamos que saber face-lo diccionario fraseolóxico dos mozos e daquela descubririámo-la riqueza que presenta, vendo a creatividade deles. Polo tanto, o bo Diccionario debe realizar esta descrición e eu coido que a única maneira de facelo é dar, no artigo da forma canónica, no noso caso, *Le bout de ses chaussures*. De feito, precísase absolutamente —e aínda non se falou disto— unha técnica formal de lematización das locucións, se non, un usuario vai atopar unha confusión total. Polo tanto, eu introduciría esta locución no artigo do primeiro substantivo. Polo tanto *Regarder le bout de ses chaussures* estaría no artigo *bout*. E nese artigo dáse a forma canónica e tódalas variantes posibles, tódalas que demos recollido, e nos artigos das palabras que interveñen nas variantes remítese

para a explicación ó artigo *bout —Regarder le bout de ses chaussures.* Pero cómpre ter en conta, o máis posible, a realidade e o valor lingüístico de todas esas variantes. En calquera caso é a miña idea. É evidente que todo isto non se pode levar a cabo ó cen por cen. Nós estamos no ámbito da potencialidade. É exactamente o mesmo que acontece coa formación de palabras: o Diccionario non pode elenca-la totalidade das palabras formables, potenciais; debe reducirse a elenca-las máis posibles —en alemán, por exemplo, é moi claro: haberá sempre unha enorme cantidade de palabras compostas que ningún diccionario poderá presentar. Aquí nós estamos tamén no territorio dunha creatividade e dunha productividade comparable e nunca se dará acabado pero tampouco deberemos cruza-los brazos nunca. Cómpre intentar, na medida do posible, ter en conta toda esa creatividade.

A. ZULUAGA

Quería facer un comentario á afirmación de que as colocacións hai que incluílas na fraseoloxía. Coido que aquí hai que distinguir. Paréceme que un diccionario de uso debe incluír tanto os fraseoloxismos coma as colocacións. Pero dende o punto de vista do estudio e da análise era ben conserva-la diferenciación, porque son dous sectores do léxico moi veciños pero diferentes. E entón coido que, por suposto, un Diccionario de Uso debe incluílas. Lembro a observación do experto lexicógrafo da lingua española sobre todo, pero coido que tamén do francés —fixo diccionarios bilingües— Günther Haensch, que está dirixindo un proxecto formidable de diccionarios do español de América, un de cada país e despois sacará o promedio de tódolos americanismos. Nalgún lugar dixo que un bo diccionario sintagmático debe ocuparse das unidades non como elementos do sistema da lingua, senón dos problemas da súa aplicación; e di precisamente "colocaciones usuales, modismos, locuciones y fraseologismos"; e di que isto é precisamente un diccionario de uso. Tampouco descarta nin exclúe, en principio, o feito de que un gran diccionario que teña outra macroestructura, un diccionario xeral semasiolóxico, debe enriquece-lo seu contido, un pouco, nos casos nos que se indicou a súa oferta, con este tipo de expresións. Pero sigo insistindo en que as colocacións, non importa como se queiran analizar, espellan en todo o sistema da lingua. E pertencen á gramática. E son obxecto, no fondo, da sintagmática, en tanto que a fraseoloxía, como ciencia, ocúpase doutro tipo de expresións. Esa era a observación que quería facer.

E, de paso, pasando a outro tema, paréceme que lle oín esta mañá á profesora Corpas Pastor a afirmación de que un enunciado rutineiro, é dicir, unha expresión de fixación pragmática, unha expresión desas que ten a lingua no seu acervo para resolver situacións recorrentes da interacción social, dicía ela, non son un texto, non constitúen texto. Pero realmente, se a min me morre un parente e alguén me manda un telegrama dicíndome *Sentida condolencia*, ou se atopo a alguén e lle digo *¡Buenos días!* e non máis, iso como expresión lingüística nesa situación concreta é un texto tamén. Por iso me gustaría que nos explicara un pouco máis o seu punto de vista.

G. CORPAS

Eu primeiro quería volver ó tema das colocacións. Si, si, ó tema das colocacións, porque esta mañá... sempre pasa o que pasa, que un vén con ganas de dicir moitas cousas porque todo lle parece pouco e, cando chega aquí, un decátase de que nunha hora non dixo nin a metade do que quería dicir. Entón sobre o tema das colocacións e a súa pertenza á fraseoloxía, insisto, pertencen ó ámbito da fraseoloxía en senso amplo. Teño que recoñecer que eu estoume movendo nos parámetros dunha concepción ampla da fraseoloxía e que outras escolas, coma tal, os xermanos teñen unha concepción moito máis restrinxida do que é a fraseoloxía. En realidade, eu fun consecuente co que eu considero fraseoloxía e co que considero unidade fraseolóxica e dentro desa concepción teórica é onde entra o termo **colocación** perfectamente. Dito isto, esta mañá tamén comentei que se fixeron estudios en pacientes con afasia, nos que se comproba que os pacientes trocan unha colocación por outra, e repito os exemplos: *Brush my teeth* en lugar de *Comb my hair*. Tamén mentei un estudio que realicei sobre psicolingüística —que non expliquei por falta de tempo— pero agora quería dar unha pequena nota sobre en que consistiu aquilo. Foi un experimento de recoñecemento de palabras no que se presentaron sintagmas nominais formados por adxectivo máis substantivo normais e correntes do inglés, colocacións e tamén se puxeron algunhas palabras inventadas, inexistentes en inglés. Aplicándolle o que se chama o *t-score*, que tamén o aplicou o profesor Hanks anteriormente, comprobouse que as colocacións son significativas, é dicir, que están almacenadas como unidades no lexicón mental dos falantes nativos do inglés. Polo menos, naqueles falantes cos que fixémo-lo experimento. Tamén se fixeron experimentos sobre fraseoloxía e sobre o almacenamento das unidades fraseolóxicas, digamos, das locucións idiomáticas como unidades do lexicón mental. Podemos dicir que teñen case tanta estabilidade as colocacións máis restrinxidas coma calquera locución. Iso era o primeiro punto.

Verbo de que as fórmulas non son textos, poida que eu dixese iso. Pido desculpas. O que quería dicir é que non teñen independencia textual. É dicir, que a aparición delas vén condicionada por unha serie de circunstancias concretas, sociais, etc. É dicir, non xorden, digamos, con carácter de texto. Se eu atopo alguén pola mañá e digo *¡Buenos días!* ¿ata que punto tamén iso inflúe na nosa concepción de texto? ¿Iso é un texto ou non é un texto? ¿Considérase texto ou non? Expresións coma *¡Dichosos los ojos que te ven!*, que é unha fórmula de saúdo tamén, esa fórmula nunca pode ser texto. ¿Por que? Porque está pedindo unha contestación. Entón, dependendo da fórmula de saúdo, poderase considerar texto ou non; e tamén dependerá de se foi un intercambio conversacional completo, coa súa apertura e o seu peche, coa súa secuencia de apertura e a súa secuencia de peche. A iso é ó que me eu refería: que non teñen independencia textual. As paremias, en cambio, si que teñen independencia textual, dende o meu punto de vista. E ademais hai outras diferencias importantes como son, por exemplo, o tipo de significado que se encontra nunha paremia e o tipo de significado que se encontra nunha fórmula. Que, si, hai paremias que están a medio camiño entre as paremias e as fórmulas e fórmulas que tamén están a medio camiño. Pero todo na fraseoloxía é así. Na fraseoloxía non se poden facer compartimentos estancos. Hai que deixar unha porta aberta á flexibilidade. Non sei se isto responde á súa pregunta, profesor Zuluaga.

A. ZULUAGA

Si. Paréceme que si. Unha anécdota. Vou abreviar. Dous contrincantes latinos fixeron unha aposta enorme en denarios a quen escribía a carta máis curta ó outro. Un deles mandoulle ó outro unha carta na que lle dicía *Eo rus* —'Voume para o campo'— e coidaba que con iso gañaba a aposta e o outro respondeulle cunha carta que só dicía *I* —'¡Pois vai!'. Eses son textos.

P. HANKS

Unha última pregunta para vostedes. Volvendo á creatividade e ás restriccións. As fronteiras entre a invención lexítima e o erro son moi interesantes. Pregúntome se alguén atopa algunha vez probas de que isto é certo. Eu creo que é certo, pero se atopan algunha proba, fáganmo saber. Quizais as mesmas palabras, exactamente as mesmas palabras na boca dunha persoa ou un erro dun estudiante dunha lingua sexan na boca doutra persoa a feliz invención dun poeta.

MODERADOR

Dificilmente se pode encontrar un día tan intenso porque tódolos participantes que non son conferenciantes deben de saber que a xornada de traballo dos nosos profesores empezou hoxe ás 8.30 da mañá e, polo tanto, aínda que hai palabras pedidas e, como felizmente o coloquio continúa, non esquezan as preguntas que poderán facer nos debates de mañá. A única persoa que mañá non poderá estar aquí, porque marcha a Oxford, é o profesor Hanks, a quen eu quero xa agradecer moi cordialmente o esforzo de vir a Santiago, posto que foi en moi pouco tempo que el recibiu e aceptou a invitación. Polo tanto, desexámoslle feliz viaxe, esperamos que volva a Compostela. Prometeu que cando volvese a Compostela xa entendería un pouquiño de galego, polo que tamén lle estamos extraordinariamente agradecidos. O Coloquio continúa mañá, se Deus quere, con tódolos presentes. Moitas gracias pola participación e non esquezan as preguntas que quedan no tinteiro, que é unha locución galega.

A. ZULUAGA

Un aplauso para o público por ser tan paciente.

Organización do material fraseolóxico nun diccionario xeral: problemas e alternativas

ANTONIA MARÍA TRISTÁ
Instituto de Literatura y Lingüística de La Habana

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 115-126.
ISBN: 84-45321-67-6)

A brief revision of several general dictionaries of Spanish and other languages is enough for us to see the diversity of the methods in which phraseological units are organized in those dictionaries. These linguistic units, in many aspects more complex than the word, need a special treatment that offers the user easier means of search, at the same time as it allows its appropiate presentation in the dictionary. Selection of material, delimitation of phraseological units, variants, etc., are some of the aspects that influence the organization of material.

Una revisión nada profunda de varios diccionarios generales, de la lengua española y de otras lenguas, basta para considerar la diversidad de formas utilizadas para organizar los fraseologismos en dichos diccionarios. Estas unidades lingüísticas, en muchos aspectos más complejas que la palabra, requieren un tratamiento especial el cual, a la vez que permite su reflejo acertado en el diccionario, ofrece al usuario procedimientos más fáciles de búsqueda. Selección del material, delimitación del fraseologismo, variantes, etc., son algunos de los aspectos que influyen en la organización del material.

1. Introducción

Nos últimos anos obsérvase unha especie de toma de conciencia da importancia que para a lingüística teñen as combinacións fixas de palabras como unidades lingüísticas con características propias, moi definidas, que as diferencian das palabras.

O desenvolvemento alcanzado nos estudios fraseolóxicos, se ben é necesario dicir que non parello nas principais linguas, aportou unha base científica que pode contribuír a situa-los fraseoloxismos no lugar que lles corresponde, moi especialmente no aspecto lexicográfico.

En efecto, os logros teóricos da fraseoloxía espéllanse, dunha ou doutra maneira, no procesamento lexicográfico do material fraseolóxico e xa pode notarse, e esta reunión é unha mostra diso, que os fraseoloxismos van deixando de considerarse, como dixera Scherba (1974), adorno de calquera diccionario, para se converteren nunha unidade lingüística con valor igual ó da palabra, polo menos no que a tratamento lexicográfico se refire. Sen embargo, a organización do material fraseolóxico, o modo en que este se presenta nun diccionario é un dos aspectos menos estudiados pola lexicografía e a fraseoloxía.

Agora ben, ¿que se entende por material fraseolóxico? Aínda que non é obxecto desta conferencia analizar en detalle un aspecto controvertido aínda na actualidade, non parece superfluo facer unha breve referencia ó mesmo.

Existen diversos enfoques que poden verse espellados, dunha ou doutra maneira, na práctica lexicográfica. Xustamente aplicada a esta parece útil atender ó criterio soviético que divide os fraseoloxismos en dous grandes grupos integrados polos denominados elementos centrais e os elementos periféricos.

Os elementos centrais correponden ó que, atendendo á súa estructura interna, Zuluaga (1980) clasifica como expresións idiomáticas ou semiidiomáticas, é dicir, "expresiones fijas cuyos componentes, o al menos uno de ellos, carecen de identidad y autonomía semántica y funcionan en ellas como meros "signos" diacríticos o figuras": *andar manga por hombro*, *chiflar el mono*, e "expresiones fijas cuyo significado no es literal pero tampoco es inmotivado; en ellas una motivación figurada se hace funcionalmente presente": *quedarse para vestir santos*, *coser y cantar*. Como pode observarse non son outra cousa que as máis coñecidas en español e, tal vez en francés, como locucións.

Inclúense tamén entre os elementos centrais do sistema fraseolóxico moitas frases proverbiais e aqueles refráns nos que os compoñentes sufriron un proceso de desemantización ou nos que a segunda parte, por elidirse habitualmente, vai resultando cada vez menos coñecida para a maioría dos falantes dunha comunidade dada: *el perro tiene cuatro patas (pero no puede andar a la vez por cuatro caminos)*; *para la leche que da la vaca (que se la mame el ternero)*; *del lobo un pelo (aunque sea de la frente)*.

Inclúense, ademais, as locucións gramaticais e os símiles, aínda que hai que aclarar que nalgúns diccionarios, por exemplo, no *Diccionario de fraseología cubana*, téñense en conta só as comparacións nas que a primeira parte non é de carácter obrigatorio para a súa comprensión: *como el cañonazo de las nueve*, é dicir, (*puntualmente*) *como el cañonazo de las nueve*.

Entre os elementos periféricos do sistema fraseolóxico encóntranse:

—as chamadas na lingüística soviética "combinacións fraseolóxicas", que non son outras que as combinacións de palabras nas cales un dos seus compoñentes ten un significado que só se realiza cando se asocia a unha palabra determinada. Trátase, xeralmente, dun substantivo sen ningunha transformación semántica, mentres que o outro compoñente expresa algunha característica relativa ó substantivo: *reinar el silencio*, *guerra fría*.

— as combinacións fixas cun compoñente que se asocia a palabras dun determinado grupo semántico: *odio/furor/ rencor ciego*.

— as unidades fraseolóxicas comparativas nas que non se omite a primeira parte da comparación, polo que o seu significado dedúcese da súa estructura: *blanco como la leche*.

— os proverbios, refráns, algunhas frases proverbiais, dialoxismos, etc. nas que tódolos seus compoñentes conservan o seu significado: *a palabras necias, oídos sordos*, *dondequiera que fueres, haz lo que vieres*.

Esta clasificación, que se ofrece de maneira bastante esquemática e non totalmente abarcadora, pode servir de guía para o presente enfoque lexicográfico. Creuse oportuna a súa presentación tendo en conta que, aínda que a tendencia máis xeral é agrupar tódalas unidades complexas mencionadas baixo o termo de fraseoloxía, existen criterios diverxentes en canto á súa inclusión ou non nos diccionarios xerais e especializados, por exemplo, nin no *Diccionario contrastivo del español de Cuba* nin no *Diccionario de fraseología cubana* se tiveron en conta as paremias.

Anotamos, de paso, que na lingüística soviética existen incluso criterios diverxentes sobre a inclusión dos proverbios e refráns no material fraseolóxico. Algúns especialistas son partidarios de incluílos todos; outros, só aqueles con compoñentes metaforizados; un terceiro criterio propón incluí-los de uso máis xeneralizado.

Os criterios expostos por Casares (1950) nos seus excelentes capítulos dedicados ás combinacións fixas de palabras contribuíron a este deslinde. Este autor incluso orienta con respecto ó seu tratamento lexicográfico e ratifica a clasificación exposta anteriormente coa súa opinión contraria á entrada no diccionario da maioría dos refráns e proverbios, mentres que, con respecto ás frases proverbiais, considera que teñen "un pie a cada lado" (Casares: 203).

Ó parecer existe unha tendencia nos diccionarios xerais a incluír pouco material paremiolóxico. Para exemplificar isto, dos numerosos proverbios e refráns agrupados por Sbarbi (1943) baixo a palabra "Dios", escolléronse sete ben coñecidos na actualidade: *a Dios rogando y con el mazo dando*; *al que madruga Dios le ayuda; a quien Dios no le da hijos, el diablo le da sobrinos*; *a quien Dios se la diere, San Pedro se la bendiga*; *Dios aprieta pero no ahoga*; *Dios los cría y ellos se juntan*.

Destes refráns só dous aparecen rexistrados no DRAE e catro no DUE. Sen embargo, dous deles aparecen en DUE coa definición, ou "non definición", de frase ou expresión de senso claro e, se isto é así, pode un preguntarse ¿para que incluílos nun diccionario xeral?

Cómpre sinalar aquí que na presente exposición utilízanse con maior frecuencia os termos fraseoloxismos ou unidade fraseolóxica por ser máis abarcadores e, por conseguinte, máis compatibles co que se agrupa baixo o nome de "material fraseolóxico".

2. Modos de organización do material fraseolóxico

Como dixemos antes, a organización do material fraseolóxico é un dos aspectos menos estudiados pola lexicografía, a pesar de que, con toda seguridade, consciente ou inconscientemente, todo autor dun diccionario, xa sexa lingüista ou afeccionado, con coñecementos ou non de fraseoloxía, sentiu preocupación, dúbidas ou vacilacións no momento de afronta-la inclusión dos fraseoloxismos en xeral, ou ante algúns que presentan características moi peculiares.

Os diccionarios xerais, como é sabido, aínda que nunca poden aspirar á exhaustividade por grande que sexa o seu volume, recollen o vocabulario máis usual e representativo dunha lingua. Nesta obrigada selección, con respecto á porcentaxe do vocabulario do nivel culto e estándar recollido, queda en desvantaxe o familiar, o popular e moito máis o vulgar ou tabuizado. Con isto queda claro, sen que constitúa unha crítica en si, que a parte correspondente ó material fraseolóxico, na súa maioría pertencente a estes niveis de uso, inevitablemente adoita ser mutilada. Exhaustiva, ata onde é posible, debe se-la representación dos fraseoloxismos ou, nalgúns casos dalgúns dos seus tipos, nun diccionario dedicado a eles exclusivamente. Nun diccionario xeral haberá sempre que facer unha selección mediante estudios de maior ou menor uso. A existencia dun diccionario fraseolóxico nunha lingua ou variante de lingua facilita moito esta selección, como quedou demostrado ó confecciona-lo *Diccionario contrastivo del español de Cuba* no que se utilizou un material seleccionado do *Diccionario de fraseología cubana*.

Nos diccionarios xerais destácanse dous modos ben diferentes de organiza-las combinacións fixas de palabras: xa sexa mediante o seu rexistro na microestructura dun artigo, baixo unha palabra clave ou de apoio que constitúe un dos compoñentes, ou ben inseríndoas na macroestructura por orde alfabética, mediante a lematización dos fraseoloxismos.

Calquera que sexa o procedemento de organización que se adopte, estará relacionado estreitamente con dous aspectos non estudiados tampouco con profundidade, a pesar da súa importancia e o peso que poden ter nas deficiencias ou diverxencias que se observan nalgúns diccionarios, como veremos máis adiante. Trátase, en primeiro lugar, da determinación exacta dos compoñentes dos fraseoloxismos incluíndo, no posible, a dos seus elementos facultativos e, en segundo lugar, do establecemento das variantes máis usuais.

En moitos casos, a determinación dos elementos que integran un fraseoloxismo non implica ningún tipo de problema; noutros, unha errónea determinación pode incluso modifica-la súa categoría gramatical e, por exemplo, presentar un fraseoloxismo, que funciona como adverbio, como un fraseoloxismo verbal.

A análise comparativa de varios diccionarios, os testemuños extraídos da literatura, a prensa, a observación directa e a propia competencia do autor, poden contribuír a evitar posibles erros deste tipo, o que redunda positivamente na calidade dun diccionario.

2.1. Organización do material fraseolóxico na macroestructura

Este procedemento, aínda que parece sinxelo, ten bastantes inconvenientes que se derivan da orde alfabética que xeralmente esixe.

A aplicación deste modo de organización require unha grande exactitude no que se refire á determinación dos límites dos fraseoloxismos, é dicir, á súa verdadeira composición, xa que isto pode influír en que o fraseoloxismo apareza no lugar adecuado. Vexámo-lo que podería suceder se os diccionarios españois que tomamos como exemplo estiveran organizados desta maneira. Refírome especificamente ó DRAE e ó DUE, xa que o "Indice general de modismos" que ofrece Domínguez en *El español idiomático* si aparece ordenado alfabeticamente. En Domínguez (1988) encontramos *andar con pies de plomo* que, á súa vez, é rexistrado por DRAE como locución adverbial: *con pie*, *o pies, de plomo*, coa observación de que se usa comunmente con "ir". En DUE aparece con esta última forma, só en plural, pero sen observación. Outro caso similar é o de *coger con las manos en la masa*, en Domínguez, mentres que para o DRAE é loc. adv. *con las manos en la masa*, coa observación acerca do uso habitual cos verbos "coger" e "estar". Deste modo é recollido polo DUE, pero con remisión a *coger con las manos en la masa*. Os dous exemplos citados, ó meu xuízo, terían que rexistrarse coa forma adverbial, é dicir, pola preposición "con" como palabra inicial, xa que son varios os verbos que poden acompaña-la locución adverbial dada, como son, á parte dos citados "coger" e "estar", "sorprender", "ver", "pillar", "atrapar", "agarrar". Nestes casos, o verbo non pode considerarse parte integrante do fraseoloxismo.

Pode ocorrer tamén que o primeiro compoñente dun fraseoloxismo teña unha ou máis variantes que non aparecen incluídas nun diccionario determinado. Por exemplo, supoñamos de novo unha organización na macroestructura dos diccionarios que estivemos tomando como exemplos. Domínguez rexistra *remover el cielo y la tierra*, igual ca DUE, mentres que para o DRAE esta variante non existe e só rexistra *mover cielo y tierra*. Noutros casos, si aparece rexistrada a variante do primeiro compoñente no diccionario, co artigo completo na que supoñemos máis usual, e a remisión na variante secundaria. Exemplo disto temos en *suelto de lengua* que se remite en DRAE e DUE a *ligero de lengua* e en *arrimar el hombro* e *poner el hombro*, co artigo completo na primeira variante, e a remisión na segunda. En DUE só aparece *arrimar el hombro*. Para Cuba, ademais, teriamos que engadir outra variante: *meter el hombro*.

A lematización dos fraseoloxismos nos diccionarios xerais faría esaxeradamente longas algunhas series de fraseoloxismos, como son os que comezan coa negación. Á maneira de exemplo, pode citarse que no *Diccionario de fraseología cubana* aparecen aproximadamente 120 fraseoloxismos que comezan co adverbio "no", e en Domínguez contamos 35. A ordenación complícase polo feito de que con frecuencia os fraseoloxismos con negación poden utilizarse ocasionalmente sen ela e, neses casos, parece máis conveniente non incluíla como compoñente do fraseoloxismo e poñer unha observación acerca do seu uso habitual. Exemplo disto obsérvase en *no comulgar con ruedas de molino*, en Domínguez, que en DUE e en DRAE aparece sen a negación, pero cunha advertencia acerca da súa presencia habitual no contorno inmediato. Un exemplo similar temos en *no poner las manos en el fuego*.

Un cambio na orde dos compoñentes, o que pode suceder nun texto oral ou escrito, tamén imposibilitaría ó usuario encontra-lo fraseoloxismo desexado. Por exemplo, *no llegar* a alguien *a la suela del zapato*, podería encontrarse como *ni a la suela del zapato*

le llega, ou ben *la sangre no va a llegar al río*, en lugar da orde usual *no llegar la sangre al río*.

O modo de organización en artigos independentes adoita encontrarse nos diccionarios de inglés. Un exemplo moi ilustrativo dos inconvenientes deste procedemento é o do fraseoloxismo *red lane*, rexistrado no Diccionario Webster's e que tomamos de Malajovskii (1984). Un usuario non habituado a esta ordenación, como puidera selo alguén de fala española, buscaríao con toda seguridade, primeiramente por "lane" e despois por "red", sen poder encontralo baixo ningunha destas palabras. Sucede que *red lane* insírese na macroestructura coma se se tratara dunha soa palabra, polo que se atopa separada de "red" por máis de cen artigos, moitos dos cales non están relacionados coa base "red", como ocorre con "redact", "redan", "redargue", "redd", etc. Tampouco hai remisións nos artigos de "red" ou "lane", o que podería orienta-lo usuario na súa busca, e faría máis práctico o diccionario se así se desexa. Valería a pena lembrar aquí as palabras de K. Baldinger, cando expón "un diccionario resulta práctico cuando encuentro cómodamente la respuesta a la consulta que le he hecho, es decir, la utilidad práctica depende del objetivo de la consulta". (Cf. Haensch. 1993: 343).

Nos diccionarios españois, especificamente no DRAE e no DUE, forman parte da macroestructura, á parte das expresións latinas, as expresións fixas nas que o seu compoñente inicial só se usa en dita expresión: *guájete por guájete*; *patatín que si patatán (que si)*; as locucións nas que o compoñente inicial só se utiliza en plural sen que este uso sexa usual fóra delas, como en *dares y tomares* ou *dimes y diretes*. En DRAE aparece tamén lematizada a locución *echar de menos*, que en DUE aparece, ó meu xuízo, máis acertadamente baixo o lema "echar".

2.2 Organización dos fraseoloxismos na microestructura dun artigo

A organización do material fraseolóxico na microestructura dos artigos ofrece teoricamente varias posibilidades: a presentación do fraseoloxismo baixo a primeira palabra significativa ou o seu rexistro baixo tódalas palabras significativas que entran na súa estructura; a inserción do fraseoloxismo baixo a palabra que se considera principal dende o punto de vista semántico ou baixo a que se considera principal dende o punto de vista gramatical. Estas posibilidades están baseadas, pois, en criterios formais, semánticos ou gramaticais que veremos a continuación.

2.2.1 Criterio formal

Pode considerarse criterio formal o que postula a integración do fraseoloxismo no artigo, atendendo á primeira palabra plena que entra na súa estructura. Este procedemento, sinxelo para o lexicógrafo, dificulta a busca ó usuario, xa que este busca xeralmente no diccionario a palabra que non coñece e non o fraseoloxismo na súa totalidade, do cal, en moitos casos, descoñece os límites e, polo tanto, a primeira palabra plena. É probable que un lector non español, nun texto en que aparece o fraseoloxismo *hacer de su capa un sayo*, busque primeiramente no diccionario o significado de "sayo", por resultar menos coñecida esta palabra cá palabra "capa". Como falante dunha variante do español no caudal fraseolóxico da cal non se encontra o fraseoloxismo *por la vida del chápiro*

verde, se eu descoñecera as regras de organización dun diccionario determinado e, sobre todo, por curiosidade, buscaría ante todo a palabra "chápiro".

Debido á facilidade con que en ocasións poden cambiarse de lugar os compoñentes do fraseoloxismo, ademais das recreacións que deles fan os escritores, tampouco se recomenda o sistema de organización pola primeira palabra plena. Nun texto oral ou escrito pode encontrarse "*el hielo fue roto*" por Fulano e o usuario buscaría en "hielo" o que debería encontrar por "romper". Igual sucedería co posible texto "*la cama* le *están haciendo* y él ni cuenta se da" que, seguindo este modo de organización, o usuario debe buscar polo verbo "hacer".

Outro criterio formal, que quizais constitúe o modo máis seguro e cómodo de organización para o usuario, posto que lle permite encontrar dende o primeiro intento o que busca, a pesar da redundancia da información, é o de presenta-la información completa sobre o fraseoloxismo en tódolos artigos das palabras plenas que o compoñen, sen utiliza-lo sistema de remisións. Este procedemento, sen embargo, non parece factible polo menos nos diccionarios de gran volume, aínda cando se tomen medidas tipolóxicas para aforrar espacio.

2.2.2. Criterio semántico

O criterio semántico baséase na inclusión do fraseoloxismo baixo a palabra que se considera centro semántico. Trátase quizais do procedemento máis lóxico e o que brinda máis datos lingüísticos. Sen embargo, ten unha gran deficiencia para o usuario de nivel medio, e é que lle impide prever con exactitude, en moitos casos, o lugar en que pode encontrarse o fraseoloxismo. Podo, por exemplo, pensar que no fraseoloxismo *tener la cabeza llena de pájaros*, "cabeza" debe se-la palabra semanticamente máis cargada, pero en *contra viento y marea*, cál pode ser, ¿"viento" ou "marea"?

O principio semántico de organización, segundo Burguer (1989), é utilizado no *Dictionary of Contemporary English* e ofrece os exemplos *a bone of contention*, que aparece baixo "bone" por ser esta a palabra máis "idiomática" segundo os autores, e *a pig in a poke*, que aparece baixo "poke".

Tamén no *Petit Robert* (1988) os fraseoloxismos organízanse segundo o criterio histórico-semántico no que prima o senso do signo-lema e non o criterio formal (cf. Heinz. 1993: 3).

Outro modo de organización do material fraseolóxico atendendo a criterios semánticos é o de presenta-las unidades fraseolóxicas baixo a palabra menos usual ou menos polisémica, xustificado isto polo feito de que baixo estas palabras resulta máis cómoda a busca do que nos artigos de palabras moi usuais. En realidade, esta explicación non carece de lóxica. É ben certo que, por exemplo, o fraseoloxismo *dar calabazas* podería encontrarse máis rápida e facilmente por "calabaza" que por "dar". Como dato curioso podemos referi-lo feito de que no *Diccionario de fraseología cubana* máis de 120 unidades fraseolóxicas comezan co verbo "dar". En *pájaro de mal agüero* o artigo buscarase máis facilmente por "agüero" ca por "pájaro", aínda que, por suposto, os casos citados son casos extremos, de fácil solución. Poden presentarse casos de máis difícil

solución, sobre todo cando entre os compoñentes non se observan grandes diferencias en canto á frecuencia de uso. En realidade, só un estudio de frecuencias permitiría un reflexo obxectivo deste tipo nos diccionarios xerais.

2.2.3. Criterio gramatical

O criterio gramatical na organización dos fraseoloxismos nun diccionario xeral parece se-lo máis práctico, tanto para o lexicógrafo coma para o usuario. De acordo con este criterio distribúense os fraseoloxismos por partes da oración, de acordo coa valoración tradicional da lingua de que se trate, que é, para o español, substantivo, verbo, adxectivo e adverbio. En caso de que se repita a parte da oración, escóllese a primeira por orde de aparición. Noutros casos tómase a que aparece primeiro pola orde alfabética.

Este procedemento, ó utilizar tamén trazos formais, obxectivos, elimina o enfoque subxectivo do compilador cando se trata de elixi-la palabra semanticamente máis cargada, ou elimina as posibles vacilacións con respecto á palabra inicial do fraseoloxismo. Para o usuario é moi práctico e, aínda que aplicado a outra lingua, parece interesante cita-lo dato que ofrece Bagaturova (1968), quen afirma que o 90% dos fraseoloxismos por ela seleccionados teñen un substantivo entre os seus compoñentes. Non é un disparate pensar que a calquera usuario de nivel medio non lle será difícil distinguir un substantivo entre outras partes da oración.

Este modo de organización dos fraseoloxismos pode aínda ser máis práctico se se completa con remisións, aínda que isto non sexa sempre posible dado o gran volume dalgúns diccionarios xerais. O DRAE, por exemplo, non adoita utilizar remisións. En cambio, estas son utilizadas consecuentemente por Moliner no DUE, e non só en fraseoloxismos relativamente breves, como poden ser *coser y cantar* ou *de ahora en adelante* nos que no segundo verbo e adverbio respectivamente se remite ó primeiro, senón que tamén encontramos remisións en fraseoloxismos con varias palabras significativas como é *buscarle tres pies al gato*, atopándose o seu artigo completo baixo "pie", pero o fraseoloxismo repítese en "buscar", "tres" e "gato" con remisión ó artigo inserido baixo o lema "pie". Isto sinálase mediante a diferenciación tipográfica das letras. Na miña opinión, este é un dos valores, entre outros moitos, do DUE.

Este modo de organiza-los fraseoloxismos foi utilizado no *Diccionario de fraseología cubana*, tamén con artigo completo e remisións a este en tódalas palabras significativas que compoñen o fraseoloxismo.

No *Diccionario contrastivo del español de Cuba* emprégase este modo de organiza-los fraseoloxismos, aínda que sen remisións e, en lugar da orde tradicional para o español, mencionada anteriormente, o verbo pasa a último lugar, seguindo unha orde máis usual para outras linguas, entre elas, o alemán.

3. Organización dos fraseoloxismos nos artigos

Os fraseoloxismos son organizados nos artigos seguindo distintos procedementos. Na análise que fai do *Petit Robert*, Heinz (1993) adapta a terminoloxía de Wiegand e

distingue tres modos fundamentais de organización dos artigos lexicográficos: a integración, a non integración e a anexión que son utilizados nesta análise.

3.1 Integración e non integración

Precisamente no *Petit Robert* ofrécense exemplos dos dous primeiros tipos, pouco usuais, polo menos ata onde coñecemos, no español.

O emprego da integración ou a non integración neste diccionario está xustificado se se ten en conta que nel "las locuciones sirven de ejemplos que ilustran los principales empleos de un término" (Heinz: 1933: 140) e que a súa organización responde a criterios histórico-semánticos que así o esixen.

Como é lóxico, o lugar dos fraseoloxismos nun tipo de diccionario coma este non é previsible. O feito de estar relacionado con algunha acepción do signo lema fai que os fraseoloxismos poidan ocupar calquera lugar na microestructura dun artigo. Non obstante, un amplo e práctico sistema de remisións posibilita ó usuario encontra-lo desexado.

Pode tamén un fraseoloxismo non estar relacionado con ningún dos sensos do signo lema e, nese caso, recórrese ó procedemento de non integración. A independencia do fraseoloxismo é sinalada pola cifra que o acompaña.

O procedemento de integración non é fácil de aplicar e require un gran coñecemento de etimoloxía por parte do autor, asunto difícil se se ten en conta que moitas das motivacións dos fraseoloxismos perdéronse no tempo. En casos dubidosos será sempre preferible aplica-la non integración.

De aquí pode concluírse que a propia existencia do criterio de integración leva implícita a existencia do criterio de non integración.

Exemplo deste tipo de organización na nosa lingua é o *Diccionario del español usual en México* (1996), do que ofrecemos, a modo de ilustración, o artigo correspondente a *pie*.

> *pie* I 1 Parte inferior de c/u de las dos piernas... 2 Parte parecida en algunos animales 3 *A pie*... 4 *De pie*... 5 Parte de un calcetín... 6 *Buscarle tres o cinco pies al gato*... 7 *Cojear de un pie*... 8 *Irse o andarse con pies de plomos*... 9 *Con (el) pie derecho*... 10 *Con (el) pie izquierdo*... 11 *De pies a cabeza*... 12 *Echar pie a tierra*... 13 *Estar* uno *al pie del cañón*... 14 *Estar con un (o el) pie en el estribo*... 15 *Estar* algo *en pie*... 16 *Ir* uno *por su (propio)pie*... 17 *Irsele* a uno *los pies*... 18 *No dar pie con bola*... 19 *Perder pie*... 20 *Poner pies en polvorosa*... 21 *En pie de guerra*... II Tallo tronco de una planta... III 1 Parte inferior de algo, que le sirve de apoyo 2 *Al pie de* o *a los pies de*... 3 pl Parte de la cama opuesta a la cabecera 4 Parte inferior de un escrito o de una hoja de papel 5 *Pie de imprenta*... 6 Explicación o comentario que se pone debajo o a un lado de una ilustración, un grabado o una fotografía en un libro impreso 7 *Dar pie* a algo... 8 *Creer* algo *a pie juntillas*... IV 1 Medida de longitud... 2 Tratándose de versos, unidad rítmica de repetición formada...

O capítulo que Heinz (1993) dedica á distribución das locucións no *Petit Robert,* mostra claramente as dificultades que presenta este sistema de organización, non só para o autor, senón tamén para o usuario de nivel medio, así como as súas deficiencias de orde práctica.

3.2 Anexión

Segundo o criterio de anexión, tódolos fraseoloxismos se agrupan despois das acepcións do signo lema e sepáranse do resto do artigo xeralmente por algún signo tipográfico, co que se independizan do signo lema que lles dá entrada. Nos diccionarios rusos, por exemplo, utilízase moito o rombo. Pode utilizarse tamén a dobre barra, como no *Diccionario Xerais da Lingua* (1996); o signo de máis, o asterisco, como no *Diccionario contrastivo del español de Cuba* ou diferencias tipográficas nas letras. O DRAE, por exemplo, pon as unidades pluriverbais en negra. En DUE aparecen con maiúsculas e en liña á parte.

Este tipo de organización pode non ser convincente para o estudioso que non vai buscar no diccionario o significado dun fraseoloxismo, senón a súa relación semántica co signo lema, ou ben a súa etimoloxía, pero para o usuario non especialista, ó que lle interesa encontra-lo máis rapidamente posible o significado dun fraseoloxismo, é o máis práctico.

Como ilustración ofrecemos o artigo abreviado de *alfiler*, tomado do DRAE.

> *alfiler* Clavillo metálico... 2 Joya más o menos preciosa... 3 Árbol silvestre... 4 Carne del lomo de las reses... 5 pl Juego de niños... 6 Planta herbácea... 7 Cantidad de dinero... 8 Agasajo que solían dar... *de gancho... de París... de seguridad... con todos sus alfileres... no caber un alfiler... no estar* alguien *con* sus *alfileres... para alfileres... pegado, prendido* o *preso con alfileres...*

Nalgúns diccionarios, na sección dedicada ós fraseoloxismos, poden observarse determinadas regras fixas de organización que facilitan a busca.

Tanto no DRAE como no DUE, baixo un substantivo lema, en primeiro lugar aparecen tódalas combinacións fixas de palabras que comezan co substantivo dado. Como é de supoñer, se estas aparecen, por orde alfabética, veranse mesturadas palabras compostas como *boca de alcantarilla*; termos, como *boca de dragón* e locucións nominais, como *boca de escorpión*. Pode deducirse o necesario que será unha adecuada marcación relativa ó tipo de fraseoloxismo de que se trata. A marcación nos diccionarios xerais non sempre é suficiente nin exacta.

Non se procede así cos fraseoloxismos verbais, aínda que encabecen o fraseoloxismo e non teñan substantivos entre os seus compoñentes. O mesmo ocorre cos adxectivos e os adverbios. No *Diccionario de fraseología cubana* seguímo-lo sistema de colocar en primeiro lugar os fraseoloxismos que se inician coa palabra lema aínda que se trate dun verbo, un adxectivo ou un adverbio e teña entre os seus compoñentes unha palabra de maior valor categorial.

En DUE os fraseoloxismos que se remiten a outro lema son colocados tendo en conta a orde alfabética deste lema, así *echar/poner un CANDADO en la boca* e *poner las CARTAS boca arriba* van inmediatamente antes de *cerrar la boca*.

Noutros diccionarios que utilizan o criterio de anexión, os fraseoloxismos agrúpanse a continuación da marca tipográfica, ordenados arbitrariamente. Deste modo hai que ler toda a sección dedicada á fraseoloxía para encontra-lo fraseoloxismo desexado. Este parece ser un procedemento bastante frecuente. Obsérvase, por poñer exemplos no *Diccionario de la lengua rusa* da Academia de Ciencias da URSS (1981-1984) e no *Diccionario básico del español de México* (1991).

4. Conclusións

— A organización do material fraseolóxico presenta moitos problemas derivados fundamentalmente da importancia secundaria que se lle concede ó fraseoloxismo con relación á palabra.

— A posibilidade de establece-las clasificacións mencionadas anteriormente demostra que existen intencións serias de sistematiza-la súa organización. Algunhas destas clasificacións, como se viu, comparten tanto inconvenientes como vantaxes.

— Unha das máis graves deficiencias, non analizadas aquí especificamente, é a ausencia ou o tratamento excesivamente superficial ou conciso na presentación do problema relativo á organización do material fraseolóxico. Non se pode aspirar a unha explicación detallada ó estilo, por exemplo, da que brindan os diccionarios rusos de fraseoloxía, mono ou bilingües, pero si a recibir maior información acerca dos criterios adoptados polo autor. Isto contribuirá, sen ningunha dúbida, a unificar criterios ou a xustificar diverxencias.

Referencias bibliográficas

Bagaturova, E.G. "O printsipaj sistematizatsii frazeologizma v russko-armianskom frazeologicheskom slovare", en *Voprosy frazeologii i sostavlenii frazeologicheskij slovarei*. Baku. 1968.

Burger, H. "Phraseologismen in allgemeinen einsprachigen Wörterbuch", en *Wöterbücher 1*. 1989: 593-599.

Casares, J. *Introducción a la lexicografía moderna*. Revista de Filología Española. Anejo LII. Madrid, 1950.

Diccionario básico del español de México. El Colegio de México. México. 1991.

Diccionario contrastivo del español de Cuba (en prensa).

Diccionario de fraseología cubana (en prensa).

Diccionario de la lengua española. Real Academia Española. Madrid. 1992.

Diccionario de uso del español. Gredos. Madrid. 1966.

Diccionario del español usual en México. El Colegio de México. México. 1996.

Diccionario Xerais da Lingua. Edicións Xerais de Galicia, S.A. Vigo. 1996.

Domínguez, P. *El español idiomático*. Editorial Ariel S.A. Barcelona. 1988.

Haensch, G. *La lexicografía*. Gredos. Madrid. 1982.

Heinz, M. *Les locutions figurées dans les "Petit Robert"*. Niemeyer. Tübingen. 1993.

Malajovskii, L.V. "Razmecheniie frazeologizmov v slovare. Teore-ticheskie soobrazheniia sostaviteliia i interesy chitateliia", en *Teoriia i praktica sovremennoi leksicografii*. Nauka. Leningrado, 1984: 157-164.

Sbarbi, J.M. *Gran diccionario de refranes de la lengua española* Joaquín Gil. Buenos Aires. 1943.

Scherba, L.V. "Opyt obschej teorii leksicografii", en *Izbrannyie raboty po jazykoznaniju i fonetike*. Moscú. 1974.

Slovar russkogo jazyka. Akad. Nauk SSSR. Moscú. 1981-1984.

Zuluaga, A. *Introducción al estudio de las expresiones fijas*, Lang. Bern, 1980.

Cómo introduci-los valores pragmáticos das expresións fraseolóxicas no diccionario

JUAN MARTÍNEZ MARÍN
Universidad de Granada

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 127-137.
ISBN: 84-45321-67-6)

The analysis of Spanish modern dictionaries shows that the so-called pragmatic values of linguistic forms have been taken into account by lexicographers when introducing phraseology in the whole information of the entries. In this respect, the intuitive and merely impressionistic course of action with which most works are elaborated contrasts with the rigorous method followed in some dictionaries published in recent years. In these dictionaries several pragmatic contents are paid attention to clearly and objectively, as the use of pragmatic marks for their specification proves. Thus, in some Spanish dictionaries there is a clear connection with the pragmalinguistic theory. This is a fact of great interest not only for what it shows about Spanish Linguistics, but also for what it teaches about the practical elaboration of lexicographic works. However, this does not mean that all the problems of the satisfactory lexicographic treatment of pragmatic values in phraseology are solved —at least with reference to Spanish lexicography—, since many pragmatic facts of Spanish phraseology have not been determined and identified yet.

El análisis de los diccionarios modernos del español revela que los llamados valores pragmáticos de las formas lingüísticas han sido tenidos en cuenta por los lexicógrafos al incluir la fraseología en el conjunto de la información de los artículos. A este respecto, contrasta el proceder intuitivo y meramente impresionista con que se opera en la mayor parte de las obras, frente al método riguroso de algunos diccionarios publicados en los últimos años, en los que se atiende a determinados contenidos pragmáticos de manera expresa y objetiva, como lo demuestra el empleo de marcación pragmática para la especificación de los mismos. Aparece así en algunos diccionarios del español una clara conexión con la teoría pragmalingüística, hecho que resulta de gran interés, no sólo por lo que indica sobre la lingüística hispánica, sino también por lo que enseña para el quehacer práctico de la elaboración de obras lexicográficas. Tal hecho, sin embargo, no significa que estén resueltos todos los problemas que comporta el

tratamiento lexicográfico satisfactorio de los valores pragmáticos de la fraseología —al menos en lo que se refiere a la lexicografía del español—, ya que faltan por determinar y conocer numerosos hechos pragmáticos de la fraseología del español.

Introducción

Os extraordinarios avances ocorridos na investigación lingüística durante os últimos decenios serviron para aportar ó coñecemento das linguas aspectos importantísimos das mesmas, que quedaron fóra dos puntos de vista anteriores a causa da particular natureza das propostas e obxectivos destes. E, entre tales aspectos aportados pola recente investigación das linguas, un dos que sobresaen sen dúbida é o coñecido como contidos *pragmáticos*, os cales son consecuencia directa de entende-las linguas como medios para a intercomunicación, intercomunicación que, segundo se sabe nos nosos días, comporta polo xeral unha importante carga de interacción[25]. O estudio dos contidos pragmáticos das linguas, que leva a cabo, segundo se sabe, a moderna disciplina coñecida como pragmalingüística, destaca así na actualidade como un dos de maior interese para os lingüistas, tanto dos que se moven no campo da teoría coma os que o fan no das aplicacións.

Como consecuencia diso, as disciplinas lingüísticas que gardan maior relación co tema desta conferencia —especialmente a lexicografía e a fraseoloxía[26]— víronse beneficiadas polos resultados que foi aportando a investigación pragmalingüística; aínda que convén ter moi presente que polo recentes que son estas investigacións non se coñece na súa totalidade o mecanismo —ou mecanismos— que rexe os contidos e valores pragmáticos das linguas. E iso é un importante condicionante para configura-la información pragmática dos diccionarios. De todas formas, cómpre dicir tamén que se avanzou considerablemente na resolución deste problema lexicográfico, como imos ver.

Como dicía antes, a lexicografía e a fraseoloxía, ó teren moito que ver co tema dos valores pragmáticos das unidades fraseolóxicas, incorporaron os resultados da recente investigación, polo que situármonos nelas será imprescindible para deseña-lo método ou os métodos que permitan un adecuado tratamento nos diccionarios de tales valores.

---

[25] Emprego o vocábulo *intercomunicación*, en lugar do de *comunicación* usado ata hai uns anos sobre todo polas correntes do estructuralismo funcional, coa idea de poñer de relevo a propiedade característica das linguas de que existen para permiti-lo intercambio de mensaxes (de toda a gamma de contidos que se dan na vida dos seres humanos) entre os falantes-usuarios delas.

[26] A natureza particular e a variedade e cantidade de expresións fraseolóxicas —son as formas que integran o chamado *discurso repetido*— é o feito no que me baseo para considera-la fraseoloxía como unha disciplina lingüística específica, e do mesmo parecer son outros investigadores, como G. Wotjak (por fixarme nun hispanista que dedicou numerosos traballos a este campo de estudios; véxase Martínez Marín (1996, páx. 18); outros autores, tamén coas súas razóns, prefiren situa-la fraseoloxía dentro da lexicoloxía, como unha das súas disciplinas: cf. G. Corpas (1996, páx. 15).

A busca dun método

Os avances na investigación fraseolóxica foron moi grandes, como o revela a variedade de temas tratados, temas que abarcan dende a determinación das unidades que integran o *discurso repetido* e a súa tipoloxía ata a análise do aspecto pragmático de tales unidades, pasando polo estudio das modificacións que toman estas en certos tipos de linguaxes (neste último aspecto, a fraseoloxía ofrécenos fenómenos de especial interese dende o punto de vista do discurso e da fala)[27].

Pola súa parte, a lexicografía —tanto teórica como práctica— tivo que seguir de cerca o desenvolvemento da investigación fraseolóxica, que é o que está permitindo nos nosos días renova-la forma de tratar nos diccionarios as expresións fraseolóxicas ou unidades do discurso repetido, renovación na que tivo un papel sobresaliente o feito de considera-los contidos pragmáticos destas formas lingüísticas.

A este respecto, unha idea que é básica por estar referida ó contido das unidades en xeral da lingua acéptase —podemos dicir que unanimemente— na lingüística actual (por iso se atopa na lexicografía e na fraseoloxía, as dúas disciplinas que constitúen un marco de referencia fundamental para o tema da inclusión nos diccionarios dos valores pragmáticos das expresións fixas). De acordo con esta idea, un tratamento das formas lingüísticas exclusivamente semántico (do contido das formas segundo o lugar que ocupan na lingua-sistema) ten que resultar insatisfactorio porque deixa fóra valores e funcións (do discurso, é dicir da comunicación propiamente dita) moi importantes no uso, no emprego da lingua polos falantes nas situacións concretas de comunicación[28]. Son estes precisamente os valores, os contidos que está poñendo de relevo a pragmalingüística (claro que aliada, como é sabido, cos métodos que se sitúan no discurso e no texto).

Vexamos cómo se presenta esta idea que dicimos na lexicografía actual (sabido é que foron ideas coma esta as que actuaron de impulsoras para que a información contida nos

---

[27] Estes tres temas que destaco como especialmente importantes (na bibliografía sobre fraseoloxía poden encontrarse outros) están ben representados en obras de conxunto como o *Manual de fraseología española* de G. Corpas citado na nota anterior. Non vén ó caso tratar aquí, nin sequera someramente, tales temas, pero si me interesa destacar pola súa relevancia un feito relacionado coa tipoloxía das unidades fraseolóxicas: nesta obra estúdianse os refráns como elementos fraseolóxicos, e polo tanto recoñécese o seu estatuto e natureza de formas lingüísticas, co que se amplía e completa no que era necesario a perspectiva paremiolóxica, que dominou durante un tempo o estudio destas importantes formas das linguas.

[28] As investigacións pragmalingüísticas revelaron numerosos feitos que lle pasaran desapercibidos á análise lingüística anterior ou recibiran interpretacións pouco satisfactorias. Por citar un caso, repárese nas varias construccións do español co chamado *si* condicional que non se axustan ó patrón do período hipotético (cando se empregan como enunciados para rexeitar unha opinión ou unha actitude presuntuosa e non conforme coa realidade), que ilustran exemplos como os seguintes: *Si su hermano es arquitecto, yo soy cura; Si Cataluña tiene la Costa Brava, Andalucía tiene la Costa del Sol, ¿qué te crees tú?*

artigos dos chamados diccionarios de lingua se enriquecera e modificara en gran parte, como o fixo nas obras publicadas nos últimos anos). Na lexicografía do español —o mesmo ca na doutras linguas— a idea aparece tanto nas obras de teoría (estudios e monografías de fundamentación e de valoración da actividade de elaborar repertorios lexicográficos) coma nas obras de carácter práctico (diccionarios e outros repertorios lexicográficos, pero sobre todo nos primeiros pola súa especial natureza).

Á primeira orientación responden traballos como o de I. Bosque titulado "Sobre la teoría de la definición lexicográfica" (1982), que trata das *definicións*, un dos problemas fundamentais da lexicografía, segundo se sabe; entre as teses centrais deste traballo está a de que o lexicógrafo, á hora de redacta-las definicións, ten que atender, ademais de ó feito semántico, a outros varios feitos lingüísticos, entre os que se atopa o pragmático: "Su complejidad [refírese á definición] es, en gran parte, resultado de un complejo cruce entre prácticamente todas las disciplinas que de un modo u otro interesan al gramático, desde la morfología derivativa hasta la semántica teórica, *pasando por la misma pragmática* y sin olvidar siquiera la sintaxis, aunque, a primera vista, parezca que el lexicógrafo deba dejarla a un lado" (páx. 105; o subliñado é meu).

Outros traballos deste ámbito da teoría centráronse no estudio dos problemas que presenta o tratamento de formas particulares da lingua, como os chamados *marcadores discursivos*[29], que teñen un interese especial para a lexicografía actual por varios motivos: as súas importantes funcións no discurso, os seus valores pragmáticos, a necesidade de incluílos e tratalos conforme ó que esixen os coñecementos lingüísticos modernos —co que hai que corrixir en parte as informacións dos repertorios tradicionais, cando as dan sobre estas formas—, etc. Este é o caso de estudios como o de Nancy Vázquez titulado "Los marcadores discursivos en las obras lexicográficas" (1995-96) no que esta investigadora demostra o insatisfactorio do tratamento lexicográfico tradicional de locucións como *en fin, en resumen, en pocas palabras, por último*, etc.; o seu método baséase na idea que estamos considerando: "La información que nos proporciona este tipo de obras [os diccionarios ó uso] concierne básicamente al significado, dejando de lado otros aspectos (sintácticos, pragmáticos, etc.) que tienen gran importancia a la hora de caracterizar los marcadores" (páx. 133); neste traballo sábese así contrastar no marcador *en fin* funcións textuais como a "conclusiva" (na que alterna ás veces con algúns da serie dada antes —é o feito ó que reducía o asunto a interpretación tradicional), doutras funcións que foron delimitando modernamente a análise do discurso e a pragmalingüística, como a "de resignación"[30] ou a "de rectificación"[31], imposibles de

---

[29] A inclusión sistemática de elementos coma estes –e a fraseoloxía en xeral– é unha das fontes que está contribuíndo a incrementa-lo caudal e a calidade das informacións das obras lexicográficas actuais, e é, ó mesmo tempo, un dos mellores expoñentes dos avances que se produciron na lexicografía recente; iso espéllase concretamente nas claras diferencias que existen na chamada información sintagmática dos artigos dos diccionarios tradicionais e os actuais elaborados cos novos métodos.

[30] Repárese en exemplos como: *Llevo diciéndole mucho tiempo que debe correr menos con el coche.* **En fin,** *no pierdo la esperanza de que algún día se dé*

determinar se non se atende ó conxunto das interaccións que comporta a lingua no seu uso polos falantes.

Fraseoloxía e diccionarios do español: a información sobre os valores pragmáticos

Na lexicografía práctica ou dos diccionarios propiamente ditos, atópase xa igualmente nos nosos días a idea da necesidade de ir máis alá da perspectiva estrictamente semántica no tratamento do léxico e da fraseoloxía. O feito é recente[32], e claramente revelador de cómo os diccionarios do español souberon empezar a incorpora-los resultados das investigacións lingüísticas actuais nun asunto de extraordinaria importancia para orientar no uso da lingua, unha das principais funcións destas obras nos nosos días, se non a principal. Dous datos correspondentes a dúas obras tipoloxicamente[33] diferentes son ben ilustrativos sobre o particular. O primeiro, *Diccionario fraseológico del español moderno*, de F. Varela e H. Kubarth (1994), é un dos diccionarios do español con maior interese entre os publicados nos últimos anos, xa que por ser fraseolóxico en gran parte enche unha lagoa[34] da lexicografía hispánica. Pois ben, os seus autores operan nel cun concepto que é indicador do que estamos dicindo: o que chaman "ámbito de aplicación" para referirse a algunhas das situacións nas que se usan as expresións fraseolóxicas[35]. O

---

cuenta de lo equivocado de su comportamiento (y antes de que le ocurra algún percance que tenga que lamentar).

[31] Así no exemplo: -*¿Pero cómo va a ganar un sueldo así con su categoría?* - **En fin**, *yo lo que quería decir es que, para el trabajo que tiene, gana mucho más su hermano.*

[32] Pode dicirse que se trata de obras publicadas na década actual, é dicir nos anos noventa. Antes —trataremos este asunto máis adiante polo seu interese para o noso tema— algúns diccionarios do español fixáranse xa, aínda que de maneira impresionista, nalgúns dos contidos que hoxe chamamos pragmáticos; o *Diccionario de uso* (1966-67) de M. Moliner é un bo expoñente sobre o particular. Véxase máis adiante (notas 14 e 16) os exemplos que temos en conta deste diccionario.

[33] Sen ningunha dúbida o interese que suscita a fraseoloxía é a causa de que se editen numerosos repertorios de expresións fixas; uns son diccionarios que atenden ás distintas clases destas unidades lingüísticas, por exemplo o de Varela e Kubarth (1994); outros recollen tipos particulares como os refráns: Campos y Barella (1995), Junceda (1996), entre outros; ou as locucións: Fontanillo (1992), por exemplo.

[34] A valoración positiva que comporta esta maneira de referirme a esta obra débese sobre todo a que, pola súa metodoloxía e contidos, contrasta claramente con repertorios anteriores como o de F. Caballero, *Diccionario de modismos de la lengua castellana*, Buenos Aires, 1974. Pero é evidente, por outra parte, que o Diccionario de Varela e Kubarth non resolve tódolos problemas que comporta o tratamento lexicográfico da fraseoloxía, pois o asunto é extraordinariamente complexo. Véxase o que sobre o particular digo na nota seguinte.

[35] F. Varela e H. Kubarth están apuntando claramente a fenómenos pragmáticos cando entenden por "ámbito de aplicación" o seguinte: "Todas aquellas situaciones [repárese niso] en las que se pueden o quieren romper

outro tipo de diccionarios onde os contidos pragmáticos empezan a estar presentes son os diccionarios xerais de lingua. Se nos fixamos na fraseoloxía, que é o que aquí nos interesa, compróbase que durante bastante tempo[36] a inclusión de tales contidos —nas obras nas que os autores chegaron a darse conta deles, pois non todos foron tan perspicaces— fíxose de forma intuitiva e impresionista, como imos ver en seguida. A consideración expresa e sistemática, mediante o emprego das indicacións e convencións correspondentes, non aparece ata os anos noventa, cando xa está constituída (aínda que non estea desenvolvida de todo, como dixemos antes) a pragmalingüística. Sen embargo, esta consideración impresionista dos diccionarios máis coñecidos tiña a virtude de saber interpretar, con acerto en moitos casos, o que hoxe en día chamamos tecnicamente *valores pragmáticos* (en xeral a *finalidade* con que as expresións fraseolóxicas, como outras unidades da lingua, son empregadas nos textos); e é este feito o que pode explicar, por outro lado, que o tratamento inspirado na pragmalingüística conserve en parte características do tratamento anterior.

A finalidade con que se empregan no que se di as expresións fraseolóxicas indícase nos diccionarios ós que me estou referindo mediante distintos procedementos, entre os que destacan os seguintes:

1) Utilización do vocábulo *expresión* seguido de preposicións indicadoras do contido: "expresión para + infinitivo"[37], "expresión con + relativo *que*"[38], "expresión de + sustantivo"[39].

2) Indicación da función mediante as fórmulas (ás veces acompañadas da caracterización do significado) "se emplea en"[40], "se usa para"[41], "se aplica a"[42] ou simplemente "expresa"[43].

---

todas las barreras y contenciones que imponen las convenciones sociales" (páx. XIV). Pero é claro que os *ámbitos* que distinguen (*restringido, formal* e *informal*), a pesar da súa importancia, non esgotan todo o repertorio dos que teñen pertinencia no uso da lingua.

[36] Na lexicografía moderna do español (a das tres últimas décadas aproximadamente, na que a elaboración de diccionarios conta cunha teoría lexicográfica, aínda que ó principio fora só incipiente), bastantes obras, cando dan as definicións das expresións fraseolóxicas, fano atendendo a aquilo para o que se usan ou se empregan; chama a atención tamén que algúns diccionarios se sirvan do vocábulo *expresión*, ás veces seguido dun adxectivo que especifica o valor da unidade fraseolóxica ("expresión para", "expresión con que", "expresión de", etc.). Para os aspectos xerais do tratamento da fraseoloxía nos diccionarios modernos do español, pode verse Martínez Marín (1996; estudio núm. IV).

[37] "*Horas muertas.* Expr. ponderativa para aludir al mucho tiempo gastado en una ocupación". (DRAE, art. *hora).*

[38] "*Según mi leal saber y entender.* Expresión con que alguien introduce la exposición de su opinión dejando a salvo que puede no ser acertada". (DUE, art. *leal).*

[39] "*¡Qué...ni qué narices!* Expresión enfática de incredulidad o rechazo violento". (DFEM).

3) Expresión dos contidos (comunicativos) mediante un verbo como procedemento máis xeral, ou un substantivo verbal (inevitable é pensar no concepto de "acto de fala" da pragmalingüística actual[44]): "reprende"[45], "enseña"[22], "recomienda"[23] ou "réplica"[24].

No conxunto destes diccionarios do tratamento intuitivo dos valores pragmáticos —son do período que podemos chamar prepragmático, polo menos no que se refire á lingüística hispánica—, hai un que destaca pola importancia concedida a estes contidos (feito normal, por outra parte, nunha obra da súa natureza): o *Diccionario de uso del español* de M. Moliner. Demóstrano varios feitos: a numerosa fraseoloxía que dá ó final dos seus artigos (con indicación do seu uso, que inclúe polo xeral a descrición da situación de fala); o operar co concepto de "expresión" distinguindo ó mesmo tempo toda unha serie de tipos de grande interese, etc. Pola súa pertinencia para o que trato neste momento, é de destaca-lo seguinte feito: ó longo do diccionario de M. Moliner aparecen as chamadas "expresiones ponderativas", que comportan unha clase de valor pragmático, frecuente no español, coma noutras linguas; é o caso de expresións fraseolóxicas como as especializadas para indicar "a estima" dunha acción, unha calidade, unha cantidade, etc., como por exemplo *nada menos que* ou *ahí es nada*, que encontramos nos enunciados do tipo: *Su abuela tiene* **nada menos que** *102 años* ou "*Y se pone en manos del arzobispo de Calcuta, tras pedirle permiso al papa Pío XII, hace unos cursos de enfermería y sin pensarlo dos veces, se lanza a las calles de*

---

[40] "*Caérsele a alguien la cara de vergüenza.* Sentirse extraordinariamente avergonzado. Se emplea particularmente en reconvenciones". (DUE, art. *cara*). Para o que representa, desde o punto de vista teórico, a inclusión no significante das expresións fixas de elementos como "a alguien" desta, cf. Martínez Marín (1996, páx. 65).

[41] "*¡Ni hablar del peluquín!* Se usa para negar o rehusar." (FEESC).

[42] "*Más tarde o más temprano.* Se aplica a sucesos que ocurrirán inevitablemente aunque no se sepa cuándo". (GDLE, art. *tarde).*

[43] "*Punto por punto.* Fig., expresa el modo de referir una cosa muy pormenor y sin omitir circunstancias". (DALE, art. *punto).*

[44] Polo xeral, as expresións fraseolóxicas caracterizadas desta maneira corresponden precisamente ás chamadas paremias, as cales equivalen con frecuencia a enunciados, e polo tanto poden recubrir auténticos actos de fala.

[45] "*Agua que no has de beber, déjala correr.* Reprende la intromisión en aquello que no nos concierne o ha dejado de concernirnos". (EDR).

[22] "*El hábito no hace al monje*. Enseña que el exterior no siempre corresponde con el interior". (DR).

[23] "*Entre col y col, lechuga*. Recomienda alternar, como hace el hortelano, las labores serias con las recreativas". (EDR).

[24] "*A otro perro con ese hueso*. Réplica que se da a quien propone algo difícilmente aceptable o engañoso". (LDPL).

*Calcuta...***Ahí es nada***: enfermedades, hambre, lepra, miseria*"[25]. Repárese en que coa análise gramatical e semántica tradicional e prepragmática resulta imposible dar conta do especial carácter lingüístico que teñen expresións como as sinaladas; por iso é insuficiente a información que dan a maior parte dos diccionarios (neste caso, por fixarme en dous dos máis importantes, o DRAE e o DALE: revelador con relación ó que digo é que en ningún dos dous se distingue propiamente a locución *nada menos que*; recollen *nada menos* e *nada menos que eso*, pero non aquela).

Pero entre os diccionarios xerais do español hai que destacar xa —está moi recente a súa publicación— o chamado *Diccionario Salamanca*[26], pois é o primeiro repertorio lexicográfico no que os contidos pragmáticos en xeral, e os da fraseoloxía en particular, son considerados de forma sistemática e con acerto na maior parte dos casos; hai aspectos mellorables, porque quedou sen trata-lo valor pragmático dalgunhas expresións fraseolóxicas ou non se tiveron en conta determinadas categorías pragmáticas[27], pero iso non é falta demasiado grave se se ten en conta que é a primeira vez que un diccionario do español se propón o tratamento dun asunto tan delicado e complexo coma o dos valores pragmáticos. Nesta obra empézase[28] formulando un principio que é clave: "el conocimiento del significado de las palabras no basta para usarlas bien en los momentos oportunos"; e isto ten como consecuencia para o método lexicográfico desta obra o emprego de "marcas que completan el significado de las palabras"[29], entre elas as pragmáticas, e que son as seguintes: ameaza, ánimo, despedida, humorístico,

---

[25] Pola maior complexidade do contido da expresión *ahí es nada*, sírvome dun exemplo dun texto para ilustra-lo seu uso. Está tomado dun artigo firmado por T. Gallego Roca titulado "La sonrisa de la Madre Teresa", que apareceu no diario *Ideal de Granada* o día 8-9-1997 (páx. 51).

[26] Editorial Santillana, Madrid, 1996.

[27] Sorprende, por exemplo, que non se atenda ó contido pragmático de locucións adverbiais como *sin lugar a dudas,* que é definida simplemente en termos semánticos: 'con seguridad' (déixase, polo tanto, sen informar sobre o "valor intensificador" desta locución). Pero en xeral hai avance con respecto a outros diccionarios, como xa dixen; pode verse tamén tendo en conta que a maior parte dos diccionarios anteriores (DRAE, DUE, GDLE, DFEM, entre outros) non incluíran unha locución tan importante —o seu carácter de xeral na lingua culta parece indubidable— como a comentada nesta nota. No tocante á ausencia de categorías pragmáticas, chama a atención que non apareza na ampla relación de marcas pragmáticas do *Diccionario Salamanca* unha que tería dado conta dos "valores de atenuación", tan importantes como se sabe, no uso da lingua. É de esperar que en próximas edicións se corrixan feitos como o de non incluí-la marca CORTESÍA na lista a varias columnas da Introducción, a cal, sen embargo, se emprega ó longo do diccionario.

[28] Introducción, páx. IX.

[29] Ibíd. Polo seu interese damos completo o parágrafo en que se expresa esta idea: "Además de la elección de la forma morfológica adecuada y de la construcción correcta, se utilizan varios conjuntos de marcas que completan el significado de las palabras. En este diccionario hay cuatro tipos de marcas: a) tecnicismos, b) marcas de uso, c) marcas de pragmática, d) hispanoamericanismos".

intensificador, negación, presentación, sorpresa, afectivo, anticipador narrativo, desgusto e enfado, infantil, ironía, petición, resumidor final, tratamento, afirmación, contestación a presentación, eufemismo, insulto, chamada de atención, pexorativo e saúdo (como se ve, unha amplísima relación —dáse na páx. IX da Introducción— na que se atende a un gran número das situacións de comunicación)[30]. En canto á maneira de proceder para a información que se dá nos artigos, faise da seguinte maneira: trala expresión fraseolóxica preséntase a marca pragmática, a continuación dáse o valor (ou función comunicativa) propiamente dito, que consiste no seu "uso pragmático", como se nos indica na Introducción da obra (de acordo co que é característico en moitos diccionarios modernos, acompañan exemplos). Vexamos cómo se tratan algunhas expresións:

> **el gusto es mío**. CONTESTACIÓN EN PRESENTACIÓN. Se usa para responder a un saludo: — *Tanto gusto.* —*El gusto es mío, señora.* (art. *gusto*).
>
> **mucho / tanto gusto**. CORTESÍA EN PRESENTACIÓN. Se usa para saludar a una persona: *Mucho gusto en conocerlo. Tanto gusto en conocerla.* (art. *gusto*).

Por outra parte, seguindo a práctica usual nos diccionarios modernos[31], esta obra inclúe os refráns considerados usuais, para o que, no lugar que corresponde do artigo en que se dan, se emprega a abreviatura REFR. precedendo á caracterización do "uso pragmático":

> **cría cuervos y te sacarán los ojos**. REFR. Se usa para indicar que quien no merece el bien que se le hace, lo devuelve con malas acciones o con ingratitud (art. *cuervo*)

O que acabamos de ver sobre o tratamento lexicográfico dos valores pragmáticos da fraseoloxía garda unha clara relación cos resultados que aportaron nos últimos anos os estudios fraseolóxicos descritivos. Por exemplo, houbo investigacións que puxeron de relevo que as unidades do discurso repetido portan contidos ilocutivos característicos (intencións, valoracións de feitos ou comportamentos, actitudes, etc.), dos que adoita derivarse unha instrucción particular[32], ademais dos significados relacionados coa descrición do estado de cousas correspondente. As expresións mellor estudiadas neste senso son as *locucións* e as *paremias*. Nas primeiras, investigadores como W. Koller distinguiron tres compoñentes distintos: un descritivo (estado de cousas ou acción

---

[30] O papel das marcas nos artigos do diccionario queda especificado da seguinte maneira: "Las marcas pragmáticas, aunque no por completo, intentan señalar las posibilidades de uso en ciertas circunstancias de algunas expresiones y términos" (Introducción, páx. XI).

[31] É sabido que o *Diccionario de la Real Academia Española*, que incluiu numerosos refráns desde o *Diccionario de Autoridades*, a súa orixe, prescindiu deles na 19ª edición (1970), considerando que o seu lugar máis apropiado eran os repertorios paremiolóxicos. Na actualidade, e a medida que a investigación lingüística foi revelando as súas importantes funcións como unidades da lingua, moitos diccionarios recollen refráns nos seus artigos.

[32] Os diccionarios de español teñen en conta este contido cando, como vimos antes, nos din que algunhas expresións fraseolóxicas "reprenden", "recomiendan", "enseñan", "se usan para indicar algo", etc.

implicadas), outro valorativo (apreciación positiva ou negativa parella ó contido descritivo) e un terceiro instructivo (relacionado co patrón de conducta que se deduce). Nas segundas, estudiosos como C. Faerch viron a súa equivalencia con actos de fala que combinan o contido informativo co actitudinal[33]. Compróbase, por tanto, tamén en traballos descritivos o que xa sabemos. Un tratamento lexicográfico que teña en conta só o "significado da lingua" (o contido obxectivo que se determina entendendo as linguas simplemente como códigos informativos), haberá de fallar necesariamente, como ocorreu en moitos diccionarios (no tratamento da fraseoloxía e tamén no do léxico), e segue ocorrendo aínda en parte incluso nos repertorios lexicográficos que empezaron a considera-los contidos pragmáticos (sinalei antes como exemplo a maneira en que o *Diccionario Salamanca* trata a locución *sin lugar a dudas*, que ten unha definición, 'con seguridad', que non ten en conta o valor intensificador ou o *relevo* característico deste adverbio perifrástico).

A insuficiencia do tratamento vén dada noutros casos porque son desatendidas dimensións da pragmática como a deíctica (as expresións fraseolóxicas cumpren ás veces funcións relacionais ou de sinalamento no texto); unha falta deste tipo é a que comporta o tratamento de locucións como *por el contrario* en moitos diccionarios, cando a definen así: 'contrariamente', que supón non dar conta da función relacional (conecta enunciados opostos no discurso, cunha carga ilocutiva peculiar que se proxecta dende o falante).

Conclusións

O que acabamos de expor nas páxinas precedentes permítenos extraer algunhas conclusións de interese sobre o tratamento lexicográfico dos valores pragmáticos da fraseoloxía. Hai un feito que destaca entre todo o exposto: os lexicógrafos empezaron a incluír no conxunto da información dos artigos dos diccionarios os valores pragmáticos característicos das expresións fraseolóxicas. Neste senso, e polo que se refire á lexicografía do español, hai dous aspectos destacables: o primeiro, e máis importante por ser de índole teórica, é que en toda unha ampla corrente de diccionarios está presente o principio de ter en conta o uso —e por tanto as situacións de comunicación— para establece-lo contido e funcións da fraseoloxía; isto é o que leva a da-las definicións das unidades desta parte das linguas en termos de "aquilo para o que serven", ou dito doutra maneira, a súa finalidade na comunicación. O segundo aspecto é de índole práctica (relativo á redacción de diccionarios, e en concreto ó tratamento do problema central desta conferencia): a corrente de diccionarios do español á que me referín culmina coas obras que se refiren explicitamente ós contidos pragmáticos, como o *Diccionario Salamanca*[34]. Neste repertorio está presente o tratamento baseado no uso e as situacións de comunicación: como vimos, as "marcas pragmáticas" —concepto e termo novos na

---

[33] Véxase G. Corpas (1996, páx. 226 e seguintes), de onde tomamos esta información tan interesante.

[34] O *Diccionario fraseológico del español moderno* que tiven tamén en conta, aínda cando posúe un extraordinario valor, presenta, como vimos, a limitación de considerar soamente unhas poucas situacións de comunicación.

lexicografía do español— están pensadas precisamente para encadra-las expresións fraseolóxicas nas situacións en que se empregan. Obras coma esta constitúen así un referente importante para a tarefa lexicográfica, do que forma parte o tratamento da fraseoloxía e os seus valores pragmáticos. Por todo isto podemos dicir que se deron pasos moi positivos para a inclusión e o tratamento satisfactorios da fraseoloxía, tanto nos diccionarios xerais da lingua coma nos específicos de fraseoloxía.

Agora ben, do que se expuxo tamén hai que extraer outra conclusión: a fraseoloxía das linguas presenta aínda numerosos problemas —moitos deles de natureza pragmática— por resolver[35], e por iso, ó ritmo que tomaron as investigacións, hanse de producir nos próximos anos resultados que servirán sen dúbida para afinar na consecución do que aínda hoxe non sabemos sobre o tratamento dos valores pragmáticos, e para refina-lo que si coñecemos. Tendo en conta este feito, o exposto aquí ha de tomarse co grao de provisionalidade que teñen os coñecementos que se están a desenvolver, sen ter adquirido, por tanto, o nivel de sazón que dará a disciplina que se ocupa deles cando chegue á súa maioría de idade.

Bibliografía

Ó longo do texto empréganse as seguintes siglas para nomea-las correspondentes obras lexicográficas:

DALE: *Diccionario actual de la lengua española*, por M. Alvar Ezquerra (dir.).

DFEM: *Diccionario fraseológico del español moderno*, por F. Varela e H. Kubarth.

DR: *Diccionario de refranes*, por G. Campos e A. Barella.

DRAE: *Diccionario de la lengua española*, por la Real Academia Española.

DUE: *Diccionario de uso del español*, por M. Moliner.

EDR: *Espasa Diccionario de refranes*, por L. Junceda.

FEESC: *Fraseología española en su contexto*, por J. M. Domínguez.

GDLE: *Gran diccionario de la lengua española*, por A. Sánchez (dir.).

LDPL: *Larousse Diccionario práctico de locuciones*, por E. Fontanillo (ed.).

****

ALVAR EZQUERRA, M. (ed.) (1990): *Diccionario actual de la lengua española*, Barcelona, Biblograf.

---

[35] Reveladoras sobre o particular son as seguintes palabras dunha das maiores obras de conxunto sobre pragmática publicadas en español, *La pragmática lingüística* de G. Reyes (1994): "En pleno proceso de integración, la pragmática actual es un deseo, un proyecto o, como prefieren verla muchos, una perspectiva de análisis que puede aplicarse a todos los aspectos de la estructura del lenguaje, si se acepta que todos cumplen alguna función comunicativa" (páx. 15).

BOSQUE, I. (1982): "Sobre la teoría de la definición lexicográfica", *Verba*, 9, págs. 105-124.

CAMPOS, J. G. -BARELLA, A. (1995): *Diccionario de refranes*, 2ª ed. revisada, Madrid, Espasa Calpe.

CORPAS, G. (1996): *Manual de fraseología española*, Madrid, Gredos.

DOMÍNGUEZ, J. M. (1975): *Fraseología española en su contexto*, 2ª ed., Múnich, Hueber.

FONTANILLO MERINO, E. (ed.) (1993): *Larousse Diccionario práctico de locuciones*, Barcelona, Larousse-Planeta.

GUTIÉRREZ CUADRADO, J. (dir.) (1996): *Diccionario Salamanca de la lengua española*, Madrid, Santillana.

JUNCEDA, L. (1996): *Espasa Diccionario de refranes*, Madrid, Espasa Calpe.

MARTÍNEZ MARÍN, J. (1996): *Estudios de fraseología española*, Málaga, Ágora.

MOLINER, M. (1966-67): *Diccionario de uso del español*, Madrid, Gredos.

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (1992): *Diccionario de la lengua española*, 21ª ed., Madrid, Espasa Calpe.

REYES, G. (1994): *La pragmática lingüística*, 2ª ed., Barcelona, Montesinos.

SÁNCHEZ, A. (dir.) (1985): *Gran diccionario de la lengua española*, Madrid, Sociedad General Española de Librería.

VARELA, F. -KUBARTH, H. (1994): *Diccionario fraseológico del español moderno*, Madrid, Gredos.

VÁZQUEZ, N. (1995-96): "Los marcadores discursivos en las obras lexicográficas", *Revista de lexicografía*, II, págs. 133-149.

Os estudios de fraseoloxía catalana: realidades e proxectos

MARIA CONCA I MARTÍNEZ
Universitat de València

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 139-167.
ISBN: 84-45321-67-6)

This paper offers a general survey of the studies on Catalan phraseology and its applications, as well as an outline of the research projects in progress. The analysis concentrates on the phraseological treatment followed by the main monolingual and bilingual Catalan dictionaries and some specific phraseological dictionaries, pointing out their theoretical and methodological deficiencies. The repercussion of phraseological and phraseographical studies in the process of Catalan linguistic standardization is assessed, since phraseological units are the cultural sign of a group and have an important socio-linguistic relevance for the recovery of the use of a language. Finally, guides for the application of phraseology to different areas of the linguistic activity will be provided: elaboration of dictionaries, teaching, translation, mass media, etc.

En aquesta intervenció es presenta una panoràmica general dels estudis de fraseologia catalana i de les seves aplicacions, així com dels projectes d'investigació en curs. L'anàlisi se centra en el tractament fraseològic que han seguit els principals diccionaris catalans, monolingües o bilingües, i alguns diccionaris fraseogràfics específics, assenyalant les deficiències teòriques i metodològiques que s'hi observen. Es valora la repercussió dels estudis fraseològics i fraseogràfics en el procés de normalització lingüística catalana, per tal com les unitats fraseològiques són una marca cultural de grup i tenen una rellevància sociolingüística important en la recuperació de l'ús d'una llengua. Finalment, s'aporten orientacions per a l'aplicació de la fraseologia en diversos camps de l'activitat lingüística: elaboració de diccionaris, ensenyament, traducció, mitjans de comunicació, etc.

1. Fraseoloxía e paremioloxía

A fraseoloxía, como disciplina científica, tardou moitos anos en gozar de recoñecemento dentro da lingüística teórica. A causa da falta de recoñecemento científico desta

disciplina podemos encontrala no feito de que a lingüística moderna, sobre todo a partir de Chomsky, preocupada por buscar regularidades no sistema da lingua, deixara de lado as expresións pluriverbais, lexicalizadas, que presentan unha desviación respecto ás regras que guían a fala creativa. Duns anos a esta parte, sen embargo, asistimos a unha revivificación destes estudios dende novas formulacións teóricas como a lingüística cognitiva, que abre un campo de investigación interesante no tocante a fenómenos de metaforización, construccións gramaticais e procesos de gramaticalización, e a lingüística pragmática e a análise do discurso, que teñen moito que dicir verbo do funcionamento comunicativo das UFs.

Que a disciplina non gozara dun status epistemolóxico propio implicou diversos problemas: uns de carácter terminolóxico (excesivo número de termos para nomea-los mesmos conceptos), outros conceptuais (dificultade de establece-los trazos esenciais que delimitan a unidade fraseolóxica) e outros taxonómicos (clasificación de unidades pluriverbais con características diversas). Isto explica que a definición do termo *fraseoloxía* abarque acepcións ben diferentes pero ningunha delas designe o nome da disciplina, esta carencia aparece espellada nos diccionarios cataláns (véxase apartado 3), e tamén xustifica que os investigadores non se poñan de acordo á hora de incluír ou non dentro da disciplina as UFs que teñen categoría de enunciados.

Dende o meu punto de vista, é lóxico defende-la lexitimidade da inclusión das UFs que teñen categoría de enunciados dentro da disciplina fraseolóxica —así o fixen nalgúns traballos—, na medida en que se axustan á definición xeral de unidade fraseolóxica (UF), é dicir, á combinación estable de dúas ou máis palabras que conforman unha estructura fixada, asociada ó contexto comunicativo e caracterizada por unha serie de trazos dos que os máis importantes son a repetición, a fixación, a idiomaticidade e a anomalía. Con todo, cando se trata do estudio autónomo dos proverbios, coido que o termo *paremioloxía* é adecuado, na medida en que se refire a unidades fixadas que teñen categoría de textos, e así o usei no libro *Paremiologia* (1987). A *paremioloxía* pode considerarse, logo, unha subdisciplina da *fraseoloxía*. A relación entre ámbalas dúas pódese ilustrar con tódolos exemplos de locucións que son ou conteñen fragmentos de proverbios:

Locucións verbais: Tenir la mà foradada. Tenir la bossa escurada.
Proverbio: Mà foradada, bossa escurada.

Locución clausal: La flor que no fa estiu.
Proverbio: Una flor no fa estiu ni dues primavera.

Locución verbal: No hi ha tutia.
Proverbio: No val la tutia per qualsevol malaltia.

Locución nominal: Gat escaldat.
Proverbio: El gat escaldat, amb aigua tèbia en té prou.

Locución verbal: Fer orelles sordes.
Proverbio: A paraules folles, orelles sordes.

Locución verbal: Fer de bon esperar.

Proverbio: Un bon dinar fa de bon esperar.

Locución verbal: Tenir aigua en cistella.
Proverbio: Amor de donzella, aigua en cistella.

Locución adxectival: Brau com un lleó.

Proverbio: No és tan brau el lleó com el pinten.

Locución verbal: Partir peres.
Proverbio: Ni per burles ni per veres,
amb major que tu no vulguis partir peres.

Locucións verbais: Acostar-se a bon arbre. Tenir bona ombra.
Proverbio: Qui a bon arbre s'acosta, bona ombra el cobre.

Locución adverbial : Entre poc i massa.
Proverbio: Entre poc i massa, la mesura passa.

Esta observación xa a fixera o paremiólogo Joan Amades, no senso de que numerosas locucións verbais —dicía el— derivaban de proverbios. Así mesmo, dende unha perspectiva lingüística, Zoila V. Carneado opinaba que os refráns xeran outras UFs. Ademais, hai que ter en conta o fenómeno de creación de novas UFs, a partir doutras xa fixadas na lingua, cunha posibilidade real de arraigamento na competencia comunicativa dos falantes. Notemos que este feito atópase na base da confección de moitos slogans publicitarios.

2. Panorama histórico da fraseoloxía catalana

Se os estudios de fraseoloxía, como disciplina lingüística, padeceron dificultades na comunidade científica internacional, no ámbito catalán encontrámonos cun campo que aínda empezamos a rozar. As razóns de por qué non se investigou esta parcela tan interesante da lingua catalana podemos encontralas, en primeiro lugar, na ausencia do catalán dos estudios universitarios durante a meirande parte da historia contemporánea e, en segundo lugar, no feito de que, cando esta carencia comeza a ser superada, atopámonos coas dificultades epistemolóxicas antes apuntadas. De todas maneiras, cómpre remarca-lo interese etnolóxico, filolóxico e lexicográfico que as UFs espertaron dende sempre entre os cataláns, a pesar de que non se estudiaran co rigor científico necesario. Aínda hoxe, non se soubo recoñece-la especificidade e necesidade desta disciplina.

Para facer unha breve referencia histórica ó interese polas recompilacións paremiolóxicas e fraseográficas catalanas témonos que remontar ós derradeiros anos do século XIII e durante o XIV e o XV, onde aparecen moitas obras de xénero proverbial e compendios paremiolóxicos, que recollen sentencias sabias de autores clásicos, gregos ou latinos, de fontes árabes ou xudías, de autores da época ou de fontes populares, a maioría cunha finalidade didáctico-moral. Sirva, como exemplo, a recompilación *Paraules e dits de savis e filòsofs*, de Jahudà Bonsenyor, que a finais do século XIII traduciu ó catalán, «de llibres aràbics», 753 proverbios, en moitos casos cunha

codificación vixente ata hoxe como: *Qui molt parla, molt erra* ou *Més val ocell al puny que grua al cel, Qui tot ho vol tot ho perd*... Ou a tarefa que, como fedatario de primeiras codificacións catalanas de unidades fraseolóxicas, realizou Francesc Eiximenis (1340?-1409), inserindo nas súas obras gran cantidade de locucións, á parte de proverbios, como: *Per força o per grat, Fer del cel paella, Anar de mal en pitjor, Tirar a son molí, Metre l'esquella al gat, Del cap fins als peus*, etc.

Ademais de moitos outros autores medievais que recollen, intertextualizan ou traducen doutras linguas UFs, convén mencionar, ás portas do Renacemento, o *Liber elegantiarum* de Joan Esteve, publicado no ano 1472, que é un dos máis antigos diccionarios de equivalencias léxicas e fraseolóxicas dunha lingua románica co latín, onde se encontran UFs codificadas, entre moitas outras libres, como: *A poc a poc se va lluny (Paulatim longius itur), Més val giny que força (Ingenium superat vires), Totes les coses adoba lo temps (Omnia in tempore)*, etc. Desta época é a gran novela *Tirant lo Blanc* onde figuran intertextualizados unha gran cantidade de fraseoloxismos: *De bon grat, Més morta que viva, Caminar per lo pedregal, Ni cap ni centener, Parar l'orella, Clar i net*... (Guia 1995). Para unha información máis completa das recompilacións fraseolóxicas ata o século XVI remito ó libro *Els primers reculls de proverbis catalans* (Conca e Guia, 1996).

A partir do século XVI, no contexto da construcción do imperio hispánico, non foi posible realizar en lingua catalana os grandes compendios fraseolóxicos propios da época do Renacemento. Aínda así, tanto na época do Barroco como da Ilustración, non hai exemplos de diccionarios que mantiveran o interese por incluí-las UFs. Así, o *Dictionarium sev Thesaurus Catalano-Latinus Verborum, ac Phrasium* (1640), de Pere Torra, que tivo diversas reedicións, é unha ferramenta para a aprendizaxe do latín onde hai entradas, por orde alfabética, tanto léxicas coma fraseolóxicas, de frases libres e codificadas, entre as cales: *Caure la cara de vergonya* (Oculi, vultus, verba illi subito conciderunt), *Mal si ho fas, mal si no ho fas* (Peribo, si non secero, si facio, vapulabo), *Fer figures ab lo dit* (Tendere, ostendere, porrigere verpum, medicum digitum, vel pollicem)... Posteriormente, como resultado dos esforzos lexicográficos dos ilustrados cataláns, maiormente de Fèlix Amat (1750-1824), e coa finalidade de facilita-la aprendizaxe do castelán, J. Belvitges, J. Esteve e A. Juglà publicaron o *Diccionario Catalán-Castellano-Latino* (1803-1805), declarando no prólogo que «se ha procurado que no falten las voces y locuciones o frases de uso más regular y frecuente»; así, as UFs teñen nel entrada propia, por orde alfabética, dentro do artigo correspondente pola súa palabra clave, coa especificación da súa categoría, mediante o uso das abreviaturas *f.* (frase), *fam.* (familiar), *loc.* (locución), *met.* (metafórica), *m. adv.* (modo adverbial), *ref.* (refrán) e *vulg.* (voz ou frase vulgar).

A Renaixença das letras catalanas do século XIX renovou o interese lexicográfico e paremiolóxico, coa publicación de diversos diccionarios, bilingües ou multilingües, como son o *Diccionari de la Llengua Catalana, amb la correspondència Castellana i Llatina* (1839), de Pere Labèrnia, obra que, a diferencia do diccionario da Ilustración, editouse coa intención de servir de instrumento para a recuperación literaria da lingua catalana, facendo «un diccionari ric en paraules i en frases, que fixés la pura i genuïna pronunciació i ortografia de l'idioma català», polo que se coñece como o diccionario da

Renaixença. Mesmo así, as novidades respecto ó seu predecesor de 1803-1805 limítanse ó desenvolvemento sistemático das definicións das voces e ó engadido de novas UFs, mantendo o mesmo grupo de abreviaturas fraseolóxicas. Cunha intención e estructura semellantes ó de Labèrnia, publicouse o pentalingüe *Diccionari Català-Castellà-Llatí-Francès-Italià* (1839), elaborado por «una societat de catalans», que engadiron unha abreviatura de interese fraseolóxico *prov.* (proverbio ou proverbial).

A tarefa lexicográfica de Marià Aguiló (1815-97) estivo dirixida fundamentalmente á documentación histórica do léxico catalán e presenta un menor interese fraseolóxico, tanto pola menor cantidade de UFs recollidas, comparado con diccionarios anteriores, como polo feito de non documentalas, a diferencia do que facía coas unidades léxicas. O *Diccionari Aguiló* foi publicado polo Institut d'Estudis Catalans, entre os anos 1914-1934, baixo a dirección de Pompeu Fabra e Manuel de Montoliu. Seguindo este modelo e mellorándoo, baixo o impulso e a dirección de Mossèn Alcover e a continuación de Francesc de Borja Moll, aparece o *Diccionari Català-Valencià-Balear* (1926-1962), que xa contén unha fonte fiable de proverbios e locucións, tomados en moitos casos da tradición oral e coa especificación da localización xeográfica. Por outra banda, está a figura de Sebastià Farnés (1854-1934), a súa obra fraseográfica, cun total de máis de 30.000 fichas, destaca pola súa documentación e achega de variantes, comparadas con outras linguas: latín, castelán, italiano, occitano, portugués, francés. Desgraciadamente, para o avance da fraseografía catalana, esta obra quedou inédita; pero estase publicando agora co título de *Paremiologia catalana comparada*.

3. O termo «fraseoloxía» na lexicografía catalana

O termo «fraseoloxía» aparece na lexicografía catalana no *Diccionario Valenciano-Castellano* (1851), de Josep Escrig:

> **Fraseologia.** f. Fraseología. Modo de ordenar las frases, peculiar a cada escritor. Demasía de palabras; verbosidad redundante en lo escrito o hablado.

procedente probablemente do *Diccionario de la Real Academia Española* (ed. de 1843), que o incorpora a partir do termo inglés *phraseology*, documentado no século XVII, segundo informa o *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico* (DCECH). O termo tamén será recollido pola segunda edición do diccionario de Pere Labèrnia (1864-65), coa definición: «Modo peculiar d'ordenar les frases» e a equivalencia latina: «Stylus, i». O *Diccionari Aguiló* non recolle a palabra, mentres que o *Diccionari Català-Valencià-Balear* (DCVB) refire:

> **FRASEOLOGIA**. f.: cast. *fraseología*. || **1**. Manera de formar i ordenar les frases; construcció peculiar de les frases en una llengua, en un escriptor, etc. (...). || **2**. Excés de paraules o frases mancades de sentit.

Non mellora as acepcións o *Diccionari General de la Llengua Catalana* (DGLC), de Pompeu Fabra, publicado no ano 1932:

> **Fraseologia** f. Manera d'ordenar les frases peculiars a cada escriptor. || Excés de paraules, emprament de frases buides de sentit.

tampouco o fan o *Diccionari de la Llengua Catalana* (DLC-EC), da Enciclopèdia Catalana, na edición corrixida e aumentada de 1993, a pesar do intento sistematizador e o engadido dunha terceira acepción de carácter lingüístico:

> **fraseologia** *f* **1** LING ***1*** Conjunt de característiques de les frases d'una llengua. ***2*** Estil d'un escriptor en l'estructuració de les frases de la seva obra. ***3*** Recull de les maneres de dir d'una llengua, d'un sector d'aquesta o d'un autor. **2** *desp* Ús inadequat o abús de la frase o dels seus elements, que provoca una redundància.

nin o *Dicionari de la Llengua Catalana* (DLC-IEC), do Institut d'Estudis Catalans, editado en 1995:

> **fraseologia** *f.* Conjunt de maneres de dir característiques d'una llengua, d'un sector d'aquesta o d'un autor. *Fraseologia catalana*. *La fraseologia esportiva*. | Recull d'aquestes maneres de dir. || Excés de paraules, ús de frases buides de sentit.

Finalmente, podíase esperar que o *Diccionari de Lingüística* do Centre de Terminologia Catalana (Termcat), publicado no ano 1992, acollese a acepción de fraseoloxía en tanto que disciplina lingüística e, sen embargo, non foi así, limitándose a especificar, respecto ás outras definicións, o feito da fixación das frases:

> **fraseologia** f Conjunt de frases fetes característiques d'una llengua.

En canto ó uso do termo, cómpre menciona-la recompilación de «frases modismals» de Gaetà Huguet, publicada entre 1920 e 1922, baixo o título de «Fraseologia valenciana», de indubidable interese fraseográfico. Así mesmo, no ano 1925, Josep Calveras publicaba *La reconstrucció del llenguatge literari català*, onde falaba de «fraseologia ideològica» para referirse ás expresións idiomáticas propias do catalán e defendía a necesidade de recupera-la «fraseologia erudita» dos clásicos. Coa mesma acepción e nunha liña reivindicativa semellante, expresábase Joan Coromines no seu artigo «Fraseologia i vocabulari bàsic» (1971). Por outra banda, Joan Solà (1977) xa opinaba que «la fraseologia és un dels aspectes més difícils de la nostra llengua actual i és urgent que algú hi dediqui un treball extens i científic».

4. Liñas actuais de investigación fraseolóxica catalana

Na actualidade atopámonos cun revivificado interese por estudia-las UFs dende enfoques científicos, a partir de diferentes perspectivas teóricas. Esta investigación abrangue diversas liñas: Unha, que aplica á fraseoloxía os avances da lingüística cognitiva; outra, que aproveita as ferramentas teóricas que proporciona a pragmática e a análise do discurso; unha terceira, que traballa na fraseoloxía contrastiva e a documentación histórica; unha cuarta, que se esforza por establecer criterios solventes para resolve-los problemas fraseográficos na elaboración de diccionarios. É certo que estas liñas de investigación se interseccionan e algúns investigadores están situados en máis dunha, polo feito de que a fraseoloxía é un campo que se presta ó tratamento interdisciplinar. A continuación, pasaremos revista ós traballos feitos dende estas perspectivas.

As UFs, analizadas dende a lingüística cognitiva, pódense interpretar como construccións lexicalizadas a partir dun proceso de gramaticalización. Vicent Salvador, no número monográfico da revista *Caplletra* (1995) dedicada á fraseoloxía, fai unha revisión da teoría cognitiva realizada ó redor das construccións gramaticais e os procesos de gramaticalización e destaca a súa potencialidade para explicar e describi-las UFs, non só as que están plenamente lexicalizadas, senón tamén aquelas expresións e estratexias discursivas rutinizantes que se encontran nun estadio intermedio cara á súa convencionalización. Dende esta perspectiva, tense unha visión ampla do concepto de UF, que pode incluír dende a interxección ata o proverbio, cun enfoque pancrónico, que abarca ó mesmo tempo a perspectiva diacrónica e a sincrónica.

Outra aplicación da lingüística cognitiva é a que aborda a análise do senso metafórico das UFs. G. Lakoff e M. Johnson (1980), ó describi-la metáfora como un proceso mental mediante o cal se pode entender un dominio da experiencia en termos doutro, establecen un enfoque que dá moito xogo para explica-los procesos de metaforización na fraseoloxía. Traballan nesta liña Josep V. Calatayud (1994), que realizou unha memoria de licenciatura sobre as UFs relativas ó corpo humano, Joseph Hilferty (1995), que explica algunhas UFs catalanas a partir do concepto de metaforización, e Maria Conca (1994), que estudiou a influencia dos procesos metafóricos na configuración e vitalidade das UFs.

A lingüística cognitiva tamén serviu de base para caracterizar algunhas UFs do catalán. Así, Maria Josep Cuenca e Josep Maria Castellà (1995) estudiaron as preguntas confirmatorias (*question tags*): *oi?*, *veritat?*, *eh?*, mentres que Manel Pérez Saldanya e Vicent Salvador (1995) analizaron os procesos de gramaticalización producidos a partir dos diferentes valores do adverbio *encara* e das unidades fraseolóxicas en que se integra: *encara que*, *encara gràcies*, *encara sort*, *encara bé*, *encara bo*, *encara com*, *encara rai*, *encara com aquell*, *encara encara*, que actúan pragmaticamente para indica-la función emotiva de conformación cun mal menor, equivalente á UF española *menos mal*. Tamén se inclúe nesta liña de investigación o estudio fraseolóxico de Pelegrí Sancho sobre o valenciano coloquial (1996).

Dende a lingüística textual e a análise do discurso, que tratan o estudio das UFs no marco da tipoloxía discursiva, sitúanse os primeiros traballos de Maria Conca (1987 e 1988), centrados no estudio do proverbio, concibíndoo como un acto de fala, con función intertextual, pero con categoría de texto autónomo. Josefa Berenguer (1995) analizou a función das UFs nun corpus conversacional bilingüe catalán/español. Xavier Luna (1994) estudiou a función discursiva nos aforismos de Joan Fuster. Adolf Piquer (1995) ocupouse do estudio da función discursiva das UFs en obras narrativas literarias. Lluís Messeguer e Joan Garí (1995) interpretaron o uso de UFs no discurso costumista. Lluís A. Chillón (1995) abordou a importancia da ferramenta léxica e fraseolóxica na conformación do discurso de masas. Maria Conca (1996) analizou e clasificou as UFs na obra rondallística de Enric Valor. Tamén se inclúe nesta liña de investigación o estudio máis global sobre catalán coloquial de Lluís Payrató (1986).

A liña da fraseoloxía contrastiva, tanto dende un punto de vista diacrónico coma sincrónico, foi reformulada e desenvolvida por Maria Conca e Josep Guia (1994 e 1997)

baixo o nome de «mètode paremiològic», que consiste en focaliza-la atención e a memoria nas UFs, face-lo seguimento delas e reencontralas alí onde seguen intertextualizadas. A aplicación do método, que pode poñerse en práctica dentro dunha mesma lingua ou entre linguas diversas, resultou moi productiva para o descubrimento de fontes, atribucións de autoría, descubrimento de relacións de plaxio, indagación de traduccións..., na medida en que unhas mesmas UFs —e, con frecuencia, os fragmentos textuais e os motivos temáticos onde se insiren— aparecen usadas nuns e noutros textos. Algúns aspectos deste método coinciden substancialmente cos aplicados por Elisabeth Schulze-Busacker, no seu estudio sobre os proverbios medievais franceses (1985), e tamén, en certa medida, por Sebastià Farnés.

Nesta liña de investigación, Josep Guia (1996) estudiou a fraseoloxía de *Tirant lo Blanc* e puido aportar gran cantidade de concordancias fraseolóxicas entre esta obra e a obra recoñecida de Joan Roís de Corella, chegando á conclusión, coa axuda doutros datos contextuais, de que o autor da mellor novela catalana do século XV foi Joan Roiç de Corella, así como tamén é posible que o fora doutras obras anónimas ou de atribución sospeitosa. Así mesmo, Maria Conca (1994) puido demostrar que un refraneiro de finais do século XV, perdido na edición catalana e conservado en castelán: *Refranes glossados* (1509), era un texto orixinal catalán, o cal non fora observado antes, agás algunha insinuación expresada por Sebastià Farnés, ademais do feito de que os paremiólogos españois menosprezaran os *Refranes glossados* pola súa sintaxe disfrazada.

Tamén aplicamos este método coa finalidade de reivindica-la fraseoloxía catalana (Conca e Guia, 1995), buscando concordancias fraseolóxicas entre o catalán e o español que permitiron a acreditación catalana, moitas veces con documentación máis antiga, de unidades fraseolóxicas que foran substituídas na fala pola lingua dominante ou que foran traducidas e recollidas en compendios paremiolóxicos españois sen cita-la súa orixe ou que foran dadas como casteláns por paremiólogos cataláns. É o caso de proverbios como: *Qui molt abraça, poc estreny*, *A l'enfornar es fan els pans geperuts*, *No hi ha pitjor clavilla que la del mateix fust*, *Jus mala capa jau bon bebedor*, *A enemic que fuig, pont d'argent*, ou de locucións como: *O ric o penjat*, *O sis o as*, *Ser com la sardina de Blanes*, *Tenir aigua en cistella*.

Nesta liña de investigación resulta imprescindible a documentación histórica das UFs, co obxecto de establece-la diacronía, relacións de prelación, frecuencia de uso, graos de arcaísmo e de actualidade, acreditación de variantes, etc. Esta esixencia documental convértese, cada vez máis, nunha condición necesaria para a solvencia dos traballos de carácter fraseográfico (Conca e Guia, 1996). Entre os traballos de documentación contemporánea, cómpre citar o de Mercè Biosca (1996) sobre o corpus fraseolóxico na obra literaria de Jesús Moncada.

Nunha liña fraseográfica teorico-práctica traballa Károly Morvay, que manifestou en diversos estudios (1986, 1992 e 1995) as deficiencias terminolóxicas, clasificatorias e didácticas que conteñen os diccionarios lexicográficos cataláns, monolingües e bilingües, respecto á fraseoloxía. Este tema será obxecto do apartado seguinte.

Finalmente, cómpre mentar unha liña de pescuda, que non tivo continuidade e que podiamos situar dentro da lingüística estructural, representada polas teses de licenciatura,

inéditas, de J. Colomina (*Els modismes. Estat de la qüestió*, Universitat de Barcelona, 1978) e M. Cuyàs (*Locucions verbals. Aplicació d'uns criteris d'identificació a vint-i-cinc blocs de seqüències extretes dels reculls de fraseoloxía catalana*, Universitat de Barcelona, 1984).

5. O tratamento da fraseoloxía nos diccionarios: problemas e solucións

A lexicoloxía catalana, que modernamente seguiu unha orientación Chomskyana (Cabré e Rigau, 1986; Cabré, 1994), non contemplou a fraseoloxía como unha disciplina afín e, ás veces, nin tan sequera como unha disciplina, tal como vimos nas definicións dos diccionarios cataláns, reproducidos hai pouco. Tampouco o fixeron as publicacións recentes sobre lexicografía, que aínda se manifestan pouco sensibles a un tratamento fraseolóxico sistematizado. Por exemplo, no número monográfico da revista *Caplletra* (1994) sobre lexicografía, non se encontra ningún artigo dedicado á fraseografía e soamente hai referencias tanxenciais á fraseoloxía, como son as de J. Solà (1994: 277) e J. Bruguera (1994: 271). Neste estado de cousas, os diccionarios cataláns modernos continúan a tradición de incluír UFs sen demasiada orde nin concerto. Como di Károly Morvay (1995: 212): «sorprèn que les obres lexicogràfiques catalanes, molt especialment els diccionaris monolingües, dediquin tan escassa atenció a aquesta problemàtica, i que els bilingües ho facin de manera tan poc sistematitzada».

A análise da incidencia da fraseoloxía en diversas obras lexicográficas e fraseográficas representativas, tanto diccionarios xerais ou bilingües como diccionarios fraseolóxicos, daranos unha visión real dos problemas e contribuirá a establecer mellor os criterios científicos de selección, clasificación, inclusión, definición, función pragmática, variantes estilísticas, etc.

Diccionarios xerais

O *Diccionari General de la Llengua Catalana* (DGLC), de Pompeu Fabra, publicado no ano 1932, tense como o normativo do catalán. Neste traballo utilizo a quinta edición, 1968, revisada e ampliada por Josep Miracle.

Deixaremos de lado a análise do contexto histórico no que se redactou o DGLC, cunhas necesidades perentorias de inventaria-las palabras normativas da lingua catalana e como extracto dun proxecto máis ambicioso: a redacción dun gran diccionario do Institut d'Estudis catalans. Tampouco entraremos na análise xeral da microestructura e a macroestructura, que se poden encontrar descritas por G. Colom e A. Soberanas (1986: 217-226), os cales non fan ningunha mención á inclusión de UFs, e centrarémonos no tratamento que fixo Fabra, utilizándoas como unha información complementaria de moitos lemas.

En primeiro lugar, non se atopa ningunha alusión á fraseoloxía nas «Instruccions per al maneig del diccionari», como tamén observou K. Morvay (1995:213), pero si que se encontran UFs inseridas dentro dos artigos que desenvolven os lemas, en ocasións, facendo a función de exemplos. Cómpre advertir que, na maioría dos casos, esta inserción faise sen ningunha indicación ou acompañamento da abreviatura *fig*. ('en senso

figurado') ou engadindo o significado da unidade fraseolóxica. Na lista de abreviaturas figura a categoría *locució*, clasificada en *loc. adj.* (locución adxectival), *loc. adv.* (locución adverbial), *loc. conj.* (locución conxuntiva), *loc. prep.* (locución prepositiva). Mesmo así, estas indicacións omítense moitas veces. Por exemplo, na entrada *poc*, encóntranse locucións adverbiais que non se indican como tales:

> *A poc a poc*, lentament. *A poc a poquet*. | *De poc*, indicant que ha faltat poc perquè una cosa tingués lloc. *Vés més amb compte: de poc caus, ara*. | *Poc més poc menys, poc ençà poc enllà*, amb curta diferència, aproximadament. | *Entre poc i massa*, per a denotar que fugint d'un extrem s'ha caigut en l'altre.

En definitiva, non obstante, verémolo cun artigo completo. Seleccionei o correspondente ó lema *ase*, porque dende hai tempo é a primeira proba que fago a un diccionario para ver se os lexicógrafos redactores foron sensibles á fraseoloxía, xa que este animal doméstico, tan unido á vida cotiá dos nosos devanceiros, foi fonte de inspiración de numerosas metáforas lexicalizadas e é difícil evitalas. Isto di Pompeu Fabra:

> **ase** *m*. Mamífer solípede (*Equus asinus*) més petit que el cavall, les cerres del coll i de la cua més curtes, orelles molt llargues, que és emprat sobretot com a bèstia de càrrega; algunes espècies afins viuen en estat salvatge a l'Àsia i a l'Àfrica (*ases salvatges*). *Ase eguasser*. Anar algú *carregat com un ase*. | *Ésser algú l'ase dels cops*, el qui s'emporta totes les culpes, reganys, mal tractes, etc. *Ja pots xiular si l'ase no vol beure*, dit per a denotar la inutilitat d'insistir prop del qui està decidit a no fer el que li diuen. *Brams d'ase no pugen al cel*, dita per a denotar que el que algu diu no mereix d'ésser atès. *Sense dir ase ni bèstia*, sense saludar, sense proferir una paraula. || Fig. Persona d'enteniment obtús, no gens intel.ligent. *És un ase, un tros d'ase.*

A primeira observación que hai que facer é que as UFs incorpóranse ó diccionario sen sistematización: unhas veces, introdúcense como exemplos e, outras, van todas seguidas detrás dunha barra vertical, como acepcións do lema. Se o criterio fose asocia-las locucións cunha categoría gramatical (o diccionario contén as abreviaturas *loc. adj.*, *loc. adv.*, *loc. conj.*, *loc. prep.*), ¿por que non o indica diante da UF correspondente? ¿Por que *Ja pots xiular si l'ase no vol beure* non ten ningún calificativo e, en cambio, *Brams d'ase no pugen al cel* é cualificado de «dita»? Ademais, por qué razón soamente exemplifica o senso figurado do termo *ase* con *És un ase, un tros d'ase*, cando tódalas outras UFs referidas tamén o teñen, xa que o senso figurado é un trazo caracteriolóxico da maioría das UFs.

Cómpre remarcar, sen embargo, a concisión e claridade que se observa nas explicacións do significado das UFs, que é outra das dificultades que entraña a fraseografía, aínda que a introducción destas explicacións se fai discrecionalmente. E tamén é notable a intuición lingüística que levou a Fabra a introduci-lo suxeito animado *algú* que esixe a locución: *Ésser l'ase dels cops*, para ser usada correctamente, aínda que esta solución fora mellor illala mediante algún signo paratextual (unha paréntese, por exemplo). Así mesmo, deberíase de ter seguido o mesmo criterio de introducción do suxeito animado no resto das locucións que así o esixiran. Por outra banda, é importante que figuren nel

gran cantidade de UFs, a pesar das deficiencias metodolóxicas, xa que este diccionario foi a fonte da lexicografía e fraseografía posteriores.

O *Diccionari de la Llengua Catalana* (DLC-EC), da Enciclopèdia Catalana, elaborado por un equipo de lingüistas, viu a primeira edición en 1982. No prefacio, Ramon Aramon i Serra sinala tódalas cuestións que se deben ter en conta á hora de redactar un diccionario: inventario de palabras, neoloxismos, tecnicismos (científicos ou populares), dialectalismos, localismos, barbarismos, solecismos, palabras vulgares, do argot, despectivos, eufemísticos, etc, así como a etimoloxía e a pronunciación, pero non fai ningunha alusión á fraseoloxía, coma se esta non fose un dos problemas a resolver. Neste traballo utilizo a terceira edición de 1993, revisada e ampliada por outro equipo, baixo a dirección de Marc Sagristà, que anuncia que se introduciu «un important nombre de canvis e afegits, sobretot en la fraseologia i el lèxic comú».

Este diccionario, que bebe nas fontes do DGLC e do DCVB e se amplía con termos do vocabulario científico e técnico extraídos da parte máis lexicográfica da Enciclopedia Catalana, incorpora as UFs do DGLC con criterios máis sistemáticos. Se se compara o lema *ase*, encontrarase que as UFs introdúcense como subentradas, van precedidas dun número de orde e destácanse tipograficamente en negra, cousa que as fai máis facilmente localizables, ó mesmo tempo que se engade unha locución máis: *Tocar l'ase*, proveniente do DCVB. Vexámolo:

> **ase** *m* **1** ***1*** ZOOL Mamifer perissodàctil de la família dels èquids (*Equus asinus*), d'aspecte semblant al cavall, però més petit, d'orelles grosses i de cap també relativament gros. ***2*** **ase eguasser** ZOOL Eguasser. ***3*** **anar carregat com un ase** Portar algú una càrrega feixuga. ***4*** **brams d'ase no pugen al cel** Dit per a denotar que el que algú diu no mereix d'ésser atès. ***5*** **ésser l'ase dels cops** Ésser algú el qui s'emporta totes les culpes, els reganys, els mals tractes, etc. ***6*** **ja pots xiular, si l'ase no vol beure** Dit per a denotar la inutilitat d'insistir prop de qui està decidit a no fer el que li diuen. ***7*** **sense dir ni ase ni bèstia** Sense saludar, sense proferir cap paraula. ***8*** **tocar l'ase** Aplicar la llengua a la part anterior del paladar i abaixar-la de cop produint un so que expressa contrarietat. *No toquis l'ase i fes-ho*. **2** *fig* Persona d'enteniment obtús, no gens intel.ligent. *Ésser un ase, un tros d'ase*. **3** Escalfallits. **4** *ict* ***1*** Moixonet. ***2*** **ase mossegaire** Peix de l'ordre dels perciformes de la fàmília dels blènnids (*Blennius ocellaris*) d'un pam escàs de llargària i de tons rosats o verdosos amb grans franges brunes. **5** ZOOL Nom d'alguns crustacis de l'ordre dels isòpodes, aplicat especialment a diverses espècies dels gèneres *Asellus* i *Limnoria*.

Por outra banda, entre as abreviaturas usadas no DLC-EC figuran, ademais das de Fabra, as locucións interxectivas e verbais. Pero unha cousa é o que se di nas instruccións e outra cómo e cándo se aplica esta clasificación, ben insuficiente, ademais.

O *Diccionari de la Llengua Catalana* (DLC-IEC) do Institut d'Estudis Catalans, editado en 1995, é a última obra lexicográfica catalana, unha continuación do DGLC, que o IEC tiña pendente de facer, e que é moi debedora do DLC-EC. Antoni Badia i Margarit, no prólogo, ó defini-la fisonomía do diccionario, remarca que se «estableix la forma e el significat de les paraules reconegudes com a pròpies e generals de la llengua catalana, per

diverses raons: 1) Pel que fa a les formes, el diccionari resoldrà problemes i dubtes relatius a l'ortografia, a la morfologia i a la composició de les paraules. Tendirà a reduir al mínim indispensable les varietats formals d'un mateix mot, tot i reconèixer que, en català, aquest polimorfisme ha d'ésser benvingut quan recull les grans modalitats de la llengua, ensems una e vària. 2) Pel que fa als significats, el diccionari ajudarà el lector a expressar-se i a escriure amb propietat i difondrà pertot el valor semàntic just dels mots de la llengua» Así, pois, o diccionario elaborouse a partir de dous criterios fundamentais: a continuación da tradición lexicográfica do Institut (DGLC) e a incorporación renovadora de palabras novas, frecuentemente neoloxismos procedentes doutras linguas. A pesar da vontade de mellora, tampouco nesta obra recente se fixeron moitas innovacións no campo da fraseoloxía.

Nas «Instruccions per al maneig del diccionari», o punto dous leva como subtítulo «Mots i locucions», onde lemos:

> **2.1.** Les consultes al diccionari poden partir d'un mot aïllat (*mosca*, *cantar*, *més*) o d'un conjunt de mots que constitueixen una locució (*blat de moro*, *vers adònic*, *anar de mal borràs*, *fer catúfols*, *delírium trèmens*, *a les palpentes*, *a més a més*, *de mal grat*, *ad hominem*). En ambdós casos els lectors hi trobaran informació sobre aspectes relatius a la grafia, al significat, a les característiques gramaticals i a l'ús que se'n pot fer.
>
> (...)
>
> **2.3.** Si la consulta es fa a partir d'una locució, cal que l'usuari tingui en compte els punts següents:
>
> *a*) Les locucions compostes per mots del diccionari apareixen com a subentrades d'un dels mots que les componen i estan situades principalment sota entrades que són noms, verbs, adjectius o adverbis. D'aquesta manera les locucions *a més a més*, *de mal grat*, *blat de moro*, *vers adònic*, *anar de mal borràs*, *fer catúfols*, apareixen en els articles encapçalats per *més*, *grat*, *blat*, *vers*, *borràs* i *catúfols*, respectivament. Dins l'article, les subentrades s'ordenen alfabèticament pel sistema discontinu, és a dir mot a mot, dins la mateixa accepció —entesa, aquesta, en sentit ampli.
>
> *b*) Les locucions que comencen per una preposició i contenen mots sense entrada pròpia han estat alfabetitzades pel primer mot no gramatical que les compon. Per exemple, *a la babalà* figura en el diccionari després de *babaia* i abans de *babarota*.
>
> *c*) Les expressions llatines tenen entrada pròpia i estan alfabetitzades pel sistema discontinu, partint de la primera paraula que les compon. Així, *ad hominem* està situada després de *acutorsió* i abans de *adàctil*, i *delírium trèmens*, després de *deliri* i abans de *delirós*.

Observamos, sen ir máis lonxe, que se tiveron en conta algunhas das recomendacións feitas por G. Haensch (1988: 131) e por K. Morvay (1995: 212), no senso de que para a lematización das UFs hai que aplicar regras fixas e uniformes, que deben ser explicadas

nas «instruccións» dos diccionarios. Pero se aplicámo-la proba á que sometémo-los diccionarios anteriores, veremos que o DLC-IEC quedou a medio camiño entre o DGLC e o DLC-EC.

> **ase**1 *m*. Mamífer solípede (*Equus asinus*) més petit que el cavall, les cerres del coll i de la cua més curtes, orelles molt llargues, que és emprat sobretot com a bèstia de càrrega, algunes espècies afins al qual viuen en estat salvatge a l'Àsia i a l'Àfrica (*ases salvatges*). *Ase eguasser*. *Anar algú carregat com un ase*. | ***brams d'ase no pugen al cel*** Dita per a denotar que el que algú diu no mereix d'ésser atès. ***ésser l'ase dels cops*** Ésser la persona que s'emporta totes les culpes, els reganys, els mals tractes, etc. ***ja pots xiular si l'ase no vol beure*** Dit per a denotar la inutilitat d'insistir prop de la persona que està decidida a no fer el que li diuen. ***sense dir ase ni bèstia*** Sense saludar, sense proferir una paraula. | ***fer-ne una d'ase i seca*** Fer una cosa malament i encara amb agreujants. | ***no saber on s'ha de fermar l'ase*** No saber què s'ha de fer; estar desvagat sense poder-se entretenir. | ***tocar l'ase*** Aplicar la llengua a la part anterior del paladar i abaixar-la de cop produint un so que expressa contrarietat. *No toquis l'ase i fes el que et dic*. || FIG. Persona d'enteniment obtús, no gens intel.ligent. *És un ase, un tros d'ase*.
>
> **ase**2 *m*. Moixonet. || ***ase mossegaire*** Peix perciforme de la família de blènnids (*Blennius ocellaris*), d'un pam escàs de llargària i de tons rosats o verdosos amb grans franges brunes. || Garneu.
>
> **ase**3 *m*. Nom d'alguns crustacis de l'ordre dels isòpodes, aplicat esp. a diverses espècies dels gèn. *Asellus* i *Limnoria*.

Este diccionario incrementou o número de UFs (tres incorporacións máis có DGLC e dúas máis có DLC-EC), pero non sistematiza o tratamento, tal como observamos a continuación:

a) Non hai ningunha indicación sobre a selección e clasificación do material fraseolóxico. Podemos preguntarnos por qué estas UFs e non outras, que tamén figuran no DCVB ou que están amplamente documentadas, como son por exemplo as locucións: *Caure de l'ase* ('decatarse dunha cousa'), *Fiar-se d'ase negre* ('andar errado'), *Ser l'ase d'en Mora (que de totes s'enamora)*, *Arri, ase, i deixa dir* ('non facer caso das murmuracións'), etc., ou os proverbios, moi abundantes neste marco experiencial: *A brams d'ase, orella sorda*, *A ase que no coneguis, no li toquis les orelles*; *La culpa de l'ase no l'ha de pagar l'albarda*; *Qui diu mal de l'ase, aquell el compra*; *Cada ase s'enamora del seu bram*; *Ase magre, ple de nafres*, etc.

b) A incorporación de UFs diversas sen ningunha indicación, ou coa indicación FIG. para algunhas e non para outras, é totalmente insuficiente e confusa. Neste caso, é necesario que lexicógrafos e fraseógrafos atendan os estudios lingüísticos que fixeron un esforzo por caracterizar e clasificar as UFs, entre os cales figuran A. Zuluaga (1980), Z. V. Carneado (1985) e G. Corpas (1997).

c) Sobre o significado e o uso das UFs, atopamos información desigual. Por exemplo, non podemos saber de certo, aténdonos soamente á información destes diccionarios, se o suxeito de *Sense dir ase ni bèstia* ha de ser necesariamente animado, nin se é pertinente dicir «el meu ordinador s'ha espatllat sense dir ase ni bèstia», nin se o uso convencionalizado permite que un alumno lle diga ó profesor «vostè no ha dit ni ase ni bèstia sobre fraseologia en tot el curs». En xeral, pois, non se especifica o contexto gramatical da UF, nin en qué rexistro é adecuado usala, nin se non hai outras variantes formais que teñan o mesmo significado ou se a UF é de uso actual ou anticuado, etc.

Os aspectos que acabamos de sinalar son carencias graves que se deberían resolver, xa que estes diccionarios monolingües normativos vólvense de consulta obrigada no só para o usuario, senón tamén para a confección doutras obras lexicográficas.

Diccionarios bilingües

Os diccionarios bilingües que durante os últimos anos, cun meritorio esforzo editorial, promoveu a Fundació Enciclopèdia Catalana, puxo en contacto co catalán linguas como o ruso, o xaponés, o húngaro, o alemán e o inglés, ademais das linguas románicas francés, español, italiano e portugués. Sen embargo, o tratamento da fraseoloxía no seo destes diccionarios tampouco gozou de criterios sistemáticos nin unitarios, por iso cada un deles merecería unha análise á parte, cousa que non me permite face-la limitación temporal desta intervención. Si que darei, non obstante, unha visión xeral, con algúns exemplos concretos.

Pódese dicir que as referencias ó uso da fraseoloxía que fan os autores nas instruccións dos diccionarios bilingües son, en xeral, máis explícitas cás dos monolingües. Por exemplo, no *Diccionari Castellà-Català* (1985) e no *Diccionari Català-Castellà* (1987), nas «Instruccions per al maneig d'aquest diccionari», practicamente idénticas nun e noutro, hai unha referencia central ó feito de que «no sempre és fàcil de trobar una solució satisfactòria a l'hora de traduir els diversos sentits i els matisos dels mots i, sobretot, de les locucions i frases fetes d'ús més corrent», afirmando que «hem maldat per traduir les expressions i girs familiars més corrents, tot procurant que la locució equivalent en conservés el valor expressiu». Como as fontes catalanas, declaran as do DGLC, o DLC-EC e o DCVB, este último «sobretot per a la tria de dites i frases fetes».

No *Diccionari Castellà-Català* (1985), os autores confesan as dificultades de translación dunha lingua a outra de «les locucions i frases fetes» —non utilizan o sintagma «unitats fraseològiques»—, debido ós fenómenos de substitución fraseolóxica, o cal nos fai lembra-la necesidade de fundamenta-las UFs en documentación textual. No *Diccionari Català-Castellà* (1987), no subapartado «L'ordre dels mots i indicacions gramaticals», explícase a ordenación das frases, que se fai polo primeiro substantivo ou, no caso de non habelo, polo primeiro adxectivo ou verbo: «Així, per exemple, **amollar les amarres** entra per **amarra**. En canvi, quan el substantiu és variable, la frase també entrarà per l'altre element comú. Així, **eixerit com un pèsol** (o **com un gínjol**), tindrà entrada per **pèsol**, per **gínjol e** també per **eixerit**». Como abreviaturas fraseolóxicas, o primeiro usa só *loc* (locución) e o segundo *loc e loc verb* (locución verbal).

No *Diccionari Anglès-Català* (1983), só atopamos unha referencia relativa á dificultade de introducción dos «modismes, locucions i frases fetes», a causa da gran diversidade formal que presentan e polo cambio de natureza gramatical que pode resultar diso. Os criterios de orde de introducción das acepcións son os seguintes: «a. Els exemples que consisteixen en dues unitats de la mateixa naturalesa (dos noms, dos verbs, dos adjectius, etc.) figuren a l'article del primer element: **bed and breakfast** es trobarà a l'article encapsalat per **bed**. b. Les unitats que consisteixen en un verb més un complement figuren a l'article del nucli d'aquest complement: **to seek medical advice** es trobarà a l'article encapsalat per **advice**». Polo contrario, no *Diccionari Català-Anglès* (1986) non se fai ningunha mención á fraseoloxía e só figuran as abreviaturas fraseolóxicas *loc*, *loc conj*, *loc prep* e *loc verb.*

O *Diccionari Português-Català* (1985) contén un prólogo dos autores, no que explicitan que «s'ha donat una especial importància a la fraseologia i als idiotismes, la llengua viva. De fet, en aquest diccionari de quasi 55 mil mots, hi ha, a més a més, unes 18 mil frases». Observamos que continúa o fenómeno plurilexical para nomea-las UFs. Nas abreviaturas só figura *loc* e *loc adv*. Nas «Normes per a l'ús del diccionari» hai instruccións sobre a tipografía en que aparecen «les expressions o els idiotismes», que veñen en cursiva para o portugués e en redonda para o equivalente catalán. Tamén se informa de que se tivo en conta o fenómeno da polisemia fraseolóxica. Así, «quan una frase té diverses accepcions, aquestes es troben separades per un punt i coma, per exemple:

> *perder a tramontana* perdre la carta de navegar, perdre el nord; *fig* quedar desorientat, quedar confús, perdre l'oremus.

O *Diccionari Català-Português* (1989) ten como abreviaturas *loc* (locució/locução) e *loc adv* (locució adverbial/locução adverbial). Tamén fai algunha referencia breve ás UFs nas «Instruções para o uso do dicionário», onde se sinalan os criterios de orde rigorosamente alfabética de aparición das entradas, así como das «locuções e frases feitas», e se informa das marcas tipográficas que axudan a detectalas: dúas barras para cada acepción e letra negra para as «frases feitas ou idiotismos». Observámo-la excesiva sinonimia para nomea-las UFs.

O *Diccionari Català-Hongarès* (1990) é, de tódolos que vimos, o que dedica unha atención preferente á fraseoloxía. Mesmo así, entre as abreviaturas, só menciona como unha categoría independente a que se refire ó proverbio (*prov* Közmondás/proverbi). Unha gran parte dos seus preliminares está dedicada a informar sobre o tratamento das «frases fetes» e, neste caso, chámano-la atención que escolleran un termo tan ambiguo como «frase feta». Nas «Característiques generals del diccionari», encontramos diversos apartados e subapartados que falan diso e, concretamente, o 8 chámase «Fraseologia».

Verbo da inserción das UFs, vemos que despois da palabra de entrada e as informacións lingüísticas coa traducción húngara, veñen os fraseoloxismos ordenados, primeiro as frases nominais e despois as verbais. A sucesión é alfabética e determinada pola letra inicial do elemento nuclear de cada frase (xeralmente, o primeiro nome ou verbo). A mesma frase adoita figurar en diversas entradas. Para o recoñecemento das UFs utilízanse recursos tipográficos e signos de puntuación. Se as entradas son especialmente

longas, as acepcións sepáranse por unha barra vertical. As construccións sinonímicas, de estructura coincidente pero diverxente no significado, aparecen agrupadas como: *ésser curt* / *escàs* / *parc de paraules* szukszavú; a paréntese usouse para indica-los elementos facultativos: «(*ésser un*) *cap de carbassa* tökfej (u)», co cal se dá a entender que a construcción catalana se pode usar sen verbo e artigo indeterminado e que a correspondencia húngara pode ser tanto 'tökfej' coma 'tökfeju'.

En canto á forma lexicográfica, os autores respectaron a forma canónica das UFs nas dúas linguas, tal como hai que facelo cando se toman como unha unidade lexicográfica. En catalán, co verbo en infinitivo e, en húngaro, en terceira persoa do presente de indicativo: «*no tocar de peus a terra* a fellegekben jár; a felhokben jár». Só se apartan desta norma cando queren remarcar certas limitacións no uso dalgunhas UFs, que se utilizan co verbo preferentemente ou exclusivamente nun modo, tempo ou persoa determinada, como: *Quina mosca l'ha picat?* ou *Posa-li/fica-li el dit a la boca a veure si mossega.* O réxime das UFs catalanas vai entre paréntese e segue á palabra ou á frase correspondente: «*donar peu (a)* alkalmat ad (vmire); *llançar-se als peus (de)* (vkinek) a lába elé veti magát». Cando procede, tamén se fai constar na parte catalana os complementos *algú e alguna cosa*, esta última abreviada *uc*. «*fer present* (*d'uc a algú*) (neki) ajándekóz (vmit vkinek)». As UFs pertencentes á linguaxe técnica da botánica, zooloxía, medicina, etc., levan sempre a acotación correspondente: *peu de cabra* (*zool*); *peu de llebre* (*bot*), etc. Se o termo é anticuado, faise constar (*ant*).

No referente á nomenclatura das UFs, só os proverbios, e non as outras UFs, van seguidos da acotación (*prov*), sinalando tamén, se se dá o caso, a diverxencia de uso en ámbalas dúas linguas: «*tants caps, tants barrets* (*prov*) ahány fej, annyi gondolat (*ant*)». A abreviatura *fig* só se usa no caso de que haxa que diferencia-lo senso fraseoloxizado do libre.

A sistematización fraseolóxica, neste diccionario, paréceme excelente. Por outra banda, K. Morvay (1986) explicou as dificultades de redacción que se atoparon á hora de inseri-las UFs, entre outras razóns, porque o catalán non dispoñía dun gran diccionario fraseolóxico, nin dun gran diccionario do catalán moderno. E nas consultas que fan ó material existente obteñen, ás veces, informacións confusas e incompletas, con definicións diverxentes sobre os significados.

O *Diccionari Hongarès-Català* (1996) segue os criterios de sistematización fraseográfica do *Diccionari Català-Hongarès*. Obsérvase nel a introducción dos termos «fraseologisme» e «unitat fraseològica», usados polos autores nas instruccións con carácter globalizador, aínda que continuaron mantendo o de «frase feta».

Diccionarios fraseolóxicos

A fraseoloxía catalana conta, entre o material fraseográfico, con numerosas recompilacións, feitas ás veces coa intención de preserva-las UFs, sobre todo os proverbios, polo seu valor etnolóxico. Neste senso, hai que cita-la copiosa colección realizada polo folclorista Joan Amades (1890-1959) que, á parte dos proverbios, tamén se ocupou das locucións e frases feitas, así como o libro, de finalidade reivindicativa de

palabras e expresións catalanas, de Antoni Ferret (1968). Mesmo así, as primeiras recompilacións, con finalidade lexicográfica, é dicir, co propósito de inventaria-las UFs para ensina-lo seu significado, o uso ou a traducción, non aparecen ata fins dos anos setenta do século XX; precisamente, cando o catalán comeza a introducirse no ensino e en diversos ámbitos do uso formal. Así, encontramos o *Recull de Modismes i Frases Fetes Català-Castellà / Castellà-Català* (1973 e 1977), de Josep Balbastre; *Proverbis, Dites i Frases Fetes de la Llengua Catalana* (1979), de Sever Perramon; o refraneiro temático *Els refranys catalans* (1988), de Maria Conca; así como tres obras, xa coa consideración de diccionarios, dúas monolingües: o *Diccionari de locucions i de Frases Fetes* (1984), de Joan Martí e Joana Raspall, e o *Diccionari Temàtic de Modismes* (1997) de Susana Rodríguez-Vida; outra bilingüe: o *Diccionari de Frases Fetes Català-Castellà, Castellà-Català* (1996), de Joan Abril.

O *Dicionari de locucions i de Frases Fetes* (DLFF), de Joan Martí e Joana Raspall, é un inventario bastante considerable de UFs, que os autores clasificaron, de maneira convencional, en «locucions» e «frases fetes», tal como eles mesmos afirman no prólogo: «hom es refereix als conceptes "locució" e "frase feta" sense que sigui prou clar què pressuposen. El que en diuen els diccionaris generals es mou en l'ambigüitat e la vaguetat. Adés per locució s'entén la reunió de paraules que fan la funció d'una de sola, e per frase feta, simplement, l'expressió d'ús corrent en la llengua (...), adés es confonen en una mateixa cosa: la combinació de dos o més mots amb sentit unitari e familiar en una comunitat lingüística (...). Nosaltres, emperò, perquè calia partir d'una convenció, hem mantingut la separació d'ambdós conceptes, basant-nos en llur diferència funcional». Por tanto, mediante a diferente función sintáctica que lles atribúen, consideran *locucions* as UFs que polo seu funcionamento lingüístico poden ser equivalentes a un substantivo, adxectivo, adverbio, preposición e conxunción e tamén as interxeccións, aínda que consten dunha única palabra, como *apa!*, *ecs!*, *mosca!* e consideran *frases fetes* as que conteñen un verbo, porque a construcción xa equivale a unha oración enteira: «*negar el bon dia* funciona com una oració: el seu sentit implica la intervenció d'un subjecte i un predicat».

A estructura do diccionario, consecuentemente co criterio clasificador dos autores, divídese en dúas partes. Unha parte dá entrada ás *locucións* e outra ás *frases feitas.* Á parte da ambigüidade do termo *frase feita* para denomina-la UF que outros lingüistas chamaron *locución verbal*, non é necesario dicir que os criterios desta clasificación son confusos e ben pouco operativos para o usuario, que, á hora de buscar unha UF, terá que pensar a cal das dúas clases pertence e, se non o ten moi claro, terá que buscar nas dúas partes. Que este criterio chega a ser ambiguo e confuso, móstrano exemplos como o seguinte: *Sense anar més lluny* inclúese como lema, tanto no apartado de «Locucions» coma no de «Frases fetes», sen indicación de remisión, con definicións diferentes e exemplos *ad hoc*, que non xustifican o criterio diferenciador nin dende o punto de vista sintáctico nin semántico nin pragmático:

I. LOCUCIONS

sense anar més lluny Com a exemple suficient. | Ex: Sempre fan igual; ahir, *sense anar més lluny*, van deixar encesos tots els llums de la casa i van anar-se'n; ves si són distrets. || SIN: veg. *per no dir més* 1.

II. FRASES FETES

sense anar més lluny Limitant-se al present. | Ex: Hi ha molta gent que no és nascuda aquí i s'adapta perfectament al nostre tarannà; *sense anar més lluny*, aquí tens aquest mestre que ha vingut de Salamanca i ja és capaç de donar classes en català. || SIN: *per no dir més*. | Ex: No exigeixen sempre la documentació; ahir, *[sense anar més lluny , per no dir més]*, el meu germà hi va entrar sense carnet.

O problema da definición, que entraña dificultades, non fai falta dicilo, é que se quere facer unha interpretación diferente a partir dos exemplos, sen advertir que nos dous casos é intercambiable o significado ‘exemple suficient’, independentemente de que o contexto de uso aporte outras connotacións temporais como ‘limitant-se al present’ ou ‘limitant-se al passat’.

A arbitrariedade desta clasificación espéllase en moitos outros casos, como son: locucións que, combinadas con outros verbos, aparecen como tales no apartado de locucións, pero que co verbo *ésser* clasifícanse no de frases feitas:

I.LOCUCIONS

a temps Oportunament. | Ex: Si hi arribem *a temps*, encara podrem seure. | Ex: Cal fer la sembra *a temps* si vols bona collita. || SIN: *a bona hora*. Has arribat *[a temps, a bona hora]*; necessitava que algú m’ajudés.

II. FRASES FETES

ésser a temps Actuar oportunament. | Ex: Va córrer molt i encara va *ser a temps* d’agafar el tren. || SIN: *aconseguir, assolir*. | Ex. Si envies la so.licitud avui encara *[seràs a temps, aconseguiràs, assoliràs] que te l’acceptin*.

Tamén se observa unha falta de rigor na selección de sinónimos. Nas dúas entradas referidas agora mesmo, **a temps** («locució») leva como sinónimo outra locución: *a bona hora*, cousa lóxica; pero, no caso de **ésser a temps** («frase feta»), non se atopa *ésser a hora*, *ésser a bona hora* como sinónimos, senón a presumible equivalencia léxica con verbos que, por outra banda, non son sinónimos nos exemplos. Así, pódese *arribar a temps* e non *aconseguir* que se acepte a instancia por outros motivos e, menos aínda, *assolir* que se acepte a instancia, porque neste contexto non é intercambiable *assolir* por *aconseguir*.

Trataremos aínda un terceiro caso, para confirma-la falta de coherencia clasificatoria:

I. LOCUCIONS

camí dret. Directament | Ex: En saber la desgracia va anar *camí dret* a la casa del seu amic. || SIN: *de cara, de dret, directe, sense torbar-se, carrera dreta, dret camí, decididament*. | Ex: Vés *[camí dret, de cara, sense torbar-te, carrera dreta, dret camí, decididament]* a dur això al teu pare. No t’entretinguis gens.

camí retent. Drecera | Ex: El primer trencall després del pont és *camí retent* per anar al poble; hi arribaràs de seguida. || SIN: *camí bo i dret*. | Ex: Hem anat pel *[camí retent, camí bo i dret]*, i per això hem arribat abans que vosaltres.

II. FRASES FETES

ésser camí fressat 1 Camí freqüentat. | Ex: prefereixo que *sigui camí fressat*; les dreceres són molt solitàries. || SIN: *ésser camí batut*. | Ex. Es coneix per les petjades que *[és camí fressat, és camí batut]*. 2 Conegut. | Ex: Aquest negoci *és camí fressat*; jo vull trobar-ne un de poc explotat. || SIN: *ésser estudiat, ésser divulgat, ésser experimentat*.| Ex. Aquest tipus d’argument*[és camí fressat, és estudiat, és divulgat, és experimentat]*; m’agradaria més d’escriure un tema ben original

Obsérvase, ademais, a pouca precisión dalgúns sinónimos que intentan explica-lo senso das UFs, sen dar, en xeral, ningunha especificación de se é senso recto ou idiomático, co cal o lector ha de deducilo polos exemplos, se pode.

Non hai un apartado específico de «instruccions» para o manexo do diccionario, pero na introducción os autores explican as convencións utilizadas na redacción dos artigos que, por outra banda, podemos observar nos exemplos referidos hai pouco. Comentarei os aspectos máis relevantes:

As UFs introdúcense por orde alfabética da primeira palabra tanto se é gramatical coma se non, cousa que, a pesar de que facilita a busca, implica que estas UFs han de ser coñecidas previamente polo lector. Os signos gráficos utilizados son os corchetes, que serven para incluí-la UF e os sinónimos polos cales, segundo os autores, pode ser substituída nos exemplos, e as parénteses, que se usan para as unidades que non se han de usar en tódolos casos de substitución de sinónimos (preposicións e pronomes sobre todo): «així: "**tallar en sec** (...) Ex: el pare, enfadat per la manera insolent de respondre el fill, el (li) (*va tallar en sec*, *va atallar*, *va interrompre*, *va tancar la boca*), sense cap mirament". *Li* va entre parèntesis perquè només l'exigeix *va tancar la boca*». Esta directriz discrecional sobre as parénteses presupón que os lectores han de coñecer suficientemente a sintaxe catalana para verifica-lo réxime verbal e saber a cál de tódolos exemplos corresponde o complemento indirecto *(li)*

As abreviaturas utilizadas son ben escasas, xa que só hai as seguintes, presentadas estrañamente con tipografía diferente: Ex: exemplo; (f): frase feita; (loc): locución; SIN: sinónimo; veg.: véxase; veg. tb.: véxase tamén. Os autores informan na introducción de que: «Quan pertoca, remetem amb *veg.* (vegeu) o *veg. tb.* (vegeu també) a la locució o a la frase feta pertinent; indiquem amb (*f.*) quan la remissió a una frase feta és des de l'apartat de les locucions, i amb (*loc.*) quan és a una locució des de l'apartat de les frases fetes». Con todo, nos exemplos anteriormente referidos, esta remisión non existe.

Das fontes utilizadas para o inventario, os autores non dan ningunha información, agás da alusión que A. Badia i Margarit fai no prólogo deste diccionario: «Sempre hi ha la feina feta amb anterioritat i perfectament aprofitable (...). Penso en abundosos diccionaris, que els fornien dades a desdir. Penso, sobretot, en el venerable Fabra, del qual hom ha posat adés adés en relleu justament la còpia de locucions i de frases fetes que enclou. O penso, així mateix, en diversos diccionaris bilingües que es veuen obligats a cercar equivalències d'una sèrie d'expressions».

Tamén se nota en falta a contextualización documentada das UFs. Habería que coñece-lo uso intertextualizado nun corpus textual de tipoloxía diversa, o cal daría moita información sobre o uso pragmático. Como consecuencia da falta de documentación, nalgún caso danse UFs de dubidosa procedencia catalana, como son «beu-te aquesta!», co senso de «expressió de satisfacció perquè a algú li han donat una carada».

Verbo dos criterios de selección do inventario, os autores só nos indican que non son partidarios das limitacións: «una actitud així explica que no ens hàgim limitat a incorporar els girs considerats de "bon parlar"; hem admés igualment els d'ús coloquial i

fins “vulgar”, en benefici d’un inventari més obert». É boa perda que os autores non deran esta información pragmática, estilística, nos artigos.

Cómpre engadir que este diccionario fraseolóxico é a primeira obra en catalán que pretende ofrecer ó público as UFs, cunha clara vontade de utilidade. Outra cousa é que agora, á luz das novas investigacións, se indique que un diccionario fraseolóxico debe partir de criterios teóricos e metodolóxicos adecuados, para que poida cumpri-la función á que está destinado: que o usuario da lingua poida encontra-la UF no momento en que a necesita e coa información completa sobre o seu uso, cousa que facilitará a incorporación do fraseoloxismo á competencia comunicativa deste usuario.

Esta obra editouse recentemente en dous volumes: *Diccionari de locucións* (1995) e *Diccionari de Frases Fetes* (1996), publicados sen prólogo, introducción nin relación de abreviaturas, mentres que se introduciron en todos e dous un índice de palabras clave (sen indicación do criterio seleccionador da palabra clave) e se numeraron as UFs repertoriadas, para facilita-la súa localización.

O *Diccionari Temàtic de Modismes* (DTM), de Susana Rodríguez-Vida, é unha obra que ten como propósito a localización dun «modisme o expressió» polo significado, aínda que non se coñeza previamente a UF. A obra estructúrase en dúas partes: a primeira contén o diccionario temático, cos temas e subtemas ordenados alfabeticamente e cun número de orde correspondente ós significados de cada subtema; a segunda presenta un repertorio alfabético de «modismes», numerado correlativamente e cun segundo número que remite ó do significado. Finalmente, hai un índice de conceptos cos números correspondentes ós modismos clasificados por temas e un índice de palabras clave, con indicación dos criterios de localización e a numeración correspondente á orde establecida no repertorio alfabético da segunda parte. O libro vai precedido dunha breve introducción, onde se explica a finalidade do diccionario e onde se inclúen unhas «instruccions per a consultar el llibre» e os «criteris de sistematització emprats» para face-la clasificación temática. Non contén abreviaturas.

En primeiro lugar, observamos que os termos para denomina-las UFs continúan sendo imprecisos. Así, «modismes», «expressions», «locucions», «frases fetes» son a terminoloxía usada pola autora. *Modisme* utilízase cun significado hiperónimo, que inclúe *locució* e *frase feta*. Vémolo no apartado «Instruccions per a consultar el llibre», onde se di: «*Repertori alfabètic de modismes* que recull totes les locucions e frases fetes ordenades alfabèticament...». Cómpre dicir que o termo *modisme* foi xa moi criticado por J. Casares (1950: 233-235), que explicitaba que o vocábulo non corresponde a unha figura lingüística circunscrita e definible e que a lingüística non pode admitir na súa nomenclatura o termo *modismo*. Isto unido ó feito de que en catalán é un termo de documentación recente (*Diccionari de la Llengua Catalana*, de Pere Labèrnia, 1839) e moi pouco usado en fraseoloxía. Por outra banda, a clasificación en «locucions i frases fetes» parece debedora do *Diccionari de Locucions i Frases Fetes*. A fin de contas, esperábase, xa en 1997, un criterio clasificador máis pertinente.

Coa finalidade sinalada hai pouco, clasificáronse os significados das expresións en vinte macrotemas, situados por orde alfabética: aspecto físico humano; carácter; condicións físicas; golpes e agresións físicas; diñeiro; emocións; feitos abstractos; infancia e

xuventude; lugares e accidentes xeográficos; doenzas e sensacións físicas; medidas e posicións; meteoroloxía; movementos do corpo; olores e sabores; psicoloxía; relacións sociais; sons e ruídos; tempo; traballos e ocupacións; visión. Dentro de cada macrotema hai diversos subtemas e dentro de cada subtema os diferentes matices de significado, cun número de orde, que inclúe tódalas UFs máis ou menos sinónimas. Por exemplo, no macrotema «aspecte físic», hai quince subtemas, introducidos por orde alfabética:

ASPECTE FÍSIC HUMÀ

altura
1 alt
com un sant Pau
com una girafa
com una perxa
2 alt i gros
com un paller
3 molt baix
esquitx d'home
ésser un bolet
esternut d'home
homenet de colzada
no aixecar (o: alçar) un pam de terra
tap de barral
tap de bassa

aspecte
4 bo
com un àngel (o: un serafí)
com un lliri
com un pom de flors
fer bona cara
fer bona fila
fer patxoca
fer tropa
lluir el pèl
5 bru
bufar el pebre
6 deplorable
fet un eccehomo
fet un fàstic
fet un sant Llàtzer
fet una calamitat
fet una llàstima
(...)

Unha clasificación temática e subtemática como a referida entraña dificultades, porque o senso idiomático de moitas UFs é malo de clasificar. Por exemplo: o subtema «aspecte», co significado «4 bo», integra UFs que non se refiren ó aspecto físico, senón ó carácter, xa que *com un àngel* ou *com un lliri*, indican trazos de bondade e de inocencia na persoa a que se atribúen; *lluir el pèl* significa que unha persoa prospera na escala social, conseguindo bens ou beneficios. Da mesma maneira, *fet una calamitat* dise referido a unha persoa que padece un deterioramento intelectual ou unha perda de saúde, aínda que o aspecto físico pareza bo. Outra observación é a referida á capacidade elativa das UFs arriba referidas, que aparece discrecionalmente: de forma correcta na entrada «3 molt baix», mentres que se obvia en «1 alt» (en lugar de «1 molt alt»), «4 bo» «5 bru», etc. Todas estas cuestións e matices resolveríanse se as UFs aparecesen contextualizadas, con información sintáctica e pragmática complementaria.

Por outra banda, tamén coma noutros casos, notamos en falta a información documental e fontes fraseolóxicas aínda por explotar. Os diccionarios consultados, segundo declara a autora, son DLC-EC (ed. 1987), *Diccionari Català-Castellà* (1987), *Diccionari de*

locucions (1995) e *Diccionari de Frases Fetes* (1996). Cómpre recoñecer, sen embargo, o esforzo de sistematiza-los temas e subtemas e introducir un número considerable de UFs (máis de 6000), co fin de guia-lo lector cando, sobre un concepto, necesita unha unidade fraseolóxica que descoñece e, por tanto, non pode buscala nin alfabeticamente nin pola palabra clave.

O *Diccionari de Frases Fetes Català-Castellà, Castellà-Català* (DFF), de Joan Abril, é un diccionario fraseolóxico bilingüe cun enfoque sinxelo. Na páxina introductoria, baixo o epígrafe «Justificació», o autor di que «és una obra pensada no tan sols per fer conèixer l'equivalència de la frase feta en si, sinó també per fer-ne conèixer el significat, expressat entre parèntesis». A continuación explica, con exemplos extraídos da organización do diccionario, a afirmación anterior. Este diccionario non contén o apartado de «Instruccions», nin lista de abreviaturas.

A obra organízase da seguinte maneira, tanto para a parte catalana como a castelá: as entradas van numeradas correlativamente, a continuación colócanse os lemas por orde alfabética e destácanse en negra. Seguidamente, entre paréntese e en cursiva explícase o significado; se ten máis dunha acepción, estas numéranse. Despois, ven o significado en castelán, escrito en redonda. Finalmente, baixo a abreviatura SIN., tódalas UFs sinónimas en castelán. As variantes das UFs van entre paréntese. Por exemplo:

1419 **plegar el ram** (1 *cessar en un negoci o propòsit* 2 *deixar un ofici*)
1 recoger velas. SIN.: echarse atrás *2* cortarse la coleta.

Continúa chamando a atención que tamén este autor botara man da denominación tan ambigua de «frase feta». Probablemente, pode estar influenciado pola concepción de *frase feta* que dá o DLFF, xa que a maioría de UFs do repertorio levan verbo. Pero o autor, baixo esta denominación, tamén recolleu refráns. Só cunha ollada, atópase: 61 **allà on no hi ha pa no hi ha pau**; 64 **al pot petit hi ha la bona confitura**; 534 **Deu dóna faves (o pa) a qui no té queixals**; 1563 **qui tingui orelles que hi senti**; 1564 **qui vol peix que es mulli el cul**; 2057 **una flor no fa estiu, ni dues primavera**.

O diccionario presenta tamén outra maneira de consultalo: un «Índex de significats» ordenado alfabeticamente, de maneira que se facilita a busca dunha UF descoñecida, a través do seu significado. Por exemplo: «acabar una cosa» remite ó número 568 e atópase «568 **donar cap a una cosa**». Esta vía de acceso preséntase igual na parte castelá.

É un diccionario sinxelo, que pode ser de fácil consulta no ámbito escolar ou xornalístico, pero que non contén suficiente información para o uso adecuado das UFs.

6. Conclusións

Algúns dos trazos caracterizadores das UFs —a repetición, a fixación, a idiomaticidade e a anomalía, por exemplo— son fundamentais para entende-la importancia que estas unidades comunicativas teñen para unha comunidade lingüística. Xustamente, son as necesidades expresivas e comunicativas dos membros dun grupo, as que crean construccións lingüísticas a partir de experiencias cotiás, para poderen entende-los

conceptos abstractos mediante outros máis concretos. Se isto é así, e a teoría cognitivista dá probas diso, as UFs dunha lingua conteñen —máis do que o léxico— aspectos da historia e da maneira de relacionarse co mundo dunha comunidade lingüística. As UFs son, logo, unha marca cultural de grupo e teñen unha relevancia sociolingüística importante. Por iso, no proceso de normalización lingüística de linguas coma o catalán, o galego-portugués, o éuscaro..., que sufriron un proceso de substitución, é fundamental a valoración e o fomento da fraseoloxía e das súas aplicacións: no ensino, elaboración de diccionarios, traducción, análise do discurso e nos medios de comunicación.

En primeiro lugar, sería necesario un recoñecemento máis explícito da fraseoloxía no mundo académico, co fin de que non se considere —cando se considera—, como un subapéndice de non se sabe qué disciplina. Neste senso, as liñas de investigación antes apuntadas poden ir abrindo un camiño, aínda ben pouco pisado, na consideración da fraseoloxía como unha disciplina lingüística, que habería que incluír tamén como materia dos plans de estudio. Esta é unha condición necesaria, aínda que non suficiente, para que esta materia teña un tratamento adecuado no restantes niveis de ensino e, sobre todo, na aprendizaxe de segundas linguas.

En segundo lugar, a lexicoloxía e a fraseoloxía, nas súas vertentes aplicadas: lexicografía e fraseografía, están intimamente relacionadas, de maneira que non debía ser posible redactar un diccionario, sexa xeral, bilingüe ou fraseolóxico, sen atende-las achegas teóricas e metodolóxicas de ámbalas dúas disciplinas. Respecto á fraseografía catalana, despois de constata-las carencias das obras comentadas, apuntemos algunhas liñas de actuación que poderían servir de base para a confección de diccionarios fraseolóxicos cataláns.

1. A realización dunha pescuda documental fraseolóxica, que comporte a elaboración dun corpus fraseolóxico a partir dos textos cataláns literarios e non literarios, contrastada co material lexicográfico de que dispoñemos. Esta é unha tarefa imprescindible para a selección e normalización de moitas UFs catalanas actuais, ás veces rexeitadas erroneamente por consideralas traduccións doutra lingua e, outras veces, pola contra, aceptadas como catalanas, sen crítica, cando poden ser de dubidosa autenticidade. A sistematización desta pescuda, auxiliada polos medios informáticos, podería dar lugar á confección dun diccionario histórico de UFs catalanas.

2. A elaboración dun inventario, o máis completo posible, das UFs catalanas actuais, que haberá de partir dun corpus textual do catalán contemporáneo, informatizado, amplo e representativo, de tipoloxía diversa, co fin de evita-lo erro de segui-los diccionarios preexistentes, onde xa vimos que se continúan arrastrando as mesmas insuficiencias. Para a selección deste inventario servirá de moita axuda a investigación exposta no punto anterior.

3. A aplicación sistemática dos criterios de selección, clasificación e lematización das UFs, que se ha de espellar na macroestructura e na microestructura do diccionario. Así, teríase que atende-los seguintes aspectos:

a) Selección de acordo coa autenticidade das UFs e co alcance e a finalidade do diccionario.

b) Clasificación das UFs en colocacións, locucións, fórmulas e proverbios.

c) Inclusión de criterios precisos de elección da palabra clave (primaria e secundaria) e remisións a outras palabras.

d) Definición concreta de cada UF e presentación dos usos convencionalizados, con exemplos contextualizados e documentados.

e) Indicacións sobre as características sintácticas (réxime preposicional, complementos de persoa ou cousa, suxeito animado ou inanimado, etc.), semánticas (sinónimos, formais e dialectais, formas derivadas, antónimos) e pragmáticas (grao de formalidade, pertinencia segundo o interlocutor, adecuación ó rexistro, etc.).

f) Especificación do ámbito da UF (linguaxe técnica, da botánica, zooloxía, medicina, deporte, xogo, rondallística...).

En terceiro lugar, unha lingua de comunicación moderna debe atender tódalas necesidades comunicativas da súa sociedade e, moi especialmente, as que se crean coa aparición de novas canles comunicativas: prensa, radio, televisión, autoestradas informáticas... Medios informativos que, pola rapidez coa que han de elabora-las súas mensaxes, necesitan ter á man as fórmulas da linguaxe prefabricada e, que se non as encontran, non dubidan en collelas doutra lingua ou en facer translacións empobrecedoras. Por iso, a formación fraseolóxica, por unha banda, e a confección de material fraseográfico adecuado e de fácil consulta, por outra, será unha tarefa fundamental para os ensinantes, estudiantes, traductores, asesores lingüísticos, periodistas e profesionais da comunicación, en xeral.

Bibliografía

Abril, J. (1996): *Diccionari de Frases Fetes Català-Castellà, Castellà-Català*, Barcelona, Edicions 62, 1996.

Aguiló, M. (1914-34): *Diccionari Aguiló*, a cura de P. Fabra e M. de Montoliu, Barcelona, IEC, 1914-34 (Edició facsímil d'Altafulla, 4 vols, Barcelona, 1988-89).

Alcover, A. M. i F. de B. Moll (1926-62): *Diccionari Català-Valencià-Balear*, 10 vols., Palma, Moll, 1926-1962.

Amades, J. (1951): *Refranyer català comentat*, Barcelona, Selecta, 1985 (1a. ed.: 1951).

Balbastre, J. (1973): *Recull de Modismes i Frases Fetes Català-Castellà / Castellà-Català*, Barcelona, Pòrtic, 1973 (edició ampliada: *Nou Recull de Modismes i Frases Fetes*, 1977).

Belvitges, J., Esteve, J. i A. Juglà, (1803-1805): *Diccionario Catalán- Castellano-Latino*, 2 vols., Barcelola, Imp. Tecla Pla, 1803-1805.

Berenguer, J. A. (l995): «Marcadores discursivos y relato conversacional», *Caplletra* 18 (1995) 109-120.

Bonsenyor, J. (s. XIII): *Libre de paraules e dits de savis e filòsofs. Los proverbis de Salomó. Lo libre deAtó*, a cura de G. Llabrés, Palma, Imp. de Joan Colomar,1889.

Bruguera, J. (1994): «La lexicografia bilingüe», *Caplletra* 17 (1994) 267-272.

Bulbena, A. (1915): *Assaig de bibliografia paremiològica catalana*, Barcelona, Llibreria Antiga & Moderna, 1915.

Esteve, J. (1489): *Liber elegantiarum*, a cura de G. Colon, Castelló de la Plana, Inculca, 1988.

Cabré, M. T. (1994): *A l'entorn de la paraula*, 2 vols., Universitat de València, 1994.

Cabré, M. T. i G. Rigau (1986): *Lexicologia i semàntica*, Barcelona, Enciclopèdia Catalana, 1986.

Calatayud, J. V. (1994): *Fraseologisme i metaforització: processos de metaforització del cos humà en les unitats fraseològiques catalanes*, Tesi de llicenciatura, Universitat de València, 1994.

Calatayud, J. V. i X. Luna (l995): «Fonts per a l'estudi de la fraseologia catalana», *Caplletra* 18 (1995) 221-231.

Calveras, J. (1925): *La reconstrucció del llenguatge literari català*, Barcelona, Biblioteca Balmes, 1925.

Carneado, Z. V. (1985): *La fraseología en los diccionarios cubanos*, La Habana, Editorial de Ciencias Sociales, 1985.

Casares, J. (1950): *Introducción a la lexicografía moderna*, 2a. edició, Madrid, CSIC, 1969.

Chillón, L. A. (l995): «Discurs periodístic i fraseologia», *Caplletra* 18 (1995) 165-176.

Colon, G. i A. Soberanas (1985): *Panorama de la lexicografia catalana*, Barcelona, Enciclopèdia catalana, 1985.

Conca, M. (1987): *Paremiologia*, Universitat de València, 1987.

Conca, M. (1988): *Els refranys catalans*, València, Tres i Quatre, 1988 (3a. edició: 1996).

Conca, M. (l993): «La fraseologia en l'ensenyament de la llengua catalana», *Segon Simposi del Professorat de Valencià de l'Ensenyament Mitjà i de l'Educació Secundària Obligatòria (Elx, setembre 1993)*, Generalitat Valenciana, 1994, ps. 113-124.

Conca, M. (1994): *Teoria i història dels proverbis catalans. Aplicació a l'estudi d'un corpus paremiològic del segle XVI*, Tesi Doctoral, Universitat de València, 1994.

Conca, M. (1995): «La riquesa fraseològica en la producció rondallística d'Enric Valor», *Actes del Simposi d'Estudi i Festa Enric Valor (Castalla, març 1995)*, Diputació d'Alacant, 1996.

Conca M. i J. Guia (1993): «L'ús dels termes paremiològics en la història de la literatura catalana», *Els Marges* 48 (1993) 23-53.

Conca, M. i J. Guia (1995): «D'un complex d'inferioritat proverbial», *Caplletra* 18 (1995) 177-210.

Conca, M. i J. Guia (l996): *Els primers reculls de proverbis catalans*, Barcelona, Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 1996.

Conca, M. i J. Guia (l996): «El *mètode paremiològic* i les seva productivitat. Aplicació a *Refranes glosados* i *Tirant lo Blanc*», *I Congreso Internacional de Paremiología (Madrid, abril 1996)*, *Paremia* 6 (1997) 307-312.

Coromines, J. (1974): *Lleures i converses d'un filòleg*, Barcelona, Club Editor, 1974.

Coromines, J. i J. A. Pascual (1980-91): *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*, 6 vols., Madrid, Gredos, 1980-1991.

Corpas, G. (1997): *Manual de fraseología española*, Madrid, Gredos, 1997.

Cuenca, M. J. i J. M. Castellà (l995): «Una caracterització cognitiva de les preguntes confirmatòries (*question tags*)», *Caplletra* 18 (1995) 65-84.

Diccionari Anglès-Català, Barcelona, Enciclopèdia Catalana, 1983.

Diccionari Català-Anglès, Barcelona, Enciclopèdia Catalana, 1986.

Diccionari Castellà-Català, Barcelona, Enciclopèdia Catalana, 1985.

Diccionari Català-Castellà, Barcelona, Enciclopèdia Catalana, 1987.

Diccionari Català-Castellà-Llatí-Francès-Italià, 2 vols., editat per «una societat de catalans», Barcelona, Imp. de J. Torner, 1839.

Diccionari Català-Hongarès, Barcelona, Enciclopèdia Catalana, 1990.

Diccionari Català-Portuguès, Barcelona, Enciclopèdia Catalana, 1989.

Diccionari de Lingüística, Barcelona, Fundació Barcelona-Institut d'Estudis Universitaris Josep Trueta-Termcat, 1992.

Diccionari Hongarès-Català, Barcelona, Enciclopèdia Catalana, 1996.

Diccionari Portuguès-Català, Barcelona, Enciclopèdia Catalana, 1985.

Diccionari de la Llengua Catalana, Barcelona, Enciclopèdia Catalana, 1982 (3a. edició: 1993).

Diccionari de la Llengua Catalana, Institut d'Estudis Catalans, Barcelona-Palma de Mallorca-València, diverses editorials associades, 1995.

Escolà, J. M. (1995): *Diccionari de Llatinismes i Expressions Clàssiques*, Barcelona, Edicions 62, 1995.

Escrig, J. (1851): *Diccionario Valenciano-Castellano*, 3a. edició, ampliada per C. Llombart, 2 vols., València, P. Aguilar, 1887.

Fabra, P. (1932): *Diccionari General de la Llengua Catalana*, 5a. edició, revisada per J. Miracle, Barcelona, López Llausàs, 1968.

Faluba, K. i K. Morvay (1986): «Noticia del diccionario manual catalán-húngaro», *Acta romanica* 11 (1986) 52-81.

Farnés, S. (1992-96): *Paremiologia catalana comparada*, 5 vols., a cura J. Vidal Alcover, M. Sunyer i J. L. Savall, Barcelona, Columna, 1992-96

Ferret, A. (1968): *Parleu més bé el català*, Barcelona, Claret, 1968 (2a. edició: 1993).

Guia, J. (1995): «Introducció a la fraseologia del Tirant lo Blanc», *Afers* 20 (1995) 129-142.

Guia, J. (1996): *De Martorell a Corella. Descobrint l'autor del «Tirant lo Blanc»*, Catarroja-Barcelona, Afers, 1996.

Guia, J. (1996): «Passions paral.leles. Concordances estilístiques en la literatura catalana del segle XV», *Revista de Catalunya* 111 (1996) 137-164.

Guia, J. i M. Conca (1995): «Manlleus fraseològics i altres intertextualitzacions de les *Històries troianes* al *Tirant lo Blanc*», *Atti dei VI Convegno dell'Associazione Italiana di Studi Catalani (Cagliari, octubre 1995)*, pendent de publicació.

Haensch, G. (1988): «Cop d'ull sobre uns quants diccionaris castellà-català», *Miscel.lània Antoni Maria Badia i Margarit* 8, Barcelona, Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 1988, ps. 113-144.

Hilferty, J. (l995): «Metonímia i metàfora, des d'una perspectiva cognitiva», *Caplletra* 18 (1995) 31-44.

Huguet, G. (1920-22): «Fraseologia valenciana», *Boletín de la Sociedad Castellonense de Cultura* 1 (1920) 26-27, 33-35, 84-86; 3 (1922) 198-201, 251-253.

Labèrnia, P. (1839): *Diccionari de la Llengua Catalana, amb la correspondència Castellana i Llatina*, 2 vols., Barcelona, Estampa dels hereus de la v. Pla, 1839.

Lakoff G. i M. Johnson (l980): *Metaphors we Live by* (trad. esp.: *Metáforas de la vida cotidiana*., Madrid, Cátedra, 1986).

Luna, X. (1994): *Els aforismes de Joan Fuster: anàlisi dels marcadors discursius*, Tesi de llicenciatura, Universitat de València, 1994.

Meseguer, L. i J. Garí (l995): «Metàfora i fraseologia en el discurs costumista: Santiago Rusiñol i Marià Vayreda», *Caplletra* 18 (1995) 133-164.

Mieder, W. i G. Bryan (1996): *Proverbs in World Literature: A Bibliography*, New York, Peter Lang, 1996.

Morvay, K. (1992): «Normalització-normativització dels diccionaris catalans. El problema de les unitats lèxiques pluriverbals», *Annali dell'Stituto Universitario Orientale* (1934) 583-594.

Morvay, K. (1995): «Problemes de fraseologia i fraseografia catalanes», *Caplletra* (1995) 211-220.

Morvay, K. (1996): «Aspectos didácticos y lexicográficos de la paremiología y fraseología», *I Congreso Internacional de Paremiología (Madrid, abril 1996)*, *Paremia* 6 (1997) 423-432.

Payrató, L. (1988): *Català col.loquial. Aspectes de l'ús corrent de la llengua catalana*, Universitat de València, 1988 (3a. edició: 1996).

Pérez Saldanya, M. i V. Salvador (l995): «Fraseologia de l'*encara* i processos de gramaticalització», *Caplletra* 18 (1995) 85-108.

Perramon, S. (1979): *Proverbis, Dites i Frases Fetes de la Llengua Catalana*, Barcelona, Millà, 1979.

Piquer, A. (l995): «Fraseologia i discurs narratiu: anàlisi d'alguns casos en la novel.lística contemporània», *Caplletra* 18 (1995) 121-132.

Raspall, J. i J. Martí (1984): *Diccionari de Locucions i de Frases Fetes*, Barcelona, Edicions 62, 1984.

Raspall, J. i J. Martí (1995): *Diccionari de Locucions*, Barcelona, Edicions 62, 1995.

Raspall, J. i J. Martí (1996): *Diccionari de Frases Fetes*, Barcelona, Edicions 62, 1996.

Rodríguez-Vida, S. (1997): *Diccionari Temàtic de Modismes*, Barcelona, Edicions 62, 1997.

Salvador, V. (l995): «De la fraseologia a la lingüística aplicada», *Caplletra* 18 (1995) 11-28.

Sancho, P. (1997): *Aspectes de fraseologia. Aplicació a unitats fraseològiques del valencià*, pendent de publicació.

Solà, J. (1977): *Del català incorrecte al català correcte*, Barcelona, Edicions 62, 1977.

Solà, J. (1994): «La lexicografia general i la normativa», *Caplletra* 17 (1994) 273-290.

Schulze-Busacker, E. (1985): *Proverbes et expressions proverbiales dans la littérature narrative du Moyen Âge français*, Genève-Paris, Editions Slatkine, 1985.

Torra, P. (1640): *Dictionarium sev Thesaurus Catalano-Latinus Verborum, ac Phrasium*, 3a. edició, Barcelona, Lacavalleria, 1670.

Veny, J. (1982): *Mots d'ahir i mots d'avui*, Barcelona, Empúries, 1982.

Zuluaga, A. (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*., Frankfurt, Verlag Peter D. Lang, 1980.

Segundo debate

A. Mª TRISTÁ, Mª CONCA E J. MARTÍNEZ
Modera X. Ferro

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 169-182.
ISBN: 84-45321-67-6)

MODERADOR

Por proximidade horaria, as primeiras preguntas débense referir ás tres conferencias desta mañá, pero quedaron pendentes algunhas cuestións de onte que, se hai tempo, podemos retomar. Debe quedar claro que este Coloquio ten unha hora tope, que son as dúas. Ás dúas temos que rematar. Polo tanto, empezamos xa. Para que non haxa problemas vou facer eu a primeira pregunta, que vai referida a tódolos nosos profesores. Se algúns como o profesor Zuluaga nos discuten a presencia das colocacións na fraseoloxía, e se outros como a profesora Kótova e, se non entendín mal, incluso a profesora Conca, teñen dúbidas da inclusión dentro da fraseoloxía da paremioloxía, nós como entremetidos nesta disciplina científica a intentar facer un diccionario de fraseoloxía, temos aínda moitas máis dúbidas. Porque ¿debemos entón eliminar do noso plan de traballo as colocacións? Ou, polo contrario, ¿imos chegar a un acordo entre científicos e tanto as colocacións como a paremioloxía, e esta sería a posición da profesora Corpas, entran dentro da fraseoloxía? Porque entón o noso diccionario futuro non tería duascentas páxinas, senón seguramente vinte mil páxinas. ¿Sería posible que se discutise este tema de maneira que se nos fixese algo máis de luz? Esta é unha pregunta que tivo nomes concretos e, polo tanto, pode ter respostas concretas dende o público ou dende esta mesa. Pero gustaríame que empezase a haber respostas sobre iso. ¿Quen rompe?

Pásenlle o micrófono á profesora Corpas. Quero dicir para tódolos asistentes que, cando se publiquen as Actas, sairán publicados tamén os diálogos, que nos parece moi interesante porque, por veces, os conferenciantes non teñen ocasión de completa-lo seu pensamento e no diálogo fan precisións importantes. Polo tanto, tódolos participantes terán que cubrir despois un folio coa súa pregunta, pero tanto a pregunta como a resposta está quedando gravada.

G. CORPAS

Moi ben, eu quixera facer, en primeiro lugar, unha apreciación. E é que non se debe confundi-la fraseoloxía coa fraseografía. Iso é moi importante, porque as limitacións prácticas que ten a fraseografía non teñen por qué afectar á investigación fraseolóxica. A investigación fraseolóxica propón os seus principios, fai os seus estudios e ten as súas conclusións. Outra cousa é a fraseografía, é dicir, o diccionario fraseolóxico e a inclusión da fraseoloxía nos diccionarios, qué se vai facer con iso. Iso dependerá, esa pregunta que vostede formula non se pode contestar. Non se pode contestar porque iso dependerá do tipo de usuario do diccionario, cál é o usuario, cál vai se-la finalidade. Porque podería ser perfectamente posible confeccionar un diccionario de colocacións unicamente, monolingüe, por exemplo, de producción. Neste caso eu estaría moi de acordo co profesor Hausmann de incluí-lo que son os colocativos baixo as entradas das bases; sería perfectamente posible. Tamén se poderían facer diccionarios de paremias unicamente ou diccionarios que incluísen locucións e paremias e deixaran fóra as colocacións e as fórmulas. Se a pregunta é un diccionario xeral da lingua, da lingua galega por exemplo, que me imaxino que é o que vostedes están intentando facer, un diccionario de fraseoloxía xeral, entón terán que decidilo vostedes, que é o que queren facer. Se queren dar unha visión xeral terán que utilizar un corpus e utilizar criterios de frecuencia para dar aquelas unidades máis frecuentes, se é que é un diccionario de uso xeral e un diccionario de producción. Se vai ser un diccionario de decodificación, nese caso o mellor sería que o fixeran nun soporte informático como CD-Rom para poder incluír cantas máis unidades se queira. Pero, en realidade, esa pregunta non se pode contestar porque non ten unha resposta única, senón moitas dependendo da finalidade do diccionario e do uso que se lle vaia dar a ese diccionario, porque verdadeiramente o diccionario máis práctico ou o mellor diccionario para unha persoa é aquel que responde ás súas dúbidas, co cal segundo o tipo de usuario así será o tipo de diccionario.

Mª CONCA

Ben, eu coido que comparto a resposta, pero si que quero falar da importancia que ten que un diccionario xeral recolla as unidades fraseolóxicas e que as recolla todas: colocacións, locucións, fórmulas e proverbios ou refráns. E coido que é importante porque, precisamente, —como mínimo na nosa tradición pasou así— en catalán sempre foron diccionarios, despois son diccionarios de consulta para os que confeccionan novos diccionarios. Entón, os problemas dun volve recollelos o outro e van repetíndose duns diccionarios a outros e pasan ós bilingües tamén. Polo tanto, estou de acordo en que hai que diferenciar entre diccionarios xerais, específicos e máis propiamente de uso, para estranxeiros ou para as persoas que xa coñecen a lingua, para os falantes da lingua. Pero un diccionario xeral non tería que deixar nada fóra, ningunha das unidades fraseolóxicas porque logo iso pérdese. Por exemplo, que o DRAE ultimamente non recollera os refráns e os deixara á parte, eu creo que foi un erro, primeiro porque se pensa que como os refráns xa non son de uso, xa non fan tanta falta, ou non son tan de uso xeral ou a xente nova úsaos menos. E dá a impresión que xa non interesan, que non son de uso xeral. Ese é o problema dun diccionario xeral: todo aquilo que se deixa fóra. Claro que habería que facer estatísticas, para ve-la frecuencia, para todo o que fai falta. Pero eu, a pregunta

concreta, eu creo dende o meu punto de vista que non tería que deixar fóra as unidades fraseolóxicas que se consideren de máis uso na lingua.

J. MARTÍNEZ

Eu quería intervir en relación co que se está dicindo, coa resposta a esa pregunta, que é fundamental. Estou totalmente de acordo coa inclusión de fraseoloxía nos diccionarios de lingua, diccionarios xerais, e isto por un principio teórico fundamental. Nas unidades fraseolóxicas aparecen unidades léxicas, e dende o refrán ata unha locución trátase de elementos da lingua, de formas da lingua, onde se comproba un uso moi importante desas unidades léxicas, posto que o diccionario é un instrumento fundamental para ilustra-lo uso, para axudar ó uso da lingua, pero non podemos esquecer, de ningunha maneira, que o vocabulario aparece en unidades fraseolóxicas. Ese é un principio fundamental. Non digamos se ó diccionario se leva esa perspectiva comunicativa tan importante que nos revelou a investigación lingüística moderna, totalmente necesaria, claro, facendo as distincións necesarias. Un diccionario de lingua ten que atender a que hai unha norma, unha variedade, se queremos dicir, que é a máis importante, a máis xeral e será a fraseoloxía que apareza nesa variedade de lingua a que interese en primeiro lugar. Un problema distinto é propoñerse elaborar un tesouro, o que se chama tesouro en lexicografía. Aí tería que aparecer xa todo.

A. Mª TRISTÁ

Ben, eu penso que o diccionario depende moito da intención do autor. Se o autor se propón facer un diccionario de colocacións, faise un diccionario de colocacións. Se se propón un diccionario do que se chama idiomatismos e semi-idiomatismos, faino desa maneira. Agora, se o quere facer completo, incluír todo o que entra dentro da fraseoloxía, depende do volume tamén, porque vai resultar, como di o profesor, unha cousa xigantesca. Pero non sempre un ten nas súas mans a posibilidade de editar unha cousa xigantesca. Ás veces, pois, o que pode editar é un diccionario dunhas tres mil palabras, como o *Diccionario de Fraseología Cubana*. Non pode propoñerse máis porque é imposible. Non hai editorial que o faga. Entón, paréceme que iso é importante e por iso ó final da miña exposición eu dicía que é moi importante, e non se ten moito en conta, a presentación na introducción a un diccionario. Porque aí é onde o autor pode explicar todo o que fixo e por qué o fixo e iso xeralmente non aparece nos diccionarios, polo menos nos que eu encontrei. Pero paréceme que depende do interese que teña o autor.

J. GUIA

Eu soamente quixera facer unha puntualización terminolóxica, un pouco de terminoloxía recreativa. Collamos o paralelismo con **léxico**, **lexicografía**, **lexicoloxía** e se collemos o paralelismo da nosa disciplina, entón temos soamente **fraseografía** e **fraseoloxía**. Fáltanos un termo para designa-lo conxunto. Igual que léxico é o conxunto de vocábulos, faríanos falta **frásico** para o conxunto de fraseoloxismos ou

de unidades fraseolóxicas. Como non temos **frásico**, entón **fraseoloxía** suple, fai as funcións para designar á vez a disciplina (e este sería o senso en paralelo a **lexicoloxía**), pero ó mesmo tempo para designa-lo **frásico**, é dicir, o conxunto de fraseoloxismos (e este sería o senso paralelo a **léxico**). E claro, iso é un inconveniente, porque incluso na nosa maneira de falar constantemente estamos dicindo de incorpora-la fraseoloxía ós diccionarios e estamos utilizando aquí **fraseoloxía** como conxunto de unidades fraseolóxicas. Pero, por outra parte, estamos falando da **fraseoloxía** como disciplina na mesma conversación, incluso sen máis nada. E nese senso non sei se algún día **frásico** prosperará ou non prosperará, pero hai un inconveniente aquí de base, un inconveniente terminolóxico e polo tanto conceptual para o recoñecemento da fraseoloxía como disciplina, que xa comentamos antes, que non está recollida esta acepción nos diccionarios. Maria Conca observou que nos diccionarios cataláns aínda non hai recollida esta acepción, pero confirmástesnos que no DRAE tampouco recolle a acepción **fraseoloxía** como disciplina. E hai un inconveniente porque nós mesmos estamos utilizando sempre **fraseoloxía** como conxunto de unidades fraseolóxicas dun autor, dunha lingua, dun campo da actividade humana, etc. E é un inconveniente, simplemente quería sinalalo. Non é por lanzar, poñer en circulación un neoloxismo como **frásico**, ó estilo de **léxico**, pero, en fin, se non queda máis remedio.

C. MELLADO

Ben, en relación ó que acaba de dicir Josep Guia quería comentar que o termo **fraseoloxía** é polisémico. Por unha parte, designa o que é a ciencia fraseolóxica que se ocupa da investigación de tódalas unidades idiomáticas e, por outra parte, **fraseoloxía** designa tamén o conxunto do material fraseolóxico. E por iso, por esta polisemia, hai autores que se dedican a isto, que apoian o termo **material fraseolóxico**. É dicir, cando se refiren soamente ó que son os modismos ou as paremias, etc., nunca se refiren co termo **fraseoloxía** por este erro que pode suscitarse, senón co termo **material fraseolóxico**. Simplemente era unha aclaración que quizais pode contribuír a isto.

E eu teño unha pregunta en concreto para a profesora Tristá. Pola súa intervención puiden deducir que ela avoga por un enunciado dos fraseoloxismos nunha forma actualizada. É dicir, *No llegar la sangre al río* non sería conveniente, senón que sería máis correcto incluír isto no enunciado como *La sangre no llega al río*, respectando a orde dos elementos, se non entendín mal.

A. Mª TRISTÁ

Cando poño *La sangre no llega al río* e *No llega la sangre al río*, o que fago é poñer un exemplo de por qué non debe ordenarse, non debe de haber un tipo de organización no que se atenda á primeira palabra plena, porque cambia a orde. Nun texto calquera pódese cambiar, inverte-la orde dos compoñentes. Entón, xa polo primeiro elemento non vai saír.

C. MELLADO

Pero neste caso de *No llegar la sangre al río*, que é como se inclúe en moitos diccionarios, vostede estaría máis pola forma *La sangre no llega al río*.

A. Mª TRISTÁ

Non, *No llegar la sangre al río*.

C. MELLADO

No llegar la sangre al río. De acordo. Era unha aclaración simplemente. E con respecto ós actantes, vostede non se pronunciou. Gustaríame saber cál é a súa opinión, porque non fixo ningún comentario ó respecto: a inclusión dos actantes no enunciado dos fraseoloxismos, por exemplo no caso de *Tomar el pelo a alguien*. Isto é moi conveniente sobre todo no caso de usuarios non nativos que moitas veces se confunden, non saben se hai actantes, se estes son obrigatorios, se son facultativos, etc. E paréceme unha cuestión fundamental sobre a que me gustaría que dese a súa opinión.

A. Mª TRISTÁ

Eu non falei dos actantes porque, en realidade, despois decateime de que na organización non tiñan por qué entrar. Ademais, non me daba tempo a falar tampouco dos actantes. Pero os actantes son algo fundamental e teñen que aparecer sempre que o esixa e sempre que sexa obrigatorio. Por suposto que non vai aparecer en todos. Pero neste tipo, neste exemplo *Fulano no llegar a la chancleta a alguien*, tamén hai confusións deste elemento. Xeralmente téndese a poñe-lo *le*, *No llegarle* e limitalo á terceira persoa do singular, e unha persoa que non domine o español non sabe entón se ese *le* sempre vai estar aí ou non.

C. MELLADO

O que pasa é que iso teríase que dar un pouco na introducción do diccionario, da-las pautas de...

A. Mª TRISTÁ

Claro, no *Diccionario contrastivo de...*, ben, no novo *Diccionario de Cubanismos* vou falar, porque xa cambio o título e parece que é outro, feito en Augsburg, a decisión tomada sobre isto foi eliminar esta partícula. Imos dicir *No llegar* e poñer *No llegar a la chancleta a alguien*, *No llegar* soamente. Despois entón ponse *Alguien no le llega a la chancleta* entre dobres comiñas, creo que era. É dicir, faise unha explicación, xa que non ten exemplo. Se ten exemplos o diccionario, non hai problemas, porque entón no exemplo un pode poñelo perfectamente.

C. MELLADO

E polo que se refire ó actante do suxeito ¿este nunca aparecería, entón?

A. Mª TRISTÁ

Nalgunhas ocasións ten que aparecer, porque é o que define se é animado ou se non é animado.

C. MELLADO

Habería que dar entón unha definición semántica dos actantes tamén.

A. Mª TRISTÁ

Si, os actantes hai que telos en conta nalgunhas ocasións. É fundamental.

A. ZULUAGA

Ben, entón retomo o tema. Falan dos actantes. Eu creo que non deberiamos referirnos exclusivamente ás locucións verbais, porque tamén os outros fraseoloxismos, as outras locucións, as nominais, as adxectivas, tamén deben conter na súa descrición os aspectos definitorios da súa combinabilidade. Por certo, *Tomar el pelo* dise normalmente só de persoas. Ben, iso está ben. Hai que dicilo, ¿non? É parte da definición: *Tomar el pelo a alguien* e está moi ben. Pero, digamos, *Común y corriente* non ten restriccións clasemáticas, é dicir, non ten restriccións na súa combinatoria. *Corriente y moliente* parece que se di soamente de cousas. As dúas parecen equivalentes dende o punto de vista do contido semántico. Sen embargo, diferéncianse na súa combinatoria. Isto refírese máis ou menos ó mesmo aspecto da descrición e eu creo que o lexicógrafo pode tomar para este caso o concepto de contorno, que utiliza moi ben o lexicógrafo da Comisión lexicográfica da Academia, Seco. Manuel Seco ten un artigo excelente sobre o contorno e a definición. Creo que con isto está moi de acordo o profesor Juan Martínez Marín. Para retomar ese aspecto, pero quero referirme a un aspecto que botei de menos un pouco esta mañá nas exposicións da profesora Conca e da profesora Tristá. Mencionouse de paso e paréceme conveniente situalo. Quero polo menos presentar unha especie de esquema rapidamente. Trátase das variantes. Para o traballo lexicográfico concreto é importante ter un criterio claro. Penso que se pode falar de variantes non condicionadas e aquí teriamos aquelas, por exemplo, nas que a negación e a afirmación non se opoñen, non teñen valor opositivo. Por exemplo, *Me importa un comino* e *No me importa un comino* son variantes recíprocas. Alí non hai diferenciación semántica. Ou tamén *Llevarse de calle* ou *Llevarse de calles*. A do plural non é unha cuantificación semántica, non é unha pluralización. Son dúas variantes nas que non cambia practicamente o senso. Pero hai as outras variantes, digamos condicionadas, e aquí hai que ter en conta as marcas. Nalgúns casos hai unhas unidades que están simplemente marcadas. Outras están marcadas por oposición a outra unidade. Quero dar exemplos. En primeiro lugar, habería que ter en conta non só as marcas de asistemáticas, de diatópico, diafásico, diastrático. Hai que agregar dúas máis polo menos, lingua oral e lingua escrita e as marcas diacrónicas.

Diafásico, diatópico, diastrático, diacrónico. Para esta última, e comezo por esa, é interesante ve-las diferencias xeracionais. En certas locucións a xente nova dille a un: “Iso só o din os vellos”. Pero é bo que o diccionario as rexistre coa indicación. No meu repertorio colombiano *A Dios rogando y con el mazo dando* ou *Dios no castiga ni con palo ni con rejos*, os rapaces din: “Eso lo decía mi padre o lo decía mi abuela”. Iso en canto ás marcas diacrónicas. Non quero referirme propiamente a estadios de lingua de hai catro, cinco séculos para expresións que practicamente xa non se usan, aínda que habería que ver se é importante que o diccionario as rexistre para entender certos textos. Por exemplo, as dúas últimas edicións do DRAE non rexistran a paremia *En los nidos de antaño no hay pájaros hogaño*. É un fraseoloxismo importantísimo por exemplo para le-lo *Quijote*. É o último refrán do *Quijote* co que Don Antonio Quijano el Bueno, no seu leito de morte, resume toda a obra, resume todo o *Quijote*: “Non hai que quedar ancorado no mundo anterior, no mundo quixotesco; é unha quixotada querer quedar no mundo das novelas de cabalerías e as novelas pastorís; no mundo de antano non hai paxaros hogano; déixenme morrer; déixenme seguir dictando o testamento”. Ademais das funcións aí inmediatas de argumentación e réplica contra as parvadas de Sancho e de Sansón Carrasco, que lle din: “Home, anímese, levántese, siga vivindo, non se deixe caer, etc.”. Esa locución xa non se usa, é arcaica, pero para entender un texto de hai un par de séculos é importante. Ben, ese é outro dos aspectos da marca diacrónica. No caso das diferencias diatópicas temos a esgalla. Se nós comentámo-lo esforzo do día de onte, dicimos en Colombia *Nos sacaron el jugo*, en Cuba adoitan dicir *Nos sacaron el quilo*. Aí hai unha diferencia diatópica. Iso é moi claro. Hai moitas diferencias entre España e Hispanoamérica, por exemplo. Non é necesario deterse niso pero a marca é importante. Ou hai certas locucións que están restrinxidas a unha rexión sen que haxa propiamente unha equivalente. *Mamar gallo* en Colombia dise oitocentas veces no día, case cada falante, deses que acostuman falar permanentemente na rexión do Caribe, por exemplo. Ben, distinción diafásica, digamos por exemplo a linguaxe masculina, a linguaxe feminina. Un rapaz diría *Nos sacaron la leche*. Unha rapaza non diría *Nos sacaron la leche*, senón *Nos sacaron el jugo*, para continuar co mesmo exemplo. Aí hai unha diferencia, linguaxe masculina, linguaxe feminina, digamos de carácter diafásico. *Me importa un comino* para ilustra-las diferencias diastráticas. *Me importa un carajo* é, dende o punto de vista diastrático, expresión popular equivalente a *Me importa un bledo* ou *Me importa un comino*, que é dos estratos cultos, elevados. A isto hai que facerlle a observación de que o que é popular dende o punto de vista diastrático é diafásico dende o punto de vista das diferenciacións estilísticas. É dicir, unha expresión popular tamén é empregada polas clases cultas e elevadas, pero en ambientes familiares e coloquiais. Ese é un aspecto bastante estudiado. Lingua oral e lingua escrita tamén é bo distinguilas como parámetros separados. Eu creo poder dicir tranquilamente que no meu país, por exemplo, *Tirios y troyanos* é unha variante escrita de *Amigos y enemigos*. Ben, estes exemplos e ese esquema para o problema das variantes. Hai outro problema que quero mencionar de paso: as relacións entre variantes e variacións. Onte unha rapaza moi simpática, non me quedei co nome completo desgraciadamente, sei que ten un nome moi pequeniño e descritivo, Concha, Conchita, tróuxome este recorte de prensa: *No dejes para*

mañana lo que puedas dejar hoy, contra o tabaco, contra os fumadores. Dende o punto de vista, digamos, funcional, sincrónico, é unha mera variación, non variante, variación de *No dejes para mañana lo que puedas hacer hoy*. Se se consagra polo uso, digamos, para emprega-la terminoloxía usada onte, se se institucionaliza, entón convértese nunha variante cunha diferenciación de significado. E é unha construcción que aproveita un molde fraseolóxico para unha creación nova. Xa a paremia *No hagas hoy lo que puedas dejar para mañana*, que é moi propia da linguaxe xuvenil —os falares xuvenís son particularmente lúdicos— se está consagrando, polo menos no meu país, xa deixa de ser unha variación para converterse en variante. O problema é que non sexa iso que chama Fleischer fraseoloxismos ocasionais; eses non son fraseoloxismos, son meras variacións. E os efectos de senso xa os comentamos moitas veces. Pero cando se xeneraliza o uso, se institucionaliza, entón convértense en variantes. Outra observación, xa que parece que me fixen dono do micrófono, se me permiten, de paso, hai unha frase de Hausmann supremamente lúcida e esclarecedora para o traballo lexicográfico práctico. Repítoa en alemán para...

[...]

...de cacao, non. Entón non está ben dicir que os diccionarios xerais inclúan as paremias ou os fraseoloxismos como exemplos de uso dos lemas das unidades. Porque isto ten todas estas peculiaridades das que estivemos falando. Ben, tal vez dende o punto de vista meramente da forma material, dende o punto de vista meramente semasiolóxico, pero é moi bo ter claridade sobre ese aspecto. En cambio, unha colocación si sería un bo exemplo de uso. Iso si. Ben, tamén outra observación de paso, dunha das conferencias desta mañá. Non me gusta a distinción entre fraseoloxismos periféricos e fraseoloxismos centrais, porque é moi bo utilizar na terminoloxía —e é o principio noso de traballo— o máis posible a linguaxe corrente para que a divulgación dos resultados do traballo sexa tamén alcanzable e comprensible para a maior cantidade de público posible. Esa designación pode inducir a confusión ou a malentendido, porque é coma se houbera dúas clases e xa dixemos moito e tivemos problemas concretos en que é máis importante, e acércase máis ós feitos, falar da gradualidade. Hai graos de fixación e hai graos de idiomaticidade. Eu creo que non se necesita dicir máis ó respecto. Ademais, esa distinción é da fraseoloxía soviética e é un préstamo imprudente dunha distinción moi importante na teoría económica marxista da dependencia. Os países centrais ou metrópoles e os países periféricos, que explica moitísimo das relacións internacionais dende o punto de vista político e económico. Pero para a fraseoloxía e a lingüística non nos serve. E, por último, o problema dos trazos pragmáticos. Hai un tipo de fixacións que son de emprego, e menciónoos porque é un aspecto pouco importante, pero é bo telo en conta por claridade. Hai fixacións de posición no texto. Hai fixación inicial, fixación medial e fixación final. Inicial: *Érase una vez*, *Había una vez*, *Es war einmal*, *Il était une fois*, que comeza un texto narrativo, crea a perspectiva de pasado, orienta xa o lector e dille: “O que vostede vai escoitar aquí é unha narración, probablemente unha narración fantástica”. Hai unha fixación medial no texto: *Dicho y hecho*, é unha especie de bisagra, *ein Scharnier*. Conecta o que se dixo antes e o que se vai dicir despois. Tamén locucións como *Por el contrario*, *Sin embargo* teñen

esa fixación medial. E fixación final, de final de texto, terminan un texto e indícanlle ó oínte ou ó lector: "Aquí acaba isto". *Y fueron felices y comieron perdices* ou *Patatín patatán, Que patatín patatán*. Pero hai outro problema moito máis delicado, que é o da inclusión das indicacións pragmáticas na descrición no diccionario. Na miña opinión, é bo indicar cando hai unha fixación pragmática, é dicir, unha fixación de uso; pero fixación de uso na interacción social, é dicir, no tráfico interindividual, soamente neste senso. O exemplo que nos deu o profesor Juan Martínez: *—Mucho gusto en conocerlo —El gusto es mío*, para aceptar unha presentación e para responder a esa presentación; aí hai unha fixación pragmática, fixación de uso pragmático na acción interindividual. Para felicitar polo aniversario *Feliz cumpleaños* ou *Feliz día* ou manifestar condolencia: *Sentido pésame*, popular, *Sentidísima condolencia*, culta, etc. Cando hai fixación pragmática isto si responde, require necesariamente ser incluído na descrición. Pero, en principio, todo o acervo das outras locucións, isto é, os enunciados formulísticos de fixación pragmática, é tratado un pouco á parte e por iso normalmente se exclúe dos fraseoloxismos. Definilos outros cunha función pragmática é moi perigoso e pode conducir a confusións. Eu creo que anotei por aí algún exemplo, pero agora non recordo, pero por exemplo: *Perro que ladra no muerde* pode servir para insultar ó outro, pero pode servir para darlle ánimo, para entusiasmalo e quitarlle o medo, para que afronte unha situación que se lle vai presentar. Pode ter un emprego de chiste, etc. Iso si, as funcións pragmáticas dos enunciados non fixados a situacións concretas, rituais, da interactividade social son múltiples, potencialmente son múltiples. Depende da situación na que se empreguen. E entón isto sería unha réplica, paréceme, á observación das locucións. O que pasa é que nos diccionarios din: "Úsase para tal cousa", e acaban explicando o senso, o uso, pero a pragmática defínese soamente como o emprego da linguaxe na acción interindividual, na interacción, non no manexo dos signos para comunicar unha mensaxe. Ben, creo que falei demasiado, pero parecíame interesante facer estas observacións en forma esquemática.

G. CORPAS

Eu, moi brevemente, quería facer un comentario acerca dos refráns, a propósito dunha afirmación que fixo anteriormente a profesora Conca, que dicía que en xeral pénsase que os refráns non se usan en español, que xa non se usan. E eu quería dicir que ese é máis ben un sentimento, un convencemento que se ten xeralmente, incluso Lázaro Carreter dicía que estamos asistindo á morte do refraneiro e isto non é certo. Non é certo porque eu comprobeino empiricamente. Estudiei cen refráns nun corpus de español de dez millóns de palabras e non soamente comprobei que se están utilizando, senón que cumpren unhas funcións discursivas e sociais moi importantes na lingua española, tanto en textos escritos como en textos orais. E, como dicía o profesor Zuluaga, un mesmo tipo de paremia é plurifuncional. Pode servir para moitísimas cousas. Entón, hai que buscar algunha maneira de incluír estas unidades, polo menos as máis frecuentes, nun diccionario de uso e tamén dar exemplos concretos dese uso, e cales son os usos máis típicos ou os usos máis repetidos dunha determinada paremia. E tamén a súa forma, porque xa sabemos que con dicir *Cría cuervos* todo o mundo o entende e teriamos que ver se esa forma, ó da-los exemplos,

se repite sempre *Cría cuervos* ou se repite completa. Ou, por exemplo, *De casta le viene al galgo*, a continuación é *el ser rabilargo*. ¿Quen di hoxe en día *el ser rabilargo*? Ninguén. Entón teriamos que pensar de qué maneira o imos incluír. É unha apreciación. Outra apreciación en favor das colocacións. De novo, repetireime, pero voume repetir con variantes, con variantes ou variacións, como guste o profesor Zuluaga. Son imprescindibles nun diccionario, de calquera tipo. Calquera diccionario que pretenda definir unha unidade léxica ten que ter en conta as colocacións, porque soamente así se poden defini-las excepcións dalgunhas palabras. Volvo ó exemplo de *Domar los zapatos* do profesor Hausmann. Se non se ten en conta a base, que son *zapatos*, ¿como se vai explicar esa acepción metafórica dese lema? É imposible. Hai que facer referencia, por forza, gústenos ou non nos guste, ás colocacións.

E, por último, unha reflexión, digamos, xeral. Estamos propoñendo non un diccionario, senón un mastodonte, se hai que meter tódalas unidades fraseolóxicas do galego ou do catalán ou do español. Ademais téñense que describir tódalas súas características semánticas, formais, pragmáticas, variantes, variacións, modificacións, manipulacións, exemplos; se todo iso hai que facelo é imposible confeccionar un diccionario. Hai unha serie de problemas prácticos de espacio, de diñeiro, fundamentalmente o diñeiro é o máis importante. Realmente o problema da lexicografía é o espacio e o diñeiro. O diñeiro ¿por que? Porque non hai editorial que vaia sufraga-los gastos dun volume dese tipo, salvo que sexa unha editorial altruísta e se dedique a facer un volume, é dicir, un diccionario en cincuenta mil volumes, que tampouco é práctico. Entón, volvo ó que dicía ó principio e repítome: que terán que decidir cáles son os criterios de inclusión, terán que decidir se lles interesa que o lector sexa capaz de le-lo final do *Quijote* ou que sexa capaz de utilizar unha paremia en contexto. É dicir, haberá que sopesar e equilibrar que é o máis importante, unha gran riqueza macroestructural, se fora fraseolóxico, isto é, incluí-lo maior número de unidades fraseolóxicas posibles ou ben ofrecer ó usuario unha riqueza microestructural, isto é, presentar unha menor cantidade de unidades pero mellor e máis completa. Iso é algo que teñen que decidi-los compiladores do diccionario e a editorial, fundamentalmente. E logo poñelo ó servicio dos usuarios e esperar que os lexicógrafos e metalexicógrafos despois fagan a recensión crítica na que sempre atopamos defectos. Iso é porque *Nunca llueve a gusto de todos* e termino cunha paremia. Moitas gracias.

Mª CONCA

Retomando a palabra verbo do que acaba de dicir Gloria Corpas, coido que se poderían facer diferentes diccionarios. Por exemplo, o histórico, unha lingua si que necesita ter un diccionario de fraseoloxía histórico porque, precisamente por iso, porque aínda que haxa unidades fraseolóxicas que se deixaron de dicir son moi importantes para ler, ben en catalán o *Tirant* ou en español o *Quijote* ou en galego os poetas medievais. É necesario. Á parte desta función de podernos axudar nestes aspectos tan importantes do coñecemento literario, tamén é necesario para o estudio deses fraseoloxismos coñece-la súa evolución diacrónica; é fundamental. De feito, moitas linguas non teñen este diccionario fraseolóxico histórico ou etimolóxico, ou

como o queiramos dicir. O inglés si que o ten, teñen un bo diccionario neste senso, pero o italiano ou incluso o francés (ben o francés si que ten a documentación de proverbios da Idade Media, o traballo de Morawski). Pero fai falta, eu creo que é importante que as linguas normalizadas teñan un diccionario fraseolóxico histórico para todos estes usos e para usos do investigador, para calquera que teña que confeccionar un diccionario bilingüe por exemplo, castelán-catalán ou galego-catalán e diga: "Ben, agora ¿con esta unidade que facemos? ¿É unha translación? Poño un exemplo do catalán que aparece en Raspall Martí, no *Diccionari de locucions i de frases fetes*: *Beu-te esta*. Ben, pois *Beu-te esta* parece se-la translación ó catalán do castelán *¡Chúpate esa!* e recorda perfectamente os fraseoloxismos usados por Pedrín no cómic Roberto Alcázar. E parece ser que se teña necesidade en catalán desta expresión que non é de uso. Ben, é moi sospeitosa. *Beu-te esta*, iso non pode ser. Ademais, é que nin estructuralmente funciona en catalán. E polo tanto, é un exemplo concreto, pero para todos estes aspectos é moi importante a fraseoloxía, as unidades fraseolóxicas documentadas, face-la diacronía, coller unha unidade e ir facendo a diacronía desa unidade, ver qué evolucións, qué variantes. Aí hai un mundo riquísimo que nos daría moita información para o uso actual, para o uso pragmático, para o uso xeral no momento actual. E si que se ten que elixir que se fai primeiro. ¿Que necesitamos primeiro: o diccionario de fraseoloxía histórica? Ben, pois, non sei, decídese. ¿Que necesitamos: un diccionario de uso, de usos pragmáticos? Pois haino que facer. Nese senso tódalas variantes son importantes. Se se elixe xa un diccionario de usos, de usos orais, coloquiais, entón temos avanzado moito a selección das unidades fraseolóxicas, porque serán as que sexan máis comunicativas na lingua oral e tamén neste caso, á hora de cualificalas cos valores pragmáticos, será máis doado. Despois para quén vai destinado. A finalidade dun diccionario é fundamental e as instruccións. Un diccionario ten que ter instruccións. E quen o confeccione ten que dicir: o noso criterio é este, a nosa finalidade é esta, as normas de abreviaturas que usamos son estas. Todo iso moi claro, pode quedar un diccionario didáctico e servible. E qué nos fai falta. Pois ben, este campo, como xa puxemos de relevo, está moi pouco traballado, é un campo por rozar, aínda que tampouco hai que quitar importancia a todo o traballo que hai feito. Pero se estamos intentando perfeccionalo ou poñer un pouco de orde, pois posiblemente teñamos que decidir. Todo, todo nun único diccionario é practicamente imposible, iso sería xa dicir, ben estes fraseólogos están todos... Hai que seleccionar e poñer orde. Pero todo é posible. Eu creo que si que é posible. O feito de que o esteamos propoñendo supón que é posible chegar a te-la inserción fraseolóxica correcta nos nosos diccionarios.

J. MARTÍNEZ

Eu quería intervir para aclarar e precisar algunhas cuestións. Así, por exemplo, con relación ó que se dixo de se incluír información sobre actantes ou non, o problema das variantes ou unidades que teñen máis dun valor, etc., paréceme que para resolve-lo problema non hai que esquecer que as unidades fraseolóxicas son signos lingüísticos. Unha unidade fraseolóxica é un signo lingüístico que ten un significante e ten un significado con todo o que implica iso. Por conseguinte, é un erro dar unha unidade fraseolóxica como *Tomar el pelo a alguien*, porque ese *a alguien* —fixérono

e ségueno facendo algúns diccionarios— non é un elemento da unidade fraseolóxica. Por iso os bos diccionarios dan ese *a alguien* entre parénteses, para indicar que non é que o elemento estea fixado así como compoñente, *a alguien*, senón que ese elemento pode variar. Non digamos se, como fan algúns diccionarios, *Tomarle el pelo a alguien.* Aí o significante da unidade está mal interpretado. Falei dalgunhas destas cuestións nun traballo meu que se titula "Fraseología y diccionarios modernos del español", está incluído nese libro *Estudios de Fraseología española* que se mencionou esta mañá. O mesmo ocorre co significado. Está saíndo aquí que hai paremias que poden ter máis dun senso, que poden ter máis dunha función pragmática ou comunicativa, como queiramos dicir. ¿Que é o que ocorre? Pois que, de acordo coa situación, así é o valor. Hai que atender, o mesmo que se fai no tratamento lexicográfico do vocabulario en xeral, a que as unidades fraseolóxicas poden ter distintas acepcións, se queremos utiliza-lo termo tradicional. De maneira que operar coa idea de que as unidades fraseolóxicas son signos lingüísticos paréceme fundamental.

C. MELLADO

Quería replicar á súa intervención, profesor Martínez. Non estou de acordo en que os actantes obrigatorios non sexan parte integrante do fraseoloxismo, porque no caso de *Tomar*...

J. MARTÍNEZ

Non dixen iso eu.

C. MELLADO

Eu entendinlle iso, que non forman parte do fraseoloxismo. Entendín iso.

J. MARTÍNEZ

Referinme á maneira de da-lo significante, á maneira de interpreta-lo actante no significante.

C. MELLADO

Eu creo que é fundamental integra-los actantes, porque de non facelo pode inducir a un uso incorrecto dese fraseoloxismo. É dicir, en español non é correcto dicir *Yo tomo el pelo*, sen dicir a quen. É dicir, é un enunciado que non está completo. Aí falta algo.

J. MARTÍNEZ

Falta, por suposto.

C. MELLADO

Falta algo. Entón, ese algo hai que incluílo no enunciado para poder facer un uso correcto, sobre todo de cara a un falante non nativo que non sabe se ese enunciado ou se ese fraseoloxismo ten unha serie de actantes que dependen del.

J. MARTÍNEZ

Pero non se pode dar, como se fixo tradicionalmente, dicindo *a algo, a alguien*, así, como se ese *a algo, a alguien* fora un compoñente do mesmo nivel que *tomar* ou *el pelo*.

C. MELLADO

É que está claro que ó poñer *a algo, a alguien*, ese *algo* hai que sustituílo no discurso. Está claro que é un actante.

J. MARTÍNEZ

Pero hai que diferencialo na maneira de da-lo significante. Hai que diferencialo dalgunha maneira porque, se non, imaxine un estudiante estranxeiro podería interpretar que como están na mesma tipografía é un elemento máis. Por iso, a partir dun certo momento, e na lexicografía teórica emprégase —o profesor Zuluaga xa o dixo—, na lexicografía do español concretamente empregáronse os conceptos de contorno e tamén réxime lexemático. Entón os bos diccionarios cando dan ese compoñente de expresións coma esas *a alguien, a algo*, dano entre parénteses ou entre corchetes e na introducción explícase qué senso ten dalos así. Porque, claro, é que ese *a alguien* pode ser *Me tomó el pelo, Le tomó el pelo, Nos tomó el pelo, Os tomó el pelo*, etc. E o que quere indicar ese paréntese que encadra *a alguien* é precisamente que pode variar nese senso.

C. MELLADO

Ben, os actantes designan normalmente a parte actualizable no discurso. É dicir, non é ningunha contradicción que apareza no enunciado *a alguien* ou *a algo*, porque unha persoa que vai utilizar ese diccionario, que lea as instruccións sabe de antemán que iso vai ser substituído no discurso, na fala, por un pronome ou por un substantivo. Non é ningún inconveniente en ningún senso. E no caso das parénteses sería totalmente erróneo poñe-los actantes entre parénteses. ¿Por que? Porque os parénteses normalmente adoitan utilizarse para os actantes non obrigatorios. É dicir, que aí habería unha confusión. Normalmente nos diccionarios, os que eu domino e os do alemán, está xa como algo que é unha institución: poñe-los actantes facultativos entre parénteses e os obrigatorios poñelos simplemente ó nivel do resto das palabras do enunciado.

J. MARTÍNEZ

Por suposto que se poden utilizar distintos procedementos. Eu no que estou insistindo é que hai que diferenciar no significante eses feitos, utilícense parénteses, parénteses

redondos, cadrados, distinto tipo de letra, maiúsculas e, naturalmente, na introducción, na presentación do diccionario, todos eses feitos hai que aclaralos.

C. MELLADO

É que o feito de utiliza-la palabra *a alguien*, é dicir, utiliza-lo pronome neste uso non referencial, de feito xa está diferenciando esta palabra do resto dos compoñentes. Porque os pronomes na fala utilízanse de maneira referencial. Se eu poño *a algo* ou *alguien*, estounos utilizando de maneira non referencial e con iso xa estou solucionando o problema, porque iso quere dicir que hai que actualizalo no discurso. É dicir, non hai ningún tipo de confusión, eu non vexo a confusión por ningunha parte.

J. MARTÍNEZ

Pero convén diferenciar. Polo que eu coñezo dalgúns diccionarios convén diferenciar que aí atopámonos con dous tipos de compoñentes no significante da unidade fraseolóxica.

MODERADOR

Ben, son as dúas da tarde e en algo debemos ser puntuais. Moitas gracias a todos e verémonos á tarde ás catro e media.

A fraseoloxía nos diccionarios éuscaros. A lingua vasca

JAVIER CALZACORTA
Universidad de Deusto

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 183-192.
ISBN: 84-45321-67-6)

This paper focuses, first of all, on the features of Basque. This language is agglutinative, with declension. This implies, among other things, that there is not a prepositional system in the language, but a system of post-positions. After having made a diachronic study from the 18th century with the work of Padre M. Larramendi, the dictionaries of R. Mª de Azkue and P. Lhande came out at the beginning of the 20th century. In the last twenty years important dictionaries such as *Diccionario de Autoridades* by Retana, the work *Hauta-Lanerako Euskal Hiztegia* by I. Sarasola and the *Diccionario General Vasco / Orotariko Euskal Hiztegia* by L. Michelena have been published. Once we have made an inventory of the phraseological works, we will analyse how fixed expressions have been included in Basque dictionaries.

En esta conferencia se exponen en primer lugar las características de la lengua vasca. Ésta es aglutinante, con declinación. Ello implica, entre otras cosas, que no tiene un sistema prepositivo sino de posposiciones. Tras hacer un recorrido diacrónico a partir del siglo XVIII, con la obra del Padre M. Larramendi, nos encontramos a principios del siglo XX con los diccionarios de R. Mª de Azkue y de P. Lhande. En los últimos veinte años ha habido importantes diccionarios como el de *Autoridades* de Retana, el trabajo *Hauta-Lanerako Euskal Hiztegia* de I. Sarasola y el *Diccionario General Vasco / Orotariko Euskal Hiztegia* de L. Michelena. Después de hacer un inventario de los repertorios fraseológicos se expone la forma en que las expresiones fijas han sido insertas en los diccionarios vascos.

O tema que se me asignou é, como todos vostedes saben, a fraseoloxía nos diccionarios éuscaros. Antes de entrar de cheo nos problemas que presenta a fraseoloxía nos nosos diccionarios, vexo necesario facer unha especie de introducción á lingua vasca, ós

problemas ou peculiaridades que presenta para o que se acerca desde una lingua neolatina. É necesario tamén ter en conta o estado de unificación da lingua e os estudios e traballos de lexicografía no País Vasco.

A lingua vasca ou *euskera* estivo e está fragmentada nunha diversidade de dialectos que se falan en sete provincias. Catro delas están no territorio español e tres no francés. Entre nós fíxose unha distinción que é primordial: a dos dialectos falados, por unha parte, e a dos dialectos literarios, por outra. Os dialectos literarios son, como é de supoñer, menos, e tiveron un cultivo literario que arrinca desde diferentes épocas. Así temos o labortano literario, que se desenvolveu en Labort, provincia máis occidental da zona vascófona francesa, a principios do XVII. O guipuscoano literario tivo un cultivo posterior, a partir de mediados do XVIII, e o biscaíno, a principios do XIX. A Academia de la Lengua Vasca creouse en 1918. O primeiro presidente foi Resurrección María de Azcue, de quen falaremos máis tarde. Un dos obxectivos fundamentais da Academia de la Lengua Vasca ou Euskaltzaindia foi a unificación do éuscaro. Dita unificación non está resolta en tódolos seus puntos, xa que aínda se dictan "normas" de ortografía, morfoloxía, etc.

Estructura da lingua

Antes de analiza-los problemas que presenta a fraseoloxía do éuscaro, é indispensable esbozar minimamente a estructura desta lingua. En primeiro lugar diremos que a lingua vasca ten declinación. Como di Michelena "Tiene prácticamente una sola y única declinación, que se forma siempre con los mismos elementos sufijados, a diferencia del latín o del ruso, que tienen varias y muy diferentes declinaciones, según la clase de temas nominales o pronominales. También la conjugación o flexión verbal está regularizada, aunque no tanto como la declinación o flexión nominal". A lingua vasca é polo tanto aglutinante; segundo palabras de Michelena "Mientras en una lengua como el latín, una de las llamadas flexivas, tenemos en el nominativo plural *porta-e* "puertas", *domin-i* "señores", *templ-a* "templos", *host-es* "enemigos", *arcu-s* (con u larga) "arcos", etc., en que terminaciones de forma distinta expresan categorías gramaticales idénticas (aquí, a la vez, número y caso), una lengua aglutinante que se condujera como le corresponde tendría siempre que tener una sola forma, siempre la misma, como expresión de una categoría y una sola categoría como contenido de cada una de las formas. De ejemplo vasco podría servir, entre muchos, *bizar-dun-a-ren-a-re-ki-n*, "con el (la, lo) del barbudo", literalmente "barb-udo-el (la, lo)de el (la, lo)-compañia-en", cadena de significantes uniformes y unívocos que determinan a los anteriores y van siendo determinados por los siguientes"[46]. Como a lingua vasca ten declinación, non entran no seu sistema as preposicións. Todos sabemos que as linguas neolatinas expresan a relación entre palabras por medio de preposicións. A lingua vasca utilizará posposicións. Así por exemplo, *caer de bruces* en éuscaro dise *buruz behera erori*, *jausi* ou *musturrez aurrera jausi* ou *zerraldo erori*. En todos eles dicimos "caer" *erori* ou *jausi* pero o termo *behe* "baixo" co caso adlativo *-ra*, é dicir *behera*, rexe caso instrumental *-z* nos termos que lle anteceden *buru* "cabeza" *mustur* "morro, fociño". Así temos *buru-z*

---

[46] MICHELENA, Luis: *La lengua vasca* Leopoldo Zugaza, Editor 1977 Durango p. 35.

(instr) *behe-ra* (adl) *jausi*, *musturr-ez* (instr) *behe-ra* (adl) *erori*. Pero tamén temos *zerraldo erori* na que *zerraldo* significa "ataúde". *Zerraldo erori* literalmente significaría "caer coma un ataúde". Existen interesantes traballos das posposicións vascas de Azcue[47], Villasante[48] e Jesús Mari Aguirre[49].

Os diccionarios vascos

A primeira obra escrita vasca data de 1545. Temos un diccionario do XVI, concretamente de 1562 pero que non foi publicado ata 1958[50]. Os primeiros traballos lexicográficos serios, que saibamos, son do século XVII. Así témo-lo magnífico diccionario manuscrito de Silvain Pouvreau, que aínda non se publicou pero que serviu como fonte para elaborar outros diccionarios[51]. Este diccionario tiña a particularidade de ser éuscaro-francés con abundantes exemplos de autores contemporáneos como Axular e coas notas de Oihenart[52]. As notas de Oihenart non se limitan soamente a defini-la palabra vasca en francés. Ás veces exemplificando pon o caso no que se usa a palabra e outras veces sinala as expresións fixas vascas. Así temos **Erk'aina**. Le bout des doigtz. *Erk'ainetan hori badaqui*. Il sçayt cela au bout des doigtz, é dicir, "saber polos dedos". **Garaba**. Aucun. *Esta garabic*. Il ny en a pas vn seul. Neste exemplo temos outra expresión fixa xa que "garaba" literalmente non significa "ninguén" "aucun" senón "gran". A expresión vasca *ezta garaurik* significa "nin gran", é dicir, "ninguén, nada" *Galdu-gordea*. Perdu a perdre. *Galdu gordean doa*, Il va se perdre. Ademais dos fraseoloxismos temos algún refrán como **Harçarezea**. Reculer ou destoruner. On dict en prouerbe *astocumea harçara*, lasnon va a reculons.**Jondone Marhiari oloac pagazea**. Cest dautan qu'en nauarre et en Castille la Vieille, le terme pour payer les rentes dauoyne estoit a la saint Martin.

O século XVIII

Os diccionarios vascos presentan unhas peculiaridades especiais. En primeiro lugar non houbo ata os nosos días un diccionario vasco que tivera as palabras definidas en lingua vasca. Farei un *inventarium* dos principais diccionarios vascos. Temos en primeiro lugar

---

47 AZCUE, Resurrección María: *Morfología vasca* 1925, Editorial vasca Bilbao.

48 VILLASANTE, Luis: *Estudios de sintaxis vasca* Serie Eleizalde nº 5, 1983.

49 AGUIRRE, Jesús Mari: *Euskal Gramatika Deskriptiboa* Labayru Ikastegia 1991.

50 LANDUCHIO, N.: *Dictionarium Linguae Cantabricae*(1562) San Sebastián, 1958. Este diccionario foi publicado por Luis Michelena e Manuel Agud cunha interesante introducción de Luis Michelena.

51 O diccionario manuscrito de Silvain Pauvreau encóntrase na Bibliothèque Nationale de Paris. Existe unha fotocopia no Fondo Julio Urquijo, no Koldo Mitxelena kulturgunea de San Sebastián.

52 Existe bibliografía sobre as notas de Oihenart e o diccionario en cuestión. Así temos Oihenart A: Notes d'Oihenart por le Vocabulaire de Pouvreau", *Revista Internacional de Estudios Vascos*, 1910, IV, pp. 220-232 y VINSON, Julien: "Les citations de vocabulaire basque-français de S. Pouvreau", *Revue de Linguistique et de Philologique Comparée*, 1909, XLII, 161-163.

o diccionario de Larramendi de 1745[53]. Este diccionario ten a particularidade de ser trilingüe, do castelán ó éuscaro e latín. É o diccionario máis utilizado nos séculos XVIII e XIX. Este diccionario, ademais de palabras castizas ou auténticas, posúe un gran número de neoloxismos inventados polo autor. O diccionario de Larramendi dá cabida a un importante número de refráns ós que chamaremos como Alberto Zuluaga enunciados fraseolóxicos (EF). Así na entrada **Abad** lese: A tal abad, tal Monacillo, *nolacó jabeá, alacó tresneá*. Lat. Dignum patella poerculum. El abad de donde canta de allí yanta, *nondic lan, andic jan*. Como canta el abad responde el Monacillo, *nola da hiztuna, alada enzuna, esale, enzule.*

Como vemos na entrada **Abad** aparecen varios refráns en castelán coas súas correspondencias latina e vascas. Unha palabra clave dun refrán castelán "A tal **abad**, tal monacillo" enlázase coas súas correspondencias vascas "Nolako jabea, halako tresnea" que literalmente significa que "el instrumento es como el dueño, como el que lo tiene". Pierre d'Urte confeccionou un gran diccionario cara a 1715, *Dictionarium latino-cantabrico*, que durante séculos permaneceu inédito en Londres. Patricio Urquizu encargouse na súa tese doutoral de analizar e despois publica-la obra[54]. Pierre d'Urte era un gran coñecedor da lingua vasca, traductor en parte da *Biblia* e dunha gramática: *Grammaire Cantabrique basque*. O diccionario ten gran cantidade de entradas, pero é difícil encontrar unidades fraseolóxicas. Aparecen as palabras coas correspondencias en diferentes linguas. Para a palabra **asinus,-i**, temos en francés *asne*, castelán *burro*, latín *asinum*, éuscaro *asto*.

O século XIX

No século XIX temos gran cantidade de diccionarios. Intentarei esboza-los máis importantes. Na zona vasco-francesa, ou de Ultrapuertos, temos o de Fabre[55] que é francés-éuscaro. O diccionario de Van Eys[56] é do éuscaro ó francés con definicións en francés. Temos tamén a finais do XIX, en 1899, un interesante vocabulario trilingüe de autor descoñecido *Vocabulaire trilingue français-espagnol-basque*[57]. Este vocabulario agrupa as palabras por campos semánticos. Ten unha sección "sentences et proverbes" na que aparecen refráns franceses, casteláns e vascos traducidos ás tres linguas; sen

---

[53] LARRAMENDI, Manuel de: *Diccionario trilingüe del castellano, bascuence y latín su autor, el Padre Manuel de Larramendi, de la Compañía de Jesús, dedicalo a la mui noble, y mui leal provincia de Guipúzcoa, año 1745*. Con privilegio. En San Sebastián: Bartholomé Riesgo y Montero, 1745 (2 vols., 30 cms).

[54] URQUIZU, Patricio: *Pierre d'Urteren hiztegia* I y II Londres 1715, Mundaiz 1986-1987.

[55] FABRE, Marie Hyacinthe Louis: *Dictionnaire français-basque*. Bayonne: P. Cazals, 1870 (VIII-400 pp., 26, 5 cms).

[56] EYS, Willem J. Van: *Dicctionnaire Basque-Français*. Paris: Maisonneuve; Londres: Williams an Norgate, 1873 (XLVIII-415pp., 24 cms).

[57] O autor escóndese baixo as siglas F. J-M: *Vocabulaire trilingue français-espagnole-basque*, Bayonne Lamaignère 1899.

embargo, non aparecen expresións fixas. O diccionario de Chaho[58] é quizais o máis sorprendente, posto que é éuscaro-francés-español e latín.

Existe un importante número de diccionarios manuscritos que se publicaron recentemente e outros que non viron a luz aínda. Son de recente publicación, por exemplo, os diccionarios de Añibarro[59] e Iztueta[60]. Están sen publicar, entre outros, os de Archu, Darricarrere e Duvoisin.

Na zona vasco-castelá foi de amplo uso o de Jaizkibel[61] e o de Astigarraga[62]. Existen, á súa vez, gran cantidade de manuais, gramáticas e guías de viaxeiro con vocabularios e glosarios. Citarei como exemplo de gramáticas con glosarios a Lécluse[63], Gèze[64], Huici[65]. Algúns métodos para ensina-lo castelán nas escolas vascas do século XIX eran practicamente glosarios nos que aparecía a palabra vasca coa súa correspondente castelá[66]. Neste tipo de libros no que aparecían conversacións con "frases usuais" podían aparecer certas *expresións fixas*. No Método práctico de Jose María Eguren aparecen, por exemplo, *Cirt edo zart eguin bear da* "Es necesario resolverse" *Guiar guiarrean icutu dit* "Me ha herido en lo máis vivo"(190-191 pp.) na que *cirt edo zart e guiarrean icutu* son expresións fixas en éuscaro. Nas gramáticas e diccionarios, sen embargo, a fraseoloxía dificilmente ten cabida.

O século XX

No século XX os diccionarios máis utilizados ata os nosos días foron os de Pierre Lhande, Resurrección María de Azcue e López Mendizábal. O de López Mendizábal *Diccionario Castellano-Euskera* (1916) tivo un uso que se explica pola súa sinxeleza e

---

58 CHAHO, A.: *Dictionnaire basque, français, espagnol et latin*. Bayonne 1856.

59 O diccionario de Añibarro publicouno Luis Villasante *Voces diferenciales vascongadas* Bilbao 1963. O diccionario está composto cara 1800.

60 O diccionario de Iztueta publicouno Patri Urquizu pero, en realidade, non adoece de erros de vulto.

61 AIZKIBEL, J. F.: *Diccionario Basco-Español, titulado Euskeratiko Erderara biurtzeko itz-tegia*. Tolosa, [1883-1885]

62 ASTIGARRAGA, L.: *Diccionario manual bascongado y castellano*. San Sebastián, 1825.

63 LECLUSE, M. F.: *Grammaire basque* Bayonne 1874.

64 GEZE, Louis: *Eléments de grammaire basque* dialecte souletin suivis d'un vocabulaire basque-français & français-basque Bayonne 1875.

65 HUICI, Victoriano: *Manual de gramática bascongada*, Pamplona 1899.

66 EGUREN, Juan María de: *Método práctico para enseñar el castellano en las escuelas vascongadas*, Vitoria 1867.

carácter práctico[67]. O de Lhande e o de Azcue eran verdadeiros traballos de lexicografía. O diccionario de Lhande publicouse en nove fascículos. O primeiro en 1926 e o último en 1938[68]. Hoxe en día, como é evidente, utilizámolo nun único volume. As entradas son en éuscaro e as definicións en francés. O diccionario de Azcue[69], coma o de Larramendi, é trilingüe: éuscaro, castelán, francés. É interesante, entre outras cousas, porque as entradas están en éuscaro e as definicións en castelán, e despois, a traducción francesa do castelán. Como os vascos cultos eran escolarizados en castelán na parte española e en francés na francesa, Azcue acometeu a empresa de defini-los vocábulos vascos en español e francés para facilitárlle-lo uso ós vascos dos dous lados da fronteira. O diccionario de Azcue é de principios de século, de 1906. O diccionario de Lhande é posterior ó de Azcue, de 1926-1938, e os vocábulos non corresponden a todo o País Vasco, como o de Azcue, senón ós dialectos da zona vasco-francesa, ó labortano, baixo-navarro e suletino. Para confeccionar este diccionario Lhande valeuse do diccionario de Azcue, máis uns diccionarios manuscritos inéditos[70]. É importante sinalar que tanto Azcue como Lhande se valeron dos termos recollidos por eles mesmos tanto oralmente como da literatura impresa, e tamén, de diccionarios manuscritos inéditos.

É interesante o diccionario de francés-éuscaro de André Tournier e Pierre Lafitte *Lexique français-basque*[71] que dá cabida a modismos, por exemplo en **bras**, *beso*; bras à bras, *besoz-beso*; à tour de bras, *besagainka*; desous de bras, *besape*, *besazpi*; bras croisés, *besoak uztarturik*; en bras de chemise, *athor-mahunga-has*; bras nu, *beso huts*; a bras tendu, *besoa luzaturik*; à bras, *eskuz*; à bras-le-corps, *gerritik*; à bras raccourci, *eman ahala*; bras dessus bras dessous, *besoz-beso*; à bras ouverts, *besoak zabalik*; bras de mer, *itsas-adar*.

No século XX temos gran cantidade de diccionarios. Sería traballoso facer un inventario de todos eles. Escolmarei os máis importantes, ou os que maior influencia tiveron. O *Diccionario Retana de autoridades del Euskera* (1976-1989)[72] é un diccionario en nove tomos que intenta emular e amplia-lo traballo emprendido por Azcue. É un diccionario

---

[67] LÓPEZ MENDIZÁBAL, I.: BERA, E.M.: *Diccionario Castellano-Euskera. Euskel-erdel-Iztegia*. Tolosa: E. López, 1916 (654 pp., 16,5 cms)-2º ed. Tolosa: Mendizábal, 1932 (654pp, 15,5 cms) Diccionario Castellano Vasco. Tercera edición. Zarauz: Icharopena 1948 (Edición correxida por Antonio M. Labayen).

[68] LHANDE, P.: *Dicctionnaire basque-français et français basque (Dialectes labourdin, bas-navarrais et souletin) d'après le Dictionnaire basque-espagnol-français de l'abbé Askue et les dictionnaires manuscrits des abbés M. Harriet, M. Hiribarren et Pierre Foix.* Paris, 1926-1938.

[69] AZCUE, Resurrección María: *Diccionario vasco-español-francés. Diccionnaire basque-espagnol-français*. Bilbao, [Tours: Mâme], 1905-1906 (2 vols., 31,5 cms).

[70] Existen bastantes traballos sobre as fontes que utilizou Lhande. No prólogo ó diccionario, Lhande, ó igual que Azcue no seu, fixo un inventario das obras e manuscritos utilizados. Así temos o diccionario de M. Harriet, M. Hiribarren, Pierre Foix.

[71] TOURNIER, André et LAFITTE, Pierre: *Lexique français-basque* Editions "Herria".

[72] A pesar de que na portada poña que os autores deste diccionario son Manuel de la Sota, Pierre Lafitte e Lino de Aquesolo, o verdadeiro autor é Lino de Aquesolo. O primeiro volume apareceu en Bilbao, en 1976 e o último en 1989. Os apéndices publicados en 1991 desmerecen do traballo anterior.

éuscaro-castelán. O sistema operativo é igual có de Azcue, pero coas definicións só en castelán. O diccionario de Xabier Kintana *Hiztegi Modernoa* (1980) tivo gran influencia tanto no ensino coma nos escritores vasco-falantes. As razóns son que nun único tomo ofrece éuscaro-castelán e castelán-éuscaro; pero a razón fundamental do seu éxito quizais fora a de que era o único diccionario que ofrecía un listado de palabras coa ortografía modernizada máis uns apéndices cos casos de declinación e paradigmas verbais.

Traballos sobre fraseoloxía

Os traballos de fraseoloxía vasca son escasos. Normalmente encontrámonos con repertorios ou inventarios de *idiomatismos* ordenados segundo diferentes sistemas. Así témo-lo de Azcue, na súa obra *Euskalerriaren Yakintza III*, na que está inserido unha especie de pequeno diccionario (237-351 px.) no que cada entrada en castelán remite a un idiomatismo vasco. Así para exemplificar temos en **cabeza**. *Buruz bêra dabil*, anda de cabeza (B), en **cántaro** *Adarka euria izan*, llover a cántaros (B). *Goian beian ari zuen* llovía a cántaros (AN-lar). Por medio destes dous exemplos podemos exemplificar todo o traballo de fraseoloxía de Azcue. Así temos que a palabra "clave" dun modismo castelán "cabeza" en *andar de cabeza* remite ó seu equivalente vasco *Buruz bêra dabil*, que, como máis arriba vimos, parécese formalmente a *buruz behera jausi*. Exemplo máis claro é a palabra *cántaro*. O idiomatismo correspondente á palabra *cántaro* do castelán podería ser para calquera falante, tanto *llover a cántaros* como *ser un alma de cántaro*. O *Diccionario de Autoridades* da Real Academia Española trae máis expresións fixas como *estar en cántaro*, *moza de cántaro*, *volver las nueces al cántaro*. O curioso é que en **cántaro** só aparece a expresión fixa *llover a cántaros* que en éuscaro é *adarka euria izan* ou *goian beian ari zuen (euria).* As expresións fixas en éuscaro, literalmente significan "chover a cornos ou a ramas" e "chovía arriba e abaixo". Como é de esperar, no verbo **llover** aparecen unha maior cantidade de expresións fixas, entre as cales aparece *llover a cántaros*.

Severo Altube, que foi contemporáneo de Azcue, escribiu uns traballos sobre expresións fixas que el denominaba "modismos". En realidade, non son máis ca listados que foi confeccionando cos apuntamentos que recolleu sobre todo en Biscaia[73]. Así temos que *Eretxi batera* A ojo de buen cubero, *Astegun buru zuri* día de labor, lit. Pelado. *Lau oiñean* A galope tendido etc. É, como indicamos, un listado no que os fraseoloxismos nin sequera están ordenados. O listado é de éuscaro-castelán, onde o castelán é o idiomatismo correspondente e, por veces, a traducción.

Existen listados de fraseoloxía en gran cantidade de obras. Así temos o *Manual del vascófilo* de Pablo de Zamarripa y Uraga[74] na que aparecen dous listados interesantes: un, ó principio do traballo, "Modismos vizcaínos traducidos al castellano" de 77 páxinas

---

[73] ALTUBE, Severo: "Modismos euskéricos recogidos por S. de Altube" in *Euskera*, 1925, VI (nº 4), pp. 67-87. Tamén ten un máis curto "Esakera pollitak" in *Euskal Esnalea*, 1911, pp. 90-91.

[74] ZAMARRIPA, Pablo: *Manual del vascófilo* Bilbao 1918.

máis un estudio cunha clasificación “Modismos de vocablo repetido”, “Modismos de énfasis”, “Substantivos cuasi-modismos”; e, ó final, “Modismos castellanos traducidos al vizcaíno”. Así neste listado aparecen fraseoloxismos como *Caerse de bruces*, *Caerse de espaldas*, *Cara a cara*, etc.

As tres obras máis importantes da lexicografía vasca son a de Joseba Guereño *Diccionario de locuciones*[75], a de Koldo Izagirre *Euskal lokuzioak*[76], e a de Justo María Mocoroa *Repertorio de locuciones de habla popular vasca*[77]. Os dous traballos recollen expresións fixas, ordenadas tematicamente. Koldo Izagirre utiliza traballos anteriores de lexicografía como o de Azcue, Zamarripa, Damaso Inza e tamén de obras literararias de carácter popular que se poden encontrar na colección *Auspoa*. O corpo principal da obra comprende éuscaro-castelán. Dáse sempre a fonte da obra e a correspondente expresión fixa castelá. Por exemplo **kopeta itzala jarri** *Begira, lagun, gaur ez nijua ni bestetara iñuna naiz-et’anaiangatik zuk neri jarri kopeta illuna* (Zepai. 128) HASERRETU “fruncir el ceño” Froncer les sourcils. A obra de Izagirre ten ó final dous listados, un é de idiomatismos en castelán coas súas correspondentes vascas, e o outro do francés ó éuscaro. Como os idiomatismos están ordenados tematicamente, non sempre resulta fácil encontra-la expresión fixa que se busca. A obra de Mocoroa comprende dous tomos voluminosos de máis de catro mil páxinas cun total de 92.167 fraseoloxismos. En realidade, non tódalas entradas son locucións ou expresións fixas. Son frases castizas que conteñen o que se deu en chamar “xenio da lingua”. Como as frases están ordenadas tematicamente, ás veces resulta traballoso dar co idiomatismo que un busca. As locucións están ordenadas en “conceptos”. En total os dous volumes teñen 766 conceptos. Cando un deu co “concepto” no que se pode encontra-lo fraseoloxismo que busca, encóntrase que cada “concepto” ten á súa vez gran número de “locucións”.

As unidades fraseolóxicas nos diccionarios modernos

Os diccionarios máis interesantes e os máis completos son, ó meu parecer, *Hautalanerako euskal hiztegia* de Ibon Sarasola e *Orotariko euskal hiztegia* ou *Diccionario general* de Luis Michelena. O diccionario de Ibon Sarasola veu publicándose en diferentes tomos, segundo se ía elaborando. Felizmente saíu o último, e á vez, un único volume nos que se comprenden os nove. O diccionario *Orotariko euskal hiztegia* é o diccionario de Michelena, o noso maior lingüista. O primeiro tomo (A-AMA) apareceu en 1987 e o último ata a data é o noveno (GUD-JAB). É o diccionario máis completo que temos ata o momento, pero non sabemos cando o teremos completo. Os tomos que compoñen o diccionario son uns libros voluminosos de 900 páxinas cada un. O diccionario de Ibon Sarasola está completamente en éuscaro, mentres que o de

---

[75] GUEREÑO, Joseba: *Diccionario de locuciones*=Esaeren hiztegia 1980.

[76] IZAGIRRE, Koldo: *Euskal lokuzioak*, Hordago 1981.

[77] MOCOROA, Justo M.: *Repertorio de locuciones de habla popular vasca*, II tomos1990 Labayru, Eusko Jaurlaritza, Etor.

Michelena ten as explicacións históricas, os usos nos diferentes dialectos, etc. en castelán. Ibon Sarasola é agora o continuador da obra lexicográfica de Michelena.

No diccionario de Michelena defínese cada termo vasco utilizando as definicións de anteriores traballos (diccionarios, gramáticas, etc.) Poñamos como exemplo **asto** que en éuscaro significa "burro". Os primeiros exemplos neste diccionario corresponden ós testemuños máis antigos. Antes de entrar nos testemuños máis antigos hai unha exemplificación na que poden aparecer locucións como *Astoak ilda egon* (V-m), *astoak jorik duk*(c.) está triste, lit. "está que se le han muerto los burros".

As primeiras obras impresas da literatura vasca datan do século XVI. Polo tanto, os primeiros exemplos son do XVI; e os últimos, de autores contemporáneos. Entre os exemplos poden aparecer refráns. Así temos dunha colección de *Refranes y Sentencias* de 1596 *Astoagaz adi korolan ta deik buztanaz bizarrean* "Regocíjate con el asno, darte ha en la barba con el rabo" RS 116 *Igazko asto illak aurten lurruna*. Ib. 84. Os dous refráns corresponden á mesma colección de 1596. Nun refrán púxose a traducción castelá mentres ca no outro non. O feito de que sexan refráns non está marcado máis ca pola referencia á obra RS. Cando aparecen locucións coa palabra *asto* van seguidas dunha traducción castelá. *Kontrabandoan erori ta, asto/beltzarenak eramana;/muga-lagunen isilla, apezak/ bezain gorde zedukana* "Había recibido una paliza muy ejemplar" (Orixe *Euskaldunak). Astoa saldu ta mandoa erosi* (AN-larr-ulz); *astoa saldu ta potxotxo erosi* (G-Azp, AN) "Coger peores cartas que las echadas". A EY III 258s. *Asto zuriarenak eta beltxarenak artu ditu* (L-côte) "Ha recibido toda clase de golpes". Ib. 295. *Ordu betean elduko aizela? Etzegok astoa loiean* (G-azp, AN), etc. En ningunha subentrada aparece ningunha expresión fixa. Quizais pode se-lo *asto-lukainka* para significar necio, parvo, literalmente "burro-longaínza".

En certas palabras poden aparece-los modismos en subentradas. Así témo-la palabra **gantz** que significa "graxa". Na segunda acepción aparece *gantza emon* "Empleado en la expr. gantza emon "dar pie(?)" con exemplos de Añibarro *Deabruak milla asmu ta labankerigaz putza ta gantza emotendeust [...] etse au infernurako egiteko*. É interesante que apareza o idiomatismo *Gantzak elkar jo* "juntarse las mantecas que dicen en Bilbao" Garate2º Cont RIEV 1933, 98 "*Gantzak alkar jo*, diagnóstico vulgar de ciertas muertes repentinas. *Gantzak alkar jota ill ei da bar bere oian*" Etxba Eib. *y gantza(k) trabatu*. Mentei estes dous idiomatismos por seren paralelos ó castelán. Hai que advertir que o autor do diccionario case nunca dá unha explicación, senón que se vale das explicacións doutros traballos. Faise, iso si, unha historia da palabra. Coméntase se o utilizan os autores setentrionais, ou os meridionais, a partir de qué século o utilizan, etc.

O diccionario de Ibon Sarasola *Hauta-Lanerako Euskal Hiztegia* é quizais o diccionario no que mellor aparecen as unidades fraseolóxicas. É un diccionario *euskera-euskera*, no que as explicacións están sempre en éuscaro. Comentarei para exemplificar varias palabras. Na entrada *atari* que significa hoxe en día "portal" aparece como primeira acepción a máis antiga, que é *ate* "porta" ou "eixido, espacio onda a porta" *ate-ingurua*. Nesta primeira acepción aparece o refrán *Gezurra nesan Getarian, ni etxean eta hura atarian*. Literalmente este refrán significa "mentín en Getaria, e para cando eu estaba na casa a mentira estaba na porta". Este refrán significa que a mentira corre moito. Un

refrán correspondente en castelán sería “antes se coge al mentiroso que al cojo”. Os refráns inseridos neste diccionario veñen cunha marca (esr. zah.) que é abreviatura de *esaera zaharra*, é dicir, “refrán (vello)”. Neste diccionario nunca aparece a fonte do refrán. Tódolos exemplos en grafías actualizadas. O refrán comentado na súa fonte aparece: “*Guezurra nesan Guetarian, ni ychean ta ura atarian*. Mentira dixe en Guetaria, yo en casa y ella a la puerta”. Trátase, en realidade, dun dos refráns máis estendidos do país, pero concretamente o testemuño máis antigo é o que aparece exemplificado, de Lope de Isasti (escrito 1620). A segunda acepción é a de “portal”, a máis estendida. Nesta acepción ademais de frases correntes onde aparece a palabra “atari” veñen dous fraseoloxismos ou frases feitas *Atariko haizea (txakurra) baino lotsagabeago*, por unha parte, e *Atariko haizeari baino jaramon gehiago ez die inork egiten*, por outra. No primeiro fraseoloxismo temos literalmente “máis desvergonzado có vento do portal”. Se alguén é moi desvergonzado ou descarado para recalcar utilizamos un termo comparativo “o vento do portal” e dicimos que é máis desvergonzado ca “o vento do portal”. Pódese utilizar tamén “máis descarado có can do portal”, por iso está entre parénteses “txakurra”. A palabra *txakurra* pode intercambiarse por *haizea* e o fraseoloxismo é idéntico. No segundo exemplo para indicar que a alguén non se lle fai ningún caso, di “que non se lle fai máis caso có vento do portal”. Nos dous exemplos o termo de comparación é *atariko haizea* “vento do portal”. Do que vimos ata agora pódese deducir: a) As unidades fraseolóxicas non veñen con ningún distintivo ou marca como veñen os refráns. b) Tampouco se explica o significado das unidades fraseolóxicas. c) Despois das frases exemplificativas veñen as unidades fraseolóxicas pero, como indicamos en a), sen ningunha marca.

Pasaremos a comentar unha segunda palabra-entrada. *Ahuntz* significa “cabra” As unidades fraseolóxicas que conteñen esta entrada son dúas *ahuntzak adarrak dituen aldera* que significa “ó revés” e *ahuntzaren (gauerdiko) eztula* que significa algo así como “(non valer) moco de pavo”. Comentarémo-los dous exemplos. *Ahuntzak adarrak dituen aldera* significa literalmente “cara ó lado onde a cabra ten os cornos”; despois do fraseoloxismo aparece unha marca (igart.) que significa “coloquial”, vén seguido dunha pequena explicación *alderantziz* “ó revés”. A segunda unidade fraseolóxica *ahuntzaren (gauerdiko) eztula* significa literalmente “a tos de medianoite da cabra”. *Gauerdiko* está entre parénteses e significa que é opcional, é dicir, pode ser tamén *ahuntzaren eztula*. Esta unidade fraseolóxica vén seguida dunha pequena explicación *Huskeria, ezer balio ez duen gauza* “nadería, lo que no vale nada”. A razón de que as unidades fraseolóxicas teñan explicación ou glosa depende de que conformen frases ou de que non as conformen. Do visto ata agora podemos deducir que: a) Cando nunha palabra determinada aparecen fraseoloxismos, nunca veñen indicados. b) Uns fraseoloxismos levan unha explicación, mentres que outros non. c) As parénteses non sempre desempeñan a mesma función nos fraseoloxismos.

Cremos, modestamente, que as unidades fraseolóxicas deberan de estar indicadas e que deberan de unifica-los criterios de utilización da paréntese. O exposto ata agora, indica que o diccionario en cuestión foi elaborado para que o utilicen persoas co dominio pertinente da lingua.

Terceiro debate

J. CALZACORTA E F. J. HAUSMANN
Modera X. Ferro

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 193-200.
ISBN: 84-45321-67-6)

MODERADOR

Boas tardes, outra vez, imos á última sesión pública e estes minutos de coloquio deberán acabar exactamente ás 18.45, porque nese momento os profesores que están impartindo as súas clases neste coloquio terán que subir a un autobús e desprazarse ó Centro Ramón Piñeiro para unha sesión privada de traballo. Antes de que preguntemos ó profesor Calzacorta, eu tiña interese en que o profesor Hausmann explicase aquí diante de todos algo que me explicou durante o xantar e que me parece moi clarificador, porque é unha alegría comparti-la claridade que vai saíndo de todas estas bocas ilustres. Referíase el a aquela pregunta, na que non puido participar pola mañá, de se un diccionario de fraseoloxía debe de ser algo mastodóntico ou incluír colocacións, locucións e enunciados fraseolóxicos. Sobre esta cuestión el tiña unhas palabras no xantar, que en parte coinciden coa primeira intervención da profesora Corpas e que, pola súa claridade, a min gustaríame que as repetise en público e polo tanto dámoslle a palabra.

F. J. HAUSMANN

Ben, entón debo face-lo en francés, como de costume, a cuestión é, polo tanto, saber ¿hai que facer un diccionario fraseolóxico xeral, no que se meta o conxunto diso que se pode chamar frasemas, ou polo contrario hai que aconsellar un modelo modular, por módulos, adicionable? E, se tal é o caso, ¿cal é a xerarquía e a xerarquía de urxencia deste tipo de diccionario? Entón vou responder a esta cuestión. Pero hai que responder de dúas maneiras. En primeiro lugar, dunha maneira, xeral abstraendo do segundo plano cultural preciso que se encontra en Galicia, porque iso pode ter importancia. Así pois, dou unha primeira resposta sen me ocupar do que pasa, do que é a situación de partida en Galicia, senón tal como se faría normalmente, con linguas normalmente descritas e constituídas. E, a continuación, pode preguntarse cál é a situación particular neste país e con esta lingua particular.

Entón, coido que o que é moi importante é o grao de autorreflexividade dos diferentes frasemas. Por autorreflexividade entendo a representación que os falantes medios, non lingüistas, se fan das unidades fraseolóxicas e aí hai diferencias enormes. Pódese dicir que o falante medio, mesmo cultivado, non ten conciencia ningunha das colocacións, o cal é totalmente natural e normal, porque as coñece a fondo, porque as domina e non se decata delas. O que utiliza normalmente as colocacións, eu compároo ó somnámbulo que camiña polo teito e que non cae, que non se precipita, que non se dá conta de perigo ningún; mentres que o estranxeiro, que non camiña normalmente como o somnámbulo sobre o teito, decátase de que todo iso é extremadamente perigoso, de que é extremadamente difícil; todo o que o falante normal encontra normal, para o estranxeiro é terriblemente difícil. O falante medio dunha lingua non ten conciencia das colocacións. Así pois, non agarda un diccionario de colocacións, non reclama, normalmente, un diccionario de colocacións. E eu non comezaría por un diccionario de colocacións. Falei moito de colocacións aquí, pero non para dicir que cómpre, en absoluto, facer en seguida un diccionario de colocacións.

En cambio, todo o mundo sabe que o falante se interesa moito polas locucións, porque as locucións son para o falante especies curiosas. El decátase diso a partir dunha certa idade, decátase de que hai alí imaxes estrañas, que son máis ou menos motivadas, que incluso ás veces non son motivadas, que alí dentro empréganse palabras que non se empregan fóra desas locucións, aínda que moitas locucións son decididamente curiosas para o falante, o que fai, por outra parte, que para linguas como o francés, o alemán, o inglés, etc., se atopen no mercado moitas pequenas recompilacións que pretenden explica-la etimoloxía das locucións e véndense como rosquillas. Iso interésalle a todo o mundo, agás ós lingüistas porque se dan conta de que están cheas de anécdotas, que non interesan finalmente a ninguén, pero que lle interesan moito ós non especialistas.

Hai outra razón para distinguir ben os diccionarios de locucións e os diccionarios de colocacións; é simplemente que —en todo caso, para linguas como o alemán, o francés, o inglés, etc.— non se fan diccionarios de locucións para a codificación, fanse para a decodificación. Eu penso que é practicamente imposible facer un diccionario de locucións para a codificación, hai dúas clases de locucións, en liñas xerais. A Zuluaga non lle gustan as reparticións —por exemplo, centro, periferia, etc.— pero mesmo así hai que intentar clasificar. Por un lado, hai locucións cun semantismo fácil: do xénero ‘morrer’, hai en francés polo menos vintecinco expresións para dicir ‘morrer’; iso non quere dicir que iso sexa complicado como semantismo, todo o mundo sabe o que é iso, pero o argot, por exemplo, fornece unha profusión de locucións. Así pois, non paga a pena molestarse moito en explicalas. O semantismo é fácil. Outras locucións son extremadamente complicadas dende un punto de vista semántico, porque son conceptuacións de situacións cotiás, pero complicadas, que lle ocorren a todo o mundo, pero que son relativamente complicadas, e con frecuencia tamén a interpretación das imaxes é relativamente confusa, préstanse a contextos e situacións diferentes e, polo tanto variadas, das que un se dá conta cando as traduce. Eu coñezo moitas locucións francesas para as que

poden coleccionar vintecinco, trinta, trinta e cinco, corenta equivalencias alemanas diferentes segundo o contexto no que se atopen. Así pois, todo isto é extremadamente interesante dende unha óptica de decodificación, pero resúltalle practicamente imposible aprender a reempregar correctamente as locucións a un estranxeiro dende o momento en que se trata deste xénero de locucións cun semantismo difícil e complicado. Mentres que, como dicía onte, o diccionario de colocacións non ten máis senso e máis razón de ser que dende unha óptica de codificación.

Polo tanto o diccionario de colocacións e o diccionario de locucións teñen finalidades completamente diferentes. Hai dous graos de autorreflexividade e dúas finalidades completamente diferentes. Estas dúas razóns, penso eu, lévannos máis ben a separa-los dous diccionarios, polo tanto a facer dous diccionarios especializados e a non confundir nun mesmo diccionario locucións e colocacións. Creo que aquí non paga a pena falar de refráns, porque, se eu entendín ben, o diccionario de refráns galegos xa está feito, polo tanto está alí, e non hai que examina-lo problema.

Esta sería a reflexión nun nivel moi xeral, pero evidentemente dinme que aquí en Galicia están eventualmente nunha situación completamente diferente, nunha situación, que en certos aspectos se semella mais ben á situación na que se encontraba a Academia Francesa no século XVII. A Academia Francesa no século XVII fixo un diccionario extremadamente rico en colocacións. Hai moitos defectos nese diccionario, pero en colocacións é dunha riqueza incomparable. ¿Por que? ¿Por que é un traballo de codificación? ¿Por que? Ben, porque no século XVII a meirande parte dos franceses non falaban francés. É ben simple. Isto tiña un senso, había moitos non francófonos en Francia e o absolutismo tiña interese en ensinárlle-lo francés. Eu non dixen que en Galicia os galegos non falan galego, pero por certos aspectos a situación é semellante na medida en que hai a concurrencia do español, que fai que quizais o galego estea nunha posición debilitada e que se teña interese en ve-la lexicografía cunha finalidade de codificación. Neste momento —eu oínme moito tempo— poderíase eventualmente retoma-lo meu razoamento a partir de cero e trastornalo completamente, xa que hai que entender que esta finalidade, que se sitúa nun contexto cultural preciso, debe axustarse a ese contexto cultural. Isto é o que eu quería dicir de momento.

MODERADOR

Para nós é extremadamente claro. Eu dicíalle que efectivamente en Galicia a lingua é moi falada, moi comprendida, pero como nós estamos vivindo un proceso moi rápido e mesmo violento de desruralización, de urbanización e como, por outro lado, as elites urbanas proceden do castelán, nós temos perigo de introducir contrabando colocacional. E poñíalle un exemplo, en galego dise *Pegarlle unha doenza a alguén*, un ten un catarro e pégallo a outro. Sen embargo, en castelán dise *Contagiar la gripe* e cál é o resultado: que a xente empeza a dicir en galego *contaxiar* a enfermidade. Entón o *Pegar a doenza* empeza a pasar ó uso ocasional dos maiores e convértese nunha colocación obsolescente. A min gústame esta etiqueta cubana de obsoleto e obsolescente, gústame, porque é un matiz que en Galicia vivimos. É dicir, a fraseoloxía galega é rica coma calquera, non sei se tan rica coma a vasca. Pero este

contacto de linguas estructuralmente tan próximas coma o galego e o castelán produce unha osmose que ás veces dá ese castelán gracioso de Valle Inclán, de Fernández Flórez, de *La Casa de la Troya* de Pérez Lugín. En cambio, en dirección contraria dá tamén unha perda de orixinalidade, e nese senso a min paréceme que un diccionario de colocacións, polo menos dalgunhas colocacións que non son paralelas, que non son traducción textual, senón que son distintas, penso que sería necesario. E abusando de micrófono, que é a regalía que ten estar aquí arriba, eu quixera dicirlle ó profesor Calzacorta se non sería moi interesante que algunha vez publicasen o imaxinario da fraseoloxía vasca, porque, polos exemplos que el nos puxo, é un imaxinario bastante distinto do noso que, en cambio, parécese moito ó imaxinario castelán, catalán, italiano, francés; vese bastante parecido. Eu non sei —tería unha pregunta para a profesora Gloria Corpas, que nos falaba o outro día dos universais fraseolóxicos— eu non entendín ben se os universais fraseolóxicos eran universais en canto que utilizaban os mesmos esquemas gramaticais ou universais en canto utilizaban tamén as mesmas imaxes, non o sei. Pero, tendo aquí o profesor Calzacorta quero dicirlle que realmente en éuscaro si que hai imaxes ben distintas ¿non?

J. CALZACORTA

Eu creo que é intelixente falar de universais fraseolóxicos como hai tamén universais paremiolóxicos. Por exemplo, un universal paremiolóxico podería ser que sempre que hai fume é polo lume, traducino un pouco en éuscaro, pero é un refrán que se dá nun montón de linguas.

MODERADOR

Onde hai fume hai lume, dise en galego.

J. CALZACORTA

Pasa parte do mesmo cos universais fraseolóxicos. Károly Morvay fixo unha especie de listado, no que os fraseoloxismos vascos son comparados con fraseoloxismos doutras linguas europeas, entón el utiliza un termo acorde un pouco coa terminoloxía que usamos e é **europeísmos**. Ou sexa, que en certas linguas de Europa hai uns universais fraseolóxicos. Claro, quizais os que toquei eu, relativos á cabra e ó asno, sexan un pouco especiais, pero creo que tampouco é tanto o que nos afastamos. Máis nos afastamos na estructura da lingua ca nos universais.

G. CORPAS

Onte, cando comentaba o tema dos **universais fraseolóxicos**, non me refería exactamente á identidade de imaxe, senón a outras cousas como, por exemplo, que en tódalas linguas hai fraseoloxismos polisémicos, que hai fraseoloxismos antónimos, que en tódalas linguas os fraseoloxismos presentan algún tipo de variantes, que non cambia o seu significado. Tamén, en canto ós fraseoloxismos, sinaláronse por exemplo —e relacionado co que se está falando agora mesmo— os fraseoloxismos baseados en imaxes de animais, que hai moitísimos en tódalas linguas, pero iso non

quere dicir que sexa un universal que en vasco sexa burro e ó mellor en chinés tamén sexa burro. Non é iso un universal, senón universal é o feito de ter unidades fraseolóxicas de calquera tipo que se basean nunha imaxe de animal, igual que se basean na imaxe do corpo humano, por exemplo. Tamén é un universal fraseolóxico o uso de unidades fraseolóxicas cunha valoración implícita negativa dos comportamentos humanos. Ese é outro dos universais fraseolóxicos que se determinaron. E, por outra parte, tamén quería comentar que o paneuropeísmo non é o mesmo que o universal fraseolóxico, porque o paneuropeísmo ou europeísmo, creo que tamén o di ese señor...

J. CALZACORTA

Si, é Morvay

G. CORPAS

...en realidade en fraseoloxía coñécense por **paneuropeísmos**, son unha serie de unidades fraseolóxicas, como por exemplo *Lágrimas de cocodrilo*, que case todas proceden do latín ou do grego e que por traducción pasaron ás linguas romances. E nalgúns casos pasaron ó mellor a unha lingua romance e a outra non, e esa outra lingua romance tomouno da outra lingua romance, que a súa vez o traduciu do latín. E é moi interesante estudialos porque, aínda que teñan unha identidade de imaxe, incluso unha identidade case de traducción palabra por palabra, o seu funcionamento nas distintas linguas é distinto, hai diferencias pragmáticas e diferencias semánticas. Entón é outro tema moi interesante para a fraseoloxía contrastiva —e xa con isto acabo, non quería alongarme. Hai un tema que ata o momento non tratamos aquí, que é moi interesante, que é o tema da traducción da fraseoloxía. É un tema apaixonante, que tamén ten moito interese para a fraseografía bilingüe. Iso é moi importante, porque unha cousa é o equivalente de traducción, tal cal o presenta un diccionario bilingüe, e outra cousa é a traducción efectiva que se fai dese fraseoloxismo a outra lingua. É dicir, unha vez que ese fraseoloxismo funciona nun texto, ás veces a súa traducción máis adecuada non é un fraseoloxismo, que iso é tamén un tema moi interesante que me gustaría apuntar quizais, se temos algún minutiño libre, nalgún momentiño.... Se tiveramos un momento, unha horiña, sería moi interesante discutilo tema da traducción da fraseoloxía, que tamén hai moi pouco feito sobre o tema.

A. ZULUAGA

Isto dos universais fraseolóxicos é máis delicado do que parece que se expuxo aquí. Gustaríame pasarlle a palabra, se non hoxe polo menos o xoves, á colega Carmen Mellado, que traballou moi ben ese tema, apoiándose en boa parte en Dobrovol'skij. Pero unha observación de paso, na miña opinión fundamental, verbo dos universais: non é o mesmo o universal esencial conceptual que o xeral empírico. Este é un fenómeno que non é definitorio en ningún sistema lingüístico. Poden darse ou non darse. Un universal é correspondente á esencia das linguas dende un punto de vista conceptual. Diga vostede a historicidade ou a sistematicidade ou semanticidade.

Estas outras cousas poden ser empiricamente xerais, se se comproba en todas e cada unha das linguas, entón pódese falar dun universal empírico. Pero falar de universais cando só se pode facer referencia a dez, a quince ou vinte linguas é un pouco inxenuo. E gústame a observación contra o paneuropeísmo; algúns que poden manexar dez ou quince linguas aquí en Europa entón xa falan de universais, seguindo esa maldita tradición de crer que Europa sempre foi o centro, o embigo do mundo. Hai outras linguas e outros ámbitos culturais e fixeron moito dano con ese eurocentrismo que confunde paneuropeísmo con universalismo. Máis nada.

C. MELLADO

Quería completa-la intervención da profesora Corpas dicindo que no meu traballo eu constatei que de feito pódense encontrar paralelismos polo menos entre as linguas española e alemana. Non sei se isto é extensible a outras linguas, probablemente si, no que son imaxes, non soamente no feito de que haxa **somatismos** —chamamos somatismos ós fraseoloxismos que conteñen unha parte do corpo humano, por exemplo *Romperse la cabeza*, *Tomar el pelo a alguien*, etc.—, senón que tamén se atopan paralelismos no que son as imaxes. É dicir, que determinadas imaxes teñen un significado fraseolóxico similar e poño un exemplo: para o que sería o concepto semasiolóxico de 'dar unha malleira', por exemplo, ou 'reprender a alguén' utilízase a imaxe metafórica en alemán de 'quita-lo po' ou de 'estender unha prenda de vestir'. E estes paralelismos atópanse tamén no termo figurado español *Sacudir a alguien* que é 'darlle unha labazada'. Ese sería un exemplo, pero encóntranse moitísimos máis. E sería moi interesante ver se estas metáforas concretas, ás que lles corresponde un significado idiomático concreto serían extensibles a outras linguas. Ata agora temos soamente por desgracia o traballo de Dobrovol'skij, que se centra no inglés, holandés e alemán. E el chegou a conclusións moi interesantes. Sería cuestionable, se isto é extensible, como dixen antes, a outras linguas, por exemplo ás linguas asiáticas, que teñen unha concepción do mundo totalmente diferente.

F. J. HAUSMANN

Eu quería engadir un comentario ó problema da traducción de fraseoloxismos. Iso é extremadamente interesante. Eu fago iso ó longo do día, porque, vexan vostedes, facendo un diccionario bilingüe de fraseoloxismos un dáse conta do que se necesita. ¿De que se ten necesidade? ¿Que sería necesario que estivera alí, por exemplo, para a lingua francesa, para que eu poida facer un diccionario fraseolóxico bilingüe válido? E ben, decátome de que o que preciso é un gran número de contextos, de contextos auténticos, de exemplos, un gran número de exemplos. Así pois, un enorme corpus aínda que o teña que constituír eu mesmo, porque decátome de que incluso no grandísimo diccionario francés *Le Trésor de la Langue Française*, con dezaseis volumes e vinteseis mil páxinas a descrición das locucións é totalmente insuficiente para facer un bo diccionario bilingüe francés-alemán de locucións. Totalmente. Voulles dicir por qué. Eu dicía, hai pouco, que hai locucións complicadas. Cítolles unha delas: *C'est l'arbre qui cache la forêt.* Non está en ningún diccionario francés, pero está en tódolos textos. Esta é unha situación suplementaria, é que a realidade e

os diccionarios, incluso os máis recentes e os máis grandes, non concordan. Ben, entón, hai esta locución *C'est l'arbre qui cache la forêt*, esta aplícase en tal situación e segundo a situación que o falante...

[...☸

Unha imaxe comparable pero que non concorda, que vostedes quizais coñecen, *Man sieht der Wald vor lauter Bäumer nicht*, pero é completamente diferente, é sempre confundida polos diccionarios, que non entenden nada diso, pero é completamente diferente. Así pois, é un falso amigo. Preséntase en seguida o problema dos falsos amigos, hai imaxes falsos amigos. Ben, así pois, para traducir ben en alemán e para facer un bo diccionario bilingüe co artigo *C'est l'arbre qui cache la forêt*, eu reclamo unha cincuentena de contextos, se non eu non darei feito nada aceptable. Por iso eu lle digo a aquel a quen lle debo promove-la súa lingua no estranxeiro e a súa fraseoloxía no estranxeiro: fornézame un gran número de contextos auténticos para esas locucións e non se faga ilusións. Preciso esa cincuentena de contextos, se non, non podo facer nada aceptable. É esa a fraseoloxía; na súa parte complicada, na súa parte sutil, na súa parte que analiza a nosa vida dunha maneira sorprendente, na súa parte onde o espírito humano da xente —cultivada, ou non cultivada, non ten ningunha importancia— é capaz de conceptuar e de depositar na lingua unha conceptuación orixinal, o que constitúe, por outra parte, toda a riqueza da fraseoloxía de non importa qué dialecto, de non importa qué lingua, e de non importa qué xerga, se acaso. De aí, por outra parte, o noso interese por conserva-las linguas. Se as linguas morren, o que morre con elas é unha conceptuación orixinal, que me fai rir, que me fai sorrir e que me fai chorar cincuenta anos despois, xa que eu medrei nun dialecto rico en locucións e en imaxes que xa non falo. Entón, de vez en cando, entro en contacto con el e reencontro con iso toda a miña infancia. Ben, non vou divagar, vou retoma-lo tema, efectivamente, a traducción e os diccionarios bilingües non son posibles máis que a partir dun número asombroso de empregos, e o que non forneza ese número de empregos, ten que resignarse a que o diccionario bilingüe fraseolóxico estea case condenado a ser mediocre. Isto é todo.

A. ZULUAGA

É por iso, vostede acaba de dicilo, que non se pode falar de traducción no ámbito da fraseoloxía, senón de comparacións. Hai que facer fraseoloxía comparada porque os fraseoloxismos son unidades e entón pódense comparar ó nivel dos acervos, dos inventarios fraseolóxicos; pódense facer comparacións para ver onde coinciden as imaxes, en qué coinciden, cáles son os falsos amigos. Non se traducen unidades, senón que se traducen textos, e entón, vostede díxoo con toda razón, necesitaría polo menos para cada unidade uns cincuenta contextos. E entón practicamente sería, aínda que haxa a axuda dos ordenadores, un problema terrible e enorme o da traducción de fraseoloxismos. Pódense comparar textos e traducir textos e ve-los fraseoloxismos dun texto como foron traducidos a outro, pero ó nivel da fraseoloxía de dous idiomas poderiamos falar de comparación, de fraseoloxía comparada. Iso é o que quería dicir. Voulle dar un exemplo un pouco radical, non con fraseoloxismos. Na traducción podemos encontrar ás veces que o equivalente de 'nai' é 'pai' e o equivalente de

‘vida’ é ‘morte’, segundo os contextos e os textos. Se nós imos traducir unha frase: “Oh selva, esposa del silencio, madre de la soledad y la neblina. Oh selva, madre de la soledad”, unha frase de *La Vorágine,* ímola traducir ó alemán. O equivalente alí para *madre* é ‘pai’ en alemán ¿por que? *Wald* é masculino e entón temos que dicir *Wald, Vater der Einsamkeit.* Nós temos nas linguas románicas ‘perigo de morte’, o alemán ten ‘perigo de vida’ *Lebensgefahr.* Dou estes dous exemplos un pouco radicais para insistir na idea de que sería un pouco desmesurado e un pouco fóra de contexto falar propiamente de traducción de fraseoloxismos, máis ben de fraseoloxía comparada.

F. J. HAUSMANN

A diferencia entre o amigo Zuluaga e eu é esta: Zuluaga sitúase regular e normalmente no nivel da lexicoloxía e eu no nivel de lexicografía. El fai lexicoloxía contrastiva e dime que non hai que traducir, que a traducción é imposible e que non hai máis cá fraseoloxía comparada. Eu sitúome noutro nivel, no dos diccionarios e dos diccionarios bilingües. É o contrario, a fraseoloxía contrastiva é imposible —eu podo probárllelo—, é imposible na medida en que non ten fin, non ten fin, é infinita. Ben, a traducción evidentemente é infinita tamén. Pero, observe, o usuario do diccionario é un ser intelixente. Nós, afortunadamente non somos ordenadores, somos seres intelixentes. ¿E que fai o usuario? Eu preséntolle —agora ben, isto é evidentemente o ideal— preséntolle cincuenta contextos pertinentes da expresión *C’est l’arbre qui cache la forêt* e tradúzolle en alemán ou en español, pouco importa, os cincuenta, pero segundo a lei da traducción. É dicir, tomo texto por texto e produzo outro texto equivalente. E despois de ler eses cincuenta textos e as cincuenta traduccións, o usuario baterá coa número cincuenta e un, en francés, e decatarase de que unha quincuaxésima primeira vez hai que face-lo traballo. O diccionario non lle poderá face-lo traballo, pero el xa estará suficientemente instruído, sensibilizado e preparado para na quincuaxésima vez face-lo traballo el mesmo. E encontrará el mesmo, xa que agora comprendeu o semantismo de *L’arbre qui cache la forêt* e viu un gran número de suxestións, de equivalencias, e a quincuaxésima primeira equivalencia, que o diccionario non encontrou, atoparaa el mesmo. É así como funciona a interacción entre un bo diccionario bilingüe e o usuario intelixente.

MODERADOR

Ben, para sermos xente formal, neste momento temos que interrompe-lo coloquio e verémonos mañá, se por ben é, ás 9.30 para escoitar ó profesor Fernando Varela. E agora nós seguimos traballando, seguimos discutindo no autobús, se lles parece ben.

Problemas e solucións adoptadas no *Diccionario Fraseológico del Español Moderno*

FERNANDO VARELA *(Viena),* HUGO KUBARTH *(Graz)*

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 201-218.
ISBN: 84-45321-67-6)

This paper offers an account of the following aspects: 1) Problems and solutions adopted in the *Diccionario Fraseológico del Español Moderno*. 2) Audience addressed to. 3) Selection of material: external criteria (space and time limitations) and internal criteria (criteria of fixedness and idiomaticity). 4) Sources of the dictionary. 5) Macrostructure: a) lemmatization of entries b) arrangement of entries. 6) Microstructure: a) pattern of entries b) range of use c) definitions d) illustrative examples.

En esta conferencia se tratan los siguientes aspectos: 1) Problemas y soluciones adoptados en el *Diccionario Fraseológico del Español Moderno*. 2) Destinatarios del Diccionario. 3) Selección del material: criterios externos (limitaciones espaciales y temporales) e internos (criterios de fijación e idiomaticidad). 4) Fuentes del Diccionario fraseológico. 5) Macroestructura: a) lematización de los registros b) ordenación de los registros. 6) Microestructura: a) modelo de los registros b) ámbito de uso c) las definiciones d) ejemplos ilustrativos.

Preliminares

Dous xéneros de dificultades ofrécense ó moderno investigador no campo da fraseoloxía: a *realidade esencialmente cambiante* dos feitos da linguaxe coloquial, e a *pretensión de universalidade* duns coñecementos baseados en fenómenos case imposibles de observar na súa totalidade. A primeira dificultade acompaña a tódalas ciencias empíricas en xeral, e converteuse nunha especie de "cliché" dicir que a ríxida natureza dos conceptos científicos non pode nunca apresa-los obxectos dunha realidade sempre en movemento. Pero o que é aplicable a tódalas ciencias en xeral, podemos aplicalo ó obxecto da lingüística en particular. Hugo Schuchardt, o gran romanista alemán de finais do XIX e principios do XX, expresou esta dificultade nunha apertada fórmula: "El reposo y el orden, tomando la palabra 'orden' en su acepción más amplia, no presentan contradicción alguna, ni en general ni aplicándolos al dominio específico

de la lengua; sólo el movimiento ('Bewegung') es real, pero sólo el reposo ('Ruhe') es perceptible" (Wunderli: 1981, p. 50). Pero, aínda que Schuchardt non vía dificultade ningunha en conciliar ambas esferas, a da fluínte realidade e a do inmóbil obxecto da percepción, a contraposición que establece entre ambas introduce, de feito, unha separación radical, pois a un lado queda a realidade, e ó outro o pensamento. Schuchardt confesa candidamente que a ciencia non pode ter lugar sen establecer unha esfera artificial, allea a esa mesma realidade que quere captar. É innecesario dicir que este elemento artificial é maior aínda cando a lingüística se detén nos fenómenos máis vivos e naturais da lingua, que son os da fala coloquial e as manifestacións destes cambian con moita maior rapidez cás da lingua escrita, amparadas por unha especie de "inmunidade" ós imperativos de toda norma... Na fala coloquial, e especialmente en España, hai unha especie de carreira por romper continuamente as barreiras da norma, por retorce-la semántica usual, por altera-la construcción sintáctica e ata por altera-los ámbitos do uso. Fixar esta realidade fluínte en *modelos*, dete-los continuos cambios semánticos en *definicións*, establece-lo seu ámbito de uso de acordo a *clasificacións* e, finalmente, encerrar toda a súa riqueza pragmática en *exemplos ilustrativos*, é tarefa pouco menos que imposible.

A segunda dificultade concirne á pretendida *universalidade científica* que hai que supoñer en todo tratado. Non hai ciencia do individual e concreto, senón do universal e xeral. Pero o universal, o "unum versus alia" dos escolásticos, requiriría unha inducción completa, unha verificación verdadeiramente "universal" en senso estricto. Nas ciencias naturais pode evitarse o recurso á inducción completa por unha confianza na regularidade da natureza: non é necesario contemplar tódolos individuos do xénero "cisne" para comprobar que tódolos cisnes teñen o pescozo longo. Aínda que as mutacións xenéticas e a introducción do factor azar fan un pouco problemática esta proposta científica, que ten a venerable antigüidade dos tratados aristotélicos, podemos aspirar a unha certa "xeneralidade" científica. No dominio da lingua falada, e moi especialmente no ámbito concreto da fraseoloxía, non hai posibilidade de recorrer á "regularidade" da natureza, e resulta imposible, a non ser contando cun inmenso "corpus" informatizado, aspirar á universalidade. ¿Como recoller tódalas *variantes* permitidas por unha *fixación* idiomática? ¿Como recoller tódalas *acepcións* dunha unidade fraseolóxica? ¿Como establecer criterios de universalidade no *espacio* (tódolos falantes dunha determinada unidade xeográfica ou estrato social) ou no *tempo* (tódolos momentos comprendidos entre unhas determinadas datas)? As dificultades son evidentes, especialmente cando se traballa en pequeno equipo. Como moito, pódese falar aquí de "vocación de universalidade", máis ca de universalidade mesma. Os resultados son moi modestos e non é necesario dicir que a relativa "xeneralidade" á que chegamos está esixindo continuamente unha revisión crítica e un perfeccionamento ulterior.

Podemos engadir aínda unha terceira dificultade, que é a que provén do *carácter pioneiro* e, polo tanto, *provisional*, que conteñen case tódolos estudios lexicográficos dedicados á lingua falada. Das dúas funcións case antagónicas que posúe a lingua, a función de ser un instrumento altamente especializado para a división do traballo, e a de ser un medio de comunicación cotián, inmediato e sen pretensións de corrección, precisión nin obxectividade, practicamente só a primeira foi obxecto de tratamento científico. Efectivamente, o interese pola primeira espéllase xa nunha multitude de

diccionarios técnicos e terminoloxías que se basean todos nunha norma; hai unha codificación previa que fai máis seguro o traballo. Non vale outro tanto para a segunda función: como a comunicación oral frecuentemente "fai da norma un pandeiro", non sorprende que a lexicografía tradicional non lle dedicara moita atención ata agora. Se ben é verdade que ningún diccionario xeral pode permitirse a exclusión completa de palabras arraigadas na fala, carecemos aínda dun diccionario do español falado propiamente dito, aínda que o DLEU xa se acerque bastante a este obxectivo. A actitude xeral un tanto reservada ante determinadas propiedades da linguaxe falada fíxose patente tamén na publicación da colección de unidades fraseolóxicas que ofrecemos no noso libro: a pesar de conter unicamente material utilizado na comunicación oral, non lle pareceu conveniente á editorial unha referencia directa a iso no título, e publicouse, simplemente, como *Diccionario fraseológico del español moderno* (DFEM).

Destinatarios do noso diccionario

Ó comeza-la colección de material, os autores desta obra pensaban nun diccionario bilingüe para estudiantes alemáns de español. Esta idea foi abandonada moi pronto por falta de unidades fraseolóxicas (UFs) en alemán equivalentes no que concirne a imaxes e niveis estilísticos. Por outro lado, coa elaboración de definicións ás que había que recorrer como única alternativa, non parecía oportuno xa limitar tan estreitamente o grupo de destinatarios. Polo tanto, pretendeuse elaborar un diccionario de uso práctico para todo estudiante de español estranxeiro algo avanzado que precisara un instrumento adecuado para o manexo competente de UFs.

Coas súas 6000 unidades reunidas en catro anos e agrupadas baixo 2000 palabras clave, o DFEM tamén poderá ser de algún interese para profesionais do español activos no ensino ou na traducción, aínda que estea desprovisto dun índice ordenado por conceptos, pois tal traballo traspasaría as posibilidades dun equipo de dous autores soamente; por outro lado, os diccionarios ideolóxicos en xeral tiveron pouco éxito ata a data.

Como un primeiro intento de presentar material fraseolóxico dende a perspectiva da fala, o DFEM tampouco carecerá de interese para o estudioso do español. Que non traia nin o porqué dos ditos nin a súa clasificación minuciosa conforme a criterios como os establecidos por Casares (1950/92) e Zuluaga (1980 e 1992) explícase moi ben pensando nos destinatarios principais. Tamén é evidente que as indicacións acerca das condicións de uso das UFs rexistradas están limitadas por razóns de espacio. Téñase en conta que a descrición detallada das funcións e o marco situacional dunha fórmula militar tan simple como *¡a la orden!,* tal como aparece en Corpas (1996:177s), a monografía máis recente dedicada á fraseoloxía española, precisa de dúas páxinas enteiras. Sen embargo, este mesmo libro pon de manifesto que o DFEM tamén lle pode ser útil ó teórico por cubrir unha lagoa notoria na lexicografía do español: a pesar da "inflación" recente de diccionarios fraseolóxicos como os de Rodrigues/Bernet, Fontanillo, Candón/Bonnet e Doval, todos publicados entre 1991 e 1995, o libro de Corpas recorre case exclusivamente ó DFEM para a descrición de UFs con connotacións groseiras, vulgares ou ofensivas.

Selección do material

As unidades rexistradas no DFEM foron seleccionadas conforme a criterios externos e internos. Estes concirnen a forma e funcións semántica e pragmática de UFs, aqueles a súa posición no diasistema ou sistema de normas do español. Supoñendo algunha familiaridade do lector coa estructura interna das UFs, empezaremos co aspecto externo.

Criterios externos

Fieis ó refrán de que "o que moito abarca pouco aperta", esforzámonos en rexistrar unicamente aquelas UFs que poden definirse como *elementos lexicalizados do español falado común e corrente*.

O concepto de *lexicalización* ten que tomarse en senso amplo, xa que se refire a tódalas entidades con significado convencionalizado dispoñibles no léxico mental, independentemente de que estean rexistradas e, polo tanto, codificadas en diccionarios.

Aínda que nos limitamos ó *español europeo*, fixémolo plenamente conscientes de excluír unha das dúas variantes do español universal e non coa pretensión de describi-la modalidade falada de algo que foi chamado "español sen adxectivos". Deste modo aparecerá, por exemplo, *hacer u.p. dedo* (1)[78], pero non *ir al dedo*, citado como UF do español de América por Corpas (128). Esta restricción ten varios motivos. Por razóns prácticas evidentes tería sido necesario recorrer ós diccionarios xerais de americanismos existentes; agora ben, o pouco interese pola fraseoloxía non é precisamente o menor dos defectos deste tipo de léxicos; por outra parte, existen algúns diccionarios por países que resultan satisfactorios, e tamén é de esperar que os volumes vindeiros do *Nuevo diccionario de americanismos* correspondan ós primeiros publicados no que concirne ó rexistro de UFs. Deste modo, comprobarase tamén que *ir al dedo* dista moito de ser americanismo xeral, pois en México, p.ex., [se❁ *viaja con el gordo*.

O postulado de pertenza ó *español común e corrente* introduce dous tipos de restriccións importantes, as restriccións que podemos considerar *espaciais*, e as que podemos considerar *temporais*. Entre as restriccións *espaciais* encóntranse todas aquelas que afectan a UFs que teñen un uso limitado a dialectos ou falas rexionais, sociolectos ou determinados ámbitos profesionais. Pretendemos que as UFs que recolle o noso diccionario sexan aquelas que se entenden en tódalas rexións de España (con independencia de que se usen ou non) nunha conversación sobre asuntos xerais, e non nunha conversación especializada. As restriccións *temporais* afectan tanto ás UFs usadas no español antigo coma ós neoloxismos de moi recente creación. Desta maneira, non foron rexistrados andalucismos como *quedarse a la altura peluquín* 'contar pouco', nin tampouco a locución *tirarse el pisto/rollo* 'posuír sexualmente a unha muller', creación da xerga da rúa. Faltan igualmente expresións da xerga profesional, como o citado saúdo militar *¡a la orden!* ou *fumar u.p. la pipa* 'correr con poca velocidad, especialmente por parte de los que forman un pelotón ciclista' (Rodríguez Díez 1981:223). Tampouco se encontran neste diccionario tecnicismos como *pacto de retro* 'estipulación por la cual el comprador se obliga a devolver la cosa al vendedor por su precio' (DRAE). O uso infrecuente explica a ausencia de *por mor de* 'en beneficio de o por consideración a', mentres que a locución *so capa de* 'con la apariencia o el pretexto de la cosa que se

[78] Para a definición dos exemplos con número véxase a lista ó final do artigo.

expresa' (ambos en MM) falta por obsoleta. A "neofobia" do DFEM explícase tanto polo moi inseguro porvir léxico de acuñacións recentes, canto pola imposibilidade de comproba-lo seu uso actual en pequeno equipo.
Cabe explicar, por último, o que entendemos polo criterio *falado*. Non se trata do senso estreito, ou sexa diastrático, que lle dan os diccionarios correntes cando se trata de especificar como *coloquial* ou *familiar* entradas que se consideran como pertencentes a un nivel estilístico situado entre o *normal* e o *popular*; trátase máis ben dunha concepción ampla do termo segundo a cal o falado ocupa parte dun continuum entre os polos de escripturalidade/oralidade exclusivas, puntos extremos que podemos ilustrar coa coñecida fórmula epistolar *su seguro/atento servidor* e o marcador discursivo *¡si lo sabré yo!* (2), respectivamente. Conforme a esta perspectiva, seleccionamos material que aparece en discursos (orais), sen ter en conta se pode ou non utilizarse tamén en textos (escritos). É obvio que tal criterio o cumpran indistintamente unidades como *[ser u.c.] gajes del oficio* (3), *a la chita callando* (4), *¡¿qué tripa se [te] ha roto?!* (5) ou *mojar u.p. el churro* (6). Veremos un pouco máis abaixo os criterios adoptados para evita-lo desconcerto do lector ó encontrarse con material de tan diversa índole funcional e/ou estilística. Antes disto, vexamos rapidamente algúns dos problemas que suscitaron as principais fontes.

Fontes do *DFEM*

Entre os numerosos léxicos especializados utilizáronse con maior proveito dúas obras bilingües e, en certa maneira, monumentais, a saber, o *Diccionario fraseológico español-ruso* de Levintova et al. e o *Stilistisch-phraseologisches Wörterbuch* de W. Beinhauer. A principal vantaxe destas dúas obras é a considerable provisión de material rexistrado, que, no caso do libro de Levintova chega ás 30.000 frases (!!!). Por desgracia, a cantidade non sempre está acompañada da calidade, e en ambas obras constatamos evidentes faltas de criterio científico que levaron a rexistrar frases curiosas como *dar el chivatazo* ou *hacer chistes de/sobre algo* (Levintova) e *cantar maravillosamente* (Beinhauer). Ambos diccionarios caracterízanse, ademais, polo seu esaxerado pudor, trazo que comparten coas *Spanische idiomatische Redensarten* de Florian/Martínez, libro que traduce moi adecuadamente, pero sen sinalar niveis estilísticos. Tamén foi consultada algunha que outra publicación español-alemana máis recente. Mencionaremos só o *Lexikon der spanischen Redewendungen* de Moreno Torres por tratarse do exemplo máis ilustrativo dunha serie de publicacións tan disparatadas na selección do material como deficientes na súa explicación e ilustración.
De dubidosa macroestructura, pero máis próximo á nosa concepción da fraseoloxía e, polo tanto, unha obra de consulta obrigatoria, foi *El porqué de los dichos* de Iribarren. Pobre en número de entradas, pero rico en exemplos, era necesario completalo co libro *Fraseología española en su contexto,* de J.M. Domínguez, con moitos máis rexistros, pero non sempre feliz selección de exemplos de autores. (Os exemplos sacados da literatura teñen o grande inconveniente de non poder ofrecer, en poucas liñas, o contexto, a situación que ilustra unha UF).
O desexo de compensa-la notoria falta de material vulgar e obsceno nas obras mencionadas por medio de publicacións como o *Diccionario de Argot* de Oliver resultou algo frustrante; isto non soamente por erros manifestos como *tener un deliz* en vez de

desliz, senón tamén pola ausencia dun concepto claro do obxecto tratado, que o propio autor revela na introducción: "No ha sido nuestra intención elaborar un compendio de los vocablos que componen jergas muy específicas, sino acopiar aquellos que han acabado por integrarse en el español coloquial o que son utilizados [...] por subgrupos que disponen de un argot propio". En canto á linguaxe obscena, o DFEM débelle moita máis información a cómics, diarios e revistas publicados en España.
Outro punto débil da lexicografía actual constitúeno as expresións ou fórmulas, que xeralmente foron esquecidas polos especialistas. A este respecto, foinos de grande utilidade o *Textbook of Colloquial Spanish* de Brian Steel. Cabe mencionar, por último, algunhas correntes da literatura española contemporánea que son de consulta obrigatoria, dende o "lenguaje coloquial de guante blanco" de Camilo José Cela, ata o "estilo cinta magnetofónica" de Sánchez-Ferlosio ou Miguel Delibes, moito máis fieis á fala real cás obras ás que tivo que acudir Werner Beinhauer no seu libro pioneiro sobre o tema, *El Español coloquial*.

Criterios internos

Na opinión de estudiosos como Corpas e, como vimos, tamén de autores de diccionarios, a gamma de UFs esténdese dende as simples *colocacións* ata os *refráns*, pasando por *locucións* e *fórmulas* de trato social. Excluímos ambos tipos extremos por consideracións prácticas: parecía tan imposible tratar convenientemente as colocacións sen material computerizado, como innecesario incluír proverbios pola cantidade de publicacións xa existentes ó respecto. O que quedou para o DFEM son *locucións* (lexemas pluriverbais que funcionan como partes da oración) e unha categoría algo heteroxénea que chamamos *expresións*, e que moi frecuentemente posúen carácter oracional. O denominador común destes dous tipos é que son *unidades pluriverbais fixas e idiomáticas que non constitúen verdades xerais.*
Procedamos por orde: *unidades pluriverbais fixas*. ¿Que significa aquí a palabra *fixas*? Para establece-lo criterio de *fixación* valémonos das dúas interpretacións principais que lle dá Zuluaga (1992: 125-131) no seu intento de precisa-la noción corrente pero algo difusa de *estabilidade*, utilizada por Casares (1950/92). De feito, Zuluaga distingue entre fixación fraseolóxica, pragmática e posicional. O primeiro tipo —a existencia dunha serie de restriccións na libre aplicación de procedementos sintácticos ou de formación de palabras— permitiunos descarta-las colocacións. Como combinacións simplemente frecuentes ou usuais, non se altera nin anula o seu senso en caso de aplicarlles determinadas transformacións gramaticais. Compárense, a este respecto, os resultados dalgunhas probas clásicas aplicadas á colocación *diametralmente opuesto* e á locución *[ser u.p.] de carne y hueso* (7).
A conmutación dá un resultado perfectamente correcto no caso da colocación, como o mostra o exemplo *opuesto diametralmente*, pero sorprende no caso da locución *de hueso y carne*; a permutación (cuasi)sinonímica en *completamente opuesto* é aceptable, pero imposible en *de vianda y osamenta*; tampouco chama a atención a inserción dun elemento na colocación, como cando se di *completa o totalmente opuesto*, pero si molesta na locución *de carne y duro hueso*. Observamos contrastes análogos se eliminamos un elemento: *opuesto* resulta perfectamente comprensible, pero *de hueso* significa outra cousa moi distinta. Se empregamos derivacións, como a de *oposición*

diametral, non temos problemas, mentres que a expresión *carnal y óseo* resulta totalmente imposible. Dito sexa de paso que no traballo práctico foi crucial proceder como nos exemplos dados, realizando sempre máis dunha proba sobre a mesma secuencia para evitar excluír locucións auténticas como *tomar el pelo* (8) que, a pesar de tolera-lo derivado *tomadura de pelo*, non permite as demais operacións. O mesmo vale para UFs variables como *buscarle u.p. las tres/cinco patas/pies al gato* (9) ou *por (real) decreto* (10), que tamén poden considerarse como locucións por admitir un só tipo de modificación.

O segundo tipo ou fixación pragmática está caracterizado por Zuluaga como restricción de emprego a "determinadas situaciones de la vida social" (1992:126). Ó darlle á palabra *social* o senso máis preciso de interaccional, comunicativo ou expresivo[79], foi posible ter en conta expresións de tres tipos: a) fórmulas para da-los parabéns ou de saúdo, como *¡felices pascuas!* e *¡hasta más ver!*, b) marcadores de discurso utilizados para capta-la atención, asegura-lo *turn-take* ou estructura-los *turns*, como *¡a ver!*, *es Vd. muy dueño* e *colorín colorado, este cuento se ha acabado*, e outros "retrousos" máis, como a explicativa *a saber* e a enfática *lo que oyes*, e c) exclamacións de todo tipo, teñan ou non incidencia no desenvolvemento do discurso: *¡Madre de Dios!*

Desbotamos casos de fixación posicional debido á propia definición de Zuluaga, quen a atribúe máis ben a tipos de textos que a discursos. A integración de *colorín colorado, este cuento se ha acabado* no DFEM non é un lapsus, xa que ademais de terminar contos infantís, serve tamén de simple marcador final.

Un caso particular de fixación (e idiomatización) constitúeno os complexos con casiñas baleiras, que poden funcionar como locucións ou expresións. Por falta de estudios detallados, ativémonos á clasificación provisional de Zuluaga (1992), quen distingue entre unidades fraseolóxicas con casiña baleira e esquemas. As do primeiro tipo son unidades léxicas incompletas como *NUMERAL + SUSTANTIVO + mal contados* (11) — v.g. *tres estudiantes mal contados*; as do segundo tipo, moito máis difíciles de articular nun modelo, corresponden a modelos sintácticos idiomatizados con elementos relacionais, pero sen compoñentes léxicos fixos, como *[estar u.p.] + VERBO + que (te/le) + VERBO* (12) ou, máis concretamente, *erre que erre*.

Pasemos ó punto seguinte da nosa definición: *(unidades) idiomáticas*. O criterio de *fixación*, como vimos, é a base sen a cal non podemos falar de UFs. Pero o criterio de *idiomaticidade* é o que presenta maiores dificultades ó destinatario do diccionario, pois os seus coñecementos aínda deficientes da lingua española poden facerlle totalmente incomprensibles as UFs. A *idiomaticidade* interprétase xeralmente como unha propiedade semántica pola cal o significado global dunha secuencia non equivale á suma dos significados dos seus compoñentes; prodúcese, polo tanto, unha variante semántica nun dos elementos (ou en todos) ó contacto co outro (ou os outros). Sen embargo, son notorias as dificultades na aplicación práctica deste concepto, xa que a correcta interpretación dunha UF depende en gran medida de coñecementos extralingüísticos ou doutras linguas individuais. Para un madrileño, *[estar] entre Pinto y Valdemoro* (13) resulta probablemente tan pouco opaco como *brillar u.p. por su ausencia* (14) para un alemán, que dispón dunha locución perfectamente equivalente. Dito dunha maneira máis

[79] Cf. as "fórmulas psico-sociales, de cortesía y de dirección del discurso" de Coulmas (1985:64s).

xeral, non fai falta ter moita imaxinación para solucionar casos como *cortar u.p. un cabello en el aire* (15) nin ser experto en matemáticas para comprender *[ser u.p. un] cero a la izquierda* (16). A isto engádense aproximacións de ideas probablemente universais como as que existen entre 'irritación/excitación' e 'calor', manifestas en *[echar u.p.] fuego por los ojos* (17) ou *pegarse u.p. un calentón* (18).
Sen embargo, como o DFEM se dirixe principalmente a estudiantes estranxeiros, non queriamos presupoñer ningunha destas condicións. Isto obrigounos a aplica-lo criterio de idiomaticidade no senso máis amplo posible, incluíndo casos en que a) tódolos compoñentes perden o seu significado de orixe, como en *andar u.p. de picos pardos* (19), b) polo menos un manteno, como en *valer u.c. un Perú* (20), c) aparece unha palabra "unical", p. ex. *¡ahí está el busilis!* (21).
Unha última precisión concirne á exclusión do DFEM das *verdades xerais.* Entre as expresións fixas arriba mencionadas hai moitas que constitúen oracións completas, trazo que comparten cos refráns. Por iso, vímonos no dilema de cómo excluír estes sen deixar de incluír frases proverbiais correntes como *más se perdió en Cuba* (22). A solución está no terceiro criterio, xa que a diferencia dos refráns, este tipo de UFs non teñen valor de *verdades xerais*.

Presentación do material

Na redacción do DFEM fixemos grandes esforzos por alcanzar tres obxectivos importantes, bastante descoidados polos grandes diccionarios de uso. Tratábase de ofrecerlle ó lector a posibilidade de a) encontrar rapidamente unha UF descoñecida, b) comprender claramente a súa estructura, significado e particularidades de uso, e c) reproducila de maneira apropiada. Vexamos algúns medios adoptados para alcanzar estas tres máximas.

Macroestructura: lematización dos rexistros

Fieis ó uso lexicográfico dominante, catalogamos tódalas UFs rexistradas por palabras clave, ordenadas alfabeticamente. Exceptuando algunhas con casiñas baleiras, a palabra clave corresponde sempre a un elemento da UF e foi seleccionada segundo un criterio estrictamente formal: cada rexistro cítase por aquel compoñente que ocupa o rango máis alto na xerarquía seguinte:

1. nomes propios e palabras "unicais": *[estar u.p.] entre Pinto y Valdemoro,¡ahí está el busilis!*
2. substantivos: *[ser u.p. un] manojo de nervios* (23)
3. adxectivos: *dejar/poner u.p. tibio a alguien* (24)
4. participios concertados: *llevar/tener u.p. adelantado algo/éso* (25)
5. adverbios (excepto *no*, *sí*, e interrogativos *dónde*, *cómo*, *cúando*): *olerle u.c. mal a alguien* (26)
6. verbos (excepto *ser* e *estar* e modais): *...para servirle* (27)
7. pronomes (non interrogativos): *por mí que ...* (28)
8. numerais: *en un dos por tres* (29)
9. o verbo *ser*: *a no ser que* (30)

As UF que teñen uns compoñentes que non corresponden a ningunha das clases mencionadas, rexístranse baixo a primeira palabra, p. ex., *por sí o por no* (31). Vexamos

agora algunhas vantaxes desta lematización que pode parecer algo artificial a primeira vista.

Unha e non a menos importante reside no propio feito de ser *formal* e non *semántica*. É obvio que un estudiante estranxeiro pode determina-la clase de palabras á que pertencen os compoñentes dunha UF sen necesidade de comprendelas todas. A comprensión das partes é, sen embargo, condición previa para a busca rápida en caso de lematización pola palabra semanticamente máis importante, sempre que a haxa.[80] Así, por exemplo, no caso de *manojo de nervios,* o primeiro substantivo só cuantifica o estado de nerviosismo, polo cal, segundo Valadez (1997:415), "iría tal vez mejor bajo el sustantivo *nervio*". O argumento, sen embargo, non é válido para o caso do estudiante estranxeiro, que ben pode non coñece-lo primeiro constituínte. Dito sexa de paso que a unidade aparece baixo *manojo* no GDLE, pero falta no DRAE e no DLEU, para mencionar tres grandes diccionarios de uso que non dan razón dos seus criterios de lematización.[81]

Tamén é fácil xustifica-la xerarquía establecida no tocante a un punto que foi criticado con frecuencia: a modesta posición que os verbos ocupan na xerarquía mencionada. Esta débese, en primeiro lugar, ó feito de que os verbos adoitan variar con máis frecuencia cós substantivos, adxectivos ou adverbios. Un bo exemplo é *partirse u.p. de la risa* (32), que admite dez verbos alternativos e probablemente máis. Concíbese facilmente o aumento de páxinas impresas inutilmente ó rexistrar este auténtico *phraseological set* en cada un dos verbos, á parte do risco de deixar en branco ó lector que encontra outra variante máis. En segundo lugar, a posposición de verbos permitiunos evitar acumular rexistros baixo unha mesma palabra clave. Poñendo *[ser u.p.] de mal vivir* (33) baixo a clave *vivir* —outra suxestión de Valadez— teriamos que amontoar varias ducias de UFs baixo verbos como *ser*, *estar*, *hacer*, *tener*...

Macroestructura: Orde dos rexistros baixo unha mesma palabra clave

Os artigos rexistrados conxuntamente van agrupados por locucións e expresións, colocando estas despois daquelas. As locucións están ordenadas, ademais, pola función sintáctica que desempeñan. Ilustraremos este punto con algunhas das 47 UFs con *Dios*:

nominais	*[ser u.p. un] alma de Dios* (34)
	[armarse/haber] la de Dios (es Cristo) (35)
	...
pronominais	*ni dios* (36)
	todo dios (37)
	...
adnominais	*como Dios le echó/trajo al mundo* (38)
	[estar u.p./u.c.] dejada de la mano de Dios (39)
	...
adverbiais	*como Dios manda* (40)
	más ... que Dios (41)

[80] O que non me parece se-lo caso en *¡y que no ...!* ou *yo que tú/Vd*.

[81] Sen embargo non saen tan mal parados ó comparalos co *Duden Deutsches Universalwörterbuch*; na súa parte introductoria encontrámo-lo seguinte enigma: "Las expresiones idiomáticas [...] se registran bajo el significado al que pertenecen [...]".

...

verbais *clamar u.c. a Dios* (42)
costarle u.c. Dios y ayuda a alguien (43)
...

Coa excepción dos pronomes, esta orde espella fielmente a utilizada para a lematización e pode constituír, quizais, un pequeno recurso mnemotécnico para o lector.

Non cremos necesario agrupar por separado as "locucións clausais" (Corpas 1196:109). Pensamos que o lector buscará indiferentemente no subgrupo verbal unha UF como *no llegarle la camisa al cuerpo a alguien* (44), de status oracional por necesitar só a inserción dun complemento adecuado, e *clamar u.c. a Dios*, de predicado fixo pero suxeito libre. Tampouco forman grupo á parte as locucións prepositivas: ademais de ser infrecuentes, sempre aparecen baixo unha palabra clave con poucas ou unha soa entrada, p. ex., *en pos de* (45). Outro é o caso das chamadas "locucións conxuntivas" como *sin embargo*, *a fin/con el fin de (que)*. Dado o notorio desacordo das gramáticas en canto ó seu status de conxuncións ou de adverbios de enlace, optamos por agrupalos despois das verbais, definíndoas simplemente como "locución adversativa, final", etc.

As expresións aparecen simplemente por orde alfabética, e isto por dúas razóns. Por un lado, sabemos moi ben que a clasificación funcional presentada máis arriba é só unha entre moitas posibles —véxase a este respecto o capítulo V en Corpas 1997. Por outro lado, hai moitas UFs polifuncionais, como p. ex., *¡por el amor de Dios!* (46), que vale como fórmula ou exclamación segundo o contexto.

Algunha que outra UF pode utilizarse como expresión ou locución. En tales casos rexistramos de dúas maneiras. Cando se trata de palabras claves con moitas entradas, cada tipo aparece con rexistro propio no lugar que lle convén normalmente; desta maneira, *cagarse u.p. en Dios* está rexistrado xunto coas locucións; *¡me cago en Dios!,* xunto coas expresións. En caso de claves menos recargadas, presentamos un só modelo que diferenciamos mediante definicións e exemplos propios. Valla como exemplo a variante eufemística do anterior: baixo *diez* (2 entradas) o lector encontra só *cagarse u.p. en diez*, pero dúas definicións, a saber A: 'blasfemar' e B: 'exclamación que indica fuerte disgusto', ambas con exemplo propio.

Microestructura: o modelo

Cada rexistro está introducido por un modelo. Complétano ou unha abreviatura para indica-lo ámbito de uso, a definición e o exemplo, ou unha referencia a outro modelo sinónimo.

En realidade, hai moi poucas UFs totalmente fixas; a gran maioría delas require algunha adaptación ou suplemento na *parole*, sexa por necesidades sintácticas, semánticas ou pragmáticas. Fieis ó noso propósito de ofrecerlle ó lector un instrumento que lle permita non soamente entende-las UFs senón tamén utilizalas activamente, tratamos de indica-lo máis clara e simplemente tales casos. Vexamos algúns dos recursos empregados.

En UFs con suxeito libremente elixible este indícase sistematicamente mediante as iniciais *u.p.* para persoas e *u.c.* para cousas. A utilidade deste recurso pode comprobarse en moitas locucións verbais cun significado que non permite recoñecer qué suxeito admiten. Con modelos como *sacar u.p./u.c. de madre a alguien* (47), *colgar/pender u.c. de un hilo* (48) ou *dar u.p. el golpe* (49), xa non hai dúbida posible. Outro tanto vale para

a distinción de complementos a elixir, indicados sempre por *alguien* ou *algo*. Os exemplos seguintes son suficientemente claros: *ir el cuento con alguien/algo* (50), *tomar u.p. a alguien por el coño de la Bernarda* (51), *tomar u.p. en cuenta algo* (52).
O desexo de presentar modelos para o uso activo motivou tamén o emprego extenso de corchetes. Estes marcan por un lado elementos obrigatorios, pero libremente elixibles dentro dun paradigma, como en *darle u.p. margen a alguien para [hacer] algo* (53) e, por outro lado, contextos típicos. Este último caso pode ser ilustrado con dúas locucións, unha adxectival e outra adverbial: *[estar u.p.] dejada de la mano de Dios* (39) e *[estar u.c.] a flote* (54). Se ben o verbo citado é moi frecuente en ambos casos, non forma parte da locución propiamente dita.

A adaptación pragmática de expresións motivou modelos como *¡mal rayo [te/le] parta!* (55), onde os corchetes remiten á necesidade de inseri-la forma de tratamento adecuado, patente tamén no exemplo dado: "¡No quiero saber nada más de vosotros! ¡Que mal rayo os parta!".

Microestructura: o ámbito de uso

O desacordo frecuente dos diccionarios correntes en canto á interpretación e atribución de índices como *familiar*, *coloquial*, *popular*, *vulgar*, *argótico* etc. pareceunos motivo suficiente para buscar un sistema de cualificación estilística máis simple pero adaptado, ó mesmo tempo, ás esixencias do discurso oral. Neste senso diferenciamos soamente entre tres estilos situacionais posibles: *formal*, *informal* e *restrinxido*. Inspirándonos no continuum de "constelacións de distancia-inmediatez" establecida por Koch/Oesterreicher (1990:10), cualificamos como *f.* a todas aquelas UFs que poden utilizarse publicamente por falantes que non se coñecen, como sería o caso de *allanarle u.p. el camino a alguien* (56). Casos como *[ser u.p./u.c.] de abrigo* (57) preséntanse como *inf.*, xa que se limitan a ámbitos (semi)privados onde a emocionalidade e a despreocupación pola linguaxe correcta se conxugan con certo respecto ante o interlocutor ou convencións sociais. A transgresión de tales barreiras é o trazo definitorio do índice *restrinxido*, reservado para sinalar UFs como *[estar u.p.] hecha una braga* (58).

Microestructura: a definición

No caso das locucións tratamos de formular, sempre que foi posible, unha paráfrase de significado e función sintáctica equivalentes ó modelo, respectando tamén elementos opcionais e contextos. Desta maneira, modelo e definición resultan intercambiables no exemplo. Citaremos dous casos ó respecto: *[hacerse/ quedar u.p.] dueña del campo,* definido como '[salir/quedar] vencedor' e ilustrado por "Al principio esta empresa tenía muchos competidores, pero poco a poco fueron arruinándose todos hasta quedar ella dueña del campo"; *coser(se) u.p. la boca* 'callarse': "Se cosió la boca y se metió en un rincón dispuesto a no hablar con nadie". O mesmo principio observouse en casos de polisemia, onde as distintas acepcións e exemplos se presentan en subgrupos introducidos por A, B, C... Valla como exemplo *dejar/echar u.p. los hígados*, definido como A: 'esforzarse o trabajar hasta el agotamiento' e B: 'vomitar'.

No caso das expresións, a definición sinonímica resulta moitas veces imposible ou non deixaría ben claras as funcións sociais ou discursivas da unidade. Nestes casos preséntase unha descrición posta entre corchetes, como no exemplo *¡bueno está (ya)!,* onde un simple '¡basta!' parece menos adecuado cá definición '[expresión con que se invita a dejar un tema o abandonar una acción]'.
Xuntamente coa definición indícanse tamén todas aquelas particularidades de uso que se consideraron necesarias para a reproducción adecuada. Mencionaremos algúns casos típicos. Moi frecuentes son as restriccións que concirnen o obxecto referencial, como en *[ser u.c.] papel mojado* '[documento] sin valor ni vigencia alguna' ou *dar u.p. (buena) cuenta de algo* '[referido a la acción de comer o beber]; acabar o finalizar algo'. Outros exemplos son *[ser u.p.] (guapa) como un sol* '[generalmente referido a niños]; [ser] muy guapo' e *cambiarle/mudarle u.p. el agua a las aceitunas* '[referido al hombre] orinar'. Entre as locucións e expresións restrinxidas por obscenas chama a atención o paralelismo entre UFs "marcadas" e "non marcadas" en canto ó sexo do que as utiliza. Compárense, a este respecto, *salirle u.c. del coño a alguien*, '[muy enfático] querer [una mujer] algo ...', con *salir u.c. de los cojones*, indiferente en canto ó sexo do falante.
Tamén se mencionan connotacións especiais, como en *tener u.p. más espolones que un gallo* '[despectivo] ser muy viejo ...', ou en *[ser u.p.] una buena alhaja* '[irónico] pícaro, pillo, sinvergüenza'.

Microestructura: a ilustración

Se a utilidade didáctica de exemplos concretos non necesita comentarios, si cabe mencionar algúns principios observados na súa redacción. Debido á disparidade das fontes consultadas tivemos que desbotar por adiantado a idea de citar exemplos auténticos; ademais, a elaboración de exemplos propios pareceunos máis propicia para cumprir cos obxectivos do DFEM.
Para subliña-lo carácter falado das UFs rexistradas, moitas locucións e a maioría das expresións ilústranse mediante exemplos dialogados ou microdiálogos como os seguintes, que acompañan os modelos *darle u.p./u.c. guerra a alguien* (59) e *sí tal* (60): "Cambiar pañales, lavarlos, preparar la comida... Qué quieres, todos los niños pequeños dan mucha guerra", "Ayer no estuviste en la reunión - Sí tal; lo que pasa es que tú no me viste".
A comprensión rápida é facilitada por exemplos autoexplicativos para non deixar en branco ó lector apresurado ou remiso a definicións. Deste modo, parécenos moi posible deduci-lo que denota e connota o modelo *[ser u.p.] (muy) conocida en su casa (y a la hora de comer)* a partir do exemplo: "Esta pintora no ha logrado tener éxito; después de veinte años de actividad artística, es conocida en su casa y a la hora de comer". Como se ve, non é necesario recorrer á definición completa: '[irónico]; [ser] poco conocido, poco o nada famoso'.
Con miras ó uso activo puxemos especial atención na ilustración de modelos con corchetes. Tres casos citados máis arriba (53, 39 e 54) permiten ilustrar este punto. No primeiro aparece outro membro do paradigma de verbos de actividade, representados por [hacer]: "Nunca te he dado margen para que me trates tan mal; mi conducta creo que ha sido siempre irreprochable". No segundo e no terceiro cítanse contextos diferentes do modelo, pero non menos usuais: "Nunca hará nada bueno en la vida; es un hombre

dejado de la mano de Dios" e "Con lo poco que gana, no sé cómo puede mantenerse a flote".

Problemas específicos: as variantes, as referencias e os complexos con casiñas baleiras

Inspirándonos en Zuluaga (1980) consideramos como *variantes* dunha UF unha serie limitada de secuencias fixas sinonímicas e libremente intercambiables en calquera dos seus contextos que difiren parcialmente na súa estructura ou composición léxica. De aí é posible excluír tres tipos: casos con compoñentes que corresponden a un paradigma aberto, como *darle a alguien el naipe por [hacer] algo* (61); UFs con diferente ámbito de uso, como *[estar u.c./u.p. en] el quinto pino—el quinto carajo* (62); e finalmente adaptacións (obrigatorias) ó contexto concreto, como *¡para que lo sepas!—¡para que lo sepan!* (63). Deben considerarse como auténticas variantes, sen embargo, os casos mencionados a continuación:

Con respecto á estructura, son moi frecuentes a alternancia de preposicións, presente, p.ex., en *[decir/pensar u.p.] en/para su capa* (64), e a presencia facultativa dunha palabra funcional: *a la pata (la) llana* (65). Menor variación dáse na orde de palabras: utilízase indiferentemente *¡de eso/algo nada!* e *¡nada de eso/algo!* (66). Tampouco abundan casos como *[estar u.p./u.c.] en cierne(s*) (67) ou *por lo bajinis/bajines* (68), en que varía a forma gramatical ou fónica dun compoñente.

En canto á variación léxica, salta á vista o gran número de verbos substituíbles en locucións verbais. Os exemplos non se limitan a casos de sinonimia total ou parcial, como en *adivinar(le)/concocer(le)/descubrir(le) u.p. el juego a alguien* (69); tamén se admiten verbos sen relación semántica fóra da UF: *bajar/cambiar ... u.p. el/de tono* (70). Como exemplo de variación nominal, algo menos corrente, podemos engadirlle outra alternativa máis ó modelo 69: *adivinar(le) ... los naipes a alguien*. Cabe destacar, sen embargo, que a sinonimia tampouco é condición previa para a variación de substantivos ou adxectivos. Compárese *pasar(se)lo u.p. bomba* con *pasar(se)lo u.p. pipa* (71). Tampouco faltan compoñentes léxicos opcionais: *de (buen) grado* (72), *de golpe (y porrazo)* (73).

Como a presentación dos exemplos mencionados ata agora é fiel á utilizada no DFEM, o lector deste artigo xa se terá dado conta dos recursos utilizados para tratar casos de variantes, a saber, as parénteses, que sinalan elementos opcionais, e o trazo oblicuo, que separa alternativas en tódolos casos en que os nosos criterios de lematización permiten citalas conxuntamente nun modelo. É evidente que a xerarquía de palabras claves utilizada dificulta a busca de variantes que non sexan verbais; sen embargo, non todas pasarán desapercibidas polo emprego de referencias, das que falaremos a continuación.

Tratemos agora o problema das *referencias*. Como xa se dixo, algúns modelos aparecen só cunha referencia que remite o lector a outro modelo, no que a palabra clave leva un asterisco. Este procedemento utilizouse para o tratamento de a) UFs con compoñentes variantes non verbais, b) UFs sinonímicas pero de composición léxica ou ámbito de uso diferentes, c) UFs con compoñentes antonímicos e d) UFs cun rexistro completo que non está lematizado en conformidade coa xerarquía indicada. Nesta orde podemos cita-los exemplos seguintes: a) *¡tu/su abuela!*, v. *¡tu/su *madre!* (74); b) *salirse u.p. del tiesto*, v. *sacar u.p. los *pies de las alforjas* (75), *darle u.p. coba a alguien* (f.) v. *hacerle u.p. la*

**pelotilla a alguien* (inf.) (76); c) *caer u.c. fuera de algo*, v. *caer u.c. *dentro/fuera de algo* (77); d) *disgusto de muerte*, v. *disgusto/susto de *muerte* (78).

Tratemos, finalmente, o difícil problema dos complexos con casiñas baleiras, que ofrecen notables dificultades á hora de presentar con claridade o modelo e a definición que lles convén. Para cumprir, na medida do posible, cos nosos tres obxectivos, cremos útil empregar recursos tipográficos especiais, ademais de adverti-lo estudiante pouco experimentado sobre a existencia de tales complexos xa na parte introductoria. Coa excepción dalgúns casos illados (v.g. *¡qué ... ni (qué) ...!* (79)) sempre foi posible encontrar unha clase de palabras ou unha categoría gramatical representativa do compoñente libre. Este preséntase con maiúsculas e enlázase mediante o signo + co modelo. Vallan como exemplos a locución de + *NUMERAL (SUSTANTIVO) + para abajo* (80), e as expresións *¡Ni que + IMPERFECTO DE SUBJUNTIVO!* (81) e *(como) ADJETIVO, (sí) [es] + ADJETIVO* (82).

Para a lematización destes complexos servímonos do compoñente fixo co rango máis alto na nosa xerarquía, citando os dous primeiros casos respectivamente en <u>*abajo*</u> e <u>*ni*</u>. Por carecer de tal compoñente, o terceiro modelo rexístrase baixo a clave *[adjetivo]*.

Lista de definicións dos exemplos numerados no texto

1 Practicar el autostop
2 Expresión enfática de asentimiento o de rechazo de una opinión
3 Irónico; molestias o perjuicios que se experimentan por causa del oficio
4 En secreto o sin llamar la atención
5 Expresión que indica contrariedad
6 Referido al hombre; realizar el acto sexual
7 Real, auténtico
8 Burlarse de alguien o engañar a alguien con disimulo
9 Buscar complicaciones
10 Por la fuerza, de modo obligado
11 Apenas + NUMERAL + SUSTANTIVO
12 Expresión utilizada con ambos verbos en imperativo, o con el segundo verbo en futuro, 2. persona; enfatiza reiteración o intensidad de una acción verbal considerada importuna.
13 Vacilar entre dos cosas u opiniones o adoptar una actitud ecléctica
14 Irónico; no estar presente en el lugar que era de esperar
15 Tener gran perspicacia para comprender algo
16 Una nulidad, persona que desempeña un papel irrelevante
17 Estar enfurecido
18 Excitarse sexualmente mediante el contacto físico, pero sin llegar a realizar la cópula
19 Divertirse despreocupadamente en lugar de trabajar o hacer algo de provecho
20 Tener u.p. grandes virtudes o valentía personal
21 Exclamación con que se alude a lo que constituye el punto delicado de una cuestión o a lo que es motivo de disgusto o enfado de alguien
22 Expresión de consuelo con que se pretende restarle importancia a algún problema o situación delicada
23 Persona de carácter muy nervioso o intranquilo
24 Criticar muy ásperamente a alguien
25 Locución que indica que una acción o suceso es, en cualquier caso, una ventaja ya conseguida
26 Resultarle sospechoso

27 Fórmula de cortesía con que u.p. se pone a disposición de alguien; se usa solamente en respuestas alusivas a la identidad personal
28 Expresión que indica indiferencia ante los proyectos de alguien
29 En un momento
30 Excepto en el caso de
31 En previsión de lo que pueda ocurrir
32 Reírse mucho
33 Delincuente
34 Persona muy bondadosa
35 Alboroto, escándalo, pelea
36 Nadie
37 Todo el mundo, cualquiera
38 Completamente desnudo
39 De conducta reprobable; descuidado o abandonado
40 Bien, como es debido
41 Muchísimo
42 Reclamar justicia o reparación de los males
43 Costarle mucho trabajo, gran esfuerzo
44 Estar lleno de inquietud o temor
45 Detrás de
46 a) Fórmula empleada para pedir un favor o para excusarse con humildad; b) exclamación que indica enérgica protesta.
47 Hacerle perder la paciencia a alguien
48 Encontrarse en grave riesgo
49 Causar gran impresión; cometer un grave delito contra la propiedad
50 Referirse a alguien o algo
51 Tener a alguien en poca o ninguna consideración, no hacer caso a alguien
52 Apreciar o recordar algún favor o circunstancia notable o recomendable
53 Darle ocasión, motivo u oportunidad para hacer algo
54 Disponer de medios o recursos económicos suficientes
55 Fórmula con que se maldice a alguien
56 Facilitarle la tarea a alguien realizando alguna labor previa
57 Adj. superlativo; muy bien, muy bueno, muy grave, muy peligroso, etc.
58 Agotado, rendido de cansancio
59 Causar trabajos, molestias o inconvenientes
60 Afirmación enérgica empleada para rechazar una negación
61 Tomar afición o manía por hacer algo
62 Lugar muy apartado
63 Refuerzo expresivo de una afirmación, advertencia o crítica destinada al interlocutor
64 Decir/pensar en lo interior de su ánimo
65 Sin cumplidos, sin etiqueta, con sencillez y espontaneidad
66 Expresión enfática de negación, rechazo o prohibición
67 En los comienzos
68 En voz baja
69 Adivinar o descubrir la intención oculta de alguien
70 Comedirse, hablar con más moderación después de haberlo hecho con arrogancia o enfado
71 Divertirse mucho
72 Voluntariamente, gustosamente
73 De repente, bruscamente
74 Fórmula de insulto o exclamación de enojo

75 Insolentarse, insubordinarse, perder la timidez o el comedimiento habituales
76 Adular a alguien para conseguir algo
77 Estar comprendido en/excluído de algo
78 Disgusto/susto muy grande
79 Expresión enfática de negación o rechazo
80 Menos de
81 Exclamación que rechaza una propuesta inadmisible
82 Expresión utilizada en respuestas para atenuar lo que expresa el adjetivo

Bibliografía

DFEM: Varela, Fernando / Kubarth, Hugo: *Diccionario fraseológico del español moderno*. Madrid 1994.

DLEU: Marsá Francisco (ed.): *Diccionario Planeta de la lengua española usual*. Barcelona etc. 1982.

GDLE: Sánchez Pérez Aquilino (ed.): *Gran diccionario de la lengua española*. Madrid[7]1995.

DRAE: Real Academia Española. *Diccionario de la lengua española*. Madrid[21]1992.

MM: Moliner, María: *Diccionario de uso del español.* Madrid 1983.

Beinhauer, Werner: *Spanische Umgangssprache*. Berlin 1930. [=*El español coloquial.* Madrid 1978)

Beinhauer, W.: *Stilistisch phraseologisches Wörterbuch spanisch-deutsch*. München 1982.

Candón, Margarita / Bonnet, Elena: *A buen entendedor... Diccionario de frases hechas de la lengua castellana*. Madrid 1993.

Casares, Julio: *Introducción a la lexicografía moderna*. Madrid 1992. Primera publicación 1950.

Coulmas, Florian: "Diskursive Routine im Fremdspracherwerb". En *Sprache und Literatur in Wissenschaft und Unterricht 56/2* (1985), pp. 47-66.

Domínguez, José M.: *Fraseología española en su contexto*. München 1975.

Doval, G.: *Del hecho al dicho*. Madrid 1995.

Florian, Ulrich / Martínez, Fernando: *Spanische idiomatische Redewendungen*. Leipzig 1985.

Fontanillo Merino, E. (ed.): *Larousse diccionario práctico de locuciones*. Barcelona 1993.

Iribarren, José M.: *El porqué de los dichos*. Madrid [4]1974.

Koch, Peter / Oesterreicher, Wulf: *Gesprochene Sprache in der Romania. Französisch, Italienisch, Spanisch*. Tübingen 1990.

Levintova E. et al.: *Diccionario fraseológico español-ruso*. Moscú 1985.

Moreno Torres, Felipa: *Expresiones idiomáticas. Lexikon der spanischen Redewendungen.* Eltville am Rhein 1990.

Oliver, Juan M.: *Diccionario de Argot*. Madrid 1987.

Rodrigues, Louis J. / Bernet de Rodrigues, Josefina: *Harrap´s Spanish Dictionary of Idioms*. London 1991.

Rodríguez Díez, B.: *Las lenguas especiales. El léxico del ciclismo*. León 1981.

Steel, Brian: *A Textbook of Colloquial Spanish*. Madrid 1985.
Valadez, Carmen D.: Reseña al DFEM. En *Anuario de Letras 34* (1996), pp. 413-15.
Wunderli, Peter: *Saussure-Studien,* Tübingen 1981, p. 50.
Zuluaga, Alberto: *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Bern 1980.
Zuluaga, A.: "Phraseologie / Fraseología". En G. Holtus et al. (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL) VI/1*. Tübingen 1992, pp. 125-31.

Elaboración dun diccionario fraseolóxico bilingüe castelán-inglés

DELFÍN CARBONELL BASSET
Marshall Institute

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 219-226.
ISBN: 84-45321-67-6)

The elaboration of a bilingual dictionary does not present any problem as long as we have the appropiate tools: computer devices, dictionaries, lexicons, internet, access to informants, good knowledge of both languages. A clear and simple planning, thought for the user, has to be developed. It is necessary to bear in mind that translations are not accepted, but correspondences, one phraseological unit for another given phraseological unit. This is not always possible. It is a very gratifying task for the compiler, whose contribution is also important, since he offers everybody the result of his research as a working tool.

La elaboración de un diccionario bilingüe no presenta problemas siempre que se tengan buenas herramientas: equipo informático, diccionarios, vocabularios, internet, acceso a informantes, se dominen bien las dos lenguas, se haga un buen diseño claro, sencillo, pensado para el usuario y se tenga presente que no se aceptan traducciones, sino equivalencias, frase por frase. Esto no es siempre posible. Es una tarea muy gratificante para el compilador que además hace un aporte importante al ofrecer el fruto de sus pesquisas como herramienta de trabajo para los demás.

Sospeito que nos pasa a todos pero sempre que leo unha traducción comezo a dubidar se espella puntualmente o que escribiu o autor orixinal. Non podo deixar de pensar cál sería a expresión de orixe. E é que todos estamos á mercé e nas mans dos traductores e vémonos obrigados a fiarnos do que nos contan e dubidamos ás veces de se nos están dicindo a verdade ou, pola contra, nos están dando gato por lebre.

Porque se para os traductores e lexicógrafos é tan difícil traducir ó inglés, por exemplo, unha palabra castelá aparentemente tan simple e tan utilizada como *amiguismo*[82] ¿que pensar das frases idiomáticas propias de cada lingua?

E, sen embargo, estou convencido de que a elaboración dun diccionario bilingüe, é dicir, a traducción e translación de vocábulos e frases, non implica ningún problema. É necesario ter preparación e interese.

O meu interese polas frases e a súa traducción comezou cedo. Cara ós dezaseis anos sentía a necesidade de duplicar expresións inglesas en castelán para sentirme cómodo cando cambiaba de idioma. Non quería que unha lingua, a inglesa, interferise na miña maneira de expresarme en castelán. E así comecei a aprender interpretacións de frases que dominaba en ámbolos dous idiomas e que espellaban ben o meu pensamento ou, mellor, a miña maneira persoal de plasma-las miñas ideas en palabras.

Máis tarde, e xa na Universidade de Pittsburgh, tiven a sorte de ter como profesor ó lingüista e lexicógrafo da Universidade de Columbia, Mario Pei. Nas nosas charlas animoume a escribir un proxecto para un dos cursos: unha recompilación de frases idiomáticas castelás *comparadas* coas inglesas. Tratábase de continuármo-lo proxecto os dous e compilar un diccionario fraseolóxico bilingüe inglés e castelán.

Xa coleccionara eu moitas fichas ordenadas alfabeticamente en grandes ficheiros de metal que ocupaban moito espacio. As tarxetas escribíanse á man, claro está, e se por casualidade caía un ficheiro ó chan, o que ocorreu un par de veces, levaba varias horas coloca-las tarxetas en orde. Todo isto serve para poder compara-la maneira de traballar de antes coa de agora. Nin punto de comparación.

Anos despois trasladeime a España, perdín o acceso ós ficheiros, o Profesor Pei finou e o proxecto quedou conxelado, pero non esquecido.

Pero a miña preocupación de cómo diría eu esta frase en inglés ou en castelán non me abandonou. E en 1976 publiquei un *Diccionario de modismos ingleses, inglés-castelán*, que só incluía expresións do idioma inglés americano.

O traballo quedara a medias.

Todo isto indica que a miña preocupación pola fraseoloxía bilingüe vénme de hai tempo e que, ademais, non atopaba respostas satisfactorias ás miñas formulacións de traducción.

---

[82] O Diccionario da Academia di de *amiguismo: tendencia y práctica de favorecer a los amigos en perjuicio del mejor derecho de terceras personas.* O Random House Dictionary dinos de *cronyism: the practice of favoring one's friends, esp. in political appointments.* Sen embargo, ó consulta-los seguintes diccionarios bilingües obtemos este resultado: Edaf. *very friendly, fond.* / Simon & Schuster: *very friendly*. / Velázquez: non consta. / Collins*: all-boy network, job for the boys*. / Oxford: *favouritism.* / Anzou: non consta. / Vox: *contacts, string-pulling*. /Espasa-Harraps: non consta. / Williams: non consta. / Santillana: non consta. / Larousse: *hay mucho amiguismo: there are always jobs for the boys.* / Penguin: *old-boy network, patronage*. / Wordsworth: non consta. O Oxford English Dictionary di de *cronyism: the appointment of friends to government posts without proper regard to their qualifications.* Que opine o lector.

Como ninguén publicaba un Diccionario fraseolóxico inglés e castelán, decidín poñer mans á obra e facelo eu.

Para a **preparación** do *Diccionario fraseológico, inglés-castellano castellano-inglés* publicado en 1995 tomei como base a versión inglesa de 1976, pero agora tiña un ordenador. Comprara en 1989 un IBM PS1, 286 cun mega de RAM que era o melloriño da técnica informática naquel momento. Coa falta de experiencia e co programa que viña co ordenador, deseñei o Diccionario nunha base de datos. Os campos ás veces facíanseme curtos e tiña que amplialos constantemente. Cando notaba un erro debía escribir todo o campo de novo, cometendo ás veces erros novos. Necesitei vinte ficheiros e pasaba as horas mortas abríndoos e pechándoos. O sistema de orde alfabética, a alfabetización automática, estaba medio axustado ó alfabeto castelán, pero non de todo. Recordemos que estes programas son traduccións do inglés. Tiven que prescindir do *ch* e do *ll* porque non había máis remedio. Afortunadamente a Academia suprimiu estas letras pouco antes da publicación do diccionario. Un golpe de sorte. Unha carambola. Pero tiven que transferi-la información da base de datos a unha versión primitiva de Word para despois pasala a WordPerfect 4.1 e facer toda clase de cambios estructurais. O diccionario entregouse ó editor en soporte magnético e non houbo necesidade, polo tanto, de picalo de novo.

Agora xa as cousas son diferentes. Cun Pentium 160 e Word, deseñar un Diccionario é case pan comido. O *Diccionario de refranes, castellano e inglés* compúxeno en WordPerfect simplemente porque xa sei o programa de memoria. Agora xa domino Word tamén e éme indiferente utilizar un programa ou outro. Agora posuímos unha verdadeira ferramenta de traballo que simplifica o labor do lexicógrafo dunha maneira drástica, dramática. Aínda que xa temos tamén menos escusas para presentar un labor deficiente.

A **bibliografía** foi, é e será sempre difícil de conseguir. Isto é normal se se considera que se houbera varios diccionarios fraseolóxicos bilingües, escribir outro sería unha parvada. Nos anos 70 e 71 non tiña, claro está, Internet nin nada que se lle parecese. Ó longo dos anos fora coleccionando diccionarios e vocabularios pola miña conta. Era imperativo constata-lo que se escribira sobre o tema. Os diccionarios daquela época: Casares, Martínez Amador, Cuyás, Velázquez, Williams, Simon and Schuster, parecíanme faltos dun rigor que en moitos casos evidenciaba simple ignorancia ou, o que é moito peor, preguiza por parte dos compiladores. Pero onde máis fallaban era nas frases idiomáticas, nos modismos, que na maior parte dos casos eran simples traduccións ou explicacións do significado orixinal, en vez de correspondencias. Para constatar isto, só é necesario botar man de calquera diccionario dos mencionados ou, incluso, dos máis modernos. Non vou mentalos porque todos os coñecemos. E a mala prensa dos diccionarios bilingües en tódolos idiomas chegou ata a Enciclopedia Encarta que fala da variada fiabilidade deles e de que serven só para os que están aprendendo un idioma.[83]

---

[83] *Beyond these scholarly works, compiled on historical principles, are the numerous bilingual dictionaries, which are of varying degrees of reliability. They are designed for the person learning a language and are thus generally limited to word equivalents...*

Quizais isto sexa así porque pola súa propia natureza, o diccionario bilingüe é sempre **defectuoso.** A perfección no bilingüismo é tan só un ideal, quizais. E por iso podemos atrevernos a dicir que estes lexicóns son inservibles. Cando botamos man dun para consultalo e non dominámo-la lingua estranxeira, as acepcións que se nos ofrecen abáfannos e non sabemos a que aternos. E cando dominámo-los dous idiomas ben vemos que ningunha das traduccións ofrecidas se axusta ó orixinal. Eu emprégoos cando me falla a memoria ou cando non quero pensar ou darlle voltas á cabeza. Tamén é verdade que cando teño dificultades coa traducción dunha palabra ou frase, os compiladores sufriron o mesmo problema. Total, que son de grande utilidade cando buscamos palabras concretas: piano, tixela, lapis, árbore, etc. Pero é na frase onde atopamos co escollo. Aí está o problema dos diccionarios bilingües. Encontrar equivalentes para *no tener dónde caerse muerto*[84]*, cojear del mismo pie*[85]*, ir de la Ceca a la Meca*[86]*, ser una cosita de gusto*[87]*, parecer una cosa mala*[88]*,* por exemplo, require un pequeno esforzo mental e paciencia. E é que un diccionario bilingüe é un producto moi serio que debe comercializarse só cando o fabricante, o lexicógrafo, sabe que non pode ser perigoso nas mans do consumidor.

Sen embargo, tiven que consultar tódolos diccionarios mencionados e algúns máis. En moitos casos as traduccións eran correctas, por fáciles e de uso común: *estirar las piernas*, *ser otro cantar, al pan, pan, y al vino, vino*, por exemplo, pero case sempre eran unha explicación do significado.

Unha artimaña que empregan moitos lexicógrafos bilingües é a de ignora-la frase dificultosa.

Por regra xeral os lexicóns bilingües e moi en especial en materia de frases, son diccionarios *explicativos* en vez de ser *comparativos*.

Tiven que recorrer ós diccionarios monolingües: en inglés e en castelán. Tamén ós diccionarios ideolóxicos e de sinónimos. En inglés hai varios diccionarios fraseolóxicos e agora xa os hai en castelán. E o meu traballo consistía en emparellar frases inglesas con frases castelás do mesmo significado. Non é isto sempre posible. Non é isto fácil tampouco, pero definitivamente non é un problema.

Aquí é onde o lexicógrafo bilingüe ten que emprega-la súa sensibilidade lingüística innata e adquirida e a súa habilidade lexicográfica para interpretar significados e vertelos dun idioma a outro.

---

[84] *Esos no tienen donde caerse muertos*: *those people don't have a pot to piss in.*

[85] *En esa familia todos cojean del mismo pie*: *in that family they are all tarred with the same brush.*

[86] *Me han mandado de la Ceca a la Meca: they have sent me on a wild goose chase.*

[87] *Tu hermana es una cosita de gusto y por eso no se casará*: *your sister is no bargain and she won't get married.*

[88] *¿Qué te ha pasado? Pareces una cosa mala*: *What happened? You look like something the cat has dragged in.*

As **ideas básicas** son as mesmas en tódolos idiomas e podemos facer clasificacións baixo epígrafes como rico, pobre, alegre, difícil e complicado, etc. Por exemplo: no epígrafe *pobre* podemos colocar frases como *estar a la cuarta pregunta, estar con una mano delante y otra detrás, no tener dónde caerse muerto, ser más pobre que las ratas,* etc. Neste senso creo que o que fai falta é un diccionario fraseolóxico ideolóxico. O meu próximo diccionario de argot inglés e castelán xa leva esta achega.

O **procedemento** é o seguinte:

Ante todo senta-las bases dunha maneira de facer que implica un estricto control de calidade. Deseña-los mecanismos adecuados que non permitan que equivalencias dubidosas ou traídas polos pelos entren no corpus do diccionario. E se non estamos satisfeitos cunha equivalencia, explícase. Repito que un diccionario bilingüe non debe ser explicativo, senón comparativo. Pola expresión *Pedro y Juan son muy amigos; parecen novios,* non podemos dicir que son *very friendly* ou que *are very good friends*. E por *pareces una cosa mala*, non nos serve *you are not looking good*.

Facer unha compilación de frases e modismos básicos.

Compoñer unha lista de tódolos modismos casteláns que queremos incluír.

Facer unha lista de tódolos modismos e frases inglesas que desexamos incluír.

Emparella-las frases. Isto require tempo e moita paciencia e non sempre se encontran equivalentes apropiados e debemos saír da lista.

No caso do *Diccionario de refranes, castellano e inglés*, por exemplo, lía centos de refráns en castelán, literalmente centos de refráns e despois facía o propio cos refráns ingleses. Sempre recordaba os que se parecían no significado.

Non hai outra maneira de facelo. Nin con bases de datos, nin con correspondencias, nin con nada. A lexicografía que implica un diccionario fraseolóxico é unha arte máis ca unha ciencia. Por iso dixen que máis ca un problema, a elaboración dun diccionario é cuestión de paciencia, disciplina e grandes doses de humildade. E non arredarse e dicir que tal ou cal frase non ten equivalencia en castelán ou inglés e saír do paso así.

De aí que para compilar un diccionario fraseolóxico bilingüe é imprescindible que os **compiladores dominen os dous idiomas** a tódolos niveis. Isto parece unha verdade de Pero Grullo, pero non o é. O equipo debe estar formado por nativos de ámbolos dous idiomas que teñan unha cultura nas dúas linguas, independentemente do seu país de orixe. Isto é máis difícil do que parece porque coñecer un idioma leva tempo e estudio e moita constancia e moita lectura. Non se domina un idioma a tódolos niveis se non se ten lido extensamente nese idioma. Aquí temos, creo eu, a dificultade máis espiñenta. Eu levo falando, estudiando e lendo os dous idiomas máis de cincuenta e tres anos e nunca se me ocorrerá dicir que sei castelán ou inglés. E non é falsa modestia.

Un caso curioso en lingüística, como todos sabemos, é o do **nativo unilingüe** que se cre unha autoridade no seu idioma. Toda palabra ou frase descoñecida para el, automaticamente é rexeitada como inexistente, como unha antigalla ou que simplemente

“non se di”, sen darse conta de que, para parafrasear a Ortega, o horizonte lingüístico propio de cada un non é o horizonte lingüístico, hai máis, moito máis ás veces.

Eu teño a gran vantaxe de que traballo só e como pola miña man. Pero se se traballa en equipo, que se cadra é o seu caso, a fin de contas, o **Director** do proxecto, do diccionario, debe estudiar, repasar, comprender e aceptar cada rexistro e darlle o seu toque persoal. Parece difícil pero é imprescindible para que o resultado non sexa como o da Academia que ten unhas letras mellor feitas ca outras. Eu teño lido diccionarios letra por letra varias veces, o que quere dicir que se pode facer perfectamente.

Unha gran dose de humildade é necesaria por parte dos compiladores. Non nos é dado **sabelo todo** nos dous idiomas, pero si podemos preguntar, buscar, rebuscar e investigar. A preguiza, a desidia e a chafallada están a mal coa lexicografía. Volvo a repeti-lo que dixen antes sobre o control de calidade.

Como xa indiquei máis arriba, hai que facerse con toda a bibliografía sobre o tema: Biblioteca Nacional, Library of Congress, British Library, bibliografías especializadas, etc. Pero hai que ir con coidado e con pés de la. A Biblioteca Nacional no ten catalogado o meu diccionario fraseolóxico aínda. A Biblioteca do Congreso si.

Unha vez que teñamos o corpus do diccionario, non debemos esquecer xornais, revistas, cómics e novelas contemporáneas, que son unha fonte importante de información fraseolóxica, e tamén o traballo de campo.

O deseño do diccionario é vital para que se converta nunha ferramenta de traballo útil para o usuario para que atope respostas que sexan precisas, exactas e fáciles de entender. Decidir qué vai incluír o diccionario: frases, modismos, idiotismos, clichés, símiles, xiros, refráns, coloquialismos, argot, etc., tendo en conta que o usuario non fai distincións.

PALABRA CLAVE

Frase idiomática. 1) Correspondencia. 2) Correspondencia alternativa.

Exemplo de uso. Traducción do exemplo.

[Información relevante sobre a frase, ampliación, explicación, etc.]

No meu diccionario fraseolóxico só teño unha alternativa ó orixinal. Pero creo que moitas veces hai que ofrecer máis dunha para aclarar conceptos.

A **información relevante** paréceme vital en moitos casos. As cousas non están sempre claras e se hai que matizar, hai que matizar. No meu novo *Diccionario castellano e inglés de argot y lenguaje informal* dou explicacións nalgúns casos para aclararlle ó lector o que poida suscitar dúbidas. Así o fixen tamén no *Diccionario de refranes, castellano e inglés*.

As **referencias cruzadas** son moi importantes nun Diccionario fraseolóxico. En frases como *estirar las piernas* non sabemos se o lector vai ir á palabra *estirar* ou á palabra *pierna*. Pode que vaia a *pierna*, non atope a frase e decida que non está, cando si que está rexistrada en *estirar*, por exemplo. Nunca pensemos que o usuario é un lingüista consumado, moi ó contrario. Poñámosllo fácil.

Son inimigo de **prefacios** explicativos longos que o lector nunca le. Non é válido dar explicacións longas sobre cómo debe o usuario busca-la frase, cando este non ten ningunha intención de lelo. E o mesmo ocorre coas famosas abreviaturas que simplifican moito a redacción e composición do diccionario pero que para o usuario son unha verdadeira molestia por non dicir unha triana. O aforro é mínimo en tempo e espacio e a dificultade para o lector moi grande. A gran maioría dos diccionarios levan varias páxinas de abreviaturas que se logran aprender se se usan con moita frecuencia.

A duplicación, **a correspondencia**, é moi importante nun diccionario bilingüe. As dúas partes deben complementarse e é algo que case nunca ocorre. Visto é que os compiladores de diccionarios fan primeiro unha parte e logo, independentemente, a outra. E así é o resultado. Ás veces na parte inglesa resolven un problema de traducción difícil e na parte castelá ofrecen unha alternativa diferente. Debo confesar que eu tamén teño pecado neste senso.

Para **resumir** consideremos os seguintes puntos:

A. Reunir unha boa biblioteca de consulta que inclúa diccionarios bilingües, monolingües e enciclopedias dos últimos cen anos.

B. Ter unha boa preparación lingüística ou, no seu defecto, ser conscientes das limitacións no coñecemento dos dous idiomas.

C. Un bo ordenador con gran velocidade, cun bo programa e suficiente práctica no seu manexo.

D. Facer un deseño pensando no usuario e non en aforrar tempo, esforzo nin papel. Repito: pensar sempre no cliente, no usuario, en quen vai manexa-lo diccionario.

E. Non escatimar esforzos para conseguir unha correspondencia o máis exacta posible. Rebuscar, preguntar, utilizar a alumnos, amigos, profesores, coñecidos, o que sexa.

F. Paciencia, disciplina, humildade e seriedade.

G. Que as dúas partes do diccionario sexan iguais. Se decidimos que a traducción de *amiguismo* é *cronyism,* que na parte inglesa apareza *amiguismo* por *cronyism*. E isto é tan só un exemplo.

Se seguimos estes pasos, o resultado será sempre satisfactorio.

Por outra parte, considero que xa vai sendo hora de que nos independicemos da **hexemonía británica** en lexicografía bilingüe. Unha hexemonía esta incomprensible á vista dos resultados, que se poden adquirir en calquera librería e que deixan moito que

desexar. Ademais, en materia fraseolóxica non podemos ignora-la gran contribución norteamericana. Ignora-los modismos estadounidenses en lingua inglesa é imperdoable hoxe en día. Xa en 1968, Mario Pei reclamaba un cambio neste senso. Francamente non sei por qué hai que reproducir en España os diccionarios bilingües británicos que, ademais, non son un modelo de perfección. Quero recalcar que me refiro ós diccionarios bilingües. O *Oxford English Dictionary* é marabilloso e recomendo o artigo "The History of the Oxford English Dictionary" no primeiro tomo.

Non podo deixar de menciona-lo que considero o gran escollo de todo investigador e escritor: a publicación da obra. ¡Esa é outra! Confeccionar un diccionario ou escribir unha novela de amor pode que sexa relativamente fácil, pero atopar editor é unha das tarefas máis arduas e ingratas que existen. Hai que armarse de paciencia, de valor, de humildade para acepta-los rexeitamentos constantes, a incomprensión, a ignorancia inclusive. Recoñecer que en España, por exemplo, se publican 40.000 títulos ó ano, cada ano, tódolos anos e que os editores non son mecenas interesados na cultura nin teñen por que selo. Publicar un libro, un diccionario, un texto, é un labor comercial. Normalmente os editores teñen asesores que non teñen nin idea de que vai a cousa. Se é grande de máis non lles interesa. E así vemos que se publican diccionarios bilingües para nenos, para principiantes, para viaxeiros, para estudiantes de COU, etc., co único fin de vender, sexa como sexa, aínda que se dea gato por lebre.

Repito que hai que armarse de valor e ter moita prudencia para non perde-la calma co Axente Literario de Nova York que escribe parvadas sobre o traballo dun sen ter idea nin do castelán nin da súa propia lingua. Teño unha boa colección de anécdotas sobre este tema.

E vémonos supeditados ás esixencias da publicación. Porque se escribe para publicar. O meu diccionario fraseolóxico tiña 390.000 palabras que quedaron en 200.000 despois da poda que tiven que facer por razóns comerciais.

E para rematar quixera dicir que a redacción dun diccionario fraseolóxico bilingüe é un traballo moi grato. Moitas frases presentan verdadeiros retos, que non problemas, que estimulan a imaxinación do compilador que se atopa continuamente esporeado por verdadeiros enigmas as máis das veces. E é unha gran satisfacción atopa-la frase axeitada que espella a idea do orixinal buscado. As dúas frases son sempre orixinais. Por desgracia, o labor non ten sempre éxito, aínda que hai que intentalo. E ó cabo podemos sempre pedir, como din en Oxford: *Dominus illuminatio mea*.

Cuarto debate

D. CARBONELL E F. VARELA
Modera C. Viqueira

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 227-239.
ISBN: 84-45321-67-6)

J. GUIA

Un primeiro tema é saber ata qué punto se poden establecer, ou non, equivalencias fraseolóxicas, porque houbo nas dúas intervencións unha discrepancia amable.

F. VARELA

Para min o problema non é se pode haber equivalencias ou non. O problema é se se pode facer todo cos meus medios a base de equivalencias. Eu iso non o podo facer, eu procuro facer ben o que sei que podo facer ben ou regular. Cédoche a ti a palabra.

D. CARBONELL

Eu creo que si, é máis, dixen que si. Pódense facer equivalencias. A equivalencia é simplemente traslada-la idea ó outro idioma. Ademais, que as palabras non se parezan, é o de menos. Claro, se nos agarramos, por exemplo, á frase de antes, *Ser harina de otro costal*, entón ¿como se di en inglés *costal*? ¿Como se di *harina*? Pois non, así non se fai, non se pode facer así. Pero ¿que quere dicir esa frase? ¿Como se diría a mesma idea en inglés? Ímola buscar e atopámola. As ideas básicas, como dixen antes, son iguais. Non imos crer que —a pesar de que o cremos— os ingleses son diferentes. As súas ideas son as mesmas. Non, que non, que non... Claro, ó mellor o dos ingleses non é correcto, podiamos falar doutra xente. Pero basicamente somos iguais. E, por iso, por exemplo, un programa malo americano vén a España, un programa de televisión, ou á India ou a Francia e a xente ri, gústalles e todo. Basicamente conmóvenlle-las mesmas cousas. Si que se pode facer, polo menos pódese intentar e débese intentar, se un é bilingüe.

Mª X. ANIDO

Esta pregunta é para os dous profesores. Esta mañá crin entender que o profesor Varela dixo que non lle gustan os diccionarios ideolóxicos, mentres que o profesor Carbonell dixo que non son tan malos. Poderíannos falar un pouco máis dese tema.

F. VARELA

Agora ímonos pelexar un pouco. Eu dixen que facendo fraseoloxía, polo menos perseguindo os ideais que perseguimos, paréceme moi difícil a clasificación. É dicir, eu supoño que se pode facer, e de feito fíxose xa en varias ocasións, pero tiñamos que limitar moitísimo o repertorio. ¿Como clasificamos xiros ou unidades fraseolóxicas como *Meter la pata*? ¿Onde as metemos? Isto é unha maneira de limita-las nosas posibilidades, mentres que os lemas clasificados por orde alfabética non son un problema para ninguén. Todos coñecemos a orde alfabética. Esta é unha resposta moi simple, pero creo que neste caso funciona.

D. CARBONELL

Pois eu creo que o diccionario ideolóxico é unha ferramenta de traballo moi útil, porque cando buscamos unha frase, buscamos unha idea, debemos de poder atopala con rapidez. Eu dixen que sería interesante ter un diccionario fraseolóxico ideolóxico. O meu diccionario de *slang*, que se publicará pronto, intentei tamén que fora ideolóxico, porque ás veces dicimos cómo podemos dicir 'diñeiro' en castelán, cántas maneiras de dicir diñeiro en argot hai en castelán. Ben, pois dicimos *guita, pasta*... Ti míralo aí: sesenta palabras, ou míralo en inglés *money*: tíraste corenta ou cincuenta. Logo elixes ti a que queiras e buscas. Pois, ¿como podemos dicir 'cometer erros' fraseoloxicamente en castelán? Pois, *Meter la pata*, etc. Si podemos clasificalos. Que sexa fácil de clasificar ou non, esa xa é outra cuestión. Pero é interesante saber fraseoloxicamente qué frases podiamos ter en castelán, por exemplo, para 'non ter moito diñeiro'. Pois *Estar a la cuarta pregunta*, como dixen eu antes, etc. E logo poderiámolo facer en inglés. Entón teriamos moitos e logo emparellámolos e utilizamos un ou outro. É outra posibilidade que pode ter un diccionario, que eu creo que é moi interesante porque ás veces buscámo-lo que sabemos. Se sabémo-la frase *Buscar los tres pies al gato*, acabamos en *gato*. Pero ¿e se non a sabemos? e ¿se queremos escribir ou traducir ou alguén nos pregunta: como diría...? A min é que a xente pregúntame todo e eu quero ter respostas. Todos queremos respostas e os diccionarios están para iso, para darnos respostas. Non nos é dado ir a Inglaterra ou ir ós Estados Unidos encontrar respostas tódolos días. Entón, botamos man dos diccionarios que temos que ter na casa todos, todo tipo de diccionarios onde atopamos moitas respostas. Os diccionarios son fontes de información fantástica, se son bos.

F. VARELA

Eu penso que naturalmente como unha maneira de completar, pódese facer isto, pódese e quizais se deba facer. O que non me parece é que se poida facer exclusivamente falando de unidades fraseolóxicas un diccionario así por temas. Eu

non sei realmente onde meter, non sei, tantísimas expresións como vimos, creo que lin algunhas, como por exemplo *Ser de carne y hueso*, ¿onde a meten vostedes? Nós intentamos facer unha clasificación ó final, pedimos axuda a colegas, e tódalas axudas que nos daban eran do tipo de vós facedes un capítulo por comidas, outro capítulo por viaxes, outro... Si, pero logo chegan miles de exemplos que non hai maneira de clasificar, de modo que, como unha maneira de completa-lo diccionario, pódese engadir, cousa que no noso caso sería un pouquiño difícil, sobrepasaría quizais as posibilidades do diccionario, pero, en fin, pódese facer. Pero nun diccionario só fraseolóxico por capítulos teriamos que sacar moitas cousas que metemos, cousa que tampouco creo que estea ben.

D. CARBONELL

Pois eu *Ser de carne y hueso* meteríao en **persoa**, **personalidade**, por exemplo. Porque claro, tes que pensar, agora sabes exactamente o que estás buscando: *Es de carne y hueso*, ben, pois ¿que é? ¿Quen é de carne e óso? ¿Unha chuleta?, unha persoa. Ben, pois entón métoo en **persoa**, **personalidade**, pero temos que facer un deseño e con referencias cruzadas; buscar nun diccionario de léxico non é fácil. ¿Onde estará isto? Non, non é fácil, indubidablemente, empezas a manexalo e por fin atópalo, e canta máis práctica tes mellor. Podemos falar do diccionario ideolóxico de Casares: leva algún tempo facerse con el, pero unha vez que te fas con el é unha fonte de información que che aforra tempo. Se te sentas e pensas, máis tarde ou máis cedo darás con iso. Pero non é esa a cuestión. O traductor necesita unha frase agora, porque, a pesar de que pagan por palabra, hai que facelo coa maior rapidez posible, e eu non me dedico á traducción, por certo, porque me parece dificultosísima, non o fago ben. O traductor necesita información rápida e un diccionario ideolóxico pode axudalo. Por exemplo, eu poñeríao en **persoa**, pero claro, hai que facer un esquema, a ver ónde o poñemos, etc., etc., pero temos axuda, xa están feitos moitos. Pódese intentar.

F. VARELA

Sigo pensando que me parece moi complicado. *Por mi qué*, ¿onde o metemos? *Llevar o tener algo adelantado,* ¿onde o metemos?

D. CARBONELL

Non, ben, pero eses non, eses non, eses non.

F. VARELA

Claro é que hai moitas cousas que teriamos que deixar fóra.

D. CARBONELL

Non, non, deixalas fóra non, colocalas en, colocalas en...

F. VARELA

Sería unha mutilación do diccionario.

D. CARBONELL

Moi ben, pois mutilámolo.

A. Mª TRISTÁ

Eu quería soamente dicirlle ó profesor Varela, el coñece o ruso, pode lelo perfectamente, e hai un libro...

F. VARELA

Non, perdoe, perfectamente non, eu só podo ler teatro, diálogos, Antón Chéjov, etc., pero le-lo ruso é...

A. Mª TRISTÁ

Ben, pois entón coñéceo perfectamente porque a literatura é o máis difícil que hai, a especialidade é máis fácil. Hai un libro de Nazarian e Arutiunova, son dous autores, que quizais eu lle poida dar nunha nota, que traballan sobre os campos semánticos na fraseoloxía e teñen unha división tan detallada de tódolos campos que pode abarca-la fraseoloxía, que creo que sería de axuda se algún día se decide a face-lo ideolóxico, a parte ideolóxica.

F. VARELA

Moitas gracias. Ben, pois ó mellor decídome se leo esta obra.

J. MARTÍNEZ

Con relación a este problema dos diccionarios ideolóxicos ou non, con relación á fraseoloxía, hai que ter en conta un principio teórico da lexicografía que di que os diccionarios teñen a función de decodificar, pero tamén a de codificar. Isto é, a parte ideolóxica dun diccionario xeral, dun diccionario fraseolóxico tamén é fundamental para a función de axudar a codificar, a construír textos. Naturalmente que é moi interesante que un consultor dun diccionario, sexa español, sexa xeral, sexa unilingüe ou sexa bilingüe poida te-la información de que *Meter la pata* ten relación con *equivocarse*. Se se ordena desa maneira dámo-la posibilidade de que o consultor poida recibir beneficio nese senso. Creo que é moi importante ter en conta que o diccionario ademais da función decodificadora, que é a tradicional, ten unha función codificadora, axudar a que poidan construír textos, etc. Nese senso o ideolóxico sería moi interesante; a ordenación por temas, por ideas, por conceptos, sería moi interesante no diccionario fraseolóxico.

F. VARELA

Pois moitas gracias, por agora temos unha tarefa máis urxente aínda, que sería pasar de 6000 unidades fraseolóxicas polo menos a 9000; entón empezaría a ser unha obra de consulta máis ou menos útil. Creo que isto ten prioridade sobre esa organización por temas, esa función codificadora. Iso para nós agora sería unha tarefa urxente.

J. MARTÍNEZ

Esquecíame, perdón, completo a idea, que os diccionarios tradicionais concibidos para decodificar, interpretar significados, etc., teñen moitas veces a parte que se chama de información paradigmática. É dicir, os diccionarios, sobre todo os realizados nas últimas décadas, inclúen sinónimos, por exemplo, precisamente con relación a esa función de axudar a codificar, a construír. O mesmo se pode propoñer para o diccionario fraseolóxico.

F. VARELA

Moitas gracias.

D. CARBONELL

Quixera dicir que non falabamos do teu diccionario, cando falamos de diccionario ideolóxico. Non podía ser do teu; o teu non podía ser ideolóxico, porque ti non o deseñaches así. Claro, estamos falando de se sería interesante que un diccionario fraseolóxico fose ademais ideolóxico. ¿É posible? Francamente habería que sentarse e velo, estamos falando por falar, case. ¿Pódese? Eu creo que si que se pode facer, e é máis, eu creo que é interesante, pero ti non o deseñaches desa maneira e punto.

A. ZULUAGA

Especialmente para don Fernando, e perdoe que dunha vez lle presente algúns problemas do seu diccionario, algunhas cuestións críticas. As vantaxes xa as destacou vostede mesmo, quero agora facer unhas observacións, francamente...

F. VARELA

¡Agora mátame!

A. ZULUAGA

Fala de criterios internos, di que sexan unidades fixas, idiomáticas, plurimembres, que non constitúan verdades xerais; e en seguida, máis abaixo di: “ativémonos a criterios estrictamente formais e non semánticos”.

F. VARELA

Perdón. Formais.

A. ZULUAGA

Anote e respóndame despois porque lle vou dicir varias cousas, para abreviar. Isto sería bo que o ilustrara con exemplos para aclararnos en qué consisten verdades, que non sexan verdades xerais; e o dos criterios meramente formais si está moi claro no diccionario e é un punto de vista e unha maneira de traballar, por suposto, e ás veces orienta moi ben ó usuario. Pero desde o punto de vista da coherencia e da claridade que todo traballador práctico debe ter —e xa é tempo que se traballe nesa forma— paréceme ter aí un aspecto problemático. Vostedes din que traballaron só coa lingua oral, pero trátase de unidades que pertencen ó español falado. Realmente o seu diccionario presenta unidades do español falado e do español escrito. O que vostedes quixeron dicir alí é que se encontran, atopáronas, se non é que sacaron tamén algunhas do *Diccionario de Uso* e do *Diccionario de la Academia*, na lingua falada, pero quedou por distinguir cáles son exclusivas da lingua falada e queda o problema de saber se unha unidade que o usuario non encontre alí é porque é exclusiva da lingua escrita. E ese é un aspecto problemático e non só para os usuarios estranxeiros, parece que vostede, segundo o repetiu varias veces agora, os tivo en mira permanentemente. Ese é outro problema, aquí por exemplo, *Ser de carne y hueso* é tamén da lingua escrita. Agora, hai unidades que son exclusivas da lingua falada e esa determinación, esa caracterización falta e nos criterios que din utilizar tería sido moi conveniente, paréceme. Outra observación, descúlpeme a sinceridade, pero creo que vale a pena. Os exemplos, fálolle desde o punto de vista do falante de a pé, do usuario común e corrente, ás veces cansa ler exemplos triviais construídos *ad hoc* polo mesmo lexicógrafo. En cambio alegra, e é unha ganancia, para un como consultor do diccionario, polo menos de vez en cando, encontrar algo máis orixinal, máis vital. Unha cita ou algo que diga algo máis. É bastante constante ese trazo, un nota que os seus exemplos foron construídos un tanto á carreira e un tanto triviais e *ad hoc* na maior parte dos casos. Moitísimas construccións, moi frecuentes, non se atopan, e entón non se sabe cómo chegaron vostedes a definir esa cantidade de 6000, da que fala ó principio, qué criterios estatísticos ou en qué forma e, precisamente, para os usuarios estranxeiros —vostede di que tivo en mentes usuarios estranxeiros— é moi importante isto da frecuencia de uso. É outra observación. Ben, detéñome aquí, poderiamos falar un cachiño máis pero creo que estas observacións...

F. VARELA

As verdades xerais excluímolas, con iso dicimos que non poñemos refráns; é dicir, aquí hai frases, non só hai locucións senón que hai frases completas, unidade frase, pero excluímos conscientemente os refráns porque hai xa unha literatura especializada e, o que moito abarca pouco aperta. Isto fixémolo intencionadamente, dixémolo claramente na introducción, non entendo moi ben o reproche. É dicir, a xente espera encontrar tanto partes oracionais, locucións, como frases. De feito, un proverbio sería unha frase completa, por iso dicimos: si, frases tamén, pero frases que non constitúan verdades xerais de tipo proverbios; é unha exclusión, ¿está claro isto? ¿non?

Ben, o segundo punto: español falado, español escrito. Eu dixen que hai un *continuum* no que é, ás veces, moi difícil cortar —e non quero agora discutir,

empregar argumentos bizantinos—, pero hai un criterio que eu creo que polo menos está claro e utilizo as súas propias palabras do primeiro día: que o científico ten que te-los conceptos moi claros, aínda que a realidade por desgracia non é clara, e polo tanto, a aplicación deses conceptos á realidade poida ofrecer problemas; pero os conceptos teñen que estar claros. Aquí nós partimos do español falado e, iso si, tódalas expresións faladas procuramos recollelas, pero chegamos ó tope. O tope máximo sería aquelas que son escritas e só escritas, por exemplo: *Su seguro servidor* ou *Atentamente le saluda*, isto paréceme que non o dicimos nunca falando. Polo menos eu non coñezo ningún uso oral desta expresión, non sei se en Latinoamérica: eu falaba do español de España. Entón, nós falamos do español falado con independencia de que teña ou non teña o seu reflexo eventualmente na lingua escrita, pero se só ten rexistro na lingua escrita entón xa intencionadamente borrámolo do diccionario, iso é o que quixen dicir. O límite máximo é *escripturalidade* soa, o outro límite cara abaixo é *oralidade* soa. Claro está que oralidade soa, por qué non imos escribir tamén o que dicimos, pero ó revés, falar só o que escribimos, isto paréceme que non se fai e este é o criterio que eu quería expoñer. Non sei se está agora un pouco máis claro. É que hai que establecer criterios, de modo que ninguén busque unha fórmula escrita, por exemplo, porque esa non a vai atopar. Iso é o que quixen dicir.

A terceira pregunta era: Os exemplos *ad hoc* e os exemplos triviais. Ben, eu aquí permítome falar como experto porque aquí si que abusaría da paciencia dos que están aquí sentados. Criticáronnolo xa varias veces. ¿Por que exemplos *ad hoc* e, polo tanto, artificiais? Déanme vostedes un consello se o saben facer mellor, déanme vostedes textos escritos da literatura e eu ensinaréille-los problemas. O libro de José María Domínguez, *Fraseología española en su contexto*, ten exemplos literarios, só literarios, é dicir, recorre a textos literarios, naturalmente textos literarios estilo Camilo José Cela, Delibes, Ferlosio, etc. Para ilustrar cun exemplo unha unidade fraseolóxica necesítase coñece-lo contexto. Cómo podo eu coñece-lo contexto se, ás veces, necesito unha páxina enteira para sabe-lo que pasa na novela. Eu teño que axustarme, polas necesidades da editorial, a escribir en moi poucas liñas un exemplo que sexa autoexplicativo. Ben, iso é o de *ad hoc*.

E logo o de triviais mire, eu creo que a lingua é trivial, sentímolo moito, e a vida é trivial tamén, a vida tamén ten moito de trivial, a vida ten moito de tráxico e de cómico. Creo que a vida, como dicía Carpentier, é traxicómica e a literatura ten algo de traxicómica, ¿non? Estas trivialidades son inevitables. Acórdome que na editorial Gredos cando estabamos corrixindo as probas de imprenta fixéronme tamén un reproche deste tipo, e eu respondinlles, máis ou menos, como estou respondendo agora. Eu creo que a lingua falada é trivial, síntoo, non creo que teñamos tampouco que avergonzarnos, como tampouco podemos avergonzarnos doutros defectos que son inevitables.

En canto á frecuencia, ó uso estatístico, para saber qué unidades fraseolóxicas hai que meter e cáles hai que deixar, teño que confesar que para iso necesitamos un traballo de ordenador impresionante que nós non temos, de modo que aquí declaro e confeso humildemente *mea culpa, mea culpa, mea maxima culpa*, pero non se pode facer

outra cousa. Que veña outro e o mellore. Non sei se respondín ás súas preguntas.

D. CARBONELL

Eu quixera, profesor Zuluaga, volver por Fernando Varela en canto ós exemplos *ad hoc* e triviais. Supoño que os meus tamén son triviais e dende logo que son *ad hoc*. O *Oxford University Dictionary* ten exemplos exhaustivos dos clásicos, de escritores de xornais, etc., citando as fontes... Isto, pódeo facer *Oxford University*. Levou, como saben, redactar ese diccionario máis de oitenta anos, ten corenta e cinco millóns de palabras. Pero, ¿que tipo de exemplos desexa vostede? Exemplos dogmáticos, chistosos, xocosos, filosóficos, pedagóxicos... que o recreen a vostede. Pódese facer, pero cando tes que facer dez mil exemplos non te podes parar a pensar: vou ilustrar esta frase e ademais vou dar unha sentencia moral. Non se pode facer, simplemente, non se pode facer, cos medios que temos. ¡Se tiveramos un equipo! Eu fago as definicións, eu fago as translacións e ti pos os exemplos, e recréaste. Cinco ou seis persoas facendo exemplos, outros traducindo os exemplos, xa o teñen todo; iso non é difícil, é o máis fácil, quizais, posiblemente. O exemplo simplemente está aí, supoño eu, para ilustra-lo uso posible, iluminar en certo senso o que significa e axudar a esa explicación; e dende logo que todos son *ad hoc*.

R. SOTO

¿Óese? Falo en castelán, aínda que eu normalmente falo en galego, debo dicilo.

D. CARBONELL

Pois fale galego.

F. VARELA

Fale galego, eu son galego, o que pasa é que prefiro falar castelán para non falar, para non estragar...

D. CARBONELL

Eu non sei, pero compréndoo.

R. SOTO

Gracias, moitas gracias.

D. CARBONELL

A modiño, ¡eh!

R. SOTO

De acordo. Eu, volvendo ó que se falou ó principio, quería simplemente comentar que o destinatario condiciona moito o tipo de ordenación nun diccionario

fraseolóxico, evidentemente. E eu, a este propósito, quero que se pense un pouco nunha finalidade de tipo pedagóxica. Eu como profesora de Secundaria, coma moitos outros aquí presentes, teño que ter en conta ese factor. Pedagoxicamente é útil complementa-los dous puntos de vista, digo a ordenación alfabética que non se presta a relativismos tanto como a temática, pero a temática énos útil ós mestres, ¿non si?, ós profesores, énos útil, xa o creo que si. E é incluso útil para aquilo que dixo vostede de incrementa-lo corpus de 6000 a 9000. Xa queriamos en galego ter máis do que temos e ter máis do que temos recollido e dalo a coñecer, e máis, porque nós temos que vencer ademais localismos, queremos "universalizar" a lingua. É útil a ordenación temática porque ti dásllela ós rapaces e dislle: vai á casa e pregunta ós pais, e pregunta ós avós para que nazan, para que florezan novas variantes. E entón, ¿como fan os alumnos cos avós? Pois: "E cómo pregunto eu ós avós, cómo fago que saian frases...". Pois mira, ti dislles: "A ver, para 'falar de máis', ¿como dis? *Darlle ó tarabelo*...". E entón a ordenación por temas é útil aí, aínda que se presta a múltiples relativismos. Máis nada, gracias.

F. VARELA

Graciñas.

D. CARBONELL

Quixera dicir que o que os rapaces necesitan tamén é, ante todo, aumenta-lo seu vocabulario, e iso é moi importante, porque cantas máis palabras saibamos, mellor podemos ler, mellor podemos comprender. Obter cultura é obter vocabulario. A xente cre que por que eu sei inglés podo falar de anatomía, e eu sei anatomía básica só.

G. CORPAS

Si, eu quixera, en primeiro lugar, dirixirme ó profesor Varela. En canto ó Diccionario paréceme que dende o punto de vista metalexicográfico foi un acerto, porque é un dos poucos diccionarios que verdadeiramente ten unha introducción como Deus manda, onde verdadeiramente se dan os criterios, onde se é honesto e se explica ó usuario como se ha de usa-lo diccionario, cales son os criterios seguidos, etc. Tamén quixera dicirlle que esa crítica que lle fixeron en *El País* por poñe-lo exemplo *Ser un manojo de nervios* baixo *manojo*, e non baixo o lema *nervios*, o único que indica é o descoñecemento profundo do crítico de *El País* da teoría metalexicográfica. Así que vostede, tranquilo, que o fixo estupendamente.

[...]

Na miña terra éo, e na miña terra segue sendo transparente, porque —isto é unha anécdota— as prostitutas, ata non hai moito, ata o XIX practicamente, levaban uns sinais ó final das saias que eran uns picos desa cor, e por iso dicían os mozos *Irse de picos pardos*. Así que, que unha unidade siga sendo transparente, ou non, depende moito da cultura que esa unidade encerre. Polo demais, eu quixera dicir que é un dos

meus diccionarios favoritos o do profesor Varela, porque sae da norma, é un diccionario orixinal e moi útil, sobre todo porque mete moitas fórmulas que non están definidas en ningún sitio, mentres que os diccionarios fraseolóxicos normalmente céntranse en refráns e en locucións e ademais as locucións menos utilizadas. Iso en canto ó profesor Varela, ó que realmente non lle quería preguntar nada, senón simplemente facerlle eses comentarios.

Para o profesor Carbonell, teño toda unha plétora de preguntas, que non creo que deran tempo...

D. CARBONELL

Afortunadamente, xa non hai tempo, quizais poidas facer unha, ou en privado...

G. CORPAS

...porque o tema da lexicografía bilingüe, sobre todo a fraseografía bilingüe é un dos meus temas de maior interese. Entón hai unha cousa que me chamou a atención e é que os seus diccionarios recollen o inglés americano e a variante española, ¿non?, polo que eu puiden observar, o español peninsular.

D. CARBONELL

A que eu sei, recollen o que eu sei.

G. CORPAS

Si, pois sobre...

D. CARBONELL

E fago esa distinción, a pesar, perdón, a pesar de que se vos fixades, na portada vén unha bandeira inglesa. Eu non a puxen, claro, iso pode inducir a que é inglés británico pero non é así.

G. CORPAS

Si, pero de todas formas, o que eu quería comentar é que é un tema de debate a lexicografía bilingüe español-inglés, se se meten tódalas variedades, se se mete só unha...

D. CARBONELL

Deben meterse todas, claro.

G. CORPAS

Deben meterse todas, ben, estamos outra vez ante o mamut...

D. CARBONELL

...pero eu non podo facelo porque non sei, iso xa é traballo de equipo e outro tipo de...

G. CORPAS

...exactamente, haberá que centrarse en algo. Si, realmente, un dos comentarios, ¿por que se explica a hexemonía británica en España á hora de ensinar inglés?, ¿por que? Pois, por unha razón moi simple, pura e simple: por proximidade xeográfica e porque a norma que se está ensinando en España é *R. P., Received Pronunciation, British English* e punto. Por proximidade.

D. CARBONELL

Ten que ser así.

G. CORPAS

Non, non, estou explicando o porqué...

D. CARBONELL

Ah, ben.

G. CORPAS

...porque a maioría dos métodos de ensino de inglés en España son británicos, polo cal o diccionario máis útil é o diccionario que presenta a variedade británica coas típicas diferencias americanas. Logo, tamén, chocoume moito cando dixo que facer un diccionario bilingüe é unha arte máis ca unha ciencia. Eu penso que é unha ciencia e chámase **metalexicografía** ou **lexicografía**. En fin, outro dos aspectos. Xa lle digo que me interesou moito a súa conferencia e gustaríame que durara unhas tres horas aproximadamente, pero non puido ser. En canto ós prefacios, un queixase de que o usuario non le os prefacios, pero non por iso non hai por qué non incluír prefacios ou non facelos. O que hai que facer —e isto xa vai orientado á educación en Primaria e en Secundaria— hai que ensinarlle ó alumno a utiliza-lo diccionario. Isto é algo moi importante. Pero non soamente en Primaria ou en Secundaria, senón na Universidade. Eu quixera, se pasaramos unha enquisa, saber cántas horas lle dedican os profesores a ensinar a utilizar un diccionario. Porque por moito que mellorémo-los lexicógrafos, metalexicógrafos, lexicólogos e todo iso, por moito que mellorémo-los nosos principios, mentres que os usuarios non saiban utiliza-lo diccionario, é para nada, é para nada, sinceramente, porque é que o usuario non é parvo, simplemente non está informado. E tamén quería dicir —e xa acabo, porque non hai tempo, seino— que si é moi divertido ve-las traduccións que ofrecen os diccionarios bilingües. A maioría das veces cando hai unha unidade fraseolóxica ou non presentan a unidade, presentan unha explicación, ou a unidade é errónea ou hai invencións como unha que a min me marcou persoalmente. Fun busca-la unidade

Quien fue a Sevilla perdió su silla, que creo que todo o mundo sabe practicamente o que significa, e encontrei no Larousse *He who goes to the fair loses his chair*...

D. CARBONELL

¡Que mala traducción!

G. CORPAS

... unha traducción literal palabra por palabra...

D. CARBONELL

Está mal.

G. CORPAS

Está horrible, está horrible, porque...

D. CARBONELL

E ademais rima e todo.

G. CORPAS

Si, é horrible, é horrible porque iso leva a confusión máis absoluta, porque iso non significa nada, nada en inglés, absolutamente nada.

D. CARBONELL

Pero posiblemente alguén estivo un par de horas pensando cómo vou dicir eu isto...

G. CORPAS

Pois mellor que se dedicara a ve-la tele.

D. CARBONELL

...e saíu con iso. Non creas que así de repente, non, non, non..., estivo pensando.

G. CORPAS

Sinceramente, para incluír esas barbaridades nun diccionario mellor non facelo ou poñer unha perífrase explicativa; pero un non pode poñer iso e quedar tan pancho na súa casa, sinceramente.

D. CARBONELL

Seriedade. Ben, vouche contestar rapidamente. Mira, en canto ó por qué a hexemonía británica, contestáchelo, dixéchelo ti moi ben, ó mellor nin o sabía, porque si é iso, é

iso, dixéchelo moi ben. Pero eu cando falo de hexemonía británica, non é porque temos que facer diccionarios americanos, non. É que temos que facer diccionarios en España. Non temos que esperar a que as fábricas que teñen en Inglaterra, como Oxford e outras, nos traian aquí o diccionario e llo vendan á editorial Espasa Harraps, por exemplo. Que o fagan de lexicógrafos españois, que están preparadísimos para facelo, ou máis quizais, con inglés británico. Non estou en contra, cómo vou estar eu en contra do inglés británico. ¡Nin moitísimo menos! Pero que se fagan en España, como se facían antano. O que pasa é que non estaban ben feitos, Velázquez, Martínez Amador, etc., pero entón, ó mellor, era outro concepto, outra maneira de facer. Antes facíanse diccionarios en España, agora xa non. E é máis, cando mandas un manuscrito, ¡escribín un diccionario!, a un editor español... diche: "¿Ti de onde es?". "Carbonell...". "¡Bah, bah, bah!". Este non pode, porque a manía que temos aquí en España é pensar que un español non pode saber inglés ben. ¡Moito mellor ca un inglés! ¡Xa o creo!, e sen un grande esforzo tampouco, sen ningún grande esforzo, se se propón iso, non faltaba máis. Agora, como ese señor é inglés, ese xa sabe moito máis inglés ca min. Iso haberá que velo, iso haberá que velo. Iso por un lado. E logo, en canto ós prefacios, todos compramos electrodomésticos por desgracia e todos veñen co seu panfletiño en corenta mil idiomas. ¿Lédelo ou colléde-lo aparato e empezades a darlle...? ¿eh? Iso é o que fago eu, cólle-la televisión, conéctala, pin pan... Non, non, les..., empezas a mirar... E por fin cólle-lo microondas e funciona. ¡Mira que ben! ¿De verdade que vos sentades antes de abri-lo paquete a lelo? Pois non. De todas formas se o ledes non importa, porque non se entende. As traduccións son tan pésimas. Lelo en francés, lelo na lingua que sexa e son traduccións independentes todas. ¿Como é posible isto? ¿Como é isto posible? Moi ben, pois xa está ¿non?

MODERADORA

Ben, por falta de tempo temos que interromper aquí o debate. Agora os conferenciantes van ir visita-lo Instituto da Lingua Galega e mañá o Coloquio iniciarase para todos ás 9.30 coa intervención do doutor Nogueira Santos.

Problemas da elaboración dun diccionario bilingüe portugués-inglés

ANTÓNIO NOGUEIRA SANTOS
S. Pedro de Moel, Portugal

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 241-246.
ISBN: 84-45321-67-6)

The paper offers an account of the following aspects: 1) Problems resulting from the origin and form of the dictionary *Novos Dicionários de expressões idiomáticas/New Dictionaries of idioms*. 2) Sources of the material compilation. 3) Criteria of material selection: present use, idioms, ephemerality, archaisms, regionalisms, idiotisms revealing the genius of the language, values, socio-historical and cultural attitudes. 4) Organization of material: elements determining the alphabetical organization. 5) Dictionary features determining its form: four dictionaries in a two-volume dictionary (Portuguese-Portuguese; English-English; Portuguese-English; English-Portuguese); uniform criteria to define the meaning of idioms in both languages, in order to set up a successful system of clear instructions for the computer to select the Portuguese and English expressions that convey synonymous or approximate ideas or concepts (examples).

A conferência concentra-se nos seguintes aspectos: 1) Problemas decorrentes da génese e forma do dicionário *Novos Dicionários de expressões idiomáticas/New Dictionaries of idioms*. 2) Fontes de recolha de material. 3) Critérios de selecção de material: actualidade, modismos, efemeridade, arcaismos, regionalismos, idiotismos reveladores do génio da língua, de valores, de atitudes socio-historico-culturais. 4) Organização do material: elementos determinantes da ordem alfabética. 5) Características do dicionário determinantes da sua forma: quatro dicionários num dicionário de dois volumes (português-português; inglês-inglês; português-inglês; inglês-português); critérios uniformes de definição do sentido das locuções nas duas línguas, de modo a permitir estabelecer um sistema eficaz de instruções claras para o computador selecionar as locuções portuguesas e inglesas que expressam ideias ou conceitos sinónimos ou aproximados (exemplos).

Antes de entrar propiamente no tema que me foi proposto para a miña intervención neste Coloquio, séxame concedida unha pouca da súa benevolente condescendencia para algunhas breves palabras a modo de introducción. En primeiro lugar, gustaríame felicita-los organizadores do Coloquio por esta iniciativa súa que me parece está incluída en todo o movemento dunha accidentada demanda de identidade de Galicia, máis particularmente no campo lingüístico e cultural. Ser ofrecida a un portugués a oportunidade de colaborar, coa máis modesta que sexa das contribucións, para esa procura e para esa afirmación é unha honra, é un privilexio, pero é tamén, e por riba de todo, unha ocasión rara de procurar participar nunha causa cunhas profundas e fecundas

raíces históricas que se remontan ó xurdir da nosa nacionalidade e se alimentan aínda hoxe da nosa común herdanza cultural galaico-portuguesa. Do renacemento e da expansión da cultura lingüística galega poderá certamente o portugués coller preciosos froitos de enriquecemento propio.

Perante as tendencias de hexemonía cultural, que no mundo de hoxe toman unha avasaladora dimensión universal pola vía de formas sufocantes de dominio tecnolóxico e financeiro, tódalas formas de cooperación a nivel rexional, nacional e internacional que teñen por fin a afirmación e a defensa da identidade lingüística son unha contribución para a salvagarda da diversidade cultural que se vai tornando tanto máis indispensable canto máis fortes van sendo os factores converxentes para a uniformidade. E se hai terreo onde a identidade lingüística se define e afirma na plenitude da súa orixinalidade e autenticidade conceptuais e formais é na fraseoloxía, na que a índole da lingua depura e cristaliza experiencias históricas, efemérides episódicas, valores e xuízos morais, actitudes e vivencias sociais que lle son propias e van sendo asimiladas nun patrimonio común co decorrer dos tempos.

Iso explica por si só que as expresións idiomáticas sexan raramente traducibles literalmente dunha lingua para outra. Mesmo cando espellan unha mesma idea ou un mesmo concepto recorren a imaxes diferentes e toman características lingüísticas propias, que as volven inmunes á contaminación e á interferencia dexeneradoras de elementos e factores estraños. Desexaría, por iso, felicita-los organizadores do Coloquio, en segundo lugar, pola intelixente escolla deste tema da fraseoloxía, que nos aproxima na súa orixe ás raíces orixinais das nosas linguas, dos nosos pobos, da nosa evolución cultural, social, histórica.

Creo que me cómpre comezar por salientar, de maneira enfática, que os problemas que atopei na confección dos dous volumes do meu diccionario de expresións idiomáticas portuguesas e inglesas —así como as respectivas solucións que para eles adoptei— decorreron intrinsecamente, en considerable medida, da xénese do diccionario e das condicións concretas en que foi elaborado. É moi posible —e se cadra mesmo moi probable— que algúns ensinos da miña experiencia non sexan de directa aplicación ó tentar producir calquera outro diccionario de xénero semellante, debendo, por conseguinte, en cada caso concreto, adoptarse unha actitude crítica de análise e avaliación. É esencial ter presente que os dous diccionarios non foron resultado dun proxecto previamente delineado, non obedeceron a un esquema anticipadamente definido. Síntome, mesmo, tentado de dicir que "os dicionários me aconteceron", para dar unha imaxe da forma en que a idea xerminou, se desenvolveu e se materializou.

Nunha fase inicial, limiteime simplemente a rexistrar e colecciona-las locucións idiomáticas inglesas, de maneira asistemática, coas posibles correspondencias en portugués, a medida que con elas ía topando na miña actividade de traductor.

No decurso desa faena ocasional, fun formando a impresión de que o inglés era unha lingua inzada de frases estereotipadas —ora pintorescas, ora correntes, ora misteriosas, ora obvias, ora lóxicas, ora ilóxicas. Se, por un lado, a procura momentánea de expresións con senso idéntico en portugués me fixo sentir, inmediatamente, a falta dun diccionario especializado, esta foi, ó mesmo tempo e progresivamente, tornándome

consciente da rica variedade das locucións portuguesas, que ata entón me pasara desapercibida, certamente por seren estas tan naturalmente frecuentes na linguaxe corrente. Foron, polo tanto, as locucións inglesas as que me levaron á descuberta das locucións portuguesas, que entón comecei a reunir sistematicamente. Só despois de ter amontoado un voluminoso acervo de locucións nas dúas linguas, ocorréuseme a idea de confeccionar un diccionario. Co lento madurecer da idea e analizando as características dos dous corpos illados de material coleccionado (o inglés dun lado; o portugués doutro) acabei por descarta-la hipótese dun diccionario de tipo convencional e procurar, antes, unha solución diferente que eventualmente permitise encher simultaneamente tres lagoas: a dun diccionario de locucións idiomáticas portuguesas para uso de portugueses; a dun diccionario de locucións portugués-inglés; a dun diccionario de locucións inglés-portugués. A solución por fin adoptada foi confeccionar dous volumes independentes pero reciprocamente relacionados, un de locucións inglés-inglés, outro de locucións portugués-portugués. Numerando consecutivamente tódalas locucións en cada un dos volumes foi posible organizar un índice remisivo para o volume inglés e outro para o volume portugués, de modo que permitira busca-las locucións sinónimas ou de significado aproximado, no senso inglés-portugués e no senso portugués-inglés. Desta interrelación xurdiron automaticamente varios problemas de orde práctica, que mencionarei non seguindo a súa importancia ou dificultade, senón pola secuencia que a progresión do traballo foi dictando.

Non faltan en lingua inglesa diccionarios de expresións idiomáticas. O traballo da súa recollida está, polo tanto, feito. Tiven, sen embargo, que procurar defini-las fontes desa recollida para, no traballo de recollida das locucións portuguesas, seguir criterios semellantes, na medida do posible. Esta cuestión asumía especial importancia dada a circunstancia de non dispor, entón, de diccionarios de locucións portuguesas. As miñas principais fontes de recollida de locucións acabaron por ser:

a) Os diccionarios de lingua portuguesa que rexistran locucións.

b) As obras literarias de autores de lingua portuguesa, clásicos e modernos, moi en particular aqueles en que, dalgún modo, máis nitidamente fai eco o falar do pobo.

c) A prensa escrita e falada.

d) Os contos e a poesía populares.

e) As coleccións de adaxios e proverbios.

O problema que loxicamente xurdiu, en seguida, foi o de definir criterios de selección do material recollido. Eses criterios foron dictados por factores diversos, algúns deles antagónicos:

a) A preocupación por tentar producir un diccionario vivo capaz de espellar, con autenticidade, un dos trazos fundamentais da lingua portuguesa e da lingua inglesa esixía unha actualización en que se sentira pulsa-la enerxía creadora das dúas linguas.

b) A consciencia do carácter efémero que frecuentemente distingue as locucións idiomáticas levoume, polo contrario, a descarta-los modismos transitorios, pasaxeiros, de tipo circunstancial.

c) Dos arcaísmos retiven soamente aqueles que, dende o punto de vista semántico ou morfolóxico, me pareceron ser típicos da índole ou do enxeño da lingua.

d) Deixei fóra, tamén, os rexionalismos de significado e circulación locais circunscritas, así como a xerga estrictamente profesional.

e) Aproveitei os idiotismos reveladores ou do xenio da lingua ou de valores e actitudes sociohistórico-culturais —sen excluí-la xerga, no sabor e na imaxinación da cal tan frecuentemente se manifesta o vigor das raíces populares da lingua.

f) Dei acollida a expresións de orixe bíblica, particularmente correntes no inglés de tódolos días, así como ás expresións alusivas de orixe literaria que foron asimiladas pola linguaxe diaria.

g) Rexistrei igualmente aqueles proverbios ou adaxios que, pola súa forma, se sitúan nunha zona fronteiriza coas locucións idiomáticas.

Cómpreme recoñecer que hai nestes criterios de selección e na súa aplicación práctica un innegable elemento persoal, algo inevitable xa que a confección do diccionario foi obra exclusivamente miña, carecendo dos valiosos beneficios que resultarían do traballo colectivo dun equipo de colaboradores. Por conseguinte, os erros, defectos ou omisións de concepción ou confección son da miña enteira e única responsabilidade, moi especialmente no caso do volume das locucións portuguesas, visto que no caso do volume inglés contei, en certo grao, coa colaboración do meu fillo Pedro Santos, nado, criado, educado e radicado en Inglaterra.

O problema seguinte foi o de decidi-la organización do material. Ponderadas as vantaxes e desvantaxes dos métodos correntemente usados e dadas as características formais das locucións, acabei por optar por un mesmo sistema para o volume portugués e para o volume inglés, segundo o cal o lugar da locución na orde alfabética é determinado por aquilo que tomei como a "palavra-chave" —o substantivo ou nome propio (nos casos en que a locución comprende dous ou máis substantivos, a posición é determinada polo substantivo que vai en primeiro lugar na orde alfabética); o adxectivo; o pronome; o adverbio; o verbo.

Un elemento novo que, nesta fase, decidín introducir nos dous volumes foi rexistra-las locucións sinónimas ou antónimas, ou sexa as variantes que exemplifican, na forma, a riqueza do léxico, e na imaxinería, o potencial creador da inventiva popular.

Unha vez rematada a fase de recompilación do material e a fase da súa ordenación alfabética, segundo criterios idénticos, no caso do inglés e do portugués, os problemas que, en seguida, loxicamente xurdiron foron consecuencia directa da concepción básica do traballo: dous volumes en linguas diferentes, cada un deles independente do outro, pero interrelacionados por medio de índices remisivos recíprocos formados polo número de orde atribuído a cada unha das locucións nas dúas linguas. Aquí, o problema central

—que foi tamén o de máis difícil solución en todo o traballo— foi o de encontrar un proceso que asegurase —coa maior extensión e precisión posibles— a viabilidade de establece-la correcta correlación das locucións de senso sinónimo ou aproximado rexistradas no volume portugués e no volume inglés. Non presentaban, evidentemente, dificultade as locucións que en portugués e inglés expresan un concepto idéntico de forma idéntica. Como por exemplo: *corpo e alma/body and soul*; *abalar a fé/to shake one´s faith*; *beber à saúde de uma pessoa/to drink to the health of a person*; *cair no rol do esquecimento/to fall into oblivion*. Mais esta clase de locucións ten, en xeral, raíces comúns e é pouco expresiva da índole da lingua, sendo ademais diso pouco numerosa. O problema só asume grandes proporcións nas locucións de xenuína raíz nacional, que son a inmensa maioría. Para estas, varias hipóteses de solución foron tentadas e abandonadas por insatisfactorias en termos de rigor ou de tempo. Pero a partir das ensinanzas desas tentativas fracasadas comezou a deseñarse a solución finalmente adoptada.

Como foran uniformados o proceso de selección e o proceso de organización alfabética das locucións no inglés e no portugués, ocorréuseme que podería intentar defini-lo senso das locucións nas dúas linguas da maneira máis aproximada posible, en termos e en formas, establecendo como unha especie de modelo ou paradigma de definición semántica para o portugués e o inglés. Tiven, polo tanto, esencialmente, que procurar defini-lo significado das locucións nas dúas linguas nunha terminoloxía concisa pero precisa, usando na súa formulación verbal a palabra ou palabras que mellor expresasen o concepto fundamental da locución.

Introducidos os dous volumes, así, no ordenador, coas locucións definidas e numeradas, foi posible recorrer á memoria do ordenador para inmediatamente reproducir tódalas locucións portuguesas e inglesas que tiñan na súa forma dita palabra ou concepto. A confrontación crítica desas locucións permitiu seleccionar aquelas que, para a miña idea, eran sinónimas ou suficientemente aproximadas ou emparentadas en senso para establece-la súa recíproca relación a través dos respectivos índices remisivos portugués-inglés e inglés-portugués. Algúns exemplos poden elucidar como funcionou o proceso. O portugués chama a un falso ou finxido amigo un *'amigo de Peniche'* —aleivosía patentemente inxusta que así se lle fai ós naturais dese laborioso porto pesqueiro. As palabras '*friend*' e '*friendship*' chamaron tódalas locucións rexistradas en que figuraban e de entre estas puiden escoller a que traduce o senso de '*amigo de Peniche*' —ou sexa '*fair-weather friend*'— establecendo a súa relación a través dos dous índices remisivos. As palabras '*vello*' e '*old*' emparellaron a locución portuguesa '*velho como a sé de Braga*' coas expresións inglesas '*as old as Adam*' e '*as old as the hills*'. O concepto de rapidez nas dúas linguas permitiu emparellar expresións sinónimas de formas tan distintas como '*before one can say Jack Robinson*', '*before one can say Knife*', '*in the twinkling of an eye/bedpost*', '*in a jiffy/tick/trice*', '*in two ticks/two twos*' en inglés e '*nun abrir e fechar de olhos*', '*enquanto o diabo esfrega un olho*', '*em menos de um fósforo*', '*em três tempos*' no portugués. O concepto de mentir relacionou as variantes portuguesas '*mentir com quantos dentes se tem na boca*', '*mentir como espingarda velha*' coas variantes inglesas '*to lie in/through one's teeth/throat*'.

Pero estes son exemplos obvios. Máis curioso foi descubrir que unha mesma ensinanza da experiencia popular é expresada en portugués por *'ensinar o padre nosso ao vigário'*

e en inglés por '*to teach one's grandmother to suck eggs*'. Que, se o portugués fanfurriñeiro '*arrota postas de pescada*' o inglés '*crows his head off*'. A idea de cometer unha fazaña inusual remite á vella expresión portuguesa '*meter uma lança em África*' e á inglesa '*to set the Thames on fire*'. A tan humanísima práctica egoísta de defender por encima de todo os intereses propios é expresada en portugués polas metafóricas variantes '*puxar a brasa à sardinha*' e '*levar a água ao seu moinho*' en Portugal, e '*pescar para o seu samburá*' no Brasil. O inglés recorre a unha imaxe tamén do dominio da cociña '*to rake the coals to one's pot*' ou un tanto máis pedestre '*to take care of number one*'; ou aínda, distanciándose para un terreo máis culto '*to work the oracle*'.

Para terminar, debo confesar que sería moi gratificante para min saber que algo desta miña experiencia poderá ser, dalgún modo, de proveito para traballos idénticos. Mais debo tamén recoñecer, como comecei por subliñar, que os problemas enfrontados e as solucións encontradas no meu traballo decorreron, en gran medida, do condicionamento específico que envolveu a orixe e a evolución do diccionario. De calquera maneira estarei sempre ó voso enteiro dispor para, co maior gusto e a mellor boa vontade, prestar calquera outro esclarecemento que poidan xulgar útil.

As achegas rusas ós estudios fraseolóxicos[89]

MARINA KÓTOVA
Universidade de San Petersburgo

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 247-256.
ISBN: 84-45321-67-6)

This paper deals with the history of Russian scientific phraseology starting from the ideas of Ch. Bally (France), developed by prof. V.V. Vinogradov, followed mainly by professors B.A. Larin, S.L. Ozhegov, V.M. Mokienko among others. The creation of many phraseological dictionaries has been an incitement to a huge quantity of phraseological research publications in the second half of the 20th century, devoted to descriptive phraseology (semantic classifications, stylistics, etc.), historic phraseology (etimology of idioms) and comparative phraseology (typology and translation problems).

Доклад "Вклад российских ученых в развитие фразеологии" рассказывает об истории развития российской фразеологической науки, сформировавшейся под влиянием идей Ш. Балли (Франция). Идеи Ш. Балли были развиты проф. В.В. Виноградовым, профессорами Б.А. Лариным, С.И. Ожеговым, В.М. Мокиенко и другими. Создание фразеологических словарей послужило толчком к появлению большого количества научных публикаций по фразеологии во второй половине XX века, посвященных описательной фразеологии (семантическая классификация, стилистика и др.), исторической фразеологии (этимология фразеологических единиц), и сравнительной фразеологии (типология и проблемы перевода).

A aparición da fraseoloxía como disciplina lingüística debeuse á influencia das ideas de Charles Bally, científico suízo que en 1905 e 1909 publicou unha serie de traballos dedicados á estilística francesa, onde por primeira vez indicou dous tipos de

[89] Nesta ponencia imos empregar unha terminoloxía que é traducción directa do ruso. Algúns termos non coinciden cos que se están usando neste Coloquio.

combinacións de palabras: series fraseolóxicas —*séries phraséologiques*— e unidades fraseolóxicas —*unités phraséologiques*.

Os lingüistas franceses non desenvolveron dun xeito adecuado as ideas de Ch. Bally, que serviron de base para a fraseoloxía rusa. A teoría de Ch. Bally foi adaptada ó idioma ruso nos traballos de E.D. Polivanov, nos anos 20, nos de V.V. Vinográdov, nos anos 40 e nos doutros científicos.

A clasificación semántica das locucións fraseolóxicas de Víctor Vladimirovich Vinográdov foi durante moito tempo un esquema clásico. V.V. Vinográdov destacaba tres grupos básicos de fraseoloxismos: *adherencias fraseolóxicas*, *unidades fraseolóxicas* e *combinacións fraseolóxicas*. Nos seus traballos publicados en 1946 e 1947 creou o concepto de fraseoloxía rusa e introduciu o termo de "fraseoloxismo". Para este autor as adherencias fraseolóxicas, por exemplo, *ponerse las botas,* son unhas locucións fraseolóxicas que carecen de forma interna, que teñen unidade semántica e que en moitos aspectos equivalen á palabra. Conforme á teoría de V.V. Vinográdov as unidades fraseolóxicas, tales como *andar en lenguas,* caracterízanse pola súa capacidade de conter unha imaxe, polo seu valor metafórico, pola dualidade semántica e o seu significado está relacionado coa forma interna. As combinacións fraseolóxicas posúen un menor grao de cohesión (*ojos zarcos*) nas que só un dos elementos ten o significado relacionado con todo o complexo. Cómpre destacar que despois houbo fraseólogos que non incluíron este terceiro grupo de fraseoloxismos na fraseoloxía. Aquí é importante menciona-los traballos de S.I. Ozhegov que introduciu o termo "fraseoloxía" nun senso amplo e noutro máis restrinxido. Os partidarios do concepto no senso restrinxido consideran só os dous primeiros tipos de fraseoloxismos segundo a clasificación de Vinográdov, deixando fóra dos límites da fraseoloxía as expresións fraseolóxicas (*situación delicada*, *hambre canina*), os refráns (*De tal palo tal astilla*), as locucións proverbiais, as citas (*La vida es sueño*, Calderón; *Erudito a la violeta*, título dun libro de 1772) e as locucións terminolóxicas (*pájaro mosca*, *montañas rusas*). Despois o concepto, tanto no senso amplo coma no restrinxido, utilizouse a miúdo nos traballos dos fraseólogos rusos, pero a interpretación deste concepto co paso do tempo foi sufrindo cambios. Debemos recoñecer que isto foi tema de debate durante moito tempo, ata que os fraseólogos adoptaron a decisión de recoñece-lo dereito de escolle-la posición máis adecuada para cada un.

Unha achega moi importante nos estudios fraseolóxicos foi a do representante da escola lingüística de Leningrado B.A. Larin, científico erudito coñecedor de moitas linguas indoeuropeas. No seu libro *Очерки по фразеологии* ("Ensaio sobre a fraseoloxía") (1956) prestou atención por primeira vez á necesidade de pasar da fraseoloxía descritiva á fraseoloxía histórica. B.A. Larin consideraba que o estudio da estilística dos fraseoloxismos e da súa etimoloxía merecían máis atención. A fraseoloxía dialectal ten un papel moi importante nisto.

Nas décadas posteriores estas correntes de investigación marcadas por B.A. Larin foron seguidas nos traballos do seu discípulo, catedrático da Universidade Estatal de Leningrado (San Petersburgo), V.M. Mokienko, quen, pola súa parte, marcou novas tendencias nos estudios fraseolóxicos, é dicir, indicou unhas características moi

importantes dos fraseoloxismos desprezadas anteriormente por outros científicos. Entre elas ocupan un lugar moi destacado a modelación das locucións fraseolóxicas e a súa expresividade. A serie de monografías de V.M. Mokienko sobre a fraseoloxía empeza co seu coñecido libro *В глубь поговорки* ("Cara a dentro do fraseoloxismo") (1975) onde o autor indica as diferencias entre o refrán e a locución proverbial apelando ás opinións de V.I. Dal, autor do monumental diccionario do século XIX, que consideraba a locución proverbial como a primeira parte do refrán. A seguinte monografía de V.M. Mokienko *Славянская фразеология* ("A fraseoloxía eslava") (1980) está baseada no principio de dicotomía. Demostra as contradiccións da fraseoloxía por medio da manifestación de propiedades da locución fraseolóxica como a estabilidade e a non-estabilidade, a modelación, o carácter implícito e o carácter explícito, a imaxe metafórica e a falta dela. V.M. Mokienko recoñece que a imaxe metafórica é propia de moitas locucións fraseolóxicas pero non é unha característica universal. A maior parte dos fraseoloxismos carece de imaxe metafórica ou posúe a chamada "metaforicidade falsa": son, polo xeral as adherencias fraseolóxicas conforme á clasificación de V.V. Vinográdov. Por outro lado, os fraseoloxismos metafóricos —que son, segundo a clasificación de Vinográdov, unidades fraseolóxicas— teñen unha característica notable, xa indicada por B.A. Larin: a dualidade semántica creada pola tensión entre o senso literal e o senso metafórico do fraseoloxismo. A actualización do senso literal do fraseoloxismo realízase na fala viva e na literatura. V.M. Mokienko polemiza con A.I. Molotkov. Este último demostra que os fraseoloxismos posúen un significado léxico privando dese significado as palabras que o forman e que pasan a ser elementos do fraseoloxismo. V.M. Mokienko está convencido do contrario: as palabras-elementos conservan os seus significados. A contradicción entre o significado literal e orixinario da palabra, do que teñen conciencia o falante e o oínte, e o aumento do significado que sucede dentro da locución fraseolóxica, crean unha expresividade do fraseoloxismo única no seu xénero e enriquecen o seu significado connotativo.

Nas monografías seguintes V.M. Mokienko céntrase na fraseoloxía histórica: *Образы русской речи* ("As imaxes da lingua rusa") (1986) e *Загадки русской фразеологии* ("Os enigmas da fraseoloxía rusa") (1990). Como resultado do seu traballo apareceron diccionarios de fraseoloxía de distintos tipos, así como diccionarios de termos fraseolóxicos. O primeiro diccionario de termos fraseolóxicos documentados, feito polos membros do Seminario Fraseolóxico de V.M. Mokienko, publicouse no ano 1986. Nel recóllense os termos fraseolóxicos máis frecuentes seguindo as definicións dos fraseólogos rusos máis eminentes, representantes de distintas escolas de fraseoloxía. Os termos, neste índice bibliográfico, están agrupados por capítulos temáticos, por exemplo, a fraseoloxía como disciplina lingüística, a fraseoloxía e a palabra, o significado do fraseoloxismo, os fraseoloxismos tautolóxicos, a variación fraseolóxica, a modelación, as transformacións do significado por parte dos escritores, os refráns, as locucións proverbiais, etc. Partindo desta "recompilación de citas" publicouse o *Словарь русской фразеологической терминологии* ("Diccionario de termos fraseolóxicos rusos") redactado por V.M. Mokienko (Múnic, 1993). Nel os autores responsabilizáronse de xeneraliza-las citas contidas nos apartados correspondentes da edición de 1986 e da interpretación dos termos baseándose na súa propia concepción tendo en conta a pluralidade de opinións.

A inmensa cantidade de traballos sobre fraseoloxía, que se publicou en Rusia dende os anos 50, necesitaba ser ordenada e acompañada dun aparato de consulta. Non é sorprendente que nos anos 60 empezaran a publicarse repertorios bibliográficos de fraseoloxía da URSS. O autor do primeiro destes era V.N. Sergueev (1964); o repertorio incluía os traballos sobre fraseoloxía publicados na URSS dende 1918 ata 1961. Seguírono as publicacións dos repertorios bibliográficos que abarcan o período que vai dende 1962 ata 1978 (1965, 1970, 1974, 1976, 1979 e 1987 respectivamente) preparados polos científicos de Samarkanda M.A. Pekler, L.I. Roizenzón, S.I. Roizenzón e A.M. Bushui. A última destas publicacións, a sexta, está dedicada ós problemas básicos da fraseoloxía e inclúe cerca de 1900 títulos que están representados nos apartados temáticos, por exemplo, etapas do estudio da fraseoloxía como disciplina científica, colecciónS e libros especiais sobre fraseoloxía, problemas xerais de fraseoloxía, sistema fraseolóxico da lingua, tipoloxía das locucións fraseolóxicas, partes constituíntes das locucións fraseolóxicas, formación fraseolóxica, aspectos e métodos de estudio da fraseoloxía, clasificación na fraseoloxía, etc. Esta sexta edición inclúe tamén as publicacións dos fraseólogos estranxeiros (máis de 200).

A creación dos diccionarios fraseolóxicos influíu notablemente no desenvolvemento da fraseoloxía en Rusia. O primeiro diccionario de fraseoloxía, dun só volume, redactado polo doutor A.I. Molotkov publicouse en 1967 (con máis de 4000 locucións fraseolóxicas) e dende entón foi reeditado, malia os seus defectos, cinco veces máis. En 1987 apareceu o *Словарь фразеологических синонимов русского языка* ("Diccionario fraseolóxico de sinónimos da lingua rusa") redactado por V.P. Zhukov que conta con 730 grupos de locucións fraseolóxicas da lingua rusa. Non podemos esquecer que a descrición lexicográfica da fraseoloxía ten máis tradición cá fraseoloxía como disciplina científica, porque as primeiras descricións dos fraseoloxismos apareceron xa nos diccionarios do século XVII; por exemplo, no diccionario ruso-inglés de Richard James (1618-1619), nos diccionarios do século XVIII, por exemplo, *Словарь Академии Российской* ("Diccionario da Academia Rusa"); do século XIX: *Словарь церковнославянского и русского языка 1847г.* ("Diccionario da lingua eslava eclesiástica e da lingua rusa de 1847") e *Толковый словарь* ("Diccionario da lingua rusa") de V.I. Dal (1863-1866). Sen dúbida, os estudios de lexicografía fraseolóxica serviron de base firme sobre a que despois, no século XX, se asentaron os traballos sobre fraseoloxía. Entre os últimos diccionarios hai que destacar como fenómeno importante *Фразеологический словарь русского литературного языка* ("Diccionario fraseolóxico da lingua rusa literaria") redactado por A.I. Fiodorov (1995), que inclúe cerca de 7000 entradas, así como o diccionario de locucións idiomáticas preparado polo colectivo dos fraseólogos de Moscova T.S. Aristova, M.L. Kovshova, E.A. Riseva, V.N. Telia, I.N. Cherkasov e redactado por V.N. Telia: *Словарь образных выражений русского языка* ("Diccionario das locucións metafóricas da lingua rusa") (1995). Este diccionario ideolóxico non ten análogos na lexicografía mundial. Apareceron tamén importantes diccionarios-guías de fraseoloxía, por exemplo, a serie de diccionarios temático-ideolóxicos de R.I. Yarantsev, que ten unha grande importancia metodolóxica no ensino da lingua rusa a estranxeiros; o diccionario de lingua e cultura *Русские фразеологизмы* ("As locucións fraseolóxicas rusas") de V.P. Felitsina e V.M. Mokienko (1990); *Словарь фразеологических синонимов русского языка* ("Diccionario de sinónimos

fraseolóxicos da lingua rusa literaria") de A.K. Bierich, V.M. Mokienko e L.I. Stepanova (1992-1994). Un tipo específico de diccionario está representado polo *Автоматизированный толково-идеографический словарь идиом (АТИСИ)* ("Diccionario automatizado ideolóxico de locucións idiomáticas (ATISI)") que se fai dentro dos marcos da creación do Corpus da Lingua Rusa, na Academia de Ciencias de Rusia en Moscova, sendo V.N. Telia a xefa do proxecto. A creación deste diccionario levou á organización de varios congresos científicos sobre este tema e atraeu unha gran cantidade de especialistas. No ano 1990 celebrouse na cidade de Oriol un seminario titulado *Фразеологические словари и компьютерная фразеография* ("Os diccionarios automatizados de fraseoloxía") no que se discutiron os seguintes problemas: métodos da descrición ideográfica da fraseoloxía rusa, métodos de transcrición e interpretación nun diccionario automatizado, concepcións e estructura dos diccionarios de fraseoloxía de distintos tipos: dialectais, bilingües, de sinónimos, escolares, paremiolóxicos, etc. Este seminario sacou á luz os problemas máis importantes da fraseoloxía, ademais dos da creación dun diccionario automatizado.

En 1983 en Kiev no Congreso Internacional de Eslavistas marcáronse tres tendencias nos estudios fraseolóxicos: a descritiva, a histórica e a comparativa. A fraseoloxía descritiva está dedicada en primeiro lugar ós problemas de semántica e gramática fraseolóxica (as monografías de V.D. Arkanguelski, A.M. Babkin, Yu.A. Gvozdariov, V.P. Zhukov, V.A. Lebedinskaia, A.M. Melerovich, L.I. Roizenzón, V.N. Telia, A.M. Chepasova, N.M. Shansky, etc.). A peculiaridade dunha locución fraseolóxica que se manifesta sobre o fondo semántico da palabra céntrase nas súas propiedades semánticas. Unha serie de traballos está dedicada a este aspecto do problema. Entre eles ocupa un lugar salientable a tese de doutoramento e a monografía de E.E. Kruglikova *Структура лексического и фразеологического значения* ("Estructura do significado léxico e fraseolóxico") (1988), onde se realiza unha análise das características de tres compoñentes da estructura do significado da palabra e da locución fraseolóxica: denotativo, significativo e connotativo. Con respecto á determinación da importancia destes aspectos na estructura semántica da palabra e da locución fraseolóxica non existe unha opinión unánime entre os fraseólogos e non hai perspectivas de aclarar este grave problema no futuro.

A separación entre fraseoloxía e lexicografía espellouse nos manuais das universidades. Na maioría deles a fraseoloxía está representada como unha disciplina especial dende os anos 70. A partir das obras de V.D. Arcanguelski considérase probada a existencia do nivel fraseolóxico da lingua ó lado dos niveis fonético, morfolóxico, léxico e sintáctico, porque o nivel fraseolóxico ten tódalas características dun sistema: sinonimia, polisemia e variación das locucións fraseolóxicas.

Nos marcos da fraseoloxía descritiva apareceron varios traballos dedicados á fraseoloxía individual dos escritores, á análise do funcionamento das locucións fraseolóxicas na lingua literaria (as monografías de V.N. Vacurov, A.M. Melerovich, N.L. Shadrin, as teses doutorais de N.V. Agababova, T.M. Vasilieva, E.I. Seliverstova, N.V. Socolova, etc.). Un traballo valioso é o innovador diccionario de fraseoloxía individual dos escritores, *Словарь индивидуально-авторских употреблений фразеологических единиц в современном русском языке* ("Diccionario de usos individuais das locucións fraseolóxicas recollidos nos escritores rusos contemporáneos") de M.A. Melerovich e

V.M. Mokienko. Este proxecto publicouse en 1987 en Samarkanda. Este diccionario contén case tódolos ocasionalismos que lograron atopar cun método chamado "de extracción total de usos" nas obras da literatura rusa contemporánea de B. Vasiliev, Yu. Guerman, D. Granin, K. Paustovsky, V. Rasputin, etc. O sistema de codificación lexicográfica deste diccionario é único e moi elaborado. Este diccionario pode servir de guía para os métodos de transformación das locucións fraseolóxicas na lingua literaria e é insustituíble para analiza-la lingua e o estilo dun texto.

Forman parte da fraseoloxía descritiva os traballos sobre a representación da realidade na lingua: as obras de E.M. Vereschaguin e V.G. Kostomarov, L.I. Roizenzón, o diccionario de V.P. Felitsina e a obra de V.M. Mokienko *Русские фразеологизмы* ("As locucións fraseolóxicas rusas") (1990).

Un gran número de traballos está dedicado á análise das comparacións fixas da lingua rusa e doutras linguas. Tradicionalmente consideramos como punto de partida dos estudios da natureza das comparacións fixas (as locucións fraseolóxicas comparativas) a monografía de V.M. Ogoreltsev *Устойчивые сравнения в системе русской фразеологии* ("As comparacións fixas no sistema da fraseoloxía rusa") (1978).

A escola paremiolóxica de G.L. Permiakov —un orientalista de Moscova que introduciu o concepto do mínimo paremiolóxico da lingua rusa— despois da morte do seu creador segue alimentando moitas investigacións sobre a paremioloxía do ruso e doutras linguas, por exemplo, a tese de doutoramento de N.A. Kosenko dedicada ós refráns rusos e polacos.

Unha gran cantidade de traballos está relacionada co problema da modelación das locucións fraseolóxicas, como son as obras de Yu.Ya. Burmistrovich, S.G. Gavrin, M.F. Palevski, sobre a lingua alemana de V.P. Gubarev e L.M. Riazanovski.

Aínda non están estudiados dun xeito adecuado os problemas da diferenciación estilística das locucións fraseolóxicas —o problema expúxoo I.A. Fedosov en 1977—, da fraseoloxía popular —unha excepción é a tese de doutoramento de A.G. Chrolenko de 1982—, da psicosemántica —a presentación do problema realizouse na revista *Вопросы языкознания* ("Problemas de lingüística") en 1989 no artigo de V.F. Petrenko, A.A. Nistratov e N.V. Romanov.

A corrente con máis forza no campo da fraseoloxía descritiva está constituída polos traballos sobre os campos ideolóxicos na fraseoloxía que na maioría dos casos pertencen ó outro ámbito: á fraseoloxía histórica. Non era casual o título dun dos congresos *Идеографический и историко-этимологический анализ славянской фразеологии* ("A análise ideográfica, histórica e etimolóxica da fraseoloxía eslava"). Non esaxeramos ó dicir que a maioría dos estudios fraseolóxicos recentes baséase no principio ideolóxico (A.N. Baranov e D.O. Dobrovol'skij, A.I. Ermakov, A.A. Ivchenko, I.V. Kashina, M.L. Kovshova, V.M. Mokienko, L.M. Riazanovski, M.I. Sidorenko, V.N. Telia, A.M. Emirova, etc.).

A fraseoloxía histórica non goza de tantos adeptos coma a descritiva. A esta rama da fraseoloxía están dedicados os traballos de B.A. Larin, V.M. Mokienko, R.P. Popov e os

seus discípulos. Ocupan un lugar importante as investigacións das locucións fraseolóxicas de orixe bíblica, os traballos de E.N. Vetechtina, T.S. Guzhanova, G.A. Lilich, V.M. Mokienko e L.I. Stepanova. En 1987 en Moscova editouse o libro de N.M. Shanski, V.I. Zimin e A.V. Filipov *Опыт этимологического словаря русской фразеологии* ("Ensaio do diccionario etimolóxico da fraseoloxía rusa"). No repertorio bibliográfico *История и этимология русских фразеологизмов. 1825-1994* ("Historia e etimoloxía das locucións fraseolóxicas rusas") (1825-1994), realizado por A.K. Bierich, V.M. Mokienko e L.I. Stepanova e publicado en Múnic en 1994, podemos atopa-la información sobre os traballos deste tema.

Numerosos traballos están dedicados á fraseoloxía dialectal, á fala de Pskov (as teses doutorais de L.A. Ivashko, L.Ya. Kostiuchuk, T.G. Nikitina), á fala de Oriol (a tese de doutoramento de T.V. Bacvalova), á fala de Siberia (os traballos de A.I. Fiodorov), así como os traballos sobre os dialectos doutras cidades (de A.V. Baliasnikova, S.A. Boitsov, I.A. Podiukov, L.I. Roizenzón, etc.).

A terceira tendencia fundamental nos estudios fraseolóxicos contemporáneos é a fraseoloxía comparada que nace coa monografía de A.D. Raichshtein *Сопоставительный анализ немецкой и русской фразеологии* ("A análise comparada da fraseoloxía rusa e alemana") (1980), malia que precederon ó libro os artigos doutros autores, por exemplo, o estudio de R.A. Glasirin (1972) sobre as comparacións fixas nas linguas xermánicas e os artigos de L.I. Roizenzón, etc. Sen embargo, este campo atrae a moitos investigadores e non pasou desapercibida ningunha das tendencias da fraseoloxía descritiva nos traballos dos fraseólogos rusos que facían a análise comparada. Isto é, os traballos de S.I. Cravtsov (comparación coa lingua ucraína), N.N. Semionova (comparación das linguas alemana, inglesa e sueca), E.M. Solodujo, D.O. Dobrovol'skij (comparación das linguas alemana, inglesa e holandesa). N.L. Shadrina presta atención á tipoloxía e ós problemas da fraseoloxía como disciplina lingüística que presentan os traballos sobre a fraseoloxía rusa. Moitas teses están dedicadas á fraseoloxía comparada e ós problemas de traducción das locucións fraseolóxicas. Así, as obras de S.V. Agacheva, N.M. Kabanova, R.M. Kozlova, I.V. Kuznetsova, E.I. Seliverstova e doutros sobre os fraseoloxismos rusos, ingleses e alemáns; rusos, ucraínos e serbocroatas; rusos e polacos; rusos e checos). En 1995 na Universidade Estatal de San Petersburgo leuse a tese de M.A. Socolova *Выражение признаков интеллекта фразеологизмами русского языка (на фоне испанского языка)* ("A expresión das características intelectuais mediante as locucións fraseolóxicas rusas, en comparación co castelán"), baixo a titoría do doutor V.M. Mokienko. Os estudios fraseolóxicos comparados representan un trazo peculiar da fraseoloxía rusa. Durante as últimas décadas publicouse unha serie de traballos fraseolóxicos dedicados á comparación de varios idiomas estranxeiros co ruso: monografías sobre os fraseoloxismos ingleses de N.N. Amosova (1963) e de A.V. Kunin (1970, 1986); sobre as locucións fraseolóxicas alemanas: os traballos de I.I. Chernishova (1960), A.M. Bushui (1982), A.D. Raichshtein (1980), L.M. Riazanovski (1997), así como as obras de A.P. Jazanovich (1957), L.I. Antropova (1978), V.P. Gubarev (1985), L.V. Kokanina (sobre a variante suíza do alemán, 1984), V.G. Maliguin (sobre a variante austríaca do alemán, 1977), O.B. Sabirova (sobre a fraseoloxía individual dos escritores, 1976); sobre a fraseoloxía francesa: as monografías de A.G. Nazarian (1965, 1976, 1978,

1981), os traballos de V.G. Gak, B.S. Jodos (1981), etc; sobre a fraseoloxía italiana: a monografía de N.N. Cherdantseva (1977); sobre a fraseoloxía castelá: as monografías de N.N. Kurchatkina e A.V. Suprún *Фразеология испанского языка* ("A fraseoloxía do castelán") (Moscova, 1981) e de Venedict Stepanovich Vinográdov *Лексикология испанского языка* ("Lexicoloxía do castelán") (Moscova, 1994). Os libros e as teses ocupáronse da fraseoloxía de varias linguas: a lingua de Alta Lusacia (A.A. Ivchenko, 1987), o kaxubo (V.I. Ermola, 1983), o polaco (E.K. Nikolaeva, 1989), o checo (L.I. Stepanova, 1985 e I.M. Tepliakov, 1983), o búlgaro (N.A. Smoliakova, 1984), o árabe (V.D. Ushakov, 1992), o persa (A.A. Veretennikov, 1994) e moitos traballos sobre a fraseoloxía dos idiomas da antiga URSS (belorruso, ucraíno, acerbaixano, armenio, baxkiro, xeorxiano, kazakho, kirguizo, mordovo, tártaro, osetino, uzbeco, chuvaxio, etc.). É difícil separa-los estudios fraseolóxicos rusos dos das outras repúblicas da antiga URSS, que agora son estados independentes. Na URSS tódolos estudios fraseolóxicos formaban parte dun proceso único. A determinación da fraseoloxía destes estados como "non-rusa" polo seu afastamento territorial é moi discutible.

Moitos éxitos lográronse pola fraseografía bilingüe: o diccionario fraseolóxico inglés-ruso de A.V. Kunin (1967), o diccionario fraseolóxico francés-ruso de V.G. Gak e Ya.I. Retsker (1963), o diccionario fraseolóxico italiano-ruso de T.E. Cherdantseva (1982), o diccionario fraseolóxico castelán-ruso de E.I. Levintova e E.M. Volf (1985), a serie popular de M.I. Dubrovin (o diccionario ilustrado ruso-checo (1984), o diccionario ilustrado ruso-eslovaco (1980), etc.), o diccionario didáctico ideolóxico de fraseoloxía de R.I. Yarantseva e L.I. Stepanova (1989), o diccionario ruso-inglés de refráns de S.S. Kuzmin e N.L. Shadrin (1996), o diccionario ruso-inglés de refráns e proverbios de M.I. Dubrovin (1995), etc.

Os fraseólogos rusos manteñen uns contactos moi estreitos cos científicos doutros países de Europa Central: Alemaña, Polonia, República Checa, República Eslovaca, Bulgaria, Iugoslavia, Croacia, Eslovenia. As conferencias e os simposios internacionais de fraseoloxía adquiriron un carácter regular despois do XI Congreso Internacional de Eslavistas de 1993 en Bratislava, onde traballou a Comisión de Fraseoloxía Eslava do Comité Internacional de Eslavistas. Neste marco presentáronse problemas que necesitaban unha resolución urxente. Nos seguintes congresos que se celebraron cada ano discutíanse diversos problemas: No congreso de 1994 en Pskov (Rusia) *Идеографический и историко-этимологический анализ славянской фразеологии* ("A análise ideográfica, histórica e etimolóxica da fraseoloxía eslava"), no congreso de 1995 en Olomuts (República Checa) *O funcionamento de fraseoloxía no texto nos períodos da crise ideolóxica e cultural*, no congreso de 1996 en Opol (Polonia), de 1997 en Liptovski Yan (República Eslovaca), este último celebrado dentro dos marcos de EUROPHRASE baixo o título *A fraseoloxía e a paremioloxía*. O último congreso demostra a actualidade do antigo problema do senso amplo e restrinxido do concepto de fraseoloxía. Os relatorios dos fraseólogos presentados neste congreso trataban os temas da diferencia dos significados fraseolóxico e paremiolóxico, da historia dos termos fraseolóxicos, dos fraseoloxismos e refráns de orixe bíblica, carácter explícito e carácter implícito das locucións idiomáticas e dos refráns, etc. Podemos supor que estes encontros atraerán no futuro a atención dos fraseólogos doutros países entre eles os de linguas romances.

Conclusións

1. Volvemos ó problema: Qué unidades incluímos no diccionario fraseolóxico e cáles non.

2. O desenvolvemento da fraseografía leva ó desenvolvemento da fraseoloxía. Demóstranolo o *I Coloquio Galego de Fraseoloxía*.

3. O desenvolvemento dos estudios fraseolóxicos en moitos países (Rusia, os países do territorio da ex-URSS, Bulgaria, Polonia, Iugoslavia, República Checa, República Eslovaca, Cuba, Alemaña, etc.) evidencia este feito.

4. Dende finais dos anos 50 deste século existe unha diferencia entre o senso amplo e o restrinxido do termo "fraseoloxía".

5. A fraseoloxía no senso amplo revélase no diccionario xeral (monolingüe ou bilingüe).

6. O diccionario fraseolóxico especializado espella a fraseoloxía no senso restrinxido. Isto serve como proba da existencia do nivel fraseolóxico da lingua. Estes diccionarios teñen unha importancia científica, lingüística e práctica.

7. As formas intermedias (colocacións, locucións fixas) así como os refráns deben representarse nos diccionarios de colocacións e nos refraneiros.

8. O problema da variación é moi importante. Nos diccionarios inclúense só os fraseoloxismos fixados polo uso. Os ocasionalismos descríbense nos diccionarios da linguaxe de escritores e nos diccionarios de transformacións individuais de fraseoloxismos polos escritores.

9. É fundamental que os fraseoloxismos estean ilustrados polos exemplos da literatura, dos periódicos e das gravacións da linguaxe oral. As ilustracións dan fe do uso e serven de criterio para incluí-las locucións fraseolóxicas no diccionario. As ilustracións completan a definición da locución fraseolóxica.

Un diversificado sistema de codificación (marcas pragmáticas, estilísticas, expresivas, etimolóxicas, etc.) é posible unicamente nun diccionario especializado. Entre os diccionarios das linguas eslavas este sistema está representado soamente no diccionario checo de fraseoloxía de Čermaka Fs. *Slovník české idiomatiky a fraseologie.*

Existen varios tipos de diccionarios fraseolóxicos:
— sincrónico
— etimolóxico
— ideolóxico
— de lingua e cultura
— de sinónimos
— das transformacións individuais dos fraseoloxismos polos escritores
— paremiolóxicos (refraneiros)
— de locucións fixas
— bilingües que serven para fins prácticos

A elección do tipo de diccionario vén determinado polos autores e proclámase no prefacio teórico do diccionario.

Bibliografía

Véxase o apartado “Literatura” en A.K. Bierich, S.S. Volkov, N.M. Kabanov, M.Yu. Kótova, V.M. Mokienko, T.G. Nikitina, E.I. Seliverstova, L.I. Stepanova, *Проблемы фразеологической семантики* (“Problemas da semántica fraseolóxica”), San Petersburgo: Edición da Universidade de San Petersburgo, 1996, p.176.

Informatización de diccionarios fraseolóxicos: o *Diccionario Automatizado de Fraseología Cubana*

LEONEL RUIZ MIYARES
Centro de Lingüística Aplicada, Santiago de Cuba

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 257-264.
ISBN: 84-45321-67-6)

The Phraseology and Phraseography researches in Cuba have reached such a level that a *Dictionary of Cuban Phraseology* has been elaborated. This effort fulfils one of the essential tasks for the development of our national culture: to preserve the idiomatic richness of the language. Derived from this dictionary, the *Automated Dictionary of Cuban Phraseology* emerges as a result of the combined work of the Institute of Literature and Linguistics of Havana and the Applied Linguistics Center of Santiago de Cuba. This Automated Dictionary was programmed in the CLIPPER databases language and it works in IBM microcomputers or similars. The search for phraseology —both key words and linguistic aspects—, the possibility to introduce new phraseological units in the dictionary and to save the information stored, are some of the facilities that this computing system offers. It can be used in the phraseological researches of any Spanish-speaking country.

El nivel alcanzado en Cuba en la Fraseología y la Fraseografía ha permitido emprender la elaboración de un *Diccionario de Fraseología Cubana*, lo que responde a una de las tareas esenciales del desarrollo de nuestra cultura nacional: preservar la riqueza idiomática de nuestra lengua. Como un derivado de este diccionario surge el *Diccionario Automatizado de Fraseología Cubana (DICFRAS)* elaborado conjuntamente por el Instituto de Literatura y Lingüística de La Habana y el Centro de Lingüística Aplicada de Santiago de Cuba. Este diccionario automatizado fue programado en el lenguaje de bases de datos CLIPPER y trabaja en microcomputadoras IBM o compatibles. La búsqueda de los fraseologismos tanto por palabras significativas como por aspectos lingüísticos, la posibilidad de introducir nuevos fraseologismos en el diccionario y de respaldar la información en él almacenada, son algunas de las facilidades que oferta al consultante este sistema computacional, el cual se puede utilizar en las investigaciones fraseológicas de cualquier país hispanohablante.

Introducción

Na actualidade existen moitos estudios fraseolóxicos e fraseográficos sobre o uso das locucións nos idiomas de varios países. Os lingüistas teñen dedicado suficiente tempo a analizaren e preservaren ese trazo cultural da lingua falada e escrita nas súas respectivas nacións. Como exemplo do anterior podemos citar *Proverbes et autres unités phraséologiques* (1991) de Pierre Arnaud, *Deutsch-Russich-Polnische Kontraste in der Phraseologie* (1988) de Johann Biederman, *Diccionario de dichos y frases hechas* (1995*)* de Alberto Buitrago Jiménez, *Dizionario di 2948 sentenze, proverbi, motti, diverse frasi e locuzioni latine raccolte* (1992) de Giuseppe Fumagalli, *Anglo-Russkii frazeologicheskii slovar* (1956*)* de Kunin A. V. e moitísimos máis.

Sen embargo, aínda que existen algúns resultados na informatización dos diccionarios fraseolóxicos, estes non proliferan tanto coma o caudal que se ten sobre eles de forma escrita ou impresa.

Segundo a pescuda que realizamos, existen actualmente dúas formas de representa-los diccionarios de fraseoloxismos de forma automatizada:

1. Software independentes
2. Dispoñibles en INTERNET

No primeiro caso estes softwares son productos terminados que se poden executar tanto no Sistema Operativo MS-DOS coma en WINDOWS, aínda que nun futuro próximo os mesmos confeccionaranse só para WINDOWS.

Respecto ó uso deste tipo de diccionario en INTERNET pódese dicir que abundan as consultas 'on line', é dicir, pódese obter información sobre locucións específicas.

Outra característica non menos importante sobre os diccionarios fraseolóxicos informatizados ten que ver cos tipos de diccionarios que se elaboran. Estes poden ser:

1. Diccionarios automatizados fraseolóxicos monolingües.
2. Diccionarios automatizados fraseolóxicos bilingües ou multilingües.

Os diccionarios do primeiro tipo divídense á súa vez en *incompletos* e *completos*. En INTERNET, a autoestrada da información, existen varios diccionarios automatizados onde soamente existe o listado das locucións dunha lingua dada sen a definición das mesmas, tipo de diccionario automatizado ó que nós chamamos *incompleto* e que non abunda como software independente. Os diccionarios automatizados fraseolóxicos monolingües *completos* son aqueles que brindan non só o listado dos fraseoloxismos, senón tamén as definicións destes ou, como adoita observarse en INTERNET, unha explicación de como se usa ou a orixe do mesmo (Exemplo: *Dizionario dei proverbi italiani (Raccolta di proverbi toscani)* de Giuseppe Giusti[90]).

Os diccionarios automatizados de fraseoloxismos bilingües e multilingües son os que máis abundan e resultan de grande utilidade a traductores, estudiantes de linguas

---

[90] http://www.utas.edu.au/docs/flonta/DPbooks/GIUSTI/GIUSTI.html

estranxeiras, xornalistas, etc. pola axuda que brindan ó ofreceren as locucións equivalentes en cada lingua, pois, como se sabe, é incorrecto traduci-los fraseoloxismos de forma literal. Como exemplo deste tipo de diccionario podemos cita-lo *English-Romanian Dictionary of Equivalent Proverbs (1995)* de Teodor Flonta[91] e o *Traductor de Expresiones* do Grupo de Investigación en Industrias de la Lengua (GRIL), da Universidade de Toulouse-Le Mirail, Francia[92], o que, a partir dunha expresión en francés, ofrece as expresións equivalentes en alemán, inglés, español e portugués; como se pode apreciar ámbolos dous diccionarios están dispoñibles en INTERNET.

Por último, é necesario sinala-la existencia dalgúns sistemas informatizados que procesan grandes volumes de información textual e que, entre moitas outras funcións que realizan, poden localizar locucións de interese lingüístico. Como exemplo temos o *DBT-DataBase Textual*, poderoso software que desenvolveu o Instituto de Lingüística Computacional de Pisa, Italia.

En Cuba existe certa experiencia nas investigacións fraseolóxicas e na Lingüística Computacional; sobre a base desa experiencia xurdiu a idea de automatiza-los modestos resultados fraseográficos obtidos polos nosos lingüistas.

O *Diccionario Automatizado de Fraseología Cubana*

Os estudios que sobre Fraseoloxía e Fraseografía se realizaron en Cuba permitiron a redacción de dous importantes traballos lexicográficos: o *Diccionario Cubano de Fraseologismos* e o *Diccionario de Fraseología Cubana*.

No primeiro traballo, preséntanse as *unidades fraseolóxicas* (UF), coñecidas como *locucións*, que se empregan no español de Cuba, independentemente de que o seu uso estea ou non rexistrado noutros territorios hispanofalantes.

No segundo traballo, *Diccionario de Fraseología Cubana*, só aparecen as UF deste tipo non estando rexistrado o seu uso nos máis importantes diccionarios da Península, corroborado isto mediante un exame contrastivo.

Un resultado colateral deste último traballo lexicográfico constitúeo o *Diccionario Automatizado de Fraseología Cubana (DICFRAS)* confeccionado conxuntamente polo *Instituto de Literatura y Lingüística* da Habana e o *Centro de Lingüística Aplicada* de Santiago de Cuba, pertencentes ámbalas dúas institucións ó Ministerio de Ciencia, Tecnología y Medio Ambiente.

O *DICFRAS* foi programado na linguaxe de bases de datos CLIPPER e funciona en microcomputadoras IBM ou compatibles con MS-DOS. Actualmente estase a confecciona-la versión do *DICFRAS* para WINDOWS.

¿Como funciona este diccionario informatizado?

Para o funcionamento óptimo do sistema que analizamos creáronse tres bases de datos:

---

[91] `http://info.utas.edu.au/docs/flonta/DP,1,1,95/dictionary.html`

[92] `http://www.univ-tlse2.fr/gril/Expr.html`

DEFINIC.DBF

BUSQUEDA.DBF

CONTROLF.DBF

A base de datos DEFINIC.DBF é a de maior importancia das tres, debido a que contén toda a información concernente ós fraseoloxismos ou unidades fraseolóxicas:

1. Número do fraseoloxismo
2. Denominación
3. Definición, exemplo ilustrativo e fonte
4. Características lingüísticas

As características lingüísticas son as seguintes:

Marca gramatical: *verbal, sustantival, adjetival*, etc.
Estilo: *coloquial, culto, vulgar, rural, humorístico, despectivo, irónico,* etc.
Vixencia: *actual, obsolescente, obsoleto.*
Rección: *a alguien, algo, por alguien, por algo,* etc.

Unha das peculiaridades que posúe este diccionario é a posibilidade de busca-las definicións polas *palabras plenas* ou *ordenatrices* que integran a UF. Por exemplo, na combinación estable *"¿y tu abuela dónde está?"*, que se emprega a modo de comentario, para referirse ós intentos dalgunhas persoas de agacha-la súa mestizaxe valéndose de características físicas que lles permiten pasar por brancos, as ordenatrices son: *ABUELA, DONDE, ESTAR***.**

Precisamente na base de datos BUSQUEDA.DBF gárdanse tódalas ordenatrices —en singular para o caso dos substantivos e adxectivos e en infinitivo para os verbos— existentes no diccionario, acompañadas dos números dos fraseoloxismos asociados a estas.

Por último, a base de datos CONTROLF.DBF advirte se foi exitosa ou non a introducción do fraseoloxismo no sistema computacional e controla os números correspondentes a cada combinación estable.

O *DICFRAS* consta de catro partes principais:

Introducción de novos fraseoloxismos
Diccionario
Estatísticas xerais
Tratamento da información

Introducción de novos fraseoloxismos

Nesta sección do programa introdúcense tódalas UF estables obtidas do estudio realizado polas investigadoras lingüísticas. Dende as palabras significativas ata as características lingüísticas son pasadas ó sistema computacional incluíndo, por suposto, a denominación e definición do fraseoloxismo.

No caso de que se intente introducir unha UF xa inserida na base de datos DEFINIC.DBF, o sistema é capaz de adverti-la súa existencia, co que se evitan duplicados innecesarios.

Se durante a entrada da información no *DICFRAS* se cometen erros, estes poden ser corrixidos, o que demostra a flexibilidade do software que aquí se presenta.

Unha vantaxe que posúe este diccionario automatizado é a posibilidade de incorpora-los novos fraseoloxismos que xurdan co transcurso do tempo.

Diccionario

O interesado en coñece-lo significado de calquera UF ten nesta parte do sistema tres formas de busca: *palabras ordenatrices*, *aspectos lingüísticos* e *número del fraseologismo*.

Na primeira forma só é necesario escribir unha das *palabras ordenatrices* que entra como elemento da UF que interesa. O programa, despois de comprobar que existe esta palabra na base de datos BUSQUEDA.DBF, ofrece o nome, a definición, o exemplo —cromatizado para resaltar cómo se usa—, a fonte da exemplificación e as características lingüísticas concernentes á UF obxecto de dúbida. Se a palabra escollida posúe varios fraseoloxismos asociados, o interesado, despois de examina-la denominación de cada un deles, observará a acepción do seleccionado.

Neste método de busca dos significados, o sistema informatizado ofrece unha axuda ós usuarios onde se explican os pasos a seguir para realiza-la pescuda.

A continuación analizaremos algúns exemplos de fraseoloxismos cubanos onde se ilustra esta forma de busca. A fonte das exemplificacións das UF que analizaremos é a fala popular, é dicir, expresan un estilo coloquial.

Se o usuario escribe a palabra significativa *CARA*, o sistema ofreceralle as seguintes locucións:

cara de cumpleaños
cara difícil
cara de galleta
cara de guante

Se se escolle a UF *cara de cumpleaños*, o *DICFRAS* mostrará a seguinte definición:

cara de cumpleaños: Cara alegre, risueña: "Venía con '*cara de cumpleaños'* y por eso deduje que el asunto marchaba bien."

Vigencia: *Actual* Marca gramatical: *Sustantivo*
Estilo: *Coloquial*

Nos exemplos vistos, se se introducen as ordenatrices *cumpleaños, difícil, galleta* e *guante*, tamén se obterán os significados destes fraseoloxismos.

En canto ós *aspectos lingüísticos*, o *DICFRAS* brinda a posibilidade de efectua-la consulta pola *marca gramatical, estilo, vigencia* ou polo *tipo de rección* que sexa do interese do usuario. Aquí móstranse os números e os nomes de tódalas UF que cumpran coa condición seleccionada e exporase a definición e as características da escollida.

Por exemplo, se neste caso o interesado escolle como aspecto lingüístico de interese a *marca gramatical* e dentro desta a variable *verbo*, o software mostrará, entre moitas outras UF, as seguintes:

caer parado
cuadrar la caja
enseñar la cajetilla
estar /en/ cancha
sudar la camisa

No caso de escolle-la UF *estar /en/ cancha*, observarase:

estar /en/ cancha: 1. Hallarse preparado o entrenado para realizar cierto tipo de actividad: "Puedo empezar cuando quiera que *'estoy en cancha'*. Hace pocos días que terminé de arreglar una máquina igual."//2. Sentirse bien física o emocionalmente: "Me siento muy bien. *'Estoy en cancha'* y puedo correr cinco kilómetros sin cansarme."

Vigencia: *Actual* Marca gramatical: *Verbo*
Estilo: *Coloquial*

Ademais do explicado, esta sección do programa posibilita ve-la relación xeral dos fraseoloxismos incluídos no diccionario. Neste caso, se o usuario desexa coñece-lo significado dun determinado fraseoloxismo, só lle é necesario escribi-lo número do mesmo; esta é a terceira e última forma de busca das UF no sistema.

Estatísticas xerais

O *Diccionario Automatizado de Fraseología Cubana* proporciona toda a estatística referente ás UF nel almacenadas.

Un dos datos máis importantes que aporta esta sección é o número de fraseoloxismos existentes no diccionario e o das palabras significativas vinculadas a eles.

Tamén se pode aprecia-la información detallada sobre as variables que comprende a análise lingüística. Por exemplo, no aspecto denominado *vigencia*, obsérvanse cántos xiros fraseolóxicos *se usan na actualidade*, cántos son *obsoletos* e cántos *obsolescentes*, é dicir, en decadencia.

Pensamos que a análise das estatísticas xerais vinculada á busca dos fraseoloxismos por aspectos lingüísticos é moi favorable para realizar estudios sobre as peculiaridades do uso das unidades fraseolóxicas en Cuba.

Tratamento da información

Xeralmente os sistemas informatizados almacenan grandes e valiosos volumes de información nos discos duros dos ordenadores. A práctica demostrou que se corre un alto risco de perder esta información se non se protexe a mesma en discos flexibles. Recordemos que hoxe en día proliferan os virus informáticos que destrúen sen compaixón o depositado nos ordenadores.

Para protexe-la información gardada nas bases de datos DEFINIC.DBF, BUSQUEDA.DBF e CONTROLF.DBF durante a introducción dos fraseoloxismos no diccionario automatizado e así evita-la perda da mesma por *infeccións virais* ou outros problemas que lle poidan ocorrer ó disco duro do ordenador, o *DICFRAS* posúe unha sección denominada ***Salvar la Información***.

Para copiar por primeira vez no disco duro o contido das bases de datos antes sinaladas e o software, este sistema computacional posúe un ***Instalador.***

Ademais dos catro segmentos que conforman este programa, o mesmo oferta un ***Resumen*** onde se expoñen de forma concisa as características esenciais deste diccionario fraseolóxico automatizado.

Conclusións

Podemos extrae-las seguintes conclusións:

1. O desenvolvemento da informatización dos diccionarios fraseolóxicos non está acorde coa producción escrita deste tipo de diccionarios.

2. O *Diccionario Automatizado de Fraseología Cubana* reafirma a crecente asimilación no noso país das novas tecnoloxías e a súa aplicación en tódalas ramas da ciencia. Neste caso particular demóstrase a utilización cada vez maior da *Lingüística Computacional* nas investigacións lingüísticas.

3. Este sistema permite unha rápida localización das definicións dos fraseoloxismos a través de calquera das súas formas de busca.

4. O *DICFRAS* pódese enriquecer no transcurso do tempo coas novas combinacións estables xurdidas no pobo.

5. O software non só posibilita a súa explotación como diccionario senón que tamén se pode empregar para realizar estudios complementarios sobre as características do uso das combinacións indivisibles utilizadas en Cuba.

6. A flexibilidade é unha calidade que posúe este sistema computacional; gracias a ela facilítase o traballo dos interesados en coñecer cómo se fala no noso país.

7. Partindo de que o español é a lingua materna de moitos países, propoñémo-la extensión deste software a outras investigacións fraseolóxicas que, sobre a variante do español de cada país hispanofalante, realizan outros investigadores.

Bibliografía

Carneado M., Z. (1986): “Algunas consideraciones sobre el caudal fraseológico del español hablado en Cuba”. En *Estudios de Fraseología*. Editorial Academia, La Habana, pp. 7-38.

----------(1986): “Consideraciones sobre la fraseografía”. En *Estudios de Fraseología*. Editorial Academia, La Habana, pp. 39-46.

----------(1989): “Estudio fraseográfico del español actual en Cuba”. En *El español en Cuba. Anuario*. Editorial ENPES, La Habana, pp. 191-207.

Clipper. Manual de Usuario. SOFTEL, 1987.

Telia, V. N. (1990): *Frazeografia v mashinnom fonde russkogo yazika*. Moskva.

Tristá, A. M. (1986): “La metáfora: sus grados de revelación en las unidades fraseológicas”. En *Estudios de Fraseología*. Editorial Academia, La Habana, pp. 47-65.

----------(1986): “Fuentes de las unidades fraseológicas. Sus modos de formación”. En *Estudios de Fraseología*. Editorial Academia, La Habana, pp. 67-90.

A fraseoloxía galega e a fraseoloxía en Galicia: realizacións e proxectos en curso na Universidade de Santiago de Compostela

CARMEN MELLADO BLANCO
Universidade de Santiago de Compostela

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 265-270.
ISBN: 84-45321-67-6)

This paper discusses the projects of Mª Carmen Losada Aldrey and Katerina Vlasakova from the *Instituto de Idiomas* of the *Universidade de Santiago de Compostela* and the studies of María Álvarez de la Granja from the Department of *Filoloxía Galega* and Carmen Mellado Blanco from the Department of English and German of the same university. The investigation carried out by the first two researchers deals with: (a) a research on Spanish as a foreign language, with a distinctively practical and didactic nature; (b) the elaboration of a comparative phraseological dictionary Czech-Spanish. In her doctoral thesis María Álvarez de la Granja studies the *Tratamento lexicográfico das expresións fixas. Unidades con estructura "Verbo + Obxecto Directo" no Diccionario Xerais da Lingua*. On the other hand, the phraseological work by Carmen Mellado Blanco focuses on her doctoral thesis: *Los somatismos del alemán: semántica y estructura*, where she studies the phenomenon of somatic phraseological units by analysing a corpus of 1385 units.

En esta conferencia se exponen los proyectos de las profesoras Dª Mª Carmen Losada Aldrey y Dª Katerina Vlasakova, por parte del Instituto de Idiomas de la *Universidade de Santiago de Compostela*, y los trabajos de Dª María Álvarez de la Granja del *Departamento de Filoloxía Galega* y de Dª Carmen Mellado Blanco del *Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemana* de la misma universidad. En el primer caso se trata de (a) una investigación del español como lengua extranjera, de marcado carácter práctico-didáctico; (b) la elaboración de un diccionario fraseológico contrastivo checo-español. En su tesis doctoral María Álvarez de la Granja estudia el *Tratamento lexicográfico das expresións fixas. Unidades con estructura "Verbo + Obxecto Directo" no Diccionario Xerais da Lingua*. Por otro

lado, la labor fraseológica de Dª Carmen Mellado Blanco se centra en su tesis doctoral: *Los somatismos del alemán: semántica y estructura*, que estudia el fenómeno de los fraseologismos somáticos a partir de un corpus de 1385 unidades.

É un feito coñecido que a Fraseoloxía non gozou en España ata o momento da atención merecida (quizais por un calado menosprezo por parte dos lingüistas do noso país cara a calquera manifestación da lingua falada coloquial), e que, respecto a outros países europeos como a antiga Unión Soviética, Alemaña ou Francia, se atopa nun estado realmente deficitario. Non obstante, dende hai dez anos empezouse a observar un certo interese en distintas universidades españolas.

Desta maneira, na Universidade de Santiago, a investigación fraseolóxica está comezando a da-los primeiros pasos que se plasman nunha serie de traballos que a continuación paso a expor.

En primeiro lugar, no Departamento de Filoloxía Galega desta Universidade sobresae o labor de María Álvarez de la Granja. A súa tesiña foi presentada en setembro de 1996 e dirixida polo profesor Francisco A. Cidrás Escáneo. Leva por título *Tratamento lexicográfico das expresións fixas. Unidades con estructura "Verbo + Obxecto Directo" no Diccionario Xerais da Lingua*. Trátase, como o seu título indica, dunha obra de carácter metafraseográfico, na que se analiza meticulosamente o tratamento de 1.031 construccións do *Diccionario Xerais da Lingua* (1ª edición: 1986 / 4ª edición 1993, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, de Ares Vázquez et al.). Así, póñense ó descuberto incoherencias en canto á macro e microestructura deste diccionario, como por exemplo na lematización ou na formulación de enunciados, que a miúdo é incompleta, incorrecta, ou nela non se ten en conta o contorno valencial da expresión. A autora detecta así mesmo fallos na formulación de definicións e acusa a ausencia de marcas pragmáticas. Por outra parte, María Álvarez fai unha clasificación dos tipos de construccións que contén o diccionario, chegando á conclusión de que moitas delas están incluídas sen seren propiamente fraseolóxicas, e descubrindo que outras recollidas como galegas non son senón castelanismos.

A continuación mostramos un breve exemplo da súa clasificación de expresións fraseolóxicas galegas:

LOCUCIÓNS VERBAIS
Abaixarlle a un a crista
Abrandar as pedras
Abri-la boca MF
Abri-la man
Abrir a boca IND
Abrir a porta e a arca

CASTELANISMOS
Aguza-la(s) orella(s)
Botarlle un galgo
Dar estopa
Emenda-la palma
Escorre-lo bulto
Face-la vista gorda
CONSTRUCCIÓNS LIBRES
Abillar un bocoi
Abri-la sesión
Abrir as patacas
Abrir o rego
Abrir un expediente
Aclarear o liño

REFRÁNS
A unión fai a forza
O costume fai a lei
O demo nunca ten sono

O falar non ten cancelas
O hábito non fai ó monxe
Todos temos que rañar

Na súa segunda contribución "As expresións fixas nos diccionarios galegos" (*Cadernos de lingua*, nº 15, 1997), María Álvarez segue o procedemento de análise da súa memoria de licenciatura aínda que estendendo o seu obxecto de estudio ós diccionarios *Así falan os galegos*. *Fraseoloxía da lingua galega* (1995, A Coruña: Galinova, de Carme López Taboada e María do Rosario Soto Arias), *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* (1958-1961, Vigo: Galaxia, de E. Rodríguez González), e por último, *Diccionario da Lingua Galega* (1995, Vigo: Obradoiro / Santillana, de X. Xove Ferreiro et al.).

Con respecto á lingua española merece especial atención o labor levado a cabo pola profesora de español Mª Carmen Losada Aldrey, do Instituto de Idiomas desta Universidade. A súa investigación ten un carácter marcadamente didáctico e trata de salva-las deficiencias da maioría dos manuais de español como lingua estranxeira, que adoitan ignora-la parte fraseolóxica. O estudio de Mª Carmen Losada ten como meta máis inmediata o ensino sistemático de fraseoloxismos (FR) no marco dos contextos comunicativos máis representativos. A súa actividade investigadora atópase espellada nas conferencias ofrecidas durante o verán de 1996 e 1997 nos Cursos Internacionais de Verán que programa a Universidade de Santiago.

Así mesmo, dentro do Instituto de Idiomas da Universidade de Santiago, estase finalizando un proxecto lexicográfico de carácter contrastivo. As linguas obxecto de estudio son o español e o checo e as súas autoras son Mª Carmen Losada Aldrey e Katerina Vlasakova. Nunha primeira fase de realización, os fraseoloxismos recollidos conteñen un lexema referido a unha parte da cabeza humana, como "ojo", "boca", "lengua", ou a "cabeza".

Nesta obra só teñen cabida aqueles FR (cuasi)equivalentes en español e en checo tanto no seu significado literal coma no metafórico, á marxe de pequenas diverxencias —no plano morfosintáctico— tipolóxicas de cada lingua. Polo xeral rexístranse diferencias nas connotacións do significado idiomático dos FR (cuasi)equivalentes de ambas linguas e a súa aprendizaxe pode evitar erros de uso por parte dos estudiantes. Interesante é o aspecto pragmático que se contempla neste proxecto, posto que en cada artigo lexicográfico dáse un contexto típico onde adoita aparecer o FR.

A continuación presentamos un exemplo de FR somático (checo: *nemít hlavu ani patu* / español: *no tener algo ni pies ni cabeza*) onde se pode observa-la pauta de traballo seguida neste diccionario contrastivo:

Checo:
campo semántico do FR: HLAVA

Compoñente base ou clave: HLAVA/PATA
Enunciado completo do FR: NEMÍT HLAVU ANI PATU (SČFI)[93]
Significado do FR checo (dáse en español): — 'Ser caótico, absurdo, no tener sentido (uso restringido a entes de carácter intelectual, desde el punto de vista de su organización, estructura, etc.)' (SČFI).
Exemplo ilustrativo do FR nun contexto típico: *Jeho vystoupení nemělo hlavu ani patu. Zdálo se, že nevěděl co říká.*

Español: campo semántico do FR: CABEZA. Compoñente base ou clave: CABEZA/PIES.
Enunciado completo do FR: NO TENER ALGO NI PIES NI CABEZA .
Significado do FR español de acordo con varios diccionarios: — 'No tener sentido' (DFEM). — 'Ser absurdo' (GDLE). — 'Ser algo completamente disparatado o absurdo' (EI).
Exemplo ilustrativo do FR nun contexto típico: *Su intervención no tenía ni pies ni cabeza. Parecía que no sabía lo que estaba diciendo.*

Deixando xa á marxe a actividade fraseolóxica no plano do español como lingua estranxeira, non me queda senón presenta-lo meu propio labor investigador, que se encadra no Departamento de Inglés e Alemán da Facultade de Filoloxía de Santiago. Ademais dunha serie de artigos publicados en revistas nacionais e internacionais (p. ex. "Fraseologismos alemanes y españoles del campo de las emociones", en *Paremia* 6 (1997); "Eine Analyse des mikrostrukturellen Modellcharakters bei deutschen und spanischen Phraseologismen", en *EUROPHRAS '95 - Europäische Phraseologie im Vergleich: Gemeinsames Erbe und kulturelle Vielfalt,* Brockmeyer 1997; "Engels Ansichten zur Valenztheorie in der Phraseologie", en *Revista de Filología Alemana* 3 (1997)) sobre fraseoloxía do alemán e fraseoloxía contrastiva, o meu estudio máis amplo é a tese de doutoramento *Los somatismos del alemán: semántica y estructura* (Salamanca, 1997), que aborda o tema dos FR somáticos do alemán dende unha dobre perspectiva estructural e semántica.

Con esta obra pretendín satisfacer varios obxectivos:

(1) Estudiar por primeira vez de maneira sistemática a totalidade dos FR somáticos do alemán tanto na súa estructura coma na súa semántica. A isto precedeulle a elaboración dun corpus de 1385 unidades.

---

[93] **Abreviaturas**:
SČFI: *Slovník české frazeologie a idiomatiky. Přirovnání* (1983), *Výrazy meslovesme* (1988); *Výrazyslovesme A-P, R-Ž* (1994), de F. Čermák, J. Hronek y J. Machač. Praga: Academia.
DFEM: *Diccionario fraseológico de español moderno* (1994), de F. Varela y H. Kubarth. Madrid: Gredos.
GDLE: *Gran diccionario de la lengua española* (1996), de Planeta Larousse. Madrid: Larousse.
EI: *El español idiomático. Frases y modismos del español* (1988), de P. Domínguez y M. Morera. Barcelona: Ariel.

(2) Ofrecer unha panorámica da aplicación das distintas correntes e teorías lingüísticas que dedicaron atención ó fenómeno fraseolóxico (Gramática Xenerativista, Teoría do Signo, Semántica Estructuralista, Pragmática Lingüística, Gramática Dependencial ou de Valencias).

(3) Presenta-lo fenómeno fraseolóxico de maneira radial e gradual, sen fronteiras claramente definidas no seu interior. Os FR non constitúen un corpo homoxéneo, dependendo tanto a súa estabilidade coma a súa idiomaticidade dun complexo de factores, que determinarán se pertencen ó centro do material fraseolóxico, ou, polo contrario, se se sitúan máis na súa periferia[94] :



A finalidade última desta análise foi demostrar que a tradicionalmente postulada irregularidade dos FR non ten que ser considerada como criterio definitorio en senso absoluto. Máis ben ó contrario, ó longo da tese descubrimos que dentro da anormalidade semántica e formal do fenómeno fraseolóxico despunta unha tendencia á analoxía, á regularidade. Isto verifícase na posibilidade de encontrar modelos semántico-estructurais

[94] Nesta concepción do fenómeno fraseolóxico rescatámo-la terminoloxía da Escola Estructuralista de Praga de "centro" e "periferia".

productivos[95], e na existencia de asociacións (trazos tipolóxicos) nos significados metafóricos dos FR que conteñen un mesmo lexema somático. Por outra parte, a metaforización en cadea pon igualmente de manifesto que a formación de sememas nos FR polisémicos se axusta a miúdo a regras asociativas que se repiten nun certo número de FR. Así mesmo, o feito de que determinados FR cunha invariable semántica no significado literal presenten un significado metafórico aproximado, demostra de novo que no proceso de creación de FR se seguen esquemas semánticos e estructurais de natureza ben definida. Isto apréciase no seguinte cadro:

sgdo. literal	**sgdo. metafórico**	**somatismo**
'arriba'	'poder' 'felicidade' 'saúde' 'recoñecemento social'	*jmdm. den Fuß auf den Nacken setzen* *den Kopf oben behalten* *wieder auf die Beine kommen* *in jmds. Augen steigen*
'abaixo'	'sen poder' 'tristeza' 'enfermidade' 'sen recoñecemento'	*vor jmdm. auf den Bauch rutschen* *den Kopf hängen lassen* *den Kopf unter dem Arm tragen* *im jmds. Augen sinken*

Un proxecto novo, que me propoño realizar nun futuro próximo, é un estudio contrastivo alemán-español, a partir dos resultados obtidos no meu traballo doutoral. Para realizar este obxectivo servireime dun corpus de FR somáticos elaborado a partir de distintos diccionarios do alemán e do español.

---

[95] Un dos modelos máis productivo é **sich etw. + aus- verbo**; (etw. = [Körperteil]) / **sich etw. aus etw. + verbo**; (etw. = [Körperteil]) sendo a súa invariable situacional xeral: 'dem eigenen Körper Schaden zufügen', e a invariable fraseosemántica xeral: [+intensidade] 'sehr, ganz'. A este modelo semántico-estructural pertencen os seguintes somatismos, na definición dos cales subliñámo-los respectivos lexemas co rasgo [+intensidade]:

sich die Augen ausweinen: 'heftig weinen';
sich die Augen aus dem Kopf weinen: 'heftig weinen';
sich die Augen aus dem Kopf schämen: 'sich sehr schämen';
sich die Beine aus dem Leib rennen: 'mit aller Kraft (bis zur Erschöpfung) rennen';
sich die Kehle ausschreien: 'anhaltend laut schreien (müssen)';
sich die Kehle aus dem Hals schreien: 'anhaltend laut schreien (müssen)';
sich die Kehle aus dem Hals schreien: 'anhaltend laut schreien (müssen)';
sich etwas aus dem Kreuz leiern: 'etwas (mit viel Mühe) zustande bringen';
sich die Lunge ausschreien: 'sehr laut, angestrengt schreien';
sich die Lunge aus dem Hals / Leib schreien: 'sehr laut, angestrengt schreien';
sich die Lunge aus dem Hals husten: 'einen heftigen Hustenanfall haben';
sich die Lunge aus dem Hals rennen: 'bis zur Erschöpfung rennen';
sich die Seele aus dem Leib schreien / rufen: 'sehr laut, mit aller Kraft schreien / rufen';
sich die Zunge aus dem Hals rennen: 'bis zur Erschöpfung rennen'.

A investigación fraseolóxica na Universidade da Coruña

LUÍS GONZÁLEZ GARCÍA
Universidade da Coruña

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 271-275.
ISBN: 84-45321-67-6)

This paper offers an account of the situation of the studies on phraseology and other closely related issues in the different departments of the *Universidade da Coruña*. The reasons for the paucity in this area of work will be analysed and the predictable future lines of research will be put forward.

Na intervención pasarase revista á situación dos estudios sobre fraseoloxía, e asuntos intimamente relacionados, nos distintos departamentos da Universidade da Coruña. Analizaranse as causas da escaseza nesta área de traballo e adiantaranse as liñas previsibles de futura investigación.

Non quero comezar esta breve exposición sen antes da-las gracias ó director e ó coordinador deste Coloquio pola invitación tan amablemente cursada para que poida participar nesta mesa redonda. Sen dúbida non son a persoa máis indicada para representar á Universidade da Coruña, pois o meu labor investigador desenvólvese só marxinalmente na área da fraseoloxía, a pesar do interese persoal que esperta en min (sobre todo por ese carácter de proceso gradual que toda fosilización, sexa lexicalización sexa gramaticalización, implica e que fai reflexionar a quen está acostumado a traballar cunha lingüística discreta, unha lingüística onde os límites entre unidades e categorías son precisos). Este interese é o que me levou a colaborar no estudio introductorio da obra *Así falan os galegos*, da que se falará nesta mesma mesa redonda.

Non sendo, pois, especialista na materia, intentarei participar como un cronista obxectivo na elaboración dunha memoria que é resultado, en boa medida, dunha documentación previa e da conversa mantida (á maneira socrática) cos compañeiros doutros departamentos.

A producción lingüística da Universidade da Coruña referida ó ámbito da fraseoloxía non é moi abundante e, sobre todo, é froito do labor individual antes que resultado dun traballo de equipo. Nembargantes, en toda investigación lingüística, sobre o léxico pero

incluso sobre a gramática, as locucións e frases feitas axéxannos constantemente incitándonos ó seu estudio. Eu mesmo, nunha comunicación presentada no IV Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos (Oxford, setembro de 1994) que versaba sobre a lingua híbrida galego-castelá presente na producción de Dª Emilia Pardo Bazán, non puiden deixar de referirme á utilización de frases feitas galegas adaptadas con maior ou menor fortuna ó castelán que intentaban falar moitas personaxes non habituadas a el (*la carrerita de un can, falta un bocadito, el arco de la vieja, hijos nacidos por detrás de la iglesia, ¡Qué mano de cuartos!*). Dª Emilia non descoñecía o poder caracterizador que, para a lingua, teñen as súas expresións idiomáticas. Pero incluso en traballos de índole gramatical, como dixen, así no emprendido sobre o adverbio (1997), tivémonos que topar coas locucións adverbiais (por certo ben estudiadas por García-Page: 1991), se ben no noso estudio só lle puidemos dedicar unhas liñas a aqueles procedementos máis productivos, cal é a terminación *-as* (aparente feminino plural) característica de moitas expresións adverbiais (cast. *a pie(s) juntillas, a ojos vistas, a las callandas, a oscuras, a escondidas, a sabiendas, a expensas, a tontas y a locas, a trancas y a barrancas*, gal. *ás cirindainas, ás escuras, de créquenas, ás apalpadelas, ás agachadas, ás tolas*, etc.).

Podémonos preguntar, pois, polas causas desta relativa escaseza de traballos. Sen dúbida, estas son de índole moi variada.

En primeiro lugar, por tratarse dunha universidade de recente creación, prodúcese a chegada de profesores de distinta procedencia, factor este que dificulta a formación de equipos investigadores, o que pide o seu tempo.

Debe terse en conta ademais que, por tratarse dunha universidade relativamente pequena, o número de profesores e investigadores non é moi amplo, polo que, sendo moita a mes e poucos os obreiros, as liñas de investigación son limitadas e, desde logo, non directamente vinculadas coa fraseoloxía (no Departamento de Lingüística Xeral e Teoría da Literatura predomina a orientación sociolingüística, nos de inglés, francés e galego-portugués a literaria, no noso, filoloxía española e latina, a gramática do texto). Debe terse en conta, ademais, a descoordinación que se produce entre os distintos departamentos. Por desgracia, as divisións meramente administrativas con frecuencia convértense en barreiras que impiden outro tipo de colaboración, do que se deriva que non se dea todo o rendemento posible ós recursos de que se dispón.

Centrándonos xa no que importa, imos trazar brevemente as tres liñas principais de actuación dos membros da nosa universidade en campos vencellados á fraseoloxía.

O primeiro que cabe salientar é o comezo dunha incipiente actividade lexicográfica, marco xeral que, sen dúbida, supoñerá un acercamento á fraseoloxía. Así, na área do galego, a profesora de filoloxía románica Mª Dolores Sánchez Palomino participou na elaboración do *Diccionario da Real Academia Galega*, que atrasa de máis a súa aparición, Manuel Ferreiro ten editado o *Vocabulario Penzol* (1994) e I. Pérez Pascual, en colaboración con Cleofé Tato, o *Vocabulario de Leiras Pulpeiro*. Este último profesor está desenvolvendo nos últimos anos unha importante actividade lexicolóxica e lexicográfica, sobre todo no ámbito da lingüística histórica e dirixe varias teses de doutoramento sobre estes temas (mencionemos soamente a edición e estudio, por parte

de Eva González, do *Diccionario de vocablos castellanos aplicados a la propiedad latina*, Salamanca, 1587, porque parece importante na recollida de frases feitas). Nesta liña, a creación da *Revista de Lexicografía*, da que é secretario o mesmo J. I. Pérez Pascual e da que se levan publicados dous números (1994-95 e 1995-96, próximo a aparecer está o terceiro) ten que actuar en favor do desenvolvemento da actividade lexicográfica e, como non, fraseolóxica na nosa universidade.

Evidentemente, non podemos identificar o estudio lexicográfico co propiamente fraseolóxico, pero está clara a dependencia mutua. O mesmo vínculo, que non identificación, prodúcese na segunda área de traballo que queremos mencionar. Gloria Corpas (1997, 108-109) inclúe dentro das locucións conxuntivas, unha serie de locucións, formalmente sintagmas proposicionais, que "cumplen la función extraoracional de relacionar párrafos, oraciones o partes de ellas, expresando, al mismo tiempo, la relación semántica existente entre las mismas". Entre elas menciona *a fin de cuentas, sin embargo, con todo*, e *al fin y al cabo.* É este un tipo de locucións sobre o que se multiplican nos últimos anos os estudios (véxase a bibliografía que L. Cortés (1995) está a publicar en *Español Actual*) ata tal punto que podemos dicir que a *Gramática do texto* é unha das subdisciplinas lingüísticas que maior cultivo está a ter na actualidade e, dentro dela, unha das principais ramas dedícase precisamente ó estudio dos *conectores* ou *marcadores discursivos* (estudio global que inclúe os valores semánticos, sintácticos e pragmáticos destas "locucións conxuntivas" de que falabamos). O traballo que neste eido realiza Manuel Casado Velarde é recoñecido desde hai anos (1991, 1993), polo que a súa chegada como catedrático na área de lingua española á nosa facultade encamiñou nesta liña investigadora boa parte dos membros do departamento ou formados nel. Como exemplo, mencionaremos os estudios sobre *es más, más aún, máxime* de Esperanza Acín Villa, "Los marcadores discursivos en las obras lexicográficas" de Nancy Vázquez Veiga (1996), onde se estudian marcadores de resumo, conclusión e cerre (*en resumen, en resumidas cuentas, en suma, en pocas palabras*, etc.) e, sobre todo, a tese de doutoramento que está realizando a profesora axudante Cristina Fernández Bernárdez *Construcciones metalingüísticas con el verbo* decir *en español actual*, traballo que segue a teoría da fala de E. Coseriu e no que se pretende a recompilación, clasificación e estudio (gramatical e pragmático) das expresións lexicalizadas que conteñan o verbo *decir*. Baseándose nun amplo *corpus*, ten rexistradas unhas 380 expresións. Aínda que este traballo non se inclúe propiamente dentro da fraseoloxía do español, o certo é que está intimamente relacionado con ela, xa que a maior parte das unidades rexistradas poden ser consideradas fraseolóxicas, como se pode apreciar polos seguintes exemplos: *decir a voz en cuello, decir de carrerilla, decir ce por be, decir a bocajarro, no decir a uno 'buenos ojos tienes', decir por decir, no decir ni mu, es decir, mejor dicho, decir con la boca chica, habló el buey y dijo mu, donde dije digo digo Diego; lo dijo Blas, punto redondo*, etc. Un adianto deste traballo foi presentado no *I Congreso Internacional da Sociedade de Historiografía Lingüística* (1997).

A Lingüística do texto e a fraseoloxía son disciplinas aparentemente moi afastadas. Acabamos de ver, con todo, como se entrecruzan os seus intereses nun punto en concreto. Máis vinculada á fraseoloxía propiamente dita está a última liña de traballo que

queremos mencionar: a representada por Margarita Alonso Ramos. O seu labor investigador céntrase, sobre todo, no ámbito das colocacións, máis concretamente no seo da teoría *sentido-texto* de I. Mel'c☭uk, do que son resultado os tres volumes publicados ata o momento do *Dictionnaire explicatif et combinatoire du français contemporain* (DEC) (Universidade de Montreal, 1984, 1988, 1992). Nesta obra considérase que a descrición lexicográfica dos lexemas debe dar conta do seu potencial sintagmático, é dicir, da súa coocorrencia léxica, determinada semántica ou lexicamente. Para acadar este obxectivo crea o recurso das Función Léxicas (FL): "*Grosso modo*, una FL es un sentido o un papel semántico-sintáctico tal que su expresión depende del lexema al que esta FL se aplica" (M. Alonso: 1995-96, 22). As FFLL son un mecanismo formal que permite regulariza-lo sistema de colocacións dunha lingua. Así, o senso 'intenso' (FL **Magn**) determina as colocacións *odio mortal, enemigo acérrimo, memoria prodigiosa, ruido infernal, ira ciega, prohibir terminantemente*, etc. e *Oper*$_1$ (verbo soporte) dará lugar a ***hacer*** *una caricia,* ***dar*** *un beso,* ***prestar*** *juramento,* ***cometer*** *un error*, etc. Neste marco tan brevemente resumido, a producción da autora é variada: xa en 1989 publicou en *Verba* un artigo divulgador do modelo de Mel'c☭uk. A súa tese de doutoramento (UNED, 1993) está centrada no estudio das funcións léxicas (*Las funciones léxicas en el modelo lexicográfico de I. Mel'c☭uk*), asunto ó que dedicou varios artigos, algúns en colaboración con outros membros do GRESLET da Universidade de Montreal (a onde acode con frecuencia), nos que non nos podemos deter. Si mencionaremos, en cambio, dous traballos relacionados directamente coa fraseoloxía: no primeiro deles (1995-96), aparecido precisamente no primeiro número da *Revista de Lexicografía*, realiza un exame do concepto de colocación desde J. R. Firth ata Mel'c☭uk, mentres que no segundo, recentemente aparecido (1997) elabora a ampla definición lexicográfica, dentro do modelo do DEC, do que debe se-la entrada dun verbo soporte, tarefa non acometida aínda nos tres volumes publicados do DEC. En concreto analiza o verbo *dar*, un deses verbos presentes en gran número de coocorrencias léxicas restrinxidas (colocacións do tipo das denominadas *perífrases verbais léxicas* por Zuluaga no relatorio inicial deste *Coloquio*), que trata de inventariar: Oper$_1$ (verbo soporte): *dar un beso/un paseo* (pero ***hacer*** *un viaje)*, CausFunc$_1$ (verbo causativo): *dar fuerzas/suerte* (pero ****dar*** *debilidad*), IncepFunc$_1$ (incoativo): *dar sueño/ganas* (pero ****dar*** *deseos*), etc.

Dada a xuventude da maioría dos investigadores citados e tendo en conta que contamos co instrumento da *Revista de Lexicografía*, só me queda desexar que os estudios de fraseoloxía se multipliquen nos próximos anos.

Referencias bibliográficas

Acín Villa, E. (1994): "Los marcadores textuales de intensificación: *más aún, es más, máxime*". *XXIV Simposio de la Sociedad Española de Lingüística*. Madrid.

Alonso Ramos, M. (1989): "Aproximación a un nuevo modelo lexicográfico: *El Dictionnaire explicatif et combinatoire du français contemporain. Recherches lexico-sémantiques* de Igor Mel'c☭uk", *Verba* 16, 421-449.

----- (1993): *Las funciones léxicas en el modelo lexicográfico de I. Mel'c☭uk*, Tesis doctoral, UNED, Madrid.

----- (1995-96): “Hacia una definición del concepto de colocación: de J. R. Firth a I. A. Mel’c☭uk”, *Revista de Lexicografía*, 1, 9-28.

----- (1997): “Coocurrencia léxica y descripción lexicográfica del verbo DAR: hacia un tratamiento de los verbos soportes”, *Zeitschrift für Romanische Philologie*, 113:3, 380-417.

Casado Velarde, M. (1991): “Los operadores discursivos *es decir, esto es, o sea* y *a saber* en español actual: Valores de lengua y funciones textuales”, *Lingüística Española Actual*, 13:1, 87-116.

----- (1993): *Introducción a la gramática del texto del español*, Madrid, Arco/Libros.

Cortés Rodríguez, L. (1995): “Bibliografía: Marcadores del discurso (1)”, *Español Actual* 63, 63-82.

Fernández Bernárdez, C. (1997): “Análisis comparativo del *DRAE* y del *DUE*: las expresiones metalingüísticas con *decir*”, comunicación presentada en el *I Congreso Internacional da Sociedade Española de Historiografía Lingüística*, A Coruña (en prensa as actas).

Ferreiro, M. (1994): “Contribución á lexicografía histórica do galego: O Vocabulario de Payzal”, *Cadernos de Lingua*, 9, 55-88.

García-Page, M. (1991): «Locuciones adverbiales con palabras ‘idiomáticas’», *R.E.L.*, 21/2, 233-264.

González García, L. (1994): “Emilia Pardo Bazán, sociolingüista”. *IV Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos*. Oxford.

----- (1997): *El adverbio en español*. Universidade da Coruña.

López Taboada, C. e Mª R. Soto Arias (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega*. A Coruña, GaliNova.

Pérez Pascual, I. e C. Tato (1986): “O vocabulario de Leiras Pulpeiro (I)”, *Verba*, 13, 237-267.

Vázquez Veiga, N. (1995-96): “Los marcadores discursivos en las obras lexicográficas”, *Revista de Lexicografía*, 2, 133-149.

Os estudios fraseolóxicos na Universidade de Vigo: realidades e proxectos

XOSÉ MARÍA GÓMEZ CLEMENTE
Universidade de Vigo

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 277-282.
ISBN: 84-45321-67-6)

The not yet very numerous studies on phraseology at the *Universidade de Vigo* are determined by the degrees offered there, particularly that of Translation and Interpretation. Thus, some works on comparative phraseology (German, English, French, Portuguese // Galician (occasionally Spanish)) have started to be published in specialized journals and some dissertations have been elaborated, reflecting the worries of future Galician translators when examining in depth their knowledge of such an important part of the language. As for teaching, special attention has been paid to the study of Galician phraseology in the syllabuses of Galician language that are taught in Translation and Interpretation. For the future, there are projects to elaborate bilingual repertories (German/Galician) and works of a comparative kind. An attempt to describe the real knowledge Galician people have of Galician phraseology will be made. This research will be as exhaustive as possible in order to define the starting paremiological level.

Os aínda non moi numerosos estudios sobre fraseoloxía na Universidade de Vigo están condicionados polas licenciaturas que nela se ofrecen, concretamente a de Traducción e Interpretación. Así, comezaron a publicarse algúns traballos sobre fraseoloxía comparada (alemán, inglés, francés, portugués // galego (puntualmente español)) en revistas especializadas e realizáronse proxectos de fin de carreira nos que se reflectiron as inquedanzas dos futuros traductores galegos á hora de afondaren os seus coñecementos nunha parte tan importante da lingua. No que atinxe á docencia, déuselle unha importancia especial ó estudio da fraseoloxía galega nos programas de lingua galega que se ensinan en Traducción e Interpretación. Para o futuro hai proxectos de elaboración de repertorios bilingües (alemán/galego), traballos de tipo comparativo e tentarase describi-lo coñecemento real que teñen os galegos da fraseoloxía da lingua nunha investigación que pretende se-lo máis exhaustiva posible para tentar definir un nivel limiar paremiolóxico.

Os estudios sobre fraseoloxía na Universidade de Vigo comezan a ter relevancia coa implantación das licenciaturas de Traducción e Intepretación, Filoloxía e Publicidade. Os novos retos que a formación de traductores, filólogos e publicistas lles presentou ós docentes das distintas licenciaturas fixo que se comezase a traballar en distintos campos da fraseoloxía, especialmente a contrastiva, e a considerar esencial o ensino desta parte tan importante da lingua para formar profesionais cun sólido coñecemento das linguas que manexan, especialmente a súa propia. Nesta curta intervención, tentarei debuxa-lo panorama dos traballos feitos e dos proxectos que se están a realizar na Universidade de Vigo. Incluirei tamén unha referencia ó labor docente que vimos realizando uns cantos profesores nos Departamentos de Traducción e Filoloxía Galega e tampouco esquecerei os traballos que os propios alumnos están a facer nos seus proxectos de fin de carreira. Se algún traballo, actividade ou proxecto queda sen nomear, pídolles por adiantado desculpas ós meus compañeiros e a vostedes.

Voume referir primeiro á docencia na Licenciatura de Traducción e Interpretación xa que estou convencido de que é un pouco o xermolo de tódolos traballos e proxectos que desenvolvemos en Vigo. Cando se implantou a licenciatura hai xa cinco anos, démonos conta de que formar traductores era un proceso bastante complexo: había que conseguir que tivesen un dominio amplo tanto das linguas das que traducen e ás que traducen coma das técnicas de traducción. O ensino da lingua materna debía contemplar non só a aprendizaxe da variedade estándar da lingua, dos distintos sociolectos, dos distintos rexistros funcionais da lingua, das técnicas de redacción de textos escritos, senón tamén dos recursos expresivos (léxicos, sintácticos e fraseolóxicos). Todo isto debía ser complementado co coñecemento da cultura propia do país e coa expresión lingüística desa individualidade cultural. Para isto fóronse deseñando uns programas que incluíron apartados específicos sobre fraseoloxía galega e sobre fraseoloxía comparada para complementa-los necesarios coñecementos sobre os criterios de corrección ortográfica e gramatical con outros que representan o nivel máis alto de coñecemento da lingua.

Nas materias de traducción inglés, alemán, francés, ruso // galego utilízase a fraseoloxía contrastiva como instrumento da fixación dos coñecementos da lingua de partida e chegada e para adestra-los alumnos na resolución dun dos problemas máis difíciles en traducción: a tarefa de atopar equivalencias das unidades fraseolóxicas. Como se poderá entender doadamente, un dos principais problemas que se lle presenta ó profesor de traducción é o de conseguir que os traductores identifiquen as unidades fraseolóxicas no texto da lingua de partida, unha destreza que lles pertence case exclusivamente ós falantes nativos, e que, se non se chega a dominar, producirá traduccións literais que desvirtúan completamente o texto na lingua de chegada.

Na materia de Lingua Galega II dedícase un cuadrimestre ó ensino das locucións e dos refráns galegos. Téntase que os alumnos reciban unha visión xeral sobre a fraseoloxía galega e que se decaten da importancia que ten para a súa formación como traductores e para arrequenta-la súa competencia lingüística como falantes nativos. Non é tarefa fácil ensinar fraseoloxía e o deseño das aplicacións didácticas está aínda comezando a desenvolverse. Non debemos esquecer aquí os traballos de Carme López Taboada e María do Rosario Soto Arias (*Do falar e do escribir* e *Así falan os galegos: manual de fraseoloxía galega*) que presentan propostas didácticas de indubidable interese. O que

semella que está claro é que a repetición de listados, clasificados con maior ou menor acerto con criterios formais ou semánticos, non ten senso. Débese, pois, traballar cunha metodoloxía específica, orientada a alumnos universitarios, na que se presenten as unidades fraseolóxicas nos seus contextos reais de uso, ás veces labor pouco menos que imposible, e que se analicen polo miúdo as características formais destas unidades, que se discutan distintos criterios de clasificación, que se salienten as súas posibilidades de integrarse no discurso fronte a unidades léxicas simples, que se presente o problema da definición dos rexistros funcionais nestas unidades, que se avalíe o grao de interferencia da fraseoloxía castelá na galega (interesantes os traballos de Ferro Ruibal e Graña Núñez) e que, en definitiva, se faga entender que este apartado da lingua non constitúe unha especie de reducto reservado a variedades orais da lingua e a variedades históricas sen productividade.

Na Licenciatura de Publicidade e Relacións públicas comezouse a traballar con locucións na materia de *Redacción publicitaria en galego* e tentouse facerlles ver ós alumnos as posibilidades que teñen as unidades fraseolóxicas para a creación de lemas e as capacidades expresivas dos procesos de desautomatización.

Froito desta actividade docente xorden os primeiros traballos sobre fraseoloxía na Universidade de Vigo. Ademais dos traballos publicados, referireime tamén ós xa mencionados proxectos de fin de carreira.

1. Traballos publicados sobre fraseoloxía contrastiva (especialmente sobre as paremias).

Neste primeiro grupo inclúo os traballos sobre fraseoloxía contrastiva que teñen unha dobre funcionalidade: servir como apoio ó traductor que atopa neles propostas de traducción e explica-los procesos que levaron á adopción desas propostas.

A profesora Silvia Montero Küpper do Departamento de Traducción presentou na revista *Viceversa 2*, un traballo titulado "100 paremias alemanas e as súas correspondencias galegas". Neste estudio analízase a dificultade da traducción de paremias que, como son froito en moitos casos dunha determinada experiencia referida á estructura física, social e cultural dun determinado país, non van ter equivalencias directas na lingua á que se traduce, agás nos casos, claro, en que eses refráns se refiran a ideas universais. Os criterios utilizados para presenta-las equivalencias galegas refírense ós casos de identidade, total ou parcial, da forma ou da imaxe ou ós de desemellanza evidente. Ó final, esta contribución convértese nunha axuda inapreciable que lle evitará ó traductor ter que facer unha dobre traducción a través das equivalencias españolas ou portuguesas.

A mesma intención, a de evitar recorrer a repertorios españois ou portugueses para traducir refráns ó galego, é a que anima o traballo de Alberte Álvarez Lugrís titulado "Repertorio de refráns inglés-galego" publicado en *Cadernos de lingua* 15 no que se presentan duascentas paremias inglesas cunha proposta de equivalencia ou equivalencias en galego. Este traballo vén precedido por unha interesante introducción na que tamén, tras salienta-las dificultades de traducir unhas unidades lingüísticas propias dunha

determinada comunidade, o autor afirma a existencia de equivalencias que moitas veces teñen significado común pero "anécdota diferente".

Nun traballo da miña autoría "Fraseoloxía galega e portuguesa: o verbo *andar* como núcleo de unidades fraseolóxicas", publicado na revista de traducción *Viceversa* 1, tentei facer un achegamento ós problemas que podía presenta-la traducción de unidades fraseolóxicas entre dúas linguas tan semellantes como o galego e o portugués. Tras analiza-las semellanzas e diferencias formais e semánticas entre locucións galegas e portuguesas, que me levan a afirmar que se albisca un grao de afastamento significativo entre as locucións galegas e portuguesas, maior incluso có que se pode atopar noutros aspectos da lingua, fago suxestións de traducción que poden servir de axuda para o traductor, baseándome nos criterios de semellanza formal, semántica e adecuación do rexistro, este último un aspecto difícil de solucionar sobre todo se nos fixamos na fraseoloxía galega.

2. Estudios sobre fraseoloxía galega.

Hai un segundo grupo de traballos que se afastan da perspectiva da traducción e que tentan mergullarse na fraseoloxía estrictamente galega. Neste senso, o traballo do profesor Anxo Fernández Ocampo "(Re)creación involuntaria, atribución e transmisión de paremias no ámbito rural" publicado en *Paremia* 6, dános interesantísima información sobre a xénese popular e os mecanismos de transmisión de certas frases proverbiais que circulan polo concello da Pontenova (Lugo). O estudio móstranos claramente a vitalidade da creación espontánea, mediante a reutilización de modelos anteriores, para crear novas expresións que teñen unha relevancia moi especial nunha zona xeográfica determinada.

Por último non quero deixar de facer referencia ó traballo de María Teresa Veiga Díaz, licenciada da 2ª promoción de Traducción e Interpretación, titulado "Pequena contribución á fraseoloxía galega" e publicado en *Cadernos de lingua*, onde recolle unha serie de unidades fraseolóxicas para comenta-lo seu significado, facer referencia a outras variantes localizadas noutros repertorios ou zonas xeográficas de Galicia e mesmo achegar algúns datos sobre equivalencias noutras linguas como o español e o francés.

3. Proxectos de fin de carreira.

Un apartado especial merece ser comentado: o da elaboración de traballos de fin de carreira na Licenciatura de Traducción e Interpretación que, dende a orientación traductolóxica, son testemuños do crecente interese que a fraseoloxía ten para os futuros licenciados e que poden constituírse en verdadeiros xermolos de futuras teses de doutoramento. Citareinos e farei algúns comentarios sobre eles:

Modismos e traducción (Unha achega para o estudio comparativo da fraseoloxía inglesa e galega, con breves notas referidas ó castelán e ó francés e prestando especial atención ós referentes culturais) de Silvia Carril Caldelas. Neste traballo fáiselle un repaso á fraseoloxía galega e inglesa, comentando os principais temas que nela aparecen, e, despois de facer referencia ás principais teorías sobre traducción de unidades

fraseolóxicas, preséntase un glosario inglés galego de propostas de traducción de locucións, clasificadas as entradas con criterios formais ("segundo a súa estructura sintáctica") e semánticos ("por campos temáticos"). É un traballo ben documentado e con propostas interesantes de traducción.

O campo semántico dos animais na fraseoloxía. Estudio comparativo (inglés, galego e español) de Elisa Gómez López. Neste traballo, dedicado exclusivamente á análise das locucións, faise un estudio comparativo entre a fraseoloxía inglesa, española e galega analizando a relevancia que teñen máis de 100 animais na creación de locucións. Chegouse á conclusión de que hai unha grande coincidencia entre o galego e o castelán no que atinxe á utilización dos mesmos animais nas locucións para as mesmas situacións, aínda que poida haber diferencias na frecuencia do uso e no rexistro. Co inglés o afastamento é meirande e en liñas xerais nótase que os animais non están asociados ós mesmos conceptos. Ademais neste traballo fanse propostas de traducción seguindo criterios formais, semánticos, de rexistro, de uso e da frecuencia dese uso, esenciais para poder propoñer unha equivalencia na lingua de chegada.

Influencia do mundo rural na creación do refraneiro galego, castelán e inglés: estudio comparativo de Larisa Santos Suárez. Neste traballo analízase a importancia que ten o mundo rural na creación de refráns en tres linguas diferentes, inglés, galego e español, e preséntanse equivalencias galegas e españolas de refráns ingleses seguindo criterios de identidade formal e semántica. Seleccionáronse campos semánticos correspondentes a conceptos de tipo xeral como a "amizade", "ambición", "aproveitamento", "castigo", etc. e escolléronse refráns que fixesen referencia dunha maneira directa ó mundo rural (apeiros, animais, froitos). Despois disto comparouse co que acontecía en español e inglés e chegouse á conclusión de que hai unha salientable diferencia entre linguas como o inglés e o galego para referirse ós mesmos contextos xerais utilizando elementos relacionados co mundo rural, se exceptuámo-los refráns que por teren unha orixe común, latina, son idénticos, ou parcialmente idénticos, nas tres linguas analizadas na elección dos elementos léxicos relevantes e nas imaxes utilizadas.

"O elemento galego no Vocabulario de refranes y frases proverbiales" de Gonzalo Correas de María Teresa Veiga Díaz. Traballo que analiza os refráns clasificados como "galegos" no Vocabulario de Correas, dende unha perspectiva diacrónica e comparada. Os testemuños de Correas, e o máis antigo do Comendador Hernán Núñez, son moi importantes para face-lo seguimento dalgunhas unidades fraseolóxicas galegas e tamén dan pé para que neste traballo aparezan algunhas notas para un estudio de tipo etimolóxico (pervivencia do refraneiro latino en varias linguas europeas: inglés, francés, español e alemán).

Agora, só me queda explicarlles qué se está a facer neste momento na Universidade de Vigo, os proxectos en curso, malia que estean nunha fase moi pouco desenvolvida e polo tanto a información que lles podo proporcionar é moi pouco precisa. A profesora Silvia Montero está comezando a traballar nun diccionario de expresións fixas alemán-galego, na liña de investigación iniciada no artigo que lles acabo de mencionar.

A tamén profesora de traducción inglés-galego Lourdes Lorenzo está redactando a súa tese de doutoramento na que analiza o problema da traducción das metáforas. Dedícalle

un capítulo ó problema da traducción das metáforas que aparecen nas paremias da lingua inglesa.

E, por último, referireime a un traballo polo que eu me comecei a interesar hai dous anos, coa axuda dos alumnos de 2º de Traducción e Intepretación: o de tentar avalia-los aspectos sociolingüísticos das unidades fraseolóxicas. Este traballo, aínda nunha fase moi pouco avanzada, xurdiu polo interese que me suscitaron os traballos feitos para o ruso, o inglés e o alemán (Grigorii. Permiakov, Isidor Levin, Willian Albig) na sociolingüística das paremias, recensionados amplamente por W. Mieder nun traballo titulado *Paremiological mimimum and cultural literacy* (*De proverbio* 1. *An Electronical Journal of International Proverb Studies*). Considero que é moi necesario conseguir avalia-lo coñecemento das unidades fraseolóxicas nunha mostra representativa dos galegos para chegar a enxergar cal pode ser ese mínimo fraseolóxico que ningún falante dunha lingua estranxeira pode esquecer, para gañar unha "competencia" cultural no seu proceso de aprendizaxe da lingua galega. No curso 96-97 deseñamos unha enquisa na que se solicitaban unha serie de datos (idade, sexo, lingua familiar, nivel de escolarización, lingua galega no ensino e lugar de procedencia) e na que en primeiro lugar se pedía que se identificasen unha serie de 30 locucións e 27 refráns recollidos para a ocasión en distintos lugares de Galicia; en segundo lugar, debían achegar unha serie de locucións e refráns distintos ós que se lles presentaron. Os primeiros resultados servíronnos para avalia-la pertinencia do método empregado, a definición da enquisa e o tipo de unidades que nela aparecían, así como para ter unha primeira visión sobre os refráns e locucións máis coñecidos, avalia-lo tipo ó que pertencían nunha clasificación ideolóxica e valora-la presencia e a interferencia da fraseoloxía castelá nos enquisados. No futuro, tentaremos perfecciona-la enquisa, habería que introducir preguntas sobre o uso, a percepción do rexistro, a actitude do falante sobre o emprego da fraseoloxía, e aumenta-lo número de entrevistados para ir obtendo datos máis significativos, sempre tendo en conta as dificultades metodolóxicas que presenta un traballo deste tipo e a limitación de recursos que temos na Universidade.

A fraseoloxía no ámbito non universitario

Mª ROSARIO SOTO ARIAS
Instituto Eusebio da Guarda. A Coruña

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 283-287.
ISBN: 84-45321-67-6)

This paper offers a full view of the phraseological studies in Galician language at a non-university level from the 19th century to the present day, highlighting the work carried out by teachers of primary and secondary school level. Secondly, this paper focuses on the elaboration of the book on Galician phraseology *Así falan os galegos*: criteria for the selection of material, as well as its arrangement; the importance of the interrelationship between the teacher and the pupils in the compilation of data, the didactic applications and, finally, the possibilities such work offers for the future.

Nesta conferencia, en primeiro lugar, trazarase unha visión global dos estudios de fraseoloxía da lingua galega no ámbito non universitario, dende o século XIX ata os nosos días, destacando o traballo dos mestres e profesores do ensino primario e secundario. En segundo lugar, centrarase na elaboración do libro de fraseoloxía galega *Así falan os galegos*: os criterios de selección do material, así como de organización do mesmo; a importancia da interrelación alumno/profesor na recollida de datos; as aplicacións didácticas e, en último lugar, as posibilidades que unha obra deste xénero ofrece cara ó futuro.

Empezaremos o tema cunha rápida visión da fraseoloxía galega no século dezanove (deixamos, polo tanto, á marxe repertorios paremiolóxicos do XVI, coma o do comendador Hernán Núñez, e os estudios lexicográficos de ilustrados como Sarmiento e Sobreira).

O primeiro en recoller sistematicamente frases feitas foi Manuel Leiras Pulpeiro; certamente, el cursou estudios universitarios —foi médico—, mais o seu amor pola lingua alimentouse e deu froitos fóra da universidade, de aí que o poidamos citar con todo dereito. Agrupa frases por un lado e proverbios por outro; daquelas recolle máis de 400, se contamos as que figuran dentro do seu vocabulario (Vid. a edición do mesmo de P. Pascual e Tato F.). O riquísimo material, que el doara xenerosamente á RAG,

circunscríbese á área mindoniense e conforme á opinión dos mentados editores foi usado en parte por autores posteriores como Carré.

Pero tamén achamos frases feitas dentro de vocabularios, gramáticas e diccionarios: como exemplos podemos citar a gramática de Mirás de 1864, na que aparecen unha ducia de frases feitas, esta vez do bloque occidental, terra de Santiago, algunha das cales ten valor etnográfico (*vaite ó rollo do mercado*); ou o vocabulario que publicou Pensado no 95, *Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura al castellano*: unhas 40 frases, sen contar outras tantas expresións nominais denominativas, mais 31 refráns e apotegmas, recollidos polo anónimo autor (hai indicios, así e todo, que apuntan cara Eugenio Reguera y Pardiñas, gobernador civil de Lugo) de 1840 a 1858 por diversos lugares das catro provincias galegas.

No século XX, o coruñés Manuel Lugrís aparécesenos como prototipo de home sen estudios universitarios pero de inxente cultura, que integra na súa gramática de 1922 un cento de frases, algunhas de innegable beleza expresiva: *vivo coma unha charamusca, branco como o ampo da neve, máis forte ca unha noz ferreña.*

Leandro Carré tampouco realizou estudios universitarios, o cal non foi atranco para que fixese o primeiro diccionario galego-castelán deste século: nel integra, segundo unha estimación feita por nós, unhas 800 frases feitas.

Federico Zamora Mosquera é outro galego autodidacta; no seu libro *Refráns e ditos populares galegos*, editado en 1972, dun total estimado de 5000 entradas, 1000 corresponden a frases ou modismos.

Francisco Lanza Álvarez, que fora membro do SEG, colaborador de Nós, é o autor de *Falan os de Ribadeo* (publicado precisamente en Nós no 1933), onde se recollen case trescentas frases.

Pero a grande achega sistemática desta primeira metade do século á fraseoloxía é a do mestre de escola e poeta mindoniense Antonio Noriega Varela: *Como falan os brañegos*, de 1928, bo espello da fala das montañas lucenses de Mondoñedo e Abadín. Conta con máis de mil exemplos de locucións ordenadas alfabeticamente, ás que se poden engadir os 68 'circunloquios' da segunda entrega para o xornal *Vallibria* en 1930, reeditados por Armando Requeijo no 1993.

Igualmente substancial é o traballo de Eladio Rodríguez, o autor do diccionario en tres volumes ó que dedicou toda a súa vida de funcionario: unha estimación polo baixo dinos que nel hai máis de 15.000 frases feitas, sen contar os refráns.

Na segunda metade do século é obrigatorio mentar aqueles diccionarios ricos en frases feitas: o do P. J. Santiago Crespo, o de Alonso Estravís, o *Diccionario Xerais Castelán-Galego de usos, frases e sinónimos*..., como tamén é de lei salientar o traballo realizado en seccións fixas da revista *Irimia* a partir da década dos 80, da man de X. Chao Rego e X. Ferro Ruibal.

E chegamos á nosa década: en 1992 Paco Rivas reúne, agrupándoas en campos nocionais, unhas 150 entradas en *Expresións e ditos populares da área mindoniense*; en

1993, en *Vacilacións, interferencias e outros 'pecados' da lingua galega*, Graña Núñez inclúe un interesante capítulo no que corrixindo —tipo Appendix Probi— castelanismos fraseolóxicos, vén manexando un par de centos de frases; no 94 Armando Requeixo volve darnos unha mostra da fertilidade mindoniense seleccionando 167 expresións inéditas na súa maioría; en 1995 López Taboada, en *Do falar e do escribir* organiza máis de mil expresións idiomáticas por temas que permiten un traballo rico pedagoxicamente; nese ano, ela mesma mais unha servidora elaboramos *Así falan os galegos*, onde damos cabida a máis de 5000 exemplos, contando as variantes.

Chegados a este punto, fixémonos que entre a xente nomeada hai moitos profesionais do ensino non universitario.

Noriega e Paco Rivas, ós que podemos axuntar o traballo de Adela Leiro (cerca dun cento de ditos populares recollidos en Cambados, sen contar os refráns, integrado todo nun libro etnograficamente moi valioso) son mestres de primaria; Chao Rego, Ferro Ruibal, Graña Núñez, Armando Requeijo, López Taboada, Henrique Harguindey (quen nos proporcionou desinteresadamente un listado de 1000 frases tomadas de distintas referencias bibliográficas que pensamos incorporar nunha segunda edición, se é o caso), e eu mesma, somos profesores de secundaria.

E se facemos fincapé neste dato non é por mero afán reivindicativo corporativista, senón porque a colaboración entre nós e a universidade é boa para o sistema, e axuda a evitar o 'endeusamento' duns e o estancamento doutros.

Verbo de *Así falan os galegos*, a idea partiu de Carme L. Taboada. Ela é a alma mater do proxecto: consciente de haber aí un tesouro a piques de desaparecer, literalmente arrastroume e fíxome entrar de cheo nun mundo que en boa medida me era alleo. Sen embargo, ese mesmo factor, o engado do marabilloso descoñecido, converteuse en poderosa motivación, e con ese poder atraemos os alumnos. A eles tamén lles resulta gustoso e relativamente doado escarvar na memoria dos pais e dos avós e axiña nos encontramos cun corpus que se podía prolongar indefinidamente. Limitámonos a unhas 5000 frases a priori por cuestións de espacio e de 'manexabilidade' física do libro. Os criterios de selección foron, dunha banda a intuición de falante nativo e a intuición da filóloga que nos di cales frases son populares ou están construídas conforme un patrón popular; doutra, a beleza, a innegable eufonía de moitos enunciados.

Con respecto ás fontes bibliográficas tamén tiñan que ser por forza limitadas: eliximos uns cantos títulos amados, favoritos pola linguaxe fiel ó pobo ou polo seu variado léxico.

En caso de forte dúbida, cando non tiñamos claro se unha frase era popular, fixada polo uso no tempo e no espacio, ou se pola contra, era de creación do autor —tipo *tes a alma espiñada por un mozo* de Castelao—, entón por vía de regra abstiñámonos de integrala.

Pero tampouco nunca nos deixamos vencer polo medo a filtrar un idiolectismo ou dous (podiamos citar o caso de *correr como un riguilete*: eu só llo oíra á miña avoa valdeorrense; logo sancionámolo como bo ó ler en Lanza *listo como un riguilete*): en principio procuras contrastar os datos, mais ó cabo tamén pensas que a linguaxe humana é interacción entre o grupo e o individuo; un idiolectismo non sería, xa que logo, un

pecado mortal, sobre todo nun proceso coma o noso de aínda non normalización, de recuperación e reconstrucción dun estado de lingua unitario. Para nós primou máis o que podiamos chamar un criterio de xenerosa integración que un criterio puramente científico.

Ás veces suscitábase a cuestión ¿e estas fermosísimas expresións se cadra esquecidas xa, arcaicas, da lingua de López Ferreiro, por exemplo, desbotarémolas? Non tal. Que volvan ser oídas, que este labor axude a proxectalas a unha nova vida.

O grao de aplicación didáctica dun libro como este é altísimo: tanto desde o punto de vista literario (ver como as metáforas, imaxes, metonimias... interveñen na formación das frases), como etnográfico ou etnolingüístico (sermos conscientes da nosa idiosincrasia como país: nas frases inzan os carballos e castiñeiros, e tamén os exemplos construídos sobre a chuvia...), sociolóxico (a mentalidade conservadora, o sexismo, vellos mitos e supersticións relocen claramente), morfolóxico (a sufixación, os elementos máis productivos), léxico ou semántico (arcaísmos, léxico conservado nas frases mais xa non productivo; o proceso de lexicalización mesmo, básico para xerar grupos fraseolóxicos), etc., etc.

¿E cara ó futuro? As posibilidades que fican abertas son moitas: por exemplo, da orixe das frases: hainas que verosimilmente teñen a orixe nos mitos ou no folclore —*O das zapatillas*, *canta-las do barqueiro a un*—, e este é un aspecto moi seductor no que incidir; tamén sería útil un diccionario fraseolóxico bilingüe... En fin, o señor Ferro sabe disto mellor ca nós. Moitas gracias pola atención prestada.

Referencias bibliográficas

Carré Alvarellos, L. (1982): *Diccionario galego-castelán*, Barcelona, 7ª ed.

Graña Núñez, X. (1993): *Vacilacións, interferencias e outros 'pecados' da lingua galega*, Vigo, Ir Indo.

Lanza Álvarez, F. (1933) "Falan os de Ribadeo", en *Nós*, 114, 116, 118 (reeditado co mesmo título en ed. do Castro, Sada, Coruña, 1974).

Leiras Pulpeiro, M. (1970): *Obra completa* (estudio crítico de X. L. Franco Grande), Vigo, Galaxia.

Leiro Lois, A. (coord.) (1986): *Cambados: a tradición oral*, Cambados, Salnés.

López Taboada, C. (1995): *Do falar e do escribir*, A Coruña, Fontel.

——— e Soto Arias, Mª R. (1995): *Así falan os galegos*, A Coruña, Galinova.

Lugrís Freire, M. (1922): *Gramática do idioma galego*, A Coruña, Imprenta de Zincke hermanos.

Mirás, F. (1978): *Gramática*, Madrid, Akal (ed. facsímil da de 1864).

Noriega Varela, A. (1928): *Como falan os brañegos*, A Coruña, Nós, 1928.

Pensado, X. L. (1995): “Traducción de algunas voces, frases y locucións gallegas, especialmente de agricultura, al castellano”, *Cadernos de lingua*, anexo 2.

Pérez Pascual, I. e Tato García, C. (1986): “O vocabulario de Leiras Pulpeiro (I)”, *Verba*, 13, 237-267.

Requeijo, A. (1993): “A segunda serie de *Como falan os galegos* de Antonio Noriega Varela”, *Cadernos de lingua* 7, 93-98.

——— (1994): “Sobre fraseoloxía galega: algunhas mostras da área mindoniense”, *Cadernos de lingua* 9, 89-110.

Rivas, P. (1992): *Expresións e ditos populares da área mindoniense*, Diputación provincial de Lugo.

Zamora Mosquera, F. (1972): *Refráns e ditos populares galegos*, Vigo, Galaxia.

Diccionario de Fraseoloxía Galega.
Estado actual dos fondos e dos traballos

XESÚS FERRO RUIBAL
Centro Ramón Piñeiro

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 289-311.
ISBN: 84-45321-67-6)

In contrast to the already achieved phraseological products that have been analysed in this *Coloquio*, the *Diccionario de Fraseoloxía Galega* is still a project. Only its first part of corpus compilation has been elaborated. In this paper I will refer to the urgency of this project in the present process of the standardization of Galician; the steps followed in the creation of the Galician phraseological corpus; the present situation of reflection upon the establishment of the criteria for the creation of a Galician Phraseological Thesaurus and the diverse phraseological Dictionaries. Finally, several patterns of how to look up in the phraseological database (in its rudimentary present state) of the *Centro Ramón Piñeiro* will be shown.

Fronte ós productos fraseográficos xa acabados, que se analizaron neste Coloquio, o *Diccionario de Fraseoloxía Galega* é aínda un proxecto, que simplemente leva avanzada a súa primeira parte de construcción do Corpus. Neste relatorio detállase a urxencia deste proxecto no actual proceso de normalización da lingua galega; os pasos seguidos na creación do corpus fraseolóxico galego; o estado actual da reflexión para establece-los criterios para a creación dun Tesouro Fraseolóxico Galego e mailos diferentes Diccionarios fraseolóxicos. Finalmente ofrécense varias mostras de consulta da base de datos fraseolóxicos do Centro Ramón Piñeiro no seu rudimentario estado actual.

1. Necesidade dun *Diccionario de Fraseoloxía Galega* (DFG)

Sería levar auga ó mar e leña ó monte que eu me puxese a explica-la necesidade dun DFG nun encontro de expertos que levan anos dedicados á fraseoloxía e á fraseografía. Chegaría con dicirlles que aínda non temos un DFG. Pero, como aquí se falou dun grupo de linguas que —fóra o caso vasco e catalán— gozaron de tódolos privilexios, o caso concreto da lingua galega aporta matices que teñen algún interese, porque, se ben ela

viviu a vida normal de tódalas linguas europeas de cultura nos séculos XII-XV, a política privoulle o acceso á vida pública formal e escrita entre o XVI e a maior parte do XX, e só agora está saíndo dese túnel, e non limpa de feridas.

1.1. A asimetría das linguas

Aínda recoñecendo a existencia de *universais fraseolóxicos* —no senso no que os definiu Gloria Corpas no terceiro debate— e recoñecendo tamén a existencia dos *paneuropeísmos* —de que falaron J. Calzacorta, A. Zuluaga e a propia G. Corpas—, quérome reafirmar na miña convicción de que as linguas, que non son simétricas na gramática, tampouco o son no léxico, mesmo se son todas da familia indoeuropea. Para a miña idea, a fraseoloxía forma parte do núcleo da orixinalidade irrepetible dunha lingua. Noutro lugar (FERRO:1996,19-60) puxen exemplos nos que os fraseoloxismos galegos fotografan o hábitat, o clima, a paisaxe, a historia, as tradicións, o carácter dos galegos fronte ás mesmas características dos pobos estremeiros de Castela e Portugal e dei probas tamén de que, mesmo en Galicia, o repertorio fraseolóxico galego dinos se o falante é mariñeiro ou montañés, rural ou urbano. Mentres, para expresar indiferencia, os casteláns de clima seco din *¡Salga el sol por donde quiera!,* os galegos, de clima húmido, dicimos *¡Por min que chova!* Aquí mesmo se dixo que o que para nós é *perigo de morte* para os alemáns é *perigo de vida.* A pesar das múltiples semellanzas entre linguas indoeuropeas, en todas elas hai locucións polisémicas, como a galega *dar xeito*, que precisan media ducia de versións en calquera outra lingua, se queremos traducilas cabalmente; e hai veces nas que un mesmo fraseoloxismo existe en varias linguas (cast. *de suyo* e gal. *de seu*), pero as diferencias de uso en cada unha delas son evidentes.

1.2. A urxencia sociolingüística de axudas para a codificación

Se en tódalas linguas escritas hai unidades fraseolóxicas obsolescentes ou obsoletas, que provocan que un falante precise axuda para entendelas (decodificalas), calquera entende que esa necesidade será máis frecuente para producir textos con pureza lingüística (codificalas), se quen quere expresarse é un falante estranxeiro. F.J. Hausmann, poñéndose na pel dos falantes estranxeiros, facíanos caer na conta de que os diccionarios se consultan, máis do que parece, para codificar, para producir textos.

Visto así, é posible que algún de vostedes bote de conta que, como o galego é unha lingua que probablemente aínda non chega ós dous mil estudiantes estranxeiros[96], a urxencia das axudas á codificación será menor. Sen embargo, poñéndonos agora na pel dos galegos, podemos completa-la observación de F.J. Hausmann con outra de carácter sociolingüístico.

É certo que a lingua galega, natural de Galicia, mantívose historicamente no seu espacio natural e carece, por esa razón, dos problemas inherentes a toda expansión internacional (cubanismos opacos en España, quebequismos en Francia, angolanismos en Portugal). É certo, ademais, que Galicia é terra de emigrantes, non de inmigrantes, o que lle permite á lingua galega manter un grao de permeabilidade social altísimo (REAL ACADEMIA

[96] Polos cursos de galego para estranxeiros levan pasado uns 650 alumnos e o número de alumnos que o estudian en Universidades de fóra de Galicia debe se-lo dobre.

GALEGA) e que todo isto significa que, para os galegos, as necesidades de axudas á decodificación non son moitas. Mesmo é certo que catrocentos anos de uso case exclusivamente oral (s. XVI-XX), coma se fora un dialecto, tiveron a compensación dunha creatividade fraseolóxica importante. P. Hanks salientou no primeiro debate que "Intuitivamente sabemos que os dialectos rexionais son moi ricos en *idioms* fronte á lingua técnica, burocrática, científica, máis seria e austera"; e F.J. Hausmann tamén contou a excepcional vitalidade e calor do dialecto da súa infancia e insistiu en que na xente da rúa, na xente da aldea, na xente moitas veces considerada inculta, na linguaxe falada, non hai menos creatividade ca nos escritores. Si, a riqueza está na oralidade e a austeridade na lingua escrita; a lingua oral sabe a vida e a lingua oficial a papel escrito.
Todo iso é certo. Pero a lingua galega está vivindo dous fenómenos novos: a urbanización e a normalización.

1.2.1. A urxencia de evita-lo arraso fraseolóxico nunha lingua que se urbaniza

Os galegos somos un pobo rural e mariñeiro que só a mediados do século XX chegou a ter un 50% de poboación urbana (sendo Vigo a cidade meirande con 300.000 habitantes). Este medrío das cidades galegas foi case repentino e incontrolado, sen deixar espacios ó sol e á vexetación. Se o espacio rural e mariñeiro, polícromo, exuberante e amante, produciu unha lingua farturenta de metáforas, esta lingua agora debe aclimatarse nun medio no que a natureza, por estar secuestrada, deixa de ser un referente permanente. Iso marca a fala urbana. O vilego galego ten da natureza unha visión idealizada pola TV e así ama inxenuamente un lobo que nunca viu diante ceibo e menospreza insensatamente a choiva en calquera día do ano. A ruptura do fluxo natureza-lingua cadra coa irrupción na intimidade da vida doméstica das cadeas de TV, das que só unha pretende emitir integramente en galego. É certo que o rito vespertino dos contos de trasnos, meigas, animais e defuntos á beira do lume funcionalmente segue vivo no rito de ve-la televisión; pero tamén o é que as historias da TV son outras, que o universo estético, o carácter repetitivo e interactivo están tronzados e que ademais vehicúlanse maioritariamente noutra lingua. E isto afecta á transmisión fraseolóxica.
Isto explica que unha porcentaxe significativa de mocidade que xa non tivo a experiencia da aldea e que, en cambio, viviu a súa formación lingüística na experiencia substitutiva de horas de radio e televisión en castelán (a radio e a TV en galego só teñen dez anos), fala un galego moi próximo ó estándar, si, pero un galego case neutro e fraseoloxicamente pobre (cando non calcado da lingua hexemónica). Isto explica, mesmo, a tendencia a fuxir de toda palabra ou expresión que teña connotacións orais. Así nun discurso académico falarase de *filtro* e non de *peneira* e usarase o verbo *filtrar* e non *peneirar*, aínda sendo sinónimos, porque se pensa que a peneira nos traslada ó ambiente da cociña aldeá, de cando as nosas avoas peneiraban a fariña, para separaren o farelo e faceren un pan branco, e porque se bota de conta que o *filtro* non nos traslada a nada concreto ou, como moito, ó filtro da cafeteira da cociña urbana. E preferirase en calquera situación a palabra libresca *prevaricar* fronte á expresión máis descritiva pero non menos formal *camba-la vara da xustiza*, que calquera aldeán comprende porque *cambas* son as dúas pezas curvas, como dúas parénteses, da roda do carro.

Teño a impresión de que a fala galega urbana perde fraseoloxía (empeza a prolifera-lo inciso *como dicía meu pai, como dicía miña nai)*, aínda que non coñezo estudios que midan o fenómeno.

1.2.2. A urxencia de evita-lo arraso fraseolóxico nunha lingua que se normaliza

Pero hai máis. Cando o contacto de linguas é conflictivo, é dicir, cando unha lingua hexemónica intenta durante séculos afogar outra, monopolizando tódolos usos públicos e formais (como fixo o español co galego, o francés co bretón, o italiano co esloveno, o inglés co galés, o polaco co lituano ou o sueco co finés, por poñer só seis casos entre mil), ese contacto non é inocuo porque interrompe a osmose natural entre o oral e o escrito, entre o informal e o formal, entre o pobo creador e o escritor estandarizador[97]. É certo que tal agresión sempre provoca que as minorías reaccionen como anticorpos e, no caso galego, esa reacción empezou no século XVIII co P. Sarmiento e culmina hoxe co intenso debate social, político e científico e coas múltiples conquistas que viñeron coa autonomía política, esencial pero insuficientemente reparadora.

Agora que o galego en Galicia é tamén oficial a tódolos efectos, a democracia lingüística destapa graves feridas: cando os falantes da lingua asediada —obviamente instruídos na lingua hexemónica— recuperámo-lo uso público e formal da lingua asediada, encontrámonos cun déficit de fluidez e espontaneidade expresiva; encontrámonos, pese á nosa mellor vontade, nunha situación relativamente parecida á dos falantes estranxeiros: nalgunha medida somos estranxeiros na nosa propia lingua.

Aínda que isto afecta ó conxunto dos falantes, detéctase máis facilmente nos profesores, xornalistas, traductores de películas, políticos e xuristas que fan constantes preguntas verbo de cómo se di en galego tal expresión que teñen metida na cabeza noutra lingua; detéctase no contraste entre a alta calidade literaria dos escritores galegos novos (homologada polo mercado internacional da traducción) e a baixa calidade fraseolóxica da lingua que utilizan.

Isto explica que se impoña —volvendo ó ámbito xurídico— *dereito de asilo* e que quede como arcaísmo *igrexa fría.* Isto explica a preferencia por sinónimos fraseolóxicos, que saben a papel escrito e quizais son paneuropeos, en detrimento dos que teñen sabor a uso oral e vital. Póñolles algún caso máis: prefírese *por fas e por nefas* (aclimitación do latino *per fas et nefas)* en lugar de *a torto e a dereito*, que nun dos seus valores é sinónimo do anterior; prefírese *en sentido estricto* ou *en rigor* en lugar de *en lei dereita*; prefírese *avogado de oficio* en lugar de *avogado de pobres*; prefírese *denunciar a alguén* en lugar de *meter a alguén na xustiza*; prefírese *lei do talión* en lugar de *xustiza do carballo / de carballeira / de caldeireiro* ou *catalana.* Este mecanismo inconsciente deixa o espacio libre á importación masiva de léxico e fraseoloxía foránea, ignorando que nesas linguas non se fai semellante hiato entre formal e informal, entre rural e

---

[97] Sería interesante analizar, por exemplo, as cicatrices que ó inglés lle quedaron da época da dominación franconormanda de Inglaterra, coma que *pig* — o animal inmundo— sexa palabra xermánica de pura cepa porque os pobres que o criaban non deixaron de fala-lo inglés e a palabra *pork* —a rica carne— sexa palabra latino-francesa, porque os ricos que podían comela falaban o francés.

urbano [98]. Sería lamentable que a normalización arrasase a color e a calor da lingua que sempre falamos.

1.3. A urxencia social

Subscribo as felices palabras de Zuluaga, cando dixo que "Máis do que calquera outro, un diccionario fraseolóxico constitúe un testemuño directo da cultura correspondente; e, desde logo, a cultura popular e a campesiña constitúen o máis auténtico da identidade nacional". Porque en Galicia, coma na Roma etrusca ou helenística, na Inglaterra e na Finlandia do século XII, na Lituania do XV, no Portugal do século XVI e principios do XVII, e, se habemos crer ó Dr. Zhivago, no Moscova tsarista, foi o pobo baixo o que conservou a lingua nacional, mentres as elites se alienaban. Os aprendices de fraseólogos ós que o Goberno galego confía a elaboración do DFG somos fillos do rural —temporalmente alienados para podermos realizar estudios universitarios— que temos conciencia de que o noso traballo ten que ver co rexurdimento do noso pobo, que queremos aportar unha pinga á marea de recuperación social da nosa propia identidade.
Esta peculiar situación explica a peculiar urxencia para Galicia dun DFG e explica que mesmo poida ser máis urxente un diccionario de producción (para a codificación e o uso activo da lingua), do que un diccionario de comprensión (para a decodificación e o uso pasivo) aínda que se destine primordialmente a galegos; e explica que tódolos libros para o ensino da lingua galega, en calquera nivel, teñan xa unha sección de fraseoloxismos e o libro *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega* de López Taboada e Soto Arias presenta as locucións ordenadas semanticamente e cun importante repertorio didáctico. F.J. Hausmann dicía que era practicamente imposible un diccionario de locucións para a codificación e eu digo que, máis que sexa imposible, para nós é necesario; dalgunha maneira el recoñeceu que as necesidades actuais da lingua galega teñen un certo parecido coas do francés en Francia no século XVII, cando o absolutismo decidiu crear francófonos, e a Academia Francesa fixo un diccionario para a codificación. A diferencia é que a Academia traballaba indirectamente para o imperialismo lingüístico e nós traballamos para a democracia lingüística. Pero nós queremos mellora-la competencia dos galego-falantes e por iso temos que intentar facer un diccionario para o uso activo da lingua.

2. Construcción do Corpus Fraseolóxico Galego

2.1. Nacemento da base de datos

Non interesan a ninguén os pormenores de cómo eu fun construíndo unha base de datos fraseolóxicos que chegou ás 30.000 entradas e cómo, sen ser doutor, aparecín

[98] Noutras linguas non é así. Coma tal, no léxico culto latino había unha boa presa de palabras rurais ás que dotaban de polisemia para os asuntos científicos: *Delirare* era 'saír do rego *(lira)*', *exagerare* era 'saír do lindeiro *(agger)*', *calculus* é unha 'operación matemática que se facía con pedriñas *(calculi)*', *coniunx* é 'a que comparte o xugo *(cum + iugum)* matrimonial', *rivalis* é 'o que ten que comparti-la auga dun regueiro *(rivus)* para regar', e de aí os problemas, *egregius* é 'o que sae da grea *(ex-grege)*', *fiscus* é a 'cesta na que se levaban as moedas con que paga-los soldados', *vitium* era a 'excrecencia espiroide dunha vide coa que se enlea nunha árbore', e de aí a súa noción de 'algo non dereito'. E así seguido, porque os exemplos serían múltiples en calquera lingua de cultura.

incorporado ó Centro Ramón Piñeiro. Quero si confesar que foi a exuberancia fraseolóxica dos meus pais a que me iniciou neste tipo de coleccionismo; que foron Antón Santamarina e Ramón Piñeiro os que me convenceron de que era un proxecto importante para a recuperación e normalización da nosa lingua; e que a miña perspectiva variou cuantitativa e cualitativamente ó entrar neste Centro de Investigación.
Aquí o debate metodolóxico co resto dos investigadores fíxome ver que o proxectado DFG tiña que ter máis ambición do que eu pensaba, tiña que baleirar tódolos diccionarios existentes (non só algúns), tiña que amplia-la lista de elementos da tradición oral —refraneiros e cantigueiros— nos que puidesemos atopar insertas expresións fraseolóxicas, tiña que continua-lo traballo de campo e tiña que repasar teses e tesiñas que gardaban inédito o traballo de campo doutros investigadores. Todo isto apuntaba á constitución dun corpus moito maior, digno dun Centro de Investigación público, que a iniciativa privada era incapaz de afrontar.
A medida que aceptaba a introducción de material novo, que xa tiña localizado, batía con máis materiais de persoas que se anticiparan no traballo de campo e empezaba a senti-la sensación de todo fraseólogo, que tan ben describiu Ronald Mackin (Cowie, Mackin-McCaig , 1993:vii), de ver como o corpus medraba ata temer que resultase inmanexable. Pasado un ano, o Centro concedeume unha axudante de investigación e os dous anos seguintes trouxéronme cadansúa, de xeito que neste momento formámo-lo equipo catro persoas: eu e mais María Xesús Anido Silvosa, Carme Lamela Villaravid (que substituíu a Maribel González Rey) e Clara Viqueira Liñares.
A propia acumulación de material, en principio só idiomático, fíxonos caer na conta de que o fenómeno da fixación abarca máis combinacións cás idiomáticas. E empezamos a dar cabida tamén a todo tipo de locucións e enunciados fraseolóxicos e acabamos descubrindo a existencia das colocacións. Así se foi constituíndo unha base de datos heteroxénea que ten a día de hoxe 122.185 fichas que conteñen fundamentalmente locucións, enunciados fraseolóxicos (dos que Gloria Corpas chama *Fórmulas rutinarias*) e un número menor de colocacións. Ademais, na procura de contextos de plena fiabilidade construímos un ficheiro de 24.000 refráns e outro de 29.000 cantigas populares.

2.2. Procedencia dos nosos fondos

Como moitos dos profesores convidados me preguntaron insistentemente qué grao de vixencia ou de obsolescencia teñen os fraseoloxismos da nosa base de datos, debo aclarar que a lexicografía galega é case toda do século XX; e que a mellor fíxose no último tercio deste século no entorno do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago. Nunha lingua oral non hai expresións obsoletas: o que desaparece do uso nunca volve inquietar coa súa presencia. E, sendo o galego unha lingua obrigada a ser basicamente oral, nos nosos fondos non hai, coma noutras linguas, grande perigo de incluír expresións obsoletas. Caso á parte é o que poidamos extraer da obra inxente do P. Sarmiento, do P. Sobreira, do Cura de Fruíme (s. XVIII), de Saco y Arce (s. XIX) ou o que puidermos extraer algún día do uso na prosa e na poesía medieval.
A fonte que nos deu un maior volume de datos (10% do total) foi o *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez González (12.592), que

manexou intensamente fondos propios e fondos da Real Academia Galega[99]. É unha fonte importante, que aproveitaron, por certo, tódolos diccionarios xerais posteriores pero que tamén aproveitara diversas recompilacións anteriores. Sen embargo, é unha fonte que cómpre utilizar con tino, porque define co DRAE na man e un falante nativo ten ás veces a sensación de que introduce UFs calcadas innecesariamente de fraseoloxismos casteláns.

Segue en orde numérica o repaso exhaustivo que fixemos dun conxunto de teses e tesiñas que se gardan no arquivo do Instituto da Lingua Galega (9.744) (RODRÍGUEZ GONZÁLEZ), algunha das cales xa refundira Constantino García González no seu *Glosario de Voces Galegas de Hoxe,* que deu 2106 fichas, e que recollen ducias de enquisas sobre o galego oral actual. Seguen as 8015 fichas procedentes de anos de traballo de campo feito por min (e aínda non todo incorporado) e as 7491, recolleitas e ordenadas por Carme López Taboada en *Do falar e do escribir* e por esta autora e Rosario Soto Arias en *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega* (dos que se acaba de falar aquí e que, se ben refunden materiais xa antes publicados, incorporan tamén moito material de recolleita das autoras). 4505 fichas proporcionounas o *Diccionario Xerais da Lingua* (o *Diccionario Xerais Castelán-Galego de usos, frases e sinónimos* só ofreceu 487 e o *Diccionario Xerais de Sinónimos* ofrece 3246, en boa parte repetidas nos anteriores). Os *Xerais* significan un expurgo do Eladio Rodríguez e incorporan tamén datos procedentes da recolleita dos propios lexicógrafos. 4126 proporcionaron os catro tomos da *Nueva Contribución a un vocabulario Castellano-Gallego* do P. Crespo. 2710 deunas o *Vocabulario do Concello de Paradela* de Manuel R. Pallares López.

1865 fichas proceden do *Diccionario Galego-Castelán* de Franco Grande. 1736 proceden dos traballos lexicográficos e etnolingüísticos de E. Rivas Quintas (*Frampas, Frampas II* e *Lingua Galega. Historia e fenomenoloxía).* 1599 dun traballo de recolleita etnolingüístico, aínda inédito, realizado na Gudiña e no Bierzo galego-falante por Xosé Rodríguez Cruz, militar coma Vicente L. Llópiz Méndez (que nos legou un xigantesco *Refraneiro galego,* tamén inédito, de máis de 40.000 refráns glosados e no que hai uns apéndices con centos de locucións). 1488 proceden das *Papeletas de un Diccionario gallego* de Fr. Juan Sobreira. 1468, do *Diccionario Galego* de Irindo. 1442 fichas de ditos extraídos de *El eufemismo en Galicia* de Emilio Montero. 1153 fichas de ditos recollidos nun traballo de campo realizado en Cospeito e outros lugares de Galicia. 1075 fichas de ditos procedentes do *Diccionario da lingua galega* da RAG e do ILG. 1038 fichas de ditos dun traballo de campo, principalmente, en Antas de Ulla, e outros ditos extraídos do libro *Lingua galega 2 B.U.P.* da editorial Xerais. 1054 fichas de ditos de *Refráns e Ditos Populares Galegos* de F. Zamora Mosquera.

Pero non podemos minusvalora-los traballos que non acadan a cifra de 1000 fraseoloxismos, porque por debaixo están a maior parte das nosas fontes e algunhas das máis fiables recadádivas, como aquela de A. Noriega Varela que baixo o exacto título de *Como falan os brañegos* ofrécenos 932; a xa mentada colección de Llópiz (802), as 750

[99] Non nos pode esquecer que o Diccionario de Eladio Rodríguez foi un diccionario de moito alento, que quixo ser normalizador incorporando gran cantidade de materiais á lingua galega, e que non está publicado íntegro: na Biblioteca Penzol consérvase unha parte do manuscrito no que se evidencia a gran cantidade de tecnicismos e mesmo de refráns que unha man riscou para facer viable naqueles anos a edición dunha obra tan voluminosa.

do *Vocabulario das Irmandades da Fala*, as 475 de *El idioma galllego, su antigüedad y vida* de Antonio de la Iglesia, as 349 de *Falan os de Ribadeo* de Francisco Lanza; e as 314 da obra lexicográfica de Leiras Pulpeiro. Do valor destas pequenas coleccións que mencionei dá fe o feito de que, por exemplo, a colección de Noriega de 1928 aparece recollida en case tódolos diccionarios posteriores.
Pero, pese ó seu aparente volume, a base de datos fraseolóxicos do CIRP é aínda unha base de datos moi modesta, e de feito, temos aínda cinco caixas con material xa recollido que esperamos introducir inmediatamente.

2.3. Pescuda de contextos

Un 24% das nosas fichas teñen un contexto, que conseguimos co método tradicional de ler textos, marca-los fraseoloxismos e fichalos no seu contexto (coido que é iso o que M. Kótova denominou *método de extracción total de usos)*. Pero ¿que textos escollemos para marcar? Pois primordialmente recadádivas de tradición oral (refraneiros, cantigueiros e libros de contos populares), porque o carácter popular e consabido deses textos garante a institucionalización dos fraseoloxismos. Pero en galego, coma en tódalas linguas, hai escritores que, independentemente da súa categoría literaria, usan unha lingua de especial enxebreza. Por iso repasamos tamén as obras de E. Labarta Pose, Castelao, A. Fole, M. García Barros, Laureano Prieto ou A. López Ferreiro.
Sen embargo, queremos matizar algo. Noutras linguas, como o francés e o inglés, que dispoñen de córpora extensos de textos literarios debidamente informatizados, poden doadamente elaborar diccionarios con citas de escritores célebres. E eu atrévome a pensar que esa erudición non é imprescindible para nós, porque o feito de que *Liste noire* apareza no Robert contextualizado nunha cita de Stendhal ou que *À se lécher les doigts* apareza nunha de Zola, non engade valor ningún ó que tería ese fraseoloxismo se for recollido na rúa ou nun bar: só demostra que Zola e Stendhal coñecían a lingua oral e que o fraseógrafo é un erudito. Quen dá carácter de locución a eses sintagmas non son Zola e Stendhal, senón o pobo. Esa é a razón pola que nós preferimos dirixi-la nosa atención máis ós elementos da tradición oral —refráns, cantigas e contos populares— que, por seren populares e correren de boca en boca, garanten a fixación do fraseoloxismo.
Nese sentido atopamos 2962 expresións contextualizadas nos sete tomos do *Cancioneiro Popular Gallego* de Schubarth - Santamarina; 2980 (405/ 1786 / 789) nos tres tomos de cantigas do *Cancioneiro Popular Gallego* de Pérez Ballesteros; 1351 no *Cancioneiro Popular da Limia Baixa* de Xaquín Lorenzo. E 1119 escolmámolas dos textos recollidos por R. Carballo Calero en *Prosa Galega 1*; 1115 recollémolas dos *Contos* de Enrique Labarta Pose; 939 nos *Contos populares* recollidos por Jorge Ventín Durán; 1457 das conversas reproducidas nos libros de antropoloxía *A morte, Romeiros do Alén, Mulleres de mortos, Espiritados* e *Crítica da razón galega* de Marcial Gondar; e centos delas na revista *O Tío Marcos da Portela (1ª época)*.
Zuluaga advírtenos que un bo DFG debera ofrecer exemplos de uso interesantes, non meras frases triviais, construídas *ad hoc*, polo lexicógrafo mesmo. De momento tódolos exemplos que temos están recollidos da fala, de relatos orais ou de cantigas populares. Pero, sendo nós falantes nativos, a maior parte das UFs do noso corpus sonnos propias e consabidas,

e por esa razón tamén nos consideramos con capacidade para crearmos contextos auténticos, aínda que nunca o fariamos con aquelas que ningunha persoa do equipo tiver como propia.

3. ¿Que DFG queremos?

Dende os primeiros contactos cos fraseólogos e fraseógrafos que deron as súas conferencias neste Coloquio confeseime aprendiz de fraseógrafo. Aplícaseme *ad litteram* o que dixo a innata modestia do Dr. Nogueira Santos: "Non sempre os libros son resultado dun proxecto previamente delineado, nin obedecen a un esquema anticipadamente definido". A. Machado deixou dito que "se hace camino al andar" e Umberto Eco engadiu que a derradeira descuberta de quen fai unha tese de doutoramento é por onde tiña que empezar, para non perder tempo.

Seguindo coa sinceridade, debo dicir que de momento estamos na fase de construcción do corpus; que temos unha importante cantidade de material heteroxéneo nunha base de datos homoxénea; que a heteroxeneidade dos materiais acumulados conduciunos ó estudio da teoría fraseolóxica e a examinar con algún detalle os diccionarios fraseolóxicos que, noutras linguas existen no mercado; e que a enorme cantidade de dúbidas sobre como sistematizar este material heteroxéneo nun ou en varios diccionarios levounos a organizar este Coloquio. Precisamos luz.

De canto levamos aprendido impresióname a cantidade de productos fraseográficos existentes no mercado eslavo, fundamentalmente ruso, do que nos falou a Dra. Kótova. Realmente case todo o que a nós, principiantes, se nos presenta como interesante posibilidade, xa está experimentado e comprendo que os rusos teñan a sensación de que nós, polo menos os galegos, *estamos inventando as bicicletas*.

3.1. Obxectivos

É importante ter claro os obxectivos e un deles xa quedou dito (diccionario de producción), o que implica que, en parte, o noso modelo pode se-lo Cobuild inglés. Pero temos aínda sen resposta preguntas importantes.

3.1.1. ¿Un *Tesouro de Fraseoloxía Galega* (TFG)?

¿Non sería máis útil socialmente que un Centro coma o noso acometese o traballo de compila-lo *Tesouro de fraseoloxía galega,* do que posteriormente nós ou a iniciativa privada extraesémo-los diferentes diccionarios fraseolóxicos galegos? Unha lingua, como advertiu Maria Conca, precisa un Diccionario histórico de Fraseoloxía. Ora ben, esta opción implicaría tres cousas: descubri-lo caudal de colocacións (cousa pouco atendida entre nós); extraer da prosa e da poesía medieval (e dos escasos escritos dos séculos XVII e XVIII) o material fraseolóxico; e recolle-lo tesouro paremiolóxico.

Descubri-lo caudal de colocacións é un traballo para o que temos algúns materiais, pero que, en realidade, aínda está sen iniciar, porque a conciencia das colocacións en Galicia é aínda cousa minoritaria e recente, como direi en 3.3. O ordenador, como dixo P.

Hanks, aínda non pode dicir "Aquí hai unha Unidade Fraseolóxica"[100]. Pero quizais sexa posible deseñar algún programa informático que nos permita simplifica-las necesarias operacións de conmutación, permutación, inserción, eliminación e derivación para saber se estamos ou non ante unha expresión fixa, facendo de maneira automática as operacións que, p. ex., exemplificou F. Varela coa locución *de carne y hueso* e coa colocación *diametralmente opuesto*.

Extrae-las UFs da prosa e poesía medieval e dos que nós chamamos Séculos Escuros permitiría facer avanzar traballos paralelos, como o do Seminario de Terminoloxía da Academia, que neste momento está traballando na prosa xurídica, e enriquecería soberanamente o valor do noso Corpus; pero é traballo que está sen facer, xa que só temos aproveitado algo do XVIII (Sarmiento e Sobreira).

Reunir todo o material paremiolóxico, do que xa temos unha síntese ordenada ideoloxicamente (FERRO:1987) e unha base de datos que refunde pequenos refraneiros ata un total de 29.175, pero do que me consta que hai inéditos que a poden elevar ben por riba dos 70.000, é un traballo iniciado noutra institución na que teño o privilexio de estar presente, a Real Academia Galega, e para o que esperamos lograr financiamento.

Optar por un TFG ten de bo que nos dotaría dunha base de datos similar en importancia ás outras que está creando o Centro e os traballos posteriores terían un rigor homologable. Aparecerían non só as unidades das que os informantes din "Iso dicíao meu avó" (matizando se tal afirmación significa que iso el xa non o di), senón tamén, como dixo Zuluaga no segundo debate, aquelas que non se din, pero que son necesarias para entender certos textos, como aquel derradeiro e decisivo refrán do Quixote " En los nidos de antaño no hay pájaros hogaño". Optar por un TFG ten de malo que implica atrasar un ano e medio ou dous o inicio da redacción final do noso primeiro traballo, elevando o custo económico da investigación e da edición, o custo estratéxico (porque implicaría renunciar a atender xa certas urxencias) pero, sobre todo, o custo humano (é difícil comprometerse nun labor no que xa levamos tempo e ó que un desexa empezar a verlle o final).

Cómpre lembrar que os mellores córpora de que gozan outras linguas foron obra de varios decenios e, por veces, de varias xeracións de investigadores e que, se un Centro coma este non o fai, é previsible que ninguén o faga nunca en Galicia. É unha decisión que lle corresponde tomar ó consello científico do Centro Ramón Piñeiro. En calquera caso é un traballo que precisa máis xente cá que estamos neste proxecto (o ámbito das colocacións está bravo) e no que deben colaborar polo menos dúas institucións (Real Academia Galega e Centro Ramón Piñeiro) e mesmo sería moi bo que colaborase o ILG para as colocacións.

---

[100] Nós non usámolo método estatístico que nos permita ver palabras que tendan a iren xuntas, porque aínda non dispoñemos no CIRP de córpora extensos de 100 millóns de palabras como o *British National Corpus*. Pero non nos preocupa moito esta carencia, despois da relativización que do método estatístico fixo Hanks, advertindo que unha extensión de 10 millóns de palabras (tres ou catro anos de lectura dun ser humano non facendo case máis ca ler) pode levar a conclusións disparatadas (como é o caso de ver que *remove* combinaba con *from* e con *President*, porque os textos base eran xornais americanos na época en que se lle extirpaban pequenos tumores ó presidente Reagan). Un corpus revela cousas que xa se descubriran intuitivamente antes.

3.1.2. Un *Diccionario fraseolóxico do galego actual* (DFGA)

Fronte á alternativa de ofrecer unha riqueza macroestructural (incluíndo o maior número posible de UFs), está a de ofrecer unha riqueza microestructural (menor cantidade de UFs pero describindo tódalas súas características semánticas, formais, pragmáticas, variantes, variacións, modificacións, manipulacións, exemplos). A P. Hanks parécelle imposible facer un diccionario que indique tódalas restriccións e canta variabilidade hai, aínda que non haxa problema de espacio, tempo ou cartos.

Neste punto, como dixen, inclinámonos máis por un diccionario tipo Cobuild, que se dirixa a estudiantes *estranxeiros,* e sirva para aprende-lo uso dos fraseoloxismos dun xeito natural e correcto, máis ca por un diccionario tipo Cowie, dando unha clara definición e despois unha explicación etimolóxica: tampouco nós cremos moito na fiabilidade das etimoloxías fraseolóxicas nin na súa incidencia na comprensión e no uso.

Nese caso, teriamos que contextualiza-lo fraseoloxismo antes de explicalo e darlle moita importancia ó rexistro (se é formal ou informal, para que ningún posible usuario poida, por exemplo, darlle o pésame ó profesor porque a nai del *estirou a pata*). Teriamos tamén, como dixo M. Conca, que selecciona-las unidades que fosen máis comunicativas na lingua e tamén cualificalas cos seus valores pragmáticos.

Optar por redactar xa un DFGA ten de bo que lle acode á urxencia e que nos dá a satisfacción psicolóxica de vermos nas mans dos galegos o primeiro froito do noso traballo. Ten de malo ser víctima daquela mesma urxencia: se se empeza por publicar este diccionario posiblemente xa ninguén acometa nunca a elaboración do TFG.

3.2. Límites

O límite espacial é bo de decidir: o noso ámbito de recolla é o territorio galego considerado na súa extensión lingüística, non política. Por esa razón entra o material recollido en Galicia pero tamén na zona asturiana que fala galego (BABARRO:1993) ou o recollido no Bierzo galego-falante, entre outros, por Xosé Rodríguez Cruz (RODRÍGUEZ CRUZ). Portugal comparte con Galicia unha mesma orixe lingüística; sen embargo, un Diccionario de Fraseoloxía Portuguesa (xa non falo da fraseoloxía de Brasil, de Angola, de Mozambique ou doutras ex-colonias portuguesas) contén innúmeras expresións que en Galicia ninguén usa, que outras veces nin se comprenden, ou que teñen valores distintos (falsos amigos); supoño que no mundo lusófono pasaría igual cun DFG. Malia isto, temos feito a experiencia de darmos repertorios fraseolóxicos portugueses a persoas galegas de máis de setenta anos con capacidade para leren o portugués, e marcáronnos un 20% de fraseoloxismos como tamén galegos —ou galegos con algunha variación. Nese caso, incorporámolos á nosa base de datos con indicación da procedencia.

O límite temporal, en cambio, depende do obxectivo. Para un DFGA vale o noso corpus que procede, como dixen, da segunda metade do século XX, e que incorpora expresións actuais que xa se documentan en escritos do século XIX (Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Labarta Pose ou elencados en Gramáticas e Diccionarios). Tratamento á parte terán os fondos que recolleu o P. Sarmiento e o P. Sobreira no século XVIII, que, de

apareceren, levarían indicada a súa vixencia ou obsolescencia. Naturalmente este límite temporal debería variar substancialmente se o Centro optar por compilar un TFG aberto á escrita medieval.

O límite estructural está condicionado pola decisión futura de facer un TFG ou xa o DFGA. Foi moi interesante a descrición que F. Varela fixo das limitacións que se autoimpuxeron os autores do *Diccionario Fraseológico del Español Moderno*: espaciais (español europeo común, excluíndo falas, sociolectos e xergas profesionais) e temporais (non as do español antigo nin os neoloxismos de porvir inseguro). Nós, sen embargo, non somos puristas na admisión de datos por dúas razóns: unha, que, considerando que é unha ocasión excepcional para a recollida de material fraseolóxico a existencia deste Centro público de Investigación, e primando o interese social de recolle-lo máis posible para facer despois os diversos diccionarios fraseolóxicos galegos, aínda é posible que o Centro Ramón Piñeiro opte por un TFG; e outra, a necesidade de ferramentas diversas para codificar e decodificar que presenta unha lingua coma a nosa, secularmente represada no ámbito familiar e coloquial, agora no momento en que por fin se lle permite acceder a tódalas actividades da vida moderna.

Así se entende que deamos entrada no noso corpus ós fraseoloxismos ocasionais, é dicir, ós que non consta de forma fidedigna que sexan consabidos xa por toda a sociedade, que estean xa plenamente institucionalizados (como *Ter mal o disco duro* por 'esquecerlle a un o que ten que facer ou dicir'); incluímolos pero con expresa reserva, só para dar fe do seu nacemento na lingua actual. Pola mesma razón damos entrada a locucións obsolescentes (e algunha obsoleta), rexistrando esa peculiaridade temporal.

3.3. O problema das colocacións

En 1886 Antonio de la Iglesia nunha obra na que elencaba os que consideraba máis importantes textos da lingua galega, dende o medioevo a hoxe (IGLESIA:1886,227-233), reproduciu fraseoloxía galega recollida por Francisco de la Iglesia que, polo medio, insería colocacións como *Quentou o caldo, Ferbeu o leite, Rustreu o touciño; Botoull'a maldición /a frida d'ollo /o feitizo /o bafo /a fada /a mala sona; Arrecadou o gando; Recolleu as galiñas; Debullou o millo, Escabullou as fabas, Degrayou os chícharos* etc. Sen embargo, non tivo continuadores aquela intuición de que o que hoxe chamamos **colocacións** é imprescindible para falar unha lingua con propiedade. Se para o DFGA ou o TFG dispoñemos de moitos pequenos elencos de locucións e de enunciados fraseolóxicos, para as colocacións estamos case a cero, porque entre nós só moi recentemente empeza a haber conciencia de que, ademais das locucións e dos enunciados fraseolóxicos, hai moitas outras expresións non figuradas que tamén están fixadas na norma, que son así e non poden ser doutra maneira ningunha, e que tamén producen asimetría entre linguas. Deste xeito tamén nós pensabamos que o concepto de fraseoloxía esixía a fixación arbitraria e non motivada, excluíndo as expresións fixas motivadas *(ladra-lo can, maza-lo liño*), as combinacións regulares libres con elementos únicos, que Coseriu chamou **implicacións léxicas**, e mailas designacións compostas regulares *(salón de beleza, imposto sobre a renda).*

Agora, en cambio, estamos convencidos de que as colocacións son *conditio sine qua non* para falar unha lingua con pureza, de que un neofalante (ou falante estranxeiro) tropeza xa de entrada nas colocacións que non son simétricas coa súa lingua e tende a inventar combinacións que esta lingua non admite, de que a pureza do nivel estándar ou neutro esixe maior dominio das colocacións do mesmo xeito que a do nivel coloquial e do literario esixe especial habelencia para as locucións e mailos enunciados fraseolóxicos. Para unha lingua que se normaliza no ámbito formal un diccionario de colocacións é indispensable. G. Corpas e F.J. Hausmann convéncennos de considerar fraseolóxicas as colocacións e o propio A. Zuluaga citaba o traballo que está a facer Günther Haensch sobre o español de América.

Outra cousa é —e nisto confesamos non ter moita claridade— o caso das designacións compostas, que, de admitilas, abriría, como se dixo aquí, unha fenda na fraseoloxía pola que entraría toda a enxurrada de nomenclaturas e terminoloxías técnicas.

3.4. Destinatarios

En decidindo o obxectivo, temos que establecer a quén vai destinado. Noutra cousa non nos insistiron máis nestes días os conferenciantes. P. Hanks dicía que esta era a primeira pregunta: ¿Ímonos dirixir a principiantes, a estudiantes de nivel intermedio, a usuarios de nivel avanzado? ¿Ímonos dirixir a nativos ou a estranxeiros? ¿Vai ser un diccionario para uso activo ou pasivo? E A. Zuluaga dicía que a elección do destinatario implica adaptarse consecuentemente a el. Non pode te-lo mesmo carácter unha obra documental destinada a especialistas, investigadores ou a profesores (TFG), ca unha obra destinada ó público xeral, ós falantes de a pé (DFGA). Neste último caso, a presentación debe ser sinxela e amena, e o volume, alcanzable e de fácil manexo. Importan ata o tipo e o tamaño da letra, e a claridade dos signos e dos termos empregados.
Tamén isto dependerá da decisión do consello científico do Centro.

4. Exemplos de consultas á base de datos do *Diccionario de Fraseoloxía Galega*[101]

Centro e Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro"
Santiago de Compostela
setembro de 1997

4.1. Exemplo de consulta alfabética (*Rir-Risa)*

[101] Por razóns de espacio non desglosámo-las claves informáticas de localización de cada UF.

"***Rir a cachón***
As dúas máscaras batían o chamador da miña porta todos os domingos de antroido...Eles chamaban, entraban, bruaban o meu segredo, rían a cachón e logo fuxían deixándome alporizado de carraxe2. (RODCAS3O64).
Rir a cachón
(XERAIS2096).
Rir a gargalladas
"-Dígovos que aquela lancha necesitaba cinco ou seis motores. Eu só puiden meter dous. Ríronse a gargalladas". (RIVAS5024).
Rir a gargalladas
"Mini esquivou a bofetada do amigo, e boutou a rir a gargalladas". (RIVAS5115).
Rir a gargalladas
Rir sen parar e con estridencia. (XERAIS1455).
Rir a perna solta
Rir moitísimo e con gana. (RODGO3135).
Rir a *carcaxadas
"Carcaxadas" é un castelanismo por "gargalladas". "...unhas botas tan alegres que se rían a carcaxadas antre o material i as solas...". (LABAR1052).
Rir ás bandeiras despregadas
Rir moito. (LOPTA2135).
Rir ás bandeiras despregadas
Rir ás cachizas. (IRINDO3283).
Rir ás cachadas
Rir moito e forte. (LOPTA2135).
Rir as cachas
Fartarse de rir. (CRESPO4044).
Rir ás cachas
Escachar ar rir (s.v. Desternillarse). (44230).
Rir ás cachas
Rir moitísimo. (RODGO1424).
Rir ás cachas
Rebentar coa risa, rir a gargalladas. (CRESPO4074).
Rir ás cachas
Esmendrellarse de risa. (XERAIS3493).
Rir ás cachizas
Rir moito e forte. (LOPTA2135).
Rir ás cachizas
Rir moito. (XERAIS1152).
Rir ás cachizas
Chorar co riso. (IRINDO3283).
Rir ás chas
Escachar coa risa. (VALLA4).
Rir ás gargalladas
(XERAIS2096).
Rir ás gargalladas
(XERAIS2135).
Rir ás gargalladas
(XERAIS2453).
Rir ás tripas
Escachar ar rir (s.v. Desternillarse). (35107).
Rir ata mexar por un
Rir moito e forte. (LOPTA2135).
Rir co ventre
"E os veciños que acudiran ao espeutáculo taparónse as bocas riron cos ventres. A despedida da vella foi rolando e chegóu ao Casino e o 'deica logo Eleuterio' xa se convirtéu en motivo de risa". (RODCAS3O38).
Rir coas mans cabeiras *
rir con retranca ou burla. (GONLLU).
Rir coma un parvo
rir con inusual ou inxustificada frecuencia. (10600).
Rir coma un perdido /unha perdida
Cfr. port.: "Ri como uma perdida". (VARIA).
Rir como choran en Francia
Medio rir, medio chorar (dínllelo as nais ós cativos). (LOPTA2074).
Rir como tolos
Rir moito. "...o tempo pasamos, cal todol-o ven, rindo como tolos...". (TIOMA080777).
Rir como un descosido
(Rir) moito, desaforadamente. (LOPTA2135).
Rir como un perdido
Rir moito, desaforadamente. (GAS364).
Rir do mundo
(XERAIS2493).
Rir entre dentes
Dise dunha forma de rir que obedece máis á burla e ó sarcasmo cá alegría. (GAS364).
Rir nas barbas de alguén
"Uns rapaces...déron en rirseme n-as barbas con tan pouca crianza...que pranteille ó qu'estaba mais cerca un couce no traseiro...". (GARBA1146).
Rir para alguén
"Pensas que te quero moito/porque me río pra ti./Así Dios me favoreza,/me

estóu burlando de tí". (19601).
Rir para alguén.
sorrirlle a alguén. "¿E túa irmanciña xa ri pra ti?". (44012).
Rir para non chorar
Rir, mostrar alegría cando a situación esixiría todo o contrario. (GAS364).
Rir prosmeiro
"E ao decer isto o Mestre ríase por antre os dentes, con rir prosmeiro, mentres San Pedro rosmaba non sei que rosario que non cheiraba moito a santidade". (VENTIN1116).
Rir que se parte
(PERZBA2168).
Rir que se parte un
Partirse de risa. "Rirse que se parte un". (13201,076).
Ri que tumba.
ri moito. "Eu ría por ese camiño que ría que tumbaba". (44015).
Rirlle a un a gracia
Aplaudirlle ou celebrarlle con alborozo algún dito ou feito que, polo común, merece censura. (RODGO2419).
Rirlle as barbas a un
Estar contento por algo que saíu moi ben e facer esforzos por disimulalo. (43210).
Rirlle as gracias
(XERAIS2350).
Rirlle as gracias a alguén
Estar de acordo ou rirse de algo impropio. (33301).
Rirse ata os miolos
Rir moito. (18603).
Rirse da páxara parda
"Rise ... da páxara parda". (AI232).
Rirse da paxara parva
(40307).
Rirse de
Burlarse de. (27001).
Rirse de alguén
"Non se rían de min si lles digo que fun testigo dun documento firmado no cimo dun freixo, alá na terra de Amandi". (F1,06).
Rirse de cantos hai
"Coma 'n Ragoelle n-as hai /pasean por donde queren /e rinse de cantos hai". (SCHU4/2/410b).
Rirse de contos
"Rise ... de contos". (AI232).
Rirse de lerias
"Rise ... de lérias". (AI232).
Rirse do demo
"Rise ... do deño". (AI232).
Rirse dos demais
"Rise d'os demais". (AI232).
Rirse por entre os dentes
"E ao decer isto o Mestre ríase por antre os dentes, con rir prosmeiro, mentres San Pedro rosmaba non sei que rosario que non cheiraba moito a santidade". (VENTIN1116).
Ris ás cachizas
Escachar ar rir. (CRESPO1477).
Ris con ras
Apretadamente. "Pasei ris con ras". (43210).
Ris con ras cataplás
"Ris con ras cataplás /eu teño tres pirulís tris tras /a Costr' a mala Salleira /estaban contand'os cartos /apagóusell'o quinqué /quinientos cincuenta y cuatro /ris cun ras cataplás /eu teño tres pirulís tris tras". (SCHU4/2/985).
Risa de coello (cazado)
Risa falsa, finxida. "-Homes como vosté debían poñerse nun altar. (Aparte) ¡Debaixo de San Miguel! - ¡Que cousas tén este boticario! - escramou o señor Mingucho botando unha risiña de conexo cazado". (LABAR1076).
Risa de sacristán
(XERAIS2640).
Risa de xastre
(XERAIS2640).
Risa limpa
"...na faciana endexamáis se lle pousóu a risa limpa dos homes de ben. Era moi ruín o camanduleiro, e tiña tanta xente collida nos seus papeles que ademáis de noxo daba medo". (RODCAS4047).
Risa torta
"O enxeñeiro, con risa torta, achegaba a face á de D. Celidonio e berráballe". (RISCO3033).
Risada
Gargallada. (GAS364).
Risadas de alento cabruno
"Alí está ela...bailando agarrado a 'polka' a saltiños lixeiros e graciosos co Abelardo, ancho, torpe, semella borracho de contento e risadas de alento cabruno e estar a piques de se botar enriba dela en calquera momento...". (TORO031).
Risca-lo día
Amencer. (GARGO3164).

Risca-lo día
"Riscar o día". (RIVAS3213).
Risca-lo día
Amencer. (GARGO1093).
Risca-lo día
Amencer. (LOPTA66).
Risca-lo día
Amencer. (LOPTA2149).
Risca-lo día
Amencer. (XERAIS3493).
Risca-lo día
Clarear; amencer; amañecer; mencer; lumbrigar; clarexar; aclarar; alborecer; alborexar. (XERAIS2238).
Risca-lo día
Amencer; amañecer; alborexar. (XERAIS2611).
Risca-lo sol
Amencer. (GARGO3164).
Risca-lo sol
Amencer. (LOPTA2149).
Risca-lo sol
Amencer, raia-lo día. (XERAIS1803).
Risca-lo sol
"O día pillóuno en plea felicidade, cavilando na lámpada de Aladino, e ao riscar o sol Rañolas tivo que baixar a terra e pedir un cacho de pan na primeira porta, porque esgarecía coa fame". (RODCAS4072).
Risca-lo sol
Amencer; amañecer; alborexar. (XERAIS2611).
Risco da vella
Arco da vella. (42213).
Risco da vella
Arco da vella. (LOPTA18).
Risco da vella
V. Arco da vella. (XERAIS1078).
Risco da vella
Arco iris, arco da vella. (XERAIS1803).
Risco da vella
Arco iris. (XERAIS1933).
Risco da vella
Arco da vella, arco iris. (XERAIS3493).
Risco da vella
Arco iris. (XERAIS3561).
Risiña de coello
(XERAIS2640).
Risiña rachada
"E tiña unha risiña rachada pra os que acugulaban cos seus vodos a gran lata de aceite". (HERRE1221)

4.2. Exemplo de consulta diatópica (Cambados)

Aboia-lo seno ("Aboia o seno (cando se dan lances grandes, boa pesca)". (40610).
Anda-lo gañador na costa
"Anda o ganador na costa (cando alguén gasta de mais)". (40610).
Andar á gaivota
"(Aproveitar o que outros descubriron ou fixeron)". (40610).
Andar aboiado
"(Despistado)". (40610).
Andar ó raqueo
"(Conformarse con pouca pesca ou con pouca cousa)". (40610).
Apegarse (a algo/alguén) coma as lapas
1. Aferrarse firmemente a algo/alguén. 2. Andar sempre á beira doutra persoa ou para vivir á conta dela ou para un se sentir seguro. 3. Ser pesado, inoportuno. (40610).
Caer na gaiola
"Caeu na gaiola". (40610).
Caer no garamillo
"Caeu no garamillo". (40610).
Calarás arroás
"(Fala moito, boca grande...)". (40610).
Cambiar de color coma un polbo
"Cambear de color coma un pulpo". (40610).
Dar máis traballo que facerlle un pantalón a un polbo
"Dar mais traballo que facerlle un pantalón a un pulpo". (40610).
Darlle polo pau a alguén (40610).
Domearse coma unha cobra (40610).
Escurrirse coma unha anguía
(40610).
Estar cheo coma un centolo (40610).
Estar cheo coma unha nécora
(40610).
Estar na póla
estar despistado, en Babia. (40611).

Face-la trampa da nécora
"(Engañar, poñer unha trampa)". (40610).
Facer contas enriba da tilla
"Faime contas enriba da tilla (contas claras e rápidas)". (40610).
Falar coma un libro aberto
"Fala como un libro aberto". (40610).
Falar de A Toxa
"Fálame da Toxa (cambiar de tema)". (40610).
Falar de barcos
"Fálame de barcos (cambiar de conversación)". (40610).
Haber de acorda-la allada
"Hache de acorda-la allada". (40610).
Haber de ir ó mar da marola
"Has de ir ó mar da marola (aínda que poñas interés hache de costar traballo)". (40610).
Haber de picar
"Has de picar (esperar ocasión)". (40610).
Haber de vir á cala
"Has de vir á cala (esperar ocasión)". (40610).
I-lo aparello á hélice
"Ir o aparello á hélice (contratempo, algo que non se espera)". (40610).
Inchar coma un chopo
"Hinchar coma un chopo". (40610).
Ir voa-lo Beiró
"Vai voa-lo Beiró (mal tempo, do Sur, espérase que vai pasar algo gordo)". (40610).
Levar un bo polbo
"Levar un bo polvo (contratempo, non pescar)". (40610).
Levar un branco
"Levar un blanco (contratempo, non pescar)". (40610).
Levar un calote
"(Contratempo, non pescar)". (40610).
Levar un capote
"(Contratempo, non pescar)". (40610).
Máis vale que faga dano ca que se perda
"Cando cae o viño: "mais vale que faga daño ca que se perda". (40610).
Mala centola te coma (40610).
Meterse o arau na cala
"Meteuse o arau na cala (contratempo, ou cando alguén entra e desfai unha reunión)". (40610).
Non ve-la boia
"(Despistado)". (40610).
Non ve-la boia nin os toletes
"Non ver a boia nin os toletes (andar despistado)". (40610).
Pedi-lo difuntiño
"Os nenos acostumbran tamén a ir pedi-lo difuntiño e en cada casa danlle algo". (40610).
Poñerse encarnado coma un escacho (40610).
Presentar no rol a alguén
"Presentamos no rol (traer probas craras)". (40610).
Problemas á ponte
"Problemas ó puente (non molestes, arregla os problemas en outro lado)". (40610).
Roncar coma un sanmartiño (40610).
Se-lo peixe máis grande có barco
"O peixe é mais grande que o barco (moito pra un barco ou unha persoa)". (40610).
Ser bicho coma un allo (40610).
Ser bo peixe
"(Ser boa peza, bó elemento)". (40610).
Ser coma o vento de néboa
"(Inestable, que cambia de opinión)". (40610).
Ser coma os peixes de color
"(Fino, boa peza)". (40610).
Ser coma un felpudo
Suso: en Cambados chaman felpudo á centola da ría. (40610).
Ser coma un ourizo
1. Ser moi áspero, bravo. 2. Ser persoa intratable, de carácter insociable. (40610).
Ser coma un rañote (40610).
Ser máis atravesado que un xoves
"Eres mais atravesado que un xoves". (40610).
Ser máis lento que unha caracola
"Eres mais lento que unha caracola". (40610).
Ser máis vello que as Goritas
"(Goritas: cons que hai no mar)". (40610).
Ser mariñeiro de auga dulce (40610).
Ser peixe de cocer en branco
"(Fino e delicado)". (40610).
Ter bigote de camarón (40610).
Ter boca de lorcho (40610).
Ter boca de rabada (40610).
Ter labios de maragota (40610).
Ter rollo de varadero
"(Lingua de terra, cuento, falsas

noticias)". (40610).
Ter unha vista coma un mascato (40610).
Toma-lo folio cambiado
"(Confundir, toma-lo pelo)". (40610).
Tragar coma un corvo a unha solla
"Tragouno como un corvo a unha solla (un farol, unha mentira)". (40610).
Tumbarse coma unha dorniña polbeira
"Tumbarse coma unha dorniña polveira (cando unha moza da facilidades)". (40610).
Vir á gaivota
"(Aproveitar o que outros descubriron ou fixeron)". (40610).
¡Trompo na uña, escarabellote! dise ó conseguir algo. (40610).
¡Vai chorar a Cangas que pagan e mais danche unha roupa de augas!
Úsase para negar algo a quen pide inbsistentemente facendo mención dos méritos que o avalan ou da necesidade que ten. (40611).
****Bicho malo nunca morre*** (40610).
****Cada can lambe o seu*** (40610).
****Cando as ras críen pelos***
"Cando as rans críen pelos". (40610).
****Cando mexen as galiñas*** (40610).
****Cantas me comes***
"(¿Canto queres?)". (40610).
****Chopo non chopo, rede ó mar***
"(Intentar sempre aínda que se fracase)". (40610).
****Falando do rei de Roma, pola porta se asoma*** (40610).
****Fillo de lobo, lobiño*** (40610).
****Galiñas locas, polas miñocas*** (40610).
****Luns, o día dos zapateiros*** (40610).
****Moita lingüiña mariñeiriño***
"Moita lengüiña mariñeiriño". (40610).
****O meu can pillou unha lebre*** (40610).
****O meu can pillou unha lebre*** (40610).
****O que se pica allos come*** (40610).
****O que se pica allos mastica*** (40610).
****Para mariñeiros nós***
"Pra mariñeiros nos (presunción)". (40610).
****Xa cairás á man, deixa que xa, has de picar***
"(Esperar ocasión)". (40610).

4.3. Exemplo de consulta por unha palabra *(Outono /Noces)*

OUTONO

Á caída da folla
A mediados do outono. (R2364).
Calendario republicano
O instituído pola república francesa. Comeza no equinocio de outono e os seus meses constaban de trinta días cada un, con cinco ou seis días complementarios. (DRAG1377).
Cara á noitiña
"Era por unha tarde de outono, cara á noitiña". (F1,09).
Carrega-lo outono
"(os labregos), que estaban crabuñando as gadanas ou carregaban o outono nos carros". (F1,13).
Centeo de outono
Tipo de centeo. (CRESPO1299).
Desque pintan as uvas, connosco está o outono.
"Desque pintan as uvas, connosco está o outono". (R2099).
Estar todo sentiño no outono
"Tarde apacible, que gusto a melancolía daba a un tempo: Gusto, porque sentiño estaba todo". (VALLA1).
Estar todo sentiño no outono
"Tarde apacible, que gusto a melancolía daba a un tempo: Gusto, porque sentiño estaba todo". (VALLA1085).
Face-lo outono
"Facer o outono = Hacer la siembra de otoño". (LP409).
Face-lo outono
Sementa-lo trigo ou o centeo. (13201).
Herba carmín
Planta de raíz vivaz e flores rosáceas; abunda na rexión litoral e media de Galicia; florece no verán e parte do outono; o seu froito consiste nunhas uvas de cor escarlata. (R2437).
Herba dourada
Planta vivaz pertencente ós felgos.

Medra nos bosques, nos montes e nos sitios húmidos e sombríos. A súa maior louzanía é no outono. Emprégase nas bebidas aperitivas, béchicas e vulnerarias. As súas follas teñen un sabor lixeiramente áspero e algo (R2442).

Herba pulgueira

"Duraznillo", planta anual lampiña da familia das poligonáceas, que florece no verán e no outono, preferindo terreos frescos. (R2443).

Ir o sol no demo

Non lucir xa o sol, haber xa varios días que non loce e non haber perspectivas de recuperalo, estar xa no outono. (44200).

Liño frío

Variedade de liño, que se sementa no outono. (FRANCO589).

Millo da revoltiza

Millo da colleita do outono e que se dá xeralmente ó gando. (FRANCO752).

Millo serodio

O do outono, que madurece á entrada do inverno. (XERAIS601).

Millo tardeiro

O do outono, que madurece á entrada do inverno. (XERAIS601).

No outono da vida

Na vallez. (GAS299).

O' caer da folla

Ó fin do outono, preto do inverno. (R1435).

Pace-la outonía

Nunha linguaxe vulgar, facer desaparece-la herba dun prado que non se gardaba ben. "Pacela outonía". (R3065).

Pace-la outonía

"Pacinch'a outonía: Te quité la novia". (BR042).

Pace-la outonía

"Pacer a outonía = Quitarle a alguno su novia, o entenderse con ella a sus espaldas". (LP406).

Pacerlle a outonía a alguén

Deixalo sen noiva, roubarlla. (VARIA).

Pacinlle a outonía

Frase vulgar que equivale a roubarlle ou burlarlle a un a noiva. (Noriega Varela, R3065) (R3060).

Pola caída da folla

No outono. (R1433).

Primaveira de outono

Outono. (21204).

Primavera de outono

Outono. (23102).

NOCES

A rapañotas

En Ribadavia, a quen máis poida arrapañar ou coller, como se fai botando ós nenos noces a rapañotas (P. Sobreira). (DRAG1210).

Alá vai o burro coas noces

Botar a perder todo (Fondo de Vila). (ERQ10).

Andar a reboladas

Tira-la froita das árbores cun rebolo, especialmente as noces e as castañas. (R1165).

Andar a roliño

abundar. "Polo san Martiño andan as noces a roliño". (R3313).

Andar a roliño

"Polo San Martiño, andan as noces a roliño". (ZM201).

Chave das noces

Dise do amo ou as nunha profesión ou o que tén o poder de resolver unha cousa. (25213).

Darlle Deus noces a quen non ten dentes

Ser estraños e aparentemente inxustos os designios da providencia. "Dálle Dios noces a quen non ten dentes". (13702).

Facer un pan coma unhas noces

acabar en desastre unha acción, facer unha desfeita. "Fixo un pan coma unhas noces". Dise do que se fixo ou se proxectou e non resultou como se quería ou se esperaba. (R3076).

Facer un pan coma unhas noces

Facer unha falcatruada. (LOPTA2114).

Facer un pan como unhas noces

acabar en desastre unha acción, facer unha desfeita. "Fixo un pan coma unhas noces". Dise do que se fixo ou se proxectou e non resultou como se quería ou se esperaba. ().

Herba formigueira

Planta da familia das quenopodiáceas, que medra ata a altura de un pé, de sementes negras, redondas e diminutas, de olor aromático e de

gusto semellante ó da noz moscada. (R2442).
Leva-las noces e deixa-las voces
leva-lo proveito pero non a sona dun asunto. (33804).
Leva-las voces e deixa-las noces *
leva-la sona dun asunto pero non o proveito. (33804).
Máis forte que unha noz ferreña
moi forte. A noz ferreña é a desmedrada e moi dura de casca. (JIF).
Máis forte que unha noz ferreña
"Mais forte que unha noz ferreña". (LF114).
Máis forte que unha noz ferreña
moi duro. A noz ferreña é, sg. ERG, a desmedrada e moi dura de casa. Sg. LLópiz é a que aínda non madurou. (AI-IG).
Moito ruído e poucas noces
Dise do que na realidade non responde ó que prometía, e tamén do que non corresponde á súa resonancia. "Moito arruído e poucas noces". (R2638).
Nabo da boudaña
Noz en castelán. ().
Nó da gorxa
Noz da garganta. (XERAIS634).
Non se-la chave das noces
Dise dalguén que non está considerado como moi boa persoa. (21602).
Noz moscada
Froito dunha árbore da India, que serve de condimento. (XERAIS639).
Noz vómica
Froito dunha árbore de Oceanía, moi velenoso. (XERAIS639).
Saber a amores
saber moi ben. "Pan e noces saben a amores". (R3077).
Ser máis as voces cás noces
Aparentar unha cousa máis do que é, armar moito. (IF-V).
Ser máis as voces cás noces
Ser máis aparencia ca realidade. (VARIA).
Ser máis as voces que as noces
Ser menos do que se pensa. ().
Ser máis duro que unha noz ferreña
Dise do moi duro e do que a duras penas se dá por convencido. (R2141).
Ser máis o ruído que as noces
Aparentar unha cousa máis do que é, armar moito. "Como el tén o xenio algo apurado, non sei se haberá tanto como el pensa ou se será máis o ruido que as noces". (TB112).
Ser pequeniña coma o rabo dunha noz
"Anque vos son pequeniña/como o rabo de unha noz,/anque vos son pequeniña/quédome rindo de vós". (LB041).
Ser redonda coma unha noz
loc. pred. comp.: Ser persoa de corpo ancho e de escasa estatura. Ser moi gordo. "Eres alta coma un ovo,/redonda coma unha noz,/blanca coma o chiculate!". (LB075).
Son máis as voces cás noces
Dise cando as promesas superan con moito ós feitos. (GAS374).
Son máis as voces cás noces
Moitas palabras e poucos feitos. (XERAIS951).
Son máis as voces cás noces
Moitas palabras e poucos feitos. (XERAIS951).
Volve-las noces ó caravel
Volvelas ó seu lugar natural. Recompoñerse unha situación. (13635).
Volve-las noces ó cesto
Mudar de opinión. (LOPTA61).
Volve-las noces ó cesto
Mudar de opinión. (LOPTA2042).
¡Alá vai o burro coas noces!
(LOPTA67).
¡Alá vai o burro coas noces!
Aló se foi todo. (LOPTA2045).
¡Quen merca as noces!
Antigo pregón compostelán para ofrecer noces en venta. (17815).

4.4. Consulta contrastiva bilingüe

4.4.1. Alternativas galegas a *Cerrado a cal y canto*

Baixo sete chaves
Moi ben gardado e seguro. (DRAG2153).
Baixo sete chaves
(XERAIS2443).
Debaixo de sete chaves

O que esta segurísimo e tan gardado e escondido que se pensa que é imposible descubrilo. (RODGO1713).
Debaixo de sete chaves
Moi gardado e oculto, moi escondido. (RODGO2017).
Debaixo de sete chaves.
Ben gardado, ben pechado. (Común).
Fechado a sete chaves
As enormes caixas de confraría estaban chapeadas con ferro e provistas de sete pechaduras seguras e inviolables, para garda-lo diñeiro e outros valores. (CARVALHO12107).
Gardar baixo sete chaves
Gardar moito unha cousa. (RODGO2406).
Garda-lo diñeiro debaixo de sete chaves
Ser mesquiño, tacaño; non gasta-los cartos. (LOPTA25).
Garda-lo diñeiro debaixo de sete chaves
Gardalo moi gardado. (LOPTA2155)

4.4.2. Alternativas galegas a *¡Y así nos luce el pelo!*

A máis próxima e documentada na fala viva é ***¡E así nos vai!*** Debe de se-la máis natural. O tono irónico da expresión poida que estea tamén nestoutras expresións galegas:
¡Boa vai a danza!
Dise da diversión que ameaza con rematar mal ou traer malas consecuencias. (RODGO2012).
¡Estache boa a conta!
¡Está ben o negocio!, ¡calquera o amaña tal e como está de embarullado!, pode que traia malas consecuencias. (RODGO1616).
¡Estamos frescos!
Cando se fixo entre varios unha barrabasada que poder traer malas consecuencias. (RODGO2378).

Sen embargo velaí outras, todas deste século, nas que parece terse por galega a paralela do castelán.

¡Así botará el pelo!
Dise en ton de censura polo que vive sen método, xuízo ou discreción. (RODGO3123).
¡Así lle loce o pelo!
Aplícase ó que non ten medida nos gastos e dispendios que fai, investindo máis do que ten ou do que pode. (RODGO3123).
¡E así nos loce o pelo!
Non tes goberno ningún, i así nos luce o pelo. (LÓPEZ).
¡Vas botar boa pelamia!
¡Vas quitar boa pelamia!
¡Como non comas, rapaza, has botar/quitar unha boa pelamia! (Recollido en Antas de Ulla).

5. Bibliografía citada

BABARRO GONZÁLEZ, Xoán: *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística.* Universidade de Santiago de Compostela 1993. Inédito.

COWIE, A.P., MACKIN, R. & McCAIG, I.R., 1993: *Oxford Dictionary of English idioms. Oxford Dicitionary of current idiomatic English.* Volume 2. Oxford University Press.

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO: *Corpus Fraseolóxico Galego*, Santiago de Compostela, Inédito.

FERRO RUIBAL, Xesús: *Refraneiro galego básico*. Galaxia, Vigo 1987.

———: *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre.* Discurso lido na recepción pública do 4 de maio de 1996 por... e resposta de Don Carlos Casares Mouriño. Real Academia Galega. A Coruña 1996.

IGLESIA, Antonio de la: *El idioma gallego. Su antigüedad y vida.* Latorre y Martínez editores. La Coruña 1886.

REAL ACADEMIA GALEGA: *Lingua inicial e competencia liingüística en Galicia*. Dir. Guillermo Rojo. Real Academia Galega. Vigo 1994.

———: *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do II volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia.* Dirs. Guillermo Rojo e Manuel González. Real Academia Galega, Vigo 1995.

———: *Actitudes lingüísticas en Galicia. Compendio do III volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia.* Dir. Manuel González. Real Academia Galega, A Coruña 1996.

RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé: *Polos roteiros da fala da Gudiña. Estudio lexicográfico, fraseolóxico e de tradición oral.* A Gudiña 1997. Inédito.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio: *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* 3 tomos. Galaxia, Vigo 1958, 1960, 1961.

Quinto debate

M. KÓTOVA, A. NOGUEIRA E L. RUIZ
Modera X. Ferro

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 313-325.
ISBN: 84-45321-67-6)

MODERADOR

Iniciámo-lo último coloquio. Na mesa témo-lo doutor Nogueira Santos, de Portugal, a profesora Marina Kótova, de San Petersburgo e o enxeñeiro Leonel Ruiz Miyares de Santiago de Cuba. As preguntas poden ser dirixidas a calquera dos tres ou a calquera dos participantes na mesa anterior. No caso de que as dirixan á profesora Marina Kótova, Ekaterina Lossik traducirá ó ruso e do ruso ó galego.

J. GUIA

A cuestión que quería presentar é referente ó tema da autenticidade ou enxebreza das expresións idiomáticas, dos fraseoloxismos no momento de decidirse a incorporalos nun diccionario. Por exemplo, hai un momento o profesor Xesús Ferro observou como a algúns fraseoloxismos, en concreto os que poden ser comúns co portugués, sométeos a unha proba, a un filtro de determinadas persoas, un filtro imperfecto, como tódolos filtros, pero, en fin, indicativo para sinalar cales consideran como propios. Creo que é unha maneira de filtrar que tamén se tería que aplicar ós propios fraseoloxismos recollidos doutras fontes galegas, incluso de escritores galegos contemporáneos, porque incluso na folla que nos acaba de dar da ficha *Rir ás gargalladas* aparece tamén como *Rir ás carcaxadas* nun texto literario. É dicir, que o filtro é sempre necesario para ter unha certa garantía de que sexan xenuínas, porque en xeral este tema non se considera con suficiente atención. Pregunto agora á profesora de San Petersburgo se a fraseoloxía histórica —o feito de documentala e canto máis antigamente mellor— pode axudar xustamente a evitar estes riscos de incorporar barbarismos, de incorporar estranxeirismos, de incorporar iso, *Rir ás carcaxadas* ou outros similares que incluso —e agora xa termino con isto— incluso pasar estes tamén, os galegos, os de procedencia galega, polo filtro destas persoas que os haberían de puntear, tamén podía ser que estas persoas punteasen os castelanismos, porque os utilizan ou porque os oíron ou porque están incorporados dende hai cen anos. Ben, é o tema da autenticidade, da enxebreza. Todos sabemos que os repertorios, por exemplo casteláns, están cheos de préstamos collidos primeiro a partir de Hernán Núñez que aínda declaraba a procedencia, pero logo Gonzalo Correas non declarou nunca a procedencia e incorporounos todos, galegos e portugueses, ou cataláns e franceses, ó acervo refraneiro español. E moitas veces quedaron incorporados ó diccionario da Academia sen pasa-lo filtro. Nós non podemos correr ese risco, ó dicir nós refírome os que estamos en proceso de revitalización e dignificación das propias linguas.

X. FERRO

En canto ó Diccionario de Fraseoloxía Galega eu teño que dicir que cando se me deu a oportunidade de escolle-las persoas que colaborasen comigo, a primeira condición era que tiñan que ser falantes, falantes nativas e así o son. E ademais todas tres dunha notable riqueza fraseolóxica que lles vén do ambiente familiar. Foi

a primeira condición que eu puxen e a primeira condición que na selección tiven en conta. En segundo lugar, a experiencia vainos demostrando que o exceso, o afán de engrandecer unha colección leva moitas veces ó contrabando. Verbo do que dicía de Hernán Núñez, hai exemplos claros. En 1555 Hernán Núñez introduce uns 130 refráns galegos coma estes: *Do demo a todos, dixo o que andaba cos lobos.* Cen anos máis tarde Gonzalo Correas xa os elenca como casteláns de pura cepa, omitindo que o *Dódemo* é fraseoloxismo galego, moi común aínda hoxe, mentres que *Dó al diablo* en castelán será, como moito, un arcaísmo, se é que algunha vez tivo uso real. O caso é que o carácter acumulativo dos refraneiros escritos das linguas do Estado fai que o que unha vez entrou, aínda que sexa de contrabando, xa nunca saia do libro, mesmo se ninguén o usa. Este carácter acumulativo non serve de nada e o curioso é que cando unha colección é realmente grande un atopa, de cando en vez, evidencias dese contrabando. E todos podemos caer na tentación. Na consulta alfabética ó fondo fraseolóxico do CIRP vese que *carcaxadas* só o di un informante e o curioso é que neste caso se trata dun dos escritores de maior riqueza fraseolóxica, Enrique Labarta Pose. A valiosa colección fraseolóxica do diccionario de Eladio Rodríguez contén, por veces, material sospeitoso. Recordará que nunha das sesións de traballo dixemos que unha das cousas nas que estamos pensando é a posibilidade de prescindir daquelas entradas sospeitosas e das que non teñamos máis ca un exemplo. De todas formas, o noso sentido de falantes nativos fainos ver que ás veces unha expresión da que non temos máis ca unha cita e por azar, pode ser auténtica porque, en canto se lle pregunte a alguén, di "Ah, claro iso dicímolo todos", e efectivamente dise. Estou de acordo en que efectivamente o contrabando fraseolóxico non serve para nada.

M. KÓTOVA

En canto a incluír no diccionario fraseolóxico os proverbios e os refráns que supoñemos que son de procedencia estranxeira, penso que este problema ten dúas caras. Claro que os estudios de fraseoloxía histórica poden contestar á pregunta sobre a procedencia de tal ou cal refrán. Pero a pesar diso, en varias linguas podemos atopa-los fraseoloxismos co mesmo contido e cos mesmos compoñentes, que poden ser resultado dos procesos psíquicos e físicos que son comúns para toda a humanidade. Pero se estes fraseoloxismos e eses idiomatismos xa están fixados no uso, xa teñen todo o dereito a seren incluídos en calquera diccionario fraseolóxico, coma calquera outra unidade fraseolóxica. Aclaro que isto é posible soamente nos casos nos que podemos atopa-los seus empregos na literatura, nos xornais, na fala.

A. NOGUEIRA

No meu caso, por exemplo, a miña actitude foi relativamente simple. ¿En que medida a frecuencia é un criterio de escolla ou rexeitamento? No meu caso, moitas das locucións que eu adoptei tiveron só unha fonte, mais era unha fonte de auténtica autoridade. Eu non tiven dúbida ningunha en inserir expresións idiomáticas que encontrara, por exemplo, en Camilo Castelo Branco ou en Aquilino Ribeiro ou no Padre António Vieira. Eles son para min autoridades suficientes para incluílos, mesmo que a frase, a expresión aparecera só unha vez. O outro criterio foi se esa expresión era de feito unha expresión significativa, se era unha expresión cunha mínima circulación e se era reveladora da imaxinería ou da capacidade creativa da lingua. Se era e se tiña só unha autoridade e aparecía unha vez, se viña dun escritor dese calibre, non tiven a menor dúbida nin o menor pudor en incluíla.

A. ZULUAGA

Ben, unha observación. A exposición da profesora Mellado reconcilioume coa dicotomía centro e periferia e por iso quero volver sobre ese tema para rectificar en parte, ou mellor dito, matiza-la observación que eu fixera antes. Se se destaca así, non só graficamente, senón como ela o fixo, o aspecto fundamental da gradualidade dos feitos da linguaxe, esa presentación radial que ten tamén non só centro e periferia, senón a matización de gradualidade, paréceme excelente e estou totalmente de acordo, aínda que a dicotomía mesma centro e periferia paréceme un

pouco antipática polo emprego que tiña, que tivo e que aínda serve na teoría da dependencia: centro Madrid, periferia Cataluña ou centro Madrid, periferia Galicia. Feita a representación así é moi diferente. Ben, podería agregarse algún aspecto máis. A definición que dá Dobrovol'skij neste momento encaixaría moi ben con esa representación. El emprega o concepto de Wittgenstein de "parentesco familiar". Hai un listado de trazos: irregularidade, isomorfismo ou non isomorfismo, transparencia, opacidade, etc., etc. E as unidades entón non se definen por clases con fronteiras tallantes, senón que algunhas teñen algúns deses trazos en maior ou menor grao e entón isto responde tal vez mellor á intuición do falante e pertencen á mesma familia por diferentes graos e por distintos trazos.

Á profesora Marina Kótova, se me permite, unha observación. Sempre se insistiu moito en que a fraseoloxía rusa parte de Bally e aquí para a parte occidental dende os anos 40, finais dos 40 con Isac[illegible]enko e Andrievska presentáronnos as clasificacións de Vinográdov. Pero resístome moito a crer que non coñeceran a Hermann Paul, de finais do século pasado, 1880. Ten non só as dúas grandes distincións fundamentais nestes estudios, a fixación (el fala de formas fixas, *stehende Formel*, ou de *Feste Verbindungen*, unións fixadas, etc.), senón que tamén fala da idiomaticidade como "escurecemento do significado". E dá unha serie de exemplos e analízaos, ademais de que mostra certas anomalías transformacionais, gramaticais e sintácticas. Eu creo que a ensinanza de Hermann Paul non debeu ser soamente a través de Bally. Paréceme que é importante mencionalo. Eu creo tamén que é bo destaca-lo feito de que a fraseoloxía rusa aproveitou moitísimo a Julio Casares. Os rusos tiñan dende os anos 50 unha traducción de don Julio Casares. E, de paso, outra pequena observación —e perdoa se falo moito tempo pero estoume reprimindo eu mesmo para non estenderme— houbo unha influencia enorme e vostede mesma terá oído como se mencionou a Mel'c[illegible]uk aquí, en toda esta semana. O artigo de Mel'c[illegible]uk de 1960 sobre idiomaticidade e fixación contribuíu enormemente a despexar unha serie de traballos dende o punto de vista teórico e metodolóxico. E tivo unha influencia enorme. Moitas gracias.

M. KÓTOVA

Gracias pola súa pregunta. Quero dividir en tres partes a miña resposta. Na primeira parte quero agradecer por menciona-lo nome do científico alemán Paul, porque a falta de referencia ós traballos deste científico é unha lagoa grande no coñecemento dos fraseólogos rusos. Tradicionalmente a fraseoloxía rusa considera como o seu inicio os traballos de Charles Bally. O máis importante para os fraseólogos rusos dos traballos de Charles Bally é a comparación do significado das unidades fraseolóxicas e das palabras. E ás veces el di que a semántica, o significado dun fraseoloxismo...

[...]

...non menciona-los traballos de Casares. Pero iso non significa que non me dea conta da importancia, de cómo influíu o diccionario ideográfico de Casares no desenvolvemento da fraseoloxía rusa. A traducción do seu libro publicouse en Rusia nos anos 50, pero nas últimas décadas os seus traballos adquiriron máis importancia, porque nas últimas décadas o desenvolvemento da fraseoloxía rusa baséase nun principio ideográfico. En canto ó traballo de Mel'c[illegible]uk que foi publicado no ano 60 na Revista *Voprosy Jazykoznanija* "Problemas da lingüística", a importancia do seu artigo é moi grande. Pero paréceme un enigma que despois dese traballo de Mel'c[illegible]uk, que foi publicado alí, non se coñeza ningún outro traballo dos fraseólogos rusos. Claro que as súas ideas foron desenvolvidas nos traballos dedicados á semántica fraseolóxica nos estudios rusos dedicados a este tema. E claro que agora os fraseólogos rusos nos seus traballos falan da diferencia, os traballos, os estudios que seguiron o camiño aberto por Mel'c[illegible]uk. A súa teoría xa está ben elaborada polos seus seguidores. En primeiro lugar quero menciona-la monografía de V. N. Telia, as monografías de Z[illegible]ukov, un fraseólogo de Nóvgorod, as monografías de Melirovich, fraseólogo de Kostroma e moitos outros. Gracias.

F. J. HAUSMANN

Desgraciadamente, vai ser difícil, eu fago unha pregunta en francés... En fin, probemos. Para retoma-lo tema, hai que entender que en Hermann Paul e en Casares, falta un pouco de interese na óptica da fraseoloxía rusa, na medida en que non ofrecen, polo que eu sei, unha teoría, aínda que sexa pouco elaborada das colocacións, soamente das locucións. Mentres que Bally identificou moi claramente as colocacións, ou en todo caso o que eu chamo colocacións; hai outro termo. Así pois, Bally é máis completo neste dominio. Pero permítaseme preguntarlle á colega rusa cómo se fai a lexicoloxía ou a lexicografía de colocacións en ruso. Eses diccionarios, se existen diccionarios de colocacións, ¿distinguen ou coñecen unha xerarquía da colocación, distinguen entre base e colocativo? ¿E en que medida eventualmente esta lexicografía especializada enriquece ó mesmo tempo os diccionarios xerais en materia de colocacións, ou hai máis ben unha separación, un reparto de nivel? É unha pregunta que se podería facer tamén no concernente ás locucións, mais sería moi longo, así pois concéntrome nas colocacións. Sabendo que eu non vou probablemente entende-la resposta, pero vostedes tal vez.

M. KÓTOVA

Gracias pola pregunta. Ben, o problema da colocación é o máis grave na fraseoloxía rusa. Dende o punto de vista da fraseoloxía no senso amplo as colocacións deben incluírse nos diccionarios fraseolóxicos. Pero na realidade, cando se fan os diccionarios fraseolóxicos, adóitanse excluí-las colocacións. Existen diccionarios breves de colocacións da lingua rusa, pero a descrición máis detallada podemos atopala nos diccionarios xerais da lingua rusa, así como nos diccionarios experimentais e nos diccionarios dedicados á linguaxe dun escritor. Entre eles podemos mencionar varias edicións dos diccionarios dedicados á linguaxe de Gorki. Nos diccionarios da lingua rusa xeral ou nos diccionarios da linguaxe dun escritor, no artigo dedicado ó significado dunha palabra cítanse estes significados da palabra con certas marcas. Por exemplo, no diccionario da linguaxe de Gorki que se fai na Universidade de San Petersburgo utilízase como marca un signo en forma de ángulo. Ás veces poñen a explicación do fraseoloxismo ou soamente este signo indicando o uso fixo desta locución. No primeiro caso indícase a combinación fraseolóxica segundo a clasificación de Vinográdov. Como sabemos, nas combinacións fraseolóxicas un compoñente ten o significado que depende de todo o complexo, e claro que estas expresións esixen a explicación do seu significado. Sen embargo, as locucións que levan este signo de ángulo pero que non teñen explicación do seu significado, entón teñen o significado contido que se compón do significado das palabras que o forman. Así que estas locucións representan o grao máis baixo da cohesión fraseolóxica. Polo tanto, é bastante difícil incluílas no campo da fraseoloxía.

X. Mª GÓMEZ

É unha pregunta dirixida ó profesor Leonel Ruiz. Quería saber no diccionario que nos acaba de presentar, ¿que marcas de rexistro ou de estilo definiron nese diccionario? Creo lembrar que aparecían marcas de **coloquial**. Quería tamén preguntarlle qué importancia teñen as marcas de estilo nun diccionario de fraseoloxía e tamén lle quería preguntar se no español de Cuba hai realmente problemas para a adscrición desas marcas de rexistro ás diferentes locucións, os mesmos problemas quizais que teñamos nós aquí en Galicia á hora de decidi-las nosas propias.

L. RUIZ

Moi interesante a pregunta que fai o profesor, pero a pregunta non vai dirixida a min. Vai dirixida á doutora Tristá que é a autora da parte lingüística, así que pásolla a ela.

A. Mª TRISTÁ

Ben, eu creo que ó igual que no galego ou en case tódalas linguas que estamos

traballando, as marcas ou os rexistros estilísticos son importantes e as dificultades creo que deben ser máis ou menos as mesmas. É dicir, hai unha grande diversidade de criterios e un trata de busca-lo criterio dos máis para atopar un, que pode ser que sexa o certo. Pero, por exemplo, nós temos moitas discusións sobre iso, sobre como..., ben as tabuizadas coñecémolas. Esas son fáciles. As vulgares máis ou menos, porque non a todo o mundo lle soan vulgares algunhas. Pero, de todas maneiras, por exemplo as de nivel literario son dunha discusión tremenda, porque todo depende do nivel da persoa á que un lle pregunta e o familiarizada que está con esa locución ou con esa combinación. En fin, que eu creo que non é nada fácil e ademais o resultado sempre vai ter problemas, sempre vai haber xente descontenta co resultado, pero hai que dar un. E despois que se edite, que diga a xente se si ou se non, e acéptanse proposicións.

MARIBEL. GONZÁLEZ

Retomo precisamente a mesma cuestión, porque creo que vin nese elenco estilístico a palabra **despreciativo**.

L. RUIZ

Despectivo.

MARIBEL GONZÁLEZ

Ou **despectivo**, ben. Eu non sei se hai unha confusión aí entre o que se chama realmente estilística dende un punto de vista retórico. Porque si, hai figuras como a ironía que é unha cousa...

L. RUIZ

Humorístico.

MARIBEL. GONZÁLEZ

Humorístico, e o **despectivo** que para min é un valor pragmático, unha intención. Entón, eu non sei, baixo ese rótulo de estilístico hai unha confusión de valores. É dicir, estilístico retórico ou retórico estilístico, como os tres graos da roda de Virxilio, que se alto, medio e baixo cos seus matices: popular, familiar, vulgar, argótico, humorístico. Iso por unha parte, e logo figuras retóricas, como a ironía, que está rexistrado como figura retórica e logo o despectivo que para min é unha intención do falante de cara ó seu interlocutor, un valor pragmático. É dicir, vexo que non está nada claro.

A. Mª TRISTÁ

Ben, vostede lévame a min a descubrir un segredo. O problema disto é que Leonel e eu atopámonos aquí casualmente, que esta é unha versión primeira dun diccionario no que traballamos ou comezamos a traballar hai uns tres anos, que lle encargamos a Leonel que nos fixera o favor de face-lo programa e démoslle unha serie de datos que el, coa maior disposición fixo. Despois de ter traballado tamén en lexicografía en Alemaña, eu doume conta diso. E aquí estaba eu sentada tremendo, pensando que chegaría este momento; porque hai realmente unha serie de problemas tremendos (pero que neste momento e aquí en Santiago de Compostela, onde non tivemos tempo de nada e ademais non nos iamos poñer a facer iso) pois descúbroos, ben, non os descubro, sabía que existían, pero non lle podía dicir a el que os había, porque se non, non pode presentarse o DICFRAS. El responde polo programa, dá unha idea de como se pode facer un programa. Estas pequenas ou grandes cousas poden ser corrixidas, non creo que sexa un gran problema, de acordo co criterio lingüístico e científico. Pero o que el presentou é un deseño de programa.

MODERADOR

Está ben. Pois, Cuba tivo a última palabra neste coloquio e imos proceder á

clausura do Coloquio por parte do Director do Centro Ramón Piñeiro, que é o Director Xeral de Política Lingüística. Quero naturalmente da-las gracias a tódolos participantes neste último debate do Coloquio.

Acto de clausura

(en Xesús Ferro Ruibal (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía (1997)*
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; 321-325.
ISBN: 84-45321-67-6)

Presidente:	MANUEL REGUEIRO TENREIRO	*Director Xeral de Política Lingüística*
Participantes:	CONSTANTINO GARCÍA GONZÁLEZ	*Coordinador Científico do Centro Ramón Piñeiro*
	XESÚS FERRO RUIBAL	*Coordinador do Coloquio*

X. FERRO

Hai situacións que producen unha certa morriña e unha delas é cando se chega ó final dun encontro que foi enriquecedor e cálido. Penso que queda confirmado que este Coloquio foi máis un Coloquio de Fraseografía ca de Fraseoloxía. E necesitamos coloquios de fraseoloxía porque hai moitísimos temas que son previos ó traballo fraseográfico. Pero teño a esperanza de que, como aquí aprendemos moito, o Goberno Galego nos siga dando a confianza que nos deu para organizar con tódolos medios necesarios este Coloquio. Honradamente teño que recoñecer publicamente que non me negou nada do que lle solicitei e recoñezo que fun audaz pedindo.

É cedo para avalia-lo proveito que tiramos deste Coloquio. Pero estou certo de que algúns participantes, que viñeron explora-lo que pasaba no ámbito da fraseoloxía, decidiron aquí a súa vocación intelectual, porque esta é unha parcela nova e apaixonante. Algo se empeza a mover, tamén nisto, en Galicia. A mesa redonda foi a demostración de que, sen que se soubese publicamente, había moitas cousas que se estaban a facer ou que estaban xa feitas. E por falta de espacio quedou só aludido o traballo en diccionarios xerais realizado polo Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega, que estivo presente neste Coloquio con tódolos seus membros e a quen me van permitir que agradeza publicamente o seu rigoroso traballo lexicográfico. Aínda poida que nos quedase no tinteiro algo máis ós cinco que tivémo-la oportunidade de falar, polo que pido perdón.

En chegando o momento morriñento da despedida, teño que facer algunhas manifestacións de gratitude, xustas e necesarias. En primeiro lugar, teño que agradece-la colaboración entusiasta e sen mira-lo reloxo das tres persoas que comigo traballan no proxecto do *Diccionario de Fraseoloxía Galega*, María Xesús Anido Silvosa, Carme Lamela Villaravid e Clara Viqueira Liñares. Elas foron capaces de resolver múltiples problemas, que eu non daría resolvido; e é de xustiza que o diga porque a cordialidade dos presentes personalizou varias veces este Coloquio no meu nome e é inxusto. Cómpre saber que este Coloquio se organizou en tres meses: foi a mediados do mes de xuño cando nos empezamos a poñer en contacto con profesores de Cuba, de Alemaña, de Austria, de Rusia, de Portugal, do Reino Unido e de diferentes puntos de España. A xenerosidade dos convidados permitiunos que en tres meses todos estivesen aquí connosco. Polo tanto, a eles tamén a miña gratitude aínda que algo direi despois. Hai unha persoa que está na sala e que me defraudou —teño que dicilo— porque non fixo ningunha pregunta en público, sendo, como é, unha das persoas que máis saben de fraseoloxía en Galicia e a que me axudou a confecciona-lo programa con nomes e propostas de

conferencias. Tamén teño que agradecer a Maribel González Rey, que me axudou na correspondencia en francés co profesor Hausmann, que ben puido cata-la diferencia entre o meu francés escrito e o oral.

É certo que quen organiza un Coloquio internacional leva unha boa xeira de traballo, que non se ve. Por iso quero agradece-lo traballo da xente da administración do Centro Ramón Piñeiro, que podo personificar en Juan Porrúa, e que me tirou de diante con admirable eficacia unha inmensa cantidade de preocupacións de hoteis, billetes de avión, carpetas, diplomas e cousas polo estilo. Tamén é de agradecer.

Se Maribel González Rey estivo sempre cabo do profesor Hausmann, por orde miña, para que lle traducise canto el precisase; e se María Xesús Anido o fixo co profesor Hanks, Ekaterina Lossik fíxoo tamén coa profesora Marina Kótova. Ekaterina, universitaria de San Petersburgo que prepara a súa tese de doutoramento sobre o aspecto verbal na conxugación galega, estívolle traducindo todo á Dra. Kótova, non só durante as conferencias, senón nos coloquios, nos debates, nas comidas, nas viaxes, en todas partes, demostrando unha flexibilidade cerebral para pasar do ruso ó galego e do galego ó ruso que nos ten admirados. Ben mirado, fixo o Coloquio dúas veces, así que, señor Director Xeral de Política Lingüística, ímoslle ter que dar non un diploma de asistencia, senón dous. Ekaterina fala tan ben o galego, que probablemente xa debe fala-lo ruso con acento galego. Ás tres, a miña gratitude.

Se estes son os meus sentimentos coas persoas que cubriron o servicio de intendencia, boten de conta cál é a miña gratitude cos profesores que nos viñeron ofrece-la súa ciencia e maila súa experiencia. Xa llela manifestei, antes de marcharen, ós profesores Hanks e Corpas. Pero dáseme a oportunidade de manifestárllela publicamente ós profesores e profesoras que aínda están aquí para poñerlle o ramo a este Coloquio. Gracias Profesoras Conca i Martínez, Kótova, Mellado Blanco, Soto Arias e Tristá Pérez. Gracias profesores Calzacorta, Carbonell Basset, Gómez Clemente, González García, Hausmann, Martínez Marín, Nogueira Santos, Ruiz Miyares e Zuluaga Ospina. Estudiaremos con esmero as súas intervencións, porque esta semana foi para nós un intenso tirocinio, no que, coa luz e a forza da súa experiencia, nos clarexaron dúbidas e nos abriron camiños.

Pero hai algo especial que nós, como persoas comprometidas coa nosa lingua, temos que agradecer especialmente, porque é un agasallo suplementario que nos fan: todos eles aceptaron que as conferencias e os diálogos deste Coloquio aparezan publicados en galego cun resumo inicial en inglés e na lingua en que se deu a conferencia. A lingua galega está loitando por abrirse camiño no ámbito da vida non estrictamente doméstica, informal, senón na vida formalizada e, polo tanto, que as Actas deste congreso saian integramente en galego, con eses resumos que acabo de dicir, é un regalo que lles temos que agradecer en nome de todos. Queda aquí o noso compromiso de abri-lo ano 1998 con esa edición.

Xa non me queda máis que anunciarlle ó Goberno galego, aquí representado por Don Manuel Regueiro Tenreiro, que despois da xenerosidade con que acolleu a miña proposta de Coloquio, vou ousar pedir máis. Vou pedi-la creación dunha *Biblioteca galega de fraseoloxía*, na que teñan cabida fundamentalmente obras rusas non traducidas a ningunha lingua occidental e a celebración dun segundo Coloquio Galego de Fraseoloxía.

Desexo que todos vostedes teñan unha feliz viaxe de retorno. Espero que leven desta nosa Galicia un recordo feliz e cálido e desexamos volvelos a ver aquí outra vez. Quero escolle-la lingua de alguén de vostedes para me despedir. Vou intentar dicilo na lingua da profesora Kótova: *Bolshoe spasibo za sotrudnichestvo*. Supoño que non o pronunciei moi ben, pero en ruso quixen dicir: Moitas gracias pola súa colaboración.

C. GARCÍA

Ilustrísimo Señor, Profesoras e Profesores, amigos todos.

O amigo Suso Ferro, coordinador deste Coloquio, quitoume a palabra da boca e dixo todo o que eu pensaba dicir. Incluída a gratitude ós que traballan na sombra en cuestións de intendencia, como Juan Porrúa.

Estou feliz, porque debo confesar que, ademais do que vexo por min nos traballos, gústame confesa-la xente e percibín que as persoas que estaban aquí como estudiantes ou como relatores estaban contentos de como ía resultando este I Coloquio.

Dende o meu punto de vista foi unha sorte que estivese en obras o Centro Ramón Piñeiro e que non puidesemos ter alí os actos, como inicialmente estaba previsto, porque isto permitiunos traballar no centro desta cidade cargada de historia e arte e nun edificio de evidente nobreza, como o do Instituto Rosalía Castro, a quen lle agradezo a hospitalidade.

Gustaríame que dentro de dous ou tres anos volvesemos repetir esta reunión: é a mellor proba de que foi interesante o Coloquio e de que vai marcar un relanzamento dos estudios fraseolóxicos e fraseográficos en Galicia. Así que, moitas gracias a todos, relatores, participantes e organizadores, e moitas gracias, señor Director Xeral pola súa colaboración.

M. REGUEIRO

Prefería, señores Profesores, queridos amigos, non facer unha clausura protocolaria, senón algo máis amigable. Debo agradece-la hospitalidade deste magnífico Instituto, ó que quizais lle falta, para ser perfecto, o aire acondicionado, aínda que entre nós non son frecuentes setembros calorosos coma este.

Agradecido o marco, teño que agradece-lo intenso traballo do equipo que coordinou o amigo Xesús Ferro Ruibal, a quen eu coñezo dende a nosa adolescencia, e por iso me custa traballo chamarlle profesor Ferro, aínda que o é. Teño que expresa-la satisfacción que sentimos na Consellería pola celebración deste Coloquio, porque heilles de confesar agora que eu era un dos escépticos ante a pretensión de organizar e realizar en tres meses o que habitualmente leva máis tempo. Estamos felices de ter conseguido a participación de tantos e tan sinalados profesores e alumnos.

Gustaríanos devolverlle ó pobo galego, pero xa en instrumentos de estudio e de traballo ben codificado, como se dixo aquí, este caudal de riqueza fraseolóxica. Porque como vostedes saben, e agora xa falo de Política Lingüística, unha das críticas —inxustas, dende o meu punto de vista— que o falante común lle fai á norma estándar é que, se ben representa un punto de encontro e un óptimo equilibrio entre as diferentes falas locais, parece que se esmerou máis nos aspectos morfosintácticos e léxicos e que esqueceu un pouco a fraseoloxía, que é a vida da lingua. A fraseoloxía pode ser un instrumento moi útil para achega-lo galego estándar á fala viva nos diversos rexistros. Polo tanto, este estudio é importante. É importante estudia-la forma de lle devolver todo iso ó pobo e, por iso, é importante que esa conexión de saberes, que se deu aquí, poida continuar.

Non é ningún segredo que dentro dun mes hai eleccións ó Parlamento de Galicia, que decide un Parlamento e que polo tanto decide un goberno. Polo tanto, profesor Ferro, vostede pide. E as *Actas* —Juan Porrúa dirame que supón que si, que teremos uns pesos previstos para deixalas xa comprometidas— podemos contar con elas. Iso está feito. Pero hai eleccións polo medio e eu non podo prometer nada do que fará o próximo Goberno Galego. Razoablemente podemos pensar —agora que se fala xa moito da intelixencia emocional, do que Xabier Zubiri chamou *intelixencia senciente*—, razoablemente podemos pensar, digo, que estes estudios debían continuar, sexa o goberno que sexa, do tipo que sexa —e deixémoslle liberdade ó pobo galego para que elixa o que lle apeteza e lle guste. Debían continuar este tipo de investigacións e traballos, porque son necesarios. Polo tanto, eu confío, desexo e expreso a miña vontade de que así sexa. Quero facer referencia a que na mesa redonda anterior falaban de que eran proxectos, que era coma unha

manifestación de intencións, naturalmente. Toda a intelixencia é intencional. Entón, todo o futuro ten que ser intencións, pero de intencións faise o futuro e constrúese o presente. Entón é necesario continuar con isto.

Para a Consellería de Educación é un motivo de orgullo te-lo Centro de Investigación Ramón Piñeiro e ter nel os equipos de investigación que temos. As persoas que estean traballando en fraseoloxía en Galicia ou fóra de Galicia saben, como dixo varias veces Xesús, que en Galicia, ademais dos Centros de investigación lingüística que xa coñecían e dos que estamos orgullosos os galegos, poden contar agora tamén co Centro Ramón Piñeiro. O importante é que se estudie cada día máis a nosa lingua, a nosa literatura, a nosa cultura e confío, espero e desexo que o Goberno de Galicia seguirá apoiando este tipo de proxectos. Insisto en que digo que *confío, espero e desexo*, non para eludir un compromiso, senón porque o pobo galego ten que falar dentro dun mes e non quero condiciona-la actividade de ninguén previamente. E como din por Lugo ¡madia leva!, agora temos que terminar, Santiago é sempre o final dun camiño. Gustaríanos que este final fora principio tamén de novas colaboracións, que permitan outro Coloquio, dentro de dous ou tres anos.

Reitero a gratitude da Consellería a todos vostedes e a continuación entregarémo-los diplomas de participación.

Queda clausurado o Coloquio.